CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES



As imaxes da lingua rusa

ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía

Valerii Mokienko

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Director Xeral de Política Lingüística
MANUEL REGUEIRO TENREIRO
Coordinador científico
CONSTANTINO GARCÍA
Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico cillrp@cirp.es
http://www.cirp.es

Autor VALERII MOKIENKO
Título ***As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.***
Título orixinal ruso
Образы русской речи. Историко-этимологические и этнолингвистические очерки фразеологии.
Lugar e ano de edición rusa
Leningrado, 1986

Equipo que elaborou a versión galega
EKATERINA LOSSIK (traducción)
Mª CLARA VIQUEIRA LIÑARES (revisión galega)
MAITE VEIGA DÍAZ (índices)
XESÚS FERRO RUIBAL (coordinación)

ISBN 84-453-2738-0
D.L. C-130/2000

Imprime
euroGráficas pichel, sl

Distribúe
Editorial Galaxia
Reconquista 1, 36201 Vigo
Tfno. + 34 986 432 100

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Valerii Mokienko

As imaxes da lingua rusa

ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía

XUNTA DE GALICIA
2000

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por medio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades asumiu o impulso da investigación nunha parcela insuficientemente explorada da lingua galega, como é o campo da fraseoloxía. Alí o profesor e académico Xesús Ferro Ruibal abriu catro liñas de traballo: construcción dunha sólida base de datos fraseolóxicos galegos que nos ha permitir restaura-la riqueza estilística da nosa lingua coa ferramenta dun *Diccionario de Fraseoloxía Galega*, os *Coloquios Galegos de Fraseoloxía,* os *Cadernos de Fraseoloxía Galega* e as traduccións de obras de fraseoloxía rusa.

Esta última liña de traballo, que hoxe ve a luz coa publicación desta obra do profesor Valerii Mokienko, *As imaxes da lingua rusa*, e do seu manual *Fraseoloxía eslava*, é moi esperanzadora non só para o avance dos estudios fraseolóxicos galegos, polas razóns científicas que Ferro Ruibal expón na súa presentación, senón tamén para a consolidación da nosa lingua galega como vehículo científico xa que se trata de obras das que non hai traducción a outras linguas de Occidente e que, polo tanto, terán algunha circulación na versión galega máis aló das fronteiras de Galicia.

Como Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria agradézolle ó profesor Mokienko tódalas facilidades dadas para levar a cabo esta versión e tamén a súa estreita colaboración co equipo de traducción, desprazándose mesmo a Compostela para unha intensa semana de traballo que enriqueceu esta traducción. Felicito tamén o equipo que afrontou o traballo certamente arduo de verter na nosa lingua un libro ateigado de fraseoloxismos e dos que moitas veces consegue da-la versión galega. Esperamos todos así servi-la comunidade científica internacional e impulsa-lo coñecemento da nosa lingua.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ÍNDICE XERAL

AS IMAXES DA LINGUA RUSA: UN ESTÍMULO PARA OS FRASEÓLOGOS GALEGOS 9

PRÓLOGO Á EDICIÓN GALEGA 21

PREFACIO 17

1. O ALLEO APROPIADO E O PROPIO ALLEADO 25

O NACIONAL E O INTERNACIONAL NA FRASEOLOXÍA 25
1.1. ¿Ab ovo ou Dende o fogar? 25
1.2. Dende o fogar ata o banco 31
1.3. O touro con cornos, o vermiño matado e o café á moscovita con *leite de paxaro* 37
1.4. A historia do pobo, a historia da lingua e as pseudohistorias fraseolóxicas 53
1.5. ¿A praza Ivánovskaia ou a forza ivánovskaia? 68
1.6. Nabo estufado, quitar do ábaco e nacer de pé 82

2. O COMPRENSIBLE NO INCOMPRENSIBLE E O INCOMPRENSIBLE NO COMPRENSIBLE 97

AS PALABRAS E OS SIGNIFICADOS ESCUROS NA FRASEOLOXÍA 97
2.1. Otsux kaibas, abzug e bekren 97
2.2. Ficobilinas, kubra, kondra e glokaia kuzdra 103
2.3. Strukusi e debr kisaniu 107
2.4. *Воочию* (voochiu) e *восвояси* (vosvoiasi) 115
2.5. *До самого тла* (do sámogo tla) 'Totalmente, de vez' 125
2.6. *Начеку* (nachekú) e *насмарку* (nasmarku) 131
2.7. A gatas, de costas e en crequenas 136
2.8. Ras con ras 147
2.9. ¿Kixa kimxit ou kixmia kixit? 153
2.10. ¿Encadernación ou pesqueira? 164

2.11. Debaixo do caparucho alleo e non no seu prato 174
2.12. A regularidade irregular ou a actualidade do inactual 185

3. O PAGANISMO NA LINGUA 189

3.1. AS IDEAS MITOLÓXICAS E A FRASEOLOXÍA 189
3.1.1. O corvo, Deus e un anaco de queixo 189
3.1.2. Deuses, ídolos, imaxes e tótems 196
3.1.3. O principio divino da fin pagá 204
3.1.4. Derrubamento das imaxes e degradación dos ídolos 218
3.2. AS SUPERSTICIÓNS E A FRASEOLOXÍA 232
3.2.1. Os trasnos e os rabudos 232
3.2.2. ¿En fin, que demo necesitamos? 242
3.2.3. ¿En que se apoia o mundo? 268

4. UNHA BOA PALABRA E O CONTO DO BECERRO BRANCO 281

O FOLCLORE RUSO E A FRASEOLOXÍA 281
4.1. Os lugares comúns e non comúns do folclore 281
4.2. ¿Dunha vez eran? 287
4.3. O cangrexo que asubía, o bairam ruso e o galo que pon ovos 291
4.4. Os ríos de leite, as perdices asadas e o tsar Gorogh 299
4.5. A moza rubia, a luz branca e a auga viva 304
4.6. O pan, o sal e o lume olímpico 314
4.7. *Гоясы* (Goiasi) e o conto do becerro branco 324
4.8. A herba silenciosa, a incorrección correcta 336

ÍNDICE DE FRASEOLOXISMOS CITADOS 349

BIBLIOGRAFÍA 373

As imaxes da lingua rusa
un estímulo para os fraseólogos galegos

1. Nacemento da fraseoloxía e fraseografía galega

Os estudios de fraseoloxía, que neste final de milenio empezan a proliferar entre os novos filólogos de Occidente, teñen en Galicia unha crecente vitalidade, tanto nas tres Universidades galegas, coma no Centro Ramón Piñeiro.

Complementando o que están a face-las Universidades de Santiago, de Vigo e mais da Coruña, este Centro asumiu a responsabilidade de crear unha base de datos fraseolóxica galega en soporte informático: para iso activou a recolla de material fraseolóxico vivo e tratou de reunir todo canto outros investigadores xa recolleran pero anda disperso en traballos publicados ou inéditos. Con ela estase empezando a construí-lo *Diccionario fraseolóxico galego*, do que non tardarán en empezar a aparecer en libro e en rede os primeiros resultados.

Simultaneamente este Centro creou a *Biblioteca Fraseolóxica Galega*, que iniciou as imprescindibles reflexións teóricas sobre fraseoloxía coa realización do *I Coloquio Galego de Fraseoloxía* e a publicación das correspondentes actas [1], coloquio que vai ter continuidade no *II Coloquio* no ano 2001.

Dentro desta colección creou tamén os *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, destinados a editar traballos inéditos de fraseoloxía que recollen materiais dunha determinada bisbarra, e dos que están a saír os dous primeiros números: *Fraseoloxía do mar na Mariña Luguesa*, de Paco Rivas, e mais un *Refraneiro galego* inédito, de Taboada Chivite. Esta colección ofrécelles a tódolos recompiladores de fraseoloxía galega a

[1] CENTRO RAMÓN PIÑEIRO: *I Coloquio Galego de Fraseoloxía. Actas.* Xesús Ferro Ruibal (coord.). Santiago de Compostela 1998

publicación do seu traballo inédito a cambio do dereito a incluír estes materiais na base de datos deste Centro que no seu momento será pública.

2. A URSS, adiantada nos estudios fraseolóxicos

O libro que agora presentamos abre outra liña de publicacións fraseolóxicas. É ben sabido que a antiga Unión Soviética non tiña unha lingua oficial única e iso provocou durante moitos decenios un intenso traballo de traducción das linguas dunhas repúblicas ás das outras e fixo aparece-lo inevitable problema práctico da traducción dos fraseoloxismos. Pode ben ser que isto explique que os lingüistas soviéticos, comparados ó resto dos lingüistas europeos, adiantasen en varios decenios tanto a redacción de diccionarios fraseolóxicos coma a reflexión teórica verbo deste problema. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades pretende ofrecer a Galicia e ó resto dos fraseólogos occidentais unha serie de traduccións de obras teóricas da fraseoloxía rusa descoñecidas en Occidente.

Iniciamos esta tarefa co traballo arduo pero estimulante de traducir unha obra do profesor Valerii Mokienko, profesor na Universidade rusa de San Petersburgo e da alemana de Greifswald.

Valerii Mokienko é unha autoridade na materia, avalada pola publicación en Rusia e en Alemania de máis de cincocentos traballos, e forma parte dunha universidade coa que o Centro Ramón Piñeiro mantén unha boa colaboración: lémbrese que a profesora Marina Kotova xa deu unha conferencia en Galicia sobre a fraseoloxía soviética (no *I Coloquio Galego de Fraseoloxía*), que a profesora Helena Zernova converteu xa en éxitos editoriais as traduccións rusas dalgunhas obras da literatura galega; e que nesa Universidade funciona un activo *Centro de Estudios Galegos* no que os alumnos rusos acadan un bo dominio da lingua galega, como se demostra nesta traducción feita pola profesora Ekaterina Lossik coa nosa colaboración.

3. A fraseoloxía diacrónica

¿A que cuestión pretende dar resposta este libro *As imaxes da lingua rusa?*

Poñamos un exemplo. En diferentes linguas existe a locución *Coger el toro por los cuernos, Prendre le taureau par les cornes, To take the bull by the horns, Den Stier an den Hörnern packen, Prendere il toro per le corna*. Algúns filólogos, coma os da casa Larousse, que seguramente nunca se achegaron a un boi bravo, explican que é a forma máis efectiva de inmobilizalo: non pensan así os nosos paisanos nin os veterinarios, que, cando o precisan facer, ben para mirarlle a idade nos dentes, ben para calquera acción terapéutica, cólleno polas ventas do nariz apertando ben (e, por certo, en ruso existe a locución *Водить за нос Levar a un polo nariz* 'dominar a outro con engano'). Outros filólogos, para explicaren ese fraseoloxismo paneuropeo, botan a súa mirada cara a

España, patria tópica das corridas de touros: pero o caso é que nas corridas de touros españolas, polo menos no regulamento actual, nunca o *torero* colle o touro polos cornos; en cambio, iso fano os *forcados* portugueses nas súas *touradas*, nas que non matan o animal senón que xogan precisamente a inmobilizalo colléndoo entre moitos *forcados* polos cornos. ¿Nace a devandita expresión paneuropea dos forcados portugueses? Parece raro, porque o ritual estendido por América e mesmo polo sur de Francia é o español, non o portugués. ¿Houbo en tempos corridas en España nas que se inmobilizaba o touro colléndoo polos cornos, antes de imporse o cruento ritual actual? Hai algúns indicios de que en Galicia non se mataba o animal; pero nós non sabemos se ese foi tamén en tempos o rito vixente en Castela, Andalucía ou en Navarra e é verosímil que os falantes europeos, tampouco o saiban: así que, poida que debamos busca-la orixe deste dito noutro lugar.

¿El virá do antiquísimo e universal hábito gandeiro de botarlle a corda ós cornos para poñe-lo animal ó xugo e a clave estará en linguas nas que *taureau / bull / Stier / toro* significaba –ou aínda significa- tanto o bovino enteiro *(touro)* coma o bovino capado *(boi)* que é o que se pon ó xugo, exactamente igual, pero á inversa, do que acontece no galego, no que un e outro se denominan *boi?*

Velaí, enunciado, o problema da fraseoloxía diacrónica ó que pretende dar resposta o *método da modelación semántico-estructural* do Dr. Mokienko.

Poñamos aínda outros exemplos. ¿De onde vén que digamos *¡Vai chorar a Cangas! Ir a Noia* ou *Vai coma un rei nunha cesta*? A primeira tentación é a etimoloxía popular, inxeniosa, transparente. Habitualmente explicamos que o de *chorar en Cangas* ('queixarse de mais, valorar en exceso o propio traballo') ten que ver cos crimes cometidos en 1617 polos ocupantes de 18 barcos turcos e berberiscos que entraron na Ría de Vigo e co posterior pranto nos cabodanos en memoria de tódolos mortos. Pero, cando as cousas se analizan a fondo, cando se afronta o estudio das variantes dialectais, moitas veces descóbrese que o de *chorar en Cangas* ten continuacións distintas en Cambados, Tui e Pontevedra (*...que pagan e mais danche unha roupa de augas / ... e danche unha taza de caldo / ...que antes daban caldo e agora dan paus)* e que pode varia-la forma sen varia-lo contido semántico. Viceversa, *Ir a Noia* ('quedar a cero nunha partida de cartas') é moi común na provincia da Coruña, mentres que en Ourense dise *Ir a Allariz*: a cousa parece aclararse cando sabemos que as dúas expresións son sinónimas de *Quedar zapateiro* e que esa era unha das ocupacións típicas dos noieses e dos aliaricanos (un deses zapateiros ambulantes de Noia aparece na Estrada na novela *As aventuras de Alberte Quiñoi)*; sen embargo, queda por saber qué vinculación pode existir entre os zapateiros e a derrota estrepitosa nunha partida de cartas. O cura de Fruíme explícanos no século XVIII que *Vai coma un rei nunha cesta* ('vai moi ben, salvouse') procede de que os nenos abandonados que se recollían no Hospital Real de Compostela volvían en cestas de a catro ás aldeas da redonda de Santiago onde os criaban nodrizas asalariadas.

Ora ben, ¿que sucedería, se documentasemos o de *chorar en Cangas* antes da sonada invasión turco-berberisca de 1617? ¿Que sucedería se alguén atopase noutra lingua a mesma expresión do *rei na cesta*? ¿Como establecer de onde procede a creación inicial?

Velaí de novo outros problemas da fraseoloxía diacrónica, unha disciplina inédita entre nós e serodia mesmo entre os lingüistas rusos, bielorrusos e ucraínos, como recoñece Valerii Mokienko no prólogo á edición galega, cando di que a lingüística deu creado métodos fiables para o estudio diacrónico tanto da gramática coma do léxico, pero non aínda para o estudio diacrónico da fraseoloxía.

Esta é unha das preocupacións constantes de Mokienko e a esta necesidade trata de responder dende 1973 co seu *método da modelación semántico-estructural.*

4. A fraseoloxía, espello do pobo que a crea e a usa

Mokienko cre nesta afirmación e chega a falar dunha nova disciplina: a *linguopaisoloxía.* Pero el mesmo di que non é doado atopa-lo que pode haber de autenticamente nacional e orixinal na fraseoloxía dun pobo: cómpre estudiar antes unha abundante mostra de variantes e facer unha minuciosa análise comparativa da fraseoloxía sinónima doutras linguas. Superpoñendo a fraseoloxía que dúas linguas teñen nun mesmo campo semántico, con frecuencia observamos tres zonas: unha zona A, que é exclusiva da lingua A; unha zona B, que exclusiva da lingua B, e unha zona C que é común ás dúas linguas. Só esta comparación, feita con rigor, nos pode descubri-la verdadeira dimensión da zona C, e, por exclusión, xebra-lo común (europeo ou universal fraseolóxico) e o verdadeiramente orixinal de cada lingua.

Porque, máis dunha vez, o que parecía un dito claramente nacional, resulta ser un insospeitado préstamo doutra lingua. Vamos a un caso. Moitos galegos teñen como enxebremente galega a locución *mata-lo bicho* que denomina ese chupiño de augardente que algúns homes toman ou tomaban pola mañá; sen embargo, esa locución e costume existe noutros países, dende o noso occidente atlántico ata a estepa rusa, o que nos obriga a pensar que son producto da irradiación dende algún deses países. Da mesma maneira, en Rusia todo o mundo tiña por enxebremente rusa a expresión *Meter nun caixón alongado* (‘adia-la tramitación dun expediente’, coma en galego *Poñerlle un croio ós papeis*); sempre se dixo que se orixinara no século XVII nunha fracasada iniciativa antiburocrática do tsar Alexei Mighailovich, Sen embargo Mokienko demostra que esa expresión xa existía daquela en checo e que unha e outra eran calco dunha expresión alemana documentada xa no século XVI.

Valerii Mokienko aventúrase no máis enigmático dos fraseoloxismos rusos e descobre nas formas áis antigas unha plena transparencia, un calco ou un préstamo. Adoita face-lo camiño viaxando na historia cara a atrás co que só no final se nos desvela o enigma que representa o fraseoloxismo actual. Mokienko neste libro traballa como un arqueólogo da fraseoloxía, que vai destapando capa tras capa para descubri-la primitiva cultura, sabendo ben que as capas se penetran ata se mesturaren. O obxectivo desta reconstrucción, como di o autor, é profundar na cultura e na vida cotiá do pobo que creou a lingua, comprende-la súa alma e filosofía.

Os que traballamos non só sobre o libro de Mokienko senón que tivemos ocasión de

traballar con el durante unha intensa semana de xullo de 1999, puidemos observar a satisfacción que lle producía descubrir que en linguas tan afastadas coma o ruso e o galego aparecen de cando en cando estructuras semellantes con idéntico significado. En moitos casos as longas conversas deses días acabaron converténdose, por deferencia do autor, en notas a pé de páxina desta versión galega.

Pero unha documentación escasa no espacio ou no tempo pódenos levar a tomar por nacionais de pura cepa fraseoloxismos que, ben mirado, poden ser préstamos doutras linguas. Nada máis fatuo ca montar un castelo teórico con pouca documentación. Por esa razón, o campo de traballo que abre ante os nosos ollos o profesor Mokienko é inmenso e a tarefa é apaixonante.

Este libro, *As imaxes da lingua rusa*, ofrécenos un método de investigación en funcionamento. A concepción teórica que este método ten detrás está desenvolvida polo autor no libro *Fraseoloxía eslava*, manual universitario que ve a luz en galego na mesma data nesta mesma colección.

5. Criterios desta edición

Os fraseoloxismos eslavos que aparecen no texto figuran da seguinte maneira: en primeiro lugar, o dito eslavo en caracteres cirílicos ou latinos, segundo corresponda; despois, a traducción literal en cursiva; e seguidamente, o significado figurado entre comiñas simples. O significado traslaticio exprésase, en función da claridade:

a) mediante un equivalente fraseolóxico galego

У них одни печки - лавочки (Снегирев, 1854: 197)	*Teñen os mesmos fogares e bancos* ‘Comen no mesmo prato’

b) mediante a súa definición

выйти сухим из воды	*saír seco da auga* ‘saír dunha situación difícil ou embarazosa sen danos nin pérdidas’

c) combinando as dúas posibilidades anteriores

быть под колпаком у кого-нибудь	*estar debaixo do caparucho de alguén* ‘traer debaixo do ollo a alguén’, ‘estar sometido á vixilancia atenta de alguén ó cometer unha imprudencia ou ó dar lugar a sospeitas’

Os refráns figuran na lingua eslava correspondente e en caracteres cirílicos ou latinos, segundo corresponda, seguidos, por seren autoexplicativos, só da traducción literal en

cursiva.

До 30 лет греет жена, после 30 - рюмка вина, а после и печь не греет	*Ata os 30 dáche calor a túa muller; despois dos 30, a copa de viño; e máis tarde, nin sequera a lareira.*

Nalgúns casos establécese nunha nota a pé de páxina unha comparación fraseolóxica ruso-galego autorizada e revisada polo autor.

Cando o fraseoloxismo forma parte dunha cita, aparece en cursiva o significado literal e entre parénteses rectas o significado figurado:

> —Creo que Müller nos ten a todos *debaixo do seu caparucho* [debaixo do ollo]. Primeiro esta estupidez co espía en Friedrichstrasse. E hoxe, aínda por encima, encontran a unha rusa co transmisor...

Os significados das palabras rusas que se analizan no corpo do texto van entre comiñas simples.

> É pouco probable que os rusos consideren incomprensibles, por exemplo, as palabras *козел* 'cabrón', *арестант* 'arrestado, preso', *ходун* 'a parte motriz do fol da forxa' ou *кочерга* 'atizadoiro'

Por outra parte, as citas van traducidas no corpo do texto, figurando a pé de páxina o texto orixinal (entre comiñas a cita, entre parénteses a obra da que procede).

Os títulos dos libros eslavos aparecen no corpo do texto traducidos ó galego. A pé de páxina vai a referencia en caracteres cirílicos. As referencias que responden ó sistema americano de citas mantéñense no texto en caracteres cirílicos, xa que estas aparecen desenvolvidas nun listado que aparece ó final do libro. A ortografía do orixinal consérvase en tódolos textos eslavos.

6. Atención ó dorso das lapelas deste libro

A propia experiencia permíteme albiscar que este libro pode supoñer para algún lector occidental unha dificultade adicional pola abundancia de textos en caracteres cirílicos. Nós procuramos familiariza-lo lector con estes caracteres ofrecendo no dorso das lapelas deste libro o alfabeto cirílico coas correspondentes regras de transliteración gráfica. Fixémolo no dorso, porque así o lector pode ter unha delas sempre aberta e consultala de maneira máis doada. Pasado o primeiro capítulo e tendo en conta o evidente parecido co alfabeto grego, do que non pode nega-la filiación, parécenos que o lector interesado poderá mesmo le-las palabras rusas, belorrusas ou ucraínas na súa grafía orixinal.

En calquera caso, cando se trata de palabras que teñen unha enorme frecuencia de aparición, a primeira vez aparecen transliteradas.

7. O traballo en equipo

Quero deixar constancia de que esta traducción é froito do traballo en equipo característico da nosa época e deste Centro de Investigación. O esforzo fundamental correspondeu á traductora Ekaterina Lossik, que estivo constantemente apoiada polo autor do libro e polo equipo que me honra coordinar, con especial dedicación de Mª Clara Viqueira Liñares, con colaboración tamén valiosa de Maite Veiga Díaz e con suxerencias da traductora Ekaterina Guerbek. Froito desta plural colaboración son, como xa dixen, as notas a pé de páxina que contén esta traducción e que se diferencian das poucas que contiña o texto orixinal ruso en que estas van precedidas da indicación **Nota do orixinal.**

Xesús Ferro Ruibal

As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.

Á miña profesora
Galina Alekséevna Lílich,

Prefacio

Este libro é a parte final da "triloxía fraseolóxica" pensada polo autor. No primeiro libro[2], destinado a todo tipo de lectores, tratábase, en forma divulgativa, da orixe dos fraseoloxismos rusos, da súa división semántica e das leis que rexen a unión das palabras nas locucións fixas. O segundo[3] foi escrito como manual para os estudiantes de filoloxía. Nel analizábanse, en primeiro lugar, os problemas da fraseoloxía histórica comparada, describíase a dinámica dos procesos de formación das locucións fixas nas linguas eslavas e amosábanse os métodos da súa análise etimolóxica.

O obxectivo do terceiro libro é mostrar como na fraseoloxía rusa se espella, na súa perspectiva histórica, a realidade extralingüística (sobre todo os elementos da cultura espiritual e material).

O problema "lingua e cultura" xa hai moito tempo que interesa ós lingüistas. As primeiras experiencias etimolóxicas dos gramáticos da antigüidade foron alentadas pola idea de reconstruí-la "verdadeira" noción da palabra, pola intención de descubrir detrás de cada palabra a imaxe "primitiva" dun obxecto ou fenómeno. A historia e a etimoloxía das locucións fixas sempre parecían ser máis prometedoras, porque a unión das palabras xa é un enunciado continuo, unha imaxe máis ou menos cristalizada.

É precisamente por iso polo que moitos recompiladores de folclore, etnógrafos, historiadores e lingüistas rusos xa levan máis de douscentos anos intentando descubri-la procedencia de diversos refráns e ditos, ver tras eles as fontes da cultura nacional rusa ou

[2] Nota do orixinal: *В глубь поговорки Á profundidade do dito.* M., 1975.
[3] Nota do orixinal: *Славянская фразеология Fraseoloxía eslava*. M., 1980.

dos conceptos da vida cotiá, le-las táboas do pasado esquecido. Na primeira época, aparecen artigos e ensaios esparexidos polas páxinas de distintos xornais e revistas da capital e das provincias; despois, recompilacións paremiolóxicas enteiras que inclúen os elementos das interpretacións histórico-etimolóxicas, e, por fin, libros dedicados por completo ó descubrimento da orixe dos apotegmas rusos. Velaí a dinámica da fraseoloxía histórica rusa.

Pódense atopar non poucas explicacións "culturolóxicas", por exemplo, nos refraneiros de V. I. Dal, F. I. Busláev, I. M. Sneguiriov, I. I. Illústrov, N. Ya. Ermakov, M. A. Ríbnikova, A. I. Sóbolev, V. P. Biriukov, etc. Os diccionarios de S. V. Maksímov, M. I. Mighelsón, E. D. Vartanián, S. Zaimovski e M. A. Bulátov son recompilacións de etimoloxías de apotegmas con explicacións detalladas; mais nestes diccionarios concédeselles unha atención especial as expresións emprestadas doutras linguas. A idea da revelación das peculiaridades nacionais a través da paremioloxía inspirou hai un século e medio o recompilador de folclore ruso I. M. Sneguiriov. A súa obra *Os rusos nos seus refráns*[4] (Moscova, 1831-1834, v. 1-4), polo de agora, segue sendo o único intento de recompilación temática de distintos ensaios histórico-etimolóxicos feito coa idea de amosa-la relación dos refráns e dos ditos cos costumes nacionais, crenzas, historia, vida cotiá e folclore.

Nos nosos días o problema da relación entre lingua e cultura chegou a ser especialmente actual a causa do fortalecemento das posicións do ruso no mundo. A experiencia do ensino deste idioma ós estranxeiros demostrou a importancia da formación, durante as clases de lingua, dunha idea sobre o fondo extralingüístico no que se realiza a comunicación. O obxectivo do estudio dun idioma estranxeiro é tamén o coñecemento das realidades nacionais. Isto é a base dunha nova rama da filoloxía rusa, *a linguopaisoloxía (Landskunde).* E. M. Vereschaguin e V. G. Kostomárov elaboran os principios desta especialidade.

A fraseoloxía rusa fornécenos un material moi rico para realizarmos esta tarefa. B. A. Larin subliñaba:

> Os fraseoloxismos, entendendo o termo en sentido estricto, sempre espellan de maneira indirecta as ideas do pobo, a estructura social, a ideoloxía da súa época. Espéllanas da mesma maneira que o amencer se espella nunha pinga de auga (Ларин, 1977: 156).

As fraseolóxicas "pingas de auga" poden chegar a se-lo reflexo subxectivo da realidade rusa só cando a súa "pureza" nacional está comprobada por unha fidedigna análise etimolóxica. Mais, ás veces, como se demostrará no libro, as cousas consideradas puramente rusas resultan internacionais e algunhas, incluídas ó principio en certa esfera da vida rusa, pertencían a outra.

Neste libro tento revisar moitas versións histórico-etimolóxicas tradicionais, agrupando o material segundo o principio temático e partindo da imaxe orixinaria das locucións rusas. Esta revisión ten como base o método da modelación semántico-estructural, que consiste

[4] *Русские в пословицах.*

en establecer unha correlación entre a locución literaria e as súas múltiples variantes no ruso e noutros idiomas e dialectos eslavos. O termo *fraseoloxismo*, ou *unidade fraseolóxica*, utilízase aquí —así como nos libros precedentes— dunha maneira tradicional, como a composición de palabras que posúe certa estabilidade, posibilidade de ser reproducida como unha combinación previamente feita, expresividade e significado único. Os refráns, os termos compostos fixos, nomenclaturas e citas, como consecuencia do dito, están excluídos do campo da fraseoloxía, anque, sen dúbida, son fonte dela.

A fraseoloxía de calquera lingua ten unha dobre individualidade. É individual, en canto fenómeno da lingua literaria moderna, porque cada expresión é un fragmento independente dun modelo de fala activo no pasado que perdeu co tempo a súa actualidade. É tamén individual, en canto espello das realidades nacionais que formaron nalgún tempo a orixinalidade da cultura dun ou doutro pobo. E o individual —por moito que poida parecer un paradoxo— é un "cimento" especialmente sólido para a consolidación dos pobos e das súas culturas, xa que precisamente o individual serve de "divisa" nacional no intercambio cultural dos pobos. D. S. Lighachov subliña:

> Precisamente os trazos individuais dos pobos unen un pobo a outro, fannos querelo pobo ó que non pertencemos pero co que nos fai atopa-la sorte. En consecuencia, a aclaración das peculiaridades nacionais do seu carácter, o seu coñecemento, a reflexión sobre as circunstancias históricas que contribuíron ó seu xurdimento axúdannos a entende-los outros pobos. A reflexión sobre estas peculiaridades nacionais ten un significado xeral. É moi importante (Лихачев, 1981: 65).

Os ensaios histórico-etimolóxicos ofrecidos ó lector son mesmamente as reflexións sobre as peculiaridades nacionais das expresións metafóricas rusas. Os símbolos da vida cotiá rusa, os feitos da historia rusa, os restos de antigas crenzas populares, os ritos rusos, as cancións, os contos (tódolos trazos citados compoñen a cara da fraseoloxía rusa) fan que sexa imposible traducila literalmente a outras linguas. A reflexión sobre estas peculiaridades nacionais da nosa lingua é un obxectivo tan patriótico como lingüístico.

No libro saliéntase a interacción entre o nacional e o internacional, o desciframento dos elementos arcaicos que reforzan a peculiaridade lingüística da fraseoloxía rusa e o reflexo nesta da antiga cultura espiritual.

Para comenta-las expresións fraseolóxicas ou as unidades léxicas que espellan os elementos do simbolismo nacional das imaxes podemos seguir dous camiños contrapostos: partir da lingua cara á realidade ou partir da realidade cara ó seu reflexo na lingua. Nos primeros dous capítulos céntrome nas cuestións lingüísticas porque analizo as locucións "escurecidas" no proceso da evolución lingüística:

во всю ивановскую	*a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade'
кишмя кишеть	*está bulindo buliciosamente* 'hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso'
etc.	

Nos dous capítulos seguintes o meu propósito é facer ver que as crenzas míticas e as imaxes do folclore ruso se espellan na lingua. Consonte con isto, ó principio, faise un comentario da realidade correspondente, ó que, despois, se une a fraseoloxía e o léxico relacionados dalgunha maneira con estes fenómenos. Cremos que esta aproximación permite amosar tanto os procedementos lingüísticos que se utilizan para "obter" información extralingüística, como a importancia particular desta no estudio profundo da lingua rusa, maiormente se temos en conta que a transparencia das imaxes de moitos fraseoloxismos, ás veces, produce nos falantes a ilusión de que os "entenden", pero a verdadeira idea da imaxe pode ser borrosa ou incorrecta. Chegar a descubri-la verdadeira fonte de cada imaxe é a tarefa do historiador da fraseoloxía.

Valerii Mokienko 1986

Prólogo á edición galega

É ben sabido que a fraseoloxía é unha das pólas máis novas de lingüística. Nacida nos anos 40 do noso século en Rusia, ten, por suposto, unha prehistoria europea común. Charles Bally, discípulo de Ferdinand de Saussure, propuxo, xa nos principios deste século, unha clasificación estilística dos fraseoloxismos, que impulsou o desenvolvemento da fraseoloxía rusa. En moitos países de Europa durante séculos acumuláronse materiais do *xénero menor de folklore* (é dicir, os proverbios e os ditos), que veñen alimentando a teoría e a práctica das investigacións fraseolóxicas.

Sen embargo, a fraseoloxía non conseguiu polo de agora a súa madurez metodolóxica, precisamente no plano lingüístico, porque ata os últimos tempos seguía sendo obxecto de interese, maiormente, de etnógrafos e folkloristas. Estes, a pesar de detectaren nos proverbios e ditos de cada pobo europeo o reflexo do espírito nacional, non chegaron a elaborar un método científicamente argumentado para deslindar entre o nacional e o internacional, entre o xenético e o tipolóxico, entre o individual-rexional e mailo global-universal. A experiencia etno-folclórica acumulada e os abundantes materiais aínda esixen interpretación obxectiva, ceiba de subxectivismo e da contemplación dos feitos "curiosos" como átomos independentes.

A lingüística foi precisamente quen forneceu ese método. No aspecto diacrónico os fraseólogos víronse obrigados a intentaren superar urxentemente a enorme incoherencia entre, por unha banda, os éxitos metodolóxicos da lingüística comparativo-histórica no estudio de léxico, logrados xa no século pasado e nos principios deste, e, por outra banda, a total carencia do correspondente método para a análise da fraseoloxía.

Unha destas tentativas foi o **método da modelación semántico-estructural**, que viu a luz no artigo do autor deste libro no ano 1973 (Мокиенко, 1973), quen o desenvolveu nas ulteriores publicacións, incluídas as que agora se traducen á lingua galega - este e mais outro libro preparado para a edición "Fraseoloxía eslava".

A esencia deste método consiste na sistematización e interpretación da forma e da semántica dos fraseoloxismos utilizando o principio da modelación. As variantes estructurais dun mesmo modelo que tiñan unha mesma semántica, sobre todo as léxicas, interprétanse como unha construcción xenéticamente inicial, algo parecido ó étimo

dunha palabra que permite reconstruí-la forma e mailo significado inicial dela, cando se realiza unha análise etimolóxica do léxico. Así, por exemplo, a motivación inicial do fraseoloxismo ruso *попасть в переплёт encontrarse na encadernación* ‘estar nunha situación complicada, difícil’ reconstrúese a base da interpretación semántico-estructural do grupo grande de fraseoloxismos dialectais formados segundo o modelo

‘encontrarse nun cepo, lazo’:

(Pskov) *оказаться в дава́лках (дала́вках)*	*chegar a encontrarse na trapela*
(Mar Branco) *попасть в зажо́м*	*caer no foxo*
попа́л, как медведь в капка́н	*caeu no cepo coma un oso*
попасться, как мышь в мышеловку	*caeu na rateira coma un rato*
попа́сться в тиски	*verse entre os tenaces*
etc.	

‘encontrarse na rede, pesqueira ou calquera outra trampa para peixe’:

vulgar e dialectal *попасть(ся) в вёршу*	*encontrarse coma un siluro na rede*
попал, как сом в вёршу	*caer coma un siluro na rede*
провел, как сома в вёршу	*levouno coma un siluro á rede*
(Pskov) *в вёршу влезть*	*meterse na rede*
(Mar Branco) *попасть в мерёжу*	*chegar a encontrarse na rede*
попасть в сеть (в сети, в сетку)	*caer no boitirón (na rede)*
etc.	

‘encontrarse nos obxectos que poden servir de trampas’:

ввалился, как мышь в закром	*entrou caendo coma un rato na despensa*
попался, как мышь в короб	*quedou atrapado coma un rato na caixa*
vulgar *влететь в кадушку*	*entrar voando nunha cubeta*
попасть головой в мешок	*chegar a encontrarse coa cabeza nun saco*
(Os Urais) *попасть в захлобушку*	*chegar a encontrarse nunha rateira*
etc.	

‘encontrarse nun foxo, nunha lagoa’:

(Siberia) *попасть как медведь в берлог*	*caer no tobo coma un oso*
попасть в проруху	*caer nun burato*
попасть в рюху	*caer nun foxo*
попасть в омут	*caer nun remuíño*
попасть в пропасть	*caer nun abismo*

попасть в яму	*caer nun foso*
сесть в лужу	*caer nunha poza*
сесть в калужу	*caer nunha poza*

etc.

Á base da análise realizada segundo o método arriba mencionado, establécese a imaxe inicial, verdadeira da expresión *попасть в переплёт*, que é *encontrarse nunha trampa feita de varais para pesca-lo peixe*. Precisamente esta reconstrucción demente á interpretación "popular-etimolóxica" que é extendida, aínda que é alóxica, da palabra *переплёт* no noso fraseoloxismo a base do seu único significado coñecido e actual agora na lingua rusa literaria 'tapa do libro, caderno no que se meten os folios ó encadernar'.

Canto máis activas son tales series de variantes, tanto máis exacta é a reconstrucción da imaxe primitiva que serve de base para o fraseoloxismo que se analiza. No libro que hoxe ofrecemos ó lector apórtanse numerosos exemplos desta análise, considéranse distintos aspectos de aplicación do método, e proponse toda unha serie de novas interpretacións histórico-etimolóxicas.

O devandito método da *modelación semántico-estructural* requiriu do autor dos libros a utilización dunha gran cantidade de fraseoloxismos dialectais, folclóricos, coloquiais e populares. Precisamente no medio deles desenvolveuse a análise histórico-etimolóxica da fraseoloxía da lingua literaria que ten gran presencia no uso común.

Cómpre ter en conta que no libro non se aportan exhaustivas características para cada palabra e cada expresión respecto ó seu estilo, á súa área xeográfica e social, así como non se indica o grao da súa frecuencia. Os exemplos dialectais, maiormente os das fontes folclóricas e etnográficas, apórtanse, por veces, sen notas especiais que se remitirían á súa zona xeográfica, xa que o lector ruso (e nos casos do material checo, polaco, serbolusaciano, etc., o especialista nas linguas eslavas) é capaz en por si de as valorar como *populares* e como portadoras de *couleur locale.* Tales notas aumentarían considerablemente o volume do libro e, o máis importante, desviarían a atención do lector do obxectivo principal que é a demostración do método da modelación semántico-estructural e a reconstrucción do prototipo imáxico das frasemas eslavas.

A traducción de tales dialectalismos fraseolóxicos e de folclorismos chegou a ser un verdadeiro experimento lingüístico, unha pedra de toque tanto da concepción teórica do libro, como da súa parte práctica: repárese en que moitos fraseoloxismos rexionais non teñen interpretación precisa da súa imaxe e son etimolóxicamente "escuros", mesmo para falantes nativos destes dialectos e linguas. O autor viuse obrigado non só a peneirar todo este material nos diccionarios e ficheiros dialectais, senón tamén a recorrer á reconstrucción etimolóxica. Este procedemento, segundo parece, confirmou unha vez máis a eficacia do *método da modelación semántico-estructural.*

E o máis importante é que este procedemento permitiu disolve-lo mito tradicional sobre a *intraducibilidade da fraseoloxía* a outras linguas. O intraducible é traducible: velaí a conclusión á que, como esperamos, vai poder chega-lo lector deste libro.

Valerii Mokienko 1999

I

O ALLEO APROPIADO E O PROPIO ALLEADO

O nacional e o internacional na fraseoloxía

1.1. ¿*Ab ovo* ou *Dende o fogar*?

Moitas recompilacións de apotegmas rusos empezan coa antiga locución latina *ab ovo* 'dende o ovo'. Este inicio é ideal porque xunta dous principios contradictorios da organización dos diccionarios: por unha parte, é un comezo alfabético, puramente formal; por outra, semántico, porque o sentido figurado desta expresión é 'dende o principio'.

Orixinariamente é un fragmento do dito *ab ovo usque ad mala* 'dende o principio ata o final', literalmente *dende o ovo ata as mazás*. O dito reflicte o hábito romano de empezalo xantar con ovos cocidos e rematalo con froita.

Pero esta explicación "material" da historia desta expresión antiga non lle pon o punto final á súa historia. Cando esta expresión apareceu na célebre obra de Horacio *Ars poetica*, á parte de chegar a ser moi popular, adquiriu unha nova interpretación poéticomítica. Horacio eloxia a Homero porque empezou a *Ilíada* co relato da guerra de Troia, en vez de describi-lo nacemento de Helena, que foi a culpable de que declarasen esta guerra. Horacio comenta que un verdadeiro poeta introduce dende o principio o lector no medio dos acontecementos sen cansalo con preámbulos.

> Non empeza a cantar a volta de Diomedes coa morte
> de Meleagro ou cunha parella de ovos que son a guerra de Troia.

Precipitándose sempre cara ó desenlace, leva o oínte,
coma se xa coñecera o asunto, ó medio dos acontecementos.[5]

Nec reditum Diomedis ab interitu Meleagri,
Nec gemino bellum Troianum orditur **a b o v o**...[6]

Horacio xoga cos dous planos potenciais do significado da expresión coa palabra *ovo*. «A parella de ovos que son a batalla de Troia» está relacionada co mito grego de Leda, a filla do rei de Etolia que cativou a Zeus coa súa beleza. Cando Leda tomaba un baño, Zeus, o deus superior do mundo antigo, apareceu diante dela en forma de cisne e foi el o pai de Helena. O rapto de Helena por Paris provocou a guerra de Troia. Como Zeus adoptara a forma dun cisne, Leda non podía parir coma unha muller normal, senón que puxo dous ovos. Dun deles saíu Helena, doutro, os xemelgos Dioscuros. A. A. Fet fai máis transparente esta insinuación de Horacio na traducción rusa, empregando, en vez do común *ab ovo*, unha pasaxe máis longa e precisa «non empeza... cunha parella de ovos —a guerra de Troia».
O poeta romano ten a audacia de mesturar unha expresión puramente latina, orixinariamente popular, cun mito "foráneo", chegando a producir un efecto estilístico-artístico. Renova un clixé ó facer do regular algo irregular, poñendo atención no máis importante: que Homero empeza polo máis significativo. Por iso, moitos dos que interpretaban os apotegmas intentaban atribuír *ab ovo* precisamente a Horacio. Pero o gran poeta da antigüidade fixo "internacional" a expresión latina, "sonorizouna" baixo os motivos mitolóxicos do mundo antigo.

Esta mestura do nacional e do internacional repítese constantemente na lingua en xeral e na fraseoloxía en particular. Un pobo non pode levar unha vida activa sen ter diversos contactos con outros pobos. Da mesma maneira, a lingua esgotaríase sen o apoio doutras e sen darlles a estas, á súa vez, o seu propio zume.

Por iso, calquera palabra, calquera expresión emprestada doutro idioma adáptase, dunha ou doutra maneira, no novo ambiente, e chega a ser "nacional", aínda que llo impida a falta de entendemento do sentido literal ou un alfabeto distinto.

Isto acaeceulle á expresión internacional *ab ovo* na lingua literaria rusa. Penetrou nela hai moito tempo, aínda que está separada graficamente do texto ruso, escrito en caracteres cirílicos:

Empecemos *ab ovo* [dende o principio]: o meu Ezerski
Proviña dos xefes
que conquistaron as costas do mar
Coa súa ardida vela.
Odulf, a cabeza da súa liñaxe,
Foi un guerreiro moi feroz...[7]

[5] "Не начинает он петь возврат Диомеда со смерти /Мелеагра иль с пары яиц - Троянской битвы. /Вечно к развязке спеша, он слушателя увлекает /В середину событий, как бы уже знакомого с делом". (Traducido por A. A. Fet).
[6] "Nin empeza o regreso de Diomedes pola morte de Meleagro nin a guerra de Troia polo dobre ovo...".
[7] "Начнем ab ovo: мой Езерский /Происходил от тех вождей, /Чей в древни веки парус дерзкий /Поработил брега морей. /Одульф, его начальник рода, /Вельми бе грозен воевода...". (А. С. Пушкин,

En certa medida, este afastamento gráfico estimulou a unión da locución *ab ovo* co verbo *начинать* 'empezar', que a descifra en parte. Ademais de Puxkin, empregan este verbo moitos escritores e publicistas rusos:

> Pero empecemos *ab ovo* [dende o principio], que de non ser dende o berce, será dende o tempo en que xa teño lembranza de min. (N. S. Léskov, *Os anos de infancia*).
>
> ...O asombro dos "economistas" en canto á proclamación de facto das nosas ideas en Iskra demostraba con toda evidencia que moi a miúdo falamos linguas diferentes e que, por iso, non podemos chegar a ningún acordo, se non empezamos *ab ovo* [dende o principio]... (V. I. Lenin, *Obras completas,* v.6, páx. 4).[8]

A combinación fixa do verbo ruso coa locución latina de nome e preposición é bastante orixinal e específica. A adaptación desta expresión á lingua rusa realizábase tamén polo segundo camiño, polo camiño do calco, da traducción literal. Nesta variante o acento recae sobre o contido "mitolóxico" do latinismo porque na expresión rusa *начинать с яиц Леды empezar polos ovos de Leda* ou *dende os ovos de Leda* 'empezar dende o principio' está expresada explicitamente a idea poética de Horacio.

É característico que os escritores rusos empregaran esta expresión da mesma maneira cá xa citada:

> Querido irmán, síntome culpable diante da túa amizade, procurarei purga-la miña culpa cunha longa carta e uns relatos detallados. *Empezo polos ovos de Leda* [dende o principio]. (A. S. Puxkin, Carta a L.S. Puxkin 24 de setembro de 1820).
>
> Cando se reúnen dez rusos, ó instante salta a pregunta sobre o futuro de Rusia en xeral, *dende os ovos de Leda* [dende o principio], sen probas, sen saída. (I. S. Turguénev, *Fume).*[9]

No segundo caso pódese ver que o ruso fixo certos cambios na forma primitiva da fonte. En latín a expresión era máis empregada en singular *ab ovo Ledae incipere* 'empezar dende o ovo de Leda', o que facilitaba unha interdependencia máis rigorosa das súas dúas motivacións. En ruso está fixada a forma en plural. A pesar disto, a forma en plural, primeiro, como xa se dixo, pon o acento no significado mitolóxico da expresión e quítao da imaxe "cotiá"; segundo, corrixe esta idea mitolóxica: Leda non "puxo" un ovo, senón dous. En fin, a fixación do plural estivo influenciada pola tradición das traduccións rusas de Horacio: non é ocasional que na traducción de A. A. Fet, que é relativamente serodia, se fale dunha "parella de ovos" e non dun ovo coma no orixinal.

Родословная моего героя).

[8] "Но начнем ab ovo, если не с самой колыбели, то хоть с той поры, как я себя помню". (Н. С. Лесков, *Детские годы*).

"Недоумение "экономистов" по поводу фактического проведения в "Искре" наших воззрений показывало с очевидностью, что мы часто говорим буквально на разных языках, что мы не можем поэтому ни до чего договориться, если не будем начинать *ab ovo".* (В. И. Ленин, *Полн. собр. соч.,* т. 6, с.4).

[9] "Милый брат, я виноват перед твоею дружбою, постараюсь загладить вину мою длинным письмом и подробными рассказами. Начинаю с яиц Леды". (А. С. Пушкин, Письмо Л. С. Пушкину 24 сентября 1820г.).

"Сойдется десять русских, мгновенно возникает вопрос о будущности России, да в таких общих чертах, от яиц Леды, бездоказательно, безвыходно". (И. С. Тургенев, *Дым*).

Desta maneira, un apotegma emprestado adquire no ruso unha certa peculiaridade gardando o seu carácter internacional.

Pero, por suposto, para calquera persoa que aspire a atopa-lo "espírito da lingua" é máis importante escoller, entre a diversidade das locucións fixas, precisamente as que determinan a súa cara nacional e espellan os diversos elementos da súa cultura e da súa existencia cotiá.

Esta "busca" no campo da designación fraseolóxica do 'inicio' lévanos a tres sinónimos da expresión latina:

начинать с азов	*empezar dende os azs*[10] 'empezar dende o principio'
начинать с азбуки	*empezar dende o abecedario* 'empezar dende o principio'
танцевать от печки	*bailar dende o fogar* 'empezar dende o principio'

Cómpre anotar dende o principio que non son sinónimos absolutos, xa que se distinguen uns dos outros pola súa semántica, pola amplitude do seu emprego e polas relacións cos obxectos e fenómenos. Se as primeiras dúas expresións subliñan o 'inicio' no aspecto científico e pedagóxico porque se trata da aprendizaxe de algo, a expresión *танцевать от печки bailar dende o fogar* pode caracterizar unha actividade máis ampla. Chega con compara-los dous contextos para percibirmos estas diferencias:

> Iván Ivánovich, un cirurxián experto, *empezaba dende os azs* [dende o principio] as súas clases na clínica neurocirúrxica e, despois de tres anos, leu unha excelente tese. (A. Koptiaeva, *Iván Ivánovich*).
>
> ¿Que vou facer, como vou empezar? Ben, en calquera caso, un administrador ou un capitán... pero non: xa pasou o tempo, cómpre falta *empezar dende o abecedario* [dende o principio]. (I. A. Goncharov, *Unha historia común*).
>
> Para unha persoa que traballa debe haber de oito a doce hectáreas de agra. Dende isto, como *dende o fogar, "bailan"* [isto é a base fundamental] os proxectistas e os constructores (O. Latifi, "As vilas 'de rebaixa'", *Pravda*, 1979, 27 de maio, páx. 2).[11]

As diferencias entre estes "irmáns" fraseolóxicos da expresión latina *ab ovo* están determinadas polo seu modo de formación. Os *azs* e o abecedario lémbranno-lo alfabeto cirílico creado no século IX polos irmáns de Solún, Cirilo e Metodio, e mailo desenvolvemento da alfabetización na Antiga Rusia e en todo o mundo eslavo. Neste

[10] O *az* é o nome da primeira letra do alfabeto ruso antigo.

[11] "Занятия в нейрохирургической клинике Иван Иванович, уже опытный хирург, начинал почти с азов, а через три года блестяще защитил кандидатскую диссертацию." (А. Коптяева *Иван Иванович*).
"Что же делать, что начать? Ну, хоть, пожалуй, администратором или эскадронным командиром ... да нет: время ушло, надо начинать с азбуки". (И. А. Гончаров, *Обыкновенная история*).
"На одного работающего должно быть 8-12 гектаров пашни. Отсюда, как от печки, "танцуют" проектировщики и строители". (О. Латифи "Уцененные" поселки - *Правда,* 1979, 27 мая, с.2).

plano o ruso ten o seu eco no búlgaro, que ten a expresión *започвам от азбуки empezar dende o abecedario* 'empezar dende o principio'. É un dos testemuños da unidade cultural destes pobos. A unión do concepto de inicio dalgún asunto co abecedario é un testemuño do respecto que tiñan os nosos devanceiros polos *azs* e mailos *bukis*[12] como bases do saber.

Se as expresións sobre os *azs* e os abecedarios espellan a veneración pola alfabetización e unha actitude seria cara a tales asuntos, a expresión típica rusa *танцевать от печки bailar dende o fogar*, en cambio, asombra pola súa irregularidade. ¿Por que o inicio está vinculado ó baile? ¿Por que fai falta bailar dende o fogar? En resumidas contas, ¿como a combinación do baile co sistema de calefacción produce este inesperado resultado semántico?

O académico V. V. Vinográdov atopou a resposta a esta pregunta e dedicoulle á expresión *танцевать от печки bailar dende o fogar*, no ano 1940, un ensaio especial. *Танцевать от печки bailar dende o fogar* tamén é un apotegma, aínda que non é tan antigo coma o seu sinónimo latino: dista case dous milenios dos tempos de Horacio.

Na lingua rusa apareceu co escritor da xeración dos *raznochintsi*[13], V. A. Sleptsov (1836-1878), que explica a súa orixe e a súa motivación nunha das escenas da súa novela inacabada *Bo home*[14] (1871). O protagonista da novela é Terebénev, un aristócrata que non traballa e que volve á casa despois dunhas infructuosas viaxes por Europa. Está cheo de intencións xenerosas, soña con servi-lo pobo e lembra as imaxes da súa nenez. O eixe da escena é a lembranza de cómo lle ensinaban a bailar durante a infancia:

> Pareceulle que estaba nunha sala cerca do fogar cos pés descolocados na terceira posición. De repente, un escándalo: un pé de Serioja tórcese, enrédase co outro, Serioja perde o compás e para...
>
> —Eh, ¡como es ti, meu! —Repróchalle o pai. —Ben, vai cara ó fogar e empeza dende o principio.
>
> —Teña a bondade de ir cara ó fogar. —Di o mestre tristemente.
>
> Confuso, mirando para abaixo volve ó fogar... Terebénev recordaba esta escena con todo detalle... todos estes sufrimentos infantís que padecera había 15 anos volveron rexurdir nel coa mesma intensidade de antes, coma se acabara de confundirse no baile e regresara ó fogar para volver a empezar dende o principio.
>
> —¿Que fago agora? ¿Para que vou a Rusia? —pensou el, asustado, de repente. —¡É que regreso cara ó fogar!...
>
> Agora toda esta situación aclarouse para el: a aldea, Moscova, San Petersburgo, Europa, chegaches ó final e de novo aló, á aldea. Si, precisamente á aldea, porque o fogar non está en San Petersburgo nin sequera en Moscova, está alí ... na casa aldeá, está no mesmo sitio onde estaba hai 15 anos. E, para empezar dende o principio, cómpre volver alí, ó fogar holandés cuberto de azulexos, poñe-los pés na

[12] O *buki* é o nome da segunda letra do alfabeto ruso antigo.
[13] *Raznochintsi* eran os intelectuais do século XIX que non pertencían á nobreza rusa.
[14] *Хороший человек.*

> terceira posición e de novo: un, dous, tres; un, dous, tres, etc. *(Аш,*. 654-655).[15]

Ó comentar este texto, V. V. Vinográdov nota que aquí non só se dá un cadro completo do "baile dende o fogar", «senón que están indicadas de maneira moi exhaustiva e clara "as formas interiores", os motivos que levaron á transformación metafórica e á xeneralización da frase *танцевать от печки bailar dende o fogar*» (Виноградов, 1940: 37).

V. A. Sleptsov, polo visto, non é o autor da expresión rusa, da mesma forma que Horacio non é o autor da latina. O costume de aprender a bailar da maneira que se describe na novela estaba moi difundido na Rusia do século pasado entre as familias nobres. Disto infórmanos, por exemplo, A. Chéghov:

> Cando lle encargaban [ó arquitecto] un plano, soía empezar por deseña-lo salón e a sala; coma nas épocas pasadas, as alumnas dos institutos podían bailar só dende o fogar, da mesma maneira, a súa idea artística podía partir e desenvolverse só dende o salón e a sala. (*A miña vida*).[16]

Debido á gran difusión deste hábito, a expresión *танцевать от печки bailar dende o fogar* deu en usarse en sentido figurado. Ó principio do século XX coñecíase a variante da expresión *танцевать от печки non bailar dende o fogar* co significado de 'non estar afeito a facer algo', 'ter dificultades ó facer algo por primeira vez'.

Resumindo, está claro por qué o fogar se fixo "o punto de partida" nos bailes: empezaban o baile dende o fogar porque este soía estar nun recanto ou cerca da porta da entrada, e todo o espacio libre da habitación estaba a disposición dos que bailaban.

Gracias á imaxe histórica concreta da vida cotiá que posúe esta expresión, tiña ó primeiro un significado bastante marcado, que non era o de 'empezar' (en xeral), senón 'empezar sempre polo mesmo, volver ó punto de partida ó iniciar algún asunto, algunha conversa, etc.'. Pero co tempo foise borrando esta marcación semántica e tamén se foi ampliando o seu potencial combinatorio. Non é casual que no fragmento citado de

---

[15] "Представилось ему, что стоит он в зале, у печки, с вывернутыми в третью позицию ногами... Вдруг - скандал: одна нога у Сережи как-то подвертывается, заплетается за другую, Сережа сбивается с такта и останавливается...

Эх, какой ты, брат! - с укором говорит отец. Ну, ступай опять к печке, начинай сначала.

Извольте отправиться к печке, - уныло говорит учитель.

Сконфуженный, потупившись, возвращается Сережа к печке... Вся эта сцена представлялась Теребеневу с мельчайшими подробностями... все эти детские страдания, которые он испытывал пятнадцать лет назад, опять с той же силою воскресли в нем, как будто он только сию минуту осрамился в танцах и возвращается к печке для того, чтобы опять начинать скачала.

Да теперь-то что же я делаю? Зачем еду в Россию? - вдруг с ужасом подумал он. - Это я возвращаюсь к печке!...

Теперь его положение опять стало ему совершенно ясно: деревня, Москва, Петербург, Европа, дошел до края и опять туда, в деревню. Да, именно в деревню, потому что печка не в Петербурге, даже не в Москве, она там ... в деревенском доме, стоит на том же месте, где стояла пятнадцать лет тому назад. И для того, чтобы начать сначала, необходимо вернуться опять туда же, к той самой изразцовой голландской печке, стать в третью позицию и опять: раз, два, три, раз, два, три и т. д.".

[16] "Когда ему [архитектору] заказывали план, то он обыкновенно чертил сначала зал и гостиную; как в былое время институтки могли танцевать только от печки, так его художественная идея могла исходить и развиваться только от зала и гостиной". (*Моя жизнь*).

Pravda[17] o verbo xa leve comiñas. Noutra publicación xornalística este verbo é substituído pola palabra que acompaña a expresión *ab ovo*:

> Empeza-lo relato dunha viaxe dende o chamado "fogar", é dicir, pola descrición do despegue da aeronave, que sempre acompaña tódolos artigos sobre as viaxes ó exterior, fíxose case de mal gusto. (S. Avdeenko, *Baixo o ceo de Italia*).[18]

Neste contexto está borrado o límite entre estas expresións tan diferentes en canto á súa metaforicidade; poden intercambiarse.

Así, a lingua vai igualando as posibilidades do propio e do alleo, conservando, ó mesmo tempo, as súas específicas distincións e fundíndoas en sutís matices estilísticos, que son de moita importancia para os mestres da palabra.

1.2. *Dende o fogar ata o banco*

"Ó iguala-las posibilidades", pódense aproximar varias expresións procedentes de distintas fontes e esferas de comunicación. "Unha mirada de fóra", como tal, o asombro dun estranxeiro provocado por unha expresión rusa, axudará, de cando en vez, a entender que esta igualación non é unha ecuación lineal sen incógnitas. Unha reacción semellante, a miúdo, fai que nos volvamos meter na profundidade dunha expresión á que nós, os rusos, estamos afeitos e que vive na nosa conciencia sen relacionarse coa imaxe que a creou.

Así, unha das expresións populares coa palabra *печка* 'fogar' —*печки - лавочки fogares-bancos*— vive dende hai moito tempo na nosa lingua. En particular, espéllana as recompilacións de refráns e ditos do século pasado:

У них одни печки - лавочки (Снегирев, 1854: 197)	*Teñen os mesmos fogares e bancos* 'Comen no mesmo prato'
У них все вместе: и печки, и лавочки (Буслаев, 1854: 85)	*Comparten todo: os fogares e os bancos* 'Comen no mesmo prato'
У них и печки и лавочки, все вместе (Даль III, 108)	*Comparten todo: os fogares e os bancos* 'Fan boa masa (dúas persoas)'
У яго з им и печки и лаўки (da comarca de Smolensk) (Добр., 123)	*Os dous utilizan os mesmos fogares e os mesmos bancos* 'Coxean do mesmo pé, son tal

[17] *Правда.*

[18] "Стало уже почти неприличным начинать путевые заметки, что называется, "от печки" - с описания взлета воздушного корабля, неизменного спутника всех отчетов о зарубежных поездках." (С. Авдеенко, *Под небом Италии.* - Аш., 655).

	para cal, conxenian, axugan moi ben’
Кому-либо и печки и лавочки (da comarca de Voronej)	*A alguén están destinados os fogares e os bancos* ‘terlle lei a alguén’
У кого-либо [и] печки и лавочки (СРНГ XVI, 223).	*Algúns teñen (e) fogares e bancos* ‘Teñen boas relacións, incluso sexuais, enténdense’

Está fixada nas anotacións dos dialectólogos contemporáneos, por exemplo, nas de S. I. Kotkov:

Отошли ему печки-лавочки (КСРНГ)	*Desaparecéronlle os fogares e os bancos* ‘alguén pasou unha boa época’

Pero a popularidade da película de V. Xukxín *печки-лавочки fogares-bancos* fixo ver este fraseoloxismo que aparece no título dende unha perspectiva diferente. Ata certo punto isto foi incitado pola “mirada de fóra”.

1979. No festival cinematográfico de Nápoles, onde se proxectou esta película, o coordinador e director dos Días Internacionais de Cinematografía, Luigi Rondi, dirixiuse á delegación cinematográfica rusa coas seguintes palabras:

> A retrospectiva das películas de Xukxín espertou grande interese. Italia descobre un extraordinario artista ruso. Por certo, ¿cal será a traducción exacta do título da película *печки-лавочки fogares-bancos*?

O corresponsal do periódico *Pravda*[19], Georgui Kaprálov, ó reflexionar sobre esta pregunta, expresou dunha maneira moi xusta a súa “dificultade linguopaisolóxica” e viu neste símbolo de Xukxín un significado que sae fóra dos límites de uso habituais da expresión:

> Pero intente explicarlles ós italianos que é o que son *печки-лавочки fogares-bancos*. É unha expresión humorística, pícara. Na aldea algunhas veces emprégase para designa-las relacións de moita confianza ou unha conversa entre amigos. O significado desta conversa cáptase entre liñas. Xukxín escolleu precisamente este ton acompañado dun sorriso. Pero percibir só este ton significa non entende-lo máis importante da película. Dende fóra vemos na pantalla unha divertida historia sobre a primeira viaxe dun conductor de tractores de Siberia, Iván, e da súa muller a un balneario do Mar Negro. Esencialmente é unha conversa seria sobre a vida do pobo, as súas bases morais, os seus valores espirituais. Non son parola estes *печки-лавочки fogares-bancos* de Xukxín.
>
> As conversas de Nápoles lémbroas agora porque non se limitan a ser unha mostra da popularidade de Xukxín, que se estendeu fóra das fronteiras do seu país. É o problema de *печки-лавочки fogares-bancos*, do estilo e, nun sentido máis amplo, da estética do escritor, do que lles esixe ás persoas que queren comprender

[19] *Правда.*

> correctamente as súas obras e despois levalas ó cine. Hoxe este adquire un significado especial. (Georgui Kaprálov, "As leccións de Xukxín", *Pravda*[20] , 1979, 23 de xullo, páx.3).

Vemos que a mesma dificultade de traducción deste símbolo fraseolóxico dános unha pista para adiviña-lo seu significado profundo. Pero na película de V. Xukxín non se perde o significado fraseolóxico común da expresión *печки-лавочки fogares-bancos*, aínda que o uso de Xukxín é diferente do fixado nos diccionarios 'ter trato con alguén' (ФСРЯ.). O protagonista da película emprega esta expresión varias veces e cada uso ten unha semántica difusa e, ó mesmo tempo, condicionada polo contexto:

> Saíches á beira, sentácheste, descansaches, sonche aquí *fogares-bancos*.
>
> Volveron a aparecer *fogares-bancos.*
>
> En vez de descansar, vas facer *fogares- bancos* nalgún lado.[21]

Vemos que para V. Xukxín *печки-лавочки fogares-bancos* ten un significado bastante extenso e difuso: algo 'familiar, da casa', algo 'habitual, rutineiro, tópico' que, en consecuencia, é 'insignificante, pequeno, non chama a atención'. Nunha expresión curta o alto choca co baixo e neutralízase, simplifícase.

O escritor soubo percibir moi sutilmente esta unidade das contrariedades fraseolóxicas. Nas obras doutros escritores soviéticos pódense atopa-las mesmas liñas semánticas da expresión *печки-лавочки fogares-bancos*. Velaquí dúas ilustracións para os temas semánticos de 'coñecemento íntimo' e 'algo rutineiro, insignificante':

> Ou máis. Vostede permítese unha familiaridade excesiva co estudiante porque entende mal a democracia, unha democracia de barracón: dá en ter con el *fogares e bancos* [moita confianza], falándolle ti por ti e dirixíndose a eles cos nomes Dima, Petia, Serioja. (S. Vaiman, "Doutor con bolso", *Literaturnaia gazeta*, 1974, 10 de marzo, páx. 11).
>
> Sentouse na cama e deulle un bico. —¿E que fas? —Ben, *fogares-bancos* [nada en especial]. —Entón fálame dos *fogares-bancos*, se non, érgome eu mesma para ver que me estás ocultando (B. Bondarenko, *Zeinot*, 1971, n. 2, páx. 16).[22]

Para busca-las causas deste choque non contradictorio dos polos, temos que recorrer á etnografía rusa (Макс., 199-200). Non debe sorprendernos que precisamente o fogar e o banco chegasen a se-lo símbolo fraseolóxico do lar ruso: son os dous eixes da casa do campesiño. O fogar desta casa non é coma o fogar holandés, revestido de azulexos nunha casa señorial, dende onde empezaban os seus exercicios de baile os fillos e as fillas mimados da aristocracia. Na expresión *печки-лавочки fogares-bancos* é un gran fogar

---

[20] "Уроки Шукшина" - *Правда.*

[21] "Выйдешь на бережок, посидел, отдохнул - вот вам и печки-лавочки; Снова начались печки-лавочки; Будешь где-нибудь вместо отдыха печки-лавочки делать".

[22] Или вот еще. Вы с вашим ложно понятым, по сути балаганным демократизмом напропалую фамильярничаете со студентом: заводите с ним печки-лавочки, адресуетесь к нему по имени, причем на ты: Дима, Петя, Сережа (С. Вайман, "Доцент с авоськой" - *Литературная газета,* 10 марта 1974, с.11).
"Он сел на постель и поцеловал ее. - А что же ты делаешь? - Да так, печки-лавочки. Ну вот и расскажи мне о печках о лавочках. А то сама встану и посмотрю, какие у тебя там секреты от меня". (Б. Бондаренко, *Цейтнот*).

ruso feito de barro ou ladrillo que ocupaba ata unha terceira parte da superficie habitada. O tamaño deste fogar e comparable ó papel que xogaba na vida dos campesiños rusos: daba calor nos longos días de inverno, nel cociñaban o *xi* e a *kaxa*[23], facían pan e, con frecuencia, usábano para tomar un baño.

O fogar sitúase no recanto que está á esquerda da entrada da casa (*изба* (izbá)). O espacio entre o fogar e a parede, que ten unha pequena ventá, é o recanto onde mandan as mulleres, que se chama *бабий кут o currunchо das mulleres*. Serve de cociña, é o lugar onde as mulleres fiaban ou moían o gran coa moa, o sitio para se cambiaren e se compoñeren, o cuarto dos nenos cun berce colgado do teito.

Despois *красный угол o currunchо vermello*, o lugar honorario cos iconos e a mesa para xantar, que fai as funcións de comedor, de sala e, ó mesmo tempo, de oratorio. Dende o *recanto vermello* cara á parede traseira vai o *хозяйский угол currunchо do dono*, onde dorme e traballa o cabeza de familia. Sobre este currunchо están os *полати* (polati), unha especie de sobrado feito de táboas de madeira que servía de dormitorio común e de gardarroupa. Por un lado o sobrado únese co *голбец* (golbets), unha despensa de madeira construída onda o fogar, onde están gardadas as provisións e hai baixada a outra despensa no soto, *подзыбица* (podzibitsa).

Así que o fogar ruso é o eixe de toda a casa (*izbá*) e, por iso, símbolo da vivenda, da paz e do benestar da casa. Non é casual que moitos hábitos, ritos e crenzas rusas estean vinculados ó fogar. O fogar é o símbolo do respecto ós maiores: é o sitio "lexítimo" dos vellos. Precisamente por iso, o personaxe típico dos contos rusos é un vello sentado sobre o fogar. O fogar é o símbolo da hospitalidade porque á persoa estimada danlle a benvida seguindo o principio de que *все что есть в печи - на стол мечи todo o que tes no fogar pono na mesa*, e se está aterecida e mollada pola chuvia fanlle a cama sobre o fogar. O refrán di que *o que estaba sentado sobre o fogar non é de fóra, senón da terra*. O fogar é símbolo do benestar da terra e xoga un papel moi importante nos ritos nupciais. En moitas rexións de Rusia antes estaba moi difundido o rito da *глядение печи observación do fogar* ó pedi-la man, que consistía en observar minuciosamente a casa do noivo. Seguindo o sagrado principio de *сору из избы не выносить non leva-lo lixo fóra da casa* 'non lava-los trapos sucios fóra da casa', a familia utilizaba o fogar para queima-lo lixo. Nunha canción popular cántase:

> Non prendín o lume na lareira durante tres días,
> Teño recollido moito lixo;
> Ó cuarto día prendín o lume,
> Saín ó vestíbulo novo.[24]
> *(Соб.* IV, 657).

Tendo en conta o carácter simbólico da queima do lixo, podemos dicir que estas estrofas significan que 'ó librarse de tódolos anteriores problemas familiares empezaron a vivir ben, nun ambiente cordial'.

Atopamos todos estes símbolos positivos espellados frecuentemente no folclore ruso.

[23] *Xi* é unha sopa de verdura. *Каха* é o nome dunhas papas rusas feitas con cereais cocidos en auga ou leite.
[24] "Три дни печи не топила, /Много сору накопила; /На четвертый затопила, /В новы сени выходила."

Velaquí algúns dos refráns e ditos que demostran a actitude dos nosos antepasados cara esta fonte de calor:

Хлебом не корми, только с печи не гони!	*Non me deas pan, pero non me fagas erguerme do fogar*
Без печки холодно, без хлеба голодно	*Sen fogar pasamos frío, sen pan pasamos fame*
На своей печи - сам себе голова	*Cando estás no teu fogar, ti es quen manda*
Мала печка, да тепленька	*O fogar é pequeno, mais dá calor*
До 30 лет греет жена, после 30 - рюмка вина, а после и печь не греет	*Ata os 30 dáche calor a túa muller; despois dos 30, a copa de viño; e máis tarde, nin sequera a lareira*
Словно у печки погрелся	*Coma se estiveras sentado onda unha lareira quente*, 'moi ben'

Pero o máis expresivo é:

Печь нам мать родная	*O fogar é a nosa nai.*

Non é casual a unión do fogar e do banco na expresión estudiada. É un par inseparable de símbolos folclóricos que se atopa noutras formas da literatura popular sen ser transformados metaforicamente. *Empezaron a bailar trepak*[25]*, así que móvete, banco, móvete, fogar,* con estas palabras caracterizábase antes o baile animoso dos que nunca intentaban aprende-la falsa arte do "baile dende o fogar" e se puñan a bailar de duro e facían que o lugar máis inmóbil da casa seguise o ritmo. V. I. Dal apuntou unha variante deste dito *Пляши печь, пляши лавочки! ¡Baile, fogar, bailen, bancos!* (Даль II, 231). Nunha das cancións de voda que cantaban as mozas en Siberia "Oh, ti, beleza, miña beleza"[26] o fogar e o banco están axuntados cunha melodía de tonalidade menor:

¡A maldita beleza da muller!
Tomáche-lo baño de alcatrán,
Chapuzácheste no piche
Secácheste cun trapo,
Sécacheste nun curruncho do fogar,
Estiveches tirada debaixo do banco,
Acchegáchestelle, beleza da muller,
Servíchesslle a Tatiana.

(*Cancións de vodas rusas de Siberia*, Novosibirsk, 1981, páx. 60). [27]

[25] *Trepak* é un baile tradicional ruso.

[26] "Уж ты кро́сота моя кро́сота".

[27] "Распроклятая ты, бабья кро́сота! /Во дегтю ты купалася, /Во смоле полоскалася, /Отымалкой утиралася, /На печи в углу сушилася, /По-под лавицей валялася, - /Подкатилася бабья кросота, /К Татьянушке пригодилася". (*Обрядовые песни русской свадьбы Сибири.* Новосибирск, 1981, с.60).

A presente unión de dous límites espaciais, onde “se secaba” e “estaba tirada” a beleza da moza antes de “achegarse” a Tatiana, é lóxica. Os bancos, pegados a tres das catro paredes da casa de madeira, substituían case tódolos mobles modernos. Servían para sentarse e para durmir, así como para poñer diferentes utensilios, o espacio que quedaba debaixo facía de ampla despensa para gardar moitos apeiros da vida rural. Era coma “unha prolongación funcional” do fogar (lémbrese que o fogar servía de cama).

Consecuencia deste feito era a existencia dunha escala para estes mobles universais:

бабья лавка	*banco das mulleres* ‘banco onda a parede lateral dende o konik (onde dorme o dono da casa) ata o recanto dianteiro’
брусова лавка	‘banco onda a parede no recanto traseiro da casa’
красная лавка	*banco vermello* ‘banco onda a parede dianteira que dá á rúa’
су́дная лавка	*banco da vaixela* ‘banco preto do fogar e fronte a este, onde a dona cociña e ten a louza’
etc.	

É natural que o fogar e o banco serviran de medida do benestar da familia. Por iso, o rito de “mira-los bancos” é practicamente igual ó mencionado de “mira-lo fogar”. Unha vella da comarca de Moscova contaba:

> Concertan o casamento e os pais da noiva van mira-los bancos, mira-la casa do noivo, como viven, se é rico, se é pobre, se ten gando.[28] (*Иванова,* 1966: 346).

Despois desta breve descrición das realidades rusas, parece posible pasar do significado literal ó figurado de *печки-лавочки fogares-bancos*. Son os símbolos da vida cotiá, na que os familiares comparten a comida, o lugar para dormiren e as inevitables dores e felicidades.

Pero pódese profundar máis.

Nos choros e nas queixas rusas repítese a miúdo a locución *бело-брусовая лавочка o banco de táboas brancas*. E non é casual. Na casa rural o banco serve tamén de leito mortuorio. Sobre el poñen e del sacan para fóra o defunto, acompañándoo na viaxe ó outro mundo. Ademais, “as mesas de carballo e os bancos brancos” na simboloxía do enterro designan o lugar do morto santificado polo rito, «que se fai no centro da vivenda e substitúe a denominación da casa en xeral» (Седакова, 1983: 248). Así que o banco da morte é, ó mesmo tempo, o leito mortuorio do parente falecido.

Ata hoxe nalgúns dialectos provinciais consérvanse rastros fraseolóxicos do rito funerario vencellado ó banco:

растянуться подоль лавки (comarca de Perm’)	*estirarse ó longo do banco* ‘morrer’

[28] “Вот сосватают, и родители нивесты едут лавъчки сматреть, сматреть хазяйствъ жениха, как живут, багат ли, беднь ли, есть ли скатина” (Ortografía do orixinal).

лежать на смертной лавке (rexión de Don)	*estar no banco mortuorio* 'estar morto'
быть на сторонней лавке (comarca de Voronej)	*estar no banco alleo* 'estar morto'
с лавки стащить (снесть) (comarca de Riazan')	*sacar do banco mortuorio* 'enterrar'
умереть не на своей лавочке (comarca de Irkutsk)	*non morrer no seu banco* 'morrer en terra allea'

(СРНГ, Подуков: 1982).

Neste sentido *лавка* 'banco (banco pequeno)' é o antípoda do fogar como fonte de calor, do lume, da vida. En consecuencia, *печки-лавочки fogares-bancos* son símbolo da amizade de toda a vida, do matrimonio para toda a vida e de tódalas grandezas e miudezas que acompañan a vida humana.

Como podemos ver, a heteroxeneidade do significado e, máis exactamente, o sincretismo, a unión de significados opostos que caracteriza o uso da expresión *печки-лавочки fogares-bancos* por V. Xukxín, proveñen dos fondos da vida do pobo ruso e das súas interpretacións folclóricas e rituais. Só un dos mellores escritores soviéticos conservou esta tradición popular, fundiu a diversa simboloxía expresiva nunha amálgama fraseolóxica. El converteu a expresión non só nun símbolo da aldea do protagonista da película, senón tamén no baremo da verdadeira espiritualidade e patriotismo do home ruso.

1.3. *O touro con cornos, o vermiño matado* e *o café á moscovita* con *leite de paxaro*

Calquera lingua é unha complicada fusión do propio co alleo, do autóctono co emprestado, do popular profundo co culto superficial. En diferentes períodos da historia, a nosa lingua reaccionou de maneira distinta a estes elementos: dende a adopción total do "alleo" ata a defensa esaxeradamente purista do "propio". Na lingua, coma na cultura do pobo en xeral, é bastante difícil marcar un límite preciso entre o propio e o non-propio. É dicir, non existe ningunha marca única e chamativa que nos permita separar dunha vez o nacional do internacional sen cometer algún erro. E, mesmo así, o nacional existe. O académico D. S. Lighachov subliña:

> As peculiaridades nacionais son un feito probado. Non existen peculiaridades únicas no seu xénero que caractericen só unha nación, un pobo, un país. O esencial é o seu conxunto e a súa irrepetible estructura cristalina de trazos nacionais e universais. Nega-la existencia do carácter nacional, da individualidade nacional, significa facer moi aburrido e gris o mundo dos pobos. (Лихачев, 1981: 64).

Xa hai tempo que os fraseoloxismos se consideran cristais que forman "a irrepetible

estructura" da lingua nacional. B. A. Larin na súa ponencia *Sobre o segundo Diccionario do ruso antigo*, lida o 8 de marzo de 1961 no *Despacho de diccionarios* da Universidade de San Petersburgo (aínda inédita), chamoulles a estas unidades «concentracións e pebidas do pensamento popular, experiencia dos máis sabios, pedras preciosas da palabra dos grandes mestres e xenios descoñecidos da lingua rusa». Nesta caracterización sublíñase a naturalidade, o carácter autóctono do ambiente da palabra onde cristalizan as xoias fraseolóxicas.

Tódolos que estudiaron de vagar e profundamente as expresións metafóricas durante moito tempo chegan á mesma conclusión. Como tal, o lingüista inglés Logan Smith, ó valora-la parte nacional da fraseoloxía inglesa, indica a mesma fonte, a fala popular:

> Aínda que os nosos fraseoloxismos inclúen moitas expresións emprestadas da fala popular doutros países europeos, son profundamente nacionais polo seu carácter, polas súas imaxes e asociacións; transmiten o cheiro da terra onde medraron, a extensión dos campos e pasteiros e o alento das aldeas, onde prenden tódalas formas da lingua nacional e da arte nacional e onde eles deben volver a dirixirse para recupera-las forzas vitais. (Смит, 1959: 173).

Precisamente "o alento das aldeas" crea o propio carácter dos *печки-лавочки fogares-bancos* de cada lingua. Por este alento recoñecemos "o espírito do pobo", a súa profundidade.

A fraseoloxía é a tesourería da lingua que garda as palabras máis antigas, as formas gramaticais inusuais e as construccións sintácticas desbotadas polo tempo ou pola norma literaria. Ó conserva-la forma, conserva o contido: os hábitos nacionais, as crenzas, as lendas históricas, a visión metafórica do mundo. Por iso, a nova rama da filoloxía rusa, a linguopaisoloxía, armouse coa fraseoloxía para consegui-lo seu obxectivo: facer coñecer tódalas facetas da cultura na aprendizaxe da lingua (Верещагин, Костомаров, 1983). E aínda máis: neste sentido, só tres unidades lingüísticas —a palabra, o fraseoloxismo e o aforismo— «teñen a capacidade de acumular información extralingüística», porque precisamente na súa semántica «podemos distingui-la área que se chama o fondo» (Верещагин, Костомаров, 1980: 303; 1981: 38). Como algúns investigadores inclúen os aforismos na fraseoloxía no sentido amplo do termo, a cota da súa participación na creación "dos coñecementos do fondo" (é dicir, da información presente na conciencia da persoa e da sociedade á que pertence) é moi alta. Por iso, parece lóxico que, durante o último congreso da Asociación Internacional de Profesores de Lingua e Literatura Rusas, non poucas ponencias estivesen especialmente dedicadas a estes aspectos etnográficos da fraseoloxía (Дьерке, 1982; Дьяков, Соколова, 1982; Кармен, 1982; Мокиенко, 1982).

Sen embargo, nas clases de ruso, os profesores, "ó materializaren" esta "información do fondo", tropezan con dificultades inesperadas. E a máis importante, para a miña idea, é a revalorización da peculiaridade nacional da fraseoloxía rusa. A miúdo o profesor segue a seguinte lóxica: se é un fraseoloxismo, entón é algo ruso enxebre. Mais esta lóxica non sempre é obxectiva.

Poñerei un exemplo típico. Na parede dunha das aulas hai un cadro: un *mujik* ruso

vestido cunha *kosovorotka*[29] e cun cinto de corda collendo coas mans un touro polos cornos. Debaixo do cadro hai unha inscrición: "Colle-lo touro polos cornos". Nun grupo de estudiantes estranxeiros empézase a clase cun comentario desta expresión "auténtica rusa".

Pero esta propaganda das "realidades" rusas non impresiona a maioría dos estudiantes estranxeiros. Non é raro: a expresión *взять быка за рога colle-lo touro polos cornos* é internacional, coñécena case tódalas linguas europeas:

take the bull by the horns (inglés)
den Ochsen beim Horn fassen (alemán)
prendre le taureau (la bête) par les cornes (francés)
prendere il toro per la corna (italiano)
coger al toro por los cuernos (castelán), etc.

Estas expresións coinciden no sentido literal e no figurado co ruso. Por iso, é posible representar no cadro, en vez do *mujik* ruso, a un *torero* español, a un granxeiro norteamericano ou a un home fraco sen marcados trazos nacionais como se fai no diccionario de M. I. Dubrovin e do pintor V. I. Tilman *Diccionario ilustrado dos fraseoloxismos rusos*[30] (M., 1980: 40). Pero un debuxo non fai que se converta o internacional en nacional. Sería mellor prestar máis atención a outras linguas e comprobar todo o que parece específico e autóctono "fincándolle o dente" a través da comparación.

A miúdo a comparación descobre cousas sorprendentes. O que considerabamos propio da lingua rusa dende sempre resultou ser adaptado hai relativamente pouco tempo. E, pola contra, o que parecía alleo ó ruso tiña a súa orixe na nosa terra.

Por exemplo, parece que a expresión *птичье молоко leite de paxaro* semella rusa. Posto que o *leite de paxaro* formou parte do folclore ruso simbolizando 'unha abundancia fabulosa, unha abundancia (sobre todo en alimentos) soñada por alguén, ou algo raro, escaso', igual cás tan manidas expresións *молочные реки с кисельными берегами ríos de leite con beiras de kisel* 'abundancia soñada por alguén, montes e moreas, o demo e a nai'[31]. O refrán ruso reza:

Птичьего молока хоть в сказке найдешь, а другого отца-матери и в сказке не найдешь (ДП, 387)	*Nun conto podes atopa-lo leite de paxaro, pero nunca busques outros pais porque non os vas atopar.*

Coñecemos algúns ditos sobre *o leite de paxaro*:

Все есть у богатого, опричь птичьего молока	*O rico teno todo, non sendo o leite de paxaro*
В Москве все найдешь, кроме	*En Moscova pódese atopar*

[29] Camisa tradicional rusa cun colo que se pecha no lado esquerdo.
[30] *Русские фразеологизмы в картинках.*
[31] *Kisel* é a xelea tradicional rusa que se fai cocendo avea ou froitas con fécula.

птичьего молока	*calquera cousa, non sendo o leite de paxaro*.

Só un campesiño pobre ou un aldeán podía crear unha expresión semellante, xa que, hai tempo, para el unha viaxe a Moscova tiña a mesma importancia que para o heroe de V. Xukxín a viaxe ó balneario. Non debe sorprendernos que un dos investigadores da fraseoloxía rusa, S. I. Gujanov (Гужанов, 1978: 21), inclúa a expresión *птичье молоко leite de paxaro* entre os «fraseoloxismos autóctonos rusos».

Pero basta con consulta-los diccionarios doutras linguas para convencerse de que non é exclusivamente noso. Tódalas linguas eslavas teñen un paralelismo semántico total coa nosa (bielorruso, *пта́шша млако leite de paxaro*; ucraíno, *пташиное молоко leite de paxaro*; búlgaro, *птиче мляко leite de paxaro*; polaco, *ptasie mleko leite de paxaro*). Entón, ¿el será un fraseoloxismo que herdamos do pasado preeslavo? Esta era a posición do filólogo búlgaro Hr. Vasílev (Василев, 1970: 348).

Non obstante, resulta que esta expresión é coñecida por moitos outros pobos indoeuropeos e non indoeuropeos, por exemplo, polos gregos, italianos, españois, franceses, letóns, lituanos, estonianos, tártaros, baxkiros, turkmenos, húngaros, albaneses e moitos outros. Esta expresión estaba moi difundida no mundo antigo: para os romanos *o leite de galiña* simbolizaba o benestar, e na comedia de Aristófanes os heroes presumen de teren moito *leite de paxaro* (Тимошенко, 1897: 52-53; Gerhardt, 1975). A posible interpretación deste antigo fraseoloxismo, que aparece na lingua e no folclore de moitos países, é un problema especial que non ten solución unánime. Pero non cabe dúbida de que esta expresión pertence á lingua rusa e espella o soño ocioso de vivir na abundancia sen traballar.

Sen dúbida, a longa vida desta antiga expresión no folclore ruso e na fala popular deixou pegadas nacionais nela. Os citados refráns e o matiz de reproche da locución *ему только птичьего молока не хватает fáltalle só o leite do paxaro*, que significa 'ten todo o posible e aínda se queixa', posiblemente particularizan o emprego ruso. Coa incorporación desta expresión á nomenclatura da pastelería empezou a designar unha realidade concreta. Os especialistas que se ocupan das relacións entre a lingua e a realidade deben ter en conta isto. Este novo significado correlaciónase constantemente co significado fraseolóxico da locución, o que crea certas dificultades para entender determinados textos.

Así, o investigador do Instituto de Morfoloxía Evolutiva e Ecoloxía dos Animais da Academia das Ciencias da URSS, S. Klúmov, para describi-la vida dos pingüíns na Antártida e cómo o pai alimenta as crías "co verdadeiro leite de paxaro que se produce no seu estómago e esófago" xoga cos significados literal e "pasteleiro" do fraseoloxismo internacional:

> ... No letreiro brillaba con grandes letras de neón a inscrición "Pastelería" e fóra había unha fileira de xente. Cando pasaba ó lado dela, oín a seguinte conversa:
>
> —Perdoe, ¿por que está á cola?
>
> —Polo *leite de paxaro*[32].

[32] *O leite de paxaro* é unha torta feita de *soufflé* de nata cuberto con chocolate.

> —Pero pregúntollo en serio.
> —E eu contéstolle en serio. Trouxeron unhas tortas moi ricas, *"o leite de paxaro"*.

> ¿Se falamos en serio, absolutamento en serio, dende o punto de vista da ciencia moderna, ¿acaso existe o *leite de paxaro*? É totalmante real, sen comiñas de ningún tipo. ("Sobre os nosos irmáns menores", *Pravda,* 20 de outubre, páx. 6).[33]

Como vemos, a base das afirmacións sobre o carácter real e non mítico do *leite de paxaro* dos heroes da comedia de Aristófanes e do científico soviético é diferente. E mesmo así, estes autores, tan distanciados no tempo e no espacio, xogan coa mesma asociación lingüística: a torta *leite de paxaro* pola súa "inhabitualidade habitual" e rareza debe ser exquisita.

É case imposible demostrar que a expresión *leite de paxaro* 'abundancia fabulosa' sexa nalgunha lingua moderna un préstamo doutra lingua. E a súa "aprobación" polo folclore testemuña que era probablemente un universal antigo que xa migrara na antigüidade. Pero na nosa lingua, na maioría dos casos, o camiño do préstamo do fraseoloxismo está bastante claro, aínda que, a primeira vista, case non se percibe o seu carácter alleo.

Velaquí unha expresión humorística *заморить червячка mata-lo vermiño*, 'comichar algo para engana-lo estómago', que ten unha imaxe transparente. "O verme, o vermiño" é o nome metafórico do estómago, e "matar" é esmagar, apagar, apacigua-las súas chamadas de fame. Así se entende no uso o sentido literal deste fraseoloxismo. Os autores de calembures de boa gana xogan coa súa transparencia humorística. Por exemplo, os autores do "Diccionario fraseolóxico do Club das Doce sillas"[34] interpretan *matar un vermiño* como 'facer unha compota' (*Literaturnaia gazeta*[35] 1972, 18 de outubro).

Pero unha información máis exacta sobre o significado do verbo *заморить* (zamorit') pon en dúbida esta acepción da palabra. A raíz *мор- (mor-)* indica que o significado de 'esmagar, apagar' no verbo *заморить* (zamorit') é secundario, figurado. Os materiais dos diccionarios históricos do ruso proban que o significado orixinal do verbo é 'matar de fame, coas privacións ou co mal trato':

> Os mellores foron torturados ata morreren e tamén os *mataron* á fame". (Якутский

[33] "...На вывеске большими неоновыми буквами сверкала надпись: "Кондитерская", а на улице стояла очередь. Проходя мимо, я услышал разговор:
Простите, вы за чем стоите?
За "птичьим молоком".
Да нет, я серьезно вас спрашиваю.
А я серьезно и отвечаю. Привезли очень вкусные торты - "Птичье молоко".
Ну, а если действительно, совсем-совсем серьезно, с позиции современной науки? Что ж, есть птичье молоко! Самое настоящее, без всяких кавычек". ("О братьях наших меньших", *Правда,* 1979, 20 октября, с. 6).

[34] "*Толковый фразеологический словарь" Клуба Двенадцати стульев.* "O diccionario fraseolóxico" forma parte da sección humorística "Club das doce sillas" do xornal *Literaturnaia gazeta*. Neste diccionario aparecían interpretacións xocosas de distintas palabras e expresións, que algunhas veces se baseaban nos significados literais dos fraseoloxismos.

[35] *Литературная газета.*

архив, 1645г. - СРЯ XI - XVII, V, 243).[36]

Se é esta a interpretación do verbo *заморить* e se seguimos explicando a palabra *червяк* 'verme', *червячок*, 'vermiño' como unha metáfora do estómago, do intestino, entonces o significado orixinal da expresión resulta contradictorio. O significado primitivo 'matar, acabar co propio estómago' non se corresponde moi ben co significado de 'mata-la fame' que caracteriza o fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño*.

Por iso, a única explicación desta locución coñecida na literatura etimolóxica rusa, probablemente, parte doutra imaxe cotiá. N. M. Xanski, V. I. Zimín e A. V. Filíppov, autores do *Breve diccionario etimolóxico da fraseoloxía rusa*[37], recentemente publicado por partes, fan o seguinte comentario sobre o fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* 'comichar algo para engana-lo estómago': «Ruso orixinal. O máis probable é que estea relacionado cos helmintos (parasitos intestinais)» (*КЭФ*, 1980, Nº1: 74). A primeira vista, esta interpretación parece inverosímil e fantástica, xa que nos resulta difícil imaxinar que "se maten" os parasitos intestinais coa comida. É máis probable a situación contraria, xa que a comida é necesaria para a súa existencia.

Pero a impresión de que esta interpretación é desaxeitada diminúe cando facemos unha análise semántica do emprego do fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* na lingua literaria do século pasado. Agora emprégase co significado de 'comichar algo para engana-lo estómago'. No século pasado e a principios deste usábase cun significado diferente: 'tomar viño ou vodka en xexún, toma-la parva':

> O pai Lavrentii... virándolle as costas ó interlocutor púxose a *mata-lo vermiño* [toma-la parva] bebendo dúas copas dun grolo. (A.I. Eloinski, *Decepción*).
>
> —¿Que pensa, Pal Egórich se *matámo-lo vermiño* [tomámo-la parva]? —pregunta Nikolai Stamátich, sinalando o vodka coa mirada. (Al. P. Chéghov, *Dos anos de infancia de A.P. Chéghov*).
>
> —Uf, estou morto, señores.. ¡Vai moita calor!... Gustaríame tomar *kvas*, Agrafena Filippovna... —Vai ó meu despacho —propuña Nicolás. —Alí atoparás con que *mata-lo vermiño* [toma-la parva]. (D.N. Manin-Sibiriak, *Os millón de Priválov*).[38]

Este significado caracterizaba as distintas modificacións desta locución, por exemplo, *винный червяк сосет за сердце o verme de viño chúpalle o corazón a alguén* 'alguén ten moitas ganas de tomar alcohol':

> *O verme do viño está chupándolle o corazón* [ten moitas ganas de tomar alcohol]. Con alegría permitiría que lle cortasen a man para conseguir un vaso de vodka (A.

[36] "Лутчих людей на пытках запытал и в темнице голодною смертью заморил".
[37] *Краткий этимологический словарь русской фразеологии.*
[38] "Отец Лаврентий ... отвернувшись от собеседника, стал вместе с другими замаривать червячка путем двух рюмок водки под запал". (А. И. Елеонский, *Огорчение*).
"- А как, Пал Егорович, насчет червячка заморить? - спрашивает Николай Стаматич, указывая глазами на водку". (Ал. П. Чехов, *Из детских лет А. П. Чехова*).
"- Ох, изморился я, отцы ... Жарынь!.. Кваску бы испить, Аграфена Филипповна? - А ты ступай в кабинет ко мне, - предлагал Nicolas. - Там найдешь, чем червячка заморить". (Д. Н. Мамин-Сибиряк, *Приваловские миллионы*).

Melnikov-Pechorski, *Nos bosques e nas montañas*).[39]

Na lingua da literatura clásica ámbolos dous significados do fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* ‘comichar algo para engana-lo estómago’ e ‘toma-la parva’ podían ser utilizados, en certo modo, sen diferenciar, é dicir, formando un significado único, sincrético de ‘picar algo e beber alcohol en xexún’:

> Ó *mata-lo vermiño* [picar algo e tomar unha copiña de vodka], o señor Goliadkin sentou nun sillón. (F.M. Dostoevski, *O dobre*).
>
> —Pois, ben, querido, —dixo Teter’kin acercándose o tazón de sopa, —sabes, en canto *matémo-lo vermiño* [piquemos algo e tomemos unha copiña], vouvos contar algo do voso asunto. (M.N. Zagoskin, *K. P. Miroxev*).[40]

A ausencia de diferenciación semántica e a “competencia” dos dous significados está espellada no diccionario de V. I. Dal onde, por primeira vez na lexicografía rusa, aparece fixado o fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño*. No volume cuarto, V. I. Dal interpreta esta expresión só como ‘comer en xexún’, e, no primeiro, ‘beber ou comer en xexún’. É posible que nesta interpretación se espelle a dinámica do desenvolvemento semántico do fraseoloxismo na lingua rusa do século pasado, o seu camiño dende ‘toma-la parva’ ata ‘quita-la fame’.

O significado ‘tomar alcohol en xexún’ fai máis verosímil a relación da expresión *заморить червячка mata-lo vermiño* coa matanza dos parasitos. Neste caso a imaxe humorística desta expresión ten dous niveis na designación da realidade: o uso médico do alcohol, que desinfecta os intestinos e posiblemente mata as lombrigas, e, ó mesmo tempo, unha alegoría da toma do alcohol en xexún.

Vemos que a admisión desta motivación orixinal do fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* esixe argumentar, en primeiro lugar, que o significado ‘toma-la parva’ é máis antigo ca ‘quita-la fame’; é dicir, comproba-la primacía do primeiro significado. As fontes rusas, onde esta expresión está fixada só dende o século pasado, non fornecen material suficiente para esta argumentación (por exemplo, o diccionario fraseolóxico do século XVIII non recolle esta expresión (Палевская, 1980)). Ó prestarmos atención a outras linguas, podemos convencernos facilmente de que a caracterización da expresión *заморить червячка mata-lo vermiño* ‘comichar algo para engana-lo estómago’ como “específica rusa” dada no *Breve diccionario etimolóxico da fraseoloxía rusa* non é correcta.

A verdade é que nas liguas eslavas orientais esta expresión encóntrase só a partir do século XX co significado de ‘quita-la fame’:

замарыць чарвяка (чарвячка) *mata-lo verme (vermiño)*

---

[39] “Сосет его за сердце винный червяк За стакан водки руку на отсечение бы с радостью отдал”. (А. Мельников-Печорский, *В лесах*).

[40] “Перехватив кое-что, чтобы, как говориться, червячка заморить, и выпив одну рюмочку водки, господин Голядкин уселся в креслах”. (Ф. М. Достоевский, *Двойник*).

“-Ну вот, почтеннейший, - сказад Тетерькин, подвигая к себе суповую чашку, - как мы эдак, знаете, червячка заморим да выпьем по стаканчику, так я вам кой-что порасскажу о вашем деле”. (С. Н. Загоскин, *К. П. Мирошев*).

(bielorruso)

заморити черв'яка (черв'ячка) *mata-lo verme (vermiño)*
(ucraíno)

A identidade total da estructura e do significado, a ausencia de variantes, a fixación serodia nos diccionarios e algunhas outras particularidades (véxase máis abaixo) permítennos supoñer que os fraseoloxismos bielorruso e ucraíno son préstamos do ruso.

Expresións cunha motivación análoga son coñecidas nas linguas eslavas occidentais.

Na lingua literaria polaca é moi usada a locución:

zalać (zakropić) robaca	*botar auga (chapuzar) ata afoga-lo verme* 'afoga-las penas en vodka ou en viño'

No argot é coñecido o fraseoloxismo

moczyć robaka	*molla-lo verme* 'afoga-las penas en vodka ou en viño'

No checo hai expresións como

otrávit (utopit, zapít, umo´rit, zabít, připálit) červa	*envelenar (afogar, tomar auga, exterminar, matar, cauterizar) o verme* 'mellora-lo seu humor e apetito e cala-los remordementos da conciencia tomando alcohol'

e dialectal

otrávit chrobáka	'toma-la parva pola mañá'.

No eslovaco están divulgados os fraseoloxismos

otrávit', (zápit', utopit') červa (červika)	*envelenar, botar auga, afoga-lo verme(vermiño)* 'afoga-las penas'

Como podemos ver, os eslavos occidentais relacionan esas locucións coa inxestión de bebidas alcohólicas, o que confirma a primacía do significado 'toma-la parva' [41] da nosa expresión.

¿A que inicios remontan os historiadores das linguas eslavas occidentais a expresión sobre o verme?

O académico J. Krzyżanovski escribiu un ensaio enteiro sobre o fraseoloxismo *zalać robaka afoga-lo verme* 'afoga-las penas en vodka ou en viño'. Relaciona esta expresión relativamente tardía con outra máis antiga *zalać krzeczka*, que xa dende o século XVII

[41] En galego *toma-la parva* é esencialmente comer algo, que pode ir acompañado dunha bebida alcohólica, mentres que *mata-lo bicho* é esencialmente beber alcohol, -normalmente augardente – aínda que pode ir acompañado de algo sólido.

empezou a caer en desuso. O significado literal da expresión é *botar auga sobre a toupa ata afogala* e o figurado é 'tomar alcohol ata emborracharse'. Está baseado nunha metáfora transparente: da mesma maneira que se bota moita auga nos buracos das toupeiras daniñas, así os borrachos bótanlle viño e vodka á gorxa. A expresión *zalać robaka botar auga ata afoga-lo verme* 'afoga-las penas en vodka ou en viño' substituíu nos séculos XVII-XIX a expresión arcaica *zalać krzeczka botar auga sobre a toupa ata afogala* 'tomar alcohol ata emborracharse'. J. Krzyżanovski dános unha explicación exhaustiva da imaxe na que se basea a expresión *zalać robaka botar auga ata afoga-lo verme* cando escribe:

> É difícil saber como se imaxinaba este verme. Podía ser un helminto, moi frecuente nos nenos, que se cura con distintas infusións de herbas..., e podía ser algo diferente, digamos, este parasito psíquico que aparece no refrán *Cada un ten o seu verme que o roe* e o remedio contra este pódese atopar noutro refrán *Aguanta a dor, bebe mel, limpa o nariz e todo pasará*. (Krzyżanowski, 1975, III: 48).

O investigador polaco non exclúe a relación desta expresión cunha práctica de hixiene doméstica que existía no pasado: a miúdo mataban cascudas, pulgas, couzas e outros parasitos botándolles auga fervendo. Como as bebidas alcohólicas se asocian coa calor, a imaxe de "botar auga sobre o verme" aplicouse ó uso do alcohol.

Desta maneira, o material presentado polas linguas eslavas orientais e occidentais non fornece unha base suficiente para responder á pregunta sobre o significado da expresión *заморить червячка mata-lo vermiño* 'comichar algo para engana-lo estómago'.

As linguas eslavas meridionais carecen de fraseoloxismos próximos en canto á forma e imaxibilidade (*obraznost'*) a *заморить червячка mata-lo vermiño* 'comichar algo para engana-lo estómago'. Isto proba que as expresións eslavas citadas non poden ser moi antigas. Se temos en conta o momento da súa fixación nos diccionarios e outras fontes, temos que recoñecer que apareceron nas linguas eslavas orientais e occidentais hai relativamente pouco tempo. Como xa sinalamos, no ruso están recollidas só dende o século pasado e no bielorruso e ucraíno, aínda máis tarde. Máis ou menos na mesma época empezan a fixarse nas linguas eslavas occidentais. Así, a básica recompilación en tres volumes de refráns e ditos polacos, coordinada por J. Krzyżanovski, que rexistra dunha maneira rigorosa o momento de aparición de tal ou cal expresión na lingua literaria, indica como primeira data de aparición do fraseoloxismo *zalać robaka botar auga ata afoga-lo verme* 'afoga-las penas en vodka ou en viño' o ano 1847. En realidade, no xa mencionado ensaio de J. Krzyżanovski cítase unha canción tabernaria do século XVIII na que tamén se emprega esta expresión. Así que a segunda metade do século XVIII é o límite cronolóxico máis antigo da aparición do fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* 'comichar algo para engana-lo estómago' nas linguas eslavas.

Nas linguas románicas, onde esta expresión está moi divulgada, este límite afástase ata a alta Idade Media. É demostrativa a unidade do significado e da estructura sintáctica na área románica:

en francés, *tuer le ver*	*mata-lo bicho* [42] ‘tomar en xexún unha copiña de vodka ou de viño branco’
en castelán, *matar el gusanillo (gusano)*	*mata-lo bicho* ‘tomar unha copa de vodka antes de almorzar’
en portugués, *matar o bicho*	*mata-lo bicho* ‘tomar unha copiña en xexún
etc.	

As posibles variacións da palabra “verme” comproban a antigüidade e a alta actividade desta expresión nas linguas románicas, por exemplo, no argot francés *tuer le colimaçon mata-lo caracol*. É significativa a modificación da antiga expresión española nos países latinoamericanos: en Chile é coñecido como *matar el pirgüín (mata-lo verme, a eiruga)* e a palabra *pirgüín* é araucana, indíxena. Pero con tódalas posibles variacións dos compoñentes léxicos, os fraseoloxismos románicos sobre o verme teñen un significado excepcionalmente estable ‘tomar alcohol en xexún’.

Esta similitude semántica condiciona a unidade da explicación etimolóxica das expresións romances. Os historiadores da lingua francesa non dubidan en relacionar a expresión *tuer le ver* cunha antiga crenza popular. Segundo esta, pódese acabar cos helmintos tomando en xexún vodka ou viño branco (Назарян, 1968: 273). O famoso coleccionista de refráns e ditos españois, M. García, tamén relaciona a expresión *matar el gusanillo* cos hábitos medicinais populares dos españois, que mataban os parasitos e as bacterias intestinais con tinturas de alcohol desinfectando desta maneira o estómago, e subliña que esta expresión proba a sabedoría medicinal dos antepasados españois moito tempo antes do descubrimento de Louis Pasteur, que na súa práctica coñeceu o perigo das bacterias que provocan graves enfermidades (García, 1943: 450).

Tendo en conta os feitos citados, podemos tira-la seguinte conclusión: as expresións eslavas, entre elas a rusa *заморить червячка mata-lo vermiño* ‘comichar algo para engana-lo estómago’, son préstamos da fraseoloxía romance. O máis probable é que sexan calcos da expresión francesa *tuer le ver*. Aínda que os calcos soen ser traduccións literais, neste caso a traducción ó ruso e ó polaco non foi estrictamente literal. No polaco o verbo *tuer* ‘matar, exterminar’ foi traducido mediante as palabras doutro plano temático, *zalać* ‘botar auga’ ou *zakropić* ‘chapuzar, asperxir con auga’, porque o prototipo fraseolóxico crúzase aquí coa antiga expresión polaca *zalać krzeczka botar auga sobre a toupa ata afogala* ‘emborracharse, beber viño’. Esta contaminación das expresións, a polaca auténtica e a emprestada, levou á renovación da imaxe metafórica e deulle ó fraseoloxismo polaco un carácter nacional específico.

Non cabe dúbida de que sexa un préstamo, sen embargo hai aínda máis razóns para falar

[42] En galego dise máis *mata-lo bicho* do que *mata-lo verme*: só documentamos unha vez *mata-lo verme* do que ademais se di que é *negro* (a fame en galego é *negra*) ou *branco* (amoxegamos tres de vitela, dez de morapio, pantrigo e queixo co que *matamos o verme negro, ou verme branco* que nos traía abribillados) (*O Tio Marcos da Portela* 15.04.77). En calquera caso, lémbrese que *bicho* é a forma masculina de *bicha (<bestia)* que é un dos nomes xenéricos das serpes e, polo tanto, estamos dentro da mesma semántica.

do colorido nacional da expresión rusa *заморить червячка mata-lo vermiño* ‘comichar algo para engana-lo estómago’. A verdade é que o calco do francés é case literal. Pero a elección do verbo *заморить* ‘matar’ ó final tivo un papel definitivo na transformación semántica da expresión rusa. Ademais, cómpre subliñar que a elección deste verbo neste caso non era arbitraria, así como tampouco o é a elección do verbo polaco *zalać* ‘botar auga’, que vén preparada pola longa tradición do emprego ruso.

Xa dende o século XI o verbo *заморить* ‘matar’ combínase sempre no ruso co substantivo *голод* ‘fame’ e adquire o significado específico de ‘agotar a alguén coa fame, cun traballo superior ás súas forzas, etc.’:

Гладом заморить бѣсы (século XI)	*Mata-los demos á fame*
Тогда пущена бысть дивьяя львовица гладом заморена пьрвѣе да снѣсть и [Василия] (século XIII)	*Entón soltaron unha enorme leona que antes mataban de fame para que o comera (a Basislio)...*
Не заморить господь гладом душа праведных (séculos XV-XVI)	*Que Deus non mate á fame as ánimas dos honestos*

(Ср. I, 928, СРЯ séculos XI-XVII, V, 243).

En cambio, a combinación *заморить голодом matar de fame* ten unha semántica diferente da expresión *заморить червячка mata-lo vermiño*: no primeiro caso trátase da matanza de alguén obrigándoo a pasar fame, mentres que, no segundo caso, trátase de sacia-la fame negra. A pesar diso, para o paso semántico ‘tomar unha copa en xexún’ →‘quita-la fame’ esta diferencia entre as combinacións *заморить голодом matar de fame* e *заморить червячка mata-lo vermiño* non tivo importancia ningunha. Era máis importante unha relación estreita do verbo *заморить* ‘matar’ coa noción “fame”, e non co “desexo de tomar alcohol”, “sede”. Un papel importante tivo o feito de que na fala popular rusa (nos dialectos provinciais de Arghánguelsk e Ob’, en particular) existira a expresión *заморить выть mata-la fame* ‘picar algo’ e outros fraseoloxismos menos usados que aumentaban a atracción do novo préstamo fraseolóxico polas asociacións “coa alimentación” e non “coa bebida”. Por exemplo:

заморить комара (de Pskov)	*mata-lo mosquito* ‘picar algo’
кишки́ затрави́ть (de Omsk)	*mata-las tripas* ‘picar algo’
зама́нивать голод (de Perm’)	*atrae-la fame* ‘picar algo’

En fin, non é posible que a transformación semántica do fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* non fora estimulada pola relación asociativo-metafórica “verme”↔“intestinos”, “estómago”. Percibimos esta relación no ruso pola semellanza exterior dos intestinos co verme gordo, así como pola consonancia das palabras *червь* (cherv’) e *чрево, черево* (chrevo, cherevo) ‘entrañas, ventre, tripas, estómago, etc.’, que

se parecen pola forma pero son de diferente orixe. E a noción de intestinos e estómago na fraseoloxía adoita asociarse coa fame e non co desexo de tomar alcohol:

кишки марш играют, в кишках марш играет (ruso)	*as tripas tocan unha marcha, nas tripas toca unha marcha* 'ter moita fame'
червата ми свирят рамазан, стомаха ми свирят рамазан (búlgaro)	*as miñas tripas, o meu estómago tocan ramazán* 'teño moita fame'
žaludek mi vrčí polku (checo)	*as miñas tripas roxen a ritmo de polca* 'teño moita fame'
latrans stomachus (latín)	*o estómago que ladra* 'fame negra[43]'

e maila expresión cabardina *están picándome as tripas* 'teño moita fame', etc.

Polo visto, todas estas causas condicionaron o desenvolvemento orixinal do fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* 'comichar algo para engana-lo estómago' no ruso. A expresión, que se remonta ás crenzas medicinais dos pobos romanos, foi adoptada pola lingua rusa a principios do século pasado do francés co significado 'tomar en xexún un copa de vodka ou viño'. Pero unha serie de combinacións do verbo *заморить* 'matar' relacionadas coa fame e as asociacións habituais nos rusos levaron moi pronto a que este significado se fixese periférico e despois desaparecese totalmente do uso. Deste modo, o fraseoloxismo *заморить червячка mata-lo vermiño* 'comichar algo para engana-lo estómago' perdeu a relación semántica co seu prototipo francés e fíxose un fraseoloxismo específico ruso con matices nacionais. Nel o nacional e o internacional fundíronse nun todo indisoluble.

As locucións *взять быка за рога colle-lo touro polos cornos*, *птичье молоко leite de paxaro* 'abundancia fabulosa' e *заморить червячка mata-lo vermiño* 'comichar algo para engana-lo estómago' demostran a gran cantidade de fraseoloxismos internacionais na nosa lingua, que se distinguen só baixo unha comparación minuciosa con outras linguas. As investigacións dos últimos anos demostraron de maneira convincente que o proceso da internacionalización penetra profundamente nos fondos léxicos, así como nos fraseolóxicos, das linguas modernas. As súas orixes e fontes son a historia da antigüidade, a literatura e a mitoloxía, a Biblia, os contactos técnicos, científicos, culturais e, en consecuencia, lingüísticos, que se fixeron especialmente intensos na nosa época (Солодухо, 1982: 133-135). Un gran número de locucións fixas resultan ser internacionais, a pesar de que se asentaron con forza no ruso xa hai moito tempo.

Velaquí uns fraseoloxismos escollidos ó chou:

ни рыба ни мясо	*nin peixe nin carne*	compárese en

[43] En galego tamén existe a antiga locución *ladrarlle a un o estómago* con ese valor; e tamén *ladran os pés co frío* (cando un os ten moi fríos) e *ládralle a un a roupa* (cando é frouxa e comprida de máis).

		inglés *neither fish nor flesh* alemán *nicht Fisch nicht Fleish* francés *ni chair ni poisson* italiano *né carne né pesce* castelán *ni carne ni pescado.*
между небом и землей	*entre o ceo e a terra*	inglés *between heaven and earth* alemán *zwischen Himmel und Erde* francés *entre ciel et terre* italiano *né in cielo né in terra* castelán *entre el cielo y la tierra*
закладывать (заливать) за галстук	*meter (botar) detrás da gravata*	alemán *einen hinter die Binde giessen* francés *s'en jeter un coup (un verre) derrière la cravate*
навострить уши	*requicha-las orellas* [44]	inglés *prick up one's ears* alemán *die Ohren spitzen* sueco *spetsa öronen*

[44] En galego dise tamén *andar coa orella posta, poñe-la orella, andar cos oídos abertos* ou *abrir ben os oídos.*

		francés *pointer les oreilles* italiano *tendere l'orecchio* castelán *aguzar los oídos*
пуд соли съесть с кем-либо	*comer un pud*[45] *de sal con alguén*	inglés *eat a peck of salt with smb.* italiano *mangiare un moggio di sale insieme*
говорить на ветер	*falar para o vento*	inglés *speak to the wind* alemán *in den Wind reden* sueco *prata i vädret*
жить как кошка с собакой	*coma o gato e o can*	alemán *wie Hund und Katze*, sueco *som hund och katt* francés *comme chien et chat* italiano *come cani e gatti* castelán *como perros y gatos*
промочить горло	*molla-la gorxa* [46]	inglés *wet one's whistle* alemán *sich die Kehle*

[45] *Pud* é unha medida de peso rusa equivalente a 16 quilos. En galego dise *Comer unha tega de sal con alguén.*
[46] En galego dise máis *molla-la palabra* pero tamén *molla-la boca /gorxa /lingua* e, cun certo ton humorístico, *molla-la palleta*.

anfuchten (ölen)

sueco *fukta strupen*

francés *se rincer la sifflet*

italiano *rinfrescar il gorgazzule*

castelán *remojar la garganta*

снять с себя последнюю рубашку	*quita-la última camisa* 'ser moi xeneroso, dar todo o que un ten para cubri-las necesidades dos demais'
прижать к стене	*apertar á parede* 'deixar entre a espada e a parede'
витать в облаках	*voar nas nubes* 'andar ou estar nas nubes'
вогнать в гроб	*levar á tumba a alguén* 'adiantar a morte de alguén facéndolle a vida moi difícil'
биться головой об стенку	*dar coa cabeza contra a parede* 'facer moitos esforzos inutilmente'
etc.	

Para os fraseólogos, que tropezan con tanta abundancia de material común a varias linguas, resulta difícil comprender en qué lingua en concreto xurdiu e a qué lingua se incorporou despois calquera destas locucións. Así, o usual *бросать камешки в чей-нибудь огород tirar pedras á horta de alguén* 'tirar pedras ó faiado de alguén' é coñecido polos alemáns (*Steine in den Garten werfen*) e polos franceses (*jeter des pierres dans le jardin de qn.*). Na primeira lingua significa 'facerlle mal a alguén, proceder con vileza, facerlle unha trasnada a alguén', e na outra, 'mortificar, dicirlle palabras caústicas a alguén'. Ó parecer, pola igualdade dos significados, a locución rusa probablemente é un préstamo do francés e, polo visto, dende hai moito tempo, porque xa a mediados do século pasado N. A. Dobroliúbov anotou o dito *É unha pedra para a nosa horta* na comarca de Nijnii Nóvgorod (Nijegorodskaia gubernia). Sen embargo, os

historiadores franceses e alemáns non poden comprender qué lingua é a pioneira na creación desta expresión. Aínda que son unánimes ó descifra-la súa imaxe: remonta ó maldito hábito de tirar pedras na horta ou no xardín do inimigo para encherlle de lixo a terra e que así lle resulte difícil o cultivo.

Ben, realmente se así actuaban outrora os franceses e os alemáns, cómo adiviñar quen foi o primeiro en tirar esta pedra fraseolóxica na horta lingüística do veciño. Como di unha canción popular "A xitana de Moldova" de Novella Matvéeva:

> Polo camiño esqueceron
> Quen roubara e a quen lle roubaron,
> E a mesma capa de po cobre
> O cabalo e mailo ladrón do cabalo.[47]

Esta *capa de po* pousouse fixamente en moitos fraseoloxismos internacionais durante os séculos da migración dunha lingua a outra. Só unha minuciosa análise etimolóxica axuda a tira-lo po, mellor dito, a quitalo coidadosamente capa a capa.

E así, ás veces, o enderezo do préstamo parece estar insinuado na mesma locución fixa.

Velaí unha reportaxe da RDA publicada en *Pravda*[48]:

> Serían as catro. Achegábase a hora "sagrada" para tódolos habitantes da RDA: a chamada pausa para o café. Dende as catro ata as cinco da tarde as rúas quedan baleiras, pero as cafeterías e os bares están a tope. Aquí os vellos e os novos, como se di, toman café. E hai distintas maneiras de preparalo. Por exemplo, en Karl-Marx-Stadt [49] hai café "á moscovita", que ten como ingredientes vodka, licor e viño, ademais de café. Son natural de Moscova, pero non me arrisquei a tomar esta bebida exótica. Esta vez o director do museo local, Erhardt Heine, ofreceunos un "moca" e falou do martelo de Fronhauer. (S. Bacharov "Hans o ferreiro martelador", *Pravda:* 1983, 26 de marzo, páx. 5).[50]

O café á moscovita non é realmente un fraseoloxismo. Probablemente é unha combinación fixa con carácter de nomenclatura e un vínculo "xeográfico". Pero serve de moi boa ilustración para o problema que nos ocupa. En primeiro lugar, é un producto da internacionalización do léxico. En segundo lugar, é un bo aviso para os que poñen etiquetas precipitadas nun ou noutro xiro, incluso cando esta etiqueta salta á vista.

Non é casual que o corresponsal de Moscova rexeitase rotundamente unha bebida "da capital". Os moscovitas realmente non coñecen tal cousa. *Café á moscovita* é un nome posto con fins publicitarios, un fenómeno parecido ó da *cervexa checa* que ás veces

[47] "По дороге позабыли, /Кто украл, а кто украден, - /И одна попона пыли /На коне и конокраде...".
[48] *Правда.*
[49] Hoxe, 1999, volve te-lo nome oficial de *Chemnitz.*
[50] "Было около четырех. Приближалось "священное" для всех жителей ГДР время - так называемая кофейная пауза. С 4 до 5 часов пополудни улицы пустеют, зато в кафе и барах негде яблоку упасть. Кофе здесь пьют, как говорится, и стар и млад. Причем способы его приготовления различны. В Карл-Маркс-штадте, например, есть кофе "по-московски", составные части которого, помимо, разумеется, кофе, - водка, ликер и вино. Я коренной москвич, но все же не рискнул попробовать этот экзотический напиток. На этот раз директор местного музея Эрхард Хейне угостил нас обычным "мокко" и рассказал о фронауерском молоте". (С. Байчаров "Ганс-молотобоец" - *Правда*, 1983, 26 марта, с. 5).

venden nas nosas cidades setentrionais para aumentaren a demanda desta bebida acidulada. En diferentes linguas hai moitas locucións que teñen falsas marcas nacionais. Unha vez tiven que participar xunto cun colega checo na busca do chamado *ovo ruso* (*ruské vejce*). O nome deste prato deixou perplexos os camareiros dos restaurantes de Moscova. Ó final resultou que era un ovo cocido con maionesa preparado dun modo especial, checo. Da mesma maneira, os tártaros saben pouco do *bisté tártaro* que se fai en Polonia de carne crúa; os franceses, sobre a *ensalada francesa* de mazás, ovo e cebola escaldada que preparan moitas familias rusas; e os rusos, sobre a *ensalada rusa* dos franceses (*salade russe*). Aínda que pareza raro, o último prato corresponde ó noso *винегрет* (vinegret) 'ensalada de legumes'. Este nome tomámolo emprestado precisamente do francés no século XVIII. Pero en francés a palabra *vinaigrette* ten outro significado culinario 'salsa de vinagre, aceite e sal'. Por iso, quizais necesitaron un nome á parte para o "verdadeiro" *vinegret*.

As observacións de tales anécdotas culinarias son importantes para a fraseoloxía no sentido restrinxido da palabra. Destes "medio termos" pódense forma-las expresións metafóricas. Entón xorde a necesidade da súa interpretación consecuente para non caer nunha equivocación nacionalista. Actualmente a locución designa unha marañada, barullo, desorde, miscelánea, rifa, follón. Sen saber que primeiramente a locución francesa tiña fixado un significado terminolóxico, é posible percibir negativamente o adxectivo *ruso* neste fraseoloxismo. Pero comprobamos que orixinariamente non hai ningunha valoración negativa do carácter dos rusos, porque a mesma palabra *salade* sen o adxectivo *russe* adopta en francés o significado figurado de 'barullo, marañada'. Do mesmo modo, en ruso as palabras *винегрет* (vinegret), *каша* (kaxa) e *кавардак* (kavardak), que antes designaban diferentes comidas, tiveron o mesmo desenvolvemento semántico. Entón no noso caso, ó principio, houbo simplemente "vinegret", que por motivos publicitarios denominaron *ensalada rusa*, e só despois se realizou a típica metáfora 'unha comida mesturada' →'barullo'.

Os casos descritos demostran unha vez máis a que tipo de erros pode levar unha ollada superficial da imaxe metafórica. Son nocivos os dous extremos: a acepción do internacional como puramente nacional e a interpretación pseudonacional do que parece ter boas marcas xeográficas. En resumo, son igualmente absurdos o *mujik* ruso cunha pose de toureiro español e a *ensalada rusa* representada como un grupo dos nosos compatriotas que se axitan en desorde nunha das rúas de París. Son absurdos, porque o primero e o segundo caso creounos unha falsa idea das coincidencias nacionais de ámbalas dúas expresións.

1.4. A historia do pobo, a historia da lingua e as pseudohistorias fraseolóxicas

Non cabe dúbida de que o material fraseolóxico ten moito valor para amosa-los feitos da cultura nacional. É importante que estes feitos sexan ben comprobados pola lingüística, probados co "dente" etimolóxico, antes de apareceren no ámbito da linguopaisoloxía.

Desgraciadamente, é difícil facelo. O carácter específico do desenvolvemento da fraseoloxía consiste en que esta, a diferencia doutras materias lingüísticas, comezou con observacións estilísticas, semántico-estructurais e comparativas (máis a miúdo no campo da teoría da traducción) e non con estudios histórico-comparativos. O aspecto histórico-etimolóxico segue sendo ata hoxe o talón de Aquiles da teoría e da práctica fraseolóxica.

En moitas investigacións científicas e libros de divulgación de lexicoloxía e fraseoloxía, en manuais para rusos e estranxeiros, podemos atopar interpretacións dos fraseoloxismos que os feitos lingüísticos non corroboran. A pesar diso, estas "explicacións" migran dun libro a outro dende a época das recompilacións de "apotegmas" de S. V. Maksímov, M. I. Mighelsón, S. Zaimovskii e, no mellor caso, "refréscanse" cuns detalles pintorescos de carácter etnográfico ou histórico. Sen embargo, os científicos constataron a incerteza destas fontes notando que, precisamente dende o punto de vista lingüístico, moitas explicacións histórico-etimolóxicas das expresións rusas son fantásticas. Así, xa na breve recensión do académico A. I. Sobolevski sobre o libro de S. V. Maksímov *Os apotegmas*[51], publicado en 1891, sublíñase que as interpretacións do autor «pouco explican os apotegmas e, en moitos casos, consisten en anécdotas que poden vir a conto ou non, e a súa información histórica e filolóxica distínguese por ter un fundamento dubidoso» (Макс., 391). A opinión de B. A. Larin non é menos severa. El chamoulles ás mencionadas recompilacións «libros anecdóticos ou medio anecdóticos» e subliñou, ó mesmo tempo, que «aquí non houbo verdadeiras investigacións sobre a historia das palabras, senón que se inventaba para o público e para os alumnos unha etimoloxía divertida nun estilo absolutamente medieval» (Ларин, 1940: 19).

Esta e outras recensións semellantes fan ser prudentes ó elixi-lo material destinado a obxectivos linguopaisolóxicos. O académico V. V. Vinográdov, que deu exemplos da profunda análise histórica de moitas locucións rusas

перемывать косточки	*lava-los ósos* 'rexoubar de alguén'
родиться в сорочке	*nacer nunha camisa* 'nacer de pé'
под мухой	*debaixo dunha mosca* 'bébedo'
на мази	*na pomada* 'cando un asunto está indo ben, está ben planeado'
etc.	

constatou un certo carácter adiviñatario en semellantes interpretacións, porque «aquí moi a miúdo temos que conformarnos con suposicións máis ou menos verosímiles» (Виноградов, 1954: 3).

¿De que depende a verosimilitude destas suposicións?

En primeiro lugar, da boa calidade do material lingüístico e extralingüístico usado para a súa argumentación. Como amosou N. I. Tolstoi, un dos máis importantes recursos "materiais" da análise histórica é o material fornecido polos dialectos provinciais rusos e eslavos que, ata hai pouco tempo, case non era empregado polos historiadores da

[51] *Крылатые слова.*

fraseoloxía (Толстой, 1973). Aínda que unha ampla base "material" non lle pode dar ó investigador seguranza completa, polo menos pode protexelo das hipóteses especulativas baseadas no "sentido común", na fantasía ou na actual experiencia lingüística. A nosa experiencia lingüística pode actualiza-la antiga lóxica interior do fraseoloxismo do mesmo xeito que os teatros modernos actualizan a Shakespeare e Gogol. Esta actualización está xustificada como renovación creativa dunha obra antiga ou dunha imaxe antiga, como transformación, no significado amplo da palabra, feita polo autor. Sen embargo, non pode pretender espella-la obxectiva realidade histórica. Para descubri-la verdadeira lóxica interior da expresión, en primero lugar, é necesario acudir ós feitos lingüísticos e só despois ós históricos, etnográficos e demais.

Na lingua, maiormente nas múltiples variacións da fala popular, aséntanse os rudimentos da imaxe orixinal, que no seu camiño á lingua literaria podía turbarse ou escurecer definitivamente. Para descubri-la lóxica desta imaxe no plano histórico, é necesario rexeita-los "prexuízos" do seu emprego literario moderno, que caracteriza unhas ou outras variantes como ocasionais, individuais, locais, etc. Cunha detallada análise linguo-xeográfica, a variante ocasional pode resultar ser non menos antiga cá normativizada pola literatura. Esta variante pode ser, ou ben a chave do enigma de toda expresión, ou ben a reflexión xustificada da motivación primitiva. Os argumentos importantes para a comprobación da orixinalidade dunha ou doutra variante son a amplitude de difusión nos dialectos rusos e nas linguas eslavas e maila capacidade da imaxe interior e da estructura de ser modeladas. A variante inicial e a imaxe orixinal búscanse co método da modelación semántico-estructural, ó que dediquei un libro especial (Мокиенко, 1980).

Pero o problema do diagnóstico da variante inicial do fraseoloxismo é bastante difícil, porque, en principio, o mesmo intento de reducir tódalas unidades fraseolóxicas a unha soa, á "inicial", é case a constatación de que existen ocasionalismos formados a partir dunha variante normativizada.

Realmente, como a maioría dos fraseoloxismos ó xurdiren eran combinacións libres, a súa propiedade orixinal era a substitución libre dos compoñentes. En consecuencia, as orixes da locución fixa podían ser, e ata debían ser, máis dunha expresión para que a substitución mutua dos compoñentes fose un fenómeno típico. Neste sentido a evolución do fraseoloxismo preséntase como un movemento dende a diversidade de variantes ata a uniformidade dos compoñentes, o "conservadorismo", da "antinorma" ata a norma e non ó revés. Durante este proceso cristaliza o modelo fraseolóxico, fórmase a súa lóxica interior.

Todo o dito pode ser ilustrado cun exemplo concreto de análise histórica e etimolóxica dirixida á revelación dos feitos fraseolóxicos importantes para a linguopaisoloxía.

Para iso, collemos algunhas das expresións máis frecuentes, que usan os lingüistas e os profesores de ruso para demostraren a relación da fraseoloxía coa vida do pobo, o grupo dos fraseoloxismos "históricos" no que se ve o carácter específico do desenvolvemento histórico ruso:

вольный казак *cosaco libre* 'persoa que non

	depende de ninguén’
Мамаево побоище	*batalla de Mamai* ‘desorde moi grande’
как Мамай прошел	*coma se pasara Mamai* ‘destruído completamente’
Казанская сирота	*orfo de Kazán* ‘persoa que finxe ser pobre e miserable’
во всю Ивановскую	*a toda Ivánovskaia* ‘con toda a forza ou intensidade’
плетение словес	*trenzado de palabras* ‘composición de textos orais ou escritos’
etc.	

(Верещагин, Костомаров, 1982: 94).

Neste mesmo grupo podemos incorpora-las expresións que espellan a representación de distintas esferas da vida de Rusia:

orixe militar:

кликнуть клич	*berrar un berro* ‘chamar por alguén’
разводить турусы на колесах	*estender unha charlatanería nas rodas* ‘facer contos para nenos’
брать на пушку	*apunta-lo canón* ‘enganar, ameazar por medio dunha falsidade’

relacionadas coa antiga secretaría

бить челом	*dar coa fronte* ‘solicitar’
положить под сукно	*poñer debaixo do pano* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’
отложить в долгий ящик	*poñer no caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’

co desenvolvemento da técnica:

на всех парах	*a todo vapor* ‘a todo gas’
дать зеленую улицу	*da-la rúa verde* ‘dar vía libre’
довести до белого каления	*poñer incandescente* ‘poñer fóra de si’, etc.

Non cabe dúbida de que moitas destas expresións están directamente relacionadas cos acontecementos ou realidades históricas.

Вольный казак cosaco libre ‘persoa que non depende de ninguén’, garda en si a memoria dos servos rusos fuxitivos que se escondían do poder tsarista nas periferias de Rusia e que compraban a liberdade prestando un servicio de garda fronteiriza, e tamén garda en si a marca lingüística da liberdade. A palabra turca *казак* significa literalmente ‘home libre’. Así se mantiveron os cosacos durante tódolas épocas.

Казанская сирота orfo de Kazán ‘persoa que finxe ser pobre, miserable’ lembra a ocupación da capital do ghanato de Kazán polas tropas de Iván o Terrible en outubro de 1552. Os príncipes-mirzás tártaros, intentando adaptarse ó novo poder, convertíanse ó cristianismo e mandaban ó tsar solicitudes onde, segundo a tradición, se declaraban “orfos” e se queixaban da súa triste sorte. O pobo converteu esta denominación despectiva nunha burla fraseolóxica que adquiriu agora un significado amplo. Actualmente dise das persoas que finxen ser desgraciadas, débiles ou ofendidas para conmoveren alguén ou moveren a súa compaixón.

Nas locucións *Мамаево побоище batalla de Mamai* ‘desorde moi grande’ e *как Мамай прошел coma se pasara Mamai* ‘destruír completamente’ atopámo-la lembranza da batalla no Campo Kulikóvoe en 1380, que iniciou a liberación do xugo de Horda. Mamai era o gobernador efectivo do gran territorio da Horda de Ouro dende os anos 60 do século XIV. Mamai pasou coas súas tropas coma un remuíño ata a actual rexión de Tula e, despois da derrota, emprendeu unha fuga vergonzosa a Crimea, onde morreu.

A correlación directa destas locucións coa historia de Rusia non suscita dúbidas e compróbase cos datos da fala popular rusa. Sendo bastante simple na súa forma e no seu contido, a expresión *вольный казак cosaco libre* ‘persoa que non depende de ninguén’ ten moitas variacións. Por exemplo, nos dialectos provinciais recolléronse comparacións da xente libre e independente co cosaco que, polo visto, crearon a nosa expresión literaria:

(Voronej) *вольный как казак* (Ройз. Хаз. Сл., 292)	*libre coma un cosaco* ‘que non depende de ninguén’
(Irkutsk) *ходит как вольный казак* (РАСл. Ольх.)	*anda coma un cosaco libre* ‘dise dun mozo que non depende de ninguén’

A mesma expresión *вольный казак cosaco libre* ‘persoa que non depende de ninguén’ está anotada nas comarcas de Nijni Nóvgorod (ПППЗ, 120) e Vólogda e, con iso, a súa fixación na rexión de Vólogda é bastante antiga, o século XVIII, e, ademais, dentro dun refrán

Купленой холоп, а не купленой волной казак (Сим., 215)	*O servo comprado e non o cosaco libre comprado*

Nas recompilacións rusas de refráns e ditos coñécese unha variante que se creou debido á falsa semellanza sonora das palabras *казак* (cazac) ‘cosaco’ e *коза* (coza) ‘cabra’. O refrán anotado na rexión de Pskov no século XVIII lese como *Лакома овца к соли, а казак к воли* (Lákoma ovtsá k soli a cazac k voli) *É moi rica a ovella con sal e o cosaco*

con liberdade (ШАп, 1959: 319). E o mesmo refrán na rexión de Vólogda soa como *Лакома овца к соли, а коза к воли* (Lákoma ovtsá k soli a coza k voli) *É moi rica a ovella con sal e a cabra con liberdade* (РПетр, 1880: 87; Сим.: 185).[52] Podiamos enumerar outros moitos refráns que espellan dunha ou doutra maneira a combatividade e o espírito libre dos cosacos:

Бог не без милости, казак не без счастья	*Deus ten piedade, o cosaco ten felicidade*
Казаки на порогах, что ини (иные) при дорогах: зацепят всякого, кто поедет мимо	*Os cosacos nos limiares das casas coma outros nas estradas: métense con calquera que pase ó seu lado.*

Este é o terreo lingüístico onde medrou a expresión orixinal rusa e realmente "histórica" *вольный казак cosaco libre* 'persoa que non depende de ninguén'.

As locucións *казанская сирота orfo de Kazán* 'persoa que finxe ser pobre e miserable' e *Мамаево побоище batalla de Mamai* 'desorde moi grande' teñen un carácter histórico real. Pero non teñen dificultades para se incorporaren á fala viva. Así, por exemplo, di unha das protagonistas de V. Xukxín empregando a primeira expresión onde se varía a palabra *сирота* 'orfo' e a orde de palabras:

> —¡Pero tedes fillos! —de repente Malixeva levantou nerviosamente a voz. —¿Por que finxides *se-los orfos de Kazán* [finxides ser pobres e miserables]? (*Desvergoñados*).[53]

E as variacións da locución sobre Mamai nos dialectos provinciais rusos son unha proba convincente do seu antigo e amplo uso:

(Olonets) *здесь как будто Мамай воевал* (ПИЗ, 154)	*aquí coma se guerreara Mamai* 'en desorde'
(Nijni Nóvgorod) *как будто после Мамаева побоища* (ПИЗ, 125)	*coma se fora despois da batalla de Mamai* 'en desorde'
словно шел Мамай с войной	*coma se fose Mamai coa guerra* 'en desorde'
точно Мамай со своей силой прошел (Мих, 1912: 810)	*coma se Mamai pasara coa súa forza* 'en desorde'

[52] **Nota do orixinal:** Véxase a moderna acepción infantil: A nai está a peitear a Liuda, que ten catro anos, e por descoido tíralle do pelo co peite. Liuda impa, está a punto de chorar. A nai di para consolala:
—¿Aguanta, cosaco, serás un atamán! [Terpí, cazac, atamánom búdex].
Pola noite Liuda xoga coa súa boneca, peitéaa e repite:
—¿Aguanta, cabra, e, se non, serás nai! [Terpí, caza, a to mamoi búdex]. (**К. Чуковский** *От двух до пяти* K. Chukovski, *De dous a cinco*. Minsk, 1983, páx. 19-20).

[53] "- У вас же дети! - вдруг нервно возвысила голос Малышева. - Чего вы сиротинками-то казанскими прикидываетесь?". (*Бессовестные*).

Comparen

(Omsk) *Буйло́ воевал* (1973: 19) *Builó guerreaba* ‘en desorde’

Polo tanto, o principio da previa aprobación oral dos fraseoloxismos (da súa importancia falamos antes) aquí tamén se mantivo rigorosamente.

Imos ver se hai desviacións deste principio na serie de recoñecidos “historismos” fraseolóxicos. Se facemos un estudio coidadoso, podemos atopar, por moi estraño que pareza, estes xiros: *отложить (положить) в долгий ящик deixar (meter) no caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto), apraza-la tramitación (dun expediente)’.

Buscaremos inutilmente as súas variacións e prototipos nos diccionarios dialectais ou recompilacións paremiolóxicas. Esta locución mostra unha asombrosa rixidez na súa composición léxica e emprégase exclusivamente seguindo a norma. As únicas modificacións “legalizadas” —delas falaremos en adiante— pódense atopar no século pasado. En vez do verbo *положить* ‘meter’, podían empregar *попасть* ‘aparecer’ e *пойти* ‘ir para’ e, en vez de *долгий* ‘alongado’, empregaban *длинный* ‘longo’ e máis raramente *дальний* ‘afastado’. Pero estas variantes, moi poucas, de ningún modo podemos cualificalas como pertencentes á fala, porque foron empregadas só na lingua literaria. Todo iso é un posible sinal da procedencia non orixinaria da locución *положить в долгий ящик meter no caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto), apraza-la tramitación (dun expediente)’, porque precisamente os calcos, as locucións traducidas literalmente, soen conservar unha incrible estabilidade da composición e invariabilidade da forma na lingua que os adaptou.

Por moi estraño que sexa, realmente supoñémolo. Pois a locución sobre o caixón é unha “clásica” locución orixinal rusa claramente relacionada coa nosa historia. A súa orixinalidade nacional é, dende hai moito tempo, subliñada polos autores de diccionarios, polos etimólogos, e polos divulgadores da lingüística. Así, no prefacio do libro de E. A. Vartanián, o escritor L. V. Uspenski escribe que «os ditos do tipo *кричать на всю Ивановскую berrar a toda ivánovskaia* ‘berrar con tódalas forzas’, *погибоша аки обре pereceron coma os ávaros* ‘dise de alguén ou algo que pereceu, desapareceu sen deixar rastro’[54] ou *зарубить себе на носу fender no propio nariz* ‘memorizar ben algo’ xurdiron sen dúbida na nosa casa: ningún estranxeiro ten oído falar dos postes de *verstá*[55] de Kolomna (véxase *коломенская верста poste de Kolómenskaia* ‘dise dunha persoa moi alta’), nin dos caixóns alongados (véxase *в долгий ящик положить meter nun caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’; se saben deles é só por nós» (Вар., 10).

Esta indubidable incorporación do fraseoloxismo sobre o *caixón alongado* á fraseoloxía rusa está condicionada, en primeiro lugar, pola tradicional interpretación etimolóxica,

[54] A expresión foi collida do antigo manuscrito ruso *Повесть временных лет Crónica dos anos*, que foi composto por un monxe, Néstor, no século XII. Neste manuscrito cóntase que os ávaros, habitantes de Daguestán, despois de someteren no século VI a tribo eslava dos dulebos, tratáronos con moita crueldade, e, por iso, Deus exterminou os ávaros.

[55] Os postes de *verstá* servían para sinaliza-las distancias nun camiño ou estrada. *Verstá* é unha medida de lonxitude tradicional rusa (1,06 km).

que o relaciona cun período concreto da historia rusa, o goberno do tsar Alexei Migháilovich (1645-1676). Segundo esta versión, o tsar mandou fixar un caixón "alongado", é dicir, longo, nun poste cerca do seu pazo en Kolómenskoie. Neste caixón metíanse as solicitudes que Alexei Migháilovich lía cada día (antes do seu goberno as solicitudes deixábanse habitualmente nas tumbas dos antepasados do tsar na catedral Arghangelski). Parece que o caixón era longo a causa dos longos rolos nos que se redactaba toda a documentación antes do goberno de Pedro I, que os substituíu polas follas de modelo holandés. As respostas dos burócratas tsaristas ás solicitudes e o exame das queixas non eran rápidas, o que, polo visto, facilitou que xurdise o sentido figurado da expresión 'tardar moito en solucionar algún problema', 'darlle a un asunto un aprazamento indeterminadamente longo'.

Esta interpretación "histórica" do fraseoloxismo, que se acepta como a única, xa hai tempo que está no diccionario de V. I. Dal: «durante o reinado de Alexei Migháilovich houbo un caixón alongado para meter alí as solicitudes» (Даль IV, 683). Historiadores do ruso e da etnografía rusa tan importantes como F. I. Busláev, B. I. Mighelsón e S. B. Maksímov non dubidan da estreita relación histórica da expresión *отложить в долгий ящик meter no caixón alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)' co hábito establecido por Alexei Migháilovich. A maioría dos lingüistas modernos ou divulgadores da lingüística aceptan esta interpretación.

Outro grupo de paremiólogos e historiadores do ruso, ó subliñaren a orixinalidade desta expresión, sen rexeita-la súa relación co *caixón alongado* de Alexei Migháilovich, achegan tamén outra explicación que remonta o fraseoloxismo a algúns detalles da secretaría do xulgado da Rusia dos tempos de antes de Pedro I. Por exemplo, un dos paremiólogos do século pasado explica a locución do seguinte modo:

> O tsar Alexei Migháilovich montou un caixón duradeiro, alongado, xunto ó pazo de Kolómenskoie. Neste caixón tódolos que querían podían mete-las súas solicitudes dirixidas ó tsar, que as lía todas a cotío. A solución saía pronto do pazo tsarista pero, ó pasar polas mans dos boiardos[56] e dos clérigos, o asunto *alongábase*. Os rumores sobre a lentitude da burocracia moscovita, a pesar de montar este caixón, seguían sendo os mesmos, e o propio caixón de longo pasou a ser alongado. Pero o máis probable é que baixo o caixón alongado entenderan *рундук* a 'hucha' que servía nas antigas secretarías (*приказ*) de banco para sentar e de arquivo onde os clérigos gardaban tódolos papeis. No último sentido *положить в долгий ящик meter no caixón alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)' corresponde á actual expresión: *положить под сукно meter por debaixo do pano* (Ермаков, 1894: 26).
>
> I.I. Ilústrov (1910: 239) atribúelle-la expresión *положить в долгий ящик meter no caixón alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)' ós tradicionais picapreitos da antiga secretaría.

E. A. Vartanián sostén unha opinión semellante. Ó poñer en dúbida a relación do fraseoloxismo *отложить в долгий ящик meter no caixón alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)' co exame das solicitudes por Alexei Migháilovich hai 300 anos, escribe:

[56] Os boiardos eran os aristócratas rusos máis próximos ó tsar.

> Sen embargo, é difícil garanti-la exactitude desta explicación: pois non dicimos *опустить* 'botar' ou *положить* 'meter', senón ***отложить в долгий ящик*** *deixar no caixón alongado* (a negriña é de E. A. Vartanián).

Pódese pensar que a nosa expresión podía nacer máis tarde, en *присутствие*, nas oficinas estatais do século XIX. Non cabe dúbida de que os funcionarios de entón, ó recibiren distintas peticións, queixas e solicitudes, as seleccionaban meténdoas en distintos caixóns. O caixón onde metían os papeis dos asuntos non urxentes podían chamalo *alongado*. Está claro que os solicitantes tiñan medo deste caixón. (Варт., 37)

A actitude crítica de E. A. Vartanián respecto á etimoloxía tradicional parece ter xustificación lóxica. Pero a argumentación lingüística da interpretación proposta non é moi correcta. Xa no século pasado a expresión podía empregarse co verbo *положить* 'meter', así como cos verbos *попасть* 'caer' ou *пойти* 'ir para'[57]:

> O monseñor pode manda-la súa bendición dentro de dúas semanas ou dentro dun mes, ou *mete-lo* papel do arcipreste de Ialutorovo *no caixón alongado* [poñerlle un croio]. (I.D. Iakuxin a M.A. Fonvizin, abril-xuño de 1846).
>
> É probable que esta causa (o asasinato —V. M.) *quedara nun caixón moi alongado* [lle puxeran un croio] se non colleran nalgún lugar do distrito de Ixim un bébedo *tselovalnik*[58] que recoñeceu que... (I.D. Iakuxin a I.I. Puxin, 28 de agosto de 1841).
>
> E despois de todo o asunto *foi para o caixón alongado*...[púxoselle un croio]. (M.E. Saltikov-Xedrín, *Os discuros xenerosos.*[59]

Semellantes empregos, incluso co verbo *положить* 'meter' en vez de *отложить* 'apartar, deixar' podémolos atopar na prensa actual:

> Nos Estados Unidos hai moita xente perspicaz que sabe das graves consecuencias que pode trae-lo regreso a unha política incompatible co desarmamento. É característica neste aspecto a reacción nos Estados Unidos ó desexo de *meter no caixón alongado* [poñerlle un croio] o Convenio de Reducción de Armas Estratéxicas – 2. (*Pravda, 1980,* 8 de xaneiro, páx. 5).[60]

Polo tanto, para critica-la versión tradicional non é posible apoiarse só no rexeitamento da variabilidade do compoñente verbal *отложить* 'apartar, deixar', que realmente é o que máis se emprega nesta expresión.

---

[57] Nota do orixinal: As ilustracións son do libro de F. G. Guseinov. *Гусейнов Ф. Г. Русская фразеология A fraseoloxía rusa*, Bacú, 1977, p. 97.

[58] *Tselovalnik* era un funcionario público encargado de recaudar impostos e levar a cabo diversas tarefas xudiciais e policiais (séculos XV-XVIII) ou un taberneiro.

[59] "Владыко может прислать свое благословение через две недели или через месяц, или еще положить бумагу Ялуторовского протопопа в длинный ящик". (И. Д. Якушин М. А. Фонвизину, апрель-июнь 1846).
"Вероятно дело это (об убийстве - В. М.) попало бы в очень длинный ящик, если бы где-то в Ишимском округе не попался какой-то пьяный целовальник... который признал, что...". (И. Д. Якушин И. И. Пущину, 28 августа 1841 года).
"А потом за тем да за сем - и пошло дело в длинный ящик" (М. Е. Салтыков-Щедрин, *Благонамеренные речи*).

[60] "В Америке немало дальновидных людей, которые представляют себе, к каким тяжелым последствиям может привести возврат к политике, несовместимой с разрядкой. Характерна в этом отношении реакция в США на попытки положить в долгий ящик Договор ОСВ-2" (*Правда*,1980, 8 января, с.5).

Pero os partidarios da segunda interpretación subliñan o carácter específico nacional e orixinal da expresión *отложить в долгий ящик meter no caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’. E aínda máis, E. A. Vartanián, como vimos, data o nacemento desta expresión xa no século XIX e non no XVII, o que fai a súa inscrición no rexistro ruso aínda máis “histórica”. El baséase precisamente na visión crítica da etimoloxía dos antecedentes. Non é casual que o último compendio popular de etimoloxías dos fraseoloxismos rusos, ó admiti-la posibilidade das dúas interpretacións, cualifique esta expresión como orixinal rusa (КЭФ, 1979, N1: 49-50).

Pero a análise do material doutras linguas eslavas demostra o erro desta cualificación adoptada pola fraseoloxía rusa. Para a zona oriental eslava, en todo caso, é posible supoñer que é un préstamo directo do ruso.

Na lingua ucraína esta expresión é coñecida a través de dúas variacións léxicas:

відклати (відкласти) в довгий ящик	*meter nun caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’
відкладати (відкласти) у довгу шухляду	*meter nun caixón de mesa alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’

Na lingua belorrusa esta expresión non é coñecida no emprego literario pero está fixada na zona limítrofe coa rusa:

адкладаць у доўгій яшчык	*meter nun caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’
адклад (адкладание, дакладыванне) у доўгій яшчык (Ю, 1972: 31-32)	*introducción de algo nun caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’

Xa a mesma identidade estructural e significativa xunto coa ausencia de variación activa pode converterse, como demostrou de maneira convincente N. I. Tolstoi (1973), na testemuña do carácter emprestado da fraseoloxía, neste caso, do préstamo do ruso. Para o bielorruso, un argumento máis a favor diso é a ausencia no léxico básico da lingua da palabra *яшчык* ‘caixón’, que entra nesta expresión fixada nos dialectos populares de Mstislavxina. Para o ucraíno, serven de proba varios feitos. En primeiro lugar, a expresión ucraína *відкладати в довгий ящик/у довгу шухляду meter nun caixón alongado/meter nun caixón de mesa alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’ non está incluída no diccionario dialectal de B. D. Grínchenko. En segundo lugar, un dos primeiros empregos desta expresión na lingua literaria ucraína pertence a I. P. Kotliarevsqui (1769-1838), ademais, en forma moi aproximada precisamente ó fraseoloxismo ruso *откладовать в довгий ящик meter no caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’:

> Natalka.- Xa dixen que o farei por ti [pola nai –V.M.] pero non vos precipitedes coa voda.

> Víborni.- Para que imos *poñelo nun caixón alongado* [poñerlle un croio]. Nós mesmos podemos decidilo. (*Natalka-Poltavka*).[61]

Polo visto, as variantes indicadas eran a consecuencia da adaptación, cada vez máis natural, da expresión rusa á lingua ucraína.

É ilustrativo que os historiadores do ucraíno despois de S. V. Maksímov relacionen directamente a expresión *відкладати в довгий ящик/у довгу шухляду meter nun caixón alongado/meter nun caixón de mesa alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)' cos hábitos burocráticos rusos do exame das solicitudes nos tempos de Alexei Migháilovich (Скрипник, 1973: 157; Медведев, 1977: 94).

En realidade, xorden algunhas dificultades ó comparármo-los fraseoloxismos ruso e ucraíno dende un punto de vista histórico. Estes están vinculados á variante léxica *в довгий ящик - у довгу шухляду no caixón alongado – no caixón de mesa alongado*. O primeiro substantivo agora correspóndese semanticamente co substantivo ruso *ящик* 'caixón', aínda que na fala popular ucraína tiña outros significados 'caixa do carro', 'lata, xerro' (Гр., IV, 546). O significado da palabra *шухляду* é moi concreto e está especificado: non significa un caixón en xeral, senón o caixón da mesa. Desta maneira, o material ucraíno ofrece moitas posibilidades para refuta-la etimoloxía tradicional, que relaciona a expresión sobre o *caixón duradeiro* co goberno de Alexei Migháilovich: a palabra *шухляду* 'caixón de mesa' demostra que se trata posiblemente das mesas das secretarías, onde metían para un longo período os papeis que non esixían unha resolución urxente.

¿E posible que o ucraíno *відкладати у довгу шухляду meter no caixón de mesa alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)' sexa unha variante casual, específica nacional, que non se relaciona coa historia da nosa expresión? Resulta que non: as buscas dunha correspondencia semántico-estructural total lévannos á expresión checa arcaizante *do dlouhé truhly něco založiti meter nunha arca longa* 'esquecer algo, deixar algo para outra ocasión' (Čel., 625). A palabra *truhla* significa aquí 'arca, hucha', é dicir, exactamente o mesmo cá palabra oriental eslava *ящик* nas expresións citadas. Ben mirado, as expresións antiga checa e actual rusa e ucraína son equivalentes fraseolóxicos absolutos porque a súa semántica, forma interior e estructura coinciden completamente.

A separación das áreas da expresión ruso-ucraína e checa podería indicar que a semellanza entre elas é puramente tipolóxica se non houbera unha excepcional igualdade semántico-estructural. Só podemos descubri-las causas desta igualdade cunha análise histórica e lingüística máis detallada.

En primeiro lugar, é importante a fixación cronolóxica das expresións rusa e checa nas súas respectivas fontes.

A expresión rusa, de momento, podemos considerar que se fixou por primeira vez a mediados do século XVIII: na recompilación de refráns de A. M. Bogdánov, escrita á

[61] "Наталка. Так я сказала уже, що все для тебе (матери - V. M.) зроблю, тілько щоб не спішили з весіллям.
Виборний. А нащо одкладовать в довгий ящик; адже ми не судд.". (*Наталка-Полтавка*).

man en 1741, figura baixo a forma forma *в долгий ящик no caixón alongado* sen interpretación (ППЗ, 144). Nas fontes lexicográficas rusas recóllese só a principios do século XIX: *O Diccionario da Academia Rusa*[62] interpreta a locución *откладывать дело в долгий ящик meter un asunto no caixón alongado* como 'deixar, aprazar, tardar en resolver un asunto'. Esta mesma definición e a mesma forma aparecen noutros diccionarios do século XIX.

A primeira fixación da expresión xa testemuña que a combinación co verbo non está suficientemente normativizada. Tampouco houbo nos séculos XVII-XIX unha codificación ríxida do adxectivo que cualificaba o compoñente *ящик* 'caixón'. Na literatura do século XVIII, por exemplo, na peza de A. Kniajnín *O noivo de tres noivas*[63] a expresión emprégase baixo a forma *откладывать в длинный ящик meter nun caixón longo*:

> Liubomisl.- ¡Non fun eu, gracias a Deus! Estragou tódolos asuntos coma se nivelara tódalas pequenas elevacións de terreo; e, para non tardar cos concertos e *non meter no caixón longo* [non poñerlle un croio], podo irme e leva-la noiva.[64]

No século XIX son coñecidas as variantes в длинный ящик *caixón longo* e в дальний ящик *caixón afastado*:

> E, despois de todo, o asunto foi *para o caixón longo* [esquecido]... (M.E. Saltikov-Xedrín, *Os discursos xenerosos*).
>
> Só *metía* o día da partida *no caixón afastado* [poñíalle un croio]. (A.F. Pisemski, *Foca*).[65]

Xa observamos que a expresión *откладывать в долгий (длинный, дальний) ящик meter nun caixón alongado (longo, afastado)* 'poñerlle un croio (a un asunto)' case non se cita nas fontes dialectais rusas. Entre as recompilacións locais de refráns e ditos fíxana as notas de A. Buturlín (dos anos 1849-1865) tomadas na comarca de Nijni Nóvgorod:

> Non é necesario *mete-lo asunto nun caixón afastado* [aprazar].[66] (ППЗ, 144).

É importante dicir que na presente recompilación hai moitos refráns de procedencia literaria. Nas actuais fontes dialectais a expresión sobre o *caixón alongado* case non se atopa. A única nota do *Ficheiro da Universidade de San-Petersburgo* (КПОС), por exemplo, reflicte a súa variante contaminada, semanticamente alterada *пускаться в долгие ящики lanzarse nos caixóns alongados*:

> Non me vou *lanzar nos caixóns alongados*" [non vou falar moito][67] (distrito

[62] *Словарь Академии Российской.*
[63] *Жених трех невест.*
[64] "Любомысл. Не я, слава богу! Все дела, как кочки, переломал; а чтобы сговором не мешкать и не откладывать в длинный ящик; так я могу ехать и привезти сюда невесту."
[65] "А потом за тем да за сем - и пошло дело в длинный ящик" (М. Е. Салтыков-Щедрин, *Благонамеренные речи*).
"Он только день отъезда откладывал в дальний ящик". (А. Ф. Писемьский, *Тюфяк*).
[66] "Не для чего откладывать дело в дальний ящик".
[67] "Я не буду пускаться в долгие ящики".

Plussqui, aldea Doljitsi).

O significado desta expresión é ‘falar moito, gastar tempo en conversas longas’ e difire moito da semántica do fraseoloxismo literario.

Case igual é a esfera do emprego da expresión *відкладати в довгий ящик/у довгу шухляду meter no caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’ na lingua ucraína. Dende a primeira metade do século XIX úsase só na literatura e case non está representada nas fontes paremiolóxicas e dialectais. Todo isto testemuña que estas expresións teñen orixes librescas e literarias na zona oriental eslava e que o máis probable é que sexan préstamos.

O carácter de préstamo, non eslavo, das expresións coa mesma motivación confírmao o material ucraíno, porque a palabra ucraína *шухляда* ‘caixón de mesa’ remonta á palabra alemana *Schublade* ‘caixón de mesa’.

O caso das expresións rusa e ucraína *отложить в долгий ящик, відкладати в довгий ящик meter nun caixón alongado* e antiga checa *do dlúhé truhly založiti meter nunha arca longa* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’ é máis complicado. A última expresión recóllese nas fontes checas xa dende o século XVI con diferentes variacións léxicas e morfolóxicas:

do dlouhé truhly založiti	*meter nunha arca longa*
v dlouhé truhle zůstat	*quedarse nunha arca longa*
do dluhé truhlicě klásti	*meter nun caixonciño alongado*
do dlouhé truhlicě zamíkati	*encerrar nun caixón alongado*

(Flajšhans, II, 681).

O sentido figurado destas locucións é o mesmo có da rusa *отложить в долгий ящик meter nun caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’. No século XVII estas expresións xa desaparecen do uso literario checo.

V. Flajšhans ten toda a razón cando di que os antigos fraseoloxismos checos son calcos do alemán *in die lange Truhe legen meter algo nunha arca prolongada* ‘aprazar para un tempo indefinido a solución dalgún asunto’. Esta expresión alemana, recollida nas antigas recompilacións de refráns e ditos, tamén se fixo arcaizante e na lingua moderna non se emprega. O diccionario de Jacob e Wilhelm Grimm recóllea con distintas variantes do verbo: *in die lange Truhe legen (spielen, schiessen, bringen) meter (xogar, disparar, traer) nunha arca prolongada* e sublíñase que foi usada só ata principios do século XVIII, sendo un sinónimo perfecto da expresión amplamente coñecida no alemán moderno *etwas auf die lange Bank schieben poñer nun banco longo* (Grimm, IX, 1327). Os primeiros contextos en que se emprega están recollidos no diccionario dos Grimm dende 1481. Nel dáse tamén unha interpretación histórico-etimolóxica da forma interior do fraseoloxismo baseada no significado da palabra *die Truhe* ‘arca, hucha’. Estes caixóns-arcas no procedemento xurídico medieval alemán soían usarse para garda-las actas e as causas que non se resolvían inmediatamente e se aprazaban por un tempo indefinido.

Sen embargo, algúns investigadores alemáns explican o significado da palabra *Truhe* dunha maneira algo diferente. Así, o famoso paremiólogo F. Seiler subliña que significaba ‘arca para sentarse’ - *Sitztruhen* (Seiler, 1922: 351). Con esta interpretación o científico intenta unir loxicamente as expresións *in die lange Truhe legen poñer nunha arca longa* e *etwas auf die lange Bank schieben poñer nun banco longo*.

O último fraseoloxismo, onde a palabra *Bank* significa ‘banco, escano’, tamén o remonta ó procedemento xurídico medieval alemán. Detrás dos xuíces e dos xurados soía haber uns bancos en forma de arcas grandes. Sobre eles puñan as carpetas coas causas, e as que non esixían unha resolución inmediata afastábanse, “apartábanse” (*schieben* ‘apartar, mover’) ata o mesmo fin do banco (Borchardt, Wustmannm, Schoppe, 51; Seiler, 1922: 251; Küpper, I: 89).

A expresión *etwas auf die lange Bank schieben poñer nun banco longo* tamén ten unha fixación bastante antiga na literatura alemana. Os diccionarios alemáns recóllena dende, máis ou menos, o ano 1500 (Grimm, I: 1108). Ademais, esta expresión tiña o seu antónimo fraseolóxico *etwas durch die lange Bank schellen tirar algo sobre o banco* ‘librarse de algo’.

Como vimos, os paremiólogos checos inclúen sen a máis mínima dúbida a antiga expresión checa *do dlúhé truhly založiti meter nunha arca longa* ‘poñerlle un croio a un asunto’ entre os xermanismos. Na paremioloxía rusa, pola contra, sublíñase o carácter específico e a orixinalidade nacional da expresión *отложить в долгий ящик meter nun caixón alongado* ‘poñerlle un croio (a un asunto)’. Só unha fonte, o diccionario de M. I. Mighelsón, cita o equivalente alemán *etwas auf die lange Bank schieben* ó explica-lo significado da expresión rusa sobre *o caixón alongado*. M. I. Mighelsón considera as expresións rusa e alemana como paralelas fraseolóxicas independentes. As súas historias non están relacionadas. Isto é o que demostra, ante todo, a interpretación histórica da expresión rusa feita baixo o espírito da anterior tradición “nacional”:

> Cerca do pazo de Alexei Migháilovich na vila Kolomenskoe fíxose nun poste un caixón longo onde metían as solicitudes que o tsar examinaba moi rápido, pero que quedaban sen movemento ningún a causa da lentitude nas secretarías (Мих. II, 77-78).

Pero a análise arriba feita do material eslavo permite recoñecer con seguridade que os fraseoloxismos checo e ruso son calcos do alemán. A fixación relativamente serodia (sec. XVII) en comparación coa fonte alemana (sec. XV), o uso exclusivamente literario e libresco (sobre todo na primeira etapa), a ausencia dun número alto de variantes na fala viva, a rixidez da estructura e da semántica son características do calco fraseolóxico.

Pero este xermanismo tivo distinta sorte nas linguas dos eslavos orientais e occidentais. En checo a expresión *do dlouhé truhly něco založiti poñer nunha arca longa*, divulgada no século XVI, despois desapareceu completamente do uso. Neste proceso tivo relevancia a decadencia xeral da lingua literaria checa despois da derrota dos checos na batalla de Belaia Gora (1620) contra as tropas de Bavaria e a perda da independencia de Chequia. Durante o rexurdimento nacional (século XIX) nin sequera a súa incorporación no diccionario de J. Jungmann e na recompilación paremiolóxica eslava de F.

Čelakovský axudaron a renovar este fraseoloxismo, porque o mesmo prototipo alemán converteuse daquela nun arcaísmo e non podía ser fonte nin estímulo para o calco.

O fraseoloxismo ruso *отложить в долгий ящик meter nun caixón alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)', como tamén demostra a forma interior e a rexencia preposicional, non tiña como fonte a expresión moderna *etwas auf die lange Bank schieben poñer nun banco longo*, senón a expresión que se usaba ata o século XVIII *etwas in die lange Truhe legen poñer nunha arca longa*. É sintomática a súa entrada na lingua rusa precisamente na primeira metade do século XVIII, durante un período activo de rexurdimento da lingua literaria a partir dos fundamentos nacionais. Debido ás reformas de Pedro I, este período «coincidiu cun proceso moi activo de adaptación de préstamos "exteriores" das linguas europeas occidentais, cunha politecnificación da lingua e cunha complicación das funcións do contido da lingua oficial, administrativa» (Виноградов, 1938: 91). Ó lado destes préstamos administrativos, no ruso e, máis tarde, no ucraíno penetrou o fraseoloxismo sobre *o caixón alongado*, que simbolizaba o lento procedemento xudicial da burocracia medieval alemana. Este símbolo axiña se transformou seguindo as tradicións rusas da época de antes de Pedro, e empezouse a interpretar como un relicto da lentitude da burocracia durante a época de Alexei Migháilovich á hora de examina-las solicitudes. Precisamente esta transformación, a causa da "proximidade burocrática" de dúas épocas da historia rusa tan sumamente diferentes, converteuno nun convincente fraseoloxismo nacional.

Para o ruso do período posterior a Pedro, a oposición "propio/alleo" non foi insuperable, a pesar de tódolos esforzos dos puristas. Os novos elementos lingüísticos estranxeiros adoptábanse de forma activa xunto coas novas realidades e conceptos. Non podía haber unha loita forte entre o "propio" e o "alleo", porque o primeiro xa resistía bastante a competencia para absorbe-lo segundo sen corre-lo risco de se disolver nel. Aínda que o bilingüismo foi característico da clase culta da Rusia do século XVII, non era unha condición imprescindible para tomar emprestado o léxico e a fraseoloxía, nin activaba o proceso do préstamo. Por iso, o calco fraseolóxico do alemán *in die lange Truhe legen*, que era arcaizante xa no século XVIII, podía comprenderse sen o fondo bilingüe. Ó traducila literalmente ó ruso, esta expresión perdeu pronto a relación co seu prototipo e empezou unha nova vida rusa. Iso precisamente pode explica-la relación estable desta expresión coas solicitudes dirixidas a Alexei Migháilovich que establece V. I. Dal e tódolos paremiólogos e historiadores da fraseoloxía rusos. Esta interpretación etimolóxica incorrecta espella claramente a percepción nacional do préstamo fraseolóxico. Como moitos xermanismos léxicos do tempo de Pedro (do tipo *парикмахер* 'perruqueiro', *вахтер* 'porteiro', *почтмейстер* 'carteiro'), este arcaísmo fraseolóxico, perdido no alemán, segue tendo unha vida activa no ruso.

As raíces da maioría dos préstamos nas linguas eslavas van ó terreo do rexurdimento nacional dos séculos XVII-XVIII. Para descubrirmos estas raíces, é necesario establecer unha fixación relativamente fiable dos fraseoloxismos no tempo e atopa-lo seu concreto prototipo estranxeiro. Así é como debemos entende-lo carácter específico da interacción do "propio" co "alleo" nas concretas condicións culturais e históricas do desenvolvemento da lingua literaria.

1.5. ¿A praza Ivánovskaia ou a forza ivánovskaia?

O método da modelación semántico-estructural do fraseoloxismo é mesmo efectivo nos casos en que se converte nun instrumento de comprobación das hipóteses dubidosas sobre a procedencia das expresións orixinais rusas.

Velaquí un fraseoloxismo máis dos que, segundo a opinión unánime, está recoñecido como "reflector" da historia e cultura rusas:

во всю ивановскую — *a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade'.

Non é posible poñer en dúbida que é realmente ruso porque o particular nome nacional Iván (*Иван*) forma parte del. Pero non está de máis comprobar o seu carácter "histórico" con métodos puramente lingüísticos.

Os afeccionados á historia e á literatura rusas, dende hai moito tempo, usan a expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' para confirmaren a tese —correcta en principio— de que a lingua espella unha realidade histórica concreta. Esta expresión realmente é cómoda dende este punto de vista se admitímo-la coñecida lenda antiga sobre a súa relación co campanario de Iván o Grande no Kremlin.

Velaquí un dos últimos ensaios lingüísticos e xeográficos sobre este tema, onde moitos interesantes e fiables feitos da historia rusa están iluminados a través do prisma da interpretación tradicional do fraseoloxismo. Forma parte do libro de V. B. Muraviev *As lendas e os feitos literarios de Moscova*[68]. Nesta obra recóllese información sobre o pasado e a actualidade da nosa capital. Pero esta información non leva sempre a unha solución etimolóxica correcta:

> ¡Ala, empeza *a toda ivánovskaia* [con tódalas forzas]!
>
> Dirán así e para todos está claro que isto significa 'en voz alta, con toda a voz e, ademais, bravamente, audazmente'.
>
> A expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' provén do antigo termo dos campaneiros *tocar toda a familia das campás*, que significaba tocar tódalas campás que había no campanario. Como os campanarios tiñan nomes propios, a "familia das campás" denominábase segundo estes nomes.
>
> "A familia das campás" do campanario de Iván o Grande en Moscova chamábase *Ivánovskaia* "de Iván".
>
> Iván o Grande era a construcción máis alta de Moscova. Víase dende tódolos lados coa súa cabeza dourada erguida sobre toda a cidade.
>
> Xa o mesmo nome do campanario —non o oficial, senón o popular de Iván o Grande— determinaba o seu lugar e a súa importancia na conciencia do moscovita e de calquera persoa rusa. Era un símbolo de Moscova e, en consecuencia, de toda

[68] *Московские литературные предания и были.*

Rusia.

No pobo estaba divulgada a crenza de que mentres existira Iván o Grande, existiría Rusia. En 1812 Napoleón mandou bombardea-lo campanario. A explosión destruíu as edificacións anexas, a onda explosiva arrancou a cruz, pero o campanario quedou intacto. Os moscovitas vían niso un bo augurio. E cando en 1813, no campanario de Iván volveron soa-las campás, en Moscova houbo unha festa: o toque de Iván o Grande anunciaba o rexurdimento de Moscova.

M. Iu. Lérmontov presentou Iván o Grande como símbolo de Rusia oposto a Napoleón no poema "Dous xigantes"[69]:

> Nun gorro de ouro fundido
> Un vello xigante ruso
> Estaba agardando polo outro xigante
> Dos alleos países afastados·.[70]

Iván o Grande non era só o campanario máis grande de Moscova, senón que tiña o maior número de campás e, ó mesmo tempo, as meirandes.

Na súa torre ubicábanse case 30 campás. As máis grandes tiñan os seus nomes propios: Grande ou Festivo, de 65 toneladas; Reut ou Revut, de 32t 760 kg; Diario de 13t; Oso de 7t; Cisne de 7t, e así ata o Anónimo que pesaba 1.071 quilos.

¡É posible imaxinar que ruído había cando tocaba toda a "familia das campás de Iván"! (Муравьев, 1981: 74-75)

A "certeza irrefutable" dos feitos expostos sobre a expresión *во всю ивановскую*, 'con toda a forza ou intensidade' dende logo ten un poder máxico. Durante máis de cen anos os lingüistas, etnógrafos e historiadores non dubidaron desta explicación "histórica". Pero, ó relacionaren a expresión coa historia do Kremlin, algúns intérpretes prefiren a versión da praza á do campanario. Xa I. M. Sneguiriov (Снегирев, 1854: 188), ó explica-la expresión *катай во всю ивановскую roda a toda Ivánovskaia*, subliña que Ivánovskaia é «unha praza ou rúa no Kremlin de Moscova» cerca de Iván o Grande e di, de paso, que «a xente sinxela de Bulgaria aínda chama a tódolos rusos co nome de Iván, e os gregos que viven alí chámanlle a Rusia o país dos Iváns».

Na praza Ivánovskaia, seguindo os relatos de moitos divulgadores da fraseoloxía rusa, os clérigos lían publicamente en voz alta os *ukases*[71] do tsar (Варт., 133; Альп., 10; Шанский, 1963: 79; Маслов, 1975: 145, etc.). Estes relatos a miúdo adornábanse con detalles ben curiosos. Velaquí un cadro máis da vida cotiá moscovita medieval e, en certo xeito, un novo cambio semántico na historia da nosa expresión:

> Ás veces aquí (na praza Ivánovskaia -V. M.) castigaban os clérigos polos subornos e pola corrupción. O castigo consistía en que os puñan na picota cos obxectos roubados colgados do pescozo: peles, pescado salgado, etc. Noutros casos dábanlles xostreadas e paos sen piedade e, por iso, gritaban por toda a praza Ivánovskaia (Ермаков, 1894: 25).

[69] "Два великана".
[70] "В шапке золота литого /Старый русский великан /Поджидал к себе другого /Из далеких чуждых стран".
[71] *Ukas* era un edicto do tsar de Rusia.

En fin, nalgunhas rexións de Rusia intentaban explicar esta expresión a partir das realidades locais (por analoxía coa praza Ivánovskaia en Moscova). En Povoljie[72], como tal, relaciónana coa feira Ivánovskaia na aldea de Kresti do antigo *uiezd*[73] Xádrinski. No século pasado ocupaba o terceiro lugar, despois das feiras de Nizni Novgord e Irbit, pola cantidade de operacións comerciais (СРЯ, IX, 25).

Pois, sen dubidar da concreta correlación histórica con Iván o Grande ou coa Praza Ivánovskaia, os esexetas da expresión ofrecen tres explicacións do seu sentido orixinal:

—tocar toda a "familia de campás" Ivánovskaia;
—falar en voz moi alta para que se oia en toda a praza Ivánovskaia ó comunicalos ukases do tsar;
—berrar de tal maneira que se oia en toda a praza Ivánovskaia cando castigan a un.

Todas están baseadas na convicción de que o significado primario debía ser "auditivo", é dicir, caracterizaba o nivel da sonoridade. Por iso, empezamos coa comprobación lingüística desta hipótese.

Ademais da sonoridade, a expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade', xa dende hai moito tempo, caracteriza tamén o ronquido forte ou o sono profundo:

> A moza está sentada aquí mesmo e está roncando *a toda ivánovskaia* [moi forte]. (I.S. Turguénev, *O doutor do distrito*).
>
> Facémo-la cama sobre o fogar e poñerémonos a roncar *a toda ivánovskaia* [moi forte]. (M. E. Saltikov-Xedrín, *Os discursos xenerosos*).
>
> ¡Non vou entrar, non teño tempo! Está durmindo *a toda ivánovskaia* [profundamente]. (F.M. Dostoevski, *Crime e castigo*).[74]

Nos diccionarios recóllense usos que están bastante afastados da asociación sonora. O *Diccionario Fraseolóxico da Lingua Rusa*[75], coordinado por A. I. Molotkov, distingue dunha maneira totalmente obxectiva para tales casos un significado particular 'moi rápido, con tódalas forzas etc. (facer algo)':

> —¿Oíches, cocheiro? Lévame dereitiño ó xefe de policía!
>
> E Kovalev subiu ó *drojki* [76] e gritáballe de cando en vez ó cocheiro: ¡Ala, *a toda ivánovskaia* [a toda marcha]! (N.V. Gogol, *Nariz*).
>
> O alemán foi esmagado contra a terra polo trono,

[72] A rexión do río Volga.
[73] O nome antigo do distrito administrativo.
[74] "Девка тут же сидит и храпит во всю ивановскую". (И. С. Тургенев, *Уездный лекарь*).
"Постелимся на печи да и захрапим во всю ивановскую". (М. Е. Салтыков-Щедрин *Благонамеренные речи*).
"Не войду, некогда! Спит во всю ивановскую". (Ф. М. Достоевский, *Преступление и наказание*).
[75] *Фразеологический словарь русского языка.*
[76] O *drozhki* é un coche de cabalos, con asento para dúas ou tres persoas e outro para o cocheiro; podía ser propio ou de aluguer.

> O inimigo tiña arrepíos da febre férrea:
> O sarxento disparaba contra os gorros blindados
> *a toda ivánovskaia* [Con tódalas forzas].
> (A. Nedogónov, *Cartucho*). [77]

Na literatura rusa podemos atopar unha "separación" máis profunda da expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' do toque das campás e dos clérigos da Duma[78] que lían os ukases de tsar:

> Gasto *a toda ivánovskaia* [sen contar] os cartos que cobrei polo meu "Ivanov". (A.P. Chéghov. Citado seguindo: 1974: 124).

> ¡Pasou moito tempo des que estiven en Chervlionaia balka [precipicio Negro]! ¡Entón os abruñeiros florecían *a toda ivánovskaia* [estaban en plena flor], todo o precipicio cubriuse dunha espuma branca! (M. Xóloghov, *Roza*).

> Entón Mixka empezou a apertarse contra a bomba e a sacar *a toda ivánovskaia* [con tódalas forzas], e eu empecei a salpicar co tinte a Alionka. (V. Draguinski, *Hai moito tráfico na Sadovaia*). [79]

Ó enfrontárense con esta variedade semántica, os investigadores da fraseoloxía dun escritor caracterizan estes casos simplemente como desviacións da norma literaria, como transformacións individuais do autor. Por exemplo, L. I. Xótskaia subliña: «Ó poñe-lo fraseoloxismo nunha combinación irregular, os escritores atribúenlle a propiedade de poder combinar libremente con outras palabras».

> Kornei Goriunov deixou que o seu señor acougase porque pasara cabalgando *a toda ivánovskaia* [a galope] dezanove estacións. (V.I. Dal, *Bedovik*).

> Dorme *a toda ivánovskaia* [profundamente]. (Xótskaia, 1971: 346).[80]

Polo tanto, a combinación da nosa expresión cos verbos *проскакать* 'pasar cabalgando' e *спать* 'durmir' é secundaria, individual, en comparación co *кричать во всю ивановскую berrar a toda ivánovskaia* 'berrar a máis non poder'.

Os fraseólogos que recorren a unha gran cantidade de material concreto refutan obxectivamente estas afirmacións. Así, F. G. Guséinov non só atopa na literatura do século XIX exemplos do emprego da nosa locución precisamente co significado 'moi

---

[77] "-Эй, извозчик, вези меня прямо к обер-полицмейстеру! Ковалев сел в дрожки и только покрикивал извозчику: "Валяй во всю ивановскую!". (Н. В. Гоголь, *Нос*).
"Был немец громом в землю вжат;/ Врага железный жар знобил:/ По бронеколпакам сержант/ Во всю ивановскую бил.". (А. Недогонов, *Гильза*).
Droski é unha carruaxe lixeira.

[78] Duma dos boiardos, un tipo de consello de Estado.

[79] "Во всю ивановскую трачу деньги, которые получил за своего "Иванова". (А. П. Чехов - Цит. по:Молочко 1974, 127).
"Давно ли я проезжал по Червленой балке! Тогда терны цвели во всю ивановскую, белой кипенью вся балка взялась!".(М. Шолохов, *Поднятая целина*).
"Тогда Мишка приналег на насос и стал качать во всю ивановскую, а я стал Аленку поливать краской". (В. Драгунский, *На Садовой большое движение*).

[80] "Корней Горюнов дал барину своему уходиться, проскакав с ним во всю ивановскую без одной двадцать станций". (В. И. Даль, *Бедовик*).
"Спит себе во всю ивановскую". (Шоцкая 1971, 346).

rápido' cando se combina con verbos de movemento, de traslación rápida, senón tamén cando se combina cos verbos *прогуляться* 'pasear un pouco', *боронить* 'gradar' ou *стараться* 'aplicarse':

> Voume vender por mil, por dous, gastareinos, divertireime *a toda ivánovskaia* [moito] (I.T. Kokarev, *Sibirka*).[81]

Analizando estes usos, chega á conclusión de que neste caso podemos constatar probablemente a reducción das posibilidades combinatorias e non a súa expansión. (Гусейнов, 1977: 26-29). Noutras palabras, no século XIX a expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' tiña un círculo máis amplo de verbos cos que combinar. Polo demais, os exemplos arriba citados (*качать во всю ивановскую sacar a toda ivánovskaia* de Dragunski) amosan que a súa combinabilidade agora tamén é abondo extensa.

Os datos dos diccionarios confirman que a nosa expresión non se uniu solidamente co verbo *кричать* 'berrar'. Ata no diccionario de V. I. Dal, que, seguindo a tradición, consideraba como a súa variante primaria o significado 'de campás' *звонить во всю ивановскую* 'con tódalas campás e con toda a amplitude', recolle combinacións como:

скакать, валять, кутить во всю ивановскую (Даль II, 5)	*galopar, poñerse a facer, troulear a toda ivánovskaia*
дуть во всю ивановскую (Даль I, 503)	*voar a toda ivánovskaia*
катать во всю ивановскую (Даль II, 96)	*percorrer a toda ivánovskaia*

V.I. Dal define a última combinación como "facer corre-lo cabalo moi á présa".

As investigacións de cómo combinan as palabras na fraseoloxía son, en gran parte, iguais ás investigacións semánticas. Neste caso é especialmente evidente. Se admitimos que xa no momento da súa aparición a expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' podía combinar con verbos de movemento, así como cos verbos *храпеть* 'roncar' ou *спать* 'durmir' e outros, a versión tradicional sobre a súa relación co toque das campás ou coa promulgación en voz alta dos *ukases* resulta ameazada. Isto significa que dende tempo inmemorial a nosa expresión significaba simplemente a intensidade, o maior grao de manifestación dalgunha acción. Por iso, non ten nada en común co toque concreto ou co berro nunha praza moscovita concreta.

En realidade, se botamos man do material máis antigo coñecido sobre a nosa expresión, ás citas literarias do século XVIII, descubriremos con sorpresa que espella primeiramente o significado 'moi rápido', e só despois 'en voz moi alta'. E o segundo significado está relacionado precisamente co... ronquido e non só co berro (Палевская, 1980: 129):

> Koristolub. E no inverno, ó poñer traxes de máscara nos coches de cabalos máis

[81] "Продамся за тысячу, за две, прокручу их, погуляю во всю ивановскую". (И. Т. Кокарев, *Сибирка*).

> bravos, corren *a toda ivánovskaia* [a moita velocidade] en Zaliberie. (I. Solokov, *O santo do xuíz,* 1781).
>
> Traballa como queiras. Fai máis rápido todo o traballo; faino *a toda ivánovskaia* [moi pronto, sen ningún reparo e con valentía]. Non durmas e non boqueixes (N.P. Osikov, *A Eneida de Virxilio feita ó revés en 12 cancións,* 1808).
>
> Ó chegar á cama, a xente roncaba *a toda ivánovskaia* [con tódalas forzas] como soe facer pola noite. (Ídem). [82]

Sorprende moito que, canto máis nos achegamos cronoloxicamente ás orixes da expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade', tanto máis lonxe estamos da motivación "da praza" que se lle atribúe. Parece totalmente lóxico berrar a toda a praza (ou tocar tódalas campás), pero a combinación *roncar a toda a praza* e, sobre todo, *facer i-lo cabalo*, *traballar ou galopar nun cabalo a toda a praza* teñen un aspecto moi extravagante, por non dicir absurdo. Por iso, non é casual que en moitos libros populares (por exemplo de E. Vartanián) "se reconstrúa" para esta expresión precisamente a preposición *на* 'a, en'.

Así, os feitos lingüísticos demostran que a correlación da expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' coa historia do Kremlin é secundaria, é froito da etimoloxía popular, da lenda creada pola lingua.

Se é así, ¿qué é o que foi primario aquí?

Antes de responde-la pregunta, imos ver en que relacións sinonímicas entra a expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade'. Esta é, seguindo os métodos da modelación semántico-estructural, a primeira etapa da análise etimolóxica da fraseoloxía.

Escollemos, dentro da lingua literaria moderna, sinónimos coa mesma estructura que conteñen o pronome *весь* 'todo' dentro dos dous temas semánticos que nos interesan: 'rápido, pronto (sobre a intensidade do movemento)' e 'en voz alta, de maneira enxordecedora (sobre o grito, choro, ronquido)'. Na primeira serie entrarán os coñecidos:

во всю мочь	*a toda potencia*
во всю мощь	*a todo poder*
во всю силу	*a toda forza*
во весь дух	*a todo espírito*
во всю прыть	*a todo correr*
во весь опор	*a todo escape*

[82] "Корыстолюб. А зимою, нарядясь оборотнями, на извощиках самых хватских гоняют по Залыберью во всю ивановскую". (И. Соколов, *Судейския имянины.* 1781).
"То ты, как хочешь, работай, Проворней исполняй все дело; Во всю ивановскую смело; Не спи никак и не зевай". (Н. П. Осипов, *Вергилиева Енеида, вывороченная наизнанку,* в 12 песнях, 1808).
"Добравшись люди до постели Во всю ивановску храпели, Как водится всегда в ночи". (там же).

во все лопатки	*a tódalas omoplatas*
во все корки (vulgar)	*a tódolos ombros*

Na segunda:

во все горло	*a/con toda a gorxa*
во весь рот	*a/con toda a boca*
во всю глотку	*a/con toda a gorxa*
во весь голос	*a/con toda a voz*
во всю мочь	*a/con toda a potencia*
во всю (в полную) силу	*a/con toda (a plena) forza*

Os diccionarios xa hai tempo indican a sinonimia dalgunhas destas expresións coa nosa. Así, no diccionario de V. I. Dal para o verbo *дуть* 'andar, ir moi rápido' están recollidos as combinacións *дуй во весь дух! ¡sopra a todo espírito!* e *дуй во всю Ивановскую! ¡sopra a toda ivánovskaia!* (Даль I, 503).

O material dialectal a que aludimos demostra que estas dúas series son orixinais rusas porque saíron do seo da fala popular. Ademais das xa citadas, atopamos nos dialectos provinciais e na linguaxe popular as seguintes expresións do noso modelo semántico-estructural:

1. 'Rápido, pronto (sobre a intensidade do movemento)':

(Ob') *пустить во весь мах* (СРГО Доп. I, 262)	*poñer en marcha a toda amplitude* 'con tódalas forzas, de repente, ó levanta-la man para golpear'
(Olonets) *во всю мець (бежать)* (СРНГ, XII, 78)	*a todo lanzamento (correr)* 'moi rápido (sobre o cabalo)'
(Gor'ki) *во всю силушку* (БС, 1975: 27)	*a tódalas forzas* 'con tódalas forzas'
(Siberia) *изо всех рысей (ехать, бежать)* (Федоров, 1980: 55)	*de tódolos trotes (ir nun transporte, correr)* 'poñendo tódalas forzas'
(Gor'ki) *бежать во всю пору* (Захаров, 1976: 176)	*correr a todo o tempo* 'correr moito'
(Pskov) *во все духú, во все охапки (бежать, ехать, мчаться), во все прузы (бежать)*	*a tódolos espíritos, a tódolos brazados (correr, ir nun transporte, ir a toda présa), a tódolos empurróns (correr)* 'moi rápido'

(Arghánguelsk) *бежать во все ноги* (АОС I, 145), *плясать во все жилки* (Даль II, 552	*correr a tódalas pernas, bailar a tódalas veas* 'bailar desaforadamente'

etc.

2. 'En voz alta, de maneira enxordecedora (do berro, choro, ronquido)':

(Pskov, Gor'ki, Urais) *во всю голову, во всю головушку (кричать)* (БС, 1975: 27; СРНГ, X: 164-165; Ивашко, 1975: 111)	*a toda a cabeza, a toda a cabeciña (berrar)*
(Urais, Perm') *во злу головушку кричать* (СРНГ, XI, 290), *в известную голову, в известный голос (кричать)* (СРНГ, XII, 104)	*á maliciosa cabeciña, á cabeza famosa, á voz famosa (berrar)*
(Karelia) *петь во всю голóвушку* (ККС)	*cantar a toda a cabeciña*
(Smolensk) *во всю у́лицу (кричать)*	*a toda a rúa (berrar)*
(Don) *во всю губу́ (кричать)*	*a todo o beizo (berrar)*
(Pechori) *во всю челюсть (кричать)* (КПОС)	*a toda a mandíbula (berrar)*
(Pinega) *во всю пасть (кричать)*	*a todo fociño (berrar)*
(Mordvá) *во весь кады́к (кричать)* (СРГМ, II, 70)	*a todo o nó da gorxa (berrar)*
(Mordvá) popular *во все хайло* (séc. XVIII – Палевская, 1980: 80)	*a toda a boca*
(Olonets) *во весь крик (закричать)* (СРНГ, X: 165)	*a todo o berro (romper a berrar)*
(Pskov) *во весь гвалт (кричать, плакать, петь)* (КПОС)	*a todo alboroto (berrar, chorar, cantar)*

Temos que subliñar que para a segunda serie é típica a substitución da preposición *в* por *на*[83]:

[83] As preposicións nestes exemplos son sinónimos moi próximos, aínda que en xeral son preposicións polisémicas, para as que se pode distinguir relativamente o sentido básico de 'dentro' e 'sobre' respectivamente, sendo posibles tamén outros significados 'a' 'en', etc.

(Pskov) *на весь рот, на всю глотку, на всю голову (кричать, плакать, петь)* (КПОС), vulgar *на весь голос* (séc. XIX)	*a toda a estatura, a toda a garganta, a toda a cabeza (berrar, chorar, cantar)*
(Smolensk) *на все банда́лы (раскричаться)* (ССГ I: 119)	*a tódolos paos grosos (berrar)*
(Perm') *на всю ве́слину*	*a toda a vila*
(Pskov) *на весь изгал, на весь гай, на всю блажь, на всю блаженную (кричать)* (КПОС), popular *храпеть на всю насосную завертку*	*a toda burla, a todo o boscaxe, a toda a tolemia, a toda a beata (berrar)*, popular *roncar a todo o envolvemento da bomba*
etc.	

Ó comentar este material, pódese notar que, por moi variado que pareza, é moi homoxéneo. Practicamente podemos colocalo entre os ríxidos marcos semánticos de dous motivos dominantes:

1. 'Trasladarse ou berrar cunha forza moi grande'. Aquí incluímos en primeiro lugar as expresións coas palabras *мочь* 'potencia', *мощь* 'potencia', *сила* 'forza', *силушка* 'forciña' que caracterizan a intensidade do movemento e a forza da voz. Pero a este motivo podemos atribuí-las expresións específicas "motrices" coas palabras *дух* 'ánimo', *мах* 'ímpeto' ou *рысь* 'trote', *опор* 'escape', *прыть* 'velocidade', etc., así como as expresións "acústicas" coas palabras que caracterizan a forza da voz: *крик, блаж, гай, ве́слина, изгал* 'grito, antollo, boscaxe, vila'.

2. 'Trasladarse ou berrar usando intensamente para iso os correspondentes órganos':

во все лопатки	*en/a tódalas omoplatas*
во все ноги (бежать)	*en/a tódolos pés (correr)*
во все горло	*en/a toda a gorxa*
во всю голову	*en/a toda a cabeza*
во всю пасть (кричать)	*en/a todo o fociño (berrar)* [84].

Estas motivacións cobren aquelas expresións citadas que conteñen dialectismos que non entendemos, por exemplo:

мeть	'galope, trote'	(Olonets)	
		во всю мeть	*a todo galope*

[84] En galego temos *a tódalas mans* cos significados de 1. "a todas partes" e 2. "con tódalas súas forzas". Formas sinónimas de 'coa maior velocidade posible, a toda présa' facémolas con substantivos coma en *a todo escape, a todo gas* ou con substantivos verbais: *a todo correr, a todo dar*. En cambio, *a todo paso* significa 'reiteradamente'.

пру́за	'forza, velocidade, flexibilidade'	(Pskov) *во все прузы*	*con tódalas súas forzas*
мя́лища, мя́лка	'boca, gorxa'	(Smolensk) *во всю мя́лку*	*con toda a gorxa*
гай	'bramido, berro, ruído'	(Pskov) *на весь гай*	*a todo ruído*

É característico que tamén noutras linguas eslavas se poida atopa-la confirmación da regularidade de tales motivacións. En checo, por exemplo, para designa-la a intensidade do grito empréganse expresións coa palabra "gorxa":

křičet co hrdla měl	*con toda a gorxa* 'berrar a pleno pulmón, a máis non poder'
co hrdla stači	*con toda a gorxa* 'berrar a pleno pulmón, a máis non poder'
z plna hrdla	*con toda a gorxa* 'berrar a pleno pulmón, a máis non poder' [85]

Das expresións citadas, só unha, a dialectal de Perm' *на всю ве́слину a toda a vila* 'en voz moi alta, de maneira enxordecedora', se achega, en certo modo, á motivación "espacial", porque a palabra *ве́слина* é un derivado da palabra *весь* 'vila', *весьце* 'aldea' (Даль, I: 187; Прокошева, 1973: 123-124). Como podemos ver, ata este rexionalismo demostra que a preposición *во* 'a' na expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade', se partimos da versión básica "da praza", non está xustificada. A expresión de Iaroslavl' *во всю подселенную кричать berrar a toda ivánovskaia* 'en voz moi alta' (ЯОС, 11) probablemente é unha formación tardía.

En fin, o material fornecido pola lingua permítenos supoñer que a expresión *a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' non é unha combinación de palabras "individual histórica" que reflectiu unha realidade moscovita, senón un dos fragmentos do modelo fraseolóxico con significado intensificador. Neste caso non é un determinante para as palabras *площадь* 'praza' ou *колокольня* 'campanario', senón para as palabras *мощь* 'potencia', *сила* 'bríO', *силушка* 'ímpeto'. Se reconstruímos como prototipo precisamente *во всю ивановскую мочь (силу) con toda a potencia (forza) de ivánovskaia*, entón é claro por qué xa no século XVIII esta expresión tiña o significado de 'rápido', 'forte', 'en voz alta', etc. Dende o principio a intensidade e a forza foron programadas polos substantivos correspondentes. É lóxico que a amplitude semántica da expresión *во всю мочь con toda a potencia* coincida completamente cos significados da expresión *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade'

[85] En galego temos algo parecido: *berrar a todo berrar* 'berrar moi alto' e tamén estructuras semellantes para outros conceptos: *con tódalas da lei* 'en forma completa ou solemne', *con toda a alma, con tódalas forzas, con tódalas ganas, con tódalas veras* 'con verdadeiro empeño', *con toda a idea, con tódolos cinco sentidos* de forma plenamente intencionada', *con tódolos mandamentos* 'con toda a atención e coidado'.

(ilustracións БАС de , V, 12):

> O cabalo arrastrábao *con toda a forza* (P.V. Grigorich).
>
> Eu tamén gritaba *con toda a forza* e corría (S. Aksakov).
>
> A chuvia cae *con toda a forza* sobre o tellado de casca de árbore (M.M. Prixvin).[86]

Imos ver se a lingua nos fornece bases para argumentar esta suposición.

Realmente hai moitos feitos de extensión deste modelo cun modificador especificador. Velaquí só algúns deles recollidos no diccionario do século XVIII (Палевская, 1980: 175, 259, 282):

> O cocheiro, coma sempre, fixo corre-los cabalos *con toda a forza dos cabalos*. (A.N. Radixev).
>
> O rapaz, sendo inmaduro, monta o cabalo e galopa todo o día *con toda a forza do cabalo*. (V.I.Maikov).
>
> Ó saír do castelo, puxen o cabalo a galopar *a toda a velocidade do cabalo*. (M.V. Popov).
>
> Vou correr de onda vostedes a *todo trote dun cabalo* para ve-las miñas belezas aldeás. (A.N. Radixev). [87]

Era natural que a máxima variedade dos determinantes distinguira a expresión *во всю мочь con toda a potencia*: o mesmo substantivo dáballe a posibilidade ós correspondentes adxectivos de caracteriza-los animais (*во всю коневью con tódalas forzas do cabalo* ou *лошадиную мочь con tódalas forzas da egua*) así como as persoas:

> Con estas palabras a moza suspirou *con toda a forza dunha rapaza* e finou (A.P. Sumarokov, *A filla do clérigo*).
>
> A esposa vocifera *con tódalas forzas de esposa*. (A.P. Sumarokov, *Esposo e esposa*).[88]

Dentro de semellantes usos atopamos os que nos achegan moito á adiviña do enigma do adxectivo *ивановский* (ivanovskii):

> Neste mesmo intre o abriguiño de Katerina Lvovna pousou na súa cabeza e polas súas costas, cubertas só cunha camisa de tea crúa, empezou a andar *con toda a forza dun pailán* a punta grosa da corda dobre trenzada (N.S. Léskov, *Lady*

[86] “Лошадь несла его во всю мощь”. (Д. В. Григорович).
“Я также кричал во всю мочь и бежал”. (С. Аксаков).
“Дождь ... жарит во всю мочь по драночной крыше”. (М. М. Пришвин).
[87] “Ямщик по обыкновению своему поскакал во всю лошадиную мочь”. (А. Н. Радищев).
“Детина на коне, Имея ум незрелый, Скакал день целый, Во всю коневью мочь”. (В. И. Майков).
Выехав из замка, поскакал я во всю конскую прыть (М. В. Попов).
“Я побегу от вас во всю конскую рысь к моим деревенским красавицам”. (А. Н. Радищев).
[88] “При сих словах вздохнула девка Во всю девичью мочь, И отошла”. (А. П. Сумароков, *Подьяческая дочь*).
“Супруга вережит во всю супругу мочь”. (А. П. Сумароков, *Супруг и супруга*).

Macbeth do distrito Mtsenski).[89]

Во всю мужичью мочь con toda a forza dun pailán é unha variante léxica desta expresión que determina no plano social ó noso Iván.

A segunda comprobación é máis concreta, aínda que ten unha forma sintáctica diferente, *изо всей дурацкой мочи con toda a forza dun tonto*:

> Empezou a anoitecer por terceira vez.
> O menor ten que prepararse;
> Non lle importa unha figa,
> Está nun curruncho do fogar e canta
> *Con tódalas forzas dun parvo*:
> "¡Os ollos máis fermosos!".[90]

Trátase de Iván o Parvo do conto de P. P. Erxov *Cabaliño corcovado*[91]. A combinación da expresión "con tódalas forzas" co adxectivo "parvo" non é un descubrimento do autor, porque os escritores rusos precedentes espellárona como unha variante da fala popular:

> A aparvada coa boca aberta
> Cunha alegría desmesurada, sen ver onde estaba Erote,
> Disparou *con tódalas forzas dun parvo*
> E rompeulle os ollos ó neno.
> (A.P. Sumarókov Amur, *Desprovisto da vista*)[92]

A diferencia sintáctica das expresións во всю ивановскую (мужичью) мочь *a toda ivánovskaia (con toda a forza dun pailán)* e изо всей дурацкой мочи *con toda a forza dun tonto* non é significativa, porque os seus significados e a súa composición léxica son practicamente idénticos. Serve de confirmación da súa semellanza o emprego que fai P. A. Viázemski da combinación дурачиться во всю ивановскую *facer pallasadas a toda ivánovskaia* 'face-lo parvo', que tende unha ponte entre o comportamento do personaxe do conto e o seu nome. Esta confirmación atopouse nunha das cartas do escritor (Fonxtéin V.M. "As cartas e a mesma vida", "Sobre as cartas amistosas de P.A. Viázemskii", *A fala rusa*, 1983, n. 1, páx. 30)[93].

En fin, é demostrativo que se ensarte o epíteto *ивановский* (ivanovskii) nas expresións desta serie. Así en Kargopolie está recollida a frase:

> berrar a toda a cabeza, a toda ivánovskaia [94]

---

[89] "В то же мгновение свита Катерины Львовны взлетела ей на голову и по спине, закрытой одной суровой рубашкою, загулял во всю мужичью мочь толстый конец вдвое свитой веревки". (Н. С. Лесков, *Леди Макбет Мценского уезда*).

[90] "Стало в третий раз смеркаться. /Надо младшему сбираться; /Он и усом не ведет, /На печи в углу поет /Изо всей дурацкой мочи:/"Распрекрасные вы очи!".

[91] *Конек-горбунек*.

[92] "Дурачество, разинув рот, /В безмерной радости, не видя, где Эрот, /Стрельнуло изо всей дурацкой мочи - /И вышибло ребенку очи". (А. П. Сумароков *Амур, лишенный зрения*).

[93] Фонштейн В. М. "Письма - это самая жизнь..." О дружеских письмах П. А. Вяземского. - Русская речь, 1983, N1, с.30.

[94] Рыця́ть во всю голову, во всю ивановьску (СРЯ, IX, 25).

Nesta frase a palabra *ивановьска* ‘ivánovskaia’ especifica a palabra *голова* ‘cabeza’.

Non é nada estraño que precisamente *Иванушка-дурачок* ‘Iván o Parvo’ entrase no noso refrán. É o personaxe preferido do folclore ruso. Hai unha gran cantidade de distintos tipos de Iván nos contos rusos: Iván tsarevich[95], Iván o Garavanzo, Iván Zorkin, Iván Orella de Oso, Iván Suchich, Iván Storojevich, Iván o Burlak[96], Iván Epancha[97] Branca, Iván Camisa Branca, ... En todo caso, é un heroe nacional que se destaca pola súa habilidade, pola súa bondade e inxenuidade cunha miga de picardía (Кондратьев, 1983: 51). Ó botarmos un vistazo ós contos rusos, convencerémonos inmediatamente de que precisamente Iván o Parvo realiza as accións reproducidas no fraseoloxismo *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* ‘con toda a forza ou intensidade’. Coa súa forza vence os inimigos máis fortes e pérfidos, atravesa impetuosamente os montes e os vales, fai inclinarse ata o chan as herbas e os bosques co seu berro bravo. Así, por exemplo, compiten coa súa “forza de Iván” os tres Iváns do conto *Iván Bikovich*[98]:

> Saíron ó amplo patio do tsar. “Veña, irmáns, —di Iván Tsarevich— imos medi-las nosas forzas para ver quen será o irmán maior.” “Vale”—contesta Iván Bikovich— colle o pao e bátenos con el nos ombreiros”. Iván Tsarevich colleu o pao de ferro e mallou en Iván, o fillo da cociñeira, e mais en Iván Bikovich e espetou os dous na terra ata os xeonllos. Iván, o fillo da cociñeira, deu un golpe e espetou Iván Tsarevich e Iván Bikovich ata o mesmo peito; e Iván Bikovich deu un golpe e espetou os dous irmáns ata o pescozo. “Imos medi-las forzas outra vez”, —di o tsarevitch: imos tirar arriba un pao de ferro; quen o lance máis alto será o irmán maior”. —“¡Ben, tira ti!” Iván Tsarevich tirou e o pao tardou un cuarto de hora en caer ó chan; Iván, o Fillo da Cociñeira, tirou e o pao caeu de alí a media hora; e Iván Bikovich tirou e volveu de alí a unha hora. “¡Pois, Iván Bikovich, ti sera-lo irmán maior!”.[99] *(Аф., I, 279).*

Noutro conto *Sobre Iván Bogatir’*[100], fillo de campesiños, o protagonista proba a súa forza doutra maneira: crava unha estaca e con ela dálle unha volta á aldea, arranca coas mans unha porta de ferro. El mesmo mostra unha velocidade case cósmica porque o seu cabalo “de bogatir” «sobe máis arriba do bosque ergueito, un pouco máis abaixo da nube que se move, deixa pasar por entre as pernas os montes e os vales, cobre co rabo os grandes ríos, polas súas orellas bota un fume espeso, e polas ventas, unha chama grande» (Аф., III, 362) O moderno afeccionado ós mitos sobre extraterrestres podía ver nesta

[95] *Tsarevich* é fillo do tsar.
[96] *Burlak* é que sirga e hala.
[97] *Epancha* é un impermeable longo e amplo que se utilizaba en Rusia noutros tempos.
[98] *Иван Быкович.*
[99] “Ну, братцы, - говорит Иван-царевич, давайте силу пробовать: кому быть большим братом”. - “Ладно, - отвечал Иван Быкович, - бери палку и бей нас по плечам”. Иван-царевич взял железную палку, ударил Ивана - кухаркина сына да Ивана Быковича по плечам и вбил того и другого по колена в землю. Иван - кухаркин сын ударил - вбил Ивана-царевича да Ивана Быковича по самую грудь в землю; а Иван Быкович ударил - вбил обоих братьев по самую шею. “Давайте, - говорит царевич, - еще силу попытаем: станем бросать железную палку кверху; кто выше забросит - тот будет большой брат”. - “Ну что ж, бросай ты!” Иван-царевич бросил - палка через четверть часа назад упала, Иван - кухаркин сын бросил - палка через полчаса упала, а Иван Быкович бросил - только через час воротилась. “Ну, Иван Быкович! Будь ты большой брат.”
[100] *Bogatir’* é heroe da epopeia rusa, un atleta, un cabaleiro.

descrición as pegadas dun ovni. Neste mesmo conto Iván, fillo de campesiños, demostra toda a potencia da súa voz porque no campo aberto «berra coa súa voz de bogatir': "¡Ei, sivka-burka, véxaia kaurka! ¡Ponte diante miña coma a folla diante da herba![101]» E roncan os fabulosos Iváns precisamente *a toda ivánovskaia* 'con tódalas forzas', confirmando con iso que teñen a conciencia limpa e a alma tranquila.

Así que o fraseoloxismo *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade' formouse do fraseoloxismo máis extenso *во всю ивановскую мочь (силу) a toda a potencia (forza) ivánovskaia* a través da substantivación do adxectivo e do acortamento do respectivo substantivo (compárese *пускаться во все тяжкие poñerse en camiño en tódalas cousas pesadas* 'entregarse a tódolos vicios' etc.). O proceso de substantivación podería ser máis sucesivo e "consecutivo": das combinacións deste tipo formouse o adverbio *вовсю* 'con tódalas forzas, moi forte'.

Polo tanto, o adxectivo orixinariamente referíase ó heroe do folclore ruso Iván o Parvo e non á praza ou ó campanario Iván o Grande. A substitución do adxectivo posesivo *Иванов* polo relativo *ивановский* é bastante típica na lingua falada (compárese *Васильев - Васильевский остров*[102]).

Podemos ver que a análise lingüística levounos a concluír que a expresión sobre *a toda ivánovskaia* é auténtica, aínda que esta autenticidade é diferente da que se afirmara ó principio. Pero esta interpretación tamén contén feitos importantes para a lingüística e a xeografía. Detrás dela está a inmensa gama de temas sobre Iván o Parvo e Iván tsarevich que calquera ruso aprende dende a infancia. Ata agora aínda se conserva nos seus significados un reflexo dos méritos que se lle atribúen ó noso heroe: forza extraordinaria, capacidade de cubrir grandes distancias e vencer obstáculos insuperables, bravura e saúde de ferro.

«O heroe do folclore —"o parvo"— desprezado mesmo polo pai e polos irmáns, sempre resulta máis intelixente ca eles (cás forzas inimigas —V. M.), sempre sae vencedor de tódolos reveses da fortuna», escribía M. Gorki subliñando o humor optimista da literatura oral rusa (Горький, 1937: 450). Non hai nada ofensivo en que o pobo lle chame parvo ó seu heroe predilecto.

> Os irmáns chámanse *intelixentes* no significado que se lle dá a esta palabra no mercado das vaidades cotiás, no que calquera pensa nos seus propios intereses, e o menor chámase *parvo* a causa da falta desta sabedoría práctica: é inxenuo, bondadoso, compasivo coas desgracias dos outros ata esquece-la súa propia seguridade e todo proveito... O conto popular sempre se pon da parte da verdade moral e, por esta firme convicción, a inxenuidade, a bondade e a compaixón do irmán menor sempre teñen que saír vencedoras. É evidente que a poesía épica só recoñece como realmente razoable o ben; mentres que o mal, aínda que tamén teña a sona de selo, leva os seus siareiros a erros irreversibles e moitas veces arrástraos a unha morte inevitable. Polo tanto, o mal é o verdadeiramente insensato. (Аф., III, 400-401).

[101] É a traducción literal dunha pasaxe que se repite en moitos contos rusos cando o protagonista chama polo seu cabalo fabuloso. *Sivka-burka* e *véxaia kaurka* son os sobrenomes cariñosos do cabalo nos contos.
[102] Васильевский остров 'Illa de Vasilii' é un dos distritos de San Petersburgo.

Para o experto en literatura nacional rusa, A. N. Afanásiev, como para moitos outros rusos, este heroe fabuloso é a personificación dos principios morais do noso pobo. Vivir *a toda ivánovskaia* significa loitar contra o inimigo encarnizado en campo aberto, compartir xenerosamente a última camisa cos amigos, ir voando á primeira chamada para axuda-la súa amada, abandonando todo aquilo ó que lle dan tanta importancia os "intelixentes" e sensatos irmáns maiores.

Во всю ивановскую a toda ivánovskaia 'con toda a forza ou intensidade' é unha marca nacional chamativa que deixou o folclore na nosa lingua. É un símbolo fraseolóxico orixinal do que habitualmente nós chamamos a alma rusa, o espírito ruso, ou a natureza xenerosa rusa. A digresión ás orixes desta expresión reafirmou o pensamento pronunciado hai máis de cen anos polo especialista na lingua e vida do pobo ruso, F. I. Busláev. Para couta-los perigos que poden provoca-los "enganches" de tal ou cal refrán ou dito a unha realidade histórica concreta, el escribía:

> ... Dividímo-la historia das expresións populares non polos acontecementos marcados nas parábolas propiamente históricas, senón polo cáracter da vida cotiá que se espellou en tódolos refráns e ditos en xeral. Pensamos que só dende este punto de vista a historia das expresións populares se vai asentar nun terreo propio e firme (Бусл, 1854: 167).

Realmente, en moitos casos as raíces do colorido nacional dos refráns e ditos non consisten no seu "carácter histórico", que á proba pode resultar unha anécdota histórica, senón na vida cotiá popular. Con iso, a vida cotiá de que escribe F. I. Busláev non é só a necesidade do "pan de cada día", senón tamén todo o que conforma a "existencia", é dicir, a vida do pobo en tódalas súas manifestacións. Entre elas están os contos sobre os actos dos Iváns *¡a toda ivánovskaia!*

1.6. *Nabo estufado, quitar do ábaco* e *nacer de pé*

Está claro que non tódolos fraseoloxismos do ruso esixen un comentario etimolóxico tan detallado e unha revisión da interpretación tradicional como

положить в долгий ящик	*meter no caixón alongado* 'poñerlle un croio (a un asunto)'
во всю ивановскую	*a toda ivánovskaia* 'con toda a forza ou intensidade'

No noso tesouro fraseolóxico hai moitas expresións que teñen unha imaxe inicial máis transparente ou unha interpretación histórico-etimolóxica menos problemática. Pero o comentario da expresión máis transparente en canto á súa imaxe a miúdo pode ser un pretexto para describir algunhas características realidades rusas.

Velaquí dúas destas expresións:

проще (дешевле) пареной репы	*máis simple (barato) ca un nabo*

	cocido 'moi simple, ou barato'
сбрасывать со счётов	*quitar do ábaco* 'deixar de ter en conta'.

O seu contido metafórico está claro. Pero tras el están algúns feitos típicos outrora da vida cotiá rusa, rural e cidadá.

A primeira confirma o papel do nabo como alimento. Realmente, antes de que chegaran as patacas a Rusia, era a especie de legumes máis divulgada e el e mailo ravo formaban parte da ración cotiá da poboación rural. O nabo tamén se comía cru, pero máis a miúdo estufábano: metíano dentro do fogar ruso nun cazolo de barro tapado e cocíase alí na súa tinta, "suaba coa calor"[103]. Soían come-lo nabo cocido con *kvas* [104].

O ravo cocido era tamén o plato "de xexún" máis frecuente. Non é casual que nunha das obras satíricas antirrelixiosas do século XVIII, *Solicitude de Kliazma*[105], os monxes se queixen do seu archimandrita porque lles fai comer "o nabo cocido e o ravo aireado".

A habitualidade do nabo, a facilidade da súa preparación, así como a súa barateza, fixéronse proverbiais:

Репой да брюквой люди не хвалятся	*A xente non se gaba do nabo nin do nabo de Suecia*
Капуста да репа брюху не крепа	*A col e o nabo non reforzan a barriga*
Пареная репа из избы выживет	*O nabo cocido fará saír da casa*
Служил семь лет, выслужил семь реп [, да и тех нет]	*Serviu sete anos, gañou sete nabos [, pero non os hai].*

Destes detalles medrou a semántica figurada da expresión rusa sobre o nabo cocido.

A expresión *сбрасывать со счётов quitar do ábaco* 'deixar de ter en conta' contén información sobre un sistema habitual de cálculo, que agora tamén se utiliza nalgunhas das nosas tendas e oficinas de contabilidade, sorprendendo pola súa sinxeleza e efectividade ós estranxeiros. O noso ábaco componse dun marco de madeira cunhas varas transversais de arame onde están ensartadas dez boliñas. Empeza a súa xenealoxía na chamada conta de táboas, divulgada en Rusia dende o século XVI. Era un aparato que constaba dun marco de madeira con cordas estiradas onde estaban engarzadas as boliñas. Aínda que polo seu funcionamento este aparato recorda o ábaco (a táboa de contas utilizada na Antiga Grecia, Roma e Europa medieval para cálculos aritméticos), considérase un invento puramente ruso. É lóxico que nalgúns países europeos o ábaco de oficina se veña chamando *ábaco ruso*. Sacouno de Rusia por primeira vez un matemático que regresou da prisión rusa despois da Guerra Nacional de 1812 (Уразов,

[103] O verbo ruso *распариться* pode significar 'amolecer con auga ou vapor' ou 'suar coa calor'. No fraseoloxismo xogan con estas dúas acepcións da mesma palabra.
[104] *Kvas* é unha bebida rusa que se fai por fermentación do pan. Parécese coa cervexa pero ten menos alcohol.
[105] *Клязменская челобитная.*

1956: 22).

Como é sabido, para calcular co ábaco, móvense polas varas de arame a cantidade necesaria de boliñas, *apartándoas* no ábaco. Cando o cálculo está terminado e é necesario prepara-lo aparato para o traballo seguinte, *quítanse as bolas do ábaco* e dáselle a volta ó marco, de maneira que tódalas boliñas queden á dereita.

Por certo, os rusos non sempre relacionan a expresión coa unidade de cálculo, aínda que saben ben que é o cálculo ruso e que é o ábaco de oficina. Por iso, na nosa lingua está divulgada a variante *сбрасывать со счёта quitar da conta* 'deixar de ter en conta' que non ten motivación interna. Así, o coñecemento da verdadeira imaxe da expresión non só lembra unha realidade rusa, senón que axuda a coida-la fala correcta.

Por suposto, a digresión etimolóxica e as recomendacións sobre o uso correcto dunha ou doutra palabra non son a mesma cousa. A lingua desenvólvese, cambian os significados e a súa forma. Por iso, o que non é correcto dende o punto de vista etimolóxico co tempo pode arraigar no uso, facendo inútil insistir sobre unha regulamentación ríxida da variante "primaria", como a miúdo fan os escritores-popularizadores coma B.T. Timoféev. Así pasoulle á variante *сбрасывать со счёта quitar da conta* 'deixar de ter en conta' que xa se admite na lingua literaria rusa (ТСВЯ, 436). Esta recomendación refórzase cunha cita dun mestre da palabra coma K. G. Paustóvski:

> Cada vez que pensaba nese diccionario quería *quitar da conta* uns vinte anos (*A rosa de ouro)*.[106]

Non obstante, por inercia, os diccionarios seguen recomendando para o noso xiro a acentuación etimolóxica *счётов* e non a *счето́в* que ás veces podemos oír na fala viva. (БАС, XIV, 1322; СО, 720).

Baseándose na verdadeira motivación do fraseoloxismo, conseguida ou polo camiño das profundas búsquedas etimolóxicas ou co "método aberto", pódese reconstruír, ó final, un cadro enteiro do "mundo ruso" espellado na fraseoloxía. Son as básicas seccións ideográficas deste cadro que é posible usar no ensino do ruso como lingua estranxeira e para que os nosos compatriotas teñan unha comprensión máis profunda da lingua materna.

1. Natureza, fauna e flora:

на чем свет стоит	*no que se basea o mundo* 'con moita intensidade'
свет клином сошелся на ком	*o mundo reduciuse coma unha cuña en alguén* 'dise cando alguén está interesado en alguén ou perdidamente namorado de alguén sen facerlle caso a outros'

[106] "Каждый раз, когда я думал об этом словаре, мне хотелось сбрость со счета лет двадцать". (*Золотая роза*).

выйти сухим из воды	*saír seco da auga* ‘saír dunha situación difícil ou embarazosa sen danos nin perdas’
как с гуся вода	*(cae) coma a auga do ganso* ‘non facer caso ó que che din; non sufri-las consecuencias das dificultades, non estar preocupado’
как курица лапой	*coma a galiña coa súa pata* ‘dise de quen ten mala letra’
где раки зимуют	*onde pasan o inverno os cangrexos* ‘emprégase para intensifica-la ameaza do castigo’
убить бобра	*mata-lo castor* ‘calcular mal, preferindo o peor ó mellor’
медведь на ухо наступил кому	*o oso pisoulle a orella* ‘dise de quen non ten oído musical’
белены объелся	*comeu meimendro dabondo* ‘¿que mosca o picou?’
ободрать как липку	*pelar coma a un tileiro* ‘roubar, arruinar’
etc.	

2. Anatomía da persoa e ademáns:

на глазах	*nos ollos* ‘diante dos ollos’
хоть глаз выколи	*ata crava o ollo* ‘moi escuro, que non se ve nada’
сломя голову	*rompendo a cabeza* ‘(correr) sen mira-lo camiño, moi rápido’
водить за́ нос	*levar polo nariz* ‘tomarlle o pelo a alguén’
высасывать из пальца	*sacar algo do dedo chupándoo* ‘inventar’
сложа руки сидеть	*estar sentado coas mans cruzadas* ‘estar coas mans cruzadas’
на́ руку	*á man* ‘para proveito de alguén’
чувство локтя	*o sentido do cóbado* ‘dise do apoio que alguén sente dos

	compañeiros’
на большой палец	*ó dedo polgar* ‘moi ben’
etc.	

3. Ideas da vida cotiá:

a) realidades da vida cotiá no pasado

задать баню кому	*dar un baño a alguén* ‘rifar ou golpear moi duramente a alguén’
не ко двору	*non é para o patio* ‘dise de algo ou alguén que non é ben recibido’
дым коромыслом	*o fume ten forma de panca para leva-los caldeiros nos ombros* ‘cando algo se fai con moita intensidade e axitación’
из кулька в рогожку	*dende a bolsa de papel á estopa* ‘ir de mal en peor’
закусывать удила	*morde-lo bocado* ‘desenfrearse, poñerse a facer algo a moita velocidade’
etc.	

b) procesos laborais da vida do campesiño:

через пень колоду	*(meter) un tronco a través do cepo* ‘(facer algo) sen ganas, con pouco ánimo, mal’
хоть пруд пруди	*ata podes facer un estanque* ‘en gran cantidade’
не мытьем, так катаньем	*se non lavando, pois arrolando*[107] ‘se non se consegue dunha maneira conséguese doutra’
попасть впросак	*encontrarse vprosak*[108] ‘caer na gaiola’
etc.	

c) medidas (de tempo, lonxitude, peso; unidades monetarias):

не по дням а по часам	*non polos días, senón polas horas* ‘moi rápido’

[107] Trátase do modo de pasa-lo ferro que antigamente tiñan os campesiños, que consistía en pasar un rolete pola roupa para estirala.
[108] *Vprosak* é unha palabra que non ten nin uso nin sentido independente na lingua contemporánea.

бéз году неделя	*a semana menos un ano* 'moi pouco tempo'
ни свет ни заря	*nin a luz nin a aurora* 'moi cedo'
как аршин проглотил	*coma se tragase un arxín*[109] 'dereito coma un pao'
мерить на свой аршин	*medir co seu propio arxín* 'medir a gusto dun'
за семь верст кисель хлебать	*(ir) a sete verstás* [110] *para bebe-lo kisel* [111] 'ir moi lonxe buscar algo que tes par de ti'
от горшка два вершка	*dous verxoks*[112] *a partir da cazola* 'moi baixo (de estatura) moi pequeno (de idade)'
с три короба	*tanta cantidade coma en tres caixóns* 'moito (adoita empregarse con verbos dicendi)'
ни алтына за душой	*nin un altín* [113] *detrás da súa alma* 'non ten cartos, é absolutamente pobre'
ломаного гроша не стоит etc.	*non vale nin un grox roto*[114] 'non ten ningún valor'

d) xogos, diversións, deporte:

бить баклуши	*golpea-las bakluxi*[115] 'non facer nada'
играть в бирюльки	*xogar ós biriulki*[116] 'ocuparse de tonterías'
поставить на попá	*poñer sobre a popa*[117] 'poñer

[109] *Arxín* é unha medida rusa equivalente a 0,71 m. Tamén se denomina así a vara que tiña esta lonxitude e se empregaba, entre outras cousas, para medir teas. En galego dise *coma se almorzase unha escoba*.
[110] *Verstá* é unha medida de lonxitude tradicional rusa (1,06 km).
[111] *Kisel* é a xelea tradicional rusa que se fai cocendo avea ou froitas con fécula.
[112] *Verxok* é unha antiga medida rusa de 4,4 cm. En galego dise *baixo coma un pote.*
[113] Un *altín* é unha moeda equivalente a tres *copecks.* Un *copeck* é a centésima parte dun rublo.
[114] Un *grox* é unha moeda equivalente a 2 ou ½ copeck. En galego dise que *non vale un pataco/can/ unha cadela,* que son nomes populares de moedas, xa en desuso, de poucos céntimos de peseta. Ou *non valer un chavo, dous cartos /dúas motas,* que son tamén moedas que xa non corren.
[115] *Baghuxi* é unha palabra que non ten nin uso nin sentido independente na lingua contemporánea.
[116] O *biriulki* é un xogo infantil no que se manexan distintos obxectos miúdos.
[117] *Popa* é unha palabra que non ten nin uso nin sentido independente na lingua contemporánea.

	verticalmente’
жив курилка	*está vivo o fumadorciño* ‘dise cando ves un amigo que levas moito tempo sen ver’
биться об заклад	*golpearse contra o apostado* ‘apostar, xurar’
играть в жмурки	*xogar a jmurki*[118] ‘ocultar algo’
etc.	

e) cociña popular e comida:

печь как блины	*fornear coma as filloas* ‘producir, facer algo en gran cantidade’
седьмая вода на киселе	*a sétima auga sobre o kisel* ‘un parente moi afastado’
калачом не заманишь кого	*non o atraes nin co kalach*[119] ‘que non pode atraer de ningunha maneira (a alguén)’
тертый калач	*un kalach fretado* ‘persoa que tivo moitas experiencias na vida’
заварить кашу	*empezar a coce-la kaxa* [120] ‘armar un lío’
мало каши ел кто	*comeu pouca kaxa* ‘moi débil, que ten poucas forzas’
молочные реки и кисельные берега	*ríos de leite e beiras de kisel* ‘abundancia soñada por alguén, montes e moreas, o demo e a nai’
etc.	

4. Historia:

в бегах	*en percorridos* ‘dise dun fuxitivo’
в нéтях	*en nons* ‘hai tempo que falta aquí’
ни бельмеса не смыслить	*non entender nin o belmés*[121] ‘non entender nada’
как Мамай прошел	*coma se pasase Mamai* ‘destruír

[118] Xogo da pita cega.
[119] *Kalach* é unha especie de molete de pan.
[120] *Kaxa* é o nome dunhas papas rusas feitas con cereais cocidos en auga ou leite.
[121] *Belmés* é unha palabra que non ten nin uso nin sentido independente na lingua contemporánea.

completamente'

Мамаево побоище	*a batalla de Mamai* 'desorde moi grande'
коломенская верста	*a verstá kolómenskaia* 'persoa moi alta'
казанская сирота	*orfo de Kazán* 'persoa que sempre finxe ser pobre, miserable'
узнать всю подноготную	*saber todo o que hai debaixo das uñas* 'conseguir información privada sobre alguén'
ни к селу, ни к городу	*nin para a aldea nin para a cidade* 'dise do que non convén nunha situación'
гол как сокол	*espido coma un falcón* 'moi pobre'
etc.	

5. Relacións sociais:

a) familia e relacións familiares:

свой брат	*o irmán propio* 'o que é dos nosos'
наш брат	*o irmán noso* 'o que é dos nosos'
Иван, не помнящий родства	*Iván que non se lembra do seu parentesco* 'dise da persoa que non se acorda das súas orixes, dun desleigado'
etc.	

b) etiqueta:

милости просим	*pedímo-lo favor* 'benvidos'
бить челом	*pegar coa fronte* 'solicitar'
ломать шапку перед кем	*rompe-lo gorro diante de alguén* 'humillarse diante de alguén, ser moi servil'
прийти к шапочному разбору	*chegar á recollida dos gorros* 'chegar ó final de algo'
не поминай лихом	*non me lembres polo mal* 'non teñas un mal recordo de min'
с легким паром	*con vapor lixeiro* 'dise despois de tomar un baño'

не солоно хлебавши	*despois de comer sen sal* ‘sen conseguir nada’
etc.	

c) profesión:

пока суд да дело	*mentres o xulgado e o asunto* ‘mentres tanto’
судить да рядить	*xulgar e vestir* ‘pensar, razoar’
тянуть канитель	*estira-lo canuto* ‘prolongar innecesariamente algunha acción, facela moi lenta’
звонить во все колокола	*tocar tódalas campás* [122] ‘facer que todo o mundo chegue a saber algo’
наклеивать ярлык	*pegar unha etiqueta* ‘atribuírlle unha característica a alguén que despois resulta moi difícil cambiar’
получить добро	*recibi-lo ben* ‘recibir permiso’
тянуть лямку	*estira-la correa* ‘traballar’
под сурдинку	*debaixo da sordina* ‘ás caladas’
вывести на орбиту	*poñer en órbita* ‘poñer en funcionamento’
выйти на орбиту	*poñer en órbita* ‘empezar a funcionar’
закручивать гайки	*aparafusa-las roscas* ‘presionar alguén para que traballe’
сбрасывать со счётов	*quitar do ábaco* ‘non ter en conta’
зеленая улица	*a rúa verde* ‘dar paso libre a algo’
без сучка без задоринки	*sen unha rama nin atrancos* ‘moi ben, dunha maneira impecable’
etc.	

6. Cultura espiritual:

a) ritos, supersticións, crenzas:

[122] En galego hai a mesma imaxe co mesmo valor:un dos significados de *darlle ó badal* e de *darlle ó chocallo* é ‘falar de máis, indiscretamente’, sendo o *badal* a maza de ferro que golpea a campá e *chocallo* a campaíña que ás veces lle poñen á vaca ou ovella ou cabra menos dócil, para telos localizados.

бабушка на́двое сказала	*a avoa dixo de dúas maneiras* ‘non se sabe con seguridade’
к чертовой бабушке	*á avoa do demo* ‘vaite ó demo’
бес попутал	*o demo o provocou* ‘facer algo por confusión’
как в воду смотрел	*coma se mirase a auga* ‘dise cando alguén predí os acontecementos con exactitude’
ни дна ни покрышки	*nin o fondo nin a cuberta* ‘nada’
вбивать осиновый кол	*cravar unha estaca de trémulo* ‘exterminar’
перемывать косточки	*lavar minuciosamente os ósos* ‘rexoubar sobre alguén’
с легкой руки	*da man lixeira* ‘cando algo pasa despois de ser prognosticado, adiviñado ou simplemente proposto por alguén’
типун тебе на язык etc.	*que che saia a pebida na lingua* ‘dise cando un non quere que pase o que alguén acaba de dicir’

b) ideas relixiosas relacionadas co cristianismo e cos libros eslavos antigos:

ад кромешный	*o inferno de tebras profundas* ‘inferno, caos’
тьма кромешная	*tebras profundas* ‘cando hai moita escuridade e non se ve nada’
бездна (кладезь) премудрости	*un abismo de sabedoría* ‘un pozo de sabedoría’
еле можаху	*a penas poden* ‘estar totalmente borracho, estar moi enfermo ou canso, estar avariado (un obxecto)’
как на духу́	*coma unha confesión* ‘toda a verdade (dicir)’
как зеницу ока	*coma a meniña dos ollos* ‘(gardar) coma a meniña dos ollos’
земля обетованная	*a terra prometida* ‘terra de

	promisión’
один как перст	*só coma un dedo* ‘só, solteiro, sen compañía’
притча во языцех	*parábola en linguas* ‘dise de algo ou alguén que é tema de conversación de todos’
воздать сторицей	*recompensar sobradamente* ‘pagar ben polo que fixo’
как у Христа за пазухой	*coma no seo de Cristo* ‘vivir moi ben, ter unha vida moi segura e tranquila’
etc.	

c) escritura, imprenta, literatura:

ни аза	*nin o az*[123] ‘nada’
от аза до ижицы	*dende o az ata o ízhitsa*[124] ‘todo’
с азов	*dende os azs* ‘dende o principio’
буква в букву	*letra en letra* ‘letra por letra’
для галочки	*para a marquiña* ‘dise cando se fai algo só para controlar que se fixo unha xestión [125]’
филькина грамота	*a grámota*[126] *de Filka*[127] ‘dise dun documento que non ten ningún valor, que non forza’
от доски до доски	*dende a lápida ata a lápida* ‘todo’
прописать ижицу	*receta-lo ízhitsa* ‘rifar, azoutar’
с красной строки	*dende a liña vermella* ‘sangría’
брать на карандаш	*colle-lo lapis* ‘anotar algo, tomar nota’
плести словеса	*trenza-las palabras* ‘falar moito, caer na vanilocuencia’
ходить фортом	*andar coma un forte* ‘presumir’

[123] O *az* é o nome da primeira letra do alfabeto ruso antigo.
[124] O *ízhitsa* é o nome da derradeira letra do alfabeto eclesiástico eslavo.
[125] Alude á marquiña que un vai poñendo nunha lista de cousas que ten que facer e mercar, para comprobar que xa as fixo ou mercou.
[126] *Grámota* é un documento na Rusia antiga.
[127] *Filka* é o diminutivo dun nome propio.

etc.

d) literatura:

кисейная барышня	*unha señorita de muselina* 'unha moza mimada, amaneirada, cursi'
с открытым забралом	*coa visera aberta* 'con franqueza'
медовый месяц	*o mes do mel* 'lúa de mel'
лебединая песня	*o canto do cisne* 'a mellor creación, a mellor obra de alguén'
путевка в жизнь	*a folla de ruta para a vida* 'dise cando a alguén ou a algo se lle dá un inicio'
etc.	

7. Folclore, fala popular, humor:

на авось	*en havós*[128] 'sen saber con certeza, sen ter información necesaria'
не ахти какой	*non é ¡ah! cal* 'non é así ¡ah!, non é cousa que produza admiración, non é moi bo'
по щучьему велению	*coma se mandase o lucio* 'sen ningún esforzo, coma se todo se fixera por si mesmo'
тише воды, ниже травы	*máis silencioso cá auga, máis baixo cá herba* 'moi silenciosamente, sen facerse notar'
красна де́вица	*moza vermella* 'moza guapa', 'persoa tímida'
кровь с молоком	*sangue con leite* 'forte coma un buxo'
рожки да ножки	*os corniños e as perniñas* 'nada'
ни слуху ни духу	*nin o rumor nin o olor* 'non se sabe nada'
вверх тормашками	*tormaxkas*[129] *arriba* 'patas arriba'
за тридевять земель	*a través de tres por nove terras*

[128] *Havós* é unha palabra que ten un uso moi restrinxido. Usada independentemente pode te-lo valor de 'quizais, tal vez, acaso'.
[129] *Tormaxkas* é unha palabra que non se usa fóra deste xiro.

	‘moi lonxe’
при царе Горохе	*no reino do tsar Gorógh (chícharo)* ‘nos tempos de Matusalén’
ворóн считать	*conta-los corvos* ‘andar ós biosbardos’
дать берёзовой каши	*dar unhas papas de bidueiro* ‘azoutar, rifar’
когда рак на горе свистнет	*cando o cangrexo asubíe no monte* ‘nunca’
etc.	

O listado ofrecido formouse co material dun glosario (feito por V. P. Felítsina) que conta con case 400 fraseoloxismos. Este é o tamaño do vocabulario de estudios para estranxeiros que fixemos ela e mais eu.

Tras cada sección deste esquema ideográfico hai en perspectiva un fragmento vivo da vida rusa; tras cada expresión, unha historia particular que a miúdo se arraiga na vida popular.

Non é casual que teñamos que pensar sempre en retrospección cando falamos da lingua e de xeografía, das realidades rusas, do carácter nacional específico da nosa fraseoloxía. A historia da lingua nese caso non só axuda a medir correctamente os tesouros escondidos no seu seo, senón tamén a apreciar claramente tódolos matices do seu emprego actual. A imaxe do fraseoloxismo raramente desaparece por completo; máis a miúdo escurece algo (coma no caso de *печки-лавочки fogares-bancos* ‘relacións de moita confianza’) ou escolle outra orientación “histórica” (coma no caso de *во всю ивановскую a toda ivánovskaia* ‘con toda a forza ou intensidade’). Pero, dunha maneira ou doutra, esta imaxe fraseolóxica anima a nosa narración e, en certa medida, regula o noso comportamento de fala. L. V. Xerba escribía:

> A base de calquera lingua literaria é o “tesouro” de frases, composicións de palabras, combinacións de frases, sentencias, refráns, etc., acumulado durante séculos. Pero este “tesouro” é maior do que se adoita pensar. Habitualmente enténdese baixo isto a suma da sabedoría reunida polo pobo; mentres tanto, no material lingüístico que herdamos das xeracións maiores están incluídas tódalas opcións e liñas de comportamento da fala dos herdeiros deste tesouro (Щерба, 1957: 132).

Polo tanto, non somos só nós os que utilizamos o tesouro da fraseoloxía, senón que el tamén nos “utiliza” a nós, facéndonos seguir certas leis, que posiblemente non sospeitamos, no proceso de fala.

Para sentir ó máximo esta “regulación fraseolóxica”, é necesaria unha vez máis a comparación con outra lingua.

Velaquí unha locución expresiva rusa *родиться в сорочке nacer nunha camisa* ‘nacer de pé’. Por un lado, caracteriza unha persoa afortunada, ben fadada; por outro, dá a entender, debido á transparencia das palabras que a compoñen, que o home non naceu no

traxe de Adán.

Dende un punto de vista histórico, lingüístico e paisolóxico, estes aspectos están relacionados coa mitoloxía rusa. Nas supersticións o neonato cunha camisa —o saco amniótico, a membrana que lle cobre o corpo e a cabeza— durante toda a súa vida será feliz (Виноградов, 1948: 3). Este feito parece influír pouco no emprego desta expresión na fala, pero descubrímo-la súa influencia en canto nos interesamos por cómo están "vestidos" os afortunados doutros pobos.

Esta superstición é case un universal da cultura espiritual de diferentes pobos e, por iso, está espellada na fraseoloxía de moitas linguas [130]:

(polaco) *w czepku się urodził*	*naceu nunha cofia*
(francés) *être né coiffé*	*nacer peiteado*
(húngaro) *bubokban született*	*nacer nun cueiro*
(mongol) (dende o séc. XII) *ecĕge-in degel-tü töre*	*nacer no deli*[131] *do pai*
etc.	

Non obstante, este carácter universal é só "un principio", porque a realización lingüística concreta no ruso é moi orixinal. Precisamente esta orixinalidade impide a interpretación simplificada desta expresión da fala literaria e limítalles ós estudiantes a comprensión da información sobre a realidade.

É fácil figurarse, por exemplo, os cambios asociativos ó interpreta-lo poema de A. V. Kol'tsov "Segador"[132], onde esta expresión está utilizada nunha forma algo transformada pero é un eixe ideolóxico:

> Non podo comprender...
> Non podo pensar...
> ¿Por que é así?
> Non o entendo.
> ¡Ai! Un día desafortunado,
> Nunha hora desgraciada
> Nacín eu *sen camisa* [sen sorte].[133]

Un formalista estranxeiro ten dereito a estrañarse: ¿de que se aflixe aquí un segador novo se toda a xente vén ó mundo espida? A expresión *без сорочки sen camisa* 'sen sorte' parécese en algo a outra expresión rusa *остаться в одной рубашке quedar só nunha camisa* 'arruinarse' e dálle á noción rusa "sorte-mala sorte" un matiz especial: a desgracia do segador inclúe tamén a pobreza extrema que o acompaña dende o mesmo nacemento.

---

[130] En galego para o mesmo concepto dise *nacer vestido e cinguido* e tamén *nacer co pan debaixo do brazo.*
[131] O *deli* é un abrigo de pel.
[132] *Косарь.*
[133] "Не возьму я в толк... /Не придумаю... /Отчего же так - /Не возьмуя в толк? /Ох, в несчастный день, /В бесталанный час /Без сорочки я /Родился на свет".

As posibilidades de variación permiten animar constantemente o significado literal da expresión, xogar co dobre plano:

> Andrei Vitálievich naceu nunha camisa que medraba xunto con el e nunca se gastaba. (*Izvestia*, 1979, 1 de xaneiro)[134].

Dende logo, para os estranxeiros estes son os casos nos que é máis costañenta a percepción axeitada da fraseoloxía rusa.

Cunha dificultade semellante choca o traductor ruso que interpreta a expresión análoga inglesa *to be born with a silver spoon in a mouth* 'nacer con sorte' (literalmente: *nacer cunha culler de prata na boca*). J. Galsworthy xoga con gracia coa súa forma interior:

> Little Jone had been born with a silver spoon in a mouth which was rather curly and large.

A traductora M. Bogolóvskaia ten que traduci-lo fraseoloxismo mediante unha composición metafórica libre rusa, sen recrea-la animación semántica e estilística da forma interior do orixinal (ШЬадрин, 1969: 6-7):

> Маленький Джон родился с серебряной ложкой во рту, довольно большом и подвижном.[135]

Con esta traducción a percepción do texto no só altera o seu debuxo, senón que lle quita ó fraseoloxismo a súa habitualidade, a súa "aprobación" lingüística. Iso é bastante típico nos casos en que un estudiante estranxeiro se enfronta por primeira vez coa fraseoloxía rusa e entende o fraseoloxismo literalmente.

As tarefas do comentario linguopaisolóxico da fraseoloxía son multifacéticas: a demostración da policromía semántica das locucións metafóricas, descubrimento do seu carácter específico no texto, a agrupación hábil en series sinonímicas, a comparación coa fraseoloxía estranxeira. Pero este comentario sempre corre o risco de ser máis "linguo" ca "paiso" se non está fecundado pola interpretación histórico-etimolóxica. Só esta interpretación permitirá descubri-los fondos do carácter nacional específico da fraseoloxía rusa, chegar ata os seus *печки-лавочки fogares-bancos.*

[134] "Андрей Витальевич родился в сорочке, которая росла вместе с ним и никогда не изнашивалась". (*Известия*, 1979, 1 января).
[135] "O pequeno Jone naceu cunha culler de prata na súa boca grande e móbil".

II

O COMPRENSIBLE NO INCOMPRENSIBLE E O INCOMPRENSIBLE NO COMPRENSIBLE

As palabras e os significados escuros na fraseoloxía

2.1. *Otsux kaibas, abzug* e *bekren*[136]
Оцюш кайбас, абцуг е *бекрень*

Durante moitos anos os investigadores da obra de Puxkin intentaron descifrar unha nota que tomou o poeta polo camiño nunha viaxe á provincia de Orenburg, no outono de 1833. Cando recollía alí materiais para *Historia de Pugachiov*[137], Puxkin anotou:

> Pugachiov aforcou o académico Lovits en Kamixin... *Оцюш кацбас*, deus. Panin. Casa de Pustínnikov, Smixliáevka.[138]

A primeira parte da nota xa se descifrou hai tempo, porque aparece recollida no capítulo oitavo da *Historia de Pugachiov*[139], que trata sobre un dos episodios da guerra dos campesiños contra a servidume.

Hai moita información sobre a segunda metade da anotación. Así, o conde P. I. Panin,

[136] Estas palabras son fragmentos dos fraseoloxismos rusos que o autor vai analizar neste apartado.
[137] *История Пугачева.*
[138] "Пугачев повесил академика Ловица в Камышинe...Оцюш кацбас, бог. Панин. Дом Пустынникова, Смышляевка.".
[139] История *Пугачева.*

que estaba á cabeza das tropas de Catalina II contra as forzas de Pugachiov, paraba xusto na casa de Pustínnikov, na aldea Smixliáevka que está cerca de Samara.

A frase *Ощош кайбас Otsux kaibas* seguía sendo un enigma que, ou ben non se comentaba nas edicións académicas das obras de A. S. Puxkin, ou ben se interpretaba como incomprensible. I. K. Injevátov, o especialista mordovio na obra de Puxkin, acaba de resolver este enigma. Fixo constar que o poeta escribira a nota en setembro de 1833 durante unha visita á aldea Smixliáevka. Este feito está confirmado por outra nota publicada no libro *Pola man de Puxkin. Textos non recompilados e non publicados*[140], editado en 1935:

> Están dispostos a espelicalo vivo. Palabras do Mordovio. 16 de setembro.[141]

Tales feitos indican que durante o outono de Boldino Puxkin se vía cos campesiños de Mordovia e que se interesaba pola súa vida cotiá, etnografía e folclore. A frase Ощош кайбас é unha proba directa deste interese. Pero alterou algo esta frase ó percibila ó oído. En realidade, son tres palabras mordovias *Ощо Шкай паз* que denominan o deus máis respectado entre os 77 deuses pagáns de Mordovia. *Ощо* significa 'omnipotente, grande, superior', *Шкапай паз* é o nome do deus que nos antigos mitos e cancións de Mordovia desempeña o papel de creador do universo, representante da bondade e do lume na terra. Quizais, ó escoitar estas cancións e mitos, o 16 de setembro de 1833 Puxkin anotara na súa axenda "palabras do mordovio" —"otsux kaibas, deus". Estas palabras, claras para o poeta, agardaron case un século e medio ata seren descifradas.

Dende logo, a historia da frase de Puxkin ten moitas características particulares e casuais e foi provocada por un episodio concreto da vida do escritor. A pesar diso, é ilustrativa, en certa medida, para "a comprensión das causas da incomprensión" de moitos puntos escuros da nosa lingua.

En primeiro lugar, Puxkin moveu os límites das palabras ó recoller esta frase de oído: tomouna coma un todo de dúas palabras. A denominación xeral "deus", que en realidade descifrou esta composición de palabras, era suficiente para incluí-las descoñecidas palabras do mordovio nalgúns marcos conceptuais temáticos. Da mesma maneira, nós, cando atopamos unha composición de palabras incomprensible, a miúdo non sabemos onde están os límites entre as súas partes. Isto é máis fácil observalo nos nenos, que empezan a asimila-la lingua e, por iso, someten a unha transformación creadora todo o que lles parece incomprensible.

> —Avó, ¿e como mastigaban a Dobrán?
> —¿A que Dobrán?
> —Home, ti liches no conto: "Empezaron a vivir e a mastigar a Dobrán".[142]

---

[140] *Рукою Пушкина. Несобранные и неопубликованные тексты.*

[141] "Готовы с живого шкуру содрать. Слова Мордвина. 16 сент".

[142] "—Дедушка, а как жевали Добрана?
—Какого Добрана?
—Ну, ты в сказке читал: "Стали они жить, поживать да Добрана жевать".
Stali zhit' pozhivat' da Dobrana zhevat' é unha frase paronímica á seguinte *Stali zhit' pozhivat' da dobra nazhivat*' (Empezaron a vivir e a gañar riquezas).

O escritor N. Nósov mantén este diálogo co seu neto na *Novela curta sobre o meu amigo Ígor*[143]. En realidade, nesta transformación interior da folclórica —e por iso, en certa medida, arcaizante— composición *добра наживать gañar bens* tamén se espellou a falta de claridade na percepción das partes do todo. No caso de que neste todo se atope "cifrado" algún elemento incomprensible.

En segundo lugar, a causa de que durante tanto tempo a nota da viaxe de Puxkin quedara sen descifrar é o contexto insuficiente que rodea a frase *otsux kaibas*. O contexto non proporciona case nada para a súa comprensión. A segunda metade da nota quizais se parece máis a un listado de persoas e obxectos: "Panin, Casa de Pustínnikov, Smixliáevka". Neste contexto, evidentemente, a palabra *бог* 'deus' na frase *Ошюш кайбас, бог otsux kaibas, deus* non é unha interpretación da incomprensible frase mordovia. E para facer constar sen ningunha dúbida que a frase é mordovia, como xa vimos, foi necesario realizar un minucioso estudio das fontes. A néboa da incomprensión faise máis espesa canto máis escuros son o contexto ou a situación da fala en que se emprega a incomprensible composición de palabras.

En fin, o máis importante é que a incomprensión da nota de Puxkin foi provocada por estar nunha lingua estranxeira. Os elementos doutras linguas, alleos á lingua, sobre todo no corpo da fraseoloxía, aumentan moito o grao de incomprensibilidade e escurecen o significado aínda que unha parte deste estea clara. Así, as seguintes expresións para moitos rusos necesitan un comentario especial porque hai préstamos que forman parte delas:

в ажуре	'o asunto está solucionado, todo está ben'
войти в раж	'enfurecer, encolerizarse'
с первого абцуга	'no mesmo intre, inmediatamente, en seguida'
выпить на брудершафт	'tomar viño para falarse ti por ti'
набекрень	'de lado, inclinado para un lado (referido ó sombreiro)'

A expresión *в ажуре* 'o asunto está solucionado, todo está ben' remonta á composición de palabras francesa *à jour* 'a tempo' (literalmente: *no día dado*) que na fala dos contables ten un significado especial: 'o balance feito para hoxe'. É salientable que, para "maior claridade" desta expresión no terreo ruso, fora necesaria a repetición da preposición francesa *à* pola rusa *в*. Esta tautoloxía converteu a composición francesa *à jour* 'ó día' na palabra rusa *ажур*.

A palabra francesa *rage* 'rabia, furor' derivada do verbo *rager* 'rabiar, enfurecer' formou parte da expresión *войти в раж* 'enfurecer, encolerizarse'.

[143] *Повесть о моем друге Игоре.*

A expresión *с первого абцуга* ‘no mesmo intre, inmediatamente, en seguida’ utilizábase a miúdo na lingua dos clásicos do século pasado:

> Repetílov veu e en seguida nos botou un discurso: non me molestedes e non vos molestarei (M. E. Saltikov-Xedrín, *No ámbito da moderación e aplicación, Os señores Molchalin*).[144]

A palabra *абцуг* non se entende porque é alemana e, ademais, moi especializada. *Abzug* significa ‘da-las cartas cando se xoga ó banco[145]’ (xogo divulgado en Europa). *Первый абцуг* ó principio significaba o primeiro par de naipes cando se botaban á dereita ou á esquerda, o primeiro reparto, momento en que tódolos xogadores pasaban.

A expresión *выпить на брудершафт* ‘tomar viño para falarse ti por ti’ foi emprestada do alemán no século pasado xunto cun antigo hábito de mesa: dúas persoas tomaban viño collidas do brazo e trababan así unha amizade mutua e o tratamento ti por ti. O significado literal da palabra *Bruderschaft* ‘irmandade’ explica completamente o significado de toda a expresión: ‘beber viño pola mutua irmandade, pola amizade de alguén’. No século pasado a expresión empregábase máis a miúdo na forma *выпить на брудершафт* ‘tomar viño para falarse ti por ti’:

> Señores, imos tomar alcohol en roda coma os estudiantes, *bruderschaft* (L.N. Tolstoi: *Xuventude*).[146]

Esta forma apreposicional está condicionada polo calco directo da composición alemana (tamén apreposicional) *Bruderschaft trinken* (literalmente: *beber irmandade*). Paulatinamente, durante o proceso de adopción desta expresión pola lingua rusa, empezou a empregarse coa preposición *на*, posiblemente baixo a influencia das composicións:

на ты	*(tratar) de ti*
на вы	*de vostede*
с кем-либо	*con alguén*

Unha palabra doutra lingua pode incorporarse ó ruso de maneira que os límites entre “o propio” e “o alleo” se fagan tan borrosos coma na nota de Puxkin *оцюш кайбас*. Non empregamos separadamente o substantivo *бекрень*. Ten significado só cando forma parte do adverbio *набекрень* que caracteriza o sombreiro inclinado para un lado, para a orella:

> Arranxou o sombreiro que estaba de lado. (K. Fedin, *As primeiras felicidades*).[147]

Nos séculos XVII-XIX aínda se escribía por separado, por exemplo, no Diccionario da Academia de Rusia (1789), nos diccionarios de Dal e Mighelsón. Nas linguas ucraína,

---

[144] “Репетилов пришел - и с первого абцуга сказад нам речь: вы, говорит, меня не беспокойте, и я вас беспокоить не буду”. (М. Е. Салтыков-Щедрин, *В среде умеренности и аккуратности, Господа Молчалины*).

[145] Banco (*банк*) é un xogo de naipes.

[146] “Давайте, господа, выпьемте все по-студенчески круговую, брудершафт”. (Л. Толстой, *Юность*).

[147] “[Она] поправила свою шляпку, сбившуюся набекрень”. (К. Федин, *Первые радости*).

bielorrusa e polaca estas expresións ata agora aínda se escriben por separado:

bielorrusa *на бакір*	‘de lado, inclinado para un lado (referido ó sombreiro)’
ucraína *на бакір*	‘de lado, inclinado para un lado (referido ó sombreiro)’
polaca *na bakier*	‘de lado, inclinado para un lado (referido ó sombreiro)’

Compárese a rusa dialectal

(ruso occidental) *шапочка на бакир*	‘sombreiro pequeno inclinado para un lado’

O grao máis alto de arraigamento da palabra na lingua espéllao o verbo *набекренить* ‘inclina-lo sombreiro para un lado’.

A maioría dos rusos non entenden qué significa a enigmática palabra *бекрень* que se esconde no adverbio *набекрень* ‘de lado, inclinado para un lado (referido ó sombreiro)’. Nin sequera os etimólogos teñen unha opinión unánime en canto á súa interpretación. Uns —sobre todo os polacos e os bielorrusos— relacionan esta palabra coa correspondente orde marítima alemana *Back kehr!* ‘¡A babor!’. Outros relacionan *бекрень* coa palabra turca *bögri, bögrü* ‘curvo’ ou ata coa turca *bekri* ‘alcohólico’. Algúns insisten na súa procedencia rusa, remontando *бекрень* ó verbo *кренить* ‘inclinar a unha banda’ (Фасмер, I, 147). Pero as citadas correspondencias bielorrusa, ucraína e polaca, que de ningunha maneira poden ser relacionadas con este verbo, contradín isto.

A máis convincente, polo visto, é a relación desta expresión co verbo holandés reconstruído polos etimólogos **bekrengen* ‘inclinar para o lado’ coñecido na xerga dos mariñeiros, de onde pasou ó emprego ruso (primeiramente ó marítimo).

É necesario subliñar que, a pesar do escurecemento etimolóxico da composición *носить шапку на бекрень*, o mesmo adverbio *набекрень* ‘de lado, inclinado para un lado (referido ó sombreiro)’ está profundamente arraigado no ruso. Xa no ano 1782 R. G. Derjavin declinábao seguindo tódalas regras gramaticais rusas na súa famosa Felitsa[148]:

> Ou cando me aburre aquilo,
> Por ser amigo dos cambios,
> Levando o *sombreiro de lado*,
> Voo no cabalo rápido. [149]

Ademais, a palabra adquiriu carácter fraseolóxico: formou o significado figurado na expresión:

у него мозги набекрень	*ten os miolos inclinados para un lado* ‘dise dunha persoa estúpida, un pouco atoleirada, rara’:

[148] *Фелице.*

[149] “Или, как то наскучит мне, /По склонности моей к премене, /Имея шапку на бекрене, /Лечу на резвом бегуне.”.

> Pensaba que as rapazas da cociña tiñan *os miolos inclinados para un lado* [eran unhas estúpidas] igual cás boinas. (V. Panova, *Compañeiros*).[150]

Esta transformación xocosa realizouse xa no século pasado. O refrán vulgar *у него глаза вразбежку и мозги набекрень ten os dous ollos mirando para cadanseu lado e os miolos inclinados para un lado* e o emprego desta expresión por I. S. Turguénev ratifícano:

> E que é o voso home ruso, que leva de lado non só o seu sombreiro, senón tamén o seu cerebro (*Ensaios biográficos*). [151]

É de salientar que nesta cita, igual que na cita de V. Panova, se acentúan os dous planos da broma fraseolóxica.

Considérase que a expresión *мозги набекрень mozgui nabekrén miolos inclinados para un lado* 'estúpido, tolo' está directamente relacionada co hábito de leva-lo sombreiro de lado. Este podía ser motivo de risa e «considerábase estraño, unha desviación das regras para poñe-los sombreiros, ás que se lles daba moita importancia. A persoa que levaba o sombreiro inclinado para un lado parecía insensata; este uso ata agora aínda provoca unha certa ironía» (КЭФ - Доп., 67). Pero os feitos non corroboran esta explicación. Na lingua literaria do século pasado non se percibe esta actitude irónica respecto ós sombreiros inclinados para un lado:

> De repente vexo diante miña
> Unha sombra desordenada...
> O dormán feroz detrás das costas e
> *un morrión fantástico de lado*[152]
> (Puxkin: *Hai pouco nas horas de liberdade*).

Non a hai tampouco no uso actual:

> Coma sempre eu, *ó poñer de lado* con fachenda *o gorro mariñeiro*, ía no bonito cabalo baio Igrivi (A.A. Ignatiev, *Cincuenta anos nas filas*).[153]

Por iso, é máis probable que a nosa expresión teña unha acepción máis sinxela: trátase dos miolos "inclinados para un lado, tortos", parecidos ó sombreiro que se leva inclinado para un lado. Compárese coas expresións semellantes:

---

[150] "Он думал, что у кухонных девчат мозги набекрень, так же, как береты". (В. Панова, *Спутники*).

[151] "Да что ваш русский человек, который не только шапку, да и мозг-то свой носит набекрень". (*Биографические очерки*).

[152] "И вдруг растрепанную тень /Я вижу прямо пред собою... /Жестокий ментик за спиною /И кивер чудо набекрень". (Пушкин, *Недавно я в часы свободы*).

En galego hai unha lonxana semellanza. En Pontevedra rexístrase *As ideas* como curiosa denominación metonímica do cerebro da vaca. Pero hai máis, trae-lo sombreiro caído sobre unha orella dise *traer / poñer o sombreiro ó torto /de (medio) lado/ ó lado/ á teima/ de banda.* Cando nas cantigas de tradición oral se usa algún destes sintagmas especifícase que se fai *a uso de militar* ou *coma se foras alguén* ou *porque es fillo de rico* o que converte o xesto é indicio claro de fachenda e arrogancia. (mentres que, canso se di *trae-lo sombreiro baixo,* engádese *a estilo de mariñeiro /de maricón*). Pero temos dúbidas de que haxa moita xente que coñeza hoxe esta simboloxía.

[153] "Я, как обычно, лихо заломив бескозырку набекрень, ехал на красивом гнедом коне Игривом". (А. А. Игнатьев, *50 лет в строю*)

он со сдвигом	*ten mutación* ‘está atoleirado’
он с вывихом	*ten dislocación* ‘está atoleirado’
у него сдвиг по фазе	*está desfasado* ‘está atoleirado’
он тронутый	*está tocado* ‘está atoleirado’
etc.	

Sobre o arraigamento da palabra *nabekrén* no ruso é indicativo o uso en sentido figurado que dela fai I. S. Turguénev:

> Ás veces el mesmo non sabía que dicía, e estaba todo, como di o outro, *torto*, pero tiña sona de ser un interlocutor bastante agradable (*Petuxkov*).[154]

A introducción de *como di o outro* é un testemuño da estabilidade e do coñecemento que se tiña na fala do século pasado da expresión *быть набекрень estar de lado (un gorro)* ‘non ser coma todos, ter rarezas, caprichos, ser un pouco extravagante’.

O nome mordovio do deus anotado por Puxkin non tiña unhas condicións tan favorables para arraigarse na fala rusa coma as palabras de procedencia francesa e alemana *ажур à jour, раж rage, абцуг abzug, брудершафт Bruderschaft* e a holandesa *бекрень *bekrengen*. Estas acabaron formando parte da fraseoloxía rusa, e a mordovia ощюш кайбас segue sendo unha cousa rara ata para os especialistas na obra de Puxkin. Non obstante, o carácter enigmático do sentido interior une todas estas palabras. Só o coñecemento da fonte correspondente permite resolver este enigma.

2.2. *Ficobilinas, kubra, kondra* e *glokaia kuzdra*[155]

Фикобилины, кубра, кондра и глокая куздра

O misterio da palabra, da combinación das palabras ou da frase pode estar determinado por outra causa, pola especialización, polo estricto profesionalismo do texto no que se empregan. En realidade, cada esfera profesional crea o seu propio código e élle bastante difícil á xente profana pasar a través del. Abrimos, por exemplo, o libro do bioquímico contemporáneo V. L. Kretóvich *Bases da bioquímica das plantas*[156] (M., 1971). Na páxina 276 lemos:

> As ficobilinas das ficoeritrinas chámanse ficocritrobilinas, e as ficobilinas das ficocianinas chámanse ficocianobilinas[157]

[154] “Он иногда сам не знал, что такое говорил, и весь был, как говорится, набекрень, но все-таки слыл за весьма приятного человека”. (*Петушков*)
[155] Son fragmentos dos fraseoloxismos e frases rusas que o autor vai analizar neste apartado.
[156] *Основы биохимии растений*.
[157] “Фикобилины фикоэритринов называются фикохритробилинами, а фикобилины фикоцианинов - фикоцианобилинами”.

Este texto, a pesar da saturación excepcional de termos especiais, é aínda relativamente sinxelo. En todo caso, calquera ruso entenderá que se trata de precisa-la denominación dalgunhas unidades bioquímicas. Outro texto biolóxico, onde o autor non precisa a terminoloxía senón que expón o esencial, pareceralle a un simple lector moito máis misterioso, malia o alto número de palabras rusas "normais":

> Hai fundamentos para supoñer que os eumalocostracos non tiñan cuncha, o cal é un argumento en contra da procedencia dos eumalocostracos tanto dos filocáridos como dos carodioidos. [158]

Aínda que traduzamos a lingua científica internacional ó ruso, os termos non nos resultarán máis claros. Para entender estes textos hai que ser, por forza, especialista.

A especialización profesional non só caracteriza a fala científica, senón que pode ter tamén un papel "codificador" moi activo na fala de grupos socialmente separados, pero unidos por unha ocupación común. Esta codificación é activa, sobre todo, cando, por diferentes causas, xorde unha necesidade dela. Así, na Rusia prerrevolucionaria formaban unha agrupación profesional os vendedores ambulantes, os ferralleiros, os pequenos vendedores que viaxaban polas aldeas e levaban distintas mercancías: teas, mercería, pinturas en cortiza, literatura pseudopopular, melindres e outras lambetadas. Tiñan unha lingua secreta especial, unha xerga saturada de préstamos (sobre todo do grego) ou de palabras inventadas. Aínda así, a totalidade da gramática seguía sendo rusa. Velaquí, por exemplo, unha mostra da lingua dos ferralleiros de Vladímir publicada en 1822 en *Obras da sociedade de afeccionados á literatura rusa*[159] (libro 1, parte 1, t. XXIV):

> Масовской курёхой стремыжный пендюх прохандырили трущи. Лохи биряли клыги и гомза. Кубы биряли бряеть и в устреку кундяков и егренят. А ламонные карюки курещали курески, ласые лащата грошались.
> А здебешний бендюх прихлят касы, и масы стехнем стоду чунаться.[160]

¿Que significan estes galimatías?

Como se ve, é moito máis difícil entender este relato dos ferralleiros sobre os *прохандырившие трущи*[161] có texto bioquímico sobre as ficobilinas. É necesaria unha traducción especial. Faina para este fragmento o especialista nas xergas dos quincalleros, V. D. Bondalétov:

> Hai tres días pasaron os soldados pola nosa aldea. Os homes ofrecíanlles cervexa caseira e viño. As mulleres dábanlles de comer e tamén empanadas, ovos e filloas para levaren. As mozas bonitas cantábanlles cancións e os nenos pequenos rían. Hoxe virán os curas e rezarémoslle a Deus (Бондалетов, 1974: 78).

---

[158] "Имеются основания полагать, что карапакс у эвмалокострак отсутствовал, что говорит против происхождения эвмалокострак как от филлокарид, так и от каридоидов".
Nota do orixinal: O texto foi recollido nunha das conferencias de bioloxía polo investigador da Facultade de Bioloxía da Universidade de Leningardo V. A. Stefanov.

[159] *Труды общества любителей российской словесности.*

[160] O texto está composto segundo as regras da xerga e os rusofalantes non o entenden sen unha traducción especial.

[161] Na xerga dos ferralleiros significa 'os soldados que pasaron'.

Esta especialización caracteriza outras xergas profesionais. Os conxuros dos curandeiros aldeáns , por exemplo, están inzados de palabras especiais:

> Отговариваю от раба божия (имярек) щипóты и ломóты, потягóты и позевóты, урóки и призóры, стамовó и ломовó, нýтренно, спóево, закóжно и жилянко![162]

Aquí, a pesar do carácter artificial dalgunhas palabras inventadas para o conxuro, pódese entende-lo sentido xeral do texto. Axudan a iso as raíces das palabras, coñecidas por tódolos rusos, a partir das cales se formou un léxico do tipo: *потяготы-позевоты* ou *нутренно-закожно*.

Ás veces unha especialización semellante pode ser intencionada. Así, nas adiviñas populares rusas utilízanse "palabras escuras" co fin de codificar máis o seu sentido:

> Dendra está sentada
> encima da pendra
> e bérralle a condra:
> "Non vaias, condra,
> a pendra:
> Na pendra hai rindri e miandra.[163]

Non puideron descifrar esta adiviña de Kaluga, gravada a principios de século, nin sequera os autores do *Diccionario das falas populares rusas*[164] (ed. VII), onde a palabra *дендра* (dendra) se explica como 'avó'.

Noutra adiviña cóntase como o lobo levou unha ovella e o porco empezou a gruñir. Despois diso os campesiños viron o que pasara e quitáronlle a ovella:

> Chegou xuru-muru,
> Levou chiqui-briqui;
> Miakiniki viron
> Dixeronlles ós jiteiniqui;
> Os jiteiniqui alcanzaron a xuru-muru,
> Quitáronlle chiqui-briqui.[165]

Hai moitas palabras "escurecidas" intencionadamente en diferentes variantes da adiviña popular sobre a vaca:

> Четыре четырки, две растопырки,
> Один бухтырь, два ухтарка,
>
> Четыре ходаста, два бодаста,
> Седьмой хлебестун.

---

[162] "Tírolle ó servo de Deus (Fulano de tal) o mal con estas palabras..". Para designa-las enfermidades neste conxuro empréganse palabras dunha xerga formadas a base das seguintes: belisco, dor de ósos, o espreguizarse, bocexo, interior, baixo a pel, tendón.

[163] "Сидит дендра /На пендре /И кричит на кондру: /"Не ходи, кондра, /В пендру: /В пендре рындры и мяндра".
O texto está escrito segundo tódalas regras ortoépicas e gramaticais do ruso.

[164] *Словарь русских народных говоров.*

[165] "Пришел шуру-муру, /Унес чики-брики; /Мякинники увидали - /Житейникам сказали; /Житейники шуру-муру догнали, /Чики-брыки отняли.".

Тихень да михень,
Да промеж ног черепень,
Да в обе руки по сосочку.[166]

Atópanse palabras semellantes nos trabalinguas, outra variedade do folclore. Unha delas cítaa V. I. Dal no seu diccionario:

> O traste facía o *xi* para o traste pero chegou *vakula*[167] e tomouno a sorbos. [168] (II, 210).

Кубра explícase como 'traveso, burlón, traste'.

"O efecto de incompresión" que producen palabras como *фикобилины* 'ficobilinas' (termo bioquímico), *трущи* 'soldados'ou *кубра* 'traste' ten distinta intensidade dependendo do receptor do texto ou dos fragmentos de fala correspondentes. É normal que sempre se poida encontrar un especialista (no sentido amplo da palabra) capaz de descifrar completamente tales palabras ou frases. Depende moito da súa amplitude de difusión. Por exemplo, as zonas de compresión total da adiviña sobre *кубра* 'traste' non sobrepasan os límites da rexión de Nóvgorod e, como V. I. Dal citaba a palabra *кубра* 'traste' acompañada da marca *новг* 'de Nóvgorod', dende aquela ningún dialectólogo a recolleu fóra destes límites.

Non obstante, unha palabra que ó principio tiña un uso limitado, de repente ou paulatinamente, empeza a ser moi empregada. Así foi a historia da coñecida por tódolos lingüistas *глокая куздра* (glokaya kuzdra), inventada polo catedrático de Leningrado L. V. Xerba para demostra-las posibilidades "puramente" gramaticais da lingua. Na conferencia inaugural do curso "Introducción á lingüística" el pediulle a un estudiante de primeiro que escribira unha frase misteriosa:

> Глóкая кýздра штéко будланýла бóкра и курдячит бокрёнка.

Os estudiantes, confusos, afirmaban non entender nada desta frase. L. V. Xerba amosóulle-lo papel que na formación do sentido xogan os sufixos e as desinencias rusas na oración. En realidade, a pesar da "escuridade" das palabras separadas, está claro para todo o mundo que aquí se fala dalgún ser de xénero feminino que fixo algo rápido cun ser de xénero masculino e despois fai algo coa súa cría.

---

[166] O texto está escrito segundo tódalas regras ortoépicas e gramaticais do ruso: "Chetire ('catro') chetirki, dve ('dúas') rastopirki, odin ('un') bujtir, dva ('dous') ujtarka, chetire ('catro') jodasta, dva ('dous') bodasta, sedmoi ('o séptimo') jlebestun. tijen da ('e') mijen, da promezh nog ('e entre pernas') cherepen, da v obe ruki po sosochku ('e para ámbalas dúas mans, dous tetiños')". As palabras escurecidas son as que non subliñamos. A adiviña ten certo parecido estructural coas adiviñas galegas, aínda que a rusa parece máis complexa. A típica galega é esta: *Catro andadores* ('patas'), *dous miradores* ('ollos'), *dous mirasoles* ('cornos') *e un dálle-dálle* ('rabo'). Noutras versións as catro patas poden ser *andantes, corremontes, danzantes, pasamontes, roldamontes, saltamontes rozamontes, trizamontes* ou *palitroques;* os catro tetos do ubre poden ser nomes motivados coma *catro fontes, catro damas nun curral* e tamén *cichafontes* e *mexafontes* pero tamén *serruchetes* e *mingoantes*; o rabo pode ser *tornamoscas, varrecamiños, dálle-dálle*; e os dous cornos poden ser nomes motivados coma *duros, apuntantes, aguzados, fouciños, miraproceo, lúas na testa, torres altas, pilla-pilla,* pero tamén palabras inventadas e carentes de imaxe visual coma *tirosliros, tus-tus-tus, tuturulús* ou *titiritís.*

[167] *Xi* é unha sopa rusa de verduras. *Vakula* é unha palabra inventada.

[168] "Кубра на кубру щи варила, а пришедши Вакула (или кубра, бакура, букара), да выхлебела".

O enigma lingüístico de L. V. Xerba foi introducido nun amplo círculo de lectores polo divulgador da lingüística e escritor L. V. Uspenski (1962: 324-329). Debido á sona do libro *Palabra sobre as palabras*[169], *глокая куздра* empezou a ter un uso bastante amplo. En todo caso, é difícil atopar un filólogo que non coñeza este apotegma. No recente aniversario de L. V. Xerba na Universidade de Leningrado, o catedrático A. I. Moiséev dedicou unha ponencia enteira á sorte de *глокая куздра*. Resulta que esta composición xa xerou múltiples variantes, renóvase, altérase e fórmanse frases semellantes seguindo o modelo de Xerba. Así, I. S. Ulughánov nun dos seus artigos considera vulgar o verbo *кудрячить* porque está formado seguindo o modelo estereotípico de formación de palabras da fala vulgar rusa (Улуханов, 1975: 73). Outro lingüista chama a бокренок coa palabra букренок (Пилинский, 1975: 35). E o terceiro en vez do verbo *будланула* (budlanula) emprega a súa metátese *булданула* (buldanula) (Слюсарева, 1975: 80). Estes feitos testemuñan que o xiro de Xerba chegou a ser habitual no uso da lingua. É importante sinalar que durante este proceso de adopción *глокая куздра* adquiriu o sentido figurado de: 'algo incomprensible, escuro, artificial'.

Dende logo, a *куздра* (Kuzdra) de Xerba tivo moita máis sorte no ruso moderno cá *ку́бра* 'traste' de Nóvgorod, que non saíu fóra dos límites do pouco coñecido trabalinguas, ou cá *кондра* (kondra) de Kaluga, que quedou no seo dunha estraña adiviña. Non obstante, "a comprensibilidade gramatical" común relaciona todas estas palabras, sendo o seu significado léxico escuro. Á parte diso, todas estas palabras están forxadas na fragua do emprego especializado ou local e por iso dan a impresión de non seren comprensibles.

2.3. *Strukusi* e *debr kisaniu*[170]
Стрикусы e *дебрь кисаню*

A lingua conserva moitos elementos que dende o punto de vista do uso común moderno parecen incomprensibles ou, polo menos, pouco claros. Moi a miúdo o incomprensible, como vimos, é resultado da extracción da palabra, da composición de palabras ou da frase dun texto máis amplo, onde antes eran naturais e, por iso, comprensibles. Isto adoita estar relacionado co desenvolvemento da lingua. Neste proceso algúns elementos envellecen e entón fanse insólitos; outros permanecen case sen cambios no sistema da lingua e por iso teñen un significado transparente. Os elementos do primeiro tipo esixen un comentario filolóxico particularmente minucioso. Unha das tarefas máis antigas da filoloxía é o comentario de texto, por exemplo, da *Ilíada* de Homero. Esta é a tarefa máis importante da filoloxía moderna. «A comprensión e a interpretación do texto — subliñaba o académico V. V. Vinográdov— é a base da filoloxía e, ó mesmo tempo, o fundamento do estudio da cultura espiritual e en parte material» (Виноградов, 1959: 4). Nesta interpretación o máis difícil son os comentarios dos chamados "puntos escuros".

[169] *Слово о словах*.
[170] Estas palabras son fragmentos dos fraseoloxismos rusos que o autor vai analizar neste capítulo.

Na historia da literatura e da lingua rusas hai moitos casos nos que un comentario semellante dunha pasaxe dun texto antigo suscitou discusións violentas. Moitas partes do *Cantar sobre as tropas de Ígor*[171] aínda seguen sometidas a unha seria revisión. No *Glosario-diccionario do "Cantar sobre as tropas de Ígor"*[172] (ed. I-V, M.; Л., 1965-1978) que é unha verdadeira enciclopedia do *Cantar* non só se rexistran distintas variantes, sénon que tamén se recolle abundante material doutros monumentos escritos, do folclore ruso, datos dos diccionarios dialectais en pro ou en contra dunha ou doutra versión.

Velaquí un dos fragmentos máis enigmáticos do *Cantar*:

> Скочи [Всеслав] отъ них [киевлян] лютымъ звѣремъ въ плъночи из Бѣлаграда, обѣсися синѣ мыглѣ утръже ваззни, с три кусы отвори врата Нову-граду, разшибе славу Ярославу, скочи влъкомъ до Немиги съ Дудутокъ[173] (Сл.-спр., вып. 3, 40).

Aquí non se entende a combinación *ваззни с три кусы*. Non está claro, en primeiro lugar, se a primeira palabra é *ваззни* ou *возни*; en segundo lugar, se é necesario poñer unha coma entre a primeira e a segunda parte da combinación (no texto antigo ruso non había signos de puntuación); e, por último, se a última parte desta frase *стрикусы* se escribe xunta ou separada.

Todo isto non é un problema ortográfico formal para os comentaristas deste monumento antigo da literatura escrita rusa. Detrás de cada unha das respostas hai unha lectura, en principio diferente, de todo o fragmento, que é de extraordinaria importancia para todo o poema.

Os primeiros editores do *Cantar*, que o presentaron ó público lector baixo o título *Novela irónica sobre a campaña contra os polovtsi [174] do príncipe de Nóvgorod-Severski Ígor Sviatoslavovich*...[175], espellaron esta combinación da seguinte forma:

> утръ же воззни стрикусы отвори врата Новуграду.

Este fragmento vai acompañado da traducción "pola mañá ó crava-los *stricusi* abriu as portas de Nóvgorod".

Cómpre dicir que para os primeiros lectores do *Cantar* a traducción non era máis clara có orixinal, porque ninguén podía atopa-la palabra *стрикусы* en ningún diccionario ruso. Por iso, os editores acompañaron o fragmento enigmático e a súa traducción cunha interpretación especial: «Segundo o sentido da fala *стрикусь* non é máis que un ariete, unha especie de ariete que se usa durante o cerco das portas da cidade».

---

171. *Слово о полку Игореве.*
172 *Словарь-справочник "Слова о полку Игореве".*
173 "[Vseslav] afastouse deles cabalgando de Belgorod coma unha besta feroz á medianoite e pola mañá, ó terceiro intento, abriu as portas de Nóvgorod, derribou a gloria de Iaroslav e cabalgou coma un lobo dende Dudotki ata Nemiga".
174 Os *polovtsi* é o antigo nome ruso dunha tribu turca dos Kumanes.
175 *Ироническая песнь о походе на половцев удельного князя Новагорода-Северского Игоря Святославича...*

Durante moito tempo os investigadores admitiron esta explicación. Un deles, I. M. Snegiriov, relacionou pola etimoloxía a palabra *стрикус* co verbo *стрѣкать* 'picar, topar' e despois co alemán *Streitárte* 'berdiche, a antiga arma preferida polos alamáns e os francos'. Esta idea, un pouco modificada, apoiouna despois o coñecido lingüista ruso A. A. Potebniá. El relacionou *стрикус* coa palabra do novo alemán *streitaxt*, que remonta ó antigo alto alemán *strîk-akis*, *strît-achus* 'machado de loita'. A base desta comparación etimolóxica puxo en dúbida que Vseslav puidera utiliza-los arietes ó facer unha incursión rápida, cando non había tempo para un cerco longo. A súa interpretación do discutido fragmento é a seguinte:

> Abriu as portas de Nóvgorod cos machados de loita.

Un século e medio despois da primeira publicación do *Cantar*, apareceu unha interpretación do fragmento baseada nun principio novo. Propúxoa R. O. Jakobson, que lle chamou curiosa á traducción tradicional porque a palabra *стрикус* non se recolle en ningunha obra da literatura rusa e resulta ser, polo visto, unha alteración doutra palabra ou combinación de palabras, e isto confírmano as fontes. El supón que o texto tiña aquí a seguinte forma: *утрьже вазни с три кусы*, onde *вазнь* significa 'sorte, éxito coa axuda da bruxería, dos demos'. É unha antiga palabra eslava recollida por primeira vez en Recompilación de Sviatoslav[176] (1073). A palabra *кус* significa 'anaco, parte, tallada' e está amplamente representada na antiga lingua rusa.

O sentido da frase, polo tanto, é 'tivo tres anacos de sorte'. O investigador búlgaro do *Cantar*, N. M. Dilevski, confirma esta versión. El intentou concreta-las "tres sortes" que tivo Vseslav o Vidente. Estas *вазни* 'éxitos' son éxitos moi grandes: ocupou Nóvgorod, "rompeulle a cabeza a Iaroslav" e empezou a goberna-la capital de Kiev[177].

Parecía que a explicación de R. O. Jakobson puxera os puntos sobre os is, é dicir, sobre os misteriosos *стрикусы (=с три кусы)*. Pero, a pesar de todo, esta interpretación aínda ía ser sometida a unha nova crítica xusta. O famoso etimólogo soviético O. N. Trubachiov rexeita de maneira contundente a hipótese de R. O. Jakobson, ó considerar débil a aproximación da misteriosa palabra **стрикусь*[178] á denominación alemana do machado:

A segunda versión ten unha base léxica moi verosímil, pero é dubidosa no plano fraseolóxico porque postula que este fraseoloxismo serodio —polo visto, non ruso— ten maior antigüidade. A maneira de conta-los éxitos con "anacos", "unidades" cheira a xerga moderna e chama a atención pola súa amplitude de uso e polo seu sentido figurado. Ante todo, lembra a checa *kus* 'anaco' e tamén 'unidade', 'cousa', que podía levar ó autor da segunda versión, R. O. Jakobson, a unha reconstrucción semellante. A extensión semántica e a metaforización no checo é resultado da influencia secundaria da alemana *Stück* (Трубачев, 1974: 449).

Moito antes que O. N. Trubachiov, o académico D. S. Lighachiov puxo en dúbida a interpretación de R. O. Jakobson. Conforme coa nova división en palabras do misterioso

[176] *Изборник Святослава.*

[177] **Nota do orixinal**: Consulte as referencias en: Сл.-спр., вып. 3, 38-42.

[178] **Nota do orixinal**: Co signo * marcámo-las formas reconstruídas da palabra.

fragmento proposta polo rusista americano, o famoso investigador do *Cantar* oponse loxicamente á mesma lexitimidade da imaxe literaria *ter tres veces o anaco da sorte*. En toda a literatura rusa antiga é imposible atopar unha expresión análoga ou co mesmo tipo de imaxe. Por iso, propón cambia-los signos de puntuación e le-la frase da seguinte maneira: *Утрьже вазни, съ три кусы отъвори врата Нову-граду*, coa traducción: "Tivo sorte, despois de tres intentos abriu as portas de Nóvgorod [ocupou a cidade]". Como podemos ver, a palabra *кус* xa se interpreta dunha maneira distinta, como 'intento'.

En realidade, a raíz *кус* está relacionada con estes significados (compárese *покушение* 'atentado', *искус* 'tentación'). Pero o mesmo D. S. Lighachov subliña que non está fixada nos monumentos escritos. De aquí chega a unha conclusión prudente o autor desta graciosa hipótese:

> Se nos antigos textos rusos se puidera atopa-la palabra *кус* co significado 'intento', 'atentado', 'tentación', a lectura deste fragmento podería considerarse definitivamente fixada (Лихачев, 1962: 587).

Desta maneira os misteriosos *стрикусы* resultan unha combinación das antigas palabras rusas *с три кусы*, é dicir, 'despois de tres intentos'. A palabra *вазни*, que tamén, como vimos, provocou variantes de lectura, é aquí o xenitivo da antiga rusa *вазнь* 'sorte, éxito'. Tendo en conta este significado das palabras escuras, podemos traducir este misterioso fragmento da maneira seguinte:

> De Belgorod á medianoite [Vseslav] afastouse deles [dos cidadáns de Kiev] cabalgando coma unha besta feroz ó cubrirse coas tebras azuis. Pola mañá acompañouno a sorte: despois de tres intentos abriu as portas de Nóvgorod, derrubou a sona de Iaroslav e cabalgou coma un lobo de Dudotki ata Nemiga.

Cómpre engadir, para máis exactitude, que unha besta feroz, neste fragmento, non é calquera besta feroz e sanguinaria. Como demostrou o catedrático B. A. Larin, os antigos rusos designaban con este eufemismo o lince (Ларин, 1951). Pode ben ser que o autor do *Cantar* comparara con el o pérfido e prudente Vseslav.

No fragmento citado están concentrados os feitos básicos da biografía do príncipe de Pólotsk Vseslav Briachislávovich, o fundador da dinastía dos príncipes de Pólotsk (morreu en 1101). Na vida deste príncipe, así como na de moitos outros gobernadores feudais daquela época, os fracasos seguían os éxitos. Posto a mal cos fillos de Iaroslav o Sabio, Iziaslav, Sviatoslav e Vsevolod, ocupou en 1067 Nóvgorod e incendiouno. Sen embargo, os fillos de Iaroslav derrotárono o 3 de marzo do mesmo ano no río Nemiga. Iziaslav encerrou a Vseslav e mailos seus dous fillos en Kiev, pero no ano 1068 os cidadáns de Kiev sublevároronse, liberáronos e subiron Vseslav ó trono de Kiev. En 1069 Iziaslav, apoiado polo rei polaco, Boleslav volveu a Kiev. Vseslav, como previa a derrota, fuxiu pola noite, ocultándose dos cidadáns, a Belgorod e de aí á súa cidade patrimonial de Pólotsk.

Como subliña o autor do *Cantar*, a audacia e o enxeño de Vseslav non o libraban das desgracias: «Aínda que tiña unha alma vidente nun corpo audaz, a miúdo sufría desgracias». Non é casual que Boián o Vidente compuxera un refrán sobre el:

> Nin o arteiro, nin o mañoso, nin o adiviño poden evita-lo xuízo de Deus.[179]

E, ben mirado, nin o enxeñoso, nin o mañoso nin o ornitomante (ни птицю горазду), que sabe entende-las prediccións do porvir ou predici-la sorte da xente polo voo e o comportamento dos paxaros, poden esquiva-los altibaixos do destino ou a fin.

Moitas disputas suscita a frase do *Cantar* sobre *растекание мысли по древу a extensión do pensamento polo árbore* 'contar algo de maneira moi circunstanciada':

> Boián foi un profeta e, se quería crear unha canción para alguén, derramábase cos seus pensamentos pola árbore, coma o lobo gris pola terra, coma unha aguia gris azulada baixo as nubes[180]

No *Diccionario-guía do "Cantar sobre as tropas de Ígor*[181] (vol. III, 123-127) a palabra *мысль* deste fragmento interprétase como 'imaxinación, reprodución, representación creativas'. Unha das máis exactas traduccións do *Cantar* é a traducción en prosa do especialista leningradense en literatura rusa antiga, o catedrático I. P. Eremin. Esta presenta unha acepción totalmente diferente da palabra :

> Pois Boián o Vidente, cando lle quería compor unha canción a alguén, ou brincaba polas árbores coma un esquío, ou corría coma un lobo pola terra, ou daba voltas por debaixo das nubes coma unha aguia gris azulada (*Cantar sobre as tropas de Ígor*, 5[182]).

Мысль tradúcese aquí como белка 'esquío'.

As dúas interpretacións da antiga palabra rusa espellan as violentas disputas que se desencadearon en publicando o *Cantar sobre as tropas de Ígor*[183].

Moi pronto os investigadores puxeron en dúbida que *мысль* correspondese aquí á acepción moderna desta palabra. Na recensión sobre a traducción do *Cantar sobre as tropas de Ígor* de A. Veltman, N. Polevoi escribía xa en 1833:

> Creo que aquí se sobreentende non o pensamento, senón algunha outra cousa... ¿ben sexa un animaliño ou ben un paxariño calquera, por que temos aquí unha gradación da comparación: nubes, terra, árbore - aguia, lobo - "pensamento"?

Esta mesma dúbida, como é sabido, tíñaa A. S. Puxkin, que era lector apaixonado do *Cantar sobre as tropas de Ígor*, e propuxo unha serie de traduccións propias dalgúns fragmentos. Esta dúbida atopou unha confirmación "material" no diccionario de V. I. Dal, en que está recollida a palabra de Pskov *мысь* 'esquío'.

Dende entón houbo moitos intentos de precisa-lo significado "zoolóxico" da palabra *мысль - мысь*. Uns subliñaban que non é un simple esquío, senón un esquío voador que voa facilmente de póla en póla. Outros afirmaban que *мысь* é unha especie de rato do monte, *Duromus nitedula Schreb*., que habita nas estepas do Sur de Rusia e do Cáucaso

---

[179] "Ни хытру, ни горазду, ни птицю горазду, суда божіа ни минути".

[180] "Боянъ бо вѣщіи, аще кому хотяше пѣснь творити, то растѣкашется мыслію по древу, сѣрымъ вълкомъ по земли, шизымъ орломъ подъ облакы".

[181] *Словарь-справочник "Слова о полку Игореве".*

[182] *Слово о полку Игореве*, 5

[183] *Слово о полку Игореве*.

do Norte. O pobo chámao *соня sonia*, ‘durmiñón’ porque de día dorme profundamente nos niños feitos entre as pólas dos arbustos. En fin, hai pouco O. N. Trubachiov viu nesta palabra un resto do antigo indoeuropeo **mūs-t(e)l-* ‘animaliño voante, flotante’ que nalgunhas linguas (latino *mustela*, osetino *mystulæg*) pasou a designa-la donicela pequena e viva, a marta pétrea e, no dialecto eslavo, o esquío voador (Трубачев, 1974). Con iso suponse que no preeslavo temperán a palabra **mūstlĭ* tamén tiña o significado de ‘donicela’.

Parece que a lóxica das comparacións que rodean a misteriosa *мыслию по древу pola árbore co pensamento* e os argumentos arriba citados deben convencernos de que neste caso *мысль* ‘o pensamento’ é precisamente o esquío vivo e lixeiro que brinca de árbore en árbore. Non é casual que os divulgadores da lingüística rusa estableceran xa hai tempo esta interpretación como a única norma recomendable. O escritor B. N. Timofeev, por exemplo, afirma de maneira categórica que empregamos a expresión *растекаться мыслию по древу derramar pola árbore co pensamento* de forma “incorrecta”: na lingua moderna adquiriu o significado estable de ‘sumirse nunha verbosidade innecesaria, entrar en detalles excesivos, desviarse da idea principal’. E, se nesta interpretación é ‘idea, pensamento’ e non ‘esquío’, este emprego é un erro grave segundo a lóxica do escritor. (Тимофеев, 1963: 294).

Vimos, sen embargo, que o colectivo de redactores expertos da enciclopedia do *Cantar* e a súa coordinadora V. L. Vinográdova caen no mesmo “erro”, aínda que no artigo dedicado á palabra *мысль* ‘pensamento’ se recollen tódalas interpretacións “zoolóxicas” desta frase. Entón hai algo que lles dá “dereito ó erro”.

Ben mirado, o caso do “pensamento-esquío” non é tan sinxelo como parece a primeira vista “semántica”. En primeiro lugar, a palabra *мысь* ‘esquío’ é un dialectalismo reducido: só se atopou en Opochetski, antigo distrito da antiga rexión rusa de Pskov, e non se encontrou fóra desta zona. En segundo lugar, ademais desta frase sobre Boián o Vidente que “se extende co pensamento pola árbore”, unha combinación análoga, pero nunha forma algo modificada, atópase noutro fragmento do *Cantar* cando se trata tamén de Boián:

> О Бояне, соловію стараго времени! а бы ты сіа плъкы ущекоталъ, скача, славію, по мыслену древу, летая умомъ подъ облакы, свивая оба полы сего времени (Сл.-спр., III, 120).

É significativo que na xa citada traducción en prosa de I. P. Eremin este fragmento teña unha traducción totalmente diferente, seguindo a clave significativa dos autores da *Guía-diccionario*:

> ¡Oh, Boián, reiseñor dos tempos antigos! ¡Se cantaras co teu canto cabalgando co teu pensamento pola árbore, voando coa mente por debaixo das nubes, cantando a fama dos tempos antigos e modernos!

Están claras as causas das distintas traduccións baseadas en principios diferentes que fai o catedrático I. P. Eremin para as expresións

мыслию по древу *polas árbores coma un esquío*

по мыслену древу *pola árbore do pensamento*

No segundo fragmento do texto xa non hai esta sarta de comparanzas con animais que, a primeira vista, reforzan a imaxe do esquío. Aquí, pola contra, a frase *voando coa mente por debaixo das nubes*, que segue a *árbore do pensamento*, acentúa o antigo e habitual significado da palabra *мысль* 'representación, imaxinación'. Por iso, non é posible, seguindo a O. N. Trubachiov, considera-lo contexto da по *мыслену древу* «un fragmento serodio ou modificado».

Mesmo así ¿é posible pensar que no caso de *растѣкашется мыслію по древу derramábase pola árbore co pensamento* se trata dun animaliño vivo e na frase *по мыслену древу co pensamento pola árbore*, do pensamento?

Dende logo, é pouco probable esta polisemia da palabra *мысль* no mesmo texto e ademais nas frases que caracterizan directamente o estilo creativo de Boián o Vidente. Por iso, os investigadores dábanlles a estas frases unha interpretación semellante. Baixo a "árbore do pensamento" entendían a árbore da vida e a árbore bíblica do coñecemento do ben e do mal, a árbore da sabedoría, e o instrumento musical de corda. En todas estas hipóteses os científicos parten da combinación literal "árbore do pensamento". A tradición desta interpretación está consagrada por autoridades científicas como A. N. Veselovski, A. A. Potebniá, E. V. Bársov, etc.

Polo tanto, hai razóns abondas para considerarmos que na expresión *растѣкашется мыслію по древу derramábase pola árbore co pensamento* se trata da imaxinación poética, do pensamento creativo de Boián o Vidente. E, como argumento máis significativo, poden servir múltiples contextos do antigo ruso nos que a palabra *мысль* 'pensamento' combina neste significado con verbos de movemento ou desprazamento no espacio. Na antiga Rusia significaba 'desbordar, fluír en distintas direccións' e 'estenderse'; e en sentido figurado, 'diverxer, dispersarse correndo'. Noutros textos literarios atopamos análogas combinacións de palabras:

Мыслию паря, аки арель по воздуху (Моление Даниила Заточника)	*voando co pensamento coma unha aguia polo aire*
възиди мыслию на оно небо вышьнее	*subir co pensamento ó ceo superior*
мыслию прѣходимъ на вѣчную жизнь (Златоструй)	*co pensamento pasamos á vida eterna*
къ творьцу свѣтовному мыслию възлетѣти (Шестоднев)	*subir voando co pensamento ata o creador de todo o universo*
ползая мыслию, яко змия по камению (Мѣоление Даниила Заточника)	*arrastrarse co pensamento coma unha serpe pola pedra*

Despois desta revisión crítica de tan diferentes puntos de vista sobre a misteriosa *мысль*

по древу pensamento pola árbore, podemos facer alusión a unha das primeiras traduccións poéticas deste fragmento, a traducción de V. A. Kovski. A imaxinación creativa do poeta xa nos anos 1817-1819, nos que se facía esta traducción, non viu contradicción ningunha no significado literal desta combinación:

> Boián o Vidente,
> Se lle quería compoñer unha canción a alguén,
> Estendíase co pensamento pola árbore,
> Coma un lobo pola terra,
> Coma unha aguia gris azulada por debaixo das nubes.[184]

A pesar das dificultades para a lectura dos fragmentos escuros do *Cantar* do tipo *стрикусы е мысль по древу*, os seus enigmas están máis ou menos resoltos. Pero neste texto hai unha frase onde a "escuridade" se recoñece de maneira unánime.

Lembrémo-lo "soño escuro" que Sviatoslav tivo "nos montes de Kiev", que está saturado de imaxes e de símbolos que predín a traxedia das tropas de Ígor:

> Esta noite, xa dende a tarde, tapábame – dixo - cun cobertor negro na cama de teixo; collía viño branco mesturado con amargura; botábanme as perlas grandes sobre o peito das baleiras alxabas dos pólovets e gabábanme. E o tellado dourado do meu pazo xa non tiña cumio, e toda a noite, xa dende a tarde, os corvos pardos [185] grallaban no prado preto de Plesnesk. (*Cantar sobre as tropas de Ígor*, páx.11).[186]

Se comparamos co orixinal a última parte, a máis sinistra, sobre os agoireiros da morte, os corvos, na traducción de I. P. Eremin aquí citada, sorprenderanos que nela se omita un fragmento bastante grande:

> Всю нощь с вечера бусови врани възграяху у Плѣсньска на болони бѣша дебрьски сани [дебрь Кисанюѣ] и несошася къ синему морю.

Non era casual a omisión feita polo especialista en literatura antiga rusa, I. P. Eremin, da combinación *дебрьски сани* e da frase *и несошася къ синему морю* probablemente referente a esta. Este fragmento é un dos máis escuros de todo o *Cantar*: na *Guía-diccionario* as palabras *дебрь*, *сани* e *Кисаню* están recollidas entre parénteses rectas, que son símbolo da reconstrucción da forma, do seu carácter hipotético.

Algúns investigadores (incluíndo os primeiros editores e investigadores deste texto tan célebres como A. A. Potebniá, N. K. Gudzii, D. S. Lighachiov) len esta combinación como *дебрь Кисаню* supoñendo que se trata do nome dun terreo cerca da cidade Plesnesk. *Дебрь* no antigo ruso significa 'val, desfiladeiro', 'bosque nun val, bosque impenetrable' ou 'barranco profundo'. Outros (E. V. Bársov, V. N. Peretst, A. S. Orlov) ven aquí unha combinación de palabras onde o adxectivo relativo *дебрьски* significa

[184] "Вещий Боян, /Если песнь кому сотворить хотел, /Растекался мыслию по древу, /Серым волком по земле, /Сизым орлом под облаками.".
[185] O texto di *corvos grises* pero tamén di o refrán ruso que *De noite tódolos gatos son grises*.
[186] "Ночью этой, съ вечера, накрывали меня, - сказал, покровом черным на кровати тисовой; черпали мне светлое вино, с горечью смешанное; сыпали мне из пустых колчанов половецких крупный жемчуг на грудь и величали меня. И кровля уже без князька в моем тереме златоверхом, и всю ночь с вечера серые вороны у Плеснеска на лугу граяли". (*Слово о полку Игореве,* с. 11).

'infernal' e *сани* significa 'dragón, serpe'. De aí a traducción proposta polo académico A. S. Orlov:

> Preto de Plesnesk apareceron as serpes nas fochas e nos foxos e precipitáronse no mar azul

E outros, conservando a división das palabras *дебрьски сани*, parten da significación *сани* 'carro de inverno con dous patíns'. Con iso teñen en conta unha antiga función ritual das zorras: nelas adoitábase leva-lo cadaleito do defunto nos enterros. Non é casual o emprego da expresión *сѣдя на санех* 'sentado nas zorras' na *Поучение* de Vladímir Monomagh que ten o significado figurado de 'achegarse á morte, estar cun pé na sepultura'. Nesta interpretación o grallo sinistro dos corvos resulta un "acompañamento musical" luctuoso do rito funerario.

Todas estas interpretacións parecen lóxicas e dubidosas en igual medida. Por iso, no artigo de B. A. Larin "Sobre a fraseoloxía popular"[187], despois de citar previamente algunhas das interpretacións achegadas, tiña tódalas razóns para dicir sobre este fragmento escuro: «Ningunha destas correccións aclaran o texto, a relación destas dúas palabras enigmáticas co resto da frase queda sen reconstruír» (Ларин, 1959: 32). O recoñecemento da imposibilidade de reconstruí-la relación entre as partes deste misterioso todo non diminúe de ningunha maneira o prestixio da filoloxía. Nesta, coma en calquera outra ciencia, deben queda-los seus enigmas sen descifrar: non hai perspectiva de investigación científica, non hai movemento cara adiante sen un enigma indescifrado.

2.4. *Воочию* (voochiu) e *восвояси* (vosvoiasi) *Cos seus propios ollos* e *para a súa casa*

A incomprensión do texto a miúdo pode se-lo resultado da arcaización dalgunha palabra que era outrora amplamente coñecida e que despois se esqueceu. Algunhas palabras caducan e desaparecen porque se fan innecesarias a causa da desaparición do obxecto, fenómeno ou concepto que designaban. Outras, ó se volveren arcaicas, desprázanse cara á periferia do uso e poden converterse nunha fonte importante de provisión estilística da lingua moderna. Os poetas, por exemplo, empregan amplamente os arcaísmos sinónimos das palabras habituais porque lle dan á lingua poética un carácter elevado, solemne:

очи 'luceiros' en vez de *глаза* 'ollos'
ланиты 'meixelas' en vez das *щеки* 'fazulas'
денница 'aurora' en vez de *заря* 'amencer'

Un dos poetas soviéticos chegou a dedicarlles a tales palabras un poema especial, era un

[187] "О народной фразеологии".

chamamento apaixonado a non esquecelas:

¡Volvede, queridas meixelas,
As fazulas non vos substitúen!
¡E o luceiro que está aberto ó mundo
Non é o mesmo có ollo!
¡Volvede, queridas auroras,
Vou inclina-la miña cabeza diante de vós!
¡Toda a serie que non puido caber
No meu verso, volve!, chamo...
Chamo, pero pode ser en van.
Elas son coma unha melodía calada,
Coma as estrelas que se apagaron hai moito,
Ó quentar para sempre a terra.[188]
(*Volvede*).

Entendemos este chamamento a que regresen á lingua moderna *денницы* 'as auroras' e *ланиты* 'as meixelas'. Para un artista da palabra, preferir un arcaísmo poético antes ca unha palabra cotiá, manida, é un medio estilístico moi acertado e de gran capacidade. A. Blok, cando se preparaba para traballar sobre a imaxe de Gaetano na peza *Rosa e Cruz*[189], apuntou:

> Non os ollos, senón os luceiros; non o pelo, senón a cabeleira; non a boca, senón os labios.[190] (Блок, Соч., т. 12. Л., 1936: 81).

Cunha contraposición semellante destes sinónimos A. Fadeev caracteriza a Uliana Gromova de *Garda nova*[191] que «non tiña ollos, senón luceiros». A palabra *очи* 'luceiros' é todo un retrato da súa protagonista preferida. A mesma contraposición haina no poema de Rimma Kazakova:

A túa muller ten
luceiros;
non ten beizos,
senón labios...
¡Eu quérote moito a ti!
Pero estou limpa
diante dela.
(*A túa muller*)[192]

Son claras as dúbidas de A. Márkov de que o chamamento ó regreso destas palabras arcaicas dea resultado. En realidade, estas palabras a miúdo "apáganse" no sistema da lingua coma as estrelas.

---

[188] "Вернитесь, милые ланиты, /Не заменяют щеки вас! /И око, что на мир открыто, /Не то же самое, что глаз! /Вернитесь, светлые денницы, /Пред вами я склоню главу! /Весь список, что не мог вместиться /В мои стихи, вернись! - зову... /Зову. Но, может быть, напрасно: /Они, как смолкнувший напев, /Как звезды, что давно погасли, /Навеки землю обогрев". (*Вернись*).

[189] *Роза и крест.*

[190] "Не глаза, а очи, не волосы, а кудри, не рот, а уста".

[191] *Молодая гвардия.*

[192] "У жены твоей - /очи,/и не губы - /уста... /Я люблю тебя очень! /Но пред нею - /чиста". (*У жены твоей...*)

Pero o lume da estrela aínda se pode ver moito tempo despois de se apagar: a distancia entre ela e a terra mídese en centenares de anos luz. Da mesma maneira, as palabras arcaizantes, cando se apagan nunha lingua como obxectos luminosos independentes, seguen escintilando noutros espacios lingüísticos. Podemos considera-la fraseoloxía un planeta especial que recolle a luz destas estrelas apagadas.

A palabra *око*[193] 'ollo', por exemplo, fíxose arcaica no ruso hai pouco tempo, porque o sinónimo que a substituíu, *глаз* (o seu significado primario era 'pedra, seixo', 'bóla de pedra ou de vidro'), entrou no uso activo co significado de 'órgano da vista' só despois do século XVI. Para outros eslavos e para os baltos (compárese a lituana *akís* e a letona acs) esta palabra é aínda a única denominación non marcada do órgano da vista en tódolos usos da lingua. E para outros pobos indoeuropeos segue viva despois de sufri-los cambios fonéticos necesarios: ten a mesma raíz, por exemplo, a alemana *Auge*, a inglesa *eye*, a latina *oculus* ou a francesa *oeil.*

No ruso *око* 'ollo' foi desprazado paulatinamente para a periferia do emprego literario. Pero segue empregándose moito como compoñente dos refráns, frases proverbiais e distintos tipos de locucións fixas, onde a ningún de nós se nos ocorrería substituí-la solemne *око* 'ollo' pola cotiá *глаз* 'ollo'. Este é o caso do refrán *Око за око, зуб за зуб* Ollo por ollo, dente por dente, que representa unha cita da Biblia, a chamada lei do talión:

> Se chega a resultar un dano grave, a compensación será vida por vida, ollo por ollo, dente por dente, man por man, pé por pé, queimadura por queimadura, ferida por ferida, mancadela por mancadela.[194]

Na traducción rusa emprégase a palabra *око* 'ollo', que pertence ó antigo eslavo. Outro refrán *Хоть видит око, да зуб неймёт O ollo ve pero o dente non colle* está recollido da fala do pobo e, polo visto, conserva a palabra orixinal rusa *око* 'ollo'. Iso nótase tamén polo verbo *неймёт* 'non colle' que pertence ó rexistro vulgar.

Semellante paralelismo no emprego desta palabra arcaica é característico doutras locucións fixas onde se conserva. Resultado da tradición libresca en Rusia son tres expresións:

пуще ока (как зеницу ока) хранить (беречь, etc.)	*gardar máis có ollo (como a meniña do ollo)* 'vixiando, con moito coidado'
умственное (мысленное, духовное) око	*o ollo da mente (dos pensamentos, do espírito)* 'mente, imaxinación'
недрема́нное око	*ollo que non dorme* 'vixiante coidadoso, observador'

A locución *гнать (прогнать) с очей botar (expulsar) dos ollos* 'facer desaparecer da

[193] Palabra antiga que se usa só nun estilo elevado. Emprégase na lingua poética.
[194] Éxodo, 21, 23-25.

vista' está vinculada coa fala, e a expresión *в мгновение ока nun chiscar de ollos* 'moi rápido' une as tradicións libresco-literaria e a coloquial.

O paralelismo "libresco:coloquial" non acaba aquí, porque algunhas expresións coa palabra *око* 'ollo' poden ser substituídas polo seu sinónimo *глаз* 'ollo'. Así xunto coa expresión *в мгновение ока nun pestañexo dos ollos* 'moi rápido' está moi divulgada no ruso a expresión *глазом мигнуть (моргнуть) не успел non tiña tempo nin para chiscar un ollo* baseada na mesma comparación metafórica. Nos dialectos provinciais rusos está moi ben representada a variante orixinaria rusa da comparación libresca do antigo eslavo

беречь как зеницу ока	*coidar coma a meniña do seu ollo* 'coidar coma a meniña do ollo'
(Ob') *беречь как свой правый глаз*	*coidar coma o seu ollo dereito* 'coidar coma a meniña do ollo'
(Vorónej, Pskov) *глядеть (смотреть, беречь) как глаз во лбу*	*mirar (ollar, coidar) coma o ollo na fronte* 'coidar coma a meniña do ollo'

E cando compras este pano *cóidalo coma a meniña dos ollos*[195] (distrito Ostrovski da comarca de Pskov).

E, a dici-la verdade, os escritores rusos tratan estas expresións con bastante liberdade, mesturan as dúas tradicións citadas e substitúen *око* 'ollo' por *глаз* 'ollo':

Teño medo
de que as procesións e os mausoleos,
o estatuto establecido
polas xeracións
cubran co óleo repugnante
a sinxeleza
de Lenin.
Temo
coma pola meniña dos meus ollos
que o calumnien pola
beleza de bombón[196].
(Maiakovski, *Vladímir Ilich Lenin*).[197]

Detrás de cada unha das expresións mencionadas hai unha historia peculiar, ás veces non equivalente á historia das palabras que as compoñen. Así, a expresión *как зеницу ока coma a meniña dos ollos* resulta un peculiar par léxico orixinal dos arcaísmos. A

[195] "А такóй-та кýпиш платóк, берéжош как глас во лбу".
[196] *A beleza de bombón* é un ocasionalismo de Maiakovski para referirse a unha beleza non natural, senón producto do acicalamento.
[197] "Я боюсь, /чтоб шествия и мавзолеи, /поколений /установленный статут, /не залили б приторным елеем /ленинскую/простоту. / За него дрожу, /как за зеницу глаза, /чтоб конфетной /не был /красотой оболган." (В. Маяковский, *Владимир Ильич Ленин*).

primeira palabra, sendo de orixe antiga eslava (*зѣница*), remonta ó fondo común que nutre as linguas eslavas. Precisamente iso é a causa de que os parentes máis próximos desta expresión do eslavo antigo de estilo elevado sexan palabras orixinais rusas, vulgares e dialectais do rexistro "baixo" coma *зенки* 'ollos' ou *зеньки* 'ollos':

(Oriol) *зенко*	'ollo'
(Arghánguelsk) *зено*	'ollo, cristalino'
(Tver') *зенок*	'meniña do ollo'
(Smolensk, Briansk) *зеночка*	'meniña do ollo'
(Smolensk) *зеночки*	'ollos'
(Kostorma) *зены, зеныши* etc.	'ollos'

A súa etimoloxía está relacionada cos verbos *зиять* 'estar descuberto', *зевать* 'descubrir, abrir'. Destes substantivos están formadas moitas expresións do ruso:

(Tver') *зе́ники налить*	*enche-los ollos (cun líquido)* 'beber ata emborracharse'
(Smolensk) *зено́чки скатились*	*caéronlle esvarando os ollos* 'pechou os ollos (dise do defunto)'
(Kostroma) *зе́ны вы́таращить*	*desencaixa-los ollos* 'crava-la mirada'

E a expresión vulgar *вытаращить (выпялить) зенки desencaixa-los ollos* 'fixar, crava-la mirada' é o antípoda estilístico da rebuscada comparación coa *зеница ока meniña do ollo*. A pesar diso, é importante a correlación da antiga eslava e antiga rusa coa vulgar e dialectal: nos dialectos rusos a última palabra pódese empregar con cinco significados: 'meniña', 'branco do ollo' (Vorónej), 'pálpebra superior' (Smolensk), 'pestanas' (Arghánguelsk) e ata 'mirada parva' (Arghánguelsk).

O paralelismo dos significados 'meniña'-'ollo' é típico da antiga eslava e antiga rusa *зѣница*. Na *Crónica de Ioán Malalá*[198] (séc. XV), por exemplo, atopámo-lo seguinte retrato:

> Este Lamoniisk ten o corpo grande, as guedellas... mestas, a barba longa, as cellas espesas, os ollos negros[199]

Como vemos, trátase dunha persoa cos ollos negros. Segundo parece, M. Lérmontov partiu desta tradición do emprego da palabra *зеница* porque a prefiriu á neutral *глаза* 'ollos' no poema "As tres palmeiras"[200]:

> E botou a correr cara á palmeira do deserto,

[198] *Хроника Иоанна Малалы.*
[199] "Асть Ламониискыи великъ тѣлом, плѣнъ... кудрявъ, добробрадъ, бровисть, чрѣнама зеницами".
[200] "Три пальмы".

> E refrescouse ávido co chorro frío
> A lingua e os ollos moi ardentes,
> E deitouse, e durmiu ó carón da asna fiel.[201]

Na lingua moderna esta ampliación metonímica mediante a palabra *зеница* 'meniña do ollo' é imposible: a súa constante unión coa palabra *око* 'ollo' na comparación *беречь как зеницу ока gardar como a menina dos ollos* fixouna co significado especial restrinxido 'pupila'.

A historia da expresión *недремáнное (всевидящее) око ollo que non dorme (que ve todo)* non ten menos peculiaridades. Remonta á literatura eclesiástica onde era empregada xa nos séculos XII-XIII. A combinación *недремáнное око имущий o que ten un ollo que non dorme* 'vixiante, coidadoso, observador' era o título do icono coa imaxe de Xesucristo, que xacía no leito cos ollos abertos. No antigo ruso *недремáнный* significa 'o que non dorme, o que non adormece' (Аш., 447-448).

Pero con este desciframento non remata a historia da combinación. O seu significado actual e matiz estilístico débense a M. E. Saltikov-Xedrín. No seu conto satírico *Ollo vixiante*[202] o escritor conta que nun país había o costume de chamarlle *Fiscal* a todo neno acabado de nacer que tivera un ollo durminte e outro vixiante. Este Fiscal co seu ollo durminte «non vía absolutamente nada e co ollo vixiante vía insignificancias». É lóxico que os ladróns, homicidas, concusionarios e malfeitores marcharan do lado vixiante e se esconderan baixo o amparo do ollo durminte do Fiscal. E este vivía coa confianza de que os crimes desapareceran e, por iso, castigaba só ós demandantes. Por iso, esta expresión normalmente non se aparta do fondo semántico e estilístico de Xedrín: soe caracterizar de maneira irónica a un observador atento da policía política dos tempos do tsar.

Podemos lembra-la historia das expresións onde se consome a antiga luz da palabra eslava *око* 'ollo'. Así, nas combinacións *заочное*[203] *обучение* 'estudios por correspondencia' ou *учиться заочно* 'estudiar por correspondencia' atopámo-la antigamente divulgada unión da preposición *за* 'tras' coa palabra *очи*, que literalmente significa 'tralos ollos', 'fóra da vista', 'a gran distancia'. No século pasado as palabras *заочно* 'sen asistir, sen estar presente, por correspondencia' e *заочный* 'o que se realiza sen asistir, sen estar presente, por correspondencia' aínda non tiñan o significado terminolóxico actual. Por iso, Puxkin nunha carta á súa muller xoga enxeñosamente coa relación perceptible do adverbio *заочно* coa palabra *очи*:

> Felicítote polo teu santo, meu anxo, bicos para os teus ollos *por correspondencia* e escríboche a continuación sobre as miñas aventuras.[204] (28.8.1883).

A palabra *око* 'ollo' está "oculta" no termo xurídico *очная ставка* 'acareo' — interrogación das testemuñas e dos presuntos implicados co obxectivo de establecer

[201] "И к пальме пустынной он бег устремил, /И жадно холодной струей освежил /Горевшие тяжко язык и зеницы, /И лег, и заснул он близ верной ослицы.".
[202] *Недреманное око.*
[203] A forma interna da palabra *заочное* 'por correspondencia' inclúe os conceptos 'detrás' (*за*) e 'ollos' (que corresponde á raíz *оч*)
[204] "Поздравляю тебя со днем ангела, мой ангел, целую тебя заочно в очи - и пишу тебе продолжение моих похождений.".

contradiccións nos seus testemuños ou na identificación dunha persoa.

Esta mesma palabra, pero nunha forma gramatical especial, está codificada no adverbio *воочию* 'cos seus propios ollos' (comp. ***очи*** 'ollos') que actualmente se emprega só con verbos como *убедиться* 'convencerse', *увидеть* 'ver', etc.'. O adverbio *воочию* 'cos seus propios ollos' do eslavo oriental (antigo ruso *въочию*, ucraíno *воочію*) fora outrora a combinación da preposición coa desaparecida forma do locativo dual. É dicir, que "servía" só para os substantivos que designaban obxectos con dúas partes iguais ou simétricas ou para as partes do corpo: brazos, pernas, ollos. Outrora esta forma puido empregarse coa palabra *око* 'ollo' e con outras preposicións, como testemuña o antigo refrán da recompilación manuscrita de Johannes-Werner Pauss (séc. XVII):

> *Не тот тебе друг, кой в глаза льстит, но тот тебе друг, кой за очию добра творит.* (ППЗ, 40)
>
> Non é o teu amigo o que te gaba á cara, senón o que che fai ben detrás dos teus ollos

É curiosa a xa coñecida relación das dúas denominacións rusas do ollo.

O significado literal da expresión *въ очию* nos dous ollos é 'con toda visibilidade, no campo visual, ben visible'. Precisamente con este significado emprégaa o arcipreste Avacum na súa famosa Житие (1672-1673): «Os porcos bravos e mailos carneiros salvaxes están ben visibles, pero non se poden coller»[205], ou sexa, vémo-los animais salvaxes moi de cerca pero non se poden coller. En definitiva, o adverbio actual *воочию* 'cos seus propios ollos' non está moi lonxe do sentido orixinal da antiga combinación preposicional.

No adverbio *воочию* 'cos seus propios ollos', aínda que non á primeira vista, distinguímo-las súas antigas partes integrantes: preposición + forma dun caso do substantivo. Pero no ruso hai moitos fraseoloxismos nos que esta relación se perde case por completo ou de vez. Velaí o adverbio *восвояси a/para os seus propios/a si mesmo* 'a/para a súa propia casa, o seu propio país, o seu lugar'. Se por analoxía co adverbio lle quitámo-la preposición *во* 'en', que se converteu co tempo nun prefixo, queda a palabra своясu os seus propios 'a súa casa, o seu país, o seu lugar'.

¿Unha palabra? ¿Entón que pode (máis exactamente podía) significar? Botemos unha ollada ós diccionarios etimolóxicos do ruso.

No *Breve diccionario etimolóxico ruso*[206] de N. M. Xanski, V. V. Ivanov e T. V. Xanskaia (ИИИИЦ, M., 1971: 93), ó subliñar que *восвояси a/para os seus propios/a si mesmo* 'a/para a súa propia casa, o seu propio país' é unha palabra orixinal rusa, constátase:

> Xurdiu como resultado da fusión nunha única palabra da combinación *во своя вьси a/para os seus propios/a si mesmo* 'a/para a súa propia casa, o seu propio país, o seu lugar'.

Outro libro de referencia actual verbo da etimoloxía rusa, *Diccionario etimolóxico do*

[205] "И кабаны и бараны дикие во очию нашу, а взять нельзя.
[206] *Краткий этимологический словарь русского языка.*

ruso[207] de M. Vasmer (Фасмер, т. III, М., 1971: 584), divide este adverbio en partes e interpreta a "palabra" *-свояси,* tamén dunha maneira non menos breve pero precisa:

> Da antiga rusa *вь свою* (acusativo plural neutro de **свой* e dativo singular (*dativus ethicus*) de *си* 'para si'[208].

En consecuencia, unha destas explicacións baséase na palabra *вьсь* 'aldea, vila' (compárese coa expresión proveniente do antigo eslavo *по градам и весям* polas cidades e poboacións 'por todas partes'); outra, na combinación de dous pronomes, do posesivo *свой* e do reflexivo *си* nos casos oblicuos.

¿Que versión preferimos?

Só recorrendo a fontes fidedignas podemos dar resposta a esta pregunta. Botémoslles unha ollada. Segundo os datos do *Diccionario etimolóxico da lingua rusa* redactado por N. M. Xanski (ЭСРЯ т. I, вып. 3. М., 1968: 169), a palabra *восвояси a/para os seus propios/a si mesmo* 'a/para a súa propia casa, o seu propio país, o seu lugar' está recollida como eslava oriental e atópase por primeira vez baixo a forma *вь своя си a/para a súa ó si mesmo a/para os seus propios/a si mesmo* 'a/para a súa propia casa, o seu propio país, o seu lugar', na *Vida de Nifont*[209] (1219). Pero ámbalas dúas afirmacións son relativas. En primeiro lugar, non se pode considerar esta expresión eslava oriental, xa que se atopa en moitos textos literarios do antigo eslavo (entón é de orixe eslava meridional). Por exemplo, A. S. Lvov indícao nun artigo especial (Львов, 1971: 1, 85). Recolle os exemplos dos textos evanxélicos onde *вь своя си* se repite tres veces na variante *вь своѭ сі a/para o seu propio ó si mesmo* 'a/para a súa casa, o seu país, o seu lugar', e na variante *вь своя a/para os seus propios* 'a/para a súa casa, o seu país, o seu lugar' sen *си ó si mesmo* 'a/para a súa casa, o seu país, o seu lugar', por exemplo:

> E dende aquela o discípulo acolleuna *a/para o seu propio* [na casa del].[210]

Tamén demostrou dunha maneira convincente que a expresión *вь свою си a/para o seu propio ó si mesmo* 'a/para a súa casa, o seu país, o seu lugar'é típica dunha serie de expresións análogas:

сына си 'ó seu propio fillo'
самь си 'el mesmo'
руку си 'á súa propia man'

Non é casual que outros autores (por exemplo, Hr. Ilevski) chamen a estas expresións «eslavo-balcanas» (Ilevski, 1971).

Pódese precisa-lo momento en que se fixou esta expresión antiga. Segundo os datos de A. S. Lvov, está recollida no texto máis antigo da literatura antiga eslava de redacción rusa, que contén as lecturas semanais do Evanxeo, no *Evanxeo Ostromirov*[211] 1056-

[207] *Этимологический словарь русского языка.*
[208] *Свой* é o pronome posesivo reflexivo 'o meu, o teu, o seu, o noso, o voso' e *си* é o pronome persoal reflexivo 'a min (ti, el, Vde.) mesmo, a nós (vós, eles, Vde.) mesmos'.
[209] *Житие Нифонта.*
[210] "*...И оть того часа поять ю оученикь ть вь своѭ сі*".
[211] *Остромирово евангелие* (1056-1057).

1057). Pero esta fronteira temporal non limita o grao de antigüidade desta expresión. No texto máis antigo da lingua literaria rusa do século X, o Convenio entre Oleg e os gregos do ano 911, hai un punto en que se tratan as obrigas dos gregos e dos rusos verbo dos comerciantes naufragados:

> Se un vento forte bota un barco a unha terra allea e estiver alí algún de nós, dos rusos,... se o barco se detén pola tormenta ou polo vento contrario e non pode *volver a/para os seus propios lugares* [á casa/á patria/ó país], entón axudarémo-los remeiros do tal barco, os rusos, e acompañarémolos coa compra de boa vontade.[212]

B. A. Larin comenta este fragmento (Ларин, 1975: 41-42) e propón ler, en vez de *возборонитися* (vozboronitisia) 'volver', *возворотитися* (vosvorotitisia) 'volver'. Entón esta frase ten un significado case actual *возворотитися в своа си мѣста*, é dicir, *a/para os seus propios lugares* 'volver á casa, á súa patria, ó seu lugar'.

Hai pouco, E. I. Ianovich (Янович, 1974: 64-66) prestou atención á posibilidade de que existan expresións análogas cunha estructura máis completa *вь своя мѣста a/para os seus propios lugares* 'a/para a súa casa, a súa patria, o seu lugar' e *вь своя си мѣста a/para os seus propios lugares* 'volver á casa, á súa patria, ó seu lugar', nas crónicas e noutros monumentos antigos. Para a súa idea, tales combinacións transmiten máis exactamente o significado da combinación do grego antigo co significado 'para ós seus bens /para os bens de seu' que fora prototipo da nosa *восвояси* <u>*a/para a súa*</u> <u>*ó si mesmo*</u> 'a/para a súa casa, o seu país, o seu lugar'. Expresións como *в домы своя* 'ás súas casas', *в свои земли* 'ás súas terras' testemuñan isto.

Os feitos achegados confirman dunha maneira contundente que é pouco probable que se poida entender <u>*си*</u> na nosa expresión como *вь<u>си</u> (ве<u>си</u>)* 'poboacións'. A existencia da palabra *мѣста* 'lugar' nalgunhas das variantes deste xiro, que podía aparecer como concretizador do pronome reflexivo *си* a mi (ti, el, Vde.) mesmo, a nós (vós, eles, Vde.) mesmos 'ós lugares de seu', entra en contradicción con iso. "Os seus lugares-aldeas" non tería sentido neste contexto.

A obxectividade da interpretación "pronominal" da expresión *возвратиться восвояси* <u>*a/para a súa*</u> <u>*ó si mesmo*</u> 'a/para a súa casa, o seu país, o seu lugar' confírmana outros feitos lingüísticos. V. I. Dal, para defender no *Diccionario da lingua rusa* esta mesma hipótese, achegaba as variacións rusas e do antigo eslavo dos casos do pronome *си*:

*А что-то у нас во своясях (*ou *восвоясѣ) деется!*	*¡Que nos pasa na nosas propias* [na nosa casa]*!*
Хорошо в гостях, а во своясях лучше	*Sénteste ben de invitado, pero mellor te sentes nas tús propias* [na casa]
Насилу ноги во свояси унес	*Por pouco escapei para ós seus propios* [para a casa]

[212] "Аще вывержена будет лодья вѣтром великим на землю чюжю, и обряшуться тамо иже от нас Руси... Аще ли таковая лодья ли от буря [или] боронениа земнаго боронима не можеть возобронитися в своа си мѣста, спотружаемся гребцем тоа лодья мы Русь, допроводим с куплею их поздорову.".

Fixo un comentario preciso e claro da última frase:

> Aquí temos си en vez de себе, unha abreviación[213] (Даль, IV, 154).

Podemos multiplica-los exemplos do uso popular desta expresión. Coñécense antigos refráns rusos cun emprego análogo:

Пора восвоясы точить старыу балясы (Бусл, 1854: 132)	*É a hora de ir para os seus propios [para a casa] a talla-los vellos balaústres*
Лисица лжет, а на свой ся хвост шлет, а оба изверилися (ППЗ, 30)	*A raposa mente e bótalle a culpa da mentira ó rabo pero ámbolos dous perderon o creto*

Os múltiples casos de aparición da forma *своясиa súa el mesmo* 'a súa casa, o seu país, o seu lugar' (máis frecuentemente *своясы*) nos dialectos resultan un elo de enlace moi importante entre a tradición do eslavo antigo e a fala rusa viva (СРНГ, V, 130; КСРНГ):

> Entón volveu Mighailo, foise *ós seus propios* [ó seu lugar][214] (Arghánguelsk)
>
> Vou mirar, a nova, cara *ós meus propios* [cara ó meu país], /voulle arrinca-las ás ó ganso, /vou despluma-lo cisne,/ vou voar, a nova, cara *ós seus propios* [cara o meu país][215] (Viatka)
>
> Xa é a hora de ir *ós seus propios* [ó seu país].[216] (Tobolsk)
>
> Foise *ós seus propios* [ó seu lugar], a Rostov[217] (Don)
>
> Pronto ides ir *ós vosos propios* [ó voso lugar, á vosa casa]".[218] (Pinega).

Semellantes usos demostran que o pronome си desempeña aquí tamén o papel dunha partícula intensificadora que subliña a posibilidade da reversibilidade, de volver atrás. Podemos atopar exemplos análogos noutras linguas eslavas actuais:

(búlgaro) *идвам (доходжам, дойда) на себе си*	*volver en si mesmo* 'volver ó seu estado normal, volver en si'
(checo) *jdi si po svých*	*ir polos seus* 'ir polo seu camiño'

Pódese atopar unha analoxía case total entre a eslava antiga *свои си, себе си,* que está relacionada estreitamente con *своияси ós seus propios* 'a súa casa, o seu país, o seu lugar', e a combinación pronominal latina *suus sibi, se sibi* (Ilevski, 1971). Nestes casos o pronome *си* tamén é intensificador dunha acción reflexiva.

Despois de todo o dito, está claro por qué os etimólogos actuais rusos e estranxeiros

---

[213] *Си* e *себе* son, respectivamente, as formas antiga e moderna dun só pronome reflexivo arriba mencionado co significado '*a min (ti, el, Vde.) mesmo, a nós (vós, eles, Vde.) mesmos'*.

[214] "Тут воротился Михайло, поехал во-своясы же".

[215] "Погляжу я, блада, во-своясы, /Сорву я у гуся крылья, /Сощипну я у лебеди перьё, /Полечу я, блада, во-своясы".

[216] "Пора и во-своясы".

[217] "Уехал ва-своясы, в Растоф".

[218] "Скоро вы во своя си поедете, домой".

apoian con convicción a interpretación "pronominal" da expresión *отправиться восвояси volver a/para os seus propios/a si mesmo* 'a/para a súa propia casa, o seu propio país, o seu lugar'. O seu sentido orixinal antigo é 'encamiñarse ós seus lugares ou lares, á súa casa'. Nunca houbo ningunha весь 'aldea' dentro desta expresión [219].

2.5. *До самого тла* (do sámogo tla) 'Totalmente, de vez'

No caso de *воочию* 'cos seus propios ollos' e *восвояси a/para os seus propios/a si mesmo* 'a/para a súa propia casa, o seu propio país, o seu lugar' a escuridade da base orixinal está condicionada, na maior parte, polas formas arcaizadas dos casos das dúas palabras. Nembargantes, encontrámonos máis a miúdo con adverbios e fraseoloxismos adverbiais nos que as formas das palabras correspondentes se reconstrúen coa mesma facilidade que no exemplo de L. V. Xerba *глокая куздра* 'algo incomprensible, escuro, artificial'. Así, na numerosa serie de adverbios co prefixo *в-* podemos cortar con facilidade esta antiga preposición e reconstruír-los substantivos nas correpondentes formas casuais. Esta reconstrucción soe ser obxectiva porque está suxerida pola nosa experiencia lingüística.

En realidade,

вдоль 'ó longo de'	está formado a base de *доль* 'lonxitude'
вдосталь 'en abundancia'	de *досталь* 'abundancia'
вдребезги 'en mil anacos'	de *дребезг* 'anaco, testo'
вдруг 'de repente'	de *друг* 'un máis, seguinte' (compárese coa rusa antiga въ съ *другъ*: nesta mesma vez 'en seguida, no acto',)
вплоть 'ata'	de *плоть* 'corpo'
впредь 'en diante'	da eslava antiga *пр҃ѣдь* 'parte dianteira, dianteiro'
впрок 'para o futuro'	de прок 'reserva, resto', 'proveito'
всерьез 'en serio'	da palabra arcaizada *серьез* 'seriedade' (do francés)
вскользь 'de paso', de *скользь* 'esvaradío', *всмятку* 'destrozado'	de *смятка* 'un estado non duro' (compárese cos verbos *смясти*, *смятати* 'bater, torcer')

[219] En galego dise *Volver a seu unha cousa* ('recupera-la súa cualidade ou estado orixinal') *Andar ó seu*, *Ir un ó seu (avío)* ('preocuparse dos propios intereses') e tamén *A seu* ('en si').

второпях ‘de présa, precipitadamente’	do plural do substantivo *торопь* ‘precipitación’ (compárese *оторопь берет* ‘dálle un pasmo’)

etc.

A supresión propiamente dita do prefixo *в-* dános a palabra que buscamos. Queda por saber só o significado que ten esta.

Pero isto, “o que queda”, a miúdo resulta o máis difícil porque esixe unha investigación etimolóxica especial. A análise destes adverbios que “quedan” pódenos levar fóra dos límites do ruso e descubri-las compoñentes máis profundas desta lingua. Nestes adverbios están escondidos moitos matices significativos. Menosprezalos significa non captar completamente o significado orixinario da combinación de palabras.

Velaí a palabra curta *дотла* ‘completamente, de arriba a abaixo’. Na lingua moderna emprégase máis a miúdo en combinación cos verbos *сгореть* ‘queimarse’, *выгореть* ‘quedar queimado (aplícase ás superficies, extensións de terreo, etc.’:

> Os brancos queimaron a casa *ata reducila a cinzas* e saquearon os bens todos. (D. Furmanov, *O desembarco dos vermellos*).

> A festa non deportiva na Casa de Deporte tivo un final dramático: despois dunha troula, en realidade dun baño concorrido e ruidoso, o lume prendeu na casa de baño coma nun misto. O conxunto non quedou *reducido a cinzas* gracias á valentía dos seus empregados. (*Pravda*, 1979, 2 de novembro, páx. 4).[220]

Na literatura pódese atopar esta palabra en combinación con outros verbos, *промокнуть* ‘mollarse’, *проиграть* ‘perde-lo xogo’ e ata *прогулять* ‘gastar’:

> Estabamos cansos e mollados *de vez*,
> Pero non se vía aldea ningunha na redonda.
> (N.A. Nekrasov, *No lugar do incendio*).

> Pero o crupier
> estaba calado e sombrío.
> A suor fría
> escorríalle pola calva lisa.
> Perdía *todo* no xogo.
> (M. Iu. Lemontov, *A tesoureira de Tambov*).

> Mavra deixou o seu marido só cando perdeu *todo* no xogo, a casa e todo o que había dentro, e xa non tiña onde caer morto. (P. I. Melnikov-Pecherski, *Nos bosques*).[221]

---

[220]Brancos e vermellos son, respectivamente, os nomes dos partidarios do poder tsarista e do poder comunista durante a guerra civil en Rusia.

“Хату белые сожгли дотла, а имущество разграбили начисто.” (Д. Фурманов, *Красный десант*).

“Неспортивное веселье в Доме спорта закончилось драматически: после одной многолюдной и шумной попойки, то бишь помывки, баня занялась синим пламенем. Комплекс не сгорел дотла исключительно благодаря мужеству его рядовых сотрудников.” (*Правда*, 1979, 2 ноября, с. 4).

[221] “Мы устали, промокли дотла,/А кругом деревеньки не видно”. (Н.А.Некрасов, *На погорелом месте*);

“Но банкомет /Был нем и мрачен. /Хладный пот /По гладкой лысине струился. /Он все проиграл

O Gran Diccionario da Academia, ó recoller este emprego do adverbio *дотла*, define o seu significado xeral, amplo, como ‘absolutamente, completamente, totalmente, de vez’.

O significado translaticio conserva moi exactamente o sentido da palabra eslava común **tьlo* ‘base, terra, solo’, ‘fondo’. Nos textos “clásicos” do antigo eslavo *тьло* ‘base, terra, solo’, ‘fondo’ está recollida só unha vez, no manuscrito Supraslski en combinación coa preposición *на* ‘sobre, en’ no plural do caso locativo:

Почто иштемъ градъ стоящтиихъ на тлѣхъ...[222]

На тлѣхъ significa aquí ‘na terra’. Nembargantes, os datos da maioría das linguas eslavas testemuñan a ampla divulgación e a antigüidade desta palabra:

ucraíno *тло* e antigo ruso *тьло*, *тьля*	‘base, fondo’
serbo-croata *тлӣ*, *тáла* e esloveno *tlà*, *tál*	‘solo, terra’
checo *tla*	‘teito’
polaco (lingua de Alta Lusacia e de Baixa Lusacia) *tło*	‘solo, base’.

Nas linguas eslavas hai moitos derivados formados a base desta palabra. Un deles, *утлый* ‘algo pobre, miserable’ tamén está fixado no manuscrito Supraslski na combinación *утлая ладья* ‘barca con buratos, gretas, sen tarima de táboas’. Se temos en conta que na palabra do antigo eslavo *жтьль* a letra ius grande (ѫ) ten un significado negativo, parecido a ‘sen’, o significado literal da palabra *утлый* ‘sen tarima, base, fondo’. A palabra *потолок* ‘teito’, que no antigo ruso significaba tamén ‘chan’, ‘terra’ ten a raíz *тло*. *Сделать по тьлу* significaba ‘facer igual có solo’. Por iso, *потолок* ‘teito’ literalmente é ‘parecido ó chan’.

Pódense atopar parentes da eslava *тло* noutras linguas indoeuropeas. Por exemplo:

a prexermánica *tila*	‘terreo labrado’
antiga islandesa *tel*	‘solo, base’
latina *tellūs*	‘terra’
latina *Tellus*	‘deusa da fertilidade’
antiga irlandesa *talam*	‘terra’.

Tales paralelismos confirman a orixinalidade da palabra eslava e permiten refuta-la recente suposición de que a antiga eslava *тьло* é un préstamo das linguas turcas. O autor desta hipótese G. E. Kórnilov escribe (1972: 55):

No antigo eslavo existía a palabra *тьло* ‘chan de pedra’. A súa orixe ata este

---

дотла”.(М. Ю. Лермонтов, *Тамбовская казначейша*);
“Тогда только ушла от него [мужа] Мавра, когда он и дом и все, что в доме, дотла прогулял, не стало у него ни кола, ни двора”. (П. И. Мельников-Печерский, *В лесах*).

[222] “Porque buscamos as cidades que están *sobre a terra*”.

> momento non foi obxecto de ningunha investigación especial. Mentres tanto, é unha das poucas palabras que nos chegou da lingua dos devanceiros dos chuvaxi actuais, dos turco-búlgaros. Unha parte deles, encabezada polo ghan Asparugh, fundou A Bulgaria de Danubio. Esta palabra, polo visto, entrou na fala eslava precisamente dos búlgaros de Asparugh e despois no primeiro estándar literario (escrito) eslavo. Por iso, as palabras actuais do chuvaxio *čol, čul, t'ol, t's'ul* 'pedra, pedroso' correlaciónanse directamente con *тьло* e noutras linguas turcas correspóndense coas formas próximas a *taš* e *tas*.

O célebre especialista en antigo eslavo A. S. Lvov (Львов, 1975) refuta esta nova hipótese dunha maneira contundente, amosando que nin polos trazos fonéticos nin polos semánticos a antiga eslava тьло se pode remontar á lingua dos búlgaros de Asparugh.

É significativo o feito de que xa no século pasado *тло* se percibira como unha palabra independente. No *Diccionario da lingua eslava eclesiástica e do ruso*[223] de 1847 *до тла* 'ata as cinzas' escríbese por separado. Ó principio deste século no *Detallado Diccionario Ortográfico*[224] de V. Zelinski (1909) ofrécese a escritura con guión *до-тла*. A fusión da preposición co substantivo *тло*, que finalizou na grafía actual, é resultado da perda da antiga independencia da palabra *тло*.

En fin, non é dubidoso o carácter patrimonial da palabra paneslava **tьlo*. Quédanos por aclarar cómo e por qué se converteu no adverbio ruso *дотла* 'ata as cinzas' e cómo se fixou a súa relación en primeiro lugar cos verbos *гореть* 'arder' e *сжигать* 'queimar'.

Os paralelismos eslavos amosan que *тло* se une facilmente con distintas preposicións, que estas unións de palabras poden ser libres ou fixas, e os seus significados, propios ou figurados. Nunha das linguas dos eslavos meridionais, esloveno, atopamos, por exemplo:

vreči ob tla	'lanzar contra o chan; tirar ó chan'
pasti na tlà	'caer ó chan'
nad tlí	'sobre o chan'
k tlòm	'cara ó chan'
pri tléh	'preto do chan'

Hai nesta lingua unha combinación *do tál* que está máis cerca do significado literal 'ata a terra'. A situación do serbo-croata é case a mesma: as expresións *до тла, до тала* e no plural *до самијех тли* aínda conservan o sentido orixinal "terreal". Velaí, por exemplo, algunhas oracións extraídas do famoso diccionario de Vuka Karadjich:

Паде тама од неба до тала	*Caerá a escuridade do ceo ata a terra*
Скројио јој жути кавад до самијех тли	*Cortoulle a ela un kavad*[225] *marelo ata o mesmo chan*

[223] *Словарь церковно-славянского и русского языка*
[224] *Подробный орфографический словарь.*
[225] Tipo da roupa exterior.

(Караджич, 1898: 765).

Como vemos, nas linguas eslavas meridionais aínda non se produciu a fixación da combinación *до тла* con algúns verbos concretos tematicamente limitados. No eslovaco e no checo hai xiros *zhoriet' (spalit') do tla*, *do tla shoret (vyhoret)* 'reducir (se) a cinzas' que son totalmente iguais ós rusos *сгореть (сжечь) дотла* 'reducir (se) a cinzas'. No ruso, bielorruso e ucraíno o adverbio *дотла* (bielorruso *датла*) 'totalmente' agora emprégase maioritariamente cos verbos *сгореть* 'queimarse', *сжечь* 'queimar'. Pero no uso popular e nalgúns contextos literarios podemos atopalo combinado con outros verbos. Así, no diccionario de V. I. Dal encontramos frases como:

> Roubáronlle todo
> O trigo podreceu todo[226] (Даль IV, 408).

No diccionario ucraíno de B. D. Grinchenko atópase un emprego semellante:

> Chegaron os saltóns e cortou todo ata o chan. Dicían que ían matar tódolos polacos.[227] (Гр. IV, 268).

Na lingua do poeta contemporáneo bielorruso Petr Glebko este xiro está empregado da seguinte maneira:

> Ó Cremlin de Moscova chega libremente a noticia pasando polas aldeas de como Pavlovski loita contra os inimigos e liquida totalmente a súa cuadrilla.[228]

Aquí trátase do exterminio total dunha cuadrilla de bandidos.

En suma, o significado primitivo do adverbio *дотла* era 'ata a mesma terra, ata o solo, ata a mesma base'. Co tempo este adverbio empezou a especializarse no plano sintáctico e semántico ó unirse preferentemente cos verbos *сгореть* 'queimarse', *сжечь*, 'queimar'. A causa deste proceso está na consonancia da palabra *тло* co verbo *тлеть* 'podrecer; arder sen chama, carbonizándose e convertíndose pouco e pouco en cinzas'. Para os eslavos occidentais e orientais a combinación *сгореть дотла* baixo a influencia desta consonancia empezou a reinterpretarse como 'arder ata quedar un montón de terra queimada, un puñado de cinza'.

Na esfera dialectal rusa había condicións máis favorables para este cambio. En primeiro lugar, aquí son coñecidas locucións do tipo

(Don) *сгореть на пе́пел*	'queimarse ata as cinzas'
(Don) *погореть с по́пелом*	'queimarse coas cinzas'

ou

(Arghánguelsk)	*по́роху*	*не*	'non van quedar nin as cinzas'
	останется		

[226] "Его обокрали до тла;
Хлеб до тла погнил."
[227] "Налетіла сараньча і стяла до тла; Нахвалялися вирізати до тла всіх ляхів".
[228] "Свабодна весць у Крэмль маскоўскі /Ідзе з сяла іда сяла, /Як б'есца з ворагам Паўлоўскі, /Як нішчыць зграю іх датла".

que reforzan esta motivación.

No último fraseoloxismo dialectal trátase dun incendio que despois non deixa nin cinza, é dicir *по́рох*:

> Esta casa queimarase e non quedarán nin as cinzas.[229] (distrito Onejski).

En segundo lugar, nos dialectos rusos existía unha palabra especial *тлель*, un termo da agricultura de rozas que designaba as parcelas de terreo resultantes de queima-la capa superior do chan nos lugares cubertos de monte baixo, brión e herbas malas. Esta palabra empregábase dunha forma moi activa no Norte ruso, na zona de Beloozerie, onde se recolle nos textos literarios dende principios do século XVI:

> E Ermak... mandou ir orientándose polas amosegas forestais cara ó claro de trémulos... e despois da terra queimada e arada dirixirse á fronteira, ó bosque de abetos.[230] (Чайкина, 1975: 75-76).

A existencia deste substantivo que parece ser derivado do verbo *тлеть* 'arder sen chama' podía reforza-la asociación de *тло* coa terra ardendo. Unha certa consonancia semántica de *тлеть* e *тло* ten unha ampla divulgación nas linguas eslavas: nunha das linguas occidentais eslavas, no kaxubo, a palabra *tło* significa só 'fogón do forno' (Sychta V, 355), é dicir, o "lugar de terra" onde se produce a ignición, a combustión (compárese a kaxuba *tlëc są* 'arder con pouca intensidade, lentamente'). Pódese descubri-lo mesmo significado da palabra *tło* nos dialectos polacos, aínda que no polaco ten un significado máis amplo 'terra, solo, base'.

É significativo que na fala popular rusa a asociación de *тло* e *тление* estea expresada mesmo nun adverbio especial *истла́*, que é próximo ó adverbio *дотла*. V. I. Dal recólleo e acompáñao da interpretación "*дотла, влоск, вкорень, вконец, вовсе*" 'absolutamente, completamente, totalmente' e no contexto:

> Os malfeitores arruináronos *totalmente*.[231] (Даль II, 60)

Dal correlaciona con toda seguridade o adverbio *истла́* cos verbos *истли́ть* 'queimar, podrecer, apodrentar, destruír completamente' e *истлиться* 'estar sometido a un fogo lento, débil, á podremia'.

Desta maneira, a pesar de que parece bastante fácil descifra-lo enigma do significado primitivo do xiro *сгореть дотла* 'queimarse ata as cinzas', a súa historia é bastante complicada. A antiga palabra eslava **tьlo* é a base desta expresión. Pero no ruso e nalgunhas outras linguas, nembargantes, este significado co tempo especializouse: a combinación preposicional empezou a ser usada con preferencia cos verbos "de ignición" baixo a influencia da semellanza sonora co verbo *тлеть* 'arder sen chama'. Por iso, na fala actual o adverbio ten estrictamente delimitadas as súas posibilidades combinatorias. Para descubri-las causas desta delimitación, temos que chegar ata o fondo etimolóxico da palabra.

---

[229] "Сгорит этот дом, так и пороху не останется".
[230] А Ермакъ ... повелъ по рубежемъ на пань на осиновой... да за рыловою тлелью на ель на рубежъ.
[231] *Злодеи нас истла разорили.*

2.6. *Начеку* (nachekú) e *насмарку* (nasmarku) ‘Á espreita’ e ‘en van’

Ata agora examinamos exemplos de arcaización que sofren, sobre todo, as palabras que tiveron unha longa vida no eslavo antigo, que na actualidade se fixo arcaico. En realidade, a substitución desta lingua libresca polo idioma actual, democratizado por Puxkin, deixou na periferia moitos elementos do seu léxico. Non obstante, iso non significa de ningún modo que esta arcaización sexa a única fonte ou a máis activa de aparición de “puntos escuros” no léxico e na fraseoloxía rusa.

Collamos outro adverbio máis do conxunto das formas fosilizadas de preposicións e de casos: *начеку*. Emprégase máis a miúdo na combinación *быть начеку* ‘estar preparado, estar ó axexo’. Se sometemos este adverbio á operación do “corte da preposición”, que realizamos con *воочию* ‘cos seus propios ollos’, *восвояси* ‘no seu lugar, na súa casa, no seu país’ e *дотла* ‘ata as cinzas’, obteremos unha palabra monosílaba чек.

¿Que significa?

A primeira asociación que nos vén á cabeza é a relación coa palabra *чека́* ‘variña que se introduce nun burato ó final dun eixe ou parafuso’, que é coñecida sobre todo como a espoleta de seguridade da granada. Pero as características gramaticais desta palabra contradín esta asociación: a expresión debe te-la forma *быть на чеке́*. V. I. Dal no seu diccionario subliña dúas veces a falsidade da relación sonora do adverbio *начеку* coa palabra *чека́*. Ó refutar esta relación el tamén codifica outra ortografía:

> *Начеку* ou máis correcto *начику́*, non de *чека́* senón de *чик*: ‘preparado; totalmente’ (Даль II, 496).

No último volume o adverbio cítase escrito por separado *быть на чику* e a forma *на чеку* cualifícase de “equivocada”. Con iso a mesma palabra *чик* ten, segundo Dal, un amplo abano de significados ‘batalla, tráfico, carreira, empurróns nunha aglomeración de xente’, de aquí provén a expresión de Kostroma *жить на чику́* ‘vivir a carón dun camiño grande, batido, nun lugar animado, trillado’ (Даль IV, 604).

Hai pouco o divulgador soviético da lingüística L. I. Skvortsov, seguindo a hipótese de Dal, refuta a relación deste adverbio co verbo *чекать* (ver infra), que está tan divulgada entre os etimólogos actuais, e intenta achegar argumentos semánticos para a teoría de V. I. Dal. Para a idea del, a relación entre *жить на чику* ‘vivir a carón dun camiño grande, batido’ e *быть начеку* ‘estar preparado, estar ó axexo’ é lóxica, pois nesta posición podíanse agardar diferentes hóspedes, amigos, inimigos, e ser testemuña de diferentes accidentes, a miúdo, moi perigosos. «Pois —resume L. I. Skvortsov— había que estar

preparado para todo, para calquera sorpresa» (Скворцов, 1965: 83). Estas mesmas interpretacións popularizounas el nun libro sobre a cultura da fala que se editou dúas veces e, por iso, colaborou considerablemente a divulga-la explicación presentada (Люстрова, Скворцов, 1972: 123).

Nembargantes, esta interpretación etimolóxica non concorda ben co sentido xeral da expresión *быть начеку* estar na espera 'estar preparado, estar ó axexo'. Trátase do estado de alerta en espera dun perigo para facerlle cara. É pouco probable que este significado xurdira do primitivo 'vivir nun lugar animado, paseado' porque o que vive á vista da xente, rodeado dela, non ten que estar ó axexo.

Imos ver qué xiros coñecemos no ruso cun significado e cunha estructura semántica semellante e cál é a súa motivación. O sinónimo máis divulgado deste é *быть настороже*. É unha antiga combinación preposicional coa palabra *сторóжа* 'garda, custodia'. Antes empregábase no sentido literal 'en garda' como nolo confirma o refrán divulgado no século XVII:

Знать и по роже, что был на сторóже (Сим., 107).	*Véselle na cara que estaba en garda*

Este xiro tiña a variante *быть настороóже* 'estar en garda' (Даль II, 446). Nas falas dialectais de Pskov aínda se emprega outra variante súa *быть на стерёжке estar na garda* 'estar á espreita':

Ни брасáйтесь ф пáнику, бýтьте на стерёшки	Non caia no pánico, estea á espreita (distrito Dnovski).

No ruso actual o sentido anterior do adverbio *настороже* 'en garda' transmíteo a combinación *на карауле* 'en garda'. *Караул* é unha palabra de orixe turca. O seu sentido literal é 'garda, custodia'. É característico que nas falas provinciais esta combinación adquirira o mesmo significado figurado que *начеку*. Así nos dialectos de Sredniaia Ob' e Irkutsk significa '(estar) preparado, (estar) listo':

> Hai que *estar preparados*, pronto van arrea-lo rabaño[232] (Орел, 1972: 230).
>
> Estabamos a punto de ir pescar cando Alioxka xa *estaba listo*[233] (РАСл., Ольх., 166).

Nas falas provinciais rusas hai abondas expresións formadas segundo o mesmo modelo. E todas adoitan significa-la garda, a custodia. A elas pertencen

(dialectal)*наопáсе быть* (Даль II, 446)	*estar nun sitio no que se pode adverti-lo perigo* 'gardar, custodiar'
(Smolensk) *на вáрте*	*na espera* (compárese: polaco *warta*, alemán *Warte* 'garda, custodia')

[232] "На карауле держать надо, скоро стадо погонят".
[233] "Мы только собрались на рыбалку, а Алешка был уж на карауле".

(Onega) *на посту*	*no posto*
(dialectal) *на кресу́*	*estar esperto* ‘preparado’, da xerga
на ва́саре	*no sinal de perigo* ‘vixiando cando outro está roubando, facendo algunha trasnada, etc.’,
на шу́хере	*no sinal de perigo* ‘vixiando cando outro está roubando, facendo algunha trasnada, etc.’,
на стрёме,	*no sinal de perigo*
на се́ке	*na observación* ‘vixiando cando outro está roubando, facendo algunha trasnada, etc.’
(Perm’) *на ты́рлах*	*nas puntas dos pés* ‘en rolda’
(Perm’) *на винта́х*	*en parafusos* ‘andar, moverse dun modo descoordenado’
(Pskov) *на дверя́х*	*en portas* ‘vixiando’
ou a rusa común	
на часах.	*en horas* ‘de garda’

Algúns destes xiros teñen unha historia particular. Por exemplo, o xiro arcaico на махý (по махý) стоять ‘gardar, custodiar’ está relacionado cun tipo especial de sinalización: o encargado do servicio de sinais acenaba de lonxe coa man ó sentinela indicándolle que se achegaba un xefe para quen era preciso chama-la garda (Даль II, 309).

Noutras linguas europeas o concepto ‘de /en garda’ tamén se transmite mediante a combinación dun substantivo cunha preposición co significado de ‘en, sobre’:

> alemán *auf den Hut sein*,
> inglés *to be on the watch*
> francés *être sur le qui vive, être aux aguets* (compárese co francés antigo *estre en agait*) [234].

A repetición do modelo serve de proba contundente de que o xiro *быть на чеку* ‘estar preparado, estar ó axexo’ está relacionado con algún tipo de axexo, garda e non cun lugar animado, trillado. A inmersión na etimoloxía da palabra *чек*, que ten amplas correspondencias eslavas, confírmao. Nas falas dialectais do Sur e do Oeste de Rusia existe o verbo *чека́ть* que é parente do ucraíno *чека́ти* e do bielorruso *чека́ць* ‘agardar’.

[234] En galego unha das maneiras de dicir ‘estar alerta, en garda’ é *estar de pé atrás*, que é tanto a posición do soldado que está de garda, coma a do soldado e mailo boxeador en combate.

Un verbo semellante co mesmo significado pódese encontrar en case tódalas linguas eslavas. En resumidas contas, é o parente máis próximo do verbo *чáять* ‘agardar’, ‘ter esperanza’.

Ó principio, en consecuencia, significaba *на чеку* ‘á espera’. Esta espera referíase, en primeiro lugar, ó cazador que axexaba a caza. Os paralelismos eslavos indican precisamente esta espera na emboscada. Así, no serbo-croata a palabra *чек* significa ‘o lugar que ocupa o cazador durante a caza’. O checo dános un testemuño máis pintoresco sobre a orixe “cinexética” desta expresión. Neste hai unha palabra do campo da caza, *čekana* ‘emboscada’, que entrou nas combinacións fixas:

být na čekané	‘estar ó axexo’
chodit na čekanou	‘emboscar’

A súa traducción literal será *estar á espera* e *ir á espera*. Poden empregarse en sentido figurado pero distinto do ruso *быть начеку* ‘estar á espreita’. A checa *být na čekačce*, por exemplo, saiu fóra do circuíto das expresións enumeradas, e en sentido figurado significa ‘andar ós biosbardos, andar coa boca aberta, estar na verza’.

As orixes cinexéticas da palabra rusa *начеку* percíbense na frase que V. I. Dal utiliza no seu diccionario para ilustrar este adverbio:

> Mentres se lle fai a espera ó lobo hai que *estar ó axexo* [235].

Está claro que aquí se trata dunha trampa para o lobo.

Esta connotación “cinexética” da expresión *быть начеку* ‘estar á espreita’ encontra a súa analoxía nas expresións adverbiais rusas:

быть на слухý (Даль IV, 225)	*estar ó oído* ‘ser un tema recorrente’
сидеть на слухý (Даль IV: 182).	*estar sentado ó oído* ‘axexar atentamente a alguén’

Aquí trátase de espreita-la presa cando o cazador escoita atentamente calquera crepitación dunha póla como sinal de que se achega un animal.

O xiro *быть начеку* ‘estar á espreita’, polo tanto, “conservou” a raíz eslava antiga *чек-* ‘espreitar’, que xa desaparecera. De caracteriza-la espreita, o axexo, na emboscada dos animais salvaxes, pasou paulatinamente a significa-la garda, a custodia e despois o estado de alerta por algo. O seu significado figurado aínda conserva a memoria dos perigos a que estaba sometido antes o cazador de animais salvaxes e o guerreiro ó face-la rolda.

No caso de *быть начеку* ‘estar á espreita’ fíxose arcaica a antiga raíz eslava que se fundiu coa preposición. As pegadas disto atópanse nas expresións fixas do checo. Podiamos nomea-lo ucraíno *на чекý* ‘á expectativa, ó axexo’ desaparecido actualmente (Гр. IV, 449).

[235] “Волка стеречь, начикý сидеть”.

Ás veces é posible a fusión da preposición cun substantivo de difusión moi restrinxida. O resultado desta fusión é o mesmo: a incompresión.

Non atoparémo-la palabra *сма́рка* en ningunha lingua eslava, non sendo o ruso, nin tampouco en linguas próximas como o ucraíno e o bielorruso. Non existe noutras linguas a locución *пойти насмарку* 'facer algo en balde'. Se é unha expresión propia rusa, entón é relativamente recente. É recente, pero non transparente nin comprensible.

Os contextos literarios nos que se emprega esta expresión non suxiren nada sobre o significado primitivo do xiro porque neles está moi xeneralizado:

> O cable rompe co canonazo e todo o traballo do día *pérdese en balde*, porque nos devolve rapidamente ó mesmo sitio ou, se cadra, a algún peor (N. G. Garin, *Do diario da volta ó mundo*).
>
> Non me alegran os fracasos dos outros. ¡Só sinto que se *estragase en balde* tanto ferro fundido! (V. Belizev, *A vella fortaleza*).
>
> Vaise achegando o frío. Se non protexen da neve e do vento o artístico templo, todo o que se fixo poderá pódese *perder en balde* (*Pravda*, 1979, 25 de outubro).[236]

O traballo, o ferro fundido, algo feito para conservar un monumento, ningún destes acompañantes do adverbio *насмарку* 'en balde, en van' aclara en absoluto o substantivo *смарка* que forma parte deste advervio.

Xorde a pregunta: ¿existía ou non este substantivo?

Podemos dar unha resposta afirmativa porque os diccionarios rusos, así como no caso de *начеку*, reflectiron moi claramente tódolas etapas da cristalización da combinación preposicional *на смарку* no adverbio *насмарку* 'en balde, en van': escribíanse separados por un guión antes de se aglutinaren nunha única palabra. É significativo o feito de que nos diccionarios modernos se observen vacilacións verbo disto. No *Gran Diccionario da Academia*, por exemplo, a cita de N. G. Garin faise na forma *на смарку*, e a de V. Beliáev na forma *насмарку* (БАС, VII, 511).

A resposta á pregunta fundamental sobre o significado primitivo da palabra *смарка* dánola o diccionario de V. I. Dal, onde está incluída na serie dos derivados do verbo *сма́рывать* 'borrar, suprimi-lo escrito, os garabatos' (Даль IV, 231). Para entendermos por qué esta acción foi a base do significado figurado, temos que saber que se trata de quitar, de borra-los datos escritos co xiz durante un xogo de cartas ou da liquidación das inscricións das débedas. Borra-la inscrición significaba saldar unha conta antiga e con iso pagar tódalas débedas. En consecuencia, *пойти на смарку* significa 'ser borrado coma cando se borra unha inscrición de xiz dunha táboa, dunha mesa ou dunha parede'.

---

[236] "Канат с пушечным выстрелом рвется, и вся работа дня опять насмарку, потому что нас мгновенно опять относит на прежнее место, а может быть, и на худшее". (Н. Г. Гарин, *Из дневника кругосветного путешествия*);
"Мне чужие неудачи радости не доставляют. Обидно только, что столько чугуна пошло насмарку!" (В. Беляев, *Старая крепость*);
"Близятся холода. Если храм-памятник не будет укрыт от снега и ветра, все сделанное может пойти насмарку". (*Правда,* 1979, 25 окт.).

O desenvolvemento do significado fraseolóxico desta combinación tivo a seguinte dirección, como subliña B. S. Schwarzkopf (Шварцкопф, 1968: 98): primeiramente, a combinación libre *идти на смарку* significaba ‘ser liquidada (a anotación dunha débeda)’; despois, ó estenderse, no xiro fixo *идти (пойти) насмарку*, ‘liquidar, desaparecer (calquera cousa)’ e finalmente ‘rematar sen resultado, en van’.

O feito de que o significado literal da palabra *смарка* non se entendera levou ó emprego xeneralizado de todo o xiro. Na fala popular viva este emprego pode ser aínda máis amplo. Nos dialectos provinciais de Sredniaia Ob’ xa significa ‘perecer por nada’:

> Mataron alí a un mozo, *pereceu por nada*.[237]

Nos dialectos provinciais de Siberia os dialectólogos modernos anotaron unha nova variante desta expresión, ‘exterminar’, que se relaciona con conceptos abstractos e con persoas:

> Desfixo todo o meu traballo, ensuciou coas pisadas o chan; mandaron ós curas ó demo, *exterminánonos*[238] (СФС).

Como vemos, o proceso de arcaización apodérase de palabras con diferentes graos de extensión. Polo tanto, este proceso non depende da antigüidade nin da extensión do emprego dunha ou doutra palabra, senón da percepción das relacións semánticas entre esta palabra e a expresión na que se cristaliza.

2.7. *A gatas, de costas* e *en crequenas*
Карачки, кукорки e *корточки*
Karachki, kukorki, kórtochkí

Moitas veces estas relacións son tan fortes que nin sequera o longo emprego dunha ou outra palabra dialectal leva á fusión da preposición co substantivo como observamos arriba. Non obstante, isto non fai comprensible o significado primitivo, profundo desta palabra. ¿Acaso non son máis comprensibles, por exemplo, as ideas orixinais que laten nas expresións *ползти на карачках* ‘de gatas’, *сидеть на корточках* ‘de crequenas’ e *носить на заку́корках/на зако́рках* ‘ó cabalete’ cás que están nas expresións “aglutinadas” *начеку* ‘á espreita’ ou *насмарку* ‘en balde, en van’? Pois percibímo-las palabras *карачки, корточки* e *закукорки* só na xeneralización fraseolóxica. Para entendelas é necesaria unha indagación etimolóxica especial.

A palabra *карачки* emprégase continuamente na lingua literaria só cos verbos *ползать* ‘arrastrarse’, *ходить* ‘ir’ e *бегать* ‘correr’. Esta expresión refírese habitualmente ó neno que anda de gatiñas. Puxkin, nunha carta á súa muller, fai unha comparación moi exacta

[237] “Убили там парня, пошел насмарку”.
[238] “Послал насмарку он всю мою работу: все полы затоптал; Попов насмарку, к господу богу, послали”.

desta maneira de andar coa carreira das crías dun animal:

> Polo camiño vin unha nena dun ano que corría *ás catro patas*, coma a cría dunha gata, e xa ten dous dentes (8 de setembro de 1833)[239].

Pódese atopar esta expresión referida ós vellos. Nas falas dialectais de Smolensk, por exemplo, recolleuse o seguinte desexo de lonxevidade:

> Que Deus vos dea cen anos de vida e douscentos para andar *a gatiñas* (Добр., 90)[240].

E nun dos contos rusos recollidos na Siberia Oriental a vella bruxa inmortal Baba Iagá ponse a gatiñas:

> E entón a vella apartou a mesa, púxose *a gatiñas*, sacou as roscas de pan e empezou a convidar Iván-tsarevich [241]

Nas falas provinciais rusas hai moitas variantes desta palabra dentro das expresións correspondentes:

> (Iaroslavl) *на кара́ченьках*
> (Olonets, Kostroma) *на закара́чках ползать, ходить*
> (Arghánguelsk) *ходить на кукоре́шках*
> (Perm') *идти, ходить на кура́нках*
> (Pskov, Tver') *кара́кушки (кара́кушком) ползать (ходить), кара́чки уйти, кара́ченьки, ку́карач, о́карачь...*

¿Cal é o seu significado literal?

O folclore ruso e as linguas eslavas axudarannos a responder a esta pregunta.

Na rexión de Arghánguelsk recolléronse poemas épicos, bilinas, sobre Ilia Muromets nos que se encontra a palabra *корач* ou *кора́ча*. Son os prototipos de formación da palabra *карачки* (diminutiva) , é dicir *корачки*. Esta palabra emprégase en combinación co verbo 'caer' e refírese ó cabalo do bogatir:

> Os bos cabalos abaixáronse dobrando *as catro patas*. O cabalo por debaixo de Ilia abaixouse dobrando *as catro patas*[242]

O Diccionario das falas populares rusas[243], onde está recollida esta palabra, non ofrece ningunha interpretación, pero a partir do texto podemos saber que o máis probable é que se trate dos xeonllos do cabalo (СРНГ, XIV, 310). Isto tamén se ve no texto ruso antigo

---

[239] "Дорогой я видел годовалую девочку, которая бегает на карачках, как котенок, и у которой уже два зубка".(8 сентября 1833г.).
[240] "Дай бог вам сто лет жить, а двести на карачках ползать".
[241] "И вот тут старуха стол отдернула, на карачки стала, калачи достала и стала потчевать Ивана - царевича".
Babá Iagá é un personaxe dos contos rusos que ordinariamente é negativo, pero que pode ser positivo, en comparación con outros personaxes negativos.
[242] "Добры кони пали на́ корач. Под Илией ведь конь на корачу пал".
[243] *Словарь русских народных говоров.*

Novela sobre a batalla de Mamai[244] (século XVII), onde está a expresión *на корачни падоша* ‘baixarse o cabalo ó dobra-las patas’:

> E os seus cabalos baixaban *dobrando as patas*.[245]

Nas falas rusas coñécense as palabras *кора́чка/кара́чка*, *коря́чка/каря́чка* co significado de ‘alancada’:

> Non chegarás a Moscova *dunha (soa) alancada*.[246] (СРНГ XIV, 311).

Estas palabras déronlle unha base obxectiva a V. I. Dal para relaciona-las rusas *корачки* con toda unha serie de palabras eslavas que significan ‘paso’: (polaco) *krok*, (búlgaro) *крак*, (eslovaco) *korak*, etc. É importante o feito de que estas palabras teñan o significado paralelo de ‘perna’ en moitas linguas: na lingua literaria búlgara, por exemplo, a palabra *крак* significa ‘a perna dunha persoa, a pata dun animal ou dun moble’. Nos dialectos, por exemplo, na fala provincial de Banat, *кра́ци* son ‘as cadeiras’, ‘a panca do tear’, e ‘as abeacas, o tronco bifurcado que serve de soporte do arado’. Os etimólogos fixeron constar que as palabras con esta raíz remontan á preeslava **karkъ*, **krākъ*, **korākъ* que tiña o significado primitivo de ‘extremidade inferior’ (БЕР, II, 712) e non calquera extremidade inferior, senón a pata dun animal. Os paralelismos bálticos da palabra eslava testemúñano. Así a lituana *kárka* significa ‘parte da pata do porco dende o pezuño ata o xeonllo; a pata dianteira do porco co lacón; a parte final da pata dun insecto’.

Algunhas palabras rusas conservaron este significado antigo da raíz *корок-*: *окорок*. Ó principio significaba algo parecido a ‘carne que está a carón da pata do porco’, e *карака́тица* (de **короката*) ‘que ten patas ou que as ten longas’ (compárese *зубат* ‘que ten dentes (fortes e grandes)’, *горбат* ‘que ten corcova’, *носат* ‘que ten un nariz grande’ co mesmo sufixo *-ат* e coas correspondentes partes do corpo). Nas falas provinciais aínda se poden encontrar formacións sen preposición. Co significado ‘cadeira’ *корок* está recollido na rexión de Smolensk:

> Cómpre facerlle un pantalón largo, de tres anchos, coma unha saia, porque as súas *cadeiras* son anchas[247] (СРНГ XIV, 359).

Nas falas provinciais de Tomsk é o mesmo ca ‘xamón’.

A propia raíz *корок-* está presente no verbo *раскорячиться* ‘escarrancha-las pernas’ e no substantivo *раскоря́ка* ‘persoa escarranchada’ que aparece na comparación *стоять раскорякой* ‘estar coma escarranchado’. Hai aínda máis descendentes directos desta na fala popular:

окара́чивать кого-н.	‘obrigar a poñerse a catro patas a alguén’ ou (nas falas de Tambov e Kursk) ‘montar sobre algo ou

[244] *Повесть о Мамаевом побоище.*
[245] “Кони же их на корачни падоша”.
[246] “В одну корячку не дошагаешь до Москвы.”.
[247] “Ему штаны надо шить широкие, в три полы, словно юбку, - корки его толстые”.

	alguén, agarrar coas pernas'
окарачить коня	'deter un cabalo facéndolle dobra-las pernas traseiras'
(Tambovsk) *сесть о́карачь* etc.	'a cabalo'

Desta maneira a digresión etimolóxica descubriu o significado primitivo da palabra *карачки*. *Карачки* son 'as pernas pequenas (dobradas), perniñas' ou, máis probablemente, as catro patas dun animal. Por iso, non é casual que o sinónimo máis extendido da nosa expresión sexa o xiro *ползать на четвереньках* 'andar a gatas' que ten moitas variantes na fala popular:

на четве́рнях
на четы́рках, на четырех костя́х (Mar Branco)
на четырех стропи́лах (Perm').

Nas falas provinciais rusas hai unha palabra que, segundo tódalas características, parece a buscada, **корок*, da que están formadas *карачки* e *окорок*. Emprégase en plural, *ко́рки*, e na combinación *утекать во все ко́рки* 'fuxir coma un foguete'. Está recollida na rexión de Smolensk:

Fuxamos del *coma foguetes* [248]

Parece posible da-la súa traducción literal en seguida, *fuxir a tódolos pés*. Os autores do *Diccionario das falas populares rusas*[249], nembargantes, definen esta palabra como a denominación dunha parte do corpo, pero non dunha extremidade inferior, senón dos 'ombros' (СРНГ, XIV, 334). Contan para iso cunhas bases serias. En primeiro lugar, noutras falas provinciais (Terek, Vladímir) a palabra *ко́рки* emprégase en combinacións que exclúen a palabra 'pernas':

Antes levaban a rede de pesca nos ombros. Ponte *ó lombo*.[250]

En segundo lugar, o significado 'ombros' concorda coa idea da carreira: compárese *улепетывать во все лопатки fuxir a tódalas paletas* 'fuxir coma un foguete'[251] .

Vexamos que "parentes" ten este dialectalismo na lingua literaria. Nesta son coñecidas expresións onde palabras cun matiz coloquial denominan a parte superior das costas. As primeiras dúas expresións están recollidas no diccionario académico:

> Ben, dixo, érguete, ponte *ó cabalete*, levareite se non podes andar (L. N. Tolstoi, *Prisioneiro do Cáucaso*).
>
> Chegaron correndo da vila os nenos, rodearon o coche... Os rapaces maiores levan os pequenos *ó cabalete* para que vexan como traballamos (K. G. Paustobski,

[248] "Давай от него утекать во все корки".
[249] *Словарь русских народных говоров.*
[250] "На корках таскали бывалочи крижья; Садись на ко́рки!".
[251] En ruso orixinalmente referíase ás omoplatas dos animais. En galego existe como mesmo significado, *Fuxir a catro pés.*

Nacemento do mar).[252]

A terceira, aínda que non aparece nos diccionarios, é moi coñecida no uso cotián, e testemúñao o feito de que os escritores contemporáneos a empreguen:

> Non, digo. Non vou deixa-lo meu compañeiro. Levádeo. ¿Oístes? —Desculpa, responden, pero non levamos catafalco . —¿Non irás? ¿Verdade? ¿Dilo en serio? Pois, entón, lévao ti. Lévao *ó cabalete*. ¿De acordo? (L. Panteleev, *Paquete*).[253]

Os etimólogos non teñen unha opinión unánime sobre a orixinalidade da palabra *зако́рки*. Os autores do *Diccionario etimolóxico da lingua rusa* (ЭСРЯ volume II, ed. 3, 39), onde se analiza dunha maneira máis exhaustiva, refutan a hipótese feita anteriormente pola maioría dos etimólogos, que remontan *закорки* a **закукорки* e á dialectal *кукорки* que é diminutiva de *кукры* 'parte superior das costas' e despois á polaca *kuczki* 'crequenas', letona *kukurs* 'corcova'. Tampouco recoñecen outra hipótese: que está formada, segundo parece, da desaparecida **корки* 'ombros, costas' que, polo visto, ten unha relación etimolóxica con *корчиться* 'crisparse'. En vez destas suposicións propoñen unha terceira baseada nas variantes *закортки* (de Léskov) e *закорточки* (de Dal): *закорки* é unha formación preposicional de *корточки* (compárese a forma dialectal *забедры* 'parte superior das costas', de *бёдра* 'cadeiras').

Só a incorporación doutras múltiples variantes das falas rusas axudan a resolve-lo problema da orixinalidade destas palabras e expresións. Ademais da xa notada *ко́рки* 'ombros', que de ningunha maneira podía ser formada a partir de *корточки* porque é máis corto ca este, atopamos denominacións de *кукорки* 'os ombros e maila caluga' coa raíz *корк-* como:

(Smolensk) *коркý́шки*

садиться на коркý́шки	*sentar (alguén) nos ombros* 'levar ó lombo'

(Irkutsk, Sibir') *кý́корки*

посадить на кý́корки	*sentar (a alguén) nos ombros* 'levar ó lombo'
нести на кукорках	*levar nos ombros* 'levar ó lombo'

dialectal *кокý́рки*

присядь на кокý́рки	*senta nos ombros* 'levar ó lombo'

[252] "Ну, - говорит, - вставай, садись на закорки, снесу, коли уж идти не можешь". (Л. Н. Толстой, *Кавказский плєнник*);
"Прибежали из поселка детишки, обступили машину... Старшие держат на закорках младшеньких, чтобы и они видели, как мы работаем". (К. Г. Паустовский, *Рождение моря*).

[253] "- Ну, нет, - говорю. - Я не оставлю своно товарища. Берите его с собой. Слышите? - Извиняемся, - отвечают. У нас катафалка с собой не захвачено. - Я, - говорю, - не пойду без него. - Не пойдешь? Верно? Не шутишь? Ну, если так, то бери его сам. Неси на закукорках. Согласен?". (Л. Пантелеев, *Пакет*).

dialectal *ку́кры*

садиться на ку́кры	*sentar (alguén) nos ombros* ‘levar ó lombo’
перенести на ку́крах	*trasladar nos ombros* ‘levar ó lombo’

(Nóvgorod) *за́ку́кры*

нести на заку́крах	*levar nos ombros* ‘levar ó lombo’
посадить на заку́кры	*sentar (a alguén) nos ombros* ‘levar ó lombo’

(Iaroslavl’) *заку́корки*

посадить на заку́корки	*sentar (a alguén) nos ombros* ‘levar ó lombo’

Ademais destas formacións coa mesma raíz, nas falas provinciais hai moitas outras denominacións de *кукорки* ‘ombros’

на зако́рточках	*en ombros* ‘ó lombo’
на зако́ртыши	*en ombros* ‘ó lombo’
на зако́ртышки	*en ombros* ‘ó lombo’
за кро́шками	*detrás dos ombros* ‘ó lombo’
на закро́шки	*en ombros* ‘ó lombo’
на закро́шках	*en ombros* ‘ó lombo’
на корта́шках	*coller nos ombros* ‘ó lombo’
на ко́рточки взять	*coller nos ombros* ‘ó lombo’
на кортушки взять	*coller (a alguén) nos ombros* ‘ó lombo’
за корче́жками нести	*levar nos ombros* ‘ó lombo’

etc.

Moitas das palabras enumeradas parecen dialectalismos restrinxidos, pero en realidade teñen amplas correspondencias eslavas. Por exemplo, as expresións *за кро́шками detrás dos ombros* ‘ó lombo’, *на закро́шки en ombros* ‘ó lombo’e *на закро́шках en ombros* ‘ó lombo’ están relacionadas coa antiga denominación eslava do tear que en distintas linguas ten o significado ‘berce’, caixón, bastidor’, ademais do significado básico. Compárese a dialectal *кро́шни*, *кро́шны* ‘culeiro, cesto de cortiza de bidueiro que se levaba nas costas, angarellas e tamén os propios ombros e paletas’ (Даль II: 199). Está suficientemente claro que esta palabra figura como denominación de *кукорки*: a persoa

que leva a alguén *на кро́шках* ‘ó lombo’ ou *закро́шках* ‘ó lombo’ dá a impresión de formar cos dedos, mans e costas unidos un marco, un bastidor ou un caixón. Non é casual que non só esta imaxe, senón tamén a mesma palabra **korsno* fora emprestada polos eslavos ós alemáns de Austria: en Austria, ata agora, a combinación *Buckeikraxen* (literalmente *levar no urdido prominente*) significa ‘levar sobre a parte superior das costas’ (Турковская, 1977: 29).

Pero volvamos á rusa *кукорки* ‘ombros’ ¿Que testemuñan as citadas formacións coa mesma raíz? Que a súa base é a raíz *корк-* e non *корт-*, como supuñan os autores do *Diccionario etimolóxico da lingua rusa*[254]. Se aludimos ás linguas eslavas veciñas, podemos atopar alí a mesma palabra precisamente como a denominación da parte do corpo que está relacionada, dunha ou doutra maneira, cos ombros ou coas costas. Xa nos dialectos da Rusia Occidental ou de Smolensk, así como nas falas provinciais rusas de Lituania, é coñecida a palabra *карк* ‘caluga’, ‘costas, lombo’. Esta ten correspondencia en:

> bielorruso *ка́рак* (dialectal *ка́рка*) ‘a caluga e mailos ombros’
> polaco *kark* ‘a caluga e mailos ombros’
> serbo-croata *крке* ‘a caluga e mailos ombros’ e remonta á preeslava **кънькъ*.

No polaco non é o simple ‘pescozo’, senón a ‘caluga da persoa ou do animal’, é dicir, a parte que pasa ás costas.

A hipótese da relación de *кукорки* ‘os ombros e maila caluga’ con *корт-* refútase tamén coa comparación do material fraseolóxico. As rusas *нести на кукорках (закукорках) levar nos ombros* ‘levar ó lombo’, *посадить на кукорки (закукорки) sentar nos ombros* ‘sentar (a alguén) ó lombo’ e as formacións citadas teñen correspondencia en

serbo-croata *на̀ крке но́сити*	*levar nos ombros* ‘levar ás costas’
на кркице узе́ти	*coller nos ombros* ‘coller ó lombo’
на кркаче (накркач) носити	*levar nos ombros* ‘levar ás costas’
esloveno *na krkoč*	*nos ombros* ‘ó lombo’
búlgaro (dialectal) *нося къ́ркач*	*levar nos ombros* ‘levar ás costas’
polaco (dialectal) *na kirkak nieść*	*levar nos ombros* ‘levar ás costas’
na kirki wziąć	*coller nos ombros* ‘coller

[254] *Этимологический словарь русского языка.*

ó lombo’

Para os xiros polacos, que ó principio parecían ser só dialectais, agora foron descubertos moitos outros paralelos na mesma zona polaca (Pospiszyłowa, 1975; Pietraszek, 1975; Kurzowa, 1973). Como vemos, en zonas lingüísticas tan afastadas unha doutra obsérvase unha unidade excepcional en canto á estructura sintáctica, ó léxico e ó significado fraseolóxico destas combinacións. É difícil non recoñece-la relación das correspondentes palabras e expresións eslavas coa preeslava **kъгъkъ* ‘pescozo’ que propoñen os autores dos diccionarios etimolóxicos polacos (Sławski, II, 77-78) e serbo-croata (Skok, II, 203).

Quédanos por explicar só o movemento semántico ‘pescozo’→‘costas’ espellado nas expresións mencionadas. Parece que Vuk Karádjich dá unha explicación xusta do significado ‘pescozo’ na expresión *носити дјете на кркаче* ‘levar un neno nas costas de tal maneira que che abarque o pescozo cos seus brazos’ (Караджич, 1898: 314). Esta enxeñosa interpretación, a primeira vista, espella a especialización das eslavas *закорки* ‘parte superior das costas’: así é como se soe levar unha “carga viva”, habitualmente nenos. Pero o material máis detallado amosa que non é certa de todo.

En primeiro lugar, nas falas provinciais coñécense usos da nosa expresión referidos a “cargas inanimadas”. Lembremos, por exemplo, a combinación coa que empezamos o estudio sobre *кукорки* ‘ombros’:

> Antes levaban a rede de pesca nos *ombros*[255].

Como sabemos, aquí trátase do traslado da pesada rede de pesca sobre as costas. En segundo lugar, a mesma preposición *на* ‘en, sobre’, típica neste xiro en tódalas linguas eslavas, testemuña que non se trata de algo que está “ó redor” da *kóрка*, senón que algo está “en/sobre” a *kóрка*. Por iso, queda recoñecer que en tódalas expresións mencionadas se conservou o significado antigo da palabra **kъгъkъ* ‘parte do corpo que comprende a caluga e os ombros’. Hai razóns semánticas que apoian esta conclusión: pois ademais da rusa dialectal *карк* ‘costas, lombo’ é coñecida a serbo-croata *кркача* co mesmo significado. E no rumano, onde se conservan moitos préstamos antigos do eslavo, encontramos *cărcă* precisamente co significado de ‘costas, lombo’ e non ‘pescozo’.

Desta maneira as expresións *на кукорках* ‘ó lombo’ e *на закукорках* ‘ó lombo’ trouxéronnos a antiga denominación eslava do pescozo e da parte superior das costas, que non son usuais actualmente no ruso. O significado antigo desta denominación diluíuse na construcción fraseolóxica. Pero, ó diluírse, volveuse unha proba máis de que nada desaparece sen deixar pegadas no mundo lingüístico.

Na conciencia lingüística de cada ruso *карачки* e *кукорки* producen unha asociación involuntaria con *корточки*. Non é sorprendente: úneas un campo temático común, a denominación das partes do corpo, as construccións fraseolóxicas que teñen en común a preposición *на* e, en definitiva, o carácter enigmático do significado literal xunto cunha certa semellanza sonora.

[255] “На кóрках таскали бывалочи кижья”.

A sensación de complicidade lingüística destas tres palabras nótase dun modo especial na fala dialectal viva, onde os xiros que significan *сидение на корточках* ‘acción de estar de crequenas’ se usan para caracterizar *на карачках* ‘acción de estar a gatiñas’, e estas últimas expresións chegan a significar *на кукорках* ‘levar algo ó lombo’.

Comparemos só algúns destes cruces:

(Arghánguelsk) *ходить на кукоре́шках*	‘andar a gatas’
(Karelia) *на кукара́шках сидеть*	‘estar sentado de crequenas coma un pato’
(Arghánguelsk) *посадить на кукурешки/на кокоре́шки*	‘poñer ó lombo’
(dialectal) *сесть на кокурки, сидеть на коку́рках (на коку́ре)*	‘poñerse en crequenas’
(Kírov) *посадить за кокóрки*	‘poñer ó lombo’
(Amur) *перенести кого-л. на коку́рочках*	‘levar a alguén nos ombros’

Estas coincidencias pódense notar no ruso e no bielorruso literarios. Así, o diccionario académico (БАС, V, 899) rexistra a expresión *присесть на карачки* co significado ‘poñerse en crequenas’, e no *Diccionario da lingua bielorrusa*[256] (ТСБМ, II, 640) sublíñase que a segunda acepción da combinación *на карачкі* é ‘en crequenas’.

Sen dúbida, a esta atracción mutua das expresións *на карачках* ‘acción de andar de gatiñas’, *на кукорках* ‘levar algo ó lombo’ e *на корточках* ‘acción de estar de crequenas’ contribúe en gran medida, como xa se notou, unha proximidade sonora fácil de percibir. Xorde a seguinte cuestión ¿teñen a mesma raíz estas palabras?

Xa contestamos en parte a esta cuestión ó fixármo-los límites etimolóxicos entre *карачки* (de **korakъ* ‘perna’) e *кукорки* (de **kъrъkъ* ‘a caluga xunto coa parte superior das costas’). ¿Pódese considera-la palabra *коточки* unha aproximación sonora e significativa casual con *карачки*?

En realidade, os etimólogos actúan da seguinte maneira: uns compárana coa ucraína *корта́тися* ‘abrirse paso, atopa-la saída, sufrir’ e *корну́ть (прикорну́ть)* ‘durmir un pouco’ e encontran un paralelo coa grega *kurtós* ‘curvo’, latina *curvus* ‘curvo’ (Фасмер, II, 339); outros aluden a unhas correspondencias máis afastadas: á antiga da Alemaña do Norte *herdhr* ‘omoplata’, á antiga alto alemán *hardi*, que significa o mesmo, ou á latina *cartilago* ‘cartilaxe (nun organismo vivo)’ (Пр. I, 362); e outros, ó subliñaren que as orixes da palabra *кóрточки* non están claras, supoñen que está formada co sufixo *-очки* e coa base *корт-* que se conservou na dialectal *кортеть* ‘agardar escondido’ e despois no grego *kyrtos* ‘dobrado, agachado’ (ШИШ, 214).

[256] *Тлумачальны слоунік беларускай мовы.*

A máis verosímil parece ser, nembargantes, a etimoloxía proposta no antigo diccionario etimolóxico de N. V. Goriáev que, desgraciadamente, non é empregada polas fontes arriba mencionadas. *Корточки* relaciónase aquí coa lituana *kark-a* 'pata traseira' e coas correspondencias eslavas co mesmo significado (Горяев, 160). Cómpre dicir que, dende o punto de vista fonético, esta hipótese non é impecable porque coa alternancia da raíz formaríase *корчечки* ou *корчочки* (compárese *сок-сочок* 'zume-zumiño', *бок-бочок* 'lado-ladiño', *лук-лучок* 'cebola-ceboliña') e non *корточки*. Sen embargo, segundo parece, pódese acepta-la relación da palabra *корточки* coa eslava común **korakъ* 'perna'. En primeiro lugar, á alternancia *к/т* podía contribuí-la falsa relación etimolóxica co adxectivo *короткий* 'curto', que levou probablemente á percepción do diminutivo de *корок* - *корочки* en forma de **короткочки*, é dicir, 'perniñas curtas' (compárese checa *krůček* 'pasiño pequeno'). En segundo lugar, a diferenciación fonética das palabras *корачки* e *корточки* podía estar potenciada pola necesidade de distingui-lo que está e o que se move coas catro patas "longas, completas, enteiras" daqueloutro que se move coma se tivera as extremidades dúas veces "acurtadas". En fin, o paralelismo *к/т* podía desenvolverse a base de tal "denominador común" como *корачки*: se *короткий* se converte en *короче*, entón por analoxía *корачки* podía "reconstruírse" na conciencia lingüística como **короткчи*, é dicir, a reconstruída enriba por nós **короткочки*.

Algunhas variantes dialectais proban a existencia de distintas etapas na transformación de *корак* 'perna, pata' en *корточки*:

(Perm') *на ку́корочках*
(Irkutsk) *на кокóртачках*
etc.

Desta maneira parece máis probable a relación etimolóxica directa de *корточки* con *корак* 'perna, pata'. Se temos en conta que en principio se trataba da pata dun animal, entón a posición en crequenas caracterizaba outrora a pose coas pernas dobradas.

Con isto podiamos remata-lo relato sobre as orixes da palabra *корточки* e da expresión relacionada con ela. Sen embargo, non se lle pode ocultar ó lector un paradoxo xa coñecido que nos volve ó complexo problema da interrelación de *корточки*, *корачки* e *кукорки*. Ó abri-lo *Diccionario das falas populares rusas*[257], atopamos asombrados que nos dialectos significa non só 'as pernas dobradas', senón tamén... 'ombros, parte superior das costas'. A dici-la verdade, este significado está anotado polos dialectólogos contemporáneos :

> Ponte *no meu lombo*; Chegan a un lago, esta muller non pode seguir andando, cóllena *ó lombo*, seguen[258] (anotacións de 1969-1970).

Pero as pegadas deste significado son tamén fáciles de ver nunha expresión do ano 1900 apuntada na gobernia [259] de Vólogda:

---

[257] *Словарь русских народных говоров.*

[258] "Садись мне на корточки; Доходят до озера до какого-то, женщина эта не может идти, ее взяли на корточки, идут далее".

[259] A gobernia era o nome dunha circunscripción administrativa no tempo dos tsares. A gobernia de Vólogda está na parte europea de Rusia.

положить кого-либо на ко́рточки (СРНГ, XIV, 376)	*poñer a alguén de costas* ‘vencer a alguén na loita facéndolle come-lo po’

Este paralelismo, que complica en certa medida as relacións significativas de *корточки* e *корок* ‘perna’, volve amosa-la posibilidade da aproximación fonética de *корок* e *корт-*. É particularmente demostrativo aquí, onde se trata de *кукорки* ‘ombros’.

(Vladímir) *сесть на ко́ртки*	‘sentar ó lombo’ (СРНГ XIV, 374)
(Irkutsk) *на корта́шках нести (тащить)*	‘levar ó lombo’
на корта́шки взять	‘coller ó lombo’ (ibid)
(Smolensk) *садиться на ко́ркушки*	‘sentar ó lombo’ (ibid, 335)

A obxectividade esixe recoñecer que na fala viva popular os camiños de *карачки*, *корточки* e *кукорки* se cruzaron tanto que é extremadamente difícil delimitalos claramente, ó cal xa se aludiu de paso enriba. Non é casual que V. I. Dal, ó interpretar *корточки*, indique que «ten parentesco coas palabras *кора́чки*, *за́кукры*, etc.» (Даль II, 170). ¿Quen sabe? Tal vez no futuro os etimólogos logren proba-la unidade das súas orixes? Pois, se temos en conta que o parente máis próximo das palabras eslavas que se analizaron aquí, a lituana *kárka*, ten dous significados próximos pero ó mesmo tempo suficientemente distintos, ‘pata dianteira do porco’ e ‘pata traseira’ (compárese a sánscrita *čarana* ‘perna’), entón a antiga unidade dialéctica *карачки*, *корточки* e *кукорки* parece completamente verosímil. É posible que ó principio non estiveran delimitadas as raíces destas palabras, designando as patas do animal en xeral. Despois unha parte delas (*карачки* e *корточки*) pasou a designa-las patas traseiras; e a outra (*кукорки*), a parte superior das costas.

Dende logo, pode parecer incrible que a denominación das costas (¡xunto co pescozo!) puidera xurdir da denominación das extremidades. Pero no desenvolvemento de moitas linguas son ben coñecidos casos semellantes de desprazamento do significado. Así a checa *ret* non significa ‘boca’, senón ‘beizo’, e *huba* ‘morro, fociño’ e non ‘beizo’, *leb* ‘caveira’ e non ‘fronte’, e *líce* non significa ‘cara’ (máis exactamente non só ‘cara’), senón tamén ‘fazula’ (compárese (Pechora) *лицо* ‘cara’ e ‘fazula’). Son asombrosas as transformacións da grega *stómachos* que ó principio significaba ‘larinxe, garganta’ despois ‘burato para o estómago, estómago’ e despois, a través do latín, onde tiña o significado de ‘estómago’, entrou no francés onde adquiriu o significado ‘ventre’ (Булаховский, 1953: 20-21). Estes cambios déronse nas denominacións das extremidades: a rusa *нога*, que é coñecida pola maioría das linguas eslavas, ó principio significaba ‘pezuño do animal ou pouta do paxaro’ (compárese a lituana *naga* ‘pezuño’ *nāgas* ‘uña’); a alemana *Bein* ‘perna’ antes tiña o significado ‘óso’ e *Arm* ‘brazo’ está emparentada directamente coa latina *armus* ‘ombro’ e ‘omoplata’ ou ‘patas dianteiras (xunto coas omoplatas) do animal’.

Precisamente tal desenvolvemento do significado podía levar despois de todo a unha limitación forte de *карачки* e *корточки* por un lado e *кукорки* por outro. No ambiente da fala popular viva os seus significados vólvense cruzar en senllas expresións.

2.8. *Ras con ras*
Тютелька e *утелька* Tiutelka e utelka

Ata agora analizámo-los casos en que a etimoloxía da palabra "escurecida" era o estímulo básico e inicial para a aclaración do elemento incomprensible no fraseoloxismo. O significado fraseolóxico e o modelo sintáctico eran auxiliares para este método de aborda-la cuestión. Sen embargo, na historia da lingua o papel da forma sintáctica na análise etimolóxica acaba sendo o principal. A mesma construcción en seguida suxire o desciframento dos elementos que forman parte dela.

Sirva como exemplo o xiro *тютелька в тютельку* 'xusto, exactamente', moi divulgado na literatura. Este xiro caracteriza ou unha exactitude excepcional na realización dunha acción, ou unha gran semellanza ou identidade entre obxectos ou fenómenos:

> —¿Entendiches? —murmura Alioxka. Medio durmido, non entendo a primeira palabra e el incomódase. —Reflexionas con dificultade. Este fillo de puta [Ilia] ten todo calculado para as dez seguintes xogadas. Chega *machadazo en machadazo* [xusto] para colle-lo tren de viaxeiros, deixa o coche na casa de Tonia ou Musia, xa non podo alcanzalo porque non teño con qué, que non lle vou pedir ó xefe o todoterreo. ¡Ah, maldito! (A. Kron, *Insomnio*).
>
> Resultará un triángulo isósceles. O cadrado dos seus catetos, non fai falla calculalo, é *machadazo en machadazo* [xusto] igual ó cadrado da hipotenusa (L. Lighodeev, "Cómpre pensar", *Literaturnaia gazeta*, 1975, n. 5, páx. 16).[260]

Pero, a pesar de ter un uso activo, esta expresión entrou na lingua literaria hai relativamente pouco tempo: foi fixada por primeira vez no diccionario en catro volumes do ano 1940 coordinado por D. N. Uxakov e ten un matiz estilístico moi concreto, é coloquial, familiar e xocosa. O seu emprego, só a partir dos escritores soviéticos, testemuña a tardía aprobación do fraseoloxismo *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* 'xusto, exactamente' pola lingua. Os primeiros foron A. N. Tolstoi e A. A. Fadeev:

> Da miña nai morta, que tivo a mala sorte de darme a luz *machadazo en machadazo* [xusto] na nosa época, lémbrome tódolos días (A. N. Tolstoi, *Camiños das tormentas*).

---

[260] "Понял? - шипит Алешка. Спросонья я не сразу понимаю, и он сердится. - Туго соображаешь. У этого сукина сына [Ильи] все рассчитано на десять ходов вперед. Он тютелька в тютельку попадает к пассажирскому, машину оставляет у Тони или Муси, догнать я его уже не могу, ибо не на чем, не просить же у босса вездеход. Ах, проклятье!". (А. Крон, *Бессоница*);
"Получится треугольник, причем равнобедренный. Квадрат катетов - хоть не считай! - тютелька в тютельку равен квадрату гипотенузы". (Л. Лиходеев, "Надо подумать" - *Лит. газ.*, 1975, N5, с. 16).

> —¿Covarde, por que segáche-la miña parcela? —¿Como que a túa? Non mintas. ¡Eu seguei *machadazo en machadazo* [xusto] polo lindeiro! (A. A. Fadeev, *Derrota*). [261]

A expresividade familiar e xocosa desta expresión está condicionada, en gran medida pola falta de compresión e de motivación da palabra que a compón. Precisamente a falta de motivación dálle un carácter nacional particular a este fraseoloxismo [262].

A inmotivación da palabra agrávase coa ausencia dun estudio etimolóxico: esta palabra falta en tódolos diccionarios etimolóxicos. Que a etimoloxía da palabra non sexa transparente, sen embargo, non significa que a imaxe que lle serve de base a esta expresión non se entenda en absoluto. Un "desciframento" bastante seguro desta imaxe é a estructura sintáctica reduplicada dos fraseoloxismos co significado común de 'absolutamente exacto', que están bastante divulgados no ruso. O concepto de exactitude absoluta varía moito segundo a semántica concreta da palabra que forme este modelo:

1) sobre un alto grao de semellanza:

капля в каплю	*gota a gota*
капелька в капельку	*pinga a pinga*
голос в голос	*voz a voz*
волос в волос	*pelo a pelo*
rusa antiga глаз в глаз	*ollo a ollo*

2) sobre a repetición exacta do movemento:

шаг в шаг	*paso por paso*
нога в ногу	*pé por pé*
след в след	*pegada por pegada*
раз в раз	*vez por vez*

3) sobre o tempo da acción que se realiza:

секунда в секунду	*segundo por segundo*
минута в минуту	*minuto por minuto*
час в час	*hora por hora*
день в день	*día por día*
год в год	*ano por ano*

[261] "Мою покойную мамашу, что угодила родить меня тютелька в тютельку в нашу эпоху, ежедневно вспоминаю". (А. Н. Толстой, *Хождение по мукам*);
"-Ты чего ж это, зараза, мой клин скосил? - Как твой? Не бреши. Я по межу, тютелька в тютельку!". (А. А. Фадеев, *Разгром*).

[262] En galego existe a expresión *ras con ras* que significa 'nin máis nin menos, o preciso, exactamente, o que se desexa, sen sobrar nin faltar nada, xustiño' e que tamén é coloquial e reduplicado.

4) sobre a reproducción minuciosa dun texto:

буква в букву	*letra por letra*
слово в слово	*palabra por palabra*
йота в йоту	*iota por iota*

5) sobre os cálculos monetarios:

копейка в копейку	*kópek por kópek*[263]

Se temos en conta o material dialectal, podería aumenta-lo número destas series diferenciadas: compárese, por exemplo:

(Don) *воро́та в воро́та*	*de portas ás portas* 'cerca, porta con porta'

Algúns xiros formados segundo este modelo, entre eles *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* 'xusto, exactamente', sen embargo, non se poden someter a esta concreción semántica. Caracterízanse por ter unha semántica xeneralizadora e difusa, a idea de 'exactitude absoluta' na que «poden ser neutralizados os significados da exactitude de distintos planos: *точка в точку punto en punto*, *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* 'xusto, exactamente'empréganse máis a miúdo diante de palabras que designan conceptos de tempo, cantidade, de lugar e doutros planos; pero estas combinacións fixas tamén se poden empregar sen combinarse con estas palabras» (Костючук, 1975: 64). A xeneralización semántica da expresión *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* 'xusto, exactamente' está condicionada, no fundamental, pola incompresión da imaxe primitiva. A transparencia da imaxe impide a extensión das posibilidades combinatorias doutras expresión semellantes: non é posible dicir, por exemplo, *Он ступал буква в букву El andaba letra a letra* ou *Он писал шаг в шаг El escribía paso por paso*, porque contradí a imaxe das dúas expresións. Para *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* 'xusto, exactamente' non existen estas limitacións.

O modelo semántico-estructural dos fraseoloxismos nos que entra a nosa expresión está baseado, como vimos, en símbolos métricos de carácter cotián. Segundo o grao de xeneralización do significado *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* 'xusto, exactamente' está máis cerca das expresións *точка в точку punto en punto* e *точь-в-точь exactitude en exactitude* 'exactamente'. Tras elas está unha idea bastante concreta sobre a coincidencia e x a c t a (en ruso *точное*) de varios toques, picaduras, golpes, empurróns. E x a c t a (*точное*) no sentido literal, etimolóxico da palabra, porque *точка* 'punto', *точь* 'exactitude', *точно* 'exactamente' remontan ós verbos *ткать* 'picar', *тыкать* 'empuxar'. Aínda na lingua literaria do século XVIII esta relación interior da expresión *точь-в-точь exactitude en exactitude* 'exactamente' percebíase como moi viva:

> Foma (ó oído): ¡Nin arre nin xo, igual ca un mozo coa moza, en realidade é *exactitude en exactitude* [exactamente] isto! (I. Sokolov, *Tesouro inventado.*

[263] *Kópek* é unha moeda rusa, a mínima unidade monetaria.

Comedia dun acto, SPB., 1782)[264].

A lóxica desta asociación da exactitude co alcance dun punto por un golpe ou por unha picadura confírmana a abundancia de expresións dialectais deste tipo. Así, dos verbos *тыкать*, *ту́кать*, *тю́кать* e *чи́кать* están formados os xiros:

(Mar Branco) *тык в тык*	*golpe en golpe* 'axustado, absolutamente exacto'
(Perm') *попасть в тюк (тук)*	*acertar no golpe* 'dicir exactamente, adiviñar', 'dar no branco'
(Arghánguelsk, Siberia) *чик в чик*	*golpe en golpe* 'xustamente, sen exceso nin defecto', 'exactamente (referido ó peso e o tamaño)':

Cocín unha cantidade de patacas *exactitude en exactitude* [moi xusta], non queda nada. (KKC)

Pero ti *acertaches no golpe* [deches no branco]. Pero ti *acertaches no golpe* [deches no branco], así pasou todo

Acertaches no golpe [deches no branco], *golpe no golpe* [exactamente] dous pés. (Даль; СФС).[265]

A formación de fraseoloxismos que caracterizan a exactitude das accións ou a súa gran semellanza a partir de substantivos deverbais co significado 'golpe exacto' é habitual na fala popular. Así os xiros *раз в раз vez por vez*, *в самый раз na mesma vez* e *как раз coma a vez* 'xustamente' están relacionados a fin de contas co verbo *рази́ть* 'golpear, derrotar' (compárese o popular *дать (поднести) раза́* 'golpear'); (Perm') *как ляп* 'exactamente', 'moi parecido' (*Он как ляп в дедушку был* - materiais de K. N. Prokóxeva) con *ля́пать* 'dar golpes' e (Urais) *как в клин колонул* 'adiviñou exactamente' con *колоть* 'golpear, acertar'. É curioso que esta imaxe rusa cotiá agora se convertera nun xiro da xerga profesional dos cosmonautas:

> Marchou a nave espacial e ti sabes que ó voar miles de quilómetros polo traxecto calculado exactamente polos balísticos levará a maqueta da parte da cabeza ó obxectivo indicado. As tolerancias son mínimas. Entre nós dicimos "*xustas*" e non hai esaxeración nestas palabras. Se comparámo-la distancia que cobre a nave ata chegar ó seu obxectivo coa exactitude do alcance, veremos que a precisión é impresionante. ("Disposición a cada segundo. Conversa co viceministro de defensa da URSS", *Leningrádskaia pravda*, 1975, 18 de novembro, páx. 3).[266]

---

[264] "Фома (близко к уху): Ни то ни се, а слово в слово как паренек да девка, ни дать ни взять: ну точь в точь, ни тычки вон". (И. Соколов, *Выдуманнвый клад. Комедия в одном действии*. СПб., 1782 - Палевская 1980, 87).

[265] "Картошки я сварила только тык в тык, не осталось ничего"(KKC);

Ну, ты прямо в тук попал; В самый тук попал, так все и было (Северное Прикамье - Прокошева 1973);

"Чик в чик потрафил! Чик в чик два фута". (Даль; СФС).

[266] "Умчалась ракета, а ты знаешь, что, пролетев многие тысячи километров по пути, точно вычисленному баллистиками, она доставит макет головной части в назначенную точку прицеливания. Допуски –

O xiro *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* ‘xusto, exactamente’, como a maioría das expresións citadas, remonta á esfera da fala rusa vulgar. Segundo a divulgación nas falas provinciais, é o máis activo (Karelia, Penza, Sarátov, Vetluga), o cal, polo visto, condicionou a súa incorporación á lingua literaria. O significado deste xiro e a súa combinación coinciden, en definitiva, co uso literario:

> Cravaba os paos no poste e coincidiron *machadazo en machadazo* [exactamente] (Mar Branco).
>
> Fixo algo seguindo as indicacións *machadazo en machadazo* [exactas]; chegou *machadazo en machadazo* [xusto] a tempo; a roupa sentoulle moi ben, era *machadazo en machadazo* [xusto] a súa talla (Sarátov).
>
> O vestido quedoulle *machadazo en machadazo* [moi ben]. Os cartos foron *machadazo en machadazo* [xustos] (Penza).[267]

Nas falas provinciais de Vetluga é coñecida tamén a variante из тютельки в тютельку de machadazo en machadazo ‘exactamente’ (compárese tamén (Urais) из точки в точку de punto en punto ‘exactamente’, из точки-в-точь de punto en punto ‘exactamente’):

> Saíu todo moi *machadazo en machadazo* ‘exacto’ (СРНГ XII, 84).[268]

A correlación dos modelos estructurais do tipo *тык в тык* ‘exactamente’, *попасть в тук* ‘acertar exactamente’, *чик в чик* ‘exactamente’ está espellada e na expresión de Penza *угодил в тютельку* ‘acertou exactamente, punto por punto, xustamente’.

Dende o punto de vista da formación de palabras, a mesma palabra *тютелька* ‘machadazo’, polo visto, é un derivado da palabra *тю́тя* ‘golpe’ (compárese coa dialectal *тють*, *тнуть*, *тять* ‘dar golpes’ —no diccionario de Dal). Esta palabra está recollida, xa dende mediados do século pasado, nas falas populares precisamente co significado de ‘golpe’, o que esclarece ben o sentido interior da maioría dos xiros que entran no modelo fraseolóxico co significado común ‘exactamente’.

Pero, a dici-la verdade, un derivado lóxico de *тю́тя* ‘golpe’ sería máis probablemente *тю́тина*, *тю́тинка*. En realidade, esta variante está fixada na composición do fraseoloxismo т*ю́тинка в тю́тинку machadazo en machadazo* ‘exactamente’ nas falas provinciais de Kuban’:

> Pois eu tiña tres fillas, todas tres traballaban, e fáltame só moi pouco para que sexa todo *machadazo en machadazo* [exactamente] ben, ben (КСКНГ).[269]

O significado deste fraseoloxismo distínguese en certa medida da semántica da anterior serie fraseolóxica. Aquí probablemente se fai fincapé nunha cantidade insignificante.

минимальные. У нас говорят “в колышек”, и в этих словах нет преувеличения. Если соотнести расстояние, которое проходит ракета к цели, с точностью попадания, то она впечатляет.” (“Готовность - ежесекундная. Беседа с зам. министра обороны СССР”. - *Ленинградская правда,* 1975, 18 ноября, с. 3).

[267] “Прибивал палки к столбу, сошлись тютелька в тютельку”. (Mar Branco)

“Сделал что-то тютелька в тютельку; пришел вовремя, тютелька в тютельку; одёжа пришлась по росту тютелька в тютельку”. (Saratov)

“Платье прямо тютелька в тютельку пришлось; Денег хватило тютелька в тютельку”. (Penza)

[268] “Вышло все из тютельки в тютельку”. (СРНГ XII, 84).

[269] “Вот у меня было три дочки, работали усе, и не хватает только тютинка у тютинку”. (КСКНГ).

Pero, a pesar disto, está próximo pola súa estructura e pola súa semántica a *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* ‘exactamente’. É significativo que na fala popular se conservara a forma inicial, sen sufixos da expresión *тютя в тютю* ‘exactamente’:

> Agardaremos no autobús, non podemos chegar *xusto* a tempo[270] (distrito de Volghov da comarca de Leningrado, anotado por I. A. Popov).

Estes exemplos amosan unha estreita relación semántica e estructural das formas *тютелька* ‘golpiño, machadaciño’ e *тютя* ‘golpe’. Sen embargo, a súa asociación pola directa liña etimolóxica é algo complicada a causa das regras de formación de palabras. A maioría dos derivados con *-елька* ‘-iña’ teñen na base unha *-л-*:

земля – земелька	‘terra - terriña’
конопля – конопелька	‘cánabo - canabiño’
кровля – кровелька	‘tellado - telladiño’
капля – капелька	‘pinga - pinguiña’
цапля – цапелька	‘garza real – garciña real’

En consecuencia, conforme a este modelo de formación de palabras, *тютелька* debe remontarse non a *тютя*, senón a **тю́тля*. Nembargantes, ningunha fonte dialectal fixa esta palabra.

A explica-la “ilexitimidade” da formación *тютя→тютелька* axúdanos a palabra *у́телька* ‘alguén ou algo (un cacho ou unha cousa enteira) moi cativo’, xa esquecida pero outrora moi activa na fala popular rusa, que foi anotada por V. I. Dal no contexto fraseolóxico *ни у́тельки не дам non darei nin un cacho cativo* ‘non darei nada’. Esta palabra empregábase sen negación (por exemplo, nas falas provinciais de Moscova) designando algo pequeno, insignificante:

> Dáme ti *un pouco*.[271] (Опыт, 1852).

Eran amplamente empregados outros moitos derivados da palabra *утелька/у́тилька*:

(Valdai) *у́тельно*	‘un pouquiño’
(Vólogda, Simbirsk, Moscova-Ruzsk) *у́тельный* (compárese «*Утельную рюмочку выпила, с наперсточек!*»[272])	‘pequeno, minúsculo, mínimo’
(Simbirsk, Tambov) *у́тельный* (compárese «Утельный сынок был, и тот помер; Утельный кусочек съел»[273])	‘único, só un’

[270] “Подождем в автобусе, тютя в тютю не успеешь”.
Debe ser que chegan antes de tempo e logo agardan.
[271] “Дай ты мне хоть у́тильку”.
[272] “Tomei unha co*piña*, coma un dedal”.
[273] “Tiña un único fillo e morreume. Comeu un anaqu*iño*”.

(Moscova)*ýтильнишный*	‘o máis pequeno, minúsculo’
ýтеличный	‘minúsculo’
etc.	

V. I. Dal relaciona a palabra *ýтельный* con *тóлочный* (do verbo *толóчь* ‘triturar’), pero probablemente pola súa fonética e pola súa semántica é comparable a *утлый* ‘decrépito, vello, furado’, que ten, como vimos ó analiza-lo adverbio, unha orixe eslava común.

A palabra *ýтелька* (**út**el**ka**) ‘alguén ou algo (un cacho ou unha cousa enteira) moi cativo’, polo visto, mesturouse na fala dialectal con *тю́тя*, *тю́тинка* (tiutia, ti**út**in**ka**) ‘golpe’. Esta contaminación, que reforzou o acento “diminutivo” da expresión inicial e aumentou a expresividade da locución *тютя в тютю* ‘exactamente’ e *тютинка в тютинку* ‘xusto, exactamente’, levou ó esquecemento da palabra *ýтелька* no uso independente. Ó pasar da fala dialectal e vulgar á lingua literaria, a expresión *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* ‘exactamente’ fíxose un dos símbolos máis chamativos e xeneralizados da máxima exactitude.

2.9. ¿*Kixa kimxit* ou *kixmia kixit*? ¿*Киша кимшит* ou *кишмя кишит*?

A relación entre a construcción sintáctica da expresión e a súa semántica pode ser aínda máis ríxida. A miúdo a causa máis importante de que o conxunto da expresión non se entenda é o tipo de construcción. O proceso polo que a lingua adapta a construcción provoca que a imaxe inicial escureza. Na lingua rusa teñen un carácter específico os xiros reduplicados

сиднем сидеть	*sentar coma un sentador* ‘permanecer sentado moito tempo’
ходуном ходить	*andar coma un andador* ‘vibrar moito’
поедом есть	*comer comendo* ‘facerlle a vida imposible a alguén’

Estes pasan a ser fraseoloxismos só debido a este carácter dobre que satura cunha expresividade nova e fresca a base primitiva [274].

[274] En galego os sistemas máis usados para esta mesma función son dous. O primeiro consiste en substantiviza-lo verbo e repetilo antepoñéndolle o número bíblico *sete: come-los sete comeres* significa ‘comer moitísimo ou estar comendo durante moitísimo tempo’. *Agarda-los sete agardares* é ‘agardar durante moitísimo tempo’. Da mesma serie óense frecuentemente *chora-los sete chorares, chove-los sete choveres, fala-los sete falares, ferver sete ferveres, maquina-los sete maquinares, porfia-los sete porfiares, revolve-los sete revolveres, sua-los sete suares.* O segundo sistema é repeti-lo verbo antepoñéndolle a conxunción *que*: *anda que anda, canta*

A estas expresións pertence un dos enigmas da nosa lingua *кишмя кишит está bulindo buliciosamente* ‘hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso’.

A palabra suxire a representación visible dunha acumulación rebuldeira e confusa de insectos ou doutros animais pequenos. Isto é o que fan as formigas no formigueiro, os mosquitos, as moscas ou as abellas que se xuntan nun enxame ou os vermes nunha morea de esterco. Esta imaxe visual saturada de expresividade é o centro do significado figurado das expresións co verbo *кишеть* ‘bulir’:

так и кишат	*realmente están bulindo* ‘dise dunha multitude excepcional de animais’
кишмя кишит	*está bulindo buliciosamente* ‘dise dunha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso’

A dici-la verdade, os fraseoloxismos só reforzan o significado figurado do mesmo verbo sen engadirlle unha nova semántica.

E os fraseoloxismos e mailo verbo expresivo *кишеть* ‘bulir’ soen caracterizar, como notan os diccionarios, un rebumbio de animais ou de persoas. Son raros os casos en que o desenvolvemento do significado figurado pode levar a unha ampliación do seu emprego. Así no poema de Serguei Orlov “Os sete días da creación” este xiro combínase coa palabra ‘vida’:

> Os pangolíns picaban nas nubes,
> Os ceos *bulían buliciosamente* [estaban cheos] de vida,
> Os relampos rompían nas brancas pendentes escarpadas
> E corrían coma o lume polos montes abaixo.
> (S. Orlov, *Memorias dos contemporáneos*. L., 1980, páx. 317)[275]

Aínda máis abstracta se fai a semántica do verbo *кишеть* ‘bulir’ no artigo “Problemas de skaz na poética”[276], escrito por V. V. Vinográdov nos anos 20, onde o verbo está empregado respecto ós elementos da fala popular:

> “Memorias dun tolo” de Gogol, “Diario dunha persoa que está de máis” de Turguénev, “Diario do maiordomo” de Gorbunov, “Sen camiño” de Veresaev... *están cheos* deles. Pero no se converten en skaz a causa diso (citado por Fala rusa, 1974, n.6, páx. 38)[277].

A expresión *кишмя кишит está bulindo buliciosamente* ‘dise dunha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso’ debido á súa tautoloxía posúe unha

---

que canta, espera que espera (estar) bate que bate, (estar) dálle que dálle.

[275] “Ящеры пикировали в тучах, /В небесах кишмя кишела жизнь, /Молнии ломались в белых кручах /И огнем с холмов стекали вниз.” (С. Орлов. *Воспоминания современников*. Л., 1980, с.317)

[276] “Проблемы сказа в поэтике”. O *skaz* é un conto popular estilizado, obra de escritores, polo tanto, ou de contadores de especial habelencia.

[277] “Записки сумашедшего” Гоголя, “Дневник лишнего человека” Тургенева, “Дневник дворецкого” Горбунова, “Без дороги” Вересаева, “Сентиментальная история” Шкловского... кишат ими. Но от этого в сказ не превращаются”. (цит. по: *Русская речь*, 1974, N6, с. 38)

expresividade dunha forza excepcional e percíbese como non motivada. Lev Kassil xoga con moita precisión con esta peculiaridade en *Caderno de presencia e Xvambrania*[278]:

> Os'ka dunha vez ata lle preguntou ó pobre ouriveiro, o mestre do vertedeiro Levontii Abramkin:
>
> —¿É certo o que din de que sobre vostede *están bulindo buliciosamente*... non, está bulindo, pois, é dicir, as escarlatinas gabean por vostede?
>
> —Pois, Levontii sentiuse ofendido, ¿que escarlatinas?... Non é nada especial, son uns simples piollos... e as escarlatinas —"escarlapendria" é un insecto, un tipo de serpe. Vive nas tripas.
>
> —¿Entón a vostede *estalle bulindo* nas tripas? ¿Non?[279]

A posibilidade desta calembúrica "dilución da forma" está condicionada pola percepción obxectiva da expresión enteira *кишмя кишит está bulindo buliciosamente* que se di dunha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso.

Xa a mesma estructura tautolóxica típica das expresións da fala vulgar e folclóricas suxire que a expresión *кишмя кишит está bulindo buliciosamente* 'dise dunha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso' é orixinal rusa. E realmente as súas orixes están na fala popular rusa.

Nos dialectos as variacións desta expresión parecen mesmo máis caprichosas e diversas ca no calembur de L. Kassil. A gran maioría das ilustracións dialectais destas variantes caracteriza unha multitude de insectos, vermes, serpes ou peixes:

> As moscas *están bulindo buliciosamente* como se cheiraran o mel.[280](Irkutsk)
>
> Aquí está *bulindo un bulicio* de serpes, ¡que asco![281] (Omsk)
>
> Hai un montón de vermes —*están bulindo buliciosamente* entre as coles[282] (Smolensk)
>
> Imos pescar á enseada, alí o peixe *está bulindo buliciosamente*[283] (Vorónej)
>
> ¡E hai tanta multitude de peixes aí que así *está bulindo buliciosamente*![284] (Kostroma)

---

[278] *Кондуит и Швамбрания.*

[279] "Оська однажды спросил даже нищего золотаря, помойных дел мастера Левонтия Абрамкина:
- А правда, говорят, на вас киша-кишмят... нет кимшат, ну, то есть лазают скарлатинки?
- Ну, - обиделся Левонтий, - какие там скарлатинки?.. Это просто так, обыкновенные воши... А скарлатины - скарланпендря есть, так то засекомая, вроде змеи. В кишках существует.
- А у вас, значит, - обрадовался Оська, - скарлапендра в кишках кишмит? Да?".
Temos aquí presente un xogo de palabras debido á semellanza fonética de *кишки* (*kixki)* 'tripas'e *кишмя кишит* (*kixmia kixit*) *está bulindo buliciosamente* 'hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso'. Notemos tamén que o neno confunde as letras do xiro, pronunciándoo dunha maneira errónea.

[280] "Мухи кишом кишат, словно мед снюхали".

[281] "Здесь киш кишел змеев, ой тошно!".

[282] "Червей большая сила - кишма кишат в капусте".

[283] "Пойдем ловить рыбу в затон, там рыба кишмя кишуется".

[284] "А рыбы плавает там такое множество, что так кишинём и кишит".

> Os peixes pequenos *están bulindo buliciosamente* (Pskov)[285].

Moitas veces caracterizan as persoas, por exemplo nas falas provinciais de Ob':

> ¿E que? Son seis nenos *están bulindo buliciosamente*. É difícil coidar seis persoas. Alí agrúpase toda a xente. *Está bulindo buliciosamente* dende a mañá ata a noite.[286] (materiais de Dal, СРНГ).

O material dialectal permite concreta-la semántica da expresión e, ó mesmo tempo, establece-lo estatuto gramatical da palabra кишмя 'buliciosamente'[287] que forma parte dela.

A primeira vista a palabra кишмя 'buliciosamente' parece se-lo xerundio do verbo кишеть 'bulir'. Algúns investigadores inclúen as tautoloxías análogas

ревма (ревмя) реветь	*berra a berros* 'berra os sete berrares'
лежма (лежмя) лежит	*está deitado nas súas costas* 'está encamado, na cama'
ливмя льёт	*está fluíndo a fluxos* 'chove os sete choveres'

nas expresións con participios arcaicos que pasaron a ser xerundios do tipo

сложа руки	*coas mans cruzadas* 'sen facer nada'
высуня язык	*coa lingua sacada fóra* 'coa lingua fóra'

(Попов, 1976: 116).

Pero a fala viva popular rusa impide a inclusión desta forma entre os arcaísmos porque ten un emprego excepcional nos nosos tempos:

(Arghánguelsk) *бежмá бежать*	*correr correndo* 'moquear moito'
жирьмя́ жить	*vivir vivindo (ou vivir coa graxa*[288]*)*'vivir con toda clase de comodidades'
летьмя́ лететь	*voar voando* 'trasladarse a unha velocidade moi alta, moi rápido'
(Perm') *висьмя висеть*	*estar colgado colgándose* 'moitísimo (sobre o pao de san Gregorio, as grosellas, etc.)'

[285] "Мелкой рыбы кишмя кишит".

[286] "Чё же! Их [детей] шесть человек, киш кишат. Трудно шесть человек ростить; Лобыгает [толпится] там весь народ. Киш кишает с утра до ночи.".

[287] A palabra *кишмя* úsase só na combinación fixa, *кишмя кишит* (mentres que o segundo compoñente do xiro, *кишит*, pode utilizarse independentemente, conxugándose coma calquera outro verbo).

[288] Aquí hai outro xogo de palabras baseado na semellanza fonética do verbo *жить* 'vivir' e do substantivo *жир* '*graxa*'. Entón, a palabra *жирьмя* pode ser percibida como procedente de calquera destas dúas palabras.

но́ймя ныть	*choricar choricando* ‘impar ou ter caprichos sempre’
(Don) *гудеть гудьма́ (гудма́)*	*resoar resoando* ‘xemer, chorar, berrar moito tempo’
(Riazan’) *кричма кричать*	*gritar a gritos* ‘berrar en voz moi alta’
прыгма́ пры́гать	*saltar saltando* ‘correr dando saltos’
съесть съедма́	*comer comendo* ‘facerlle a vida imposible a alguén torturándoo con constantes reproches, rifas, palabras malsoantes’.

En tódolos casos análogos as formas con *-мя/ма*, como en *кишмя* ‘buliciosamente’, teñen o mesmo tipo de semántica: reforzan, intensifican a valoración da acción que está expresada pola forma finita do verbo correspondente. Como vemos, están absolutamente desprovistas da función básica do xerundio como forma verbal na frase, non expresan a relación da acción designada por elas respecto ó tempo da acción do verbo-predicado. Isto é un argumento a favor de que as formas con *-мя/ма* nas expresións tautolóxicas son formas adverbiais. A esta conclusión chegan os investigadores que manexan abundantes datos das linguas eslavas (Соколова, 1974; Черепанова, 1973). Os autores do *Breve diccionario da lingua rusa* N. M. Xanski, V. V. Ivanov, T. V. Xanskaia tamén consideran que a palabra *кишмя* ‘buliciosamente’ é unha formación sufixal, así como as análogas *ревмя* ‘a berros’, *ливмя* ‘a fluxos’ (ШШШ, 196).

Polo visto, este tipo de adverbios é moi antigo e independente, pero o desenvolvemento posterior do significado adverbial dos xerundios favorecía a activación deste modelo. A variación activa da palabra *кишмя* ‘buliciosamente’ nas formas dialectais (*кишá, киш, кыш, кишинём, кишмой, ки́шми, кишнём, кишóм* ‘buliciosamente’) é unha proba contundente a favor de que é adverbio e non xerundio. Semellantes series de formación de adverbios son típicas para outras expresións dialectais deste tipo:

лежмя лежат	*estar deitado deitadamente* ‘estar moi enfermo ou moi cansado, sen levantarse nin moverse’
леж лежать	*estar deitado deitadamente* ‘estar moi enfermo ou moi cansado, sen levantarse nin moverse’
лежни лежать	*estar deitado deitadamente* ‘estar moi enfermo ou moi cansado, sen levantarse nin moverse’
лежачью лежать	*estar deitado deitadamente* ‘estar moi enfermo ou moi cansado, sen

levantarse nin moverse’

дрожмя дрожать *tremer tremendo* ‘tremer moito’

дрожма дрожать *tremer tremendo* ‘tremer moito’

дрожми дрожать *tremer tremendo* ‘tremer moito’

дрож дрожать *tremer tremendo* ‘tremer moito’

дрожа дрожать *tremer tremendo* ‘tremer moito’

дрожни дрожать *tremer tremendo* ‘tremer moito’

etc.

A cuestión da categoría da forma inicial *кишмя* ‘buliciosamente’, como vemos, ten unha solución ben doada. Resulta moito máis complicado resolve-lo problema do significado orixinal do verbo *кишеть* e dos fraseoloxismos formados a partir del. Os diccionarios etimolóxicos, empezando polos diccionarios de N. V. Goriáev (Горяев, 1896) e de A. G. Preobrajenski (Пр., 1910-1914), relacionan este verbo co lituano *kušė́ti*, letono *kustêt*, *kusêt*, *kušât* ‘circular, moverse, arrancar’. Esta correspondencia conta coa aprobación unánime de tódolos etimólogos contamporáneos (Фасмер II: 242). A primeira vista, a etimoloxía dada, parece corresponder ó sentido literal e ó figurado do verbo *кишеть* ‘bulir’ e dos fraseoloxismos formados a partir del. Neste caso o significado inicial da expresión *кишмя кишеть bulir buliciosamente* é ‘axitarse, moverse con intensidade’.

Pero hai dúas circunstancias que crean algunhas dúbidas sobre a etimoloxía tradicional desta palabra. En primeiro lugar, as rusas *кишеть* ‘bulir’ e *кишмя кишеть bulir buliciosamente* designan un movemento con características moi especiais, un movemento confuso, o zunzún dos insectos pequenos. Con iso este significado na maior parte resulta unha reconstrucción semántica porque, como amosa o emprego do verbo e das expresións que o conteñen, o acento principal cae sobre a multitude dos seres vivos que se moven e non sobre o seu movemento no espacio. As “correspondencias” lituanas e letonas non espellan esta especialización semántica. Por iso, non é casual que a expresión *кишмя кишит bulir buliciosamente* ‘hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso’ se transmita ó letón por medio dunha tautoloxía, pero con axuda de verbos totalmente diferentes especializados en transmiti-la semántica do “rebulicio”:

čumēt čum *amontoarse amontoando*

mudžēt mudž *tremer tremendo*

ņudzēt ņudz *tremer tremendo*

Polo tanto, a relación semántica entre as palabras bálticas e rusas ten moitos intermediarios.

En segundo lugar, fainos dubida-la difusión tan reducida do verbo *кишеть* ‘bulir’ xunto cos paralelismos bálticos entre as linguas eslavas supostos polos etimólogos: só é coñecido en bielorruso (*кішаць* ‘bulir’) e en ucraíno (*кишíти* ‘bulir’) e a tautoloxía só é

coñecida en bielorruso (*кі́шма кі́шэць está bulindo buliciosamente* 'hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso'). Tendo en conta a ampla representación da palabra nas falas populares rusas e a actividade dos respectivos verbos co significado 'axitarse, moverse, arrancar' en lituano e letón, debiamos esperar que esta raíz fose coñecida por outros eslavos. Nembargantes, non hai derivados coa mesma semántica nas linguas eslavas occidentais e meridionais.

E aquí xorde a seguinte cuestión: ¿está relacionado o verbo *кишеть* 'bulir'con algunha outra raíz máis amplamente coñecida nas linguas eslavas?

A resposta pode ser, segundo parece, remontar este verbo e os seus derivados á raíz **kys* (compárese coas rusas *кислый* 'agre', *киснуть* 'agrearse') que é preeslava (Kopečný, 1981: 173). Esta relación é moi lóxica no aspecto fonético e no plano da formación das palabras: a alternancia *s/š* para esta raíz en todo o territorio de Eslavia (sobre todo incluíndo os dialectalismos) é moi activa:

polaca dialectal *kiszyć się*	'acedar'
checa dialectal (Moravia) *kýščit sa*	'acedar'
(Laxia) *kiščyć śe*	'acedar'
eslovaca dialectal *kýšit', kyškat'*	'calla-lo leite'
serbo-croata *ки́шити, ки́шети*	'chover'
(dialectal) *ки́шати*	'abrandar, amolecer'
раскишати се	'mollarse, humedecerse' (compárese coa rusa раскиснуть)
накишњковат	'estar un pouco agre'

Ademais dos verbos mencionados, nese vasto territorio están representados outros derivados da mesma raíz. En primeiro lugar, os substantivos **kyša (*kýša)* e o seu diminutivo **kyška (*kýška)* coñecidos con distintos significados:

en ruso (Sarátov) *ки́ша*	'fermento' (compárese tamén coa tan divulgada nas falas provinciais rusas *простоки́ша* 'leite callado')
polaca (Silecia) *kiszka*	'leite callado'
checa dialectal (Moravia) *kýška*	'leite callado'
eslovaca *kyša, kýška*	'leite callado'
serbo-croata *кѝша*	'choiva' (dende o século XVII)
búlgara *ки́ша*	'mal tempo, tempo chuvioso', 'humidade'

A relación semántica da serbo-croata *кѝша* ‘choiva’ e da búlgara *ки́ша* ‘mal tempo, tempo chuvioso’ coa raíz **kys-* está perfectamente xustificada pola lóxica asociación dos procesos de fermentación, levedación e acedación coa humidade, co humedecemento. Asociación que demostraron de maneira contundente os etimólogos das linguas eslavas meridionais (С. Младленов, П. Скок). É fácil atopar exemplos de semellante desenvolvemento semántico nos dialectos eslavos orientais e occidentais:

(Pskov) *кислота*	*acidez* ‘lama, auganeve’
(Vólogda) *ки́слый*	*acedo* ‘mollado’
(Siberia) *ки́слая вод*	*auga aceda* ‘enchente primaveral’
(Arghanghelsk) *погода ки́сла*	*o tempo é acedo* ‘sobre a lama e o lodo’
(Smolensk) *погода кислится*	*o tempo vai acedándose* ‘vai empeorando o tempo’
polaca dialectal *kisioty*	*acidez* ‘choiva, lama e lodo’.

Entre a serie dos derivados de raíz verbal **kys-* con outro grao de vocalismo está amplamente representada a alteración s/š: *квас, квасить*:

ква́ша	‘algo fermentado, unha solución fermentada’
ква́шение	‘fermentación’
квашени́на	‘algo fermentado’
ква́шеный	‘fermentado’
квашня	‘maseira’
квашо́нка	‘leite callado’

e moitos outros.

Os verbos preeslavos **kysnoti* ‘agrearse’, **kysati* ‘mollarse’, **kysěti* ‘humedecer’ corresponden ó letón *kûsût* ‘ferver’, *kūsuls* ‘fonte, manancial’, ó lituano *kaužóti* ‘agrearse, fermentar’ e **kvasiti* e ó indio antigo *kváthati* ‘ferve, coce’. Estas correspondencias confirman a opinión dalgúns etimólogos (V. Machek) de que os verbos mencionados son derivados (os chamados intensivos co sufixo -s) de **kypěti*, **kypnǫti* ‘ferver’.

Desta maneira se a suposta comparación do verbo *кишеть* ‘bulir’ con **kysnoti* ‘acedar, callar’ e **kypěti* ‘ferver’ é correcta entón a motivación inicial da expresión *кишмя кишит estar bulindo buliciosamente* ‘dise dunha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso’ é ‘fermenta con intensidade, gurgulla no proceso de fermentación, ferve os sete ferveres’. A relación desta expresión coa raíz *кис-* está confirmada sobre todo pola existencia de expresións tautolóxicas dialectais (de Pskov)

кисá кисóй acedar acedamente ‘da multitude de serpes’ e *ки́с ки́сом acedar acedamente* ‘da gran cantidade de mazás’:

> E agora non hai un sitio onde non haxa réptiles, hai moitos na auga, nos lugares pantanosos, *están bulindo buliciosamente* [hai moitos].[289] (distrito de Velikie Luki, КПОС)
>
> As mazás no meu xardín *están bulindo buliciosamente* [hai moitas].[290] (distrito Toropetski, КПОС).

Como vemos, son análogas pola estructura e pola semántica a *кишмя кишеть* (compárese *киш кишел, кыш кышать* etc.) *estar bulindo buliciosamente* ‘dunha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso’. O verbo *киснуть* ‘acedarse’ nas falas provinciais tamén se emprega moi a miúdo nas comparacións que subliñan o aumento de volume ou un crecemento desmesurado:

(Siberia) *как на опаре киснуть*	*acedarse coma cunha levadura* ‘engordar, engrosar’
(Perm’, Irkutsk, Krasnoiarsk)	‘medrar rápido, desmesuradamente’.

O argumento máis contundente a favor da interpretación proposta é unha serie de expresións formadas segundo o modelo ‘fervor, ebulición do líquido’→‘gran cantidade’.

Do antigo verbo *варить* ‘cocer’ (compárese co antigo eslavo *вьрѣти* ‘ferver’) están formados:

(Riazan’) *ва́рьма варит, ва́рма варит*	*coce cocendo* ‘hai moitos que se moven dunha maneira confusa’
(Nóvgorod) *ва́рьма ва́рит*	*coce cocendo* ‘hai moitos que se moven dunha maneira confusa’
ва́рью варит (Pskov, Tver’)	*coce cocendo* ‘dise da gran cantidade de persoas’

Con máis frecuencia predomina o último significado en tales fraseoloxismos:

> Sempre teñen nenos que *bulen buliciosamente* [teñen moitos].[291] (Riazan’).

Esta expresión, gracias a L. N. Tolstoi, pasou a ser patrimonio da lingua literaria:

> O galgo corredor chiaba e a súa voz oíase cada vez máis a miúdo; e a esta uníuselle outra de baixo, despois unha terceira, unha cuarta... Estas voces, ora calaban, ora interrumpíanse unhas ás outras. Os sons pouco e pouco chegaban a ser máis fortes e continuos e, finalmente, uníronse nun murmurio sonoro e vibrante. A illa era estrepitosa, e os galgos corredores *cocían cocendo*.[292]

---

[289] “А сейчас где толька га́дов ни натка́лось [набилось], их в плаву́, на плави́нах [в болотистых местах] много, кися́ кисо́й.”.

[290] “У меня́ в саду́ я́блоки кис ки́сам висят.”

[291] “Детей у них всегда варьма́ ва́рить.”

[292] “Гончая взвизгивала и голос ее слышался чаще и чаще; к нему присоединился другой, басистый голос,

Compárese tamén (Don) *ва́ром кипит ferve cocendo* empregado por M. Xologhov: «Bota restos do gran ó chan ... e ós seus pés as galiñas ferven cocendo»[293] (СДГ, II); e *ва́ром варят cocen cocendo* 'perseguen e ladran con harmonía e con celo (dos galgos corredores)' (Даль, I). É significativo que as tautoloxías tamén se empreguen nas falas dialectais para caracteriza-la intensidade da acción expresada polo significado literal deste verbo:

(Riazan') *ва́рма варит*	*coce cocendo* 'vai moita calor, unha calor asfixiante'
(Briansk) *варить вар*	*coce-la cocción* 'ferver auga'

Nas falas provinciais (de Riazan') o verbo *варить* 'cocer' pode empregarse en sentido figurado 'moverse confusas en distintas direccións, axitarse (dise de persoas)'.V. I. Dal caracterizaba este verbo (sen indica-lo lugar) da seguinte maneira: «(Dise dunha multitude ou grupo que se move) axitarse, moverse en masa, rebulir» (Даль I, 165).

Os substantivos formados a partir deste verbo tamén desenvolven o significado figurado de: *вар* 'multitude, pelexa', *киша*[294] 'apertamento causado pola aglomeración de xente', (Riazan', Tambov) *варь* 'aglomeración, multitude, morea, montón' (Даль I, 165-166). Semellante semántica consérvase nos derivados do verbo **variti/*vrěti* tamén noutras linguas eslavas, por exemplo, na serbo-croata *врѐвети* 'agruparse, aglomerarse'.

O significado figurado do verbo *кипеть* 'ferver' segue a mesma vía de desenvolvemento. Este significado foi fixado na lingua literaria por Puxkin:

> GrÍgori.- Soñaba que unha escaleira empinada
> Me levaba á torre; dende o alto
> Víase Moscova coma un formigueiro,
> Abaixo na praza a xente *estaba fervendo* [había unha aglomeración]
> E sinalaba co dedo cara a min rindo
> (*Boris Godunov*)[295]

É significativo que Puxkin una aquí dous empregos semánticos característicos do verbo *кишеть* 'bulir': 'da gran cantidade de insectos ou animais pequenos' e 'da gran cantidade de xente'. Compárese semellante sincretismo nas falas provinciais contemporáneas de Perm':

> Os xitanos abren a súa carpa e xa hai alí tantos nenos *fervendo* coma mosquitos.[296]
> (materiais de K. N. Prokóxeva)

Na lingua literaria están divulgados os seguintes usos:

потом третий, четвертый... Голоса эти то замолкали, то перебивали друг друга. Звуки постепенно становились сильнее и непрерывнее и, наконец, слились в один звонкий заливистый гул. Остров был голосистый, и гончие варили варом." (*Детство*).

[293] "Сыплет под озаюки... а под ногами у него варом кипят куры".

[294] Ver arriba.

[295] "Григорий: ...Мне снилося, что лестница крутая /Меня вела на башню; с высоты /Мне виделась Москва, что муравейник, /Внизу народ на площади кипел /И на меня указывал со смехом.".(Борис Годунов).

[296] "Открывают цыгане свой шатёр, дак уж кипит робят-то, как комаров.".

> ¡Cantos peixes *fervían* nel [no río]![297] (S. Aksákov)
>
> O camiño *está fervendo* de xente[298] (N. V. Gogol)
>
> As rúas *están fervendo* de xente[299] (M. E. Saltikov-Xedrín).

Nas falas dialectais contemporáneas, por exemplo, nas de Riazan', tamén se usan con este significado:

> Non hai comida ningunha para elas [as vacas], voan as moscas, entran e abarrotan aquilo, berran e berran, cambia agora mesmo, e antes da choiva *ferven* coma unha nube.
>
> Temos aquí catro grupos de alumnos *fervendo* no mesmo colexio.
>
> Nalgúns cogomelos *están fervendo* moitísimos vermes, e cando sequen non atoparás verme ningún, todos marcharán (ДС, 221).[300]

É característica a correlación do uso, que Puxkin fai da palabra, co fixado no conxuro dun curandeiro:

> Así como as formigas *ferven*, que se multiplique e se reúna todo o gando no patio da miña casa (Журавлев, 1982: 7)[301].

O verbo **kypěti* pode desenvolver significados análogos noutras linguas eslavas, por exemplo, na serbo-croata *ки́пети*, *кѝптети* significa precisamente 'moverse confusamente'.

O verbo *кипеть* 'ferver' crea tamén fraseoloxismos tautolóxicos próximos polo seu significado á expresión *кишмя кишит bulir buliciosamente* 'hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso'. A espresión de Pskov *кипь кипела o fervor fervía* caracteriza unha gran cantidade de xente durante o alboroto dunha festa:

> E san Froilán era unha festa parroquial: *o fervor fervía*, con bailes, pelexas e xente que viña de tódalas aldeas.[302] (КПОС).

A do Mar Branco *кипо́м кипит ferve fervendo* fala do movemento en masa do peixe (habitualmente do arenque ou eperlano que xoga na superficie da auga). A de Riazan' *кипеть кипнём ferver fervendo* caracteriza un movemento confuso, a axitación, o trafego:

> Méteste no pantano e *ferven fervendo* as moscas.
>
> ¡Como pode ela vivir tranquila! Son eles, os nenos, *férvenlle*, alí está todo *fervendo*

---

[297] "Сколько рыбы кипело в ней [реке]!".
[298] "Дорога... кипела народом".
[299] "Улицы... кипят народом".
[300] "Еды им [коровам] нету никакой, мошкара́, набью́тся, тка́ють и тка́ють, щас поме́няй, а перед до́жжём кипять, причем как ту́ча;
У нас тут четыре класса в одно́й школе кипя́ть;
Да в ино́м [грибе] чярве́й-то агря́бная кипи́ть, а вы́сохнеть - в нём чярева́ не найдешь, всё в де́ла пойду́ть". (*ДС, 221*).
[301] "Как мураши кипят, так бы у меня на дворе скотина вся скопилась и плодилась". (Журавлев 1982, 7).
[302] "А Фрол был престольный празник, кипь кипела: и пляски и драки, со всех деревёнь пойдут.".

con fervor.[303] (ДС).

A favor da etimoloxía proposta podiamos aludir á actividade da asociación semántica da multitude co líquido:

dialectal *ливмя лить*	*fluír fluíndo*
(Vorónej) *литкóм лить*	*fluír fluíndo*
(Vorónej) *ливной лить*	*fluír fluíndo*
(Novosibirsk) *целая течка кого*	*toda unha corrente (de persoas)*
(Pskov) *как водóй нáлито*	*coma se estivese cheo de auga*
(Pskov) *что водóй налúвши*	*coma se estivese cheo de auga*
(Pskov) *как воды́*	*coma auga*
(Pskov) *водóй (дождём) не смочить*	*non se pode mollar coa auga (coa chuvia)*

etc.

(Ивашко, 1981: 47).

Esta asociación, segundo parece, está bastante próxima ós cambios semánticos dos verbos *кишеть, варить* e *кипеть* no ruso.

A análise etimolóxica do verbo *кишеть* e dos seus derivados demostra que a idea do movemento confuso, axitación ou bulicio non é a base da expresión *кишмя кишеть bulir buliciosamente* 'hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso'. Este verbo, que parte da raíz eslava **kysnoti*, ó principio caracterizaba o proceso da fermentación activa ou do fervor. O significado literal e figurado refórzase coa reduplicación da base do verbo que é típica da fala popular rusa. A repetición, que crea un peculiar debuxo sonoro da expresión, e o carácter enigmático da esquecida imaxe inicial saturan esta locución cunha expresividade fraseolóxica peculiar.

2.10. ¿Encadernación ou pesqueira?

Cando falamos do incomprensible na fraseoloxía, tendemos a considerar incomprensible ou ben o significado ou a forma da palabra que compón a expresión, ou ben a insólita construcción sintáctica. É pouco probable que os rusos consideren incomprensibles, por exemplo, as palabras *козел* 'cabrón', *арестант* 'arrestado, preso', *ходун* 'a parte motriz do fol da forxa', ou *кочерга* 'atizadoiro' que forman o núcleo significativo das expresións:

забить козла	*matar a golpes o cabrón* 'xogar

[303] "В болóту залезешь - кипит кипнём мошкара-то; Где анá спакóйно живёть! Все онú, рябята, у неё кипя́т... всё там кипять кипнём.".

	unha partida de dominó’
наговорить сорок бочек арестантов	*ter dito corenta barrís de presos* ‘dicir moitas mentiras’
ходить ходуном	*andar coma un andador* ‘vibrar, tremer moito’
ни богу свечка, ни черту кочерга	*nin a candea para Deus, nin o atizadoiro para o diaño* ‘dise dun home mediocre que non sobresae en nada’

Pero a súa incomprensibilidade é moi enganosa porque son palabras homónimas que recubriron con outra forma lingüística ou que cambiaron considerablemente o seu significado anterior e, por iso, están afastadas da súa imaxe fraseolóxica primitiva.

No xiro *забить козла matar a golpes o cabrón* ‘xogar unha partida de dominó’ a palabra *козел* é o nome dun xogo moi popular nas aldeas rusas, o xogo das chucas. Ó principio *бить козны* significaba tirar unha chuca contra outra. A sorte de *арестант* na expresión *наговорить сорок бочек арестантов ter falado corenta barrís de presos* ‘dicir moitas mentiras’ é análoga: a palabra *арестант* nas falas populares da Rusia do Norte significa ‘peixe miúdo seco’. Polo tanto, o significado primitivo desta expresión é ‘dicir mentiras sobre unha pesca enorme’.

A palabra *ходун* nos diccionarios defínese como a parte motriz do fol da forxa, a trabe. Entón a súa imaxe primitiva percíbese como a comparación *moverse coma a trabe* ‘bailar como o millo, bailar máis có rabo do can’. O material das falas populares, onde hai moitas expresións coa raíz *ход-* (*ходенём ходить, ходить хóдором, ходом ходить, ходьмá ходить, хóдырем ходить* ‘vibrar, tremer’) convéncenos de que esta palabra non ten aquí nada en común co fol da fragua. Temos diante nosa unha das construccións fraseolóxicas dobres que, como tivémo-la posibilidade de ver ó analizármo-la expresión *кишмя кишит bulir buliciosamente* ‘hai unha masa continua de animais e de persoas en movemento confuso’, son excepcionalmente activas no ruso.

A palabra *кочерга* produce a falsa impresión de ser comprensible na expresión *ни богу свечка, ни черту кочерга nin a candea para Deus, nin o atizadoiro para o diaño* ‘dise dun home mediocre que non sobresae en nada’. Resulta que non significa un bastón de ferro para saca-las brasas do fogar, senón un pao de madeira queimado polos lados que se podía utilizar como tizón para ilumina-la casa. Precisamente este significado, que se confirma polo material dialectal e eslavo (compárese *ни богу свечка, ни черту огáрыш nin a candea para Deus nin o anaco de labra que non se queimou para o diaño* ‘dise dunha persoa mediocre que non sobresae en nada’, onde *огáрыш, огáрок* é ‘o anaco de labra que non se queimou’, ou a polaca *ani bogu świeczki, ni diabłu ożoga nin a candea para Deus, nin a acha de leña queimada no lume para o diaño* ‘dise dunha persoa mediocre que non sobresae en nada’ onde *ożeg* ‘acha de leña queimada no lume’) xustifica a oposición de *свечка* ‘vela’ e *кочерга* ‘atizadoiro’.

A fraseoloxía rusa conserva no seu fondo moitas “incomprensibilidades comprensibles”

e nós reflexionamos raras veces sobre a contradicción do sentido da imaxe que creou tales expresións.

A causa máis frecuente desta contradicción é a polisemia das palabras que forman parte da expresión fixa. ¿Cal dos significados da palabra era o primitivo nestas expresións? ¿Cal é a relación desta expresión coas outras características semánticas da palabra? ¿Como interacciona este significado co sentido dos seus outros veciños no proceso de desenvolvemento do xiro? Este é o conxunto de preguntas que ten que responde-lo fraseólogo nun caso semellante.

A expresión *попасть в переплет encontrarse nunha encadernación* é unha ilustración típica das dificultades mencionadas. O significado xeral deste fraseoloxismo é ben sabido 'verse en apuros, estar nunha situación complicada, difícil, perigosa ou desagradable'. Pero é difícil dicir con qué significado foi empregada ó principio a palabra переплет sen facer ningunha análise especial. As coñecidas recompilacións de V. Maksímov, M. I. Mighelsón e E. A. Vartanián, que explican a proveniencia de moitas expresións rusas, omiten a explicación da expresión *попасть в переплет encontrarse nunha encadernación*.

A única hipótese etimolóxica sobre esta expresión foi feita por A. I. Alperin. Ó refuta-la asociación coa lingua profesional dos encadernadores, que é a que a todos nos vén á cabeza, el parte do testemuño do libro de D. Smirnov Cadros da vida cotiá de Nijni Nóvgorod do século XIX[304] que foi publicado na cidade de Gorki[305] e parece aclarar este fraseoloxismo. Os cargadores de Nijni Nóvgorod chamábanlle *переплет* 'encadernación' ós barrios pobres e ós refuxios nocturnos máis sucios, *Переплетчиковский корпус* 'O Corpo dos encadernadores' no mercado da parte baixa da cidade, onde se podía durmir unha noite ou alugar un curruncho por un prezo mínimo. «Unha expresión especializada de Nijni Nóvgorod», segundo a opinión de D. Smirnov e A. Alperin, ó principio significaba estar na extrema pobreza, vivir nunhas condicións miserables, pouco soportables. Só despois esta expresión adquiriu un uso máis amplo e o significado actual (Альп., 32).

A primeira vista esta suposición pode parecer moi lóxica. Pero a pesar de todo, é difícil explicar cómo unha palabra con distribución restrinxida, *переплет* 'Corpo dos encadernadores', se empezou a empregar tan a miúdo na lingua literaria e por qué acabou significando 'unha acumulación complicada de circunstancias da vida' e non simboliza a extrema pobreza. Antes de propoñer calquera hipótese aludamos ós feitos lingüísticos concretos.

Os diccionarios da lingua rusa, empezando polo *Léxico de Veismann*[306] de 1731, rexistran, polo xeral, catro significados da palabra *переплет*:

1) 'acción de encadernar'

[304] *Картинки нижегородского быта XIX века.*
[305] Gorki é o nome que tiña a cidade de Nizhni Novgorod durante a época soviética. Foille concedido este nome en honor ó escritor M. Gorki que naceu alí.
[306] *Вейсманов Лексикон.*

2) ‘tapa do libro, caderno no que se meten os folios ó encadernar’

3) ‘algo enmarañado, enredado’

4) ‘unha acumulación complicada de circunstancias, unha situación enmarañada, embarazosa’ (este significado é xeralmente fixado por tódolos diccionarios modernos).

¿Cal destes significados era a base da nosa expresión?

Os diccionarios modernos non dubidan en atribuírlle a *переплет* o significado de ‘acumulación de circunstancias’. Pero non é a resposta á pregunta sobre a orixe do fraseoloxismo *попасть в переплет encontrarse nunha encadernación* ‘verse en apuros, estar nunha situación complicada, difícil ou desagradable’. O caso é que este significado é típico da palabra *переплет* xustamente dentro das combinacións fixas:

попасть в переплет	*encontrarse nunha encadernación* ‘encontrarse nunha situación difícil, perigosa ou desagradable’
взять кого-нибудь в переплет	*coller a alguén na encadernación* ‘influír decisivamente sobre alguén’

etc.

Como din os lingüistas, é o significado fraseolóxico. Noutras palabras, este significado é resultado do emprego da palabra *переплет* dentro da expresión e non a causa da formación desta. Está claro que o significado de ‘acumulación complicada de circunstancias’ é figurado. O historiador da fraseoloxía ten que utiliza-lo significado concreto, non metafórico da combinación. O verbo “de acción” *попасть* ‘caer, meterse’ e a relación transparente da palabra *переплет* ‘encadernación’ co verbo concreto *переплести* ‘encadernar, enmarañar’ testemuñan que a combinación *попасть в переплет encontrarse nunha encadernación* tiña este significado metafórico. A nosa meta é atopa-lo significado concreto da palabra *переплет* ‘encadernación’ porque o seu uso figurado levou á formación do fraseoloxismo.

A primeira vista, a formación deste significado figurado era posible só a partir da terceira acepción da palabra *переплет* ‘algo enmarañado, enredado’. Este significado está moi ben espellado na lingua literaria rusa. Velaí algúns dos microcontextos onde se encontra esta palabra segundo os datos do ficheiro do *Gran diccionario da Academia* (БАС):

негустой переплет ветвей (I. S. Turguénev)	“unha maraña de pólas pouco espesa”
черный переплет ветвей (Tolstoi)	“negra maraña de pólas”
странный переплет ветвей (S. N. Sergueev-Tsenski)	“estraña maraña de pólas”

сосновый переплет (A. S. Makarenko) "maraña de piñeiros"

переплет решетки (D. N. Mamin-Sibiriak) "enreixado enmarañado"

переплеты проволоки (F. V. Gkadkov) "marañas de arame"

синие тонкие переплеты теней (A.A. Karaváev) "finas marañas azuis de sombras"

A partir destas ideas concretas sobre as marañas de pólas, arame, sombras, etc., desenvólvese o significado figurado da palabra 'acumulación de circunstancias, de situacións da vida, etc':

> O líder dos mencheviques, Chgheidze, encabezou durante cinco anos a fracción social-demócrata da III Duma. Durante este tempo logrou adquirir unha gran experiencia. Sabía ben cómo hai que andar con rodeos na complicada *maraña* da Duma. (A. Badáev, *Os bolcheviques na Duma Estatal*).
>
> Era hora de que ela marchara para a casa. Nin as medias molladas, nin a longa distancia a asustaban: todo isto era un *enredo* máis da vida (L. Leónov, *Camiño para o océano*)[307].

¿Non é certo que cerca de tales ideas concretas e figuradas quedan aquelas circunstancias e situacións enmarañadas e complicadas que se denominan coa palabra *переплет* 'encadernación' no emprego fraseolóxico?

En realidade, ó caracteriza-la palabra *переплет* 'encadernación' dentro da nosa expresión, os diccionarios subliñan precisamente a complicación, o enredo da situación na que chega a encontrarse unha persoa neses casos:

> unha inquietante e complicada acumulación de circunstancias, unha situación difícil, embarazosa (*Diccionario da lingua rusa* (ТСРЯ))
>
> unha acumulación de circunstancias da vida; unha situación embarazosa (*Gran diccionario da Academia* (БАС))
>
> unha situación difícil e complicada, un enredo (*Diccionario da lingua rusa de*

[307] "Лидер меньшевиков Чхеидзе в течение пяти лет возглавлял социал-демократическую фракцию III Думы. За это время он успел приобрести большой опыт. Он хорошо знал, как следует лавировать в сложном переплете думской обстановки".(*А. Бадаев, Большевики в Государственной Думе*).
Os mencheviques son a fracción minoritaria do partido social-demócrata de Rusia oposta á maioritaria, á dos bolcheviques.
A Duma é o Parlamento ruso.
"Ей пора было домой. Ни мокрые чулки, ни дальность расстояния не пугали ее: все это был только очередной переплет жизни". (Л. Леонов, *Дорога на океан*).

Ojegov (CO)).

Algúns contextos parecen confirmar esta interpretación:

> Serioja dunha situación cotiá e doméstica pasou a un ambiente de xente allea, de duras privacións físicas. Mesmo as persoas adultas, expertas na vida, ó se veren *na encadernación* [unha situación embarazosa] notan que se perturban moitas das súas ideas, que a súa experiencia e coñecemento da xente é insuficiente nas novas condicións, especialmente duras e inhabituais, de vida. (V. Grossman, *Pola verdadeira causa*).
>
> Ó andar pola calorosa e aburrida cidade eu só me dicía: "Ben, querido Pavel Andreevich, estamos *na encadernación* [nunha situación moi difícil]" (A. I. Kuprin, *Como eu era actor*).[308]

Sen embargo, ata nestes contextos, o carácter complicado e enmarañado da situación na que caen os personaxes é unha especie de significado máis xeral do fraseoloxismo 'verse nunha situación perigosa, embarazosa e desagradable'. Esta idea de perigos e desgustos está espellada en múltiples usos da expresión:

> "Unha vez ela [Stexa] *viuse nunha encadernación* [situación tan difícil] estando en plena batalla, que parecía que non había saída e a morte era inevitable. A terra estalaba cara ó ceo en remuíños negros (F. V. Gladkov, *A felicidade de Malaxa*).
>
> Nikolai ten agora grandes preocupacións... O tío viuse *viuse nunha encadernación* [situación tan difícil] que pouco lle faltou para pedir que lle acudisen (A. P. Chéghov, *Carta de N. A. Leikin*, 8 de novembro de 1888).
>
> —¿Pero onde atopo traballo? hai moitos mozos fortes e sans que o buscan.
>
> —¿A quen lle bota a culpa ó *verse nesta encadernación* [situación tan difícil]? ¿A vostede, á sorte, ó Estado?
>
> —A min, —contestou James...". (Pravda, 1977, 4 de xaneiro). [309]

Este significado básico sae claramente nas variantes do fraseoloxismo nas que se realiza a substitución léxica do verbo:

> —Ei —Kochubei xirou varias veces a cabeza— entendo a este Plagha, pero ¿como *se viron* os comisarios *nesta encadernación* [situación tan difícil], eh? (A. A. Perventsev, *Kochubei*).

---

[308] "Сережа из привычных, домашних условий попал в среду чужих людей, в обстановку жестоких физических лишений. Даже взрослые, житейски опытные люди, попадая в тяжелый переплет, замечают, как нарушаются многие их представления, как недостаточен их опыт жизни и знание людей в новых, особо суровых и необычных условиях". (В. Гроссман, *За правое дело*). "Бродя по жаркому, скучному городу, я только говорил самому себе: "Да-с, дорогой Павел Андреевич, попали мы с вами в переплет". (А. И. Куприн, *Как я был актером*).

[309] "Однажды она [Стеша] попала в такой переплет в разгар боя, что выхода, казалось, никакого уже нет и гибель неотвратима. Земля взрывалась к небу черными смерчами". (Ф. В. Гладков, *Малашино счастье*); "У Николая теперь страшные хлопоты... Малый попал в такой переплет, что хоть караул кричи". (А. П. Чехов, *Письмо Н. А. Лейкину*, 8 ноября 1888);
"- Но где я найду работу? И без меня вон сколько желающих - крепких и здоровых парней. - Кого вы вините, попав в такой переплет? Себя, судьбу, государство? - Себя, - ответил Джеймс...". (*Правда,* 1977, 4 января).

> ¿Pero a quen procesaron durante este xuízo? —A Zelenko e a Meranville, o seu "administrador de pago", que intentaban *meter na encadernación* [involucrar] os irmáns Popov. (Novoe Vremia, 1984, n.4).
>
> Pero, amigo, onte pola noite *metinme nunha encadernación* [situación tan difícil] cerca do estanque, que fuxín e salveime por pouco, (gravación dialectal da comarca de Pskov).[310]

A variante *взять в переплет coller a alguén na encadernación* ten un significado algo particular, 'influír decisivamente sobre alguén'. Os contextos amosan que esta peculiaridade está condicionada pola contaminación, é dicir, pola mestura da expresión *попасть в переплет chegar a encontrarse nunha encadernación* 'encontrarse nunha situación difícil' coa expresión *взять в оборот coller nun xiro* 'influír decisivamente sobre alguén, aperta-la corda':

> Hai que empezar a *coller nun xiro* [apertárlle-la porta] os lacazáns mimados. Criticalos durante as reunións e nos periódicos con firmeza. (Palabras de Xura Pogorelova durante a reunión dos comunistas novos: A. I. Mateev, *Os de dezasete anos*).
>
> —¿Preparáche-las tarefas da casa? —Preguntou Jenia.
>
> —Preparei. Vin onda ti a facerche unhas preguntas de física.
>
> —Oíches, Svetka, terás problemas. Tes que apraza-la ida á pista de patinaxe, senón *collerémoste nun xiro* [apretámosche a corda] como a Lida.
>
> —Non rosmes, por favor. (A. I. Mateev, *Os de dezasete anos*).
>
> Por outra parte, queremos a Viten'ka. Iremos empuxándoo e, se fai falta, como di o outro, empezaremos a *collelo nun xiro* [a apretarlle a corda] ¿non si, Polinuxka? (V. K. Ketlinskaia, *Os días da nosa vida*).[311]

É característico o feito de que esta mestura das palabras *переплет* 'encadernación' e *оборот* 'volta, uso, aproveitamento' puidera xurdir só a base do significado da primeira palabra 'situación difícil e desagradable' e non 'situación enmarañada e complicada'.

As observacións do emprego concreto da expresión *попасть в переплет chegar a encontrarse nunha encadernación* 'encontrarse nunha situación difícil' e das súas variantes, polo tanto, amosan que algunha semántica diferente lle serve de base á

---

[310] "- Эге, - покрутил головой Кочубей, - этот для меня понятный, вот этот самый Птаха, а вот як комиссары в самый переплет влипли, га?". (А. А. Первенец, *Кочубей*);
"Кого же, собственно, судили в этом процессе? - Зеленко и Меранвиля - его "приказчика на отчете", которые старались "ввести в переплет" братьев Поповых". (*Новое время,* 1894, N4);
"Ну, братец, Я вчера вечером неожиданно очутился в таких переплетах около пруда, что едва спасся бегством". (диалектная запись в Псковской области).

[311] "Избалованных лодырей надо взять в переплет. Прорабатывать как следует на собраниях, в газетах, и покрепче". (слова Шуры Погореловой на комсомольском собрании: А. И. Матвеев, *Семнадцатилетние*);
"-Уроки сделала? - спросила Женя. - Сделала. Насчет физики пришла к тебе. - Смотри, Светка, допрыгаешься. Каток надо отложить, а то возьмем в переплет, как Лиду. - Не ворчи, пожалуста". (А. И. Матвеев, *Семнадцатилетние*);
"Впрочем, мы Витеньку любим. Будем подталкивать и, как говорится, в переплет возьмем, если понадобится, - верно, Полинушка?". (В. К. Кетлинская, *Дни нашей жизни*).

expresión. Para descubrila cómpre realizar unha análise semántico-estructural previa das expresións cun significado figurado semellante. Hai moitas expresións destas nos dialectos. Imos ver cal é a motivación que lles serve de base.

Máis a miúdo é unha situación difícil simbolizada por algunhas trampas para os animais:

1. 'Cepo':

оказаться в дава́лках (дала́вках)	*chegar a encontrarse no ichó* [312] (compárese (Arghánguelsk) *дави́лка* 'ichó', *давóк*, *дави́ха*, *давя́га* significan practicamente o mesmo)
(Mar Branco) *попасть в зажóм*	*caer no foxo* (compárese a de Arghánguelsk *жом* 'foxo [313] no que se pon o cepo co cebo para o oso')
попа́л, как медведь в капка́н	*caeu no cepo coma un oso*
попасться, как мышь в мышеловку	*caeu na rateira coma un rato*
попа́сться в тиски	*verse entre os tenaces*
etc.	

2. 'Rede':

vulgar (século XVIII) e dialectal *попасть(ся) в вёршу*	*encontrarse coma un siluro na rede*
попал, как сом в вёршу	*caer coma un siluro na rede*
провел, как сома в вёршу	*levouno coma un siluro á rede*
(Pskov) *в вёршу влезть*	*meterse na rede*
(Mar Branco) *попасть в мерёжу*	*chegar a encontrarse na rede*
попасть в сеть (в сети, в сетку)	*caer no voitirón (na rede)*
etc.	

3. 'Obxectos que poden servir de trampas':

ввалился, как мышь в закром	*entrou caendo coma un rato na despensa*
попался, как мышь в короб	*quedou atrapado coma un rato na*

[312] Lémbrese que o ichó é unha trapela para cazar animais pequenos, maiormente paxaros.
[313] Lémbrese que o foxo é un pozo no vértice duns muros moi longos entre os que se acurrala o lobo e no que finalmente se mata.

	caixa
vulgar *влететь в кадушку*	*entrar voando nunha cubeta*
попасть головой в мешок	*chegar a encontrarse coa cabeza nun saco*
(Os Urais) *попасть в захлобушку*	*chegar a encontrarse nunha rateira*
etc.	

4. ‘Foxo’, ‘lagoa’:

(Siberia) *попасть как медведь в берлог*	*caer no tobo coma un oso*
попасть в проруху	*caer nun burato*
попасть в рюху	*caer nun foxo*
попасть в омут	*caer nun remuíño*
попасть в пропасть	*caer nun abismo*
попасть в яму	*caer nun foxo*
сесть в лужу	*caer nunha poza*
сесть в калужу	*caer nunha poza*
etc.	

A actividade do modelo fraseolóxico, onde as artes de pesca serven de base para a transformación metafórica, confírmaa a multitude de expresións que teñen unha motivación semellante, pero distinta construcción sintáctica, por exemplo:

попасться на удочку	*quedar enganchado na cana de pescar* ‘caer na trampa, morde-lo anzol’
dialectal попасться на кукан	*quedar atrapado nun lazo* ‘caer na trampa, morde-lo anzol’
попасть на остряки	*atoparse coas estacas* ‘caer na trampa, morde-lo anzol’
etc.	

Esta abundancia de expresións populares cun significado análogo ó da nosa expresión e co mesmo tipo de motivación fainos pensar na relación deste modelo fraseolóxico coa *combinación попасть в переплет encontrarse nunha encadernación* ‘encontrarse nunha situación difícil’. ¿Pode ser casual a igualdade do significado e da construcción sintáctica característica do último e da maioría dos xiros arriba mencionados?

Buscando resposta a esta pregunta, volvemos a acudir ó material dialectal. A palabra *переплет* nas falas provincias populares, segundo os datos do Ficheiro do Diccionario das falas provinciais populares rusas (КСРНГ), ten un significado moito máis rico que na lingua literaria:

—'sebe de pólas secas' (Arghánguelsk)

—'base do tellado feita con vergas horizontais' (parte occidental da zona de Briansk)

—'bolso pequeno' (Olonets)

—'represa feita de vergas trenzadas, pesqueira'.

Compárese tamén a bielorrusa dialectal *пераплёт* 'tabique na parte dianteira da zorra', etc.

Entre os múltiples significados da palabra *переплет*, nos dialectos atopamos un que explica a motivación da nosa expresión no marco do modelo descrito arriba. Nas falas provinciais da Arghánguelsk xa en 1850 L. I. Xrenk recolleu o seguinte significado da palabra *переплет*:

> tabique trenzado de vergas que se pon no río a certa distancia da beira para crear un encoro aguas arriba onde se mete a rede, que se chama варва, para pesca-lo salmón (Шренк, 1850: 159).

A. O. Podvisotski e V. I. Dal recollen máis tarde este termo da pesca nos seus diccionarios case co mesmo significado. Na terminoloxía popular moderna dos pescadores da cunca dos ríos Ob' e Enesei a palabra *переплет* ten un significado máis especializado: aquí *переплеты* significa 'varas horizontais ou taboas finas que suxeitan o casco da parede que contén o peixe' (Сенкевич, Михалкина, 1958: 178).

Polo tanto *переплет* é unha pesqueira ou trapela feita de vergas para pesca-lo peixe. Un significado análogo téñeno as palabras formadas a partir da mesma raíz *плет-*:

—*заплёт* (Xeksna) 'barreira de vergas finas trenzadas que se fai durante unha crecida de auga para pescar na corrente dos ríos, arroios e noutros sitios polos que pasa o peixe'.

—*заплот* (СРНГ, X, 327)

—(Os Urais Centrais) *заплетень* 'aparello de pesca trenzado (habitualmente de vergas) que se arrastra polo río coma unha rede' (СРНГ, X, 327-328).

É característico o significado figurado da expresión *попал в заманиху* (*заманúшку*) co dialectismo *заманиха* (*заманúшка*) 'viuse nunha situación complicada, sen saída'. A dici-la verdade, Dal, que recolle esta expresión, relaciónaa co significado 'canle sen saída, canle falsa'. Nembargantes, o significado 'barreira trenzada no lago onde se ceban os patos e se pesca coa rede' (Даль, I, 600) testemuña que esta expresión pode ter outra motivación, caer na rede, na trampa.

Os datos citados descobren de maneira definitiva a motivación da expresión *попасть в переплет encontrarse nunha encadernación* 'verse nunha situación difícil'. Ó principio

significaba o mesmo ca *попасть в сети caer na rede, попасть в капкан caer no cepo, попасть в ловушку caer na trampa*, etc., é dicir, 'verse nunha situación embarazosa, perigosa e sen saída'.

Como xa vimos, no emprego literario actual espéllase precisamente este significado figurado. Non obstante, a relación transparente da palabra *переплет* co verbo *плести* non podía existir sen deixarse ver na evolución semántica posterior desta expresión. O significado especializado, "pescador", do termo *переплет* íase esquecendo e a asociación viva con algo trenzado, enmarañado e complicado sempre se revelaba na memoria. Por iso, non é casual que en moitos empregos literarios da palabra *переплет* se produza unha forte fusión do significado 'situación perigosa, embarazosa e sen saída' que xurdiu no seo do fraseoloxismo co significado 'situación enmarañada e complicada' que é un desenvolvemento natural da semántica concreta desta palabra, 'maraña de calquera cousa'.

> Hai *situacións* históricas *enmarañadas* [difíciles] nas que a forma de organización do partido xoga un papel case definitivo. (S. M. Kírov, *Os bolcheviques de Leningrado*).
>
> Aquí hai algo diferente. ¡Oh! ¿e el mesmo non está namorado? Dende logo que o está; está claro coma a auga. *¡Que encadernación/maraña!* [¡Que situación tan complicada!]. ¡Mal! (I. S. Turguénev, *Pais e fillos*).[314]

¿É verdade que nos contextos citados é bastante difícil definir qué é o que máis caracteriza a palabra *переплет*, se o perigo e o feito de non ter saída ou a idea de maraña e complexidade? Así, os significados fraseolóxico e léxico desta palabra crearon conxuntamente un complicado "enredo" semántico que permite caracterizar con extremada exactitude unha situación, na que se pode ver calquera, tan enmarañada e tan embarazosa que non ten saída.

Precisamente o "enredo" destes dous significados tan próximos pero, a pesar de todo, non idénticos determina o carácter específico da semántica da expresión *попасть в переплет encontrarse nunha encadernación* 'encontrarse nunha situación difícil', crea nesta un "significado suplementario" que é típico en xeral para a fraseoloxía, segundo a opinión de B. A. Larin.

2.11. *Debaixo do caparucho alleo e non no seu prato* *Под Чужим колпаком* e *в своей тарелке*

Se a expresión non é propia da lingua, senón emprestada doutras, esta pode atoparse nunha situación fraseolóxica moi peculiar. Os préstamos na fraseoloxía son bastante

[314] "А бывают такие исторические переплеты, во время которых организационная форма партийного существования играет прямо-таки решающую роль". (С. М. Киров, *Ленинградские большевики*);
"Тут что-нибудь другое есть. Ба! да не влюблен ли он сам? Разумеется, влюблен; ясно как день. Какой переплет, подумаешь!.. Скверно!". (И. С. Тургенев, *Отцы и дети*).

específicos porque, por regra xeral, fanse mediante a traducción literal das palabras que forman parte dunha ou doutra expresión, é dicir, a través do calco (Балли, 1961: 70). Esta traducción fai que a expresión estranxeira pareza autóctona e se adapte pronto na lingua rusa. Sen embargo, no proceso de adaptación sempre se produce un cambio máis ou menos forte na semántica das palabras que a compoñen. Adoita estar condicionado pola diferencia no abano de significados destas palabras na lingua que a empresta e na lingua que a recibe. A percepción literal da expresión pode resultar distinta da súa imaxe primitiva: os significados das palabras coas que se transmite o fraseoloxismo son amplamente coñecidos no emprego libre, mentres que o significado emprestado queda á parte, fóra do limitado sistema semántico formado historicamente.

O efecto de "irregularidade semántica" é moi importante para o primeiro momento do calco fraseolóxico. Precisamente este é a miúdo a causa da popularidade do calco e da súa adaptación excepcionalmente rápida. Os falantes, a través deste novo xiro, coma se volvesen percibi-las potencialidades semánticas das palabras e combinacións antigas, asígnanlles un novo significado. Así xorde unha tensión entre a nova e a antiga semántica léxica e fraseolóxica, que se descarga nunha expresividade fraseolóxica extraordinaria. Percibir este momento significa entende-lo mecanismo do calco fraseolóxico.

Intentaremos ilustra-las ideas expostas coa análise concreta da historia dun fraseoloxismo que naceu case diante dos nosos ollos

быть под колпаком[315] *у кого-нибудь*	*estar debaixo do caparucho de alguén* 'traer debaixo do ollo a alguén', 'estar sometido á vixilancia atenta de alguén ó cometer unha imprudencia, ó dar lugar a sospeitas'

A súa divulgación e fama están vinculadas á popularidade da película de televisión *Dezasete momentos de primavera*[316] baseda na novela de Iulián Semiónov co mesmo título.

O escritor fixo deste xiro unha característica chamativa da fala dun dos protagonistas da novela, do hábil e cínico xefe da Gestapo[317], Müller. Non sempre, evidentemente, é Müller o que emprega esta expresión na novela, pero sempre está detrás dela o método de "tutela" de Müller.

Para Müller ter a alguén *debaixo do caparucho* 'debaixo do ollo' é unha especie de orgullo profesional. O cabeza da Gestapo ten que coñecer cada paso dos seus empregados ou rivais. E eles sempre senten este "caparucho" enriba deles:

> A cara de Stierlitz virouse agora azul pálida pero non porque se dera conta das

[315] *Колпак* é un gorro de forma cónica que non vai unido a ningunha peza de abrigo. Tamén pode recibir esta denominación calquera recipiente con esta forma.
[316] *Семнадцать мгновений весны.*
[317] Gestapo é abreviación das palabras alemanas Geheime Staats-Polizei que significan Policía secreta estatal do III Reich.

> torturas que lle agardaban se Cat dicía algo del. Todo era máis fácil: finxía estar furioso...
>
> —¿Que pasa? —asombrouse Schellenberg. —¿Que lle pasa?
>
> —Creo que Müller nos ten a todos *debaixo do seu caparucho* [debaixo do ollo]. Primeiro esta estupidez co espía en Friedrichstrasse. E hoxe, aínda por riba, encontran unha rusa co transmisor...[318]

A miúdo estar *debaixo do caparucho*, como amosa o texto, é unha posición moi perigosa porque é unha ameaza de castigo:

> Escoite, vostede fala comigo con enigmas, Holtoff. ¿Que relación ten comigo o físico arrestado? ¿Por que controla vostede en secreto as miñas causas e por que Müller está buscando probas contra min?
>
> —Non llo podo explicar, eu mesmo non entendo nada. Só sei que o trae *debaixo do seu caparucho* [debaixo do ollo].
>
> —¿Eu?—estrañouse Stierlitz. —Pero é unha estupidez. ¿Ou é que os nosos xefes perderon a cabeza nesta confusión?
>
> [Holtoff a Stierlitz] Salvaremos un gran físisco para o mundo. Fun eu quen o salvou pero a fuxida organizouna vostede. ¿Eh? E teña en conta que o trae a vostede *debaixo do caparucho* [debaixo do ollo], e non a min. E vostede sabe qué significa estar *debaixo do caparucho* [debaixo do ollo] de Müller[319]

Por certo, o mesmo Müller no texto da novela emprega a expresión referíndose tanto ás persoas coma á "materia morta", por exemplo, ós depósitos monetarios dos bancos:

> A xente de Himmler no estranxeiro está *debaixo do caparucho* [debaixo do ollo], el esixía accións dos axentes, non os coidaba. E ninguén dos institutos de Bohrmann, do alemán-americano, alemán-inglés, alemán-brasileiro foi arrestado... A maioría dos depósitos monetarios de Himmler nos bancos estranxeiros están *debaixo do caparucho* [están vixiados] dos aliados.[320]

No último contexto sublíñase a imposibilidade de acceder ós depósitos de Himmler nesta situación, a súa toma baixo a vixilancia dos EE UU, Inglaterra e Francia.

O chamativo xiro de Müller chegou a ser rapidamente un apotegma ruso, en seguida se

---

[318] "Лицо Штирлица сейчас стало сине-бледным не потому, что он понимал, какие ждут его муки, скажи Кэт о нем. Все проще: он играл ярость...
- В чем дело? - удивился Шелленберг. - Что с вами?
- По- моему, мы все под колпаком у Мюллера. То этот идиотизм с хвостом на Фридрихштрассе, а сегодня еще почище: они находят русскую с передатчиком...".

[319] "-Слушайте, вы говорите со мной загадками, Холтофф! Какое отношение ко мне имеет арестованный физик? Отчего вы негласно проверяли мои дела и зачем Мюллер ищет на меня улики?
- Я не могу вам этого объяснить, сам ни черта толком не понимаю. Я знаю только, что вы - под колпаком.
- Я? - поразился Штирлиц. - Это же идиотизм! Или наши шефы потеряли голову в этой суматохе!
[Холтофф - Штирлицу] Мы спасем миру великого физика. Здесь его спас я, а организовали бегство - вы. А? И учтите: под колпаком вы, а не я. А вы знаете, что значит быть под колпаком у Мюллера."

[320] "Люди Гиммлера за границей под колпаком, он от агентов требовал дел, он не берег их. А ни один человек из бормановских германо-американских, германо-английских, германо-бразильских институтов не был арестован... Большинство денежных вкладов Гиммлера в иностранных банках - под колпаком союзников.".

divulgou na fala viva. Así o ensaio de A. Tolkunov (*Pravda*[321], 1977, 24 de decembro), no que se trata de como o catedrático da Universidade de Harvard, J. K. Galbraith, estivo sometido durante corenta anos ó vixiante control persoal do director da CIA E., Hoover, titúlase "Expediente da muller de César ou Corenta anos *debaixo do caparucho* da CIA [debaixo do ollo de CIA]". *Literaturnaia gazeta*[322] (27 de xullo de 1977) inaugurou unha nova columna na páxina 16 *Debaixo do caparucho [debaixo do ollo] do club das Doce sillas*. As tarefas desta columna son as seguintes:

> Coa intelixente meticulosidade que caracteriza a Administración ten intención de *coller debaixo do caparucho* [ter debaixo do ollo] algúns problemas que non se están resolvendo de vez e algunhas persoas moi respectadas que non sempre se apuran en resolver estes problemas, a pesar da crítica amistosa do *Club das doce sillas*. Verbo disto a Administración recórdalles a estas persoas que non foi ela quen fixou a orde segundo a cal as persoas criticadas de maneira amistosa teñen que responder a tempo á crítica xusta e axustándose ó tema. ¡Así que *benvidos a debaixo do caparucho* [estar vixiados]![323]

Como vemos, a expresión *под колпаком debaixo do caparucho* 'debaixo do ollo' non só adquiriu popularidade, senón que xa se cubriu con variantes novas:

брать под колпак	*coller debaixo do caparucho* 'someter a vixilancia'
милости просим под колпак	*benvidos a estar debaixo do caparucho* 'benvidos a ser vixiados'.

¿Que "caparucho" teñen en conta aquí? ¿Que significado literal ten este fraseoloxismo que o escritor Iu. Semiónov puxo en circulación?

Como se sabe, a palabra *колпак* 'caparucho' en ruso é un préstamo turco (Фасмер II: 297; Томилина, 1977). O seu significado básico, 'sombreiro cónico ou ovalado', de pouco nos serve para entende-lo significado primitivo do fraseoloxismo. Imos ver qué expresións rusas están formadas a partir desta palabra e puideran servir de prototipo para a expresión *под колпаком debaixo do caparucho* 'debaixo do ollo'.

No diccionario de B. I. Dal encontrámo-lo dito

Жена мужа колпаком накрыла (ou *в колпак нарядила*) (Даль II, 143)	*a muller cubriu o home cun caparucho (púxolle un caparucho)* 'a muller someteu o marido, fixo del un xanciño,

[321] *Правда*.
[322] *Литературная газета*.
[323] "С свойственной ей интеллигентной въедливостью администрация намеревается "брать под колпак" отдельные, порою нечетко решаемые проблемы и некоторых весьма уважаемых товарищей, которые не всегда торопятся эти проблемы решать. Даже несмотря на дружескую критику "Клуба ДС". В этой связи администрация со всей ответственностью напоминает этим товарищам, что не ею установлен порядок, согласно которому дружески критикуемые товарищи обязаны отвечать на справедливую критику своевременно и по существу. Итак, милости просим под колпак!"

enganouno’

Compárese tamén

(Smolensk) *колпа́к* (Добр., 50)	‘denominación do campesiño polo seu caparucho puntiagudo’, ‘parvo, torpe, que pode ser enganado con facilidade por unha persoa lista’

Segundo o visto, aquí únense dous simbolismos relacionados co sombreiro, con *колпак*. Por un lado trátase do *дурацкий колпак*, ‘caparucho de bufón con axóuxeres’. Poñerlle a alguén este caparucho significaba ‘embelecar, enganar coma a un parvo’. Por outro *lado надеть на мужа колпак poñerlle o caparucho ó marido*, *околпачить poñe-lo caparucho* ‘someterse o marido á muller’ remonta á caza de falcóns, na que á ave de caza se lle puña previamente un carapucho (*колпак*) para quitarlle a iniciativa e a liberdade antes de empeza-la caza.

¿Podemos relacionar esta expresión con xiros populares coñecidos dende hai moito tempo como *накрыть колпаком cubrir co caparucho* ‘enganar coma un parvo’ e *нарядить в колпак vestir de caparucho* ‘enganar como un parvo’? O sentido do fraseoloxismo, así como a súa forma, impiden a súa aproximación. Müller non se refire á submisión nin ó engano dos seus subordinados, senón a un control constante sobre eles.

Na lingua literaria rusa hai outra expresión bastante arcaizante coa palabra *колпак*. Emprégase na mesma forma cá expresión usada por Iu. Semiónov. O capítulo IX da novela de O. Forx *Vestidos de pedra*[324] titúlase *Под колпаком Debaixo do caparucho*. Sen embargo, aquí trátase dun caparucho completamente distinto do de Iu. Semiómov:

> Unha bagatela que estaba na ventana chamou a miña atención: unha enorme *campá* de cristal para cubri-lo queixo estaba absolutamente baleira no mármore marelo claro da repisa, e nela zumbaba dunha maneira abrumadora, loitaba coas súas últimas forzas unha grosa mosca azul.[325]

Debaixo destas “campás de cristal”[326] non só se protexían das moscas os doces, os queixos e outras comidas, senón que tamén se protexían das lufadas de vento as velas que iluminaban as glorietas aristócratas durante o té da tarde. A función preservadora destas campás serviu de base para a imaxibilidade[327] das expresións:

жить под стеклянным колпаком	*vivir debaixo dunha campá de cristal*

[324] *Одеты камнем.*

[325] “Пустяк на окне привлек мое внимание: огромный стеклянный колпак, каким накрывается сыр, совсем пустой стоял на светло-желтом мраморе подоконника, и в нем, стукаясь то об одну стенку, то о другую, докучно жужжа, из последних сил билась синяя толстая муха.”

[326] Refírese á parte de arriba dun queixeiro, por exemplo.

[327] Baixo o termo *imaxibilidade* (en ruso *obraznost’*) enténdese a capacidade dos fraseoloxismos de conter na súa estructura semántica unha imaxe motivadora, é dicir, unha imaxe sensorial dos obxectos e fenómenos da realidade que xorden como resultado da dualidade semántica da locución fixa.

поставить под стеклянный колпак poñer debaixo dunha campá de cristal

Estas caracterizan o afastamento, o illamento total de alguén do ambiente que o rodea, subliñan a intención dunha persoa de eludir calquera influencia exterior. Písarev escribe no seu artigo "Puxkin e Belinski"[328]:

> Ela (Tatiana Larina. - V. M.) *meteuse debaixo dunha campá de cristal* [illouse] e obrigouse a pasar debaixo desta *campá* toda a súa vida.[329]

Ou en *Fragata Pallada*[330] de Goncharov:

> E agora a eles (ós xaponeses en 1853. - V. M.) aínda lles dá medo só de pensar en asomarse *fóra desta campá* coa que se cubriron hermeticamente.[331]

É curiosa a transformación desta expresión cando se emprega en combinación co substantivo abstracto *любовь* 'amor', onde a campá de cristal vén se-lo depósito simbólico de algo inaccesible e casto:

> O amor é algo inaccesible *debaixo dunha campá de cristal*, e só a persoa elixida pode sacalo desta campá. (Aurora, 1981, n. 11, páx. 125).[332]

Na lingua dalgúns escritores a imaxe da campá de cristal adquire unha matización especial que aproxima os fraseoloxismos citados á expresión empregada por Iu. Semiónov. Na lingua de Dostoievski e Gorki estes fraseoloxismos empréganse como comparacións fixas e subliñan a transparencia da campá de cristal, é dicir, todo o que está debaixo dela está á vista. Ámbolos dous escritores empregan esta expresión para caracteriza-la vida provinciana, onde toda a vida privada das persoas está baixo o ollo "*debaixo do caparucho*" dos mesquiños habitantes:

> Calquera provinciano vive como se estivera *debaixo dunha campá de cristal*. Non hai posibilidade ningunha de lles ocultar nada ós seus venerables concidadáns. Sábeno todo de memoria. (F. M. Dostoevski, *Soño do tío*).

> É sabido que na provincia vives como *debaixo dunha campá de cristal*: todos saben de ti, saben qué pensabas o mércores a eso das dúas e o sábado antes das vésperas. (M. Gorki, V. G. Krolenko).[333]

Este emprego parece aproximarnos á interpretación do sentido primitivo da expresión de

---

[328] "Пушкин и Белинский".

[329] "Она (Татьяна Ларина - В. М.) поставила себя под стеклянный колпак и обязала себя простоять под этим колпаком в течение всей своей жизни."

[330] *Фрегат Паллада*.

[331] "А теперь они (японцы в 1853 г.- В. М.) еще пока боятся и подумать выглянуть на свет божий из-под этого колпака, которым так плотно сами накрыли себя".

[332] "Любовь - это что-то такое, что недосягаемо в стеклянном колпаке, и взять из колпака это может только избранный". (*Аврора*, 1981, N11, с. 125).

[333] "Всякий провинциал живет как будто под стеклянным колпаком. Нет решительно никакой возможности хоть что-нибудь скрыть от своих почтенных сограждан. Все знают наизусть." (Ф. М. Достоевский, *Дядюшкин сон*);
"Известно, что в провинции живешь как под стеклянным колпаком, - все знают о тебе, знают, о чем ты думал в среду около двух часов и в субботу перед всенощной". (М. Горький, *В. Г. Короленко*).

Müller. Tanto máis canto a forma das combinacións preposicionais *под колпаком* *debaixo da campá* e *жить как под стеклянным колпаком* *vivir coma debaixo da campá de cristal* é totalmente análoga.

Pero, a pesar de todo, non é posible relacionar directamente o xiro analizado *estar baixo o caparucho* con *жить как под стеклянным колпаком* *vivir coma debaixo da campá de cristal*. Primeiro, porque a comparación ten un uso máis ou menos individual. Non é casual que Dostoevski e Gorki relacionaran esta expresión co mesmo fenómeno. Segundo, porque, a pesar da semellanza dos significados, é fácil capta-la súa diferencia: *жить как под стеклянным колпаком* *vivir coma debaixo da campá de cristal* significa ser vixiado por calquera; e *быть под колпаком у кого-нибудь* significa estar baixo a vixilancia especial de alguén: non é casual que os xiros comparados teñan distinta rexencia verbal. En fin, Iu. Semiónov utiliza a expresión *под колпаком* *debaixo dunha campá* como unha característica discursiva constante do xefe da Gestapo, Müller. É a súa expresión preferida.

Todo isto fainos buscar outra fonte deste fraseoloxismo. E encontrámola, ó parecer, no alemán. Alí hai prototipos moi exactos, pola forma e pola semántica, da expresión de Müller:

jemanden, etwas unter (in) seine Hut nehmen 'vixiar'

unter jemandes Hut sein (stehen) etc. 'estar baixo a garda, a defensa, a tutela, o patrocinio de alguén' (БГ, 303-304; ГГ, 362).

¿Cal é o significado literal destas expresións alemanas?

A palabra *Hut* ten dous significados homónimos: primeiro, 'caparucho, sombreiro' e no uso técnico tamén 'tapa, caparucha', 'cánula'; segundo, 'garda, defensa'. Está claro que os fraseoloxismos *jemanden, etwas unter seine Hut nehmen (haben)* e *unter jemandes Hut sein* están formados a partir do segundo homónimo (compárese tamén *auf der Hut sein* 'estar de pé atrás, estar alerta' —Görner, 1979: 94). Polo tanto, 'vixiar' ou 'estar vixiado, a cargo de alguén' son expresións alemanas que pola súa proveniencia non teñen imaxe interior.

Ademais disto, a existencia do homónimo *Hut* 'gorro' tiña que espellarse na expresividade das locucións alemanas citadas. No seu emprego conversacional podía xurdir unha calembúrica dualidade de planos, é dicir, a percepción do fraseoloxismo *unter jemandes Hut sein* como 'estar vixiado por alguén' e como *estar debaixo do gorro de alguén*. Compárense as expresións conversacionais *alle unter einem Hut haben* 'reunir, capturalos a todos' (БГ, 303) ou *etwas unter einen Hut bringen* 'conciliar distintos intereses' (Görner, 1979: 94; Hanning, 1978: 109) onde coa posible dualidade de planos pasa ó primeiro lugar o significado 'gorro' da palabra *Hut*.

É característico o feito de que no checo a expresión calcada do alemán *jemanden unter seine Hut haben* se perciba xa só coa palabra *klobouk* 'gorro, sombreiro': *mít pod klobouken nekono* (literalmente: *ter a alguén debaixo do sombreiro*), 'ter nun puño a

alguén, ter nas mans a alguén', é dicir, ter *debaixo do caparucho* (Z., 162). Por certo, a checa klobouk 'gorro, sombreiro' remonta na súa etimoloxía á mesma palabra turca cá rusa *колпак*, máis exactamente, á súa forma próxima á palabra rusa periférica *клобук* (Machek, 1971: 258).

Desta maneira, a expresión *быть под колпаком estar debaixo do caparucho*/*campá* correspóndese, pola forma e polo contido, coa alemana *jemanden unter seine Hut haben*. Esta correspondencia parece un calco. Ó calcar, é dicir, ó facer unha traducción literal da expresión alemana ó ruso, Iu. Semiónov, sen embargo, baixa intencionadamente o estilo elevado das expresións *jemanden unter seine Hut nehmen* e *unter jemandes Hut sein.*

No alemán significan tamén 'estar baixo a tutela, a protección de alguén'. Esta tutela na boca do cínico xefe da Gestapo soa como un eufemismo burlón. A orixinalidade deste calco fraseolóxico consiste tamén en que o escritor, á hora de traducir literalmente do alemán, non escolle o equivalente estilístico neutral ruso *шляпа* 'caparucho' (en vez de *Hut* 'defensa' e 'gorro'), senón unha palabra máis expresiva колпак 'caparucho'. Esta elección non é arbitraria: foille suxerida ó escritor pola longa tradición do emprego da palabra колпак na fraseoloxía rusa. Aínda que a expresión *под колпаком debaixo do caparucho*/*campá* de Müller parece un calco recente do alemán, baséase moito no dito ruso *накрыть колпаком cubrir co caparucho* 'enganar' e no fraseoloxismo *жить под стеклянным колпаком vivir debaixo dunha campá de cristal*, e, sobre todo, na comparación *жить как под стеклянным колпаком vivir debaixo dunha campá de cristal* 'vivir á vista de todos'. En realidade, pódese afirmar que neste caso o peso específico do emprestado, do calcado, é igual ó peso específico do tradicional ruso: pois precisamente a longa evolución semántica da palabra *колпак* e das combinacións nas que entra prepararon unha adaptación momentánea deste fraseoloxismo polo ruso moderno. É coma se a novela de Iu. Semiónov activara os xiros arcaizantes co compoñente *колпак* 'caparucho/campá' e lles dera unha nova vida fraseolóxica.

A historia da expresión pode parecer moi orixinal e caprichosa, xa que a súa aparición no ruso está condicionada, en certa medida, pola "arbitrariedade estilística" do famoso escritor contemporáneo. Nembargantes, está lonxe de ser así. Ó contrario: a adaptación momentánea e a popularidade deste calco fraseolóxico na lingua escrita e oral amosa que Iu. Semiónov, ó crealo intuitivamente, se baseaba no sistema lingüístico, tendo en conta inconscientemente "o efecto da novidade semántica", así como "o momento de recoñecemento" deste fraseoloxismo. Este é o segredo da rápida divulgación do fraseoloxismo.

En realidade, a historia desta expresión é bastante próxima á de calquera calco fraseolóxico acertado. Isto podería confirmarse con múltiples exemplos do mutuo enriquecemento dos sistemas léxico-fraseolóxicos. Sen embargo, aludiremos só a un, ó préstamo fraseolóxico tradicionalmente máis coñecido.

Trátase do fraseoloxismo *быть не в своей тарелке non estar no seu prato* 'non estar a gusto', emprestado da lingua francesa xa a principios do século XIX. O mecanismo deste calco en principio está claro: a palabra polisémica francesa *assiette* do fraseoloxismo *n'être pas dans son assiette*, ó traduci-la literalmente ó ruso, foi sacada do seu sistema léxico e empezou a entenderse adrede literalmente, o que creou o peculiar colorido

humorístico da expresión. Sen embargo, aínda non está definido con toda verosimilitude o significado primitivo da palabra francesa *assiette*, que se converteu no núcleo do fraseoloxismo. Os historiadores contemporáneos da fraseoloxía rusa interpretan o seu significado primitivo de maneira moi xeral como 'estado, posición' (Варт., 139-140; ШАнский, 1971: 194). É dubidoso que esta interpretación abstracta sexa correcta, porque é sabido que na maioría dos casos as fontes das metáforas fraseolóxicas son sumamente concretas e pintorescas. Non é casual que antes, para explica-lo sentido deste fraseoloxismo ruso, se escollera unha das características semánticas reais e materiais da palabra francesa *assiette*. I. M. Snegiriov pensaba que aquí se ten en conta *assiette du vaisseau*, é dicir, a posición da quilla do barco cando o calado non lle permite pasar por un sitio pouco profundo (Снегирев, 1831, I: 166). Repetindo esta motivación, M. I. Mighelsón, ó mesmo tempo, comunica que *assiette* é «un lugar para sentar; o sitio na mesa antes marcábase cun anaco redondo de pan (sobre o cal se puña a comida) e despois co prato (s'asseoir 'sentarse')» (Мих., I: 643). N. Ia. Ermakov cría que nesta expresión assiette significa 'sitio, servicio na mesa' (1894: 38).

Enténdese que o significado primitivo da expresión *быть не в своей тарелке non estar no seu prato* 'non estar a gusto' non é un problema da fraseoloxía histórica rusa, senón da francesa. Por iso, é máis sensato recorrer ás fontes francesas. Cómpre notar que no pouco coñecido diccionario fraseolóxico francés con paralelismos rusos, editado en Odessa, este problema resolveuse con éxito. O seu autor, A. Pachalery, remonta o fraseoloxismo francés a *assiette* 'maneira de montar a cabalo, posición do corpo ó montar a cabalo'. O significado primitivo da expresión, segundo esta interpretación, é 'perde-lo equilibrio, a estabilidade' (Pachalery, 1897: 149). Nos nosos tempos chega a esta interpretación etimolóxica, pero de maneira independente, o famoso especialista en fraseoloxía histórica do francés, A. G. Nazarián. Para confirma-la interpretación "ecuestre" do sentido primitivo da expresión *n'être pas dans son assiette*, el cita o fraseoloxismo *perdre [son] assiette*, que ten no francés o significado de 'perde-lo equilibrio ó monta-lo cabalo' e o figurado de 'desconcertarse, perde-los estribos' (Назарян, 1968: 24-25).

Esta explicación da expresión francesa parece exacta. En certa medida correspóndese ás circunstancias históricas concretas do préstamo deste fraseoloxismo ó ruso. Son coñecidos os testemuños dos contemporáneos de Griboedov, que introduciu a expresión *не в своей тарелке non no seu prato* 'non a gusto' na lingua literaria rusa, de que esta expresión empezou a empregarse despois da Guerra Patria contra Napoleón (Попова, 1976: 107-108). Se estes testemuños son certos, entón a idea implícita "ecuestre" do noso calembur fraseolóxico é moi transparente. Neste sentido é curioso o emprego que A. S. Puxkin fai da expresión. Na carta á súa muller do 26 de agosto de 1833 escribe con humor como o irmán maior dela, Dmitri Nikoláevich Goncharov, se namorou da condesa Hadejda Chernixova "a través do seu retrato" e lle pediu a man ó decatarse de que o escritor A. N. Muráviev non lle facía competencia ningunha:

> ¿Ves que pícaro? ¡E non nos dixo nada! Muraviov contestoulle que probablemente se faría monxe, e o irmán alegrouse, e púxose a pedirlle son coeur et sa main á condesa, asegurándolle por escrito *qu'il n'est plus dans son assiette ordinaire.*

> Partíame de risa ó le-la súa carta, e sinto que non a pedira para ti.[334]

Na carta vese que o fraseoloxismo francés se empregaba amplamente na lingua da primeira metade do século XIX.

Volvamos á interpretación lingüística deste calco fraseolóxico. *Assiette* co significado 'prato', que foi empregado na traducción ó ruso deste xiro, non é máis que un homónimo que non ten nada que ver co sentido primitivo do fraseoloxismo *n'être pas dans son assiette* en francés. Pero na expresión rusa este homónimo fíxose unha realidade lingüística, así como a palabra *колпак* 'caparucho/campá' en vez de *Hut* 'defensa' na expresión *под колпаком debaixo do caparucho/da campá*.

É lóxico que o fraseoloxismo *быть не в своей тарелке non estar no seu prato* 'non estar a gusto' tivera unha ampla marxe temporal que posibilitara unha activa expansión na lingua literaria rusa e na fala viva. Así, na literatura do século pasado adquiriu un amplo uso a forma afirmativa *быть в своей тарелке estar no seu prato* 'sentirse libre, cómodo, estar a gusto' (Гусейнов, 1977: 74-75). Unha apelación constante á forma interior do fraseoloxismo, onde se xoga precisamente co significado directo, "ruso" da palabra *тарелка* 'prato', é característica para o "arraigamento" no ambiente lingüístico ruso:

> No prato de xi [335]caeu unha mosca,
> Pero demostrou a súa forza moral,
> E ó garda-lo aire soberbio
> Neste asunto tan pouco agradable,
> Trata de responder ós que lle presentan as súas condolencias:
> -¡Simplemente *estou no prato alleo*!
> ¡Lector! Esta resposta orgullosa é unha mentira:
> As moscas non teñen pratos propios".
> (Emil Korotki, *Sobre os insectos*).[336]

O índice máis importante da "rusificación" da expresión francesa é, quizais, a súa recollida nas falas provinciais populares. A dici-la verdade, aquí esta expresión sométese a unha significativa corrosión semántica e estructural:

(Riazan') *по моей (твоей, вашей) тарелке* (ДС, 556)	*polo meu (teu, seu) prato* 'dise dunha persoa que compaxina con outra por algunhas cualidades ou nalgún aspecto'
(Irkutsk) *не суйся не в свои тарелки* (РБ, 333).	*non te metas nos pratos alleos* 'non te metas en camisas de once varas'

[334] "Видишь, какой плут! и нам ничего не сказал. Муравьев отвечал ему, что скорей он будет монахом, а брат и обрадовался, и ну просить у графини *son coeur et sa main*, уверяя ее письменно qu'il n'est plus dans son assiette ordinaire [что он не в своей обычной тарелке]. Я помирал со смеху, читая его письмо, и жалею, что не выпросил его для тебя".

[335] Lémbre que o *xi* é unha sopa rusa de verduras.

[336] "В тарелку - в щи - попала муха, /Но... проявила бодрость духа - /И, сохраняя гордый вид /В малоприятной переделке, /Соболезнующим ответить норовит: /- Я просто - не в своей тарелке! /Читатель! Гордый лжив ответ: /*У* мух своих тарелок нет." (Эмиль Короткий, *О насекомых*).

A comparación do préstamo dos xiros *быть как под колпаком estar coma debaixo do caparucho* ‘estar debaixo do ollo’ e *быть не в своей тарелке non estar no seu prato* ‘non estar a gusto’ amosa que o mecanismo lingüístico do seu calco en xeral é igual. Dende logo, son diferentes as condicións históricas e “técnicas” deste calco. O fraseoloxismo *не в своей тарелке* non no seu prato ‘non a gusto’ necesitou varias décadas para saír do emprego de Griboedov (Famusov a Chatski: «¡Oíu! ¿*Non estás no teu prato* [non estás a gusto]! Cómpre durmir despois de facer unha viaxe. Déixame o teu pulso - sénteste mal[337]») ós campos abertos da lingua literaria rusa. Pero ó entrar na lingua da literatura, este xiro aínda non chegou a ser patrimonio da fala viva, “da fala das masas”, ata agora aínda ten un certo matiz de artificialidade literaria. A expresión *под колпаком debaixo do caparucho*/*campá* ‘debaixo do ollo’, que Iulian Semiónov introduciu no emprego, incorporouse de seguida á fala coloquial, foi aceptada por ela como algo “propio” e non “alleo”. Sen dúbida algunha, a velocidade da adaptación deste xiro na fala rusa está condicionada, antes que nada, polos novos medios de transmisión da información nos nosos tempos. A televisión, a radio, o cine son poderosos aceleradores dos procesos de renovación do sistema lingüístico en xeral e do fraseolóxico en particular.

A historia dos xiros *быть под колпаком estar debaixo do caparucho* ‘debaixo do ollo’ e *быть не в своей тарелке non estar no seu prato* ‘non estar a gusto’ confirma a verdade de que o préstamo fraseolóxico adoita realizarse en forma de calco. Nembargantes, durante o calco fraseolóxico a correlación da semántica de cada vocábulo que entra na combinación emprestada e está condicionado no plano histórico adquire unha importancia especial (Ковтун, 1969: 188). Precisamente a diferencia entre os volumes semánticos destes vocábulos, que funden as súas raíces na profundidade do sistema lingüístico nacional, leva a que no proceso do calco fraseolóxico case nunca xurda unha expresión fixa igual ó fraseoloxismo da lingua-fonte. O resultado deste proceso sempre é unha transformación, un desprazamento, un enriquecemento a miúdo relacionado cos cambios semánticos. Con frecuencia este enriquecemento leva a unha reconstrucción radical do fraseoloxismo-prototipo, como subliña V. V. Vinográdov para a expresión *стих нашел* ‘doulle a vea a alguén’:

> Nalgúns grupos de préstamos estranxeiros toda a estructura semántica está influenciada polo carácter popular ruso, pola concepción popular do mundo, que, naturalmente, ás veces espella a cultura espiritual do pasado remoto (Виноградов, 1971: 164).

Así, a través do prisma semántico os fraseoloxismos emprestados rusifícanse, afástanse do seu ambiente léxico-fraseolóxico autóctono e intégranse no tecido vivo da lingua nacional rusa.

[337] “Любезнейший! Ты не в своей тарелке! С дороги нужен сон. Дай пульс - ты нездоров”.

2.12. A regularidade irregular ou a actualidade do inactual

Así, nós, ó buscármo-las causas que xeneran os "puntos escuros" nas combinacións fixas da lingua rusa, empezamos polo préstamo e agora volvemos outra vez a el. E non é casual, porque a enigmática expresión de Puxkin *ощюш кайбас* e a de Griboedov *не в своей тарелке non no seu prato* 'non a gusto', clara a primeira vista, teñen unha calidade común moi importante: son estrañas no corpo da lingua rusa. Esta é a causa da súa incomprensión, aínda que hai diferentes graos de incomprensión: dende a escuridade absoluta do sentido e da forma ata a pseudocomprensión.

Pero a estrañeza no sistema da lingua, como vimos ó analizarmos moitos xiros, non sempre é o resultado do préstamo. Xorde con máis frecuencia debido á desviación da liña xeral do desenvolvemento do sistema léxico e gramatical. Algunhas palabras, formas gramaticais e construccións semánticas no sistema da lingua arcaízanse e ata morren. Non é casual que algúns fraseólogos (por exemplo, N. N. Amosova) as denominen *necrotismos*. Sen embargo, non morren en seguida, e este proceso é o máis longo na fraseoloxía, onde se produce unha especie de reanimación destes necrotismos. Aquí viven a súa segunda vida, que moitas veces resulta non menos activa e longa cá primeira.

Unha das características da fraseoloxía en xeral e dos fraseoloxismos con elementos arcaicos en particular é a "irregularidade", a "incorrección" da estructura (Ларин, 1959: 31). Esta irregularidade resulta un recurso moi eficaz para crear unha das calidades semánticas básicas do fraseoloxismo, a súa expresividade. Unha palabra que non se entende ou unha forma gramatical irregular fan que o oínte ou o lector se poña en garda, "rabuñan" a súa conciencia lingüística, estimulan a reacción emocional á comunicación transmitida polo interlocutor.

Este estímulo na fraseoloxía é especialmente importante, porque o fraseoloxismo está destinado a cumprir na lingua unha función valorativo-expresiva e estética. Por iso, estas palabras e formas "irregulares" encóntranse na fraseoloxía con moita regularidade. Segundo subliña o famoso especialista en fraseoloxía arcaica R. N. Popov, os xiros con elementos arcaicos constitúen a cuarta parte do corpo fraseolóxico básico da lingua rusa (Попов, 1976: 3). Se admitimos provisionalmente que este corpo ten catro mil xiros recollidos no *Diccionario fraseolóxico da lingua rusa*[338] coordinado por A. I. Molotov, entón na lingua literaria contaremos con cerca dun milleiro de unidades deste tipo. Delas, segundo os cálculos de R. N. Popov, cerca de 650 expresións conteñen arcaísmos léxicos e 300 arcaísmos morfolóxicos e sintácticos.

Xa esta simple estatística testemuña o papel activo que teñen os fraseoloxismos con elementos arcaicos na lingua literaria moderna. Pero esta característica numérica, aínda que sexa visual, non permite facer unha valoración exhaustiva do seu papel no sistema lingüístico. É moi importante tal valoración, así como a frecuencia de uso destes xiros, o que testemuña a súa permanente actualidade. O seguinte feito é paradoxal pero indubidable: os elementos arcaicos non só non impiden senón, ó contrario, activan o

[338] *Фразеологический словарь русского языка.*

emprego dos fraseoloxismos correspondentes na lingua moderna. "A escuridade interior", coma se quentara a súa actividade exterior, centra neles a atención do falante. En todo caso, as expresións *тютелька в тютельку machadazo en machadazo* 'xusto, exactamente', *быть в ажуре* 'estar solucionado un asunto' e *не в своей тарелке non no seu prato* 'non a gusto', superan probablemente con vantaxe a aquelas expresións nas que a imaxe interior é transparente:

сидеть сложа руки	*estar cos brazos cruzados* 'estar sen facer nada'
пальцем не пошевелить	*non mover nin un dedo* 'non facer nada'
иметь голову на плечах	*te-la cabeza nos ombros* 'ser sensato'.

No plano histórico-cultural estes fraseoloxismos xogan un papel extremadamente importante porque son testemuñas "parlantes" da profundidade do pasado, da distancia do dialectal, da amplitude do internacional. Detrás de cada un dos elementos arcaicos hai un fío que chega ata o núcleo eslavo da lingua rusa ou ata as zonas lingüísticas e culturais coas que entrou en contacto activo.

Este fío, como xa sabemos, non sempre é visible e sólido. Para percibilo é necesaria unha análise etimolóxica especial dirixida ó descubrimento da imaxe primitiva da expresión. A impresión de incomprensión, de "escuridade" do emprego da palabra dentro do fraseoloxismo tamén é un estímulo para estas buscas. «Os empregos escuros son tan desagradables coma as manchas sobre o tecido léxico polícromo, rechamante e expresivo da lingua —subliñaba un dos excelentes rusistas, V. I. Chernixov. Estes estragan os textos, dificultan a reflexión, suxiren ós falantes e ós lectores ideas e conclusións falsas» (Чернышев, 1970: 303). O deber do etimólogo é eliminar estas manchas.

As causas básicas da aparición das manchas escuras na lingua son coñecidas.

En primeiro lugar, hai que sinala-la conservación na lingua dos fenómenos e feitos da realidade. Distintas realidades da vida cotiá, institucións sociais, ideas etnográficas e relixiosas, ó desaparecer, deixan na lingua as súas pegadas léxicas.

Sucede tamén que para un concepto actual agora mesmo na lingua aparece un novo sinónimo que resulta máis competitivo có seu antecesor. Observamos esta situación en око - глаз, 'ollo' e *чек - стража* 'garda'. Nestes casos, xa son máis probables as influencias das forzas dinámicas interiores do sistema lingüístico sobre a arcaización e non dos factores exteriores, extralingüísticos. Sobre todo, hai moitas manchas escuras na fala vulgar, nos dialectos ou nas xergas profesionais. Máis exactamente, os enigmas lingüísticos veñen á lingua destas esferas da fala. Máis concretamente dialectalismos como *тютелька* 'machadazo' ou переплет 'encadernación/pesqueira' (no significado especializado de 'trampa trenzada para o peixe') nunca se utilizaron na lingua literaria separados dos fraseoloxismos. Entraron na súa carne e óso dende o principio como partes das correspondentes combinacións de palabras e deixaron o emprego

independente como prerrogativa do dialecto ou da fala profesional.

A terceira das causas esenciais da formación dos fraseoloxismos con palabras ou con significados escurecidos son os préstamos. En expresións do tipo *в ажуре* 'o asunto está solucionado, todo está ben', *с первого абцуга* 'no mesmo intre, inmediatamente, en seguida' ou *мозги набекрень miolos inclinados para un lado* 'estúpido, tolo' os elementos estranxeiros *жур, абцуг* e *бекрень* están transplantados ó terreo ruso directamente coas súas raíces. A incomprensión destas palabras e do sentido profundo das expresións non é máis que o resultado da incomprensión do estraño. Nos casos de *под колпаком debaixo do caparucho*/*campá* ou *не в своей тарелке non no seu prato* 'non a gusto' a aparente comprensión convértese nunha pseudocomprensión, e para aclarala completamente cómpre volver ó ambiente lingüístico orixinal onde se creou esta imaxe.

En fin, unha fonte importante da "escuridade" das palabras é a súa escritura incorrecta. V. I. Chernixov subliña que precisamente unha transmisión indescifrable "por medio da grafía" leva a aparición de múltiples erros no texto (Чернышев, 1970: 313-316). Cita, ademais doutras, a anotación errónea feita por P. V. Kireevski dunha canción popular:

> Конем у ворот шурмовал, /Дубовые вереюшки расшатал.[339]

Aquí en vez de *конем* 'co cabalo', polo visto, cómpre ler *копьем* 'coa lanza', porque nun refrán antigo ruso conservouse a contraposición tradicional de *конь* 'cabalo' e *копье* 'lanza': «Конем воевать, а копьем шурмовать»[340], onde шурмова́ть significa 'manexar unha arma punzante, esgrimir'. Xa vimos, cales eran as dificultades que presenta a distinción do erróneo e do correcto nun texto tan antigo como *Cantar sobre as tropas de Ígor*[341]. Por iso, o traballo do textólogo é afín ás excavacións arqueolóxicas: cómpre ir levantando pacientemente capa tras capa para descubri-la primitiva cultura antiga.

Durante estas "excavacións na palabra", o lingüista-arqueólogo ten que estar seguro de que detrás de cada capa cultural se agacha outra máis e máis... Non quere dicir que as capas lingüísticas se sobrepoñan simplemente unha enriba da outra, senón que unha penetra noutra ata mesturarse. Como resultado, os límites entre as palabras bórranse, as relacións lóxico-asociativas escurécense, as combinacións de palabras fanse ríxidas, inseparables e, por iso, incomprensibles. B. A. Larin escribía:

> Hai poucas posibilidades para discuti-la tese de que tódalas "combinacións inseparables" (locución idiomática, adherencias fraseolóxicas) apareceron como resultado dunha serie de deformacións da expresión verbal do pensamento, outrora bastante clara, sen dobre plano e concreta, que correspondía ás normas da lingua viva na estructura gramatical, na composición léxica, no contido semántico. A unidade, a integridade semántica fórmase antes, máis rapidamente. Para que a inseparabilidade gramatical "madure" precísanse séculos (Ларин, 1956: 212).

Ó quitar estas capas seculares reconstruímos de feito as normas daquela lingua viva, no seo da cal se formou a imaxe fraseolóxica primitiva.

---

[339] "Esgrimía *co cabalo* diante das portas, /Quebrantei os postes de carballo".
[340] "Guerrear co *cabalo* e esgrimi-la *lanza*".
[341] *Слова о полку Игореве*.

A reconstrucción desta imaxe non é unha tarefa inútil. Supón profundar na cultura e na vida cotiá do pobo que creou a nosa lingua e comprende-la alma do pobo e a filosofía popular. Ademais desta tarefa culturolóxica xeral, "a excavación nas palabras" ten unha meta máis pragmática, máis prosaica. Esta meta é a loita pola cultura da fala. Non é casual que a pregunta "¿Dicimos correctamente?" a miúdo se resolva nos certames etimolóxicos. Veremos máis dunha vez cómo os fraseólogos solucionan as disputas (por exemplo, sobre o problema de ónde caeu a desventurada galiña, во щи 'na sopa xi' ou в о́щип 'desplumárona') e cómo a resolución dunha disputa inflúe na sanción dunha ou doutra norma ortográfica ou ortoépica.

Pero, sen dúbida, ademais dunha alta tarefa linguo-filosófica e dunha meta pragmática, a comprensión das orixes do incomprensible na lingua é atractiva simplemente porque para a xente é natural aspirar a resolve-los enigmas. E atopa enigmas lingüísticos dende os primeiros días da súa vida "verbal". Ó asimila-las palabras novas, ó le-la terminoloxía especial con atención, ó chocar con xiros e expresións insólitas, imos afastando paso a paso cada vez máis a barreira da incomprensión. Superar esta barreira na lingua é posible só ó chegar ó fondo.

III

O PAGANISMO NA LINGUA

3.1. As ideas mitolóxicas e a fraseoloxía

3.1.1. O corvo, Deus e un anaco de queixo

Lémoslle ó noso fillo a fábula de Krilov *O raposo e o corvo*. Escoita por primeira vez esta antiga parábola e, quizais tamén por primeira vez, entende a boa e sabia lección de que un pode perdelo todo cando o adulan en exceso. Escoita e, coma tódolos nenos, ten unha viva reacción ós acontecementos que se desenvolven. Dise ó final: «O queixo caeu e o ladroeiro marchou con el».

O neno suspirou e quedou pensando. Víase que lle daba pena o corvo inxenuo porque o pérfido raposo armoulle a gaiola. E, de repente, a súa cara ilumínase cun raio de esperanza e pregunta:

> —¿Papá, a que el lle vai mandar máis queixo? ¡Que o corvo é bo, non engana ninguén!
> Agora teño que pensar eu:
> —¿Quen é este el?
> —Pois o mesmo que lle mandou o queixo.

Entón entendo que o meu fillo interprete á maneira del, literalmente, o inicio da fábula no que «dunha vez Deus mandoulle un anaco de queixo ó corvo». Entendo que Deus para el é unha especie de home bo que lle mandou ó corvo, como agasallo, o desgraciado producto pola súa boa conducta. E, como a bondade e a inxenuidade, conforme ás leis do conto, deben ser recompensadas, a posibilidade de que el lle mande outro anaco é

bastante factible. Entendo que dende o punto de vista do meu fillo el mandou o queixo probablemente dunha maneira moderna, é dicir, coma un paquete postal, onde os avós adoitan mete-los regalos para os netos. Así, o mito de repente chega a ser realidade, e agardo inquedo a seguinte pregunta infantil:

—¿Papá, quen é este Deus?

¿Que lle contesto?

¿Que estou absolutamente convencido de que Deus non existe porque son ateo? ¿Entón como se explica a aparición do queixo do corvo? Se nos poñemos a facer reflexións lingüísticas sobre o feito de que a combinación *бог послал Deus mandou* é só un fraseoloxismo que empregamos sen pensar no significado das palabras que o forman e de que o percibimos como un todo (‘atopou por casualidade’), esvaecerase o encanto do conto.

¿Que Deus é un ser fantástico que, segundo as crenzas supersticiosas, rexe o mundo e che presta axuda se lle rezas e suplicas? Esta explicación, sen dúbida, encaixa moi ben no mundo do conto, onde, como ben saben os nenos, se encontran as cousas máis fantásticas, dende os animais que falan ata o morteiro voador de Baba Iagá. Pero esta explicación non descobre a esencia do mito sobre Deus nin tampouco nos dá idea das múltiples imaxes de Deus nos distintos pobos e nas distintas relixións e culturas.

¿Quizais é mellor responder cun artigo do *Diccionario do ateo*, onde Deus se define como «un ser supremo dotado dun intelecto superior, de perfección absoluta, omnipotente, que creou o mundo e o rexe», no que, segundo as crenzas cristiás, se personifican conceptos humanos como a verdade, a bondade e a beleza (KAC, 36)? Pero, para o anaco de queixo que lle tocou ó desventurado corvo, esta interpretación quizais é algo difícil e rebuscada. Imaxínome a súa substitución no texto da fábula: «O ser supremo dotado dun intelecto superior e creador do mundo mandoulle un día un anaco de queixo ó corvo...». Non parece o verso de Krilov...

Sen embargo, o meu fillo non me fixo a pregunta esperada sobre Deus. E, como se soe dicir, gracias a Deus (*слава богу*). Pero, tal vez, precisamente aquela noite naceu en min o desexo de escribir este capítulo.

Na nosa lingua, así como nas linguas de tódolos pobos sen excepción, consérvanse moitas pegadas de antigas crenzas sobre Deus, o Universo e as causas primeiras da aparición de tódolos seres na terra. Por moito que a civilización vaia deixando atrás as inxenuas crenzas mitolóxicas, estas non abandonan a nosa fala, senón que se transforman, “cambian de cor imitando a actualidade”, adquiren outra aparencia semántica e estilística.

É difícil enumerar tódalas expresións, refráns e ditos rusos nos que o núcleo significativo é só a palabra *бог* ‘Deus’. E non sempre é posible, ó descifralos, substituílos, coma na estrofa da fábula, por unha interpretación xeneralizada “unha forza superior, un ser supremo, que está por encima do mundo”:

слава богу *gloria a Deus* ‘gracias a Deus’

бог знает что	*Deus sabe qué* ‘sabe Deus’
бог весть	*Deus sabe* ‘sabe Deus’
не дай бог	*Que non deixe Deus* ‘Deus nos libre de que’
царь и бог	*Tsar e Deus* ‘estar coma Deus’
ради бога	*por Deus* ‘por Deus’
ни боже мой	*nin meu Deus* ‘de ningunha maneira’

Esta palabra disolveuse na aliaxe de toda a combinación de palabras, cortando os fíos semánticos que outrora a uniran coa mitoloxía, e vive unha vida moderna na época da dominación do átomo e da cosmonáutica.

Por iso, os lexicógrafos, que teñen un medo supersticioso a que alguén os acuse de fervor relixioso, poñen unha anotación-epitafio xunto a estas palabras e expresións. Así, no *Gran diccionario da Academia* o xiro *С богом! con Deus!* ‘¡Que Deus te axude!’ caracterízase como anticuado e acompáñase cunha cita de Puxkin:

> Soou a forte voz de Pedro:
> “¡Empecemos! *¡Con Deus!* [¡Que Deus nos axude!]”.
> (*Poltava*).[342]

Aínda é cedo para dar de baixa e meter no arquivo histórico este desexo ruso de sorte e éxito igual á nosa *Спасибо* ‘gracias’, resultado da aglutinación dunha combinación parecida de palabras con valor “desiderativo” *Спаси бог! ¡Salva Deus!* Non é casual que na novela curta do autor contemporáneo Viacheslav Veselov *Alerta*[343] os pilotos soviéticos empreguen esta expresión:

> Á volta vexo como despegan os avións do noso grupo. Agora elevaranse e ocuparán a súa posición na formación de combate.
> —Xefe —soa a voz de Levchuk— tódolos acompañantes están nos seus postos.
> E, coma un disparo, soan as palabras do xefe:
> —¡Rumbo! ¡Veña! ¡Adiante! *¡Con Deus!* [¡Que Deus nos axude!] (V. Veselov, *Viaxe,* M., 1979, páx. 181).[344]

Non hai que estrañarse disto. Un exemplo deste emprego de palabras e expresións “consagradas” outrora pola relixión dánnolo os que teñen tódalas posibilidades de convencerse da veracidade das ideas ateas, é dicir, os cosmonautas. O 11 de outubro de 1980, despois de pasar 185 días na estación espacial de investigación científica “Salut-

[342] “Раздался звучный глас Петра: /“За дело, с богом!”. (*Полтава*).
[343] *Тревога.*
[344] “На развороте я вижу, как взлетают самолеты нашей группы. Сейчас они наберут высоту и займут место в боевом порядке.
- Командир, - подает голос Левчук, - все ведомые на месте.
И, как выстрел, командирское:
- Курс! Ну двинули, с богом!”. (В. Веселов, *Путешествие.* М., 1979, с.181).

6", aterrou a nosa tripulación: o xefe da nave Leonid Popov e o enxeñeiro de a bordo, o piloto-cosmonauta da URSS Valeri Riumin. Os xornalistas fixéronlle a V. Riumin a típica pregunta:

> —¿Alégrase vostede de volver á Terra?
> —¡Meu Deus! ¡Claro que si!— Contestou el.

Os "restos" lingüísticos das crenzas mitolóxicas son un fenómeno natural. A lingua non só conserva estes "restos", senón que os renova e reinterpreta. Precisamente por iso se conservan durante un período tan longo e con tanto coidado no seu tecido vivo. A vida metafórica de moitas palabras e expresións permite acumular na lingua moitos feitos da cultura espiritual que nunca sospeitaríamos se non houbera algunha palabra que servira de marca para a nosa memoria. Por iso, L. V. Uspenski no artigo especial "É posible, ¡por Deus!"[345], publicado na revista *Ciencia e relixión*[346] (1965, Nº4, p.62-66), considerou necesario pronunciarse categoricamente en contra da persecución das palabras e dos xiros que remontan a ideas relixiosas.

A volta ás "raíces mitolóxicas" destas palabras e xiros permite ver tralos mitos o mundo real e moi duro no que vivían os nosos devanceiros. Pois, en definitiva, os mitos máis fantásticos son só un espello da realidade. F. Engels escribía en *Anti-Dühring*:

> Calquera relixión non é máis que un espello fantástico na cabeza da xente daquelas forzas exteriores que dominan a súa vida cotiá e, ó espellarse, as forzas terrestres adquiren a forma das supra-terrestres.

E despois fai unha breve historia da relixión, que camiñou dende a simple personificación da natureza a través do politeísmo ata a creación do mito sobre un único creador do universo, Deus:

> Ó principio da historia son, antes que nada, as forzas da natureza as que se espellan e as que, coa evolución posterior, se someten ás personificacións máis diversas e variadas nos distintos pobos. [...] Pero axiña xunto coas forzas naturais empezan a actuar as forzas sociais, que ó principio son para o home tan estrañas e tan inexplicables coma as forzas da natureza, e estas domínano coa mesma necesidade aparente cás forzas naturais. As imaxes fantásticas, que ó principio espellaban só as forzas misteriosas da natureza, reciben, logo, os atributos sociais e vólvense representantes das forzas históricas. Nunha etapa posterior da evolución todo o conxunto de atributos naturais e sociais da multitude de deuses transpásanse a *un* deus omnipotente que, á súa vez, é só o reflexo dunha persoa abstracta. Así xurdiu o monoteísmo.[347]

A lingua, que conservou as pegadas das distintas etapas da asimilación da natureza e da sociedade pola conciencia humana a través da mitoloxía, en realidade, resulta ser un mito con moitas capas. Quitando capa tras capa deste mito, imos penetrando pouco e pouco na profundidade da antiga visión do mundo e témo-la posibilidade de ve-la vida

[345] "А, ей-богу, можно!"
[346] *Наука и религия.*
[347] F. Engels*: Anti-Dühring o la revolución de la ciencia de Eugenio Dühring: introducción al estudio del socialismo*. Traducción ó castelán de José Verdes Montenegro y Montoro. Madrid: Ciencia Nueva, 1968, p.341-342.

dos nosos devanceiros cos nosos propios ollos.

Xustamente as digresións histórico-etimolóxicas indican directamente as fontes "materiais" da mitoloxía. A denominación eslava máis antiga de Deus é a palabra *бог*. As súas denominacións de nivel elevado —*творец* 'creador', *всевышний* 'altísimo', *вседержитель* 'omnipotente', *вышний* 'altísimo', *предвечный* 'eterno'— apareceron máis tarde, no seo da doutrina cristiá sobre un único Deus. Se nos remontamos á etimoloxía da palabra *бог*, veremos que está relacionada con palabras eslavas como a rusa dialectal *збóжье* 'pan feito de trigo, centeo ou avea; riqueza', a ucraína *збíжжя* 'pan feito de trigo, centeo ou avea; riqueza', a bielorrusa *збóжже* 'pan feito de trigo, centeo ou avea; riqueza', a polaca *zbożе* 'bens, abundancia, riqueza, pan de cereais'; a checa e a eslovaca *zboží*, *zbožit* 'propiedade, mercadorías', a da lingua de Alta Lusacia *zbože* 'gando, propiedade' e da Baixa Lusacia *zbóžo* 'gando, propiedade' ou coa sánscrita *bhágas* 'ben, felicidade, benestar' e despois o antigo indio *bhagah* 'riqueza, felicidade'. Ó principio o significado da palabra *бог*, polo tanto, é 'o que distribúe bens materiais, riqueza e felicidade'. En realidade, as palabras rusas *богатый* 'rico', *богатство* 'riqueza' teñen a mesma raíz ca *бог* 'Deus' e ata agora aínda conservan expresamente as pegadas do antigo significado "material". A función "distribuidora" de Deus sublíñase en distintas expresións fraseolóxicas e refráns:

дай бог	*Dá, Deus* '¡Deus queira que!
не дай бог	*Non deas, Deus* '¡Deus nos libre!'
бог дал - бог взял	*Deus o deu, Deus o quitou* 'Iavé deu, Iavé quitou[348]'

Como vemos, a digresión etimolóxica devolveunos outra vez á fábula de I. A. Krilov. Resulta que a percepción literal infantil da frase sobre Deus, que lle mandou ó corvo un anaco de queixo, non está moi lonxe da súa primitiva realidade mitolóxica. Realmente, para entende-la expresión *бог послал Deus mandou*, o máis importante é a función "distribuidora" de Deus. Non é casual que I. Ilf e E. Petrov acentuaran esta función facendo da expresión *чем бог послал co que Deus mandou* un xogo satírico:

> O tímido Alexander Iakovlevich en seguida, sen tardar, invitou o inspector de incendios [349] a xantar co *que Deus lle mandara*.
> Aquel día *Deus mandoulle* a Alexander Iakovlevich para xantar unha botella de vodka zubrovka, cogomelos caseiros, arenque con patacas, borsch ucraíno con carne de primeira calidade, arroz con polo e compota de mazás secas. (*Doce sillas*).[350]

Na expresión tradicional, na de Krilov *бог послал Deus mandou* hai algo de sorte: na

[348] Xob 1, 21.

[349] A *inspección de incendios* é o servicio estatal de prevención de incendios e de control de que tódalas empresas e lugares públicos teñen activas as medidas cautelares axeitadas.

[350] Застенчивый Александр Яковлевич тут же, без промедления пригласил пожарного инспектора пообедать чем бог послал.
В этот день бог послал Александру Яковлевичу на обед бутылку зубровки, домашние грибки, форшмак из селедки, украинский борщ с мясом первого сорта, курицу с рисом и компот из сушеных яблок. (*Двенадцать стульев*).

mitoloxía eslava (MHM, 450-456) atopamos unha correlación entre as palabras *бог* 'deus' e *доля* 'parte, sorte, destino' (que é a personificación da sorte, da felicidade que concede Deus). E, ó mesmo tempo, hai un matiz de carácter casual desta sorte, do seu carácter non programado: non debe sorprendernos que o corvo perdese o queixo dado que llo mandou Deus.

Pensando neste enigma da providencia divina que me presentou o meu fillo, atopei outro problema mitolóxico. O tema da fábula do corvo e o raposo é moi antigo. Esta fábula contouna xa o pagán Esopo, que adoraba non un, senón unha multitude de deuses da antiga Hélade. ¿Cal destes deuses precisamente podía mandarlle ó corvo un anaco de queixo?

Resulta que, falando rigorosamente, na fábula de Esopo non aparecía nin o queixo, nin Deus, nin o corvo. A súa fábula empeza simplemente:

> Un corvo estaba pousado nunha árbore e tiña no bico un pedazo de carne que pillara do chan. Un raposo que o viu quíxolle tira-la carne para papala el...

Despois cóntase a xa ben coñecida historia que acaba cunha ensinanza breve, pero cun significado máis amplo cá de Krilov: «É apropiada a aplicación desta fábula a unha persoa pouco razoable».

O queixo aparece moito máis tarde, na fábula do francés Jean de La Fontaine (1621-1695) *O corvo e o raposo*, na que se conta en forma de poema o argumento de Esopo:

> O mestre corvo pousado nunha árbore
> tiña no pico un queixo
> O mestre raposo atraído polo olor
> díxolle, máis ou menos, con estas verbas:
> ¡Ei! Bos días, señor corvo:
> ¡Que elegante é! ¡Que guapo me parece!

Os poetas rusos na maior parte das súas traduccións tiñan como referencia precisamente a fábula de La Fontaine, aínda que transmitiron de maneira distinta a elegante delicadeza do corvo francés. Sen embargo, na versión dun dos antecesores de Krilov non é a providencia divina a que lle manda o queixo ó corvo. V. K. Trediakovski transmite o principio da fábula de La Fontaine da seguinte maneira:

> O corvo atopou queixo nalgures;
> E subiu con el á árbore que máis lle gustou.
> O raposo quixo comelo,
> Para conseguilo pensou gaba-lo corvo...".[351]

Na versión de A. P. Sumarókov en vez do corvo aparece a choia pero, coma antes, consegue o queixo ela mesma:

> Os paxaros seguen o oficio do home:
> A choia un día levou un anaco de queixo,

[351] "Негде ворону унесть сыра часть случилось; /На дерево с тем взлетел, кое полюбилось. /Оного захотелось лисице вот поесть; /До того домочься б, вздумала такую лесть...".

e pousouse no carballo.[352]

Resulta que só Krilov, ó traducir a La Fontaine, utilizou a expresión rusa *бог послал Deus mandou*. Para el, coma sempre, a interpretación rusa deste argumento da fábula non era unha simple corrección estilística, senón unha radical transformación nacional. L. V. Xerba explicou as causas. Durante un ano académico, a mediados dos anos 20, tivo un seminario no Departamento de Letras do Instituto de Historia da Arte. O tema do seminario era "Comparación das fábulas de La Fontaine e de Krilov *O corvo e o raposo*". Por desgracia, este curso quedou sen publicar. Pero, segundo os recordos do catedrático E. M. Isserlin, que asistira ó mesmo, era unha das primeiras experiencias de comentario estilístico de texto. Gran coñecedor da lingua e das realidades francesas, Xerba comentaba cada estrofa, cada palabra e cada expresión dos textos comparados, prestando atención ós pormenores que caracterizaban dunha maneira moi viva a vida cotiá francesa e rusa.

Precisamente dende posicións linguopaisolóxicas, L. V. Xerba explicou por qué o corvo francés de La Fontaine só ten o queixo no pico cando está pousado nunha árbore, mentres que a choia rusa de Krilov o recibe do mesmo Deus. O caso é que o queixo para os franceses era, dende había moito tempo, unha comida común: comíano os campesiños, os simples cidadáns, os nobres. Cada provincia tiña as súas propias queixerías e os seus propios queixos. Por iso, non hai nada sorprendente en que o corvo teña no seu pico o queixo: para el era un achado habitual, igual que para o corvo de Esopo un anaco de carne.

Para a choia rusa a situación nos tempos de Krilov era diferente: tivera que voar durante moito tempo polas cidades e polas vilas para levar un anaco de queixo, como se ve nos versos de Trediakovski e Sumarókov: o queixo, a dici-la verdade, ó que estamos afeitos agora, era daquela un producto ultramarino, raro, comíano só os nobres e os ricos. A palabra *сыр* 'queixo', aínda antiga, preeslava, tradicionalmente designaba en Rusia o requeixo. V. I. Dal interpreta a palabra neste mesmo sentido, engadindo un comentario linguopaisolóxico sobre o proceso de elaboración do "queixo" ruso:

o leite fermentado métese no forno e cóase o soro da parte callada (Даль, IV, 376).

Con este queixo-requeixo podían alimentarse os campesiños na aldea e o proletariado urbano. Deste mesmo queixo trátase na famosa comparación rusa que caracteriza a vida libre e abundante, *как сыр в масле кататься rodar como o queixo na manteiga*. Estarán de acordo, sen embargo, en que ningún paxaro, e menos a choia, que anda coa cabeza no aire, podería ter durante moito tempo este queixo en "anacos" ou en "anaquiños". O que agora chamamos queixo aínda no século pasado se especificaba co epíteto *немецкий* 'alemán': segundo a definición de V. I. Dal, «chámase queixo ó queixo alemán feito do leite acabado de muxir, salgado e desecado e que ten forma cilíndrica» (IV, 376). Importaban en Rusia tales "alemáns" como o suizo, o inglés, o italiano, o holandés e o francés. Diferentes queixos rusos aínda conservan ata agora nos seus nomes epítetos especificativos do tipo *голландский* 'holandés'.

[352] "И птицы держатся людского ремесла: /Ворона сыру кус когда-то унесла, /И на́ дуб села."

Pero volvamos outra vez ó "queixo de cada día", ó que Deus lle mandara á nosa choia. L. V. Xerba co seu comentario linguopaisolóxico explicou dunha maneira moi sutil por qué Krilov necesitaba a expresión *бог послал Deus mandou* para caracteriza-la presente situación. Naquel entón a choia podería achar un "anaquiño de queixo" só por unha feliz casualidade, porque os campesiños rusos nunca tal viran diante. E precisamente nesta expresión, que conservou o simbolismo da función "distribuidora" de Deus, hai, como xa se dixo, un matiz de sorte casual que tiña moita importancia para o autor de fábulas ruso. Debido a tódolos niveis semánticos desta expresión, a fábula chegou a ser realmente do pobo e claramente nacional. Así é como os nosos fillos perciben este conto didáctico de Krilov.

3.1.2. Deuses, ídolos, imaxes e tótems

A palabra rusa *бог* 'Deus' na maioría das nosas expresións espella a idea monoteísta dos cristiáns dun único e omnipotente creador do Universo. A *бог послал Deus mandou* de Krilov non é ningunha excepción aínda que, como vimos, aquí o significado primitivo, "pagán", desta palabra convive bastante ben co cristián ortodoxo. Este feito particular é unha das manifestacións da "dualidade da fe" rusa, da simbiose orgánica das ideas pagás e cristiás, que se inicia nos tempos do bautismo de Rusia no ano 988 durante o reinado do príncipe de Kiev Vladímir Sviatoslávovich.

Na lingua rusa hai moitas expresións fixas e xiros metafóricos que refutan claramente "dende dentro" as intepretacións semánticas cristiás posteriores e que nos volven ás ideas pagás dos deuses. As exclamacións *Бог мой! ¡Meu Deus! Боже мой! ¡Meu Deus!* e a expresión anticuada *Счастлив твой бог! ¡Que o teu deus estea feliz!* (estas palabras dinse da persoa que esquivou unha desgracia ou un castigo) conservan as pegadas claras do anterior politeísmo típico dos pagáns [353]. O contido literal destas expresións, en principio, non queda lonxe da xerarquía dos deuses, maiores e menores, conforme a cal, cada clan, familia ou ata cada persoa tiñan as súas propias imaxes. Só en Roma, por exemplo, contaban con varios millóns de deuses domésticos de distinta categoría. Calquera pagán, polo tanto, tiña a posibilidade real de dirixirse coas palabras *Мой бог! ¡Meu Deus!* precisamente ó seu deus.

O contido pagán da palabra *бог* 'Deus' na lingua rusa amosouno exactamente V. I. Dal, quen, sen embargo, precisou, por temor ó clero, que esta acepción está relacionada cos contactos dos rusos con outros pobos: «Chámase deus a un ser supremo en xeral,

[353] Nas conversas para esta traducción galega o autor matizou que hoxe non lle parece que a vella expresión paneuropea *Meu Deus* leve implícita a conciencia de que hai outros *deus teu, deus del, deus voso* ou *deus deles* e que, en consecuencia, dificilmente pode ser reliquia do vello politeísmo. Considerou esta razón: Xesús na cruz, antes de morrer, berra *Eloí Eloi, lama sabachtaní* (Mt 27,45), "Meu Deus, Meu Deus ¿por que me abandonaches?" e é inverosímil que Xesús pensase nun deus particular del, distinto do Deus pai de tódolos homes, porque ese monoteísmo paternal universal era a esencia da súa predicación, pola cal estaba dando a vida.

segundo as ideas do pobo de que se trate, e, por iso, o plural *боги* 'deuses' significa os falsos creadores, os gobernadores do universo para distintos idólatras; e os mesmos ídolos ou os seus tótems chámanse deuses, deidades, divindades» (Даль, I, 103). As ilustracións desta interpretación, que están escollidas na súa totalidade da fala popular e que son sobre todo refráns e ditos rusos tradicionais, testemuñan claramente que temos diante nosa as pegadas da idolatría rusa e non estranxeira:

Где жить, тем богам и молиться	*Onde vivires, rezarlle ós deuses de alí*
Не гони бога в лес, коли в избу влез	*Non mánde-lo deus para o bosque se estás na casa*
Каков бог, такова ему и свеча	*Como é o deus así é a candea*
Что богу молиться, который не милует	*qué razón ten rezarlle ó deus que non perdoa*

Entre as ilustracións de Dal hai ditos que se burlan do deus ortodoxo igual ca dos pagáns:

Не тому богу попы наши молятся	*Os nosos popes*[354] *rézanlles ós deuses falsos* 'adoran o becerro de ouro'
Плохого бога (идола) и телята лижут	*Ata os becerros lamben o falso deus (ídolo)* 'dise dunha persoa de pouca influencia, á que non se lle ten ningún respecto e á que non teñen en conta nin os máis submisos'.
Всем богам по сапогам	*A cada deus un par de botas* 'darlle a cada un o que queira'
Карманный бог помилует	*O deus do peto perdoará* 'librareime pagando'

A causa desta convivencia das ideas cristiá e pagá de Deus, tan opostas mutuamente no plano ideolóxico, pódese explicar pola gradación da transformación e do arraizamento dunha mitoloxía noutra. O académico B. A. Ribakov, que investigou estas ideas como un "conxunto pagán", subliña o carácter particular da súa evolución: «O novo non substitúe o vello, senón que se sobrepón a este, engádeselle. A análise demostra que no conxunto das ideas relixiosas das épocas posteriores sempre están presentes, dunha ou doutra maneira, as ideas das épocas anteriores. Poden estar debilitadas, desprazadas a un segundo plano, algo transformadas, pero seguen sendo perceptibles case ata os nosos días» (Рыбаков, 1974: 4). Onde mellor se conserva esta "percepción" do primitivo paganismo na denominación máis antiga da divindade entre os eslavos é na lingua.

[354] *Pope* chámase o cura ruso.

Está claro que a reconstrucción dos cultos eslavos pagáns non pode ser reducida só ás digresións etimolóxicas, aínda que —como demostraron os traballos dos máis notables especialistas en mitoloxía eslava como A. Brückner (Brückner, 1918; 1924), V. V. Ivanov e V. N. Toporov (Иванов, Топоров, 1965; 1974), N. I. Tolstoi (Толстой, 1974; 1976), etc.—precisamente o material lingüístico é a información que ten maior peso, e moitas veces é suficiente. A investigación da mitoloxía é unha tarefa complexa que esixe un esforzo compartido de lingüistas, arqueólogos, historiadores, etnógrafos e folcloristas. Hai dous camiños para a reconstrucción dos cultos pagáns: por un lado, recorrendo ós distintos tipos de descricións das ideas pagás máis antigas dos pobos indoeuropeos en comparación co material eslavo; por outro, estudiando as fontes folclóricas, investigando os "vestixios" pagáns dos santos do culto popular canonizados pola igrexa ortodoxa (Успенский, 1982: 3). Escollendo o segundo camiño, por exemplo, o catedrático da Universidade de Moscova B. A. Uspenski descubriu a complicada interacción dos principios pagán e cristián no culto de San Nicolao en Rusia.

Nicolao, na conciencia relixiosa rusa, ocupaba un lugar excepcional e achegábase, segundo o grao de adoración, á Virxe e ata ó mesmo Xesucristo. Tódolos estranxeiros que chegaban a Rusia nos séculos XVI-XVIII reparaban en que se adoraba a Nicolao coma ó mesmo Deus e que o día de san Nicolao se consideraba a festa máis importante, preferida mesmo á Pascua. Foron precisamente os estranxeiros os que empezaron a chamarlle "deus ruso" a este santo ruso. Nos *Anais de Moscova* de Martin Behr (1612), por exemplo, fálase dun austríaco que chegou a Rusia nos tempos de Boris Godunov, «foi bautizado, renegou do deus que profesara dende a infancia... e adorou o deus ruso Nicolao [*der Gott Nikolaus*]».

En distintos tipos de *bilinas* curtas cóntase a miúdo como os heterodoxos (tártaros, buriatos, etc.) salvábanse de afogar ou de seren atacados polo oso precisamente porque invocaban en tempo o "deus ruso". Esta función "salvadora" de Nicolao deu orixe ó refrán *Велик русский бог O deus ruso é grande* ou *Русский бог велик O deus ruso é grande*. B. A. Uspenski, que conta este e moitos outros feitos, supón que a expresión *русский бог deus ruso* xurdiu nun ámbito heterodoxo e só despois os mesmos rusos empezaron a empregala.

No uso popular o refrán *Русский бог велик O deus ruso é grande*, que ó principio se empregaba "con toda seriedade", adquiriu co tempo un matiz irónico especial, que soubo transmir moi sutilmente V. I. Dal nas súas *Lendas rusas*[355]:

> As caravillas da miña carruaxe rompen xusto polo medio... e, de repente, ¡bendito sexa o *deus ruso*!, vexo un xitano indo polo camiño, un ferreiro.

Aquí hai unha alusión clara ó famoso refrán ruso que xurdiu da expresión *русский бог deus ruso* mediante a súa ampliación xocosa:

Русский бог - авось, небось да как-нибудь	*Para os rusos o deus son as casualidades*[356].

[355] *Червонно-русские предания.*

[356] Os rusos confían nas circunstancias casuais como en Deus.

P. A. Viazemski empregou nun poema seu o xiro *русский бог deus ruso* precisamente con esta idea implícita do refrán:

> O deus das fochas, o deus das xistras,
> O deus dos camiños veciñais,
> O deus da pousada sen leito,
> así é o *deus ruso*.[357]
>
> (1854).

Nesta capacidade para mofarse dos seus deuses, ata dun tan venerado en Rusia como o "deus ruso" Nicolao, maniféstase a forza do carácter popular, que moitas veces se combina cunha despreocupada falta de fe. As raíces desta "falta de fe xunto coa súa dualidade" lévannos ó afastado pasado pagán en que os eslavos, así como tódolos pobos pagáns, adoraban ídolos e imaxes.

Agora percibímo-las comparacións e os xiros só en sentido figurado.

как идол	*coma un ídolo* 'estar pasmado sen facer nada'
как истукан	*coma un tótem* 'estar pasmado sen facer nada'
стоять идолом	*estar de pé coma un ídolo* 'estar pasmado sen facer nada'
сидеть истуканом	*estar sentado coma un tótem* 'estar pasmado sen facer nada'
сотворить себе кумира	*facerse unha imaxe* 'ter un ídolo'
возводить кого-либо в кумир	*facer de alguén unha imaxe* 'crear un ídolo'

Todas estas palabras chegaron á lingua rusa procedentes dos textos do eslavo antigo, onde estaban cheas dun contido pagán concreto e designaban as estatuas, as esculturas dos deuses e das divindades eslavas.

Desta "trindade" mitolóxica (*идол* 'ídolo', *истукан* 'tótem', *кумир* 'imaxe') só un nome é ruso autóctono. A palabra *идол* 'ídolo' entrou no eslavo antigo procedente do grego, onde ten o significado literal de 'imaxe, simulacro, representación' (compárese as palabras coa mesma raíz: *идея* 'idea', *идиллия* 'égloga'). O máis probable é que os turco-búlgaros do tsar Asparugh (643-701) trouxeran a palabra *кумир* 'imaxe' á patria de Cirilio e Metodio e, á súa vez, eles a tomaran da lingua alano-osetina *gumeri*, *goymīri* 'xigante', 'moca', 'ídolo'. Os ecos desta palabra consérvanse na lingua dos descendentes dos búlgaros do Volga: no chuvaxio *кӳмеркке* 'corpo', *кӳмерккӗлӗ* 'groso', etc. (Льввов, 1965; 1969: 182). (Por certo, o eslavo antigo tomou prestadas dúas denominacións máis de ídolo: do turco *блъванъ* e do escandinavo antigo *стодъ*). E só a

[357] "Бог ухабов, бог метелей, /Бог проселочных дорог, /Бог ночлегов без постелей, /Вот он, вот он, русский бог".

palabra *истукан* ‘tótem’ é derivada dunha auténtica base eslava. É o participio de *истукати* ‘gravar, fundi-lo metal’, é dicir, ‘unha estatua do deus pagán gravada ou fundida en metal’. Polo visto, a palabra *истукан* ‘tótem’ ó principio servía dunha especie de traducción ou interpretación da emprestada *идол* ‘ídolo’. Por iso, nos monumentos antigos rusos do século XI emprégase máis a miúdo como participio *истуканьныи* ‘esculpido’, ou ben en combinación co substantivo *бес* ‘demo’, ou ben paralelamente co sinónimo *идол* ‘ídolo’:

> Non adoréde-los esculpidos polo demo. Non adóre-los esculpidos, non te axeonlles diante do ídolo.[358] (Ср., I, 1155).

A mesma parella de sinónimos *идол - истукан* ‘ídolo-tótem’ emprégase nos diccionarios rusos máis antigos. Nun deles, investigado polo catedrático K. S. Kovtún, atopámo-la seguinte definición da combinación:

> Chamaráselle “ídolo” ó que está feito de cobre ou prata: as imaxes esculpidas, é dicir, voluminosas, por fóra vense prateadas e douradas, mais están baleiras por dentro porque están soldadas; outros din que o “ídolo” é o que está tallado en madeira ou gravado en prata, pero é ídolo todo o que está tallado, gravado ou soldado”.[359] (Ковтун, 1977: 88).

Como vemos, o autor deste antigo diccionario é partidario da acepción literal da palabra *истукан* ‘tótem’: relaciónaa só co verbo *истукати* ‘fundir unha estatua de metal baleira por dentro’, e propón chamarlles ós ídolos tallados en madeira coa palabra *истесанные* ‘tallados’. Polo tanto, pódese supoñer que a palabra *истукан* ‘tótem’ se formou a partir de combinacións do tipo *истукан идол tótem-ídolo, истукан бѣс tótem-demo* mediante a elipse dos substantivos. O máis significativo é que en moitos textos similares do eslavo antigo vese que a “trindade” mitolóxica de palabras non é máis que unha denominación dos deuses pagáns eslavos semellante á denominación de Nicolao polos estranxeiros.

Está claro que coa introducción do cristianismo en Rusia se lles presentou ós sacerdotes un problema terminolóxico bastante difícil: separa-lo concepto verbal cristián de Deus, único e omnipresente, do politeísmo pagán. Para designa-lo Ordenador do mundo, evidentemente, foi empregada a palabra *богъ* ‘deus’, que xa era coñecida e familiar para os eslavos e que correspondía, en certa medida, ó concepto mitolóxico de Deus dos cristiáns. Era practicamente imposible introducir aquí a palabra grega *theos* porque o mesmo concepto do deus cristián podía parecerlles ós acabados de bautizar igual de alleo e estraño ca esta palabra. Desta maneira a influencia ideolóxica sobre os antigos habitantes de Kiev sería debilitada. Seguir chamando coa palabra *богъ* ‘deus’ a aquelas divindades pagás que foron derrubadas polo cristianismo xa non era posible dende o punto de vista do monoteísmo. Por iso, quizais, os mestres eslavos escolleron a grega *идол* ‘ídolo’, a búlgara *кумир* ‘imaxe’ e a eslava descriptiva *истукан* ‘tótem’ para o

[358] “Не поклонистася истоуканьнымъ бѣсом»; «Не поклонься истоуканнымь, колѣноу же не прѣклонь идоломъ”.

[359] “Стуканное наричется, еж что сотворено в мѣди или сребрѣ: идоли истуканіи, рекше дутыя, извну бо видятся идоли сребрены и златы, а средина их пуста, понеже спаянием сотворено; інии же глаголют были истуканное, еж что сѣчивом из древа истесано или сребряно что выбоичатое, но убо ино есть истукан і ино истесан, і ино выбоичат, і ино испаян”.

panteón pagán. Este carácter "estraño" e esta "efemeridade descritiva" das denominacións subliña que o panteón pagán é alleo e de segunda orde.

Esta visión dos deuses pagáns vén da Biblia, onde os apóstolos e os pais da Igrexa lles chaman demos. E. V. Anichkov, que dedicou unha investigación especial á historia do paganismo na Antiga Rusia, subliña que esta actitude levaba a cala-los nomes dos deuses, mesmo a súa mención considerábase un pecado contra a Igrexa. Isto tiña a súa orixe no chamamento de Xosué Nabí, axudante e sucesor do profeta do Antigo Testamento Moisés:

> Nin pronunciedes sequera o nome dos seus deuses[360]...

e tamén nas palabras do salmo:

> Eu non quero [...] nin pronunciar cos meus labios os nomes deles[361] (Аничков, 1914: 107-109).

Ó mesmo tempo, na Antiga Rusia existía outra visión dos deuses pagáns, conforme a cal, ó principio eles eran simples persoas e despois, segundo as leis do culto dos devanceiros, divinizáronos. Esta actitude tolerante respecto ós deuses pagáns é característica do *Cantar sobre as tropas de Ígor*[362]. Ó seu autor non lle dá medo chamalos polos seus nomes e cantalos (Лихачев, 1978: 29-30).

A visión relixiosa do paganismo, sen embargo, prevaleceu na literatura eslava antiga, e os eslavos Volos, Perún e Dajd'bog deixaron de ser deuses con antigos nomes sonoros e convertéronse en ídolos demoníacos sen nome contra os que a ortodoxia rusa loitaba con obstinación.

¿Como era o panteón pagán en Rusia nas vésperas da batalla decisiva entre o monoteísmo e o politeísmo?

Atopámo-la resposta a esta pregunta en *Crónica dos anos afastados*[363], así como, por outra parte, en moitos outros monumentos históricos e arqueolóxicos.

O ano 980. Vladímir Sviatoslavovich conquistou o trono do gran principado de Kiev. Ó intentar unir Rusia baixo o poder político da súa cidade capital, crea o panteón pagán da Antiga Rusia. Sobre o outeiro de Perún (onde agora se cruzan dúas rúas de Kiev, Vladímirskaia e Desiatnaia) manda poñe-las imaxes de seis deuses: Perún, Ghors, Dajd'bog, Stribog, Simargl e Mokox. Cada un deles, segundo supoñen os historiadores (por exemplo, E. V. Anichkov, Iz. E. Borovski, B. A. Ribalov), era a divindade superior dunha das tribos orientais eslavas, dos poliane, drevliane, severiane, sloveni de Ilmen', dregovichi e krivichi.

Dende o punto de vista do cronista cristián, este fortalecemento e "ampliación" do panteón pagán recibía, dende logo, unha valoración negativa, xa que en vez dos sacrificios a Perún, que se adoraba na Rusia de Kiev como o deus superior, despois da

[360] Libro de Xosué, 23, 7.
[361] Salmo16 (15), 4
[362] *Слово о полку Игореве*.
[363] *Повесть временных лет*.

creación do santuario dos "seis deuses" os sacrificios dos habitantes de Kiev multiplicáronse por seis en correspondencia co número de imaxes. O cronista conta este acontecemento da seguinte maneira:

> E Vladímir empezou a gobernar en soidade en Kiev, e pousou as imaxes no outeiro que estaba detrás do patio do pazo, a imaxe de Perún feita de madeira coa cabeza prateada e bigote dourado, despois as de Ghors, Dajdbog, Stribog, Simargl e Mokox. E facíanlles sacrificios chamándoos deuses, e levaban os seus fillos e fillas, e estes sacrificios estaban destinados ós demos e profanaban a terra cos seus sacrificios. E a terra de Rusia profanouse co sangue e aquel outeiro tamén» (cita de: Боровский, 1982: 45).

A "asociación" dos seis deuses con cadansúa tribo, por suposto, non significaba que as outras tribos eslavas non os recoñecesen en absoluto. A fe pagá baséase precisamente na combinación de deuses de distinta importancia, función e escala. Simplemente un dos membros do panteón considerábase o patrón principal da tribo e os outros, os seus subordinados. Confírmano non só os templos pagáns dedicados ós mesmos deuses en territorios moi distintos (por exemplo, había un santuario de Perún en Nóvgorod), senón tamén a divulgación do nome da divindade. Así, o nome dos eslavos orientais de Dajd'bog relaciónase co Dabog dos eslavos meridionais e Dachbog dos occidentais.

Existe unha ampla literatura dedicada a cada un destes nomes mitolóxicos, onde, ás veces, a función ou a localización dunha ou doutra divindade pagá se interpreta de maneira moi contradictoria. A pesar de todo, o papel dos seis deuses pagáns enumerados polo cronista está bastante definido. Como, segundo as palabras de F. Engels, «a tendencia á personificación creou deuses por todas partes», o panteón de Kiev non era ningunha excepción.

Cada deus seguía sendo aquí, en certa medida, un símbolo dos elementos básicos da natureza, que eran moi importantes para a vida cotiá das tribos agrícolas eslavas, e, desta maneira, espellábanse na súa vida espiritual. Non é casual que, para o cronista, Perún ocupe o primeiro lugar e sexa a figura central do panteón. Ata o outeiro onde están pousados os outros deuses leva o seu nome. Este deus, así como o seu "parente" báltico, Perkunas, era, por un lado, a divindade da tormenta e do raio, "dador da chuvia", de quen dependía a fertilidade, e, por outro, era o deus da guerra e das armas. Ghors e Dajd'bog eran divindades relacionadas co sol (aínda que, probablemente, a primeira delas designaba o astro de noite e non de día), o que lembra o seu nome poético de *netos de Stribog* (Stribog é o deus do sol), que mandaban frechas dende o mar no *Cantar sobre as tropas de Ígor*[364]. A etimoloxía e a función de Simargl non están claras, xa que a mesma escritura do seu nome nas crónicas presenta unha gran diversidade: *Симаргл, Семургл* ou *Сим* e *Ръгл*. Só está claro que este era o nome da divindade dunha tribo dependente de Vladímir Krasnoe Solnixko (Vladímir Sol Bonito).

A única representante feminina do "xénero divino" neste panteón era Mokox. O seu nome está relacionado con *мокнуть* 'mollarse', *мокрый* 'mollado'. Personificaba o principio feminino da natureza, era a divindade da auga, da chuvia, da tormenta e, polo

[364] *Слово о полку Игореве*.

tanto, da fertilidade, é dicir, é coma se fose a media laranxa de Perún. Ó mesmo tempo, era patrona da artesanía feminina, principalmente do fiado.

¿Que aspecto tiñan os "grandes deuses" dos eslavos?

O cronista contesta en parte a esta pregunta cando describe a estatua de Perún coa cabeza prateada (probablemente é unha insinuación da primacía das canas) e co bigote dourado. A crónica de Gustin' (crónica ucraína de principios do século XVII) complementa esta descrición: Perún tiña as pernas de ferro, os ollos de pedras preciosas e na man unha frecha de pedra cuberta de xacintos orientais. A imaxe de Perún presentaba un aspecto algo diferente no templo de Nóvgorod dedicado a este deus. Estaba nun alto outeiro na beira esquerda do Volghov, tiña un pesado pao de carballo e miraba cara ó leste. Ó redor da estatua ardían oito fogueiras.

Por desgracia, non se pode saber case nada sobre o tamaño de Perún e doutras imaxes eslavas a través das fontes escritas e arqueolóxicas: as esculturas de madeira non soportaron o paso do tempo. ¿É posible que tiveran un tamaño tan descomunal coma o famoso Coloso con pernas de barro, o ídolo co que soñara o rei Nabucodonosor, segundo conta a Biblia? O mesmo adxectivo *колоссальный* 'colosal' chegou a ser unha valoración de algo excepcionalmente grande e desmesurado.

O ídolo co que soñara Nabucodonosor ten certo parecido coas imaxes de Perún descritas polos nosos cronistas, así como tamén se lle parecen outros ídolos pagáns:

> A estatua era enorme, o seu brillo extraordinario, erguíase diante de ti e o seu aspecto era terrible. A cabeza da estatua era de ouro puro; o peito e mailos brazos, de prata; o ventre e mailos cadrís, de bronce; as pernas, de ferro; e os pés, parte de ferro e parte de barro (Daniel, 2, 31-33).

A diferencia do ídolo eslavo Perún Lanzatronos, os pés de barro resultaron se-lo punto débil deste xigante bíblico. Como se sabe, de repente unha pedra que se desprendeu dunha montaña foi bater contra os pés de barro da estatua, esnaquizounos, e tódolos metais preciosos e non preciosos de que estaba feita volvéronse po e o vento arramplou con eles sen deixar rastro. A pedra que derrumbara o primeiro coloso da historia transformouse nunha montaña enorme que enchía toda a terra. O soño resultou premonitorio porque un coloso tan rico e tan potente como o do reino de Babilonia que gobernaba Nabucodonosor, en realidade caeu baixo a presión dos persas. Caeu o reino, os mitos da Biblia son desprestixiados, pero a expresión *колосс на глиняных ногах coloso cos pés de barro* 'dise de algo ou de alguén que aparentemente é moi seguro ou forte pero que en realidade é vulnerable' (na lingua rusa é un internacionalismo bastante serodio) segue vivindo en moitas linguas modernas recordando o xigante co que soñara o rei de Babilonia.

Dende logo, a nosa fantasía está disposta a imaxina-las estatuas do panteón de Kiev como poderosos xigantes. Sen embargo, o seu tamaño, tal vez, era moito menos maxestoso do que pode parecer. As estatuas de madeira non se conservaron, pero os arqueólogos describiron bastante ben os ídolos de pedra, de barro e de metal que se encontraron durante as excavacións. Probablemente o máis coñecido é o ídolo de Zbruch, unha estatua de pedra sacada en 1848 do río Zbruch cerca de Gusiatin (comarca

de Ternopol'). Despois da introducción do cristianismo en Rusia o ídolo foi tirado ó río. É un poste con catro caras, dun pouco máis de dous metros de altura, cunha cabeza con catro rostros e que ten posto o gorro do príncipe da Antiga Rusia. Os catro lados desta escultura están decorados con tres filas de imaxes: na ringleira superior, a vivenda dos deuses, o ceo; na do medio, a terra coa xente que a habita; e na inferior, o mundo subterráneo, o outro mundo que está habitado polas forzas do máis alá. Na ringleira celeste está en primeiro plano a deusa coa cornucopia, cerca dela o deus da guerra coa espada. O ídolo de Zbruch compárase coa divindade dos eslavos occidentais Sviatovit, que tiña como centro de culto a cidade báltico-eslava de Arkón na illa Rügen (Alemaña). Este ídolo, así como o de Zbruch, tiña catro caras, na man levaba un corno e ó lado tiña colgada unha espada, adorábano como o deus dos bosques, da fertilidade, do sol, do lume e da guerra.

O templo dos séculos X-XII e o culto de Sviatovit están descritos polo cronista danés Saxón o Gramático (1140-circa 1208), contemporáneo e testemuña dos ritos pagáns dos eslavos. A curiosidade máis grande do templo de Sviatovit, que descansaba sobre catro postes e estaba cuberto por un tellado vermello, era o cabalo branco. Os sacerdotes utilizábano para predici-lo futuro. Para decidir se tiñan que empeza-la batalla ou non, aproximaban o cabalo a tres filas de lanzas: se o cabalo tropezaba co pé esquerdo era mal agoiro, se co dereito era bo augurio.

Este antigo rito lémbranos involuntariamente a expresión moderna *встать с левой ноги erguerse co pé esquerdo* 'erguerse co pé esquerdo, saírlle todo mal a un, estar de mal humor, estar de mala uva', que remonta precisamente a estas accións pagás baseadas nas crenzas da contraposición do principio do ben e do mal, da cor negra e da branca, do lado esquerdo e do dereito. Estes símbolos pasaron felizmente dos pagáns ós cristiáns e na actualidade son realmente internacionais. Non é casual a correspondencia da expresión rusa *встать с левой ноги erguerse co pé esquerdo* coa inglesa *get out of bed with left leg* ou coa francesa *se lever du pied gauche*, que se adoitan explicar a través da crenza cristiá de que cada persoa ten un espírito-patrón, bo ou malo, que está presente do lado dereito ou do esquerdo. É evidente que para os cristiáns o anxo da garda está á dereita e o demo tentador á esquerda, como nas crenzas dos adoradores eslavos do ídolo de Arkón. Outros moitos sinais relaciónanse con estes símbolos supersticiosos: tropezar co pé esquedo, desgracia; erguerse pola mañá co pé esquerdo, empeza-lo novo día baixo o poder do mal espírito; colle-lo exame coa man esquerda, suspendelo, etc. (Ходин, 1975: 103-104). Algunhas das normas europeas de cortesía teñen a súa orixe neles: por exemplo, considérase que o home ten que andar do lado esquerdo da muller, xa que non fai falta demostra-la natureza anxélica do sexo belo. Como vemos, en todos estes casos o cristianismo uniuse estreitamente co paganismo.

3.1.3. O principio divino da fin pagá

Ata agora a nosa lingua garda coidadosamente moitos rudimentos da antiga adoración dos ídolos pagáns, así como outras supersticións semellantes. Non sospeitamos cántos

"mitoloxismos" oímos ou pronunciamos non só cada día, senón cada hora.

Velaquí as palabras que empregamos a cada paso *хорошо* 'ben', *хороший* 'bo'. Moitos etimólogos están convencidos de que están relacionadas co nome do deus eslavo do sol, Ghors (*Хорс*), que ocupa o segundo lugar na serie de imaxes do outeiro de Perún. Era unha divindade das fortes tribos do sur, entre elas dos torcos, que sufriron unha importante influencia das tribos iranianas, dos escito-alanos. A relación do nome de Ghors (*Хорс*) coas palabras avésticas, do persio medio e do persio novo coa mesma raíz, que significan 'sol brillante', non é casual. Os cambios fonéticos de *Хорс* (Ghors) en *хороший* corresponden ó sistema lingüístico do eslavo oriental: o nome ó principio pasou a ser adxectivo * *xors-j-ъ*, a combinación *-or-* entre vocais chegou a ter vocalismo pleno (compárese *корова* (korova) 'vaca' e a preeslava **korva*) e a combinación *sj-* deu *š*.

Algúns etimólogos dubidan da adecuación da relación entre *Хорс* e *хороший* 'bo' e derivan a última de *хоробрый* (ghorobrii), *храбрый* 'audaz'. Os paralelismos semánticos con outras linguas, sen embargo, confirman a posibilidade de que esta palabra tan querida polos rusos sexa de proveniencia "solar". Así a polaca *świetny* 'espléndido, belo, excelente' deriva directamente de *świat* que agora significa 'mundo, universo' e que orixinariamente tiña o significado de 'luz'e incluía tanto a do sol como a da lúa. A palabra checa *skvělý* 'excelente' remonta tamén á antiga *svьtěti* 'lucir, alumar'.

Palabras tan usadas no ruso como *ладно* (ladno) 'vale, ben', *ладный* (ladnii) 'guapo, ben posto, ben feito', *наладить* (naladit') 'axustar, organizar' e as expresións *пойти на лад poñerse en marcha cara ó ben* 'marchar ben', *жить в ладу vivir no acordo* 'conxeniar', *на свой лад ó seu ben* 'á súa maneira' non están menos vinculadas co nome doutra divindade pagá, Lado. A dici-la verdade, non estaba incluída no panteón do príncipe Vladímir, pero na *Crónica de Gustin*, que tiña unha sección dedicada ós deuses de Vladímir, este ídolo menciónase ó lado doutros como Cupalo, Coliada e Pozvizd ou Poghvist.

Nas palabras e nas expresións formadas a partir da raíz *лад* (lad) ata agora consérvase unha idea común, que se pode caracterizar como "acordo e concordancia" e que ten un especial ton solemne na expresión popular de reconciliación rusa *Помирились? Ну и ладушки!* '¿Reconciliástesvos? Pois, ben'. Isto é unha característica da divindade Lado, que era o patrón do matrimonio, do benestar familiar e da alegría; e a súa muller, Lada, era a deusa da maternidade. A saúde e a felicidade dos familiares e o nacemento dos fillos dependía da súa actitude respecto ós seus supeditados. Lado era tamén o deus da primavera e do amor e Lada era a deusa da xuventude, da beleza e da fertilidade, conforme á ben clara combinación de atribucións na mitoloxía. As mozas chamaban a primavera dirixíndose a ela e o nome deste "matrimonio divino" sempre soaba nas cancións de voda.

Na xa citada *Crónica de Gustin* do ano 988 chámaselle a Lado "o deus infernal" e compárase primeiro con Plutón, o deus grego do mundo dos mortos, e despois con Baco, o deus da alegría e das forzas fértiles da terra. Polo visto, esta característica tan contradictoria está provocada pola intención do bo cristián de subliña-lo carácter

pecaminoso e pagán deste deus. Ó mesmo tempo, o cronista non pode deixar de mostrar simpatía cara este deus bondadoso. En todo caso, a súa descrición (en realidade, collida dun texto do século XVII) resulta un relato etnográfico obxectivo con detalles curiosos sobre os ritos nupciais:

> Crían que o cuarto Lado (que é Plutón), o deus infernal, era o deus do matrimonio, da alegría, da consolación e de todo benestar, como Baco para os helenos. Os que querían casar ofrecíanlle sacrificios para que coa súa axuda o amor e a felicidade reinaran no seu matrimonio. Ata agora, en distintos lugares, nos bautizos e nos banquetes aínda celebran con cancións a este demo, a Lado, e aplauden ou baten as mans contra a mesa e moitas veces mencionan a Lado nas súas cancións.[365] (citado por: Сл.-спр., III: 47; compárese Рыбаков, 1981: 399).

Esta múltiple mención dos nomes de Lado e de Lada condicionou a súa longa vida na nosa lingua. Unha vida brillante e dobre dende hai moito tempo porque xa en *Cantar sobre as tropas de Ígor*[366] Lada é unha metáfora e non o nome directo da divindade. As donas que amaban os seus homes chamábanos cariñosamente con esta palabra. Iaroslavna, cando chora na muralla de Putivl, chama coa palabra *лада* (lada) 'amor' polo seu Ígor:

> ¡Oh, Dnepr Slovutich! ... Coidába-las barcas de Sviatoslav ata levalos onda as tropas de Kobiak. Lévame a min xunto a miña *lada* [o meu amor] para que non lle envíe pronto as miñas bágoas ó mar![367]

Dende logo, hai unha gran distancia entre os antigos pagáns que aplaudían o Baco ruso nos bautizos e nas vodas, a cristiá Iaroslavna e algún ateo moderno que, ó da-la man, pronuncia as palabras de reconciliación *Ну, ладно!* ¡*Ben, vale!* Pero, a pesar de todo, esta supérase coa idea ruso-eslava de "benestar" (*лад* (lad)) que ata agora expresan as palabras e as expresións con esta raíz.

Pódense atopar infinitas pegadas da boa convivencia entre o antigo paganismo e a lingua rusa moderna no noso léxico. O mapa xeográfico de Rusia ou as guías telefónicas das grandes cidades están cheas de nomes semellantes. Así, o centro do distrito Volosovo na comarca de Leningrado garda a memoria do templo pagán dedicado ó deus do gando dos eslavos de Ilmen, Volos. Por certo, en Kiev tamén había unha imaxe súa, pero non estaba no outeiro de Perún, senón en Podol, cerca do río Pochaina. En *Vida de Vladímir*[368] cóntase como o gran príncipe acabou con este deus:

> Mandou tira-lo ídolo Volos, tamén chamado o deus do gando, ó río Pochaina[369]

---

[365] "Четвертый Ладо (си есть Pluton), богъ пекелный; сего вѣрили быти богомъ женитвы, веселия, утѣшения и всякого благополучия, якоже Еллины Бахуса; сему жертвы приношаху хотящии женитися, дабы его помощию бракъ добрый и любовный былъ. Сего Ладона, бѣса, по нѣкакихъ странахъ, и донынѣ на крестинахъ и на брацѣх величають, поюще своя нѣкия пѣсни, и руками о руки или о столь плещуще, Ладо, Ладо, преплетающе пѣсни своя, многажды поминають".

[366] *Слово о полку Игореве*.

[367] "О Днепр Словутич! ...Ты лелеял на себе Святославовы челны до полку Кобякова. Прилелей же, господине, мою ладу ко мне, чтобы не слала я к нему слез на море рано!".

[368] *Житие Владимира.*

[369] "Волоса идола, его же называли скотьим богом, повелел в Почайну реку сбросить".

Pero a vila de Volosovo, o nome da rúa de Volosovo en Nóvgorod e outros moitos topónimos seguen gardando aquilo que rechazou completamente o príncipe Vladímir.

Neste aspecto tivo moita sorte Mokox, que entrou no panteón de Kiev: o seu nome ten tres realizacións onomásticas: serve de teónimo, nome da divindade; de hidrónimo, forma parte do nome do afluente dereito do río Oka, Mókxa; e de patronímico, forma o apelido Mokxin bastante divulgado en Rusia (compárese tamén Mokxanov, Mokxev, Mokxantsev). N. F. Mokxin, que dedicou á etimoloxía do seu apelido e do topónimo que o orixinou un artigo especial, ten toda a razón cando relaciona, acertadamente, o significado lingüístico real da raíz *мок-* coas asociacións mitolóxicas e doutro tipo desta denominación (Мокшин, 1976).

Nembargantes, interésannos máis as palabras cás expresións que conservan a memoria do paganismo eslavo. Nas linguas eslavas consérvase unha multitude de testemuños fraseolóxicos directos de divindades semellantes a Perún, Lado ou Ghors, a pesar de que os prudentes coleccionistas de refráns e ditos (e aínda máis prudentes redactores) non sempre incluían nos seus libros tales relictos lingüísticos. Na única recompilación de František Čelakovský *Sabedoría do pobo eslavo*[370], editada en 1851, hai un capítulo especial dedicado a estes xiros (Čel., 596-600). Velaquí algúns fragmentos desta valerosa fonte:

(checo) *Ах, Ладо, Ладо! Сердце сердцу бывает радо!*	*¡Oh, Lado, Lado; un corazón alégrase por outro!* ‘apelación a Lad, o antigo deus ruso do amor e do matrimonio’
(polaco) *делать Леля, Полеля, Хвиста, Похвиста*	*adorar, creándolles ídolos, a Lel, Polel Ghvist e Poghvist*[371] ‘facer algo con neglixencia, sen ganas’
(checo) *будешь бит как Святовид*	*serás golpeado como Sviatovid* ‘serás golpeado duramente’
(ucraíno) *Щоб тебе Чорний бог убив!*	*¡Que te mate o Deus Negro*[372]*!* ‘fórmula de maldición’
Щоб на тебе Див прийшов!	*¡Que o demo veña a por ti!* ‘fórmula de maldición’
(lingua da Alta Lusacia) *он просит об этом, как Приполница*	*Pide isto coma Pripólnitsa*[373] ‘mendiga con insistencia’
(checo) *сердит, як Рарашек*	*está incomodado coma Raráxek*[374] ‘está moi enfadado, moi

[370] *Мудрословие славянского народа.*
[371] Lel e Polel son os deuses da alegría e da primavera. Ghvist e Poghvist son os deuses do vento.
[372] O Deus Negro é un dos deuses máis importantes da Rusia de Kiev.
[373] Pripólnitsa é un espírito feminino do agro que aparece non campo ouveando ou laiándose.
[374] Raráxek é un espírito maligno checo.

descontento’

etc.

Todos estes personaxes mitolóxicos, antes de entraren nos ditos, recibiron culto como ídolos, perseguidos polo cristianismo e formaron parte do folclore. Cada un deles está cuberto e envolto en asociacións supersticiosas.

É difícil entende-lo sentido figurado da fraseoloxía sen coñecer estas asociacións. Algunhas das expresións mencionadas están relacionadas co mito de Pripolnitsa (‘a de mediodía’), coñecida non só polos serbios de Lusacia, senón tamén por tódolos eslavos, aínda que tiña distintos nomes. Segundo as crenzas, saía do bosque durante a sega ó mediodía e pedía insistentemente a comida “do sacrificio”.

No listado citado vemos algúns deuses pagáns xa coñecidos como Lado, Poghvist e Sviatovid. Outros lembran os heroes míticos, que non teñen unha imaxe e unhas funcións definidas no sistema de mitos eslavos.

O conxuro ucraíno *Щоб на тебе Див прийшов!* *¡Que te mate o deus negro!* lévanos unha vez máis ó fragmento escuro de *Cantar sobre as tropas de Ígor*[375].

> ¡O sol cortoulle o camiño coas tebras; as tebras, anunciando a tormenta, despertaron cos tronos os paxaros; os animais empezaron a asubiar. Div empezou a moverse, berra na punta da árbore —mándalles escoitar ás terras descoñecidas, ó Volga, a Pomorie, a Suroj, a Korsun’ e a ti, ídolo de Tmutarakán! (*Cantar sobre as tropas de Ígor*, 7).[376]

Ata agora segue viva a discusión sobre o problema de a quén chamaban co nome *див* (div) os antigos rusos: se a divindade pagá, se o sinistro paxaro-sibila que prevén ós polovtsi das tropas inimigas de Ígor Sviatoslavovich, que se dirixen contra eles, ou se ... a un polovets salvaxe (*дивый, дикий*), que estaba sentado nunha árbore e despois caeu ó chan (*уже връжеса дивь на землю*).

Hai moi pouco o doutor en ciencias técnicas N. Drojquin na revista *Teknhica-molodeji*[377] (1983, Nº·3: 58-59) relacionou este personaxe mítico co bandido das bilinas rusas Solovei-razboinik e co demo peludo do poema de Nizami *Iskander-name* (século XII). Nizami conta que este demo foi utilizado na batalla entre os rusos e os rumos na rexión do Cáucaso. Estaba armado cun pao de ferro que tiña un gancho e «era tan rudo e robusto que a súa dura pel chegou a parecerse á casca das árbores», ademais el, igual có demo de *Cantar sobre as tropas de Ígor*[378], prefire durmir nas pólas das árbores. N. Drojquin conclúe que este demo non é máis que un homínido parecido ó ieti, o home das neves de Pamiro, ou ó “home-oso” dos cerrados bosques lituanos.

Quizais cómpre deixar suposicións tan atrevidas para os estudiosos das ciencias exactas.

---

[375] *Слово о полку Игореве*.

[376] “Солнце мраком путь ему загородило; тьма, грозу суля, громом птиц пробудила; свист звериный поднялся; Див забился, на вершине дерева кличет - велит послушать земле незнаемой, Волге, и Поморью, и Сурожу, и Корсуню, и тебе, тьмутараканский идолище!” (*Слово о полку Игореве,* 7).

[377] *Техника - молодёжи*.

[378] *Слово о полку Игореве*.

Para o lingüista é máis convincente a relación da palabra *див* (div) con outras denominacións das divindades: *бог, господь, перун*, etc. (Georgiev, 1972). Dende o punto de vista etimolóxico, a palabra *див* está relacionada co nome do deus dos eslavos orientais *дьий*, mencionado no texto dos eslavos do sur *Calvario da Virxe*[379] e coas denominacións iraniana e armenia do maligno ser mítico *дэв*. Teñen unha relación directa con esta palabra as denominacións da divindade comúns para os baltos (lituana *diẽvas*, letona *dievs*, prusiaca *deiws* 'deus') e múltiples denominacións eslavas das forzas do mal relacionadas co bosque (non é casual que o demo «berre dende a punta da árbore») formadas a base da raíz *див-* (div-): checa *divý muž* (literalmente: *persoa salvaxe*), *divá žena* 'muller salvaxe', polaca *dziwoźna*, serbios de Lusacia *dźiwja žona*, *dźiwica* (Иванов, Топоров, 1965: 173). As últimas palabras designan uns seres fantásticos semellantes ós espíritos rusos do bosque (*domovoi*) ou da auga (*vodianoi*).

E nas palabras e expresións rusas que teñen esta raíz, sobre todo nas dialectais, aínda se senten as repercusións do antigo carácter mitolóxico: *диво дивное milagre milagroso* 'é raro, sorprendente', *ди́вно* 'ter medo, temer' (Tambov, Riazan'), *дива́чка* 'muller rara', *дивóк* 'persoa rara, extravagante' (meridional, occidental), etc. Esta mesma raíz mitolóxica, conforme ás leis da evolución de *Хорс* en *хороший*, dá a palabra rusa dialectal (Perm') *дивьё* 'ben':

> Estás ben cun fillo só.[380]

Nun territorio aínda máis amplo, en todo o Norte ruso, está estendida a palabra *дивья́* 'ben, con facilidade, con liberdade, con soltura'.

Polo visto, todos estes feitos testemuñan que son parentes mitolóxicos directos do Div *(Див)* da obra *Cantar sobre as tropas de Ígor*[381] tanto a palabra ucraína *Див* da maldición

Щоб на тебе Див прийшов!	*¡Que veña o Deus Negro por ti!* '¡Que te leve o demo!'
Щоб на тебе диво прийшло!	*¡Que o espírito maligno veña por ti!* '¡Que te leve o demo!'

como as expresións semellantes

А диво на тебе	*¡E que o espírito maligno veña por ti!*¡Que te leve o demo!'
Диво на тебе зайшло!	*¡E que o espírito maligno veña por ti!* '¡Que te leve o demo!'

(Фр., I, 557-558)

Polo tanto, podemos analiza-la palabra *Див* dentro da mesma serie cás denominacións dos deuses pagáns de Rusia de Kiev. Isto confírmanolo unha das fontes máis antigas e

[379] *Хождение богородицы по мукам*.
[380] "Дивьё тебе с одним-то ребенком".
[381] *Слово о полку Игореве*.

interesantes da mitoloxía pagá eslava, *Tratado sobre os ídolos*[382], composta a principios do século XII. Escribiuna un erudito da catedral de Sofia en Kiev, centro da loita contra o paganismo e a dualidade de fe na Antiga Rusia. Traduciu ó antigo eslavo o texto grego *Palabra de Gregorio o teólogo* e fixo, ó mesmo tempo, unha serie de comentarios sobre o paganismo ruso, o seu panteón e ritos, e tamén propuxo a periodización obxectiva da fe pagá dos eslavos (Рыбаков, 1981: 8-30). No *Tratado sobre os ídolos*[383] o autor conta que ó principio os eslavos adoraban os *вампиры* 'vampiros' e os *берегини* 'espíritos protectores', que personificaban a natureza; despois, a antiga divindade agrícola *Род* (Rod), que administraba as forzas da natureza, e as súas compañeiras *рожаницы*, que lle traían benestar e unha boa colleita á xente. Só durante a última etapa do desenvolvemento do paganismo aparece o culto a Perún que substituíu ós antigos deuses. Neste monumento *Дива* (Diva), a divindade dos eslavos pagáns, menciónase ó lado de ídolos de tanta autoridade como Perún, Mokox, Ghors, Rod, Pereplut e Svarojich. Xa o feito de que *Дива* (*¿Диво* ou *Див?*) ocupe no texto unha posición intermedia, entre a "parella divina" central de Mokox e Perún, é indicativo do seu papel na mitoloxía da antiga Kiev:

> E o pobo eslavo [adora] as sereas e Mokox e Div e Perún... e os vampiros, e as ánimas da auga protectoras do home e Pereplut, e beben dos cornos homenaxeándoo, bailando en roda[384] (Сл.-спр.,II, 29).

Ata agora só falamos da incorporación directa do nome dunha ou doutra divindade á nosa lingua. Pero pode ser que a adaptación, non directa senón mediatizada, das ideas pagás exercera unha influencia aínda máis grande sobre o noso fondo fraseolóxico. Claro está que aquí tamén funcionou a simbiose dos principios pagán e cristián.

Nalgúns casos, aínda que o nome da divindade pagá siga pestanexando dalgunha maneira na forma interior do xiro, este xa se afastou moito das antigas ideas. Así, intentando atopa-las orixes da expresión *без роду-племени sen clan-tribo* 'sen orixes' ou *ни роду ни племени nin clan nin tribo* 'sen orixes' nós, sen dúbida, en primeiro lugar, aludimos ó folclore ruso, onde están moi divulgadas estas combinacións bimembres. *Род-племя clan-tribo* 'parentes, parentela, orixe, xenealoxía' é aquí o representante máis xeneralizado dunha serie de denominacións folclóricas de parentesco que se concretizan nas combinacións:

отец-мать	*pai-nai* 'pais'
тятенька-маменька	*papá-mamá* 'pais'
отец-матушка	*pai-nai* 'pais'
братец-сестрица	*irmán-irmá* 'irmáns'
друзья-братья	*amigos-irmáns* 'amigos e parentes, xente próxima a un'

[382] *Слово об идолах*.
[383] *Слово об идолах*.
[384] "И словеньскыи языкъ [кланяется] виламъ, и Мокошьи, Дивѣ, Перуну... упираемъ, и берегынямъ, и Переплуту, и верьтячеся пьют ему вь розѣхъ".

братцы-товарищи *irmáns-compañeiros* ‘amigos e parentes, xente próxima a un’

etc.

A. T Ghrolenko dálle acertadamente o nome de “arquibinomio” porque esta combinación non só inclúe en si tódalas calidades semánticas das denominacións folclóricas máis concretas de parentesco, senón que sobrepasa os marcos das relacións familiares (Хроленко, 1981: 65). Na tradición das cancións, en efecto, a diferencia das lendas épicas e dos contos, o xiro *род-племя clan-tribo* ‘parentes, parentela, orixe, xenealoxía’ está máis vinculado coa familia campesiña. Por iso emprégase a miúdo como un paralelismo dos binomios *отец-матушка pai-nai* ‘pais’ e *отец-мать pai-nai* ‘pais’:

> Un gran saúdo para os meus *pai-nai* [pais],
> Unha reverencia como agradecemento para a familia.[385]
> (Соб., III, 51).

> Vou contraria-los *pai-nai* [pais],
> Vou fastidia-la familia.[386]
> (Соб., III, 273).

Podemos explicar isto mediante a aparición do xiro *род-племя clan-tribo* ‘parentes, parentela, orixe, xenealoxía’ nos textos das cancións despois de ser adaptado anteriormente por outros xéneros folclóricos e, por iso se fixo algo máis actual. Pois mesmo a súa composición testemuña a súa pertenza á época da organización tribal, na que as relacións de parentesco tiñan unha importancia social diferente e máis ampla ca durante o feudalismo. Non é casual, segundo os datos de A. T. Ghrolenko, que a frecuencia de uso deste xiro nas cancións diminúa na segunda metade do século XIX ó par da extinción da composición de *bilinas*, o que podía ser un reflexo da descomposición das relacións patriarcais na familia rural campesiña.

A combinación bimembre *род-племя clan-tribo* ‘parentes, parentela, orixe, xenealoxía’ amosa moi ben a desigualdade do igual no folclore. Esta parella, que a primeira vista parece unha combinación tautolóxica de sinónimos, despois de examinala con máis atención, amosa unhas diferencias moi importantes no plano terminolóxico. A. A. Potebnia subliñaba que aquí temos unha unión de palabras semanticamente distintas, porque a palabra *род* ‘clan’ designaba para os eslavos os parentes próximos, e *племя* ‘tribo’, os afastados (Потебня, 1968: 416).

A pesar desta diferencia fundamental, estas palabras, dende había moito tempo, non só tendían á aproximación sinonímica, senón que se empregaban case como sinónimas. Atopamos testemuños disto nas crónicas rusas. Na crónica de Ipatiev, por exemplo, encóntrase o seguinte chamamento do príncipe Oleg dirixido a Askold e Dir:

> Non sodes nin príncipes nin do *clan* [liñaxe] dos príncipes.[387]

[385] “Отцу-матушке большой поклон, /Роду-племени челобитьице”.
[386] “Дам назолу отцу-матери, /Дам надсаду роду-племени”.
[387] “... Вы неста князя ни роду кн(я)жя”.

Sobre os mesmos lémo-la seguinte nota do cronista:

> E tiña [o príncipe Rurik] dous homes que non eran da súa *tribo* [liñaxe] pero eran nobres.[388]

Pódense engadir a estes casos os empregos paralelos das palabras *род* e *племя* noutros monumentos da literatura rusa antiga:

> Non eran da familia dos tsares nin da súa liñaxe.[389] (*Cronista Mazúrinskii*[390], século XVII).

Ás veces esta parella sinonímica adquire un significado moi amplo 'xénero humano, xente':

> Todos *son clan e tribo* [son fillos] de Adán. (*Crónica de Nikón*)[391] (citado por: Синочкина, 1975: 52).

O uso máis antigo do xiro *род и племя clan e tribo* como unha única unidade recóllese en *Студийский устав Ustav Studiisqui*, monumento do ano 1193:

> Recorda-lo seu *clan e tribo* [linaxe].[392] (Ср., III: 137).

Segundo as observacións do catedrático R. Eckert, nos séculos XVI-XVII a presente combinación xa se emprega como unha determinada fórmula xurídica na que se di *род и племя clan e tribo*, é dicir, que os parentes non teñen dereito a disputa-lo que se acordou:

> Non lle incumbe a Ulan nin ós seus fillos, nin *ó seu clan* [á súa familia], nin *á súa tribo* [á súa liñaxe] este patrimonio. (Arquivo de Stroev, КДРС- ккерт, 1979: 100).[393]

Despois o xiro *род и племя clan e tribo* foise enriquecendo con novas variantes, e na súa formación xogaba un papel importante a tradición escrita, así como a ampla popularidade desta expresión en distintos xéneros folclóricos rusos. R. Eckert atopa varios fraseoloxismo co núcleo *род и племя clan e tribo*:

род и племя, и род и племя, род да племя, род-племя	*clan-tribo* co significado 'parentes, parentela', 'orixe, xenealoxía'
ни роду, ни племени	*non ten clan nin tribo* 'non ten nin parentes próximos nin afastados', 'só'
без роду и племени, без роду, без племени, без роду-племени	*non ten clan nin tribo, non ten clan, non ten tribo, non ten clan-tribo* 'sen parentes', 'só', 'de

[388] "...И бяста оу него [князя Рюрика] два муже не племени его, но боярина".
[389] "...Не царьска бяше роду, ни от племени царска".
[390] *Мазуринский летописец.*
[391] "Вси бо сіи единъ родъ и племя Адамово" (*Никоновская летопись*)..
[392] "поминате их род племя".
[393] "Нѣть до той вотчины дѣла ему, Улану, и его дѣтемь и роду его, и племяни". (Архив Строева, КДРС - Эккерт 1979. 100).

	orixe descoñecida', 'de baixa estirpe, non nobre'
въ роду и въ племени	*no clan e na tribo* 'entre os parentes próximos e afastados' (nos textos do século XVII que censuran os matrimonios entre parentes).

A primeira vista non cambiou nada o significado xeral desta expresión dende os tempos antigos. Sen embargo, esta impresión está lonxe de ser certa, porque o mesmo concepto de clan (*род*), das relacións entre parentes, reduciuse tanto que baixo *род и племя clan e tribo* entendemos agora, en realidade, só os parentes próximos, a familia. Na antigüidade era un clan no sentido literal da palabra, é dicir, a célula básica do sistema socio-económico en que se asentaba a sociedade primitiva. Isto é precisamente a causa de que atopemos paralelismos da nosa expresión noutras linguas, por exemplo, en serbio-croata (*без рода и ùмена sen clan nin nome* 'descoñecido') e no búlgaro (*рода ни порода nin clan nin xénero* 'non ten parentes próximos'). Estes amosan que o xiro funde as súas raíces na época da unidade preeslava, nos tempos en que o parentesco natural era o único que garantía unha vida relativamente segura nunha sociedade estreitamente unida.

Os nosos devanceiros, sobre todo os eslavos orientais, tiñan, como sabemos polo *Tratado sobre os ídolos*[394], un culto especial a Rod, «a divindade omnímoda do Universo con tódolos seus mundos: o superior, celestial, de onde proceden a chuvia e os raios, o mundo intermedio da natureza e nacemento e o inferior co seu "parentesco ígneo"» (Рыбаков, 1981: 453). Dende o punto de vista etimolóxico é unha divindade coa que está vinculado o nacemento de todo o vivo (compárese *родить* 'dar a luz', *народ* 'pobo'), a natureza coas súas fontes de auga (*родник* 'manancial' e *урожай* 'colleita') e ata o raio, que na lingua antiga rusa se designaba coa palabra *родиа.*

Polo visto, na primeira anotación da nosa combinación aparellada *поминати их род племя lembrarse do seu clan-tribo* conservouse unha alusión indirecta a Rod, a poderosa divindade dos eslavos. A idea mitolóxica da palabra *род* 'clan' na combinación con *племя* 'tribo' percíbese nalgunhas fórmulas dos eslavos orientais:

(Siberia) *клясться родом и плодом*	*xurar polo seu clan e polo seu froito* 'xurar pola súa familia'
(bielorruso) *каб ты прапаў с тваим родам и плодам*	*que desaparezas co teu clan e co teu froito* 'fórmula de maldición para desexarlle a morte a unha persoa e a tódolos seus parentes'

(Эккерт, 1981: 121).

Espellan, en certa medida, a antiga maneira de pensar e testemuñan, así como outras combinacións coas palabras *род-племя clan e tribo*, a gran veneración do clan e do

[394] *Слово об идолах.*

parentesco que caracterizaba a época pagá da historia eslava e que tivo como resultado a divinización de Rod como creador de todo o vivo na terra e, ó mesmo tempo, como protector de tódolos descendentes da "súa" tribo.

Cómpre dicir que no uso actual da fraseoloxía referida á familia (ó clan e á tribo) as pegadas do antigo mitoloxismo poden revivir con nova forza, pero non mitolóxico-ritual, senón expresivo-estilística. Mais non cabe dúbida do seu estilo elevado e da súa eficacia. Velaquí os pensamentos dun dos lectores de *Pravda* sobre o artigo do académico D. S. Lighachiov "Para nós e para os descendentes"[395] publicado nun número de novembro do ano 1979 dese mesmo periódico:

> A imaxe da herba da estepa, do cardo estelado que tirou o vento e non ten ningún vínculo coa terra aínda está diante dos meus ollos. ¿Pero que importancia ten a herba? ¿E se unha persoa coñece a sorte da vida errante do cardo estelado, será feliz daquela? É pouco probable. Sen vínculos espirituais estables, sen senti-las raíces, sen apego á súa familia, á súa propia historia afastada e próxima, á cultura do seu país unha persoa non pode ser completamente feliz. O autor do artigo considera que o ambiente cultural é necesario para a vida moral da mesma maneira que a flora e a fauna para a nosa existencia biolóxica. (*Pravda*, 1980, 15 de marzo).[396]

Nestas liñas o «apego á familia» xa é símbolo do verdadeiro patriotismo, que non parte da orgullosa autogabanza nacional e da separación doutros pobos, senón da profunda relación coa cultura espiritual e o verdadeiro carácter nacional da propia familia e do clan. Neste sentido a expresión *род-племя clan-tribo* sae fóra da órbita das relacións de parentesco e adquire o significado amplo de 'pobo'.

Xa vimos que nas linguas dos eslavos do sur a palabra *род* se combina con outros substantivos:

(serbio-croata) *без рода и имена*	*sen clan nin nome*
(búlgara) *рода ни порода.*	*nin clan nin xénero*

Polo visto, este fenómeno xa existía antes en ruso. Nun dos manuscritos de Polotsk do século XV, por exemplo, encóntrase unha transformación moi curiosa do xiro *род-племя clan-tribo - ни племя, ни хлѣбоеди non son os da tribo nin os que comen o seu pan*: *А ему тыи люди ни племя, ни хлѣбоеди.* Para el esta xente non lle portén, non son parentes del. B. A. Larin, cando caracteriza este xiro como un fraseoloxismo antigo conservado nun monumento escrito, comenta o seu significado primitivo:

> A primeira parte remonta á definición das relacións da época tribal 'non son da mesma tribo', e a segunda explica 'non son os que comen o seu pan'. Isto define o

[395] "Себе и потомкам".

[396] "Образ степной травы перекати-поле, гонимой ветром и не знающей связи с землей, все стоит перед глазами. Но трава что! А если скитальческую участь перекати-поля изведает человек! Будет ли он счастлив тогда? Вряд ли. Без "духовной оседлости", без ощущения корней, питающих жизнь, без привязанности к своему роду-племени, к собственной истории, дальней и близкой, к культуре свой страны не может быть полноценного человеческого счастья. Автор статьи считает: культурная среда так же необходима для нравственной жизни, как растительный и животный мир - для нашего биологического существования." (*Правда*, 1980, 15 марта).

> significado da palabra tribo: 'un colectivo pequeno e estreitamente unido, a familia, a xente da casa que come o pan do mesmo dono' (Ларин, 1975: 107).

É coma se a antiga expresión rusa tendera unha ponte entre a cultura espiritual relacionada coa veneración do clan e de Rod e a cultura material personificada nun dos alimentos máis esenciais dos eslavos, o pan. Pero non hai nada sorprendente nisto, porque na antigüidade o espiritual e o material estaban unidos nun único nó. Non é casual que os eslavos orientais, cando facían sacrificios especiais, materializasen a alta veneración de Rod e dos seres mitolóxicos femininos relacionados con el en forma de alimentos, nunhas *kaxas*[397] especiais, queixos, bebidas e, obrigatoriamente, pan.

O nome Rod na expresión analizada sufriu unha impresionante reconstrucción do seu sentido e cambiouse ata non ser recoñecible, mentres que a súa forma segue relacionándose coa designación das relacións de parentesco nos nosos días, o que axuda en certa medida á reconstrucción mitolóxica.

Sen embargo, sucede que o nome da divindade pagá non dá "pista" mitolóxica ningunha para descifra-la expresión. Collamos, por exemplo, a Mokox, que aparece antes que Div e Perún no *Tratado sobre os ídolos*[398]. Por moito que esforcémo-la nosa memoria, non imos lembrar comparación metafórica ningunha, nin expresión figurada chamativa co nome desta deusa esquecida por todos.

En realidade, agora o seu nome está completamente esquecido, aínda que no século XVI os sacerdotes durante as confesións seguíanlles facendo unha das preguntas obrigatorias ás mulleres: «¿Non fuches adorar Mokox?». Pero o costume que remonta precisamente á súa adoración orixinou, sen embargo, moitos refráns e ditos que foron adaptados en distinta medida pola lingua literaria moderna. Para entende-lo seu sentido mitolóxico, cómpre saber que o día da adoración desta divindade pagá era o venres (MHM II, 169, 357).

O máis coñecido é o xiro *семь пятниц на неделе sete venres nunha semana* 'dise dunha persoa que cambia a miúdo as súas decisións, humor, intencións e que sempre se anda desdicindo'. A combinación preposicional estraña no ruso actual *на неделе*, en vez da "correcta" (máis ben habitual na lingua normativa) *в неделе,* testemuña a súa antigüidade e a súa proveniencia popular. Pero as ideas pagás nas que se basea quizais son máis antigas.

Para os eslavos orientais, despois da introducción do cristianismo os símbolos de Venres (Parasqueva Piátnitsa 'Venres') eran unha especie de continuación das asociacións relacionadas coa adoración a Mokox. As prohibicións típicas para este día eran en gran parte "femininas": o venres estaba prohibido fiar, lava-los nenos, e o que non gardaba xexún o venres podía morrer afogado. Un refrán ruso de maneira moi concisa ameaza coas consecuencias da violación destas prohibicións:

Кто в пятницу дело начинает, у того оно будет пятиться	*Non sairá ben o traballo que se empeza o venres*

[397] Papas de cereais cocidos con leite ou con auga.
[398] *Слово об идолах.*

Facíase un sacrificio peculiar ó Venres: no pozo botaban tecido, estopa, fíos ou la de ovella. Dende había moito tempo, sacrificábanlle mollos de liño e toallas bordadas. En Ucraína estes ritos tiñan o nome de *мокрида* (mocrida), é dicir, unha palabra coa mesma raíz có nome da deusa pagá. En xeral, en Ucraína, Parasqueva Piátnitsa 'Venres' tiña unha adoración especialmente fervorosa. Aínda no século XIX, en distintos, ritos levaban unha muller co pelo longo e solto polas aldeas representando a esta deusa. Quen sabe se no xuramento sobre a santa Piátnitsa 'Venres' da novela de Puxkin *Барышня-крестьянка* existe máis adoración á deusa pagá Mokox ou á santa mártir Parasqueva:

> —¿Non me vas enganar?
> —Non te enganarei.
> —Xúrao por Deus.
> —Xúroo por santa Piátnitsa (Venres), virei".[399]

Para entender moitos rituais, ritos e supersticións relacionados con Parasqueva Piátnitsa, cómpre recordar que Mokox era a deusa da auga, da chuvia, da fertilidade e a patrona da maternidade. Evidentemente relacionábana coas ocupacións femininas. Da mesma maneira cás Moiras gregas ou as Parcas romanas, que fiaban os fíos do destino humano, Mokox era a fiadora divina. Segundo as crenzas populares, axudáballes ás mulleres traballadoras a fiar, aínda que quedaba invisible, revelando a súa presencia só co zunido do fuso. Podía castigar ás fiadoras descoidadas: conforme ás crenzas do Norte de Rusia, non se pode deixa-la estopa na casa pola noite, senón chega Mokox para fiar; é dicir, isto trae mala sorte.

Todos estes atributos de Mokox foron trasladados automaticamente para a cristiá Parasqueva Piátnitsa, á que lle consagraron o día en que había que recorda-los mortos, etc. O nome de Piátnitsa 'Venres' foi outorgado á "santa e mártir" Parasqueva, que o pobo adoraba dunha maneira especial: a construcción das sete igrexas ofrecidas, que había outrora na Praza Roxa de Moscova en honor de Parasqueva Piátnitsa, non era casual. O seu día era "tributario": facíanse oficios eclesiásticos, íase polas casas cos iconos e non se traballaba (Макс., 63-74; Медведев, 1977: 184-185).

Os venres, especialmente na primavera e no outono, eran, ó mesmo tempo, días comerciais e, polo tanto, cumprimento do prazo de distintos compromisos comerciais e do pagamento das débidas. O que non cumpría o seu compromiso prometía cumprilo no seguinte día de feira, tamén venres. Á persoa que facía sistematicamente estas "promesas" empezaron a chamala *у кого семь пятниц на неделе a que ten sete venres nunha semana*, é dicir, a que cambia a miúdo as súas decisións, humor, intencións e que sempre se anda desdicindo. É curioso que o refrán ruso *У бабы семь пятниц на неделе A muller ten sete venres nunha semana* conserven a súa atribución (posiblemente primitiva) precisamente ó xénero feminino.

A combinación dos símbolos pagáns e cristiáns nesta expresión reforza o seu carácter irónico e humorístico, que é percibido pola maioría dos rusos. Dende logo, o calembur está construído fundamentalmente sobre o absurdo da imaxe da semana que se compón só de venres. Puxkin xogou con isto dunha maneira brillante nun poema seu:

[399] "- И ты не обманешь меня? /- Не обману. /- Побожись. /- Ну вот те святая Пятница, приду."

Smirdín tróuxome unha desgracia.
O comerciante *ten sete venres nunha semana* [cambia a súa decisión a cada paso]
O seu xoves en realidade
É o *xoves despois da chuvia* [a semana que non trae xoves][400]

Esta percepción humorística da expresión segue vixente nos nosos días. Polo tanto, "Diccionario fraseolóxico"[401] da páxina 16 de *Literaturnaia gazeta*[402] (1975, Nº 46) defínea da seguinte maneira: «*Ter sete venres nunha semana*: un calendario mal feito». Así, este xiro desprovisto de calquera matiz "divino" séguelles servindo ós humoristas.

Os sacerdotes impuñan os xexúns para este día ó recoñece-lo carácter "pecaminoso" do venres. Isto espéllase nos mandamentos que teñen forma de aforismos e que agora xa van perdendo vixencia:

Кто в пяток на первой неделе великого поста постится, не умрет напрасной смертью	*Quen está en xexún o venres da primeira semana da Coresma non ha ter mala morte*
Кто в пяток перед благовещением постится, от напрасного убийства сохранится	*Quen garda xexún o venres antes da Anunciación preservarase dun asasinato inxusto*
Кто в пяток перед вознесением поститься, от потопления в воде сохранится	*Quen garda xexún o venres antes da Ascención non morrerá afogado*

etc.

O pobo mostraba unha actitude irónica respecto a estes mandamentos "de xexún". Testemúñao a gran cantidade de proverbios e ditos graciosos:

Песни пели, на пятницу глядели (Smolensk)	*Incluso durante o xexún cantaban cancións*[403]*, miraban para o venres*
За тебя только три пятницы молока не есть	*Por ti non beberei leite durante tres venres*[404]
Приходи в пятницу, похлебать кашицы	*Veña o venres para comer papas* 'Invitación irónica. Dise cando non hai moita comida'
Молока не хлебнет в пятницу, а молочнице и в великую субботу не спустит	*Non tomará un grolo de leite o venres e tampouco lle perdoará á leiteira que beba un pouco o gran*

[400] "Смирдин меня в беду поверг; /У торгаша семь пятниц на неделе, /Его четверг на самом деле /Есть после дождичка в четверг.".
[401] "Толковый фразеологический словарь".
[402] *Литературная газета.*
[403] O cal estaba totalmente prohibido.
[404] É dicir, non está disposto a sacrificar nada porque o venres é día de xexún e non se pode tomar leite.

sábado de xexún ‘dise dunha persoa que é máis esixente cos demais ca consigo mesma’

Os prognósticos populares en certa medida conservan os rudimentos das crenzas pagás relacionadas co venres, das que xa falamos e, sobre todo, a prohibición de fiar:

> Os venres os homes non aran e as mulleres non fian. Quen fia o venres cobre os ollos dos seus pais coa cortiza das plantas.[405]

Nembargantes, a mitoloxía eclesiástica fixo unha interpretación cristiá destas “fórmulas de prohibición”. A prohibición de fiar explicábase, por exemplo, porque «o venres cuspíronlle ó Salvador, e, por iso, non se pode cuspir no fiado» (Мих. II, 402).

Falando do longo camiño de Mokox a Paraskeva Piátnitsa non se pode deixar de mencionar unha “competencia” entre o mércores e o xoves importante para o paganismo. Falaremos máis adiante do xoves en relación co culto a Perún. Polo que se refire ó mércores, atopamos pegadas da súa comparación co venres no refrán ruso *Середа да пятница в чужом дому не указчица O mércores e o venres non son os que mandan na casa allea* ‘alusión indirecta ás ordes por causa do xexún’ e nun dito humorístico *середа ниже пятницы o mércores é máis baixo có venres* ‘o biso vese por baixo do vestido’. No bielorruso tamén hai unha expresión do mesmo tipo: *скрывіцца як серада на пятніцу facer un aceno de desagrado coma o mércores ó venres* ‘expresar descontento’ formada a partir da prohibición de comer productos lácteos os luns e os venres (Аксамітаў, 1978: 191).

Esta relación dos días da semana tampouco é arbitraria porque *Середа* ou *Среда* ‘Mércores’ era, en certa medida, un homónimo mitolóxico e, ó mesmo tempo, un rival de *Пятница* ‘Venres’ especialmente para os rusos e os bielorrusos. Inicialmente personificaba o principio feminino, axudaba a tecer e branquea-los lenzos e castigaba severamente ós que traballaban o mércores.

Como vemos, mesmo o esquecemento do nome da antiga deusa pagá da fertilidade non lle impediu cumpri-la súa función “fértil” na nosa lingua.

3.1.4. Derrubamento das imaxes e degradación dos ídolos

Como sabemos, a divindade superior do panteón de Kiev era Perún, o deus dos raios. Por iso, non é sorprendente que o seu recordo se conservara nas linguas eslavas baixo dúas formas: unha “nominal” (aludindo directamente ó seu nome) e outra indirecta. Pero cómpre presentar unha característica xeral desta divindade pagá para comprender qué asociación mitolóxica lles serve de base ás expresións relacionadas con ela.

---

[405] “По пятницам мужики не пашут, бабы не прядут; Кто в пятницу прядет, своим родителям костыркой глаза запорашивает”.
En ruso dialectal emprégase a palabra *костырка* para designar-la cortiza dura das plantas útiles para o fiado: liño, cánabo.

Durante a época da Rusia de Kiev, Perún eclipsou dous deuses que anteriormente tiñan suma importancia para os eslavos, a Svarog, deus do lume e do sol, e a Rod, deus da natureza e da colleita, e empezaron a adoralo como divindade suprema. Por outra parte, antigamente na mitoloxía eslava tamén tiña un papel importante e parecíase moito ó grego Zeus, ó romano Xúpiter e ó escandinavo Odín. Non era casual que na fonte escrita máis antiga onde se mencionan os eslavos, *Guerra contra os godos* do escritor bizantino Procopio de Cesaria (século VI), se subliñase que os eslavos e os antes[406] que «dende había moito tempo tiñan poder popular», adoraban ante todo precisamente a esta imaxe:

> Eles cren que só o deus creador dos raios é o gobernador de todos e sacrifícanlle touros e practican outros ritos sagrados. Non coñecen a noción de destino e, por iso, non recoñecen a súa forza respecto á xente. Cando a morte os ameaza cunha enfermidade ou cando na guerra se ven nunha situación perigosa, prometen ofrecer un sacrificio a deus pola súa alma tan pronto como se salven; ó sortea-lo perigo sacrifican o que prometeron e consideran que a salvación está comprada polo prezo deste sacrificio. (Procopio de Cesarea, *Guerra contra os godos,* M. 1950: 297-298).[407]

Os arqueólogos e os historiadores confirman que os sacrificios a Perún estaban bastante estendidos. O viaxante árabe Ibn-Fadlan fala dun rito semellante que facían os comerciantes eslavos nos anos 922-923 na bahía de Itil, na beira do Volga. Os animais que se sacrificaban (touros e ovellas) colgábanse nunhas árbores detrás das imaxes. Unha parte da carne deixábase ó lado da imaxe principal e das imaxe menos importantes e outra parte dábaselles ós que participaban no rito. A divindade superior descríbese aquí como «un tronco de madeira cravado na terra e que ten a cara parecida á dunha persoa». As excavacións en Kiev, no outeiro de Perún, permitiron determinar que algo parecido acontecera nas beiras do Dniepr, así como no santuario de Perún en Perin (Боровский, 1982: 45-52).

Nun templo de Kiev que existiu dende o século VI á primeira metade do século X consérvase un gran foxo de sacrificio en forma de copa con capas de carbón, cinzas e barro queimado. Polo visto, aquí noutrora ardía un gran lume de leña de carballo, xa que se consideraba que precisamente o carballo era a árbore sagrada de Perún. No foxo do sacrificio sempre había lume. Os arqueólogos atoparon no foxo os ósos dun porco bravo, que tamén está vinculado ó culto ó deus eslavo dos raios, dos paxaros e do peixe. Dos paxaros, os preferidos eran os galos, que tamén eran atributo de Perún xa que dende hai moito tempo se relacionaban co sol, co amencer e co lume.

O seguinte detalle ten moita importancia para os arqueólogos: os ósos dos animais sacrificados partíanse meticulosamente no foxo do outeiro de Perún. Este feito

---

[406] *Antes* (*анты*) é o nome das tribos orientais eslavas nos séculos IV-VII. Ocupaban a zona comprendida entre Dniestr e mailo Dniepr e o leste do Dniepr.

[407] "Они считают, что один только бог, творец молний, является владыкой над всеми, и ему приносят в жертву быков и совершают другие священные обряды. Судьбы ни не знают и вообще не признают, что она по отношению к людям имеет какую-либо силу, и когда им вот-вот горозит смерть, охваченным ли болезнью, или на войне попавшим в опасное положение, то они дают обещание, если спасутся, тотчас же принести богу жертву то, что обещали, и думают, что спасение ими куплено ценой этой жертвы". (Прокопий из Кесарии, *Война с готами. М.,* 1950, 297-298).

relaciónase co relato sobre o sacrificio de Vladímir pertencente á saga escandinava de Olaf. O príncipe de Kiev, ó parecer, participaba no sacrificio cos mesmos dereitos có sacerdote-profeta e a carne dividíase en partes.

Tales cerimonias tamén se facían noutros sitios. Así, o emperador de Bizancio Constantino Porfiroxeneto (905-959) fala no seu tratado *Sobre a administración do estado* do famoso "camiño de varegos a gregos" que os rusos facían cunhas lanchas feitas do tronco dunha árbore. Despois de pasa-los perigosos rápidos do Dniepr e o paso de Crari, onde eran frecuentes os encontros cos pérfidos pechenegos, chegan á illa de San Xurxo (illa Ghortitsa) e precisamente alí fanlle un sacrificio á divindade que ten o carballo como árbore sagrada. El fai a seguinte descrición deste rito:

> E fan os seus sacrificios nesta illa porque alí medra un carballo enorme. Sacrifican galos vivos, cravan frechas arredor, e algúns [traen] anacos de pan, carne e o que poden, como esixe o costume. En canto ós galos botan a sortes se os matan para sacrificio, se os comen ou se os deixan vivos. (Constantino Porfiroxeneto, *Sobre a administración do estado,* Ed. In-ta mirovoi culturi, 1934, ed. 91, páx. 9-10).[408]

Os arqueólogos atoparon o carballo do sacrificio. Cando limpaban o leito do río Desna a 8 km da súa desembocadura, levantaron do fondo un tronco de madeira de 16 a 20 m de lonxitude. Dun lado do tronco estaban metidas catro mandíbulas de porco bravo que o tempo e a auga viraran negras. Polo visto, eran as mandíbulas dos animais sacrificados, porque os cabeiros do porco bravo e as moas en xeral servían outrora de amuletos protectores.

Xa sabemos a través das figuras de Perún que os antigos rusos representaban a este deus coa cabeza prateada e os bigotes dourados. Para os bielorrusos, entre os que o culto resistiu moito tempo despois da introducción do cristianismo, esta imaxe conservou o seu carácter concreto ata o século pasado. No diccionario de V. I. Dal recóllese a seguinte descrición:

> É unha persoa alta coa cabeza grande e os ombros anchos. Ten o pelo e os ollos negros, a barba dourada, na man dereita leva un arco e, na esquerda, unha alxaba coas frechas. Anda polo ceo nunha carruaxe e lanza frechas de lume (Даль, III, 103).

Como vemos, a pesar do "desenvolvemento da imaxe", a función básica de Perún, a de lanzar tronos e raios, non cambiou. En realidade, debido a esta capacidade, chegou a ser no século X o deus da guerra e da *drujina*[409] do príncipe da Antiga Rusia e patrón do príncipe De Kiev, Vladímir, que lle ofrecía sacrificios coas súas propias mans.

Esta mesma capacidade creou moitas expresións que conservan o nome de Perún entre os eslavos. Velaquí un xiro que entrou na lingua literaria *метать перуны tirar Perúns* 'montar en cólera, enfadarse', que é sinónimo doutro semellante *метать громы и молнии*

[408] "И на этом острове совершают свои жертвоприношения, так как там растет огромный дуб. Они приносят в жертву живых петухов, кругом втыкают стрелы, а иные приносят куски хлеба, мясо и что имеет каждый, как требует обычай. Насчет петухов они бросают жребий, - зарезать ли их в жертву, или съесть, или пустить живыми". (Константин Багрянородный, *Об управлении государством. - Изв. Ин-та мировой культуры*, 1934, вып. 91, с. 9-10).

[409] *Druzhina* é o nome das tropas dos príncipes da Antiga Rusia.

lanzar tronos e raios ‘enfadarse, montar en cólera’. P. I. Tchaikovski, por exemplo, utilizouno na súa carta a N. F. Mekk:

> A miña cólera aplacarase e todo se esquecerá, pero eu agora... inconscientemente *lanzo os meus Perúns* [monto en cólera] contra o pobre Kolia.[410] (БАС, IX, 1063).

Este xiro é coñecido en ucraíno e en bielorruso:

метати перуни	*tirar Perúns* ‘enfadarse’,
даваць (даць) перуноў	*dar Perúns* ‘enfadarse con alguén, montar en cólera contra alguén’

Neste caso baixo a palabra *перун* sobreenténdese a frecha de Perún, o raio, e non a mesma divindade.

A función de golpear co trono e co raio espéllase dunha maneira excepcionalmente fixa nas linguas rusa, ucraína e belorrusa, nas que se conservan as seguintes maldicións:

(Tver, Pskov) *Схвати цебя пируном!*	*¡Que Perún te colla!*
(Pskov) *Сбей тебя перун!*	*¡Que Perún te derribe!*
(Smolensk) *Пярун на ускидки тебя подмахни!*	*¡Que Perún te lance cara arriba!*
(bielorruso) *Каб цебя пярун треснув!*	*¡Que Perún che dea!*
(ucraíno) *Бодай тебе перун забив темненької ночи!*	*¡Que Perún te mate unha noite escura!*
(bielorruso) *Няхай мяне пярун заб’е!*	*¡Que Perún me mate!*

As falas populares da Ucraína Occidental presentan unha particular variedade destas maldicións:

А перун би ті ясний тріснув!	*¡Que Perún claro che dea!*
Бодай тя перун встриліў!	*¡Que Perún che tire unha frecha!*
Няй в тебе перун стріліт!	*¡Que Perún dispare contra ti!*
Перун би ті збив з ясного сонцьи!	*¡Que Perún te mate dende o sol claro!*
Перун би тя розтаскав!	*¡Que Perún te parta!*
Щоб тебе перун забіў!	*¡Que te mate Perún!*

(Фр., II, 513)

[410] “Гнев мой... уляжется, и все будет забыто, но в настоящее время... я поневоле мечу свои перуны против бедного Коли”.

Ademais diso, nas falas provinciais rusas hai multitude de xiros nos que o nome de Perún se transmite a través dos seus símbolos, que se converteron en sinónimos deste nome:

(Penza) *Громострел бы тебя расшиб!*	*¡Que te mate o que lanza os tronos!*
(Mar Branco) *Стрела бы на вас пришла!*	*¡Que veña o raio sobre vós!*
(Nóvgorod) *Стрела б тебя убила!*	*¡Que te mate un raio!*
(Arghánguelsk) *Чтоб тя пристрело!*	*¡Que te parta unha frecha!*

Quizais o xiro máis chamativo foi recollido na antiga gubernia rusa de Smolensk:

Соль табе в очи, маланья́ у зубы, громам по животу, тряскучая палена у калену!	*¡O sal para os teus ollos, as papas de millo para a túa barriga, a acha que trisca para o teu xeonllo!*

(Добр., 27)

onde están presentes tódolos atributos básicos de Perún: o trono, o raio e a acha de carballo.

Todo isto son pegadas da función "máxica" sagrada do nome de Perún, da que se conservan testemuños históricos fidedignos. Pois a outra cara destas maldicións son os xuramentos solemnes que facían os antigos guerreiros pagáns rusos cando firmaban un pacto cos gregos.

As *drujinas* dos príncipes Oleg, Ígor e Sviatoslav xuntaban o xuramento por Perún co xuramento de armas que era obrigatorio neste caso. Así, na *Crónica inicial rusa*[411] no ano 945 recóllese o seguinte xuramento que validaba o convenio entre os rusos e os gregos:

> Se algún príncipe ou membro do pobo ruso, cristián ou non cristián, viola o que está escrito nesta carta, que mereza morrer coa súa propia arma e ser maldicido por Deus e por Perún por viola-lo seu xuramento.[412] (citado por*:* Боровский, 1982: 13).

Os nosos devanceiros crían que o deus superior en seguida partiría cun raio, castigaría coa febre amarela e volvería as súas propias armas, etc. contra quen cometera perxurio. No convenio de Sviatoslav cos gregos (971) dise así:

> Se non cumprimos algo do dito enriba, que eu [príncipe Sviatoslav] e os que están

[411] *Начальная русская летопись.*

[412] "Если же кто-нибудь из князей или людей русских, христиан или нехристиан, нарушит то, что написано в хартии этой, - да будет достоин умереть от своего оружия и да будет проклят от бога и от Перуна за то, что нарушил свою клятву".

> comigo e baixo a miña protección sexamos malditos polo deus no que cremos, por Perún e Volos, deus do gando, e que nos viremos amarelos coma o ouro, e que nos firan as nosas propias armas.[413]

É significativo a este respecto o feito de que na fala popular estean amplamente representadas as fórmulas sagradas de maldición co nome de Veles (Volos)[414]:

Волос те седь!	*¡Que Volos se sente encima túa!*[415]
Волос тя выточи!	*¡Que Volos te tornee ata que non quede nada de ti*
Волосень те избей!	*¡Que che pegue Volos!*
Волосатик бы тя взял (изнырял)!	*¡Que te colla Volos!*
Волосни́ бы тебя били!	*¡Que te golpeen os Volos!*
Волости тя возьми!	*¡Que te colla Volos!*

Na fala popular eslava pódense atopar outros xiros co nome de Perún:

(Smolensk) *Иж яго пироном носиць!*	*¡Leva coma por un Perún!* '¡Xira coma un remuíño!'
Якій там перун ляскáе!	*¡Que ruído fai Perún alí!* 'hai moito ruído, barullo, estrépito'
(bielorruso) *перуном несціся*	*Correr coma un Perún* 'correr rápido'
пярун яго ведае	*Perún o sabe* 'non se sabe nada'
(ucraíno) *Коби не перун, многі би не хрестилися*	*Se non existira Perún, moitos non se bautizaban* 'hai xente que se bautiza (ou bautiza os nenos) non por unha fe profunda e sincera, senón polo medo ó demo', 'hai xente que toma precaución unha vez coñecido o perigo e non antes'
(polaco) *Ej, do Pioruna!*	*¡Eh, a Perún!* '¡Demo!'
(eslovaco) *Parom do tebe!*	*¡Que te mate Perún!* '¡Demo!'

[413] "Если же не соблюдем мы чего-либо из сказанного раньше, пусть я [князь Святослав] и те, кто со мною и подо мною, будем прокляты от бога, в которого веруем, - от Перуна и Волоса, от бога скота, и да будем желты, как золото, и пусть посечет нас собственное оружие".

[414] Deus do gando.

[415] En todas estas expresións o nome da antiga divindade pagá Volos converteuse na denominación dunha enfermidade que destrúe os ósos e que, segundo a superstición, afecta máis ás mulleres que violan a prohibición de fiar a véspera de Aninovo. Volos cómelles a carne dos dedos, quedando á vista o óso "non limpo".

Parom ti do duše!	*¡Que Perún te golpee na alma!* '¡Demo!'
do Paroma odeslat'	*¡Mandar ó Perún!* 'mandar ó demo'

etc.

Aínda máis viva é a memoria deste deus superior nas expresións nas que non se menciona en absoluto o nome de Perún. Na espresión *пустить красного петуха deixar corre-lo galo vermello* 'prende-lo lume', por exemplo, agora ninguén verá ningunha asociación co antigo deus ruso do trono e do raio. Pero paga a pena recorda-los galos sacrificados na illa de Ghortitsa diante do carballo sagrado de Perún, despois de pasa-los rápidos, para que esta asociación sexa unha realidade mitolóxica. Efectivamente, o galo vermello era símbolo da divindade do lume e do sol nas tribos eslavas e xermánicas. Os xermanos ofrecíanlle este sacrificio ó deus do trono e do raio, Thor; e os eslavos, a Perún ou Svarog, deus do sol e do lume. Na antiga moeda cuñada na illa de Creta o galo aparece como atributo do deus do sol. Coñécense crenzas segundo as cales durante as tormentas o galo vermello se tira ó chan xunto cos raios e préndelles lume ás casas.

O culto solar ó galo e a súa relación cos raios espelláronse non só na lingua e nos mitos, senón tamén na cultura material. Nas aldeas rusas a palabra *кур* 'galo' designaba tamén as vigas das casas rurais e o seu sinónimo *ко́чет*, o galo de pipileira que aderezaba a miúdo os tellados e servía non só de adorno, senón tamén de catavento. "O galo de ouro" de Puxkin é unha das imaxes poéticas suxeridas precisamente por este detalle da arquitectura popular. O costume de poñer figuriñas de galos nos tellados das casas e dos templos tamén é unha tradición antiga. Ós antigos xermanos e ós antigos gregos servíalles de "protección" para que os raios non caeran na casa. A función máxica "de pararraios" do galo únese aquí estreitamente coa estética.

A expresión *пустить красного петуха deixar corre-lo galo vermello* 'prende-lo lume' coñécese nas linguas eslavas orientais e occidentais. Téñena os pobos bálticos e xermánicos, onde foi divulgado o culto ós deuses do trono e do raio correspondentes a Perún, a Percunas e Thor. Considerábase que a ave que había que sacrificar a estes deuses era o galo:

(lituano) *raudónas gaidỹs patupdyti*	*pousa-lo galo vermello*
(letón) *ielaist jumtā sarkano gaili*	*deixar corre-lo galo vermello*
(inglés) *red cock*	*galo vermello*
(alemán) *den roten Hahn aufs Dach setzen*	*pousa-lo galo vermello sobre o tellado*

En tódolos casos o significado figurado da combinación de palabras *красный петух galo vermello* é 'incendio'.

Polo tanto, a expresión *пустить красного петуха deixar corre-lo galo vermello* 'prende-

lo lume' remonta ós antigos símbolos pagáns do lume e ó culto a Svarog, a Perún e a outros deuses do trono e do raio. Este símbolo fraseolóxico entra relativamente tarde nas linguas literarias, aínda que no folclore e na fala popular en xeral era moi coñecido. Así, a adiviña rusa *Красный кочеток (петушок) по жердочке бежит O galo vermello corre pola percha* "codifica" desta maneira o lume; e a segunda, *Красненький кочеток по жердочке бегает O galo vermello vai e vén correndo pola percha*, o tizón ardendo que está pousado nunha trepia. Sen embargo, este símbolo nunca perdeu o seu carácter concreto e expresivo a pesar da súa importancia máxica no folclore e do seu carácter alegórico na lingua literaria. A imaxe do paxaro-lume de Perún que salta polos tellados das casas durante os incendios perviviu máis vivamente na fraseoloxía de moitas linguas cás ideas supersticiosas que a crearan.

Na expresión *после дождичка в четверг o xoves despois da chuvia* 'a semana que non trae xoves, nunca' aínda se conserva máis información sobre o simbolismo pagán de Perún. Esta, da mesma maneira cá expresión "calendaria" *семь пятниц на неделе sete venres nunha semana* 'dise dunha persoa que cambia a miúdo as súas decisións, humor, intencións e que sempre se anda desdicindo', ten carácter humorístico. Por iso, Puxkin úneas nun nó calembúrico no epigrama sobre Smirdín (véxase páx.).

¿Que ten que ver Perún coa chuvia do xoves?

Resulta que o cuarto día da semana era, conforme ó calendario mitolóxico de moitos pobos pagáns, o día do deus do trono e do raio. Os romanos chamábanlle ó xoves *Jovis dies* 'día de Xupiter' (compárese coa forma francesa moderna *jeudi* da mesma procedencia). Os xermanos veneraban este día como o día de Thor (Donar), deus do trono, do raio e da guerra: de aquí o nome de xoves en inglés *thursday*, en alemán *Donnerstag*, en sueco *torstag*, etc. Nesta xerarquía calendaria, sen dúbida, tamén se entrelazaron en certa medida as crenzas pagás coas cristiás, xa que para a designación dos días da semana serviu de base o sistema "semanal" babilónico, que foi adoptado polos gregos e polos romanos e que despois pasou ós pobos europeos. Os habitantes de Babilonia utilizaron aquí un principio "pagán" ou, máis exactamente, "materialista-pagán" para nomea-los días, porque cada día da semana foi dedicado a un dos deuses dos seis planetas máis importantes dos coñecidos naquel entón: Lúa, Marte, Mercurio, Xúpiter, Venus, Saturno (por certo, os nomes destes planetas aínda recordan o panteón pagán dos antigos romanos) e Sol. Os pobos románicos adoptaron a tradición latina: para os franceses e os italianos, o luns é o día da Lúa; o martes, de Marte; o mércores, de Mercurio; o xoves, de Xúpiter; o venres, de Venus. Os xermanos "traduciron" os nomes correspondentes dos día da semana mediante os nomes das súas divindades pagás; e a maioría dos eslavos, conforme á tradición bizantina, conformábase coa indicación numérica. Aínda que algúns, por exemplo, os polabos[416], que eran veciños dos xermanos, chamábanlle ó xoves *perĕndan* 'día de Perún'. E, por iso, o xoves "numérico" ruso conservou no fraseoloxismo (e non na palabra) a relación co seu propio deus do trono e

[416] *Polabos* (*полабы*) era un grupo grande de tribos eslavas occidentais que habitaron dende o final do I milenio ata o principio do II d. C. o territorio que se estende dende o río Elba e o seu afluente Saale no oeste ata o río Oder no leste, e dende os Montes Metálicos no sur ata o mar Báltico no norte.

do raio[417].

Adóitase pensar que a expresión *после дождичка в четверг* o *xoves despois da chuvia* ‘a semana que non trae xoves, nunca’ está relacionada coas rogativas de chuvia a Perún e co feito de que concedía estas peticións de mellor gana no “seu” día, isto é, o xoves. E, como os cristiáns se amosaban cada vez máis escépticos respecto a esta divindade e se convencían da inutilidade destas oracións ó deus derrubado, expresaron a súa total desconfianza nel (Варт.: 174-175; Ермаков, 1894: 43; Мих. II: 98). Esta interpretación, sen embargo, é correcta só “en xeral”, porque non cabe dúbida de que as ideas sobre a chuvia, o xoves e Perún están relacionadas. Non ten en conta o “detalle” da secuencia das palabras *дождичек* ‘chuvia’ e *четверг* ‘xoves’, pois na nosa expresión opóñense dende o punto de vista cronolóxico de maneira moi clara. En realidade, incluso dende unha perspectiva pagá non é lóxico que o día de Perún siga á chuvia neste dito: pois adoita chover despois de tronar e lostregar e non ó revés. Segundo parece, as variantes populares axudan a descifra-lo enigma deste aloxismo. Nelas o xoves únese a outro día da semana, o venres, xa coñecido por nós:

после пятницы в четверг	*o xoves que vén despois do venres* ‘nunca’
Не суйся пятница наперед четверга (Даль, III, 553-554)	*venres, non te metas diante do xoves* ‘non te metas non asuntos que non che incumben’
После дождичка в четверг на сухую пятницу (Stipuła: 187)	*O xoves despois da chuvia, é dicir, o venres seco* ‘nunca’

Esta correlación é coñecida tamén nalgunhas outras linguas eslavas, por exemplo, no búlgaro, onde o xiro dialectal *когато дойде четвъртък подир петък cando o xoves veña despois do venres* significa precisamente ‘nunca’. É de salientar a “rivalidade” entre o xoves e o mércores espellada no dito:

подкатила (подкатилась) середа под четверг (*Даль*, IV, 601).	*o mércores intenta despraza-lo xoves* ‘todo cambiou a súa orde e as cousas non andan como é debido’

Xa sabemos que o venres era o día da adoración de Mokox, deusa da chuvia e da fertilidade. Os rusos do norte adorábana tamén o mércores. Non é casual que ela ocupe o último lugar no panteón de Kiev e, desta maneira, se “una” co Perún “inicial”. É a súa veciña, pero, ó mesmo tempo, sepárase moi claramente desta divindade tan próxima a ela polas súas funcións. Este simbolismo é análogo á secuencia “raio - trono - chuvia”. O sentido “pagán” da expresión *после дождичка в четверг* o *xoves despois da chuvia* ‘nunca’ ou *после пятницы в четверг o xoves que vén despois do venres* ‘nunca’ é, polo tanto, en principio a imposibilidade de viola-la escala de Perún e Mokox e a secuencia

[417] A palabra rusa *четверг* ‘xoves’ ten a mesma raíz cá palabra *четыре* ‘catro’.

dos fenómenos atmosféricos correspondentes.

As expresións do tipo

после дождичка в четверг	*o xoves despois da chuvia* ‘nunca’
семь пятниц на неделе	*sete venres nunha semana* ‘dise dunha persoa que cambia a miúdo as súas decisións, humor, intencións e que sempre se anda desdicindo’
(bielorruso) *скрывіцца як серада на пятніцу*	*facer un aceno de desagrado como o mércores ó venres* ‘expresar descontento’

relacionadas co culto ós deuses pagáns permiten supoñer que o areópago de seis membros sobre o outeiro de Perún non era só o panopticum das imaxes das distintas tribos eslavas. É moi probable que servira, ó mesmo tempo, de calendario de cultos, de maneira semellante ós calendarios babilónicos e romanos, que estaban baseados nos correspondentes planetas-divindades. A dici-la verdade, para te-la conta redonda fai falta unha imaxe. Pódese explicar esta carencia co feito de que Mokox ocupara dúas casiñas do calendario, o venres e o mércores. Pero probablemente a semana precristiá en Rusia non tiña sete días, senón seis. Non son raras estas semanas cun número distinto de días entre os pagáns: por exemplo, os romanos ó principio tiñan unha semana de oito días e non de sete.

Esta suposición dálle outro enfoque diferente á secuencia das imaxes do panteón de Kiev. Polo visto, estas non estaban colocadas segundo a súa xerarquía, senón seguindo unha rigorosa simetría que tiña unha base calendaria. Dende o lado oriental, no centro do outeiro estaba Perún, o xoves, e diante del ardía o lume do sacrificio. Dende o lado setentrional, “polar”, estaba Ghors, o luns, que se relacionaba coa Lúa (compárese a latina *dies Lunae*). Dende o meridional, estaba Dajdbog, o domingo, (compárese (latín) *dies Solis*, (inglés) *Sunday*, etc. ‘día do sol’), relacionado co Sol. Os seus lados correspondíanse coas imaxes de Stribog, o martes, e Semargl, o sábado: Stribog non era só a divindade do vento, senón tamén, en certa medida, a da guerra (compárese (latín) *dies Martis* ‘día de Marte’); Semargl relacionábase coas sementes, froitos (compárese (latín) *dies Saturni* ‘día de Saturno’, que se asociaba na etimoloxía popular coa raíz *sat-* ‘sementar’). Por último, á esquerda de Perún, como correspondía a unha divindade feminina, encontrábase a estatua de Mokox que, ó mesmo tempo, era patrona do venres e do mércores.

Coa axuda dos testemuños lingüísticos intentamos coloca-las figuras no outeiro de Perún segundo nos suxire a lóxica do culto pagán. Esta disposición correspóndese cos datos arqueolóxicos.

O santuario pagán sobre o outeiro de Perún é unha construcción en forma de rectángulo de 7×1,75 m que se estende polo eixe norte-sur con seis saíntes simétricos e redondos

que se unen con el dende o lado norte, oriental e meridional. Segundo supoñen os arqueólogos, sobre eles podían situarse as figuras dos seis deuses das crónicas (Боровский, 1982: 49). Os arqueólogos, sen embargo, non lles prestaron especial atención á posición das imaxes, porque na crónica parecen estar "simplemente" enumeradas unha tras outra e os historiadores interprétanas como as divindades das tribos correspondentes. Se temos en conta a secuencia citada anteriormente, podemos poñer no seu sitio os deuses do panteón de Kiev (véxase o esquema; as cifras indican a secuencia dos deuses na crónica).



1 - Perún, Xoves

2 - Ghors, Luns

3 - Dajdbog, Domingo

4 - Stribog, Martes

5 - Semargl, Sábado

6 - Mokox, Venres, Mércores

Esta disposición non só nos dá unha imaxe do calendario antigo ruso, senón que espella a ríxida simetría do paganismo. Esta simetría baséase nas contraposicións características da mitoloxía eslava: vida-morte, par-impar, dereito-esquerdo, masculino-feminino, alto-baixo, norte-sur, etc. (Топоров, Иванов, 1965; 1974; 1982). Como vemos, no caso en cuestión Ghors, como divindade da "media lúa clara", opónse a Dajdbog, o sol, pola liña sur-norte; Perún a Mokox, segundo o criterio dereito-esquerdo e masculino-feminino; Stribog a Simargl como a morte á vida. Case tódolos membros do "seis" pagán están relacionados coa oposición fixa par-impar. Esta oposición tamén reforza a hipótese ofrecida.

En definitiva, o panteón do outeiro de Perún servía ó mesmo tempo a tres obxectivos do príncipe de Kiev: era o centro relixioso da Rusia pagá, era o símbolo da unión política das tribos eslavas arredor de Kiev e unha especie de calendario de culto no que se espellou, en certa medida, o sistema de cálculo temporal que chegara de Oriente. A supeditación das múltiples divindades pagás a un deus superior xa era un paso do politeísmo pagán ó monoteísmo cristián. Despois só quedaba renunciar a tódolos deuses dunha vez e recoñecer só a un, ó omnipotente cristián Sabaof que, por certo, está relacionado etimoloxicamente co politeísmo: o significado literal da raíz deste nome é 'tropa', 'multitude'. Baixo "a tropa celestial" de Sabaof, os cristiáns inclúen tamén o sol, a lúa e as estrelas, que recordan a adoración das antigas divindades pagás (МНМ, II, 394).

A renuncia ós múltiples deuses eslavos produciuse oito anos despois da creación do

panteón sobre o outeiro de Perún. No ano 988, Vladímir, a quen lle puxeron o nome de Vasilii no bautizo, mandou construír no lugar onde estaba Perún e a súa "tropa" a igrexa de San Vasilii (Basilio) en honor ó seu patrón cristián. O gran príncipe Vladímir non só se fixo cristián, senón que fixou a súa unión coa segunda Roma mediante o matrimonio coa tsarina bizantina Ana. O cronista conta que por orde súa as imaxes ou ben foron derrubadas ó chan e queimadas, ou ben partidas en simples achas. Fixeron unha excepción só con Perún, xa que, aínda que foi o primeiro en ser derrubado do pedestal, non foi destruído. Vladímir mandou atalo «ó rabo dun cabalo e levalo a rastro dende a montaña pola pendente Borichev ata Ruchei». Ó mesmo tempo, doce homes fortes golpeaban a Perún con cetros e despois tirárono ó Dniepr. Segundo a lenda, o Deus flotou acompañado dos gritos dos pagáns, que corrían tralo ídolo querido: "¡Sálvate, Deus, sálvate nadando cara á beira!". E efectivamente Perún puido saír ileso dos rápidos e despois o vento levouno a un lugar que acabou chamándose o baixío de Perún.

O Perún de Nóvgorod tamén foi tirado ó Volghov da mesma maneira. Segundo a lenda popular, un dos habitantes de Nóvgorod acabado de bautizar berroulle en broma ó deus que «comera e bebera ata que se fartara». Entón Perún, irritado, alzou a maza de carballo e arrebolouna contra a ponte gritándolles ós habitantes de Nóvgorod reunidos alí: «¡Lembrádeme e loitade nesta ponte!». Parece ser que despois disto a ponte se converteu no lugar das sanguentas pelexas entre os habitantes de Nóvgorod, que loitaban coas "porras de Perún", con paos de carballo.

A represión "física" de Perún e das súas tropas era brutal. Pero quizais non era menos cruel o destino dos ídolos na lingua. Baixo a influencia do cristianismo a valoración das palabras relacionadas con eles fíxose extremadamente negativa.

A dici-la verdade, aínda agora podemos emprega-las designacións xerais dos deuses pagáns en senso positivo: «El realmente adorábaa e veneraba o seu ídolo»[418] ou «O seu ídolo era Alla Pugachiova»[419]. Pero con moita máis frecuencia a palabra *идол* 'ídolo' emprégase en senso inxurioso e aínda máis os seus derivados expresivos *идолёнок* 'idoliño', *йдолица* 'ídola', *идолище* 'idolazo'. A última, a aumentativa, nas *bilinas* rusas adquiriu un epíteto constante *идолище поганое* 'idolazo maldito, malo'. Aquí a palabra *поганый* (pogánii) 'maldito, malo' non é só unha valoración negativa, senón tamén unha característica moi concreta, porque esta palabra ó principio significaba 'pagán' (compárese (latín) *paganus* 'pagán'). No folclore ruso *Идолище поганое* 'idolazo maldito, malo' é un monstro fantástico que personifica o paganismo. Na *bilina Ilia Muromets e Idolische*[420] este monstro non só se opón ó cristianismo, senón que se describe como o coloso bíblico pero algo simplificado:

> Desapareceron de Xerusalén a lectura eclesiástica e os cantos litúrxicos,
> Desapareceu o toque das campás,
> Instalouse o maldito Ídolo,
> Ten cinco *sajen*[421] de lonxitude,

[418] "Он прямо боготворил ее и благоговел перед своим идолом".
[419] "Его кумиром была Алла Пугачева".
[420] *Илья Муромец и Идолище.*
[421] *Sazhen* é unha antiga medida rusa equivalente a 2,13m.

O Ídolo é ancho de costas,
A súa cabezona é coma unha caldeira de cervexa,
Os seus ollos coma copas de viño,
O narizón coma unha cuña.
(*Bilini*, 1977: 78-79).[422]

Para derrotar a este coloso, Ilia Muromets tivo que ir a Xerusalén ve-lo tsar daquelas terras, Constantino Bogoliubov, e a súa tsarina, Elena Alexandrovna. El disfrazouse con roupa de peregrino, puxo un gorro que pesaba corenta e cinco *puds*[423] e tivo que axudar como amigo ó estado cristián. O gorro, como se sabe, desempeñou un papel definitivo neste duelo porque Ilia

Lanzaba o gorro contra o maldito ídolo,
Daba na súa violenta cabeza,
Caeulle a cabeza coma un botón.[424]

Así, nesta *bilina* rusa descríbese a loita de dous sistemas ideolóxicos distintos e cántase a victoria do sistema máis progresista que estableceu o príncipe de Kiev Vladímir. Os heroes da *bilina* considéranse os seus fieis servidores.

Se ben as palabras *кумир* 'imaxe' e *идол* 'ídolo' conservaron, en certa medida, o matiz positivo, "divino", sen embargo a palabra *истукан* 'tótem' e, aínda máis, *болван* 'ídolo, figura' perdérono totalmente. Pero a palabra *болван* 'ídolo, figura' é de orixe puramente mitolóxica e ritual: nas linguas turcas de onde, polo visto, chegou ás eslavas, significa 'lousa sepulcral, monumento' e '*bogatir*'[425], atleta, heroe' (Фасмер, I: 186). Esta semántica non se axusta de ningunha maneira ó significado actual da palabra. Por esta razón algúns etimólogos refutan a correlación entre a palabra turca e a rusa *болван* 'ídolo, figura'.

Nembargantes, a historia da lingua tende unha sólida ponte semántica entre elas. Pois ó principio a emprestada *болван* 'ídolo, figura' non significaba o mesmo cá actual *стоять болван болваном estar de pé coma un ídolo* 'estar parado, estático sen facer nada'. Era precisamente o monumento, o ídolo dunha ou doutra divindade dos *bogatiri* e só despois, baixo a influencia da actitude cristiá cara ó paganismo, pasou a denominar a unha persoa extremadamente parva. É suficiente con volver a abri-lo *Cantar sobre as tropas de Ígor*[426] no fragmento onde «O demo berra no alto da árbore»[427] para convencérmonos de que na antiga lingua rusa a palabra *болван* designaba precisamente o deus pagán: o Demo (Div) apela

[422] "Не стало в Иерусалиме четья-пенья церковного, /Не стало звона колокольного, /Расселилось Идолище поганое, /В долину Идолище пяти сажен, /Промежу плечами у Идолища коса сажень, /Головища его как пивной котел, /Глазища у него как чаши питейные, /Носище как палка дровокольная." (Былины 1977, 78-79).

[423] *Pud* é unha antiga medida rusa equivalente a 16, 38kg. Este Hércules ruso pon un gorro que pesa 737 quilos e inda o lanza contra o inimigo.

[424] "Метал шляпой в Идолище поганого, /Попадал ему в буйну голову, - /Полетела голова, ровно пуговица".

[425] *Bogatir* é o heroe da bilina rusa, un cabaleiro xigante.

[426] *Слово о полку Игореве*

[427] "Збися дивъ, кличетъ на връху древа".

> a terra descoñecida, o Volga, a Pomorie, a Suroj, a Korsun', e a ti, ídolo de Tmutarakán.[428]

Na traducción do catedrático I. P. Eremin, arriba citada (véxase nota 376) *блъванъ* tradúcese como *идолище* 'idolazo'. En realidade, a maioría dos investigadores do *Cantar sobre as tropas de Ígor* considera que se trata precisamente dunha escultura da divindade pagá colocada na cidade rusa de Tmutarakán na península de Tamán. Segundo os testemuños dalgúns historiadores, no século XVIII aínda se conservaban cerca desta cidade dúas estatuas colosais erguidas pola tsarina de Bósforo, Comosaria, antes do ano 300 a. C. Eran ídolos dos deuses Sanerg e Astarta. Probablemente o autor do *Cantar sobre as tropas de Ígor*[429] tivo en conta algún deles (Сл.-спр., I, 57).

O significado ritual da palabra *болван* durante moito tempo foi o básico nos textos antigos rusos. Non é casual que en *Crónica de Nicon*[430] (século XVI) o fragmento xa coñecido por nós sobre a construcción do panteón de Kiev reciba un tratamento algo diferente ó de *Historia dos tempos afastados*[431]:

> Empezou a gobernar Vladímir en soidade en Kiev e colocou o ídolo fóra do patio do pazo: Perún de madeira... e outras imaxes: Ghors, Dajb, Ctrib...[432]

Aquí, coa contraposición das palabras *болван* 'ídolo' e *кумир* 'imaxe' é coma se se subliñara o papel especial do deus do raio e do trono entre a multitude de deuses pagáns. Pero non se pode excluí-la posibilidade de que o sabio percibira unha diverxencia estilística entre estes sinónimos e escollera adrede unha denominación de estilo máis baixo para o "deus superior".

Na literatura antiga rusa a palabra *болван* 'ídolo, figura' empregábase para describi-las distintas estatuas que os peregrinos e os viaxeiros atopaban nos reinos e países ultramarinos. Velaquí unha destas descricións:

> Diante das portas de Santa Sofia está o tsar Xustiniano a cabalo... e os califas sarracenos están fronte a el coma imaxes de cobre. (*Viaxes do monxe Zosima*, s. XVI).[433]

Está claro que non adoraban un ídolo pagán, senón as esculturas dos tsares sarracenos.

A "diverxencia" semántica da palabra na lingua rusa espellou con bastante exactitude o destino das crenzas pagás non só en Rusia, senón tamén en moitos pobos civilizados. Por unha banda, os antigos deuses, baixo a influencia do cristianismo, parecíanse cada vez máis ós ídolos e pasaban de ser obxecto de adoración a ser obxecto de mofas e burlas.

---

[428] "послушати земли незнаемѣ, Влезѣ, и Поморію, и Посулію, и Сурожу, и Корсуню, и тебѣ, Тьмутораканьскыи блъванъ".
[429] *Слово о полку Игореве.*
[430] *Никоновской летописи.*
[431] *Повесть временных лет.*
[432] "Начать княжити Володимеръ единъ въ Киевѣ, и постави болванъ на холмѣ внѣ двора теремнаго: Перуна древянаго... и другыя кумиры: Хорса, Дажба, Стриба"... (Сл.-спр.,I, 57).
[433] "Пред дверми жъ святые Софѣи столпъ стоить, на немъ же царь Устиянъ [Юстиниан] стоить на кони... и сороцинские цари противъ ему стоять болваны мѣдяны". (*Хождение инока Зосимы,* XVIв. - *Сл.-спр.*, I, 57).

Por outra banda, as crenzas pagás íanse entramando paulatinamente no tecido da mitoloxía cristiá e dábanlle a súa propia cor: o culto a Veles seguiu vivo durante moito tempo nas interpretacións rusas de San Nicolao, e moitas funcións de Perún "herdounas" o profeta Elías, que andaba no seu estrondoso carro polo ceo.

En fin, non se pode esquecer que as imaxes e os ídolos precristiáns eran, ó mesmo tempo, obxectos de culto pagán e obras de alta calidade artística que orixinaron a escultura, a pintura e a arquitectura. Cando nos museos admiramos as estatuas dos deuses antigos e as figuriñas da "Venus rusa" Mokox, en certa medida, facémonos idólatras. Sen dúbida non adorámo-lo culto, senón a cultura humana, que son conceptos emparentados historica e etimoloxicamente, pero afastados irreversiblemente un do outro. Se non fora pola lingua, poderiamos se-los *Iváns que non lembran a súa orixe*[434] e percebiriámo-los símbolos multifacéticos dos monumentos da cultura dunha maneira tan simplificada como os nosos fillos perciben a expresión *бог послал Deus mandou*.

3.2. As supersticións e a fraseoloxía

3.2.1. *Os trasnos e os rabudos*
Нечистики e *немытики*

Verán de 1980. Unha antiga aldea rusa á beira dun lago limpo e tranquilo e cun nome típico destes lugares, Gangozero. Os membros da expedición dialectolóxica da Universidade de Leningrado manteñen unha conversa demorada coa avoa Tania, unha vella fraca e enérxica de oitenta anos que ten vivos recordos da antiga vida cotiá e dos costumes rurais. Ó agotar tódalas preguntas tradicionais sobre os tornos, os teares, os utensilios e as vodas, achegámonos ó tema máis delicado do noso cuestionario, a demonoloxía, os restos supersticiosos e o curandeirismo.

—¿Avoa, viu vostede os espíritos do bosque, da auga ou as sereas?

A estudiante de segundo ano, Maxa, empeza este tema cun ataque frontal, porque aínda non ten experiencia nas entrevistas cos "informantes". E crava os seus ollos claros de moza nos aínda máis claros e benévolos da vella.

Eu estremézome. Moitas veces cunha pregunta directa rómpese esa atmosfera especial e confidencial da conversa que converte o "informante" nun interlocutor, e a expedición, nun té cunha hospitalaria familia patriarcal. Un vello de Pskov quitoume a min o costume de facer estas preguntas cando deixou de pedra o meu compañeiro, quen, ó sinalar co dedo unha vaca, lle preguntou: «¿Que é isto, avó?» e este deulle unha resposta sarcástica:

[434] En ruso o dito *é un Iván que non se lembra da súa orixe* caracteriza as persoas que perderon toda relación coa súa cultura autóctona, coa súa terra.

—¡¿Como qué é isto!? É un león.

Despois deste diálogo informativo o vello, gran coñecedor da apicultura e de moitas artesanías, negouse rotundamente a falar con nós: ou ben se ofendeu, ou ben nos considerou xente pouco seria.

Pois agora estou agardando unha reacción semellante.

Contra os meus temores, a avoa Tania nin se ofendeu nin se puxo en garda. E é máis, non se estrañou.

—Eu mesma non as vin, non vou mentir. —Contestou ela. —Non as hai en Gangozero. Hainas en Onega. O meu tío viunas. Unha vez, cando estaba pescando de noite no lago, ela agarrou a barca coa man, exhibiu o seu peito e quedouse mirando para el. E el dille: «Vade retro». E persígnase. Ve que non quita a man e saca o fusil. Pero ela non lle ten medo ó fusil, o seu corpo deixa pasa-las balas a través del. El colleu a machada. Entón ela botouse a chorar e mergullouse...

—¿E como era ela? —Estamos entusiasmados coa resposta porque no noso cuestionario hai unha chea de detalles que esixen ser concretados: cándo se poden ve-las sereas, ónde (preto da auga, no prado, na cebada, no camposanto), qué hai que facer cando as atopas (persignarse, dar nomes, quita-la roupa), quén podía converterse nunha serea, etc.

—¿Como era? —Corrente, —contesta a vella. —Era algo branca, estaba pálida coma unha morta. Tiña os cabelos negros e peiteábaos por abaixo cos dedos. E os brazos escuálidos... [435]

Entón a avoa Tania cun xesto amosa como a serea peiteaba os seus cabelos longos de abaixo para arriba e case empezamos a crer que o seu tío vira realmente un ser mítico "corrente" durante o camiño da súa vida.

—¿E ten os ollos azuis ou verdes?

—¿E ten rabo coma os peixes ou ten pernas normais? Empezaron a cae-las preguntas.

A avoa contestaba con franqueza que o tío non vira a cor dos ollos («¿pódese vela na escuridade?») e, aínda menos, as pernas ou o rabo baixo a auga, «viu só o peito e os cabelos». Estaba claro que non dubidara do relato do seu tío dende a infancia.

Estas pequenas *bilinas* sobre sereas, espíritos da auga, do bosque, vampiros, lambiróns e outras variedades de "demos" durante moito tempo foron o xénero mitolóxico e folclórico predilecto da aldea rusa. En cada unha delas o aspecto "diabólico" descríbese dunha maneira diferente, engádense detalles concretos, suprímense xeneralizacións redundantes, omítense miudezas excesivas. Por iso, o panteón demoníaco dos nosos devanceiros é tan excepcionalmente rico e variado como o mundo que nos rodea e a

[435] Na cultura galega existe a mesma crenza nestes seres, denominados *encantos*, *donas*, *doncelas*, *señoras* e tamén *mouras*, que, a pesar do que poida suxeri-lo nome, non teñen nada que ver co mundo árabe, senón coas *moiras* gregas, porque representan o destino ou *fada* de cadaquén e peitean con peites de ouro os seus cabelos dourados. En Galicia a beleza é dourada, tamén chamada *roxa*, mentres neste relato ruso a beleza parece ser negra.

sociedade humana que se reflectía neste espello demonolóxico.

En Kaunas está o Museo dos Demos, único no mundo, fundado polo catedrático de pintura e pintor nacional da URSS Antanas Zhmuidinevièius. O día do seu corenta aniversario regaláronlle a primeira figuriña do demo cun desexo humorístico: «¡Que colecciones demos durante toda a vida!». Este fraseoloxismo lituano significa, máis ou menos, o mesmo ca '¡Que te leve o demo!'.

O pintor non tivo medo deste desexo ameazador e entendeu a expresión no sentido literal. Como viviu 90 anos, a súa colección de demos é bastante considerable, conta con cerca de 300 figuriñas distintas e esculturas de demos de tódolos países e continentes do mundo. Agora o museo ten moito éxito e segue medrando continuamente, porque os visitantes, animados pola idea da "colección de demos", mandan cada vez máis figuriñas do diaño.

Sen embargo, ningún museo pode dar cabida a toda a variedade de demos que creou a fantasía humana no pasado pagán. Pois, como sabemos, só en Roma había cerca de dous millóns de divindades distintas. Atoparémo-la mesma situación se empezamos a conta-los demos e diaños da terra e os seus nomes. Pódese dicir con toda seguridade que *имя им легион o seu nome é lexión* 'son unha gran multitude'.

Por certo, a mesma expresión *имя им легион o seu nome é lexión*, emprestada da Biblia e que agora se emprega como un dos símbolos fraseolóxicos da multitude, ó principio referíase precisamente ós demos. A lexión, o corpo do exército romano formado por seis mil persoas, na parábola evanxélica ten o significado xeneralizado de gran cantidade.

Nos evanxeos de Lucas e Marcos cóntase como Xesús encontrou un endemoniado que dende había tempo vivía sen roupa e sen casa. Moraba nos sepulcros. Desexando facer saí-lo espírito malo daquel poseso, Xesús preguntoulle: «¿Como te chamas?». E recibiu por resposta: «Chámanme Lexión». Resulta que «eran moitos os demos que tiña no corpo» (Lc, 8, 30). Despois de bota-los demos fóra do endemoniado, Xesús "meteunos" nunha manada de porcos que estaba comendo ó lado. Como resultado, os porcos enfurecéronse, chimparon pola barranqueira abaixo, e foron afogar no lago.

Pero, como nos confirman as pegadas "diabólicas" na nosa lingua, non diminuíu o número de demos no mundo cristián.

O xiro ruso *до черта ata o demo* 'o demo de, unha chea de' é unha denominación moi chamativa dunha multitude excepcional de demos [436]. Este xiro non só é moito máis expresivo có evanxélico, senón que ten un maior uso e un significado máis amplo. Pois a expresión *имя им легион o seu nome é lexión* pode caracterizar só unha gran cantidade de persoas e só en situacións especiais. E *до черта ata o demo* 'un demo de, unha chea de' refírese ás persoas, ós animais, ós obxectos e ós fenómenos máis diversos. Non nos

[436] En galego *de demo* é loc. adv. que significa 'moito' (*berrar de demo* é 'berrar moito ou moi alto'); *o demo de* é loc. adx. que significa 'moitos/moitas' (*na feira había o demo de cousas, o demo de coches*). Igual valor ten *o demo e a nai* (*este ano hai o demo e a nai de cereixas*). *Come-lo demo polos pés* é 'comer moito'. Igual valor abundancial teñen estas expresións: *preparar un lío de mil demos, armar unha bataiola de tódolos demos, armarse unha barafunda de trinta mil demos.*

sorprende que esta curta combinación de palabras saíra do fondo da lingua popular, onde ten moitas variantes locais:

(Pskov) *до беса*	*ata o diaño* 'un demo de, unha chea de'
(Karelia) *до ви́хора*	*ata o demo do remuíño* 'un demo de, unha chea de'
(Karelia) *до пра́ха*	*ata o demo do polvoriño* 'un demo de, unha chea de'
(Siberia) *до ви́хря*	*ata o demo do remuíño* 'un demo de, unha chea de'
(Siberia) *до паралича*	*ata o espírito que causa a parálise* 'un demo de, unha chea de'
(Siberia) *до про́пасти*	*ata o espírito do remuíño* 'un demo de, unha chea de'
(Moscova, Siberia) *до ги́бели*	*ata a morte non natural* 'un demo de, unha chea de'
(vulgar, dialectal) *до ду́ры*	*ata a tonta* 'un demo de, unha chea de'
(vulgar, dialectal) *по ду́ру*	*ata a loucura* 'un demo de, unha chea de'
(Ob', Nóvgorod) *до ле́шего*	*ata o espírito do bosque* 'un demo de, unha chea de'
(Perm') *до лесного*	*ata o espírito do bosque* 'un demo de, unha chea de'
(Perm') *до чёмора*	*ata o espírito que causa a dor de cabeza e de barriga* 'un demo de, unha chea de'
etc.	

As palabras coas que se une aquí a preposición *до* 'ata' son distintas denominacións dos demos que se repiten noutras series de expresións demonolóxicas. É de salientar que estas palabras formen unha serie antonímica de fraseoloxismos coa partícula negativa *ни*:

ни черта	*nin o demo* 'nada'
ни беса	*nin o diaño* 'nada'
ни ви́хора	*nin o demo da tormenta* 'nada'
ни духа	*nin o espírito*'nada'

ни кляпа	*nin o anaco de madeira que representa o demo* ‘nada’
ни лешего	*nin o espírito do bosque* ‘nada’
ни лесного	*nin o espírito do bosque* ‘nada’
ни чёмора	*nin o espírito que causa a dor de cabeza e de barriga* ‘nada’

O simbolismo fraseolóxico destes xiros baséase en dous principios: por unha parte, “a representación múltiple” das forzas do mal na mitoloxía é a causa de que sexa imposible contalas; por outra, a viva expresividade destas palabras e dos conceptos relacionados con elas reforza a tendencia á fraseoloxización das combinacións correspondentes.

Á parte diso, son importantes os “detalles” relacionados coas supersticións sobre os demos. Da mesma maneira que na concepción dos deuses pagáns “superiores”, aquí funciona a oposición “par-impar”. Con ela pódese explicar unha das locucións expresivas negativas do ruso *черта с два! ¡nin dous demos!* ‘de ningunha maneira’. A elección do número neste caso non é arbitraria porque o dous é o número par, diabólico, “malo”. Isto confírmanolo o refrán dos campesiños bielorrusos:

Пастаў богу свечку, а чорту две	*Ponlle unha vela a Deus e dúas ó demo*[437]

(Толстой, 1976: 310).

Ó mesmo tempo, a alteración da asociación dos números pares co demo[438] creou unha serie de fraseoloxismos populares cun significado oposto ó significado de *черта с два nin dous demos* ‘de ningunha maneira’: en Siberia, por exemplo, existe o xiro *с три лешего coma tres espíritos do bosque* ‘moitísimo’, que volve a lembra-la lexión de demos rusos. A idea da multitude diabólica uníase coa doutrina cristiá dunha maneira moi peculiar no ámbito popular. Son ilustrativos a este respecto os relatos da avoa de M. Gorki sobre os “encontros” cos demos que ela vira «e que unhas veces eran moitos e outras un só»:

> Un día, cando eu estaba lavando a roupa no baño, colleume a noite; ¡de repente abriuse a pequena porta do forno! E empezaron a caer de alí trasnos pequeniños, vermellos, verdes e negros coma cascudas. ¡Eu corrín cara á porta pero non se podía pasar, quedei atrancado entre os demos, encheron todo o baño, non se podía dar volta, métenseme debaixo dos pés, tiran, apertáronme tanto que ata non me

[437] **Nota do orixinal**: Respecto a iso, a ‘ducia diabólica’ [así chaman en Rusia ó número da mala sorte, o 13] parece ser unha excepción, porque esta superstición non remonta ó paganismo, senón ó cristianismo: o decimoterceiro durante a Última Cea era Xudas, que traizoou a Xesús. [En galego dise *Porlle unha vela a Deus e outra ó demo* e tamén *porlle unha vela a san Miguel e outra ó demo*].

[438] En galego non parece existir esta vinculación diabólica cos números pares. Só se atopan números pares nefastos en fórmulas coma *¡Á porta dez cans te traben!* (de imprecación) ou *¡Vállanche dous mil demos!* (de crítica), en paremias coma *Cregos, frades, pegas e choias, dou ó demo estas catro xoias* e nun esconxuro aparece como diabólico o número trece: *Ás trece, trece raios de sol./ ¡Que estoupe o Demo Maior / e todos cantos van ó redor!*

> podía remexer! ¡Os peludos daban voltas, facían trasnadas, mostraban os seus dentes de rato, tiñan os olliños verdes, apenas lles saían os cornos, amósanse coma croques, os rabos son coma os do porco, meu Deus!
> —E volvín a ve-los malditos outra vez; tamén era de noite, en inverno, había remuíño de neve. Eu ía atravesando o barranco Diukov,onde, lémbraste, eu dicía que Iakov e Mighailo querían afoga-lo teu pai no burato que hai no xeo do estanque. Vexo que unha carruaxe de tres cabalos negros corre cara a min, e un demo gordo cunha carrapucha vermella érguese, guíaos, sobe no pescante, estira as mans, ten collidas as rendas de ferro e non hai camiño polo barranco, e a carruaxe vai voando directamente cara ó estanque cuberta cunha nube de neve. E nas zorras están sentados tamén os demos; asubían, berrean, axitan as carrapuchas, e así pasaron ó galope sete carruaxes como se foran bombeiros. Tódolos cabalos teñen a pelaxe negra e todos son persoas malditas polo seus pais. Estas persoas sérvenlles de diversión ós demos que montan sobre eles, fanos correr polas noites e en distintas festas. Probablemente vin unha voda diabólica... (M. Gorki, *Infancia*).[439]

No conto da avoa de Alioxa Pexkov vemos dúas categorías de demos: na primeira parte do relato trátase dos "auténticos" demos, demos "de nacemento"; na segunda, das persoas afogadas, aforcadas e outras «ex-persoas maldicidas polos pais». Precisamente esta xente, conforme ás crenzas antigas, convertíase en sereas, vampiros e lambirións. Aquí vese a relación supersticiosa dos fenómenos meteorolóxicos cos demos: *чертова* ou *бесовская свадьба voda de demos* chámanlle á xistra e ó remuíño; dicían *Черт с ведьмой венчается или женится o demo casa coa meiga* cando miraban para os remuíños da xistra no camiño ou no campo e vían os demos dando voltas neste remuíño:

> Os demos infinitos, deformes
> empezaron a dar voltas
> baixo a tenue luz da lúa
> coma as follas en novembro...
> ¡Cantos hai! ¿A onde os arrean?
> ¿Que están cantando con estes lamentos?
> ¿Están enterrando un espírito da casa
> ou é a voda dunha meiga?[440]

---

[439] "Вот однажды стирала я в бане, и дошло время до полуночи; вдруг дверца каменки как отскочит! И посыпались оттуда они, мал мала меньше, красненькие, зеленые, черные, как тараканы. Я - к двери - нету ходу; увязла средь бесов, всю баню забили они, повернуться нельзя, под ноги лезут, дергают, сжали так, что и окститься на могу! Мохнатенькие, кружатся, озоруют, зубенки мышиные скалят, глазишки-то зеленые, рога чуть пробились, шишечками торчат, хвостики поросячьи - ох ты, батюшки!
- А то, проклятых видела я; это тоже ночью, зимой, вьюга была. Иду я через Дюков овраг, где, помнишь, сказывала, отца-то твоего Яков да Михайло в проруби в пруду хотели утопить? Ну вот, иду; только скувырнулась по тропе вниз, на дно, ка-ак засвистит, загикает по оврагу! Гляжу, а на меня тройка вороных мчится, и дородный такой черт в красном колпаке, колом торчит, правит ими, на облучок встал, руки вытянул, держит вожжи из кованых цепей. А по оврагу езды не было, и летит тройка прямо в пруд, снежным облаком прикрыта. И сидят в санях тоже все черти; свистят, кричат, колпаками машут, - да эдак-то семь троек проскакало, как пожарные, и все кони вороной масти, и все они - люди, проклятые отцами-матерьми; такие люди чертям на потеху идут, а те на них ездят, гоняют их по ночам и в свои праздники разные. Это я, должно, свадьбу бесовскую видела...". (М. Горький, *Детство. - Собр. соч.,* т. 9. М., 1962, с. 45).

[440] "Бесконечны, безобразны, /В мутной месяца игре /Закружились бесы разны, /Будто листья в ноябре... /Сколько их! куда их гонят? /Что так жалобно поют? /Домового ли хоронят, /Ведьму замуж выдают?".

Esta imaxe dos demos creada por Puxkin non é froito dunha fantasía poética desbordante: está inspirada nos contos das preservadoras rusas da antigüidade, como a avoa de Alioxa Pexkov ou a avoa Tania da aldea de Karelia Gangozero. Dende logo, cada unha delas introducía algo propio na imaxe tradicional, multiplicando sen fin a variedade (máis ben, a "multifealdade") dos demos e diaños. A imaxe da serea descrita pola avoa Tania, por exemplo, difire moito da idea "típica" que a xente ten delas. Noutras rexións de Rusia soen ser mulleres ou "mozas" co pelo verde, e non negro, e cos ollos ardentes coma o lume. Por iso, o tío da nosa avoa vería a súa luminiscencia na escuridade, claro, se vira unha "verdadeira" serea.

¿Como apareceron estas "forzas do mal" na conciencia popular? ¿Existían orixinariamente nela ou son o resultado do derrubamento e da degradación dos deuses pagáns ós que outrora se lle erixían ídolos?

O máis probable é que se deba ás dúas cousas.

Por un lado, non hai dúbida de que a variedade de denominacións dos "demos" e doutros personaxes mitolóxicos rusos é un resto do antigo politeísmo pagán. Xa vimos que na mesma serie de maldicións do tipo *Черт тебя подери! ¡Que o demo che zurre!* inclúense xiros con nomes de deuses tan venerados en Rusia como Perún ou Volos. Confírmano as "adaptacións" fraseolóxicas destes nomes nos xiros, por exemplo, do bielorruso *даць перуноў dar Perúns* 'golpear, castigar' - *даць чертей dar demos* 'golpear, castigar'. Nestes casos "os deuses superiores" baixan dos seus pedestais e iguálanse ós demos inferiores. Neste feito é imposible non ve-la man rectora do cristianismo, para o que os ídolos, as imaxes e os tótems son demos da mesma categoría.

Por iso, algúns investigadores tenden a interpretar desta maneira a variedade e a transparencia etimolóxica das múltiples denominacións mitolóxicas da lingua rusa. Ó menciona-la aparición dunha cantidade considerable deste léxico nos monumentos dos séculos XV-XVII, O. A. Cherepánova, por exemplo, subliña que

> en primeiro lugar iso está condicionado polos importantes cambios na conciencia mitolóxica daquela época. Precisamente neste tempo, despois de finaliza-la cristianización de Rusia, iniciouse un proceso activo de "demonización" das antigas divindades pagás, o seu descenso "dende as alturas do poder" da conciencia mitolóxica na época do paganismo á esfera da "mitoloxía inferior" e tamén a súa confluencia coa multitude das forzas do mal (Черепанова, 1983: 81-82).

Prodúcese unha revalorización dos "valores sociais" das antigas divindades e demos pagáns, a igualación do seu antigo escalafón.

Por outro lado, explica-la excepcional riqueza do léxico demonolóxico no uso popular, ante todo, coa reestructuración cristiá da antiga concepción do mundo quizais é simplificar. Non cabe dúbida de que o cristianismo abalou esta concepción do mundo, pero non a destruíu en absoluto nin tampouco a cambiou dunha maneira radical. Ó contrario, como xa vimos, en realidade, xuntouse co paganismo, adaptouno ás súas propias necesidades transformando en santos antigos deuses coma Volos. A causa de que o léxico mitolóxico estea mal espellado nos monumentos rusos do século XV está con

máis probabilidade nas tradicións clericais e librescas e nas peripecias históricas da igrexa e non na "demonización das antigas divindades pagás". Ata este período, moitas supersticións populares non podían ser espelladas detalladamente nos monumentos, precisamente porque os clérigos negaban activamente a fe nas forzas do mal, considerándoas un resto da relixión pagá. Sen embargo, co tempo, esta visión sufriu uns cambios notorios na tradición eclesiástica. Por exemplo, non é casual que ata o século XIII a igrexa non recoñecera a existencia das bruxas e nos séculos XIV-XV non só "rehabilitara" esta existencia, senón que empezara a persegui-los que a puñan en dúbida.

Xustamente no século XV os teólogos empezaron a investigar e "clasificar" as forzas do mal creadas pola fantasía popular (léase: pagá). Apareceu unha "ciencia" especial, a demonoloxía (Островский, 1969: 73). A primeira "investigación" sobre as especies e variedades das "forzas do mal", as súas inclinacións e os que caen baixo o seu dominio foi o libro do monxe franciscano Alfonso de Espina *Fortalitium fidei contra Judaeos, Saracenos et alios chritianae fidei inimicos* publicado en 1494 en Nuremberg. Nela non só se daban recomendacións prácticas contra a bruxería e as supersticións populares, senón que se ofrecía unha rigorosa sistematización dos "demos". Segundo as características máis típicas, dividíanse en dez categorías básicas.

A revitalización do léxico correspondente nas fontes escritas dos séculos XV-XVII, sobre o que escribe O. A. Cherepanova, pódese explicar polo aumento do interese pola materia "diabólica" no catolicismo e na ortodoxia. Segundo o rico material da rexión setentrional de Rusia que contén o seu libro, a gran maioría das denominacións diabólicas son de proveniencia antiga e non serodia. Estas espellan despois do século XV precisamente a mesma función demonolóxica "inferior" ca na época do paganismo. Isto indícano as múltiples "resonancias" das palabras e dos conceptos correspondentes no mundo eslavo, por exemplo, nas linguas eslavas meridionais (Зечевић, 1981).

A causa "primeira", e máis importante cá cristianización, de que haxa unha variedade excepcional de léxico demonolóxico no ruso e noutras linguas eslavas era a antiga "división" das divindades pagás en "altas" e "baixas", superiores e inferiores, de gran escala e locais. Moitos filólogos e lingüistas recoñecen esta división (*Сперанский*, 1914: 161; Brückner, 1918: 13-16). Esta procede das funcións sociais, culturais e económicas dun ou doutro culto pagán. V. V. Ivanov e V. N. Toporov supoñen acertadamente que os niveis xerárquicos atravesan todo o sistema mitolóxico dos eslavos (МНМ, II: 450-456). Para o nivel superior, representado polos dous deuses "fundamentais" dos preeslavos, Perún e Veles, é característico o tipo máis xeneralizado das funcións "divinas": ritual-xurídico, militar, económico-natural. O nivel máis baixo incluía os deuses relacionados cos ciclos agrícolas e cos ritos do calendario, ou os deuses da tribo, do clan e outras divindades locais do tipo de Rod e Chur dos eslavos orientais. No seguinte nivel é característica unha maior abstracción das funcións: había unha certa personificación dos símbolos mitolóxicos básicos: Destino (Dolia), Desgracia (Ligho), Verdade (Pravda), Mentira (Krivda), Morte (Smert'), etc.

Para cada un destes escalafóns xerárquicos existía unha escala de subordinación interior ata os cargos "máis baixos". Estes, despois da cristianización, incluíron os "pequenos demos", os trasnos que a avoa de Alioxa Pexkov vía en gran cantidade "cos seus propios

ollos". Os copistas dos libros antigos rusos víanos da mesma maneira. Nunha das miniaturas da *Crónica de Radsivil*, por exemplo, está representado San Isaak bailando ó son da música dos demos. Uns tocan o cálamo, outros os *gusli*[441] e outros a pandeireta. E todos teñen distinto tamaño, aínda que hai máis demos pequenos ca calquera outra cousa. Non paga a pena explicar que, segundo o escalafón, canto máis pequeno é o demo máis servicial e obsequioso debe ser. De aquí o sentido figurado da expresión rusa *рассыпаться мелким бесом desfacerse coma un demo pequeno* 'facer todo o posible por contentar, aloumiñar a alguén':

> O húsar Pightin estaba de visita na nosa casa,
> ¡Como lle gustaba Tania,
> Como *se desfacía coma un demo pequeno* cara a ela [Como a aloumiñaba]...
> (A. S. Puxkin, *Evgueni Oneguin*).[442]

Os escritores rusos non esquecen o significado recto do xiro. N. V. Gogol insinúao ó combina-lo significado recto e o figurado na descrición "demonolóxica":

> Entón o demo, *ó chegar coma un demo pequeno* [aloumiñar] onda a meiga, colleuna do brazo e empezou a rosmarlle á orella o que se adoita rosmar ó sexo feminino. (Noiteboa).[443]

Como vemos, o demo para seduci-la meiga tivo que finxir ser un diaño menor. Segundo as miniaturas das crónicas, é ben lóxico: canto máis pequeno é o demo, máis apaixonado é pola música e polos bailes diabólicos, que son tan do gusto das meigas.

Pero volvamos ós demos maiores, aínda que pertenzan á mesma categoría "inferior". Polo visto, dende tempos remotos existía unha simetría bastante equilibrada entre o nivel superior e o inferior dos personaxes mitolóxicos. Isto testemúñao a mitoloxía grega e romana, onde o culto a Zeus, Afrodita, Apolo, etc. non impedía en absoluto a coexistencia pacífica dunha chea de divindades da casa, do bosque, da auga e outras que, en realidade, eran iguais ós espíritos da casa, do bosque, da auga e ás sereas rusos. Evidentemente, as antigas fontes escritas infórmannos disto, por exemplo, o xa coñecido por nós *Tratado sobre os ídolos*[444], onde se subliña que os eslavos pagáns facían sacrificios (inmolacións) ós vampiros (lambiróns) e ás sereas incluso antes que a Perún e que despois do bautismo adoraban algúns demos "inferiores", as sereas, igual cós representantes do panteón de Kiev, que xa coñecemos:

> Tamén chegou ata os eslavos [a adoración dos ídolos - V. M.]. Estes eslavos empezaron a facer comidas para Rod e as súas axudantes antes que para Perún, o seu deus. Antes diso ofrecíanlles sacrificios ós vampiros e ás sereas. Despois do santo bautismo rexeitaron a Perún e aceptaron o noso deus Xesús, pero agora nas zonas limítrofes rezan ó seu maldito deus Perún, a Ghors e a Mokox e ás sereas ou fan o mesmo ca antes. (*A copia de Sofia*).[445]

---

[441] *Gusli* é un instrumento musical de corda ruso.

[442] "Гусар Пыхтин гостил у нас; /Уж как он Танею прельщался, /Как мелким бесом рассыпался...". (А. С. Пушкин, *Евгений Онегин*).

[443] "Тут черт, подъехавши мелким бесом, подхватил ведьму под руку и пустился нашептывать на ухо то самое, что обыкновенно нашептывается всему женскому роду". (*Ночь перед Рождеством*).

[444] *Слово об идолах*.

[445] "Даже и до словен доиде (поклонение идолам - В. М.). Се же словене начали трапезу ставити Роду и

Este texto testemuña que o variado léxico que denomina os demos "inferiores", como as sereas e os vampiros, non pode ser de ningunha maneira consecuencia só da cristianización e reorganización social dos deuses superiores despois do século XV. Sabemos tamén por distintas fontes que os deuses superiores e inferiores tiñan relacións complementarias: é coma se os diferentes tipos de demos continuaran, desenvolveran e concretaran a función dun ou doutro deus superior.

Así, unha das personificacións do deus máis importante dos eslavos orientais, Rod (xa falamos máis arriba do seu culto), era o espírito da casa: non é casual que no diccionario de V. I. Dal *род* (rod) teña o significado de 'espírito da casa (domovoi)' e *родá* (rodá) de 'fantasma'. Ó mesmo tempo, B. A. Uspenski considérao tamén unha "epifanía" (é dicir, "reconsagración") do poderoso Volos. As manifestacións "inferiores" da existencia de Volos, á súa vez, tamén podían ser espíritos da auga e do bosque, porque algunhas das súas funcións vinculábanos ó "deus do gando" (Успенский, 1982: 148).

A motivación común das denominacións da divindade de nivel superior e inferior podía reforza-las resonancias das funcións mitolóxicas idénticas ou análogas. Neste aspecto é curiosa a historia de *кикимора* 'quiquimora', un personaxe mitolóxico feminino moi popular en Rusia así como entre os eslavos meridionais. Soe representarse como unha vella fea, curvada e monstruosa, vestida cuns farrapos e desaseada (Черепанова, 1983: 124-133). Na lingua literaria a palabra *кикимора* 'quiquimora' entrou como denominación metafórica dunha persoa fea e vestida sen aseo nas comparacións fixas:

как кикимора	*coma unha quiquimora*
ходить кикиморой	*andar coma unha quiquimora*

A existencia fraseolóxica de *кикимора* 'quiquimora' correspóndese exactamente coa mitolóxica: trátase dunha persoa desagradable, insociable, fea ou vestida sen aseo e que pode ser tanto un home como unha muller:

> Entroulle tanta morriña a Serguei Petrovich que non saíu da casa durante uns días...
> —Vou quedar metido na casa *coma unha quiquimora* [coma un morcego]. (D. N. Mamin-Sibiriak, *Querido amigo*).[446]

Este emprego, por certo, espella moi exactamente unha das peculiaridades típicas de *кикимора* 'quiquimora', o seu carácter doméstico. En realidade é o "espírito doméstico feminino" con tódalas consecuencias que iso implica (claro, ademais da súa aparencia, que podía ser máis agradable). Unha característica permanente de *кикимора* é a súa paixón polo fiado: remata o fiado en vez da dona da casa, pero con máis frecuencia castiga ás fiadoras descuidadas: enmaraña ou rompe o fío, queima a estopa que queda pola noite sen lle face-lo sinal da cruz, etc. É coñecida pola súa mesquiña maleficencia: rompe as olas polas noites, estraga o pan, dá golpes coas tapas das caixas, despluma as

---

рожаницам переже Перуна бога их. А преже того клали требы упиремь и берегыням. По святем крещении Перуна отринуша, а по Христа господа бога нашего яшася, нъ и ныня по украинам их молятся проклятому богу их Перуну, Хърсу и Мокоши и вилам, нъ то творять акы отай". (*Софийский список*. - Цит. по: Рыбаков 1981, 15).

[446] "На Сергея Петровича напала такая хандра, что он несколько дней никуда не показывался из дому...
- А вот возьму и буду сидеть у себя дома, как кикимора". (Д. Н. Мамин-Сибиряк, *Дорогой друг*).

galiñas, etc. Segundo tódolos indicios, fai todo o posible para prexudicar á dona e deixa que sexa o espírito masculino da casa (domovoi) quen faga o mesmo co dono [447].

Algunhas funcións, sobre todo as do fiado, unen á maléfica *кикимора* 'quiquimora' coa bondadosa deusa da fertilidade e da chuvia Mokox. Este feito dá pé para ve-la primeira como unha especie de continuación "inferior" e personificación da segunda. Este achegamento confírmase tamén pola etimoloxía. *Кикимора* 'quiquimora' é unha palabra composta que ten como elemento básico *мара, мора* (mara, mora). Un dos etimólogos (Зубов, 1981) relacionou enxeñosamente Mokox e quiquimora mediante a asociación semántica cos sitios mollados, húmidos. *Мара, мора* ó principio significaba 'pantano, auga estancada' (véxase tamén os significados dos derivados da palabra *море* 'mar' en distintas linguas e dialectos – Мурзаев, 1984: 374-375) que se xunta coa motivación de Mokox a partir de *мок-* 'un lugar mollado, pantanoso'. Entón tanto unha como outra habitan nos lugares húmidos (compárese a expresión *кикимора болотная quiquimora do pantano* 'persoa moi fea e desagradable').

Todo o dito confirma, unha vez máis, o testemuño arriba citado do *Tratado sobre os ídolos*[448], segundo o cal, os personaxes mitolóxicos inferiores en ningún caso poden interpretarse como "suplentes" dos superiores despois da chegada do cristianismo a Rusia, como sostén O. A. Cherepanova. Durante a época do paganismo coexistían. Pero da mesma maneira ca na vida real, onde os xefes se cambian moito máis a miúdo cós seus subordinados, os deuses superiores resultaron máis efémeros cós inferiores.

O cristianismo logrou, en efecto, asestar un duro golpe ó paganismo, pero este golpe recaeu con máis forza sobre os deuses superiores que gobernan o ceo. As divindades inferiores, aínda que tamén se resentiron, ó se transformaren, axeitáronse ó novo e único deus superior, Deus, que, conforme ó simbolismo cristián, habita no ceo. Segundo as temperás ideas relixiosas eslavas, os demos pagáns (deuses ou espíritos, forzas da natureza, etc.) habitaban na terra e no ceo, pero pouco e pouco estas crenzas substituíronse por unha nova idea cristiá, conforme á cal, o ceo pertence á "corte celestial" e os demos pagáns, ó se converteren en "forzas do mal", quedaron na súa maioría na terra. Así, a "dualidade da fe" do pobo, debido a este carácter dual, converteuse, en certa medida, na "unidade da fe"» (Толстой, 1976: 309). Antes os eslavos pagáns non tiñan nin "forzas do mal" nin "tropas divinas": os eclesiásticos cultivaron os antagonismos entre estes dous polos que eran un todo orgánico, unha forza extraordinaria que habitaba todo o universo, que rodeaba os nosos devanceiros e tiña uns contornos borrosos e confusos.

3.2.2. ¿En fin, que demo necesitamos?

Os Perúns e os Volos foron derrubados polo cristianismo, pero a crenza nas sereas, nos vampiros, nos espíritos do bosque, da casa e da auga seguía viva no pobo e

[447] Este demo pequeno da cultura rusa ten case tódalas características do *trasno* da cultura galega.
[448] *Слово об идолах*.

proporcionáballe un colorido nacional ó folclore ruso, á medicina popular e á literatura nacional. Esta fe resultou máis resistente a causa do seu "carácter democrático" e o seu escepticismo respecto ós deuses superiores.

Son case innumerables os nomes dos demos no uso popular:

нечистый	'non limpo'	*он*	'el'
соблазнитель	'seductor'	*нечи́стик*	'non limpo'
тот	'aquel'	*лихой*	'malicioso'
не́чисть	'non limpo'	*не наш*	'non noso'
шиликун	'trasno'[449]	*не́жить*	'non vivente'
недруг	'non-amigo'	*шиш*	'xix, espírito do bosque coa cabeza en forma de piña'[450]
враг	'inimigo'	*супротивник*	'rival'
шиши́га	'xixiga, espírito feminino da noite'[451]	*вражи́шка*	'inimiguiño'
нехороший	'non-bo'	*моро́ка*	'moroka, espellismo, espectro'[452]
вражо́к	'inimiguiño'	*неистовый*	'frenético'
ма́ра	'mara' 'espírito da morte'[453]	*вражья сила*	'forza inimiga'

[449] Nas distintas rexións consideráse que estes trasnos poden vivir en lugares diferentes: nos alpendres abandonados, nos baños rusos, etc.

[450] *Xix* é un dos nomes populares do demo máis estendidos en Rusia, sobre todo no Norte. Nas diferentes rexións de Rusia, esta palabra denomina a demos de distintos xéneros, pero sobre todo ó espírito do bosque que leva a xente polo monte para burlarse dela. Tamén pode entrar no baño ruso e golpearse, rodeado de vapor, con pólas de bidueiro (o cal é habitual no baño ruso). Ás veces, arríncanlle a pel ó home que se está bañando e cobren con ela a estufa de pedra. Os *xix* tamén acosan sexualmente ás mulleres que están non baño ruso e ós home golpéanos con ramas de bidueiro.

[451] Este espírito é a femia de xix. Parécese moito a quiquimora: é unha muller despeluxada, tímida e que non coordina ben os seus movementos. A miúdo amedrenta a xente nos cemiterios.

[452] O espectro pode ser creado por vontade dunha meiga ou dun bruxo. Compárese *морочить* 'facer ver a alguén algo que non existe na realidade'. Por exemplo, as meigas ou os bruxos que eran condenados a ser flaxelados facían que a todo mundo lle parecese que o látego golpeaba o seu lombo nu, cando en realidade gopeaba o chan ou unha árbore.

[453] *Mara* é un fantasma, un espírito que tortura a xente cando dorme. É unha muller vella e pequena que de noite está sentada diante da estufa, fía, murmura, salta e lle tira pedras á xente. Igual cás quiquimoras pode

лукавый	‘astuto’	*игрец*	‘brincadeiro’
некошна́я сила	‘forza diabólica maligna, hostil ó home’	*луканька*	‘astuto’
паралúк	‘espírito que causa a parálise’	*нейстовая сила*	‘forza frenética’
отя́па	‘demo, ídolo de madeira’	*несветик*	‘non de luz’
непу́тная сила	‘forza desordenada, inútil’	*хóхлик*	‘demo pequeno co pelo de punta’
рогатик	‘cornudo’	*вúхор*	‘demo do remuíño’
неладный	‘non-harmonioso’	*рогатый*	‘cornudo’
прах	‘cinza’	*нелегкий*	‘non-lixeiro’
немытик	‘non lavado’	*кромешный*	‘moi escuro’
блáзнитель	‘seductor’	*окаянка*	‘maldito, condenado’
ёлс	‘espírito do bosque’	*чóмор*	‘espírito que causa a dor de cabeza e de barriga’

A primeira vista son unha chea de sinónimos demonolóxicos que designan o mesmo ser demonolóxico cun aspecto e unhas funcións pouco precisas. Nembargantes, unha investigación máis profunda revelaría que detrás de cada un deles hai un demo que pode ser identificado claramente polas súas funcións e que noutrora xogou un papel determinado no ramificado sistema mitolóxico dos nosos devanceiros.

Ó emprega-las expresións *На кой черт! ¡A que demo!* ‘¡para que!’ *На кой ляд! ¡A que*

romper ou enmaraña-los fíos das fiandeiras. Pode convivir co domovoi (espírito da casa) na mesma casa. En canto á súa procedencia, as maras son os espíritos dos nenos que morren sen estar bautizados ou que son malditos polos seus pais. As maras personificaban as almas dos defuntos, compárese ruso *мор* (mor) ‘morte, epidemia’ e indoeuropeo *mor- ‘morte’.

Tamén se lles chama maras ás meigas e ás bruxas que moxen as vacas, de maneira que despois en vez de dar leite dan sangue. Poden transformarse elas mesmas ou a outras persoas en animais.

Cos nomes mara, morena, e marena tamén denominan a unha rapaza, a unha boneca ou ata a unha árbore nas festas rituais eslavas. Ó redor delas organízanse xogos que simbolizan a chegada da primavera para aumenta-la fertilidade da terra.

demo! '¡para que!' ou *Какого черта? ¿De que demo?* '¿que, por que? *Какого дьявола? ¿De que demo?* '¿que, por que?' non sospeitamos que tras estas exclamacións e preguntas se esconde unha clara delimitación dos demos polas súas funcións, polos lugares onde habitan e por non ter aspecto de "santos". Estas preguntas son rudimentos daquela adoración diferenciada dos distintos espíritos do bosque, da casa, da auga e outros. A súa invocación tiña para os nosos devanceiros un sentido ben concreto e unha finalidade práctica.

Literalmente *Какого черта тебе нужно? ¿Que demo necesitas?* '¿que queres?' supuña que tiñas que acudir ó demo que correspondese segundo as túas necesidades. Así, ó espírito da casa dirixíanse máis ben para lle pediren que protexese a casa e mailos seus habitantes contra as enfermidades e outras desgracias. Preocúpase especialmente do gando. Por iso, facían todo o posible para contribuíren a este patrocinio. Para aplacaren o espírito da casa cando estaba encabuxado, deixábanlle comida, botábanlle ó pé do poste das portas auga bendita, incensaban ou o xoves santo cravaban un ramo de xenebreiro no patio. É dicir, facían todo aquilo que, segundo a crenza, lle agrada.

A miúdo o rito de aplaca-lo demo, o diaño ou o demoño seguía un proceso gradual. Na gubernia de Smolensk, por exemplo, celebrábase un rito para acouga-lo espírito da casa que se coñecía como *относить относы trasladar traslados*. Os donos collían un anaco de pan salgado por encima e envolto nun pano branco e limpo cosido cun fío vermello. Despois saían a un portal ou a un cruce e, ó poñeren nalgún sitio este agasallo para o espírito da casa, facían catro reverencias[454], unha para cada lado, e lían "O Nosopai" e un conxuro especial para que o "dono" volvese á casa e cambiase a ira pola piedade. O pano branco co fío vermello é un símbolo da camisa que se lle ofrecía ó espírito da casa (Ушаков, 1896: 155-156). Cando cambiaban de casa, adoitaban "levar consigo" o espírito da casa, ofrecéndolle tamén pan e sal como símbolo tradicional de benvida. Pronunciábanse as seguintes palabras de invitación:

Иди, хозяин, с нами жить	*Dono, ven vivir connosco*
Дворный, дворный, иди со мной	*Espírito da casa, espírito da casa, ven vivir comigo.*

E na gubernia de Kursk, cando facían esta invitación, puñan na cheminea do forno vodka con tapas para o espírito da casa.

Este ritual de "traslado" do espírito da casa para unha casa nova espellouno vivamente M. Gorki na súa novela *Infancia*[455]:

> O avó alugou dúas habitacións escuras no soto dunha casa vella nunha rúa cega. Cando cambiabamos de piso a avoa colleu un lapot'[456] cunha correa longa, tirouno debaixo do forno ruso e ó encrequenarse empezou a invoca-lo espírito da casa:
> —Espírito da casa, velaquí están as túas zorras, ven con nós a un lugar novo, a unha felicidade nova...
> O avó mirou na ventá dende o patio e berrou:

[454] O tipo de reverencia que se facía era unha inclinación chegando a cabeza ó chan.
[455] *Детство.*
[456] Os *lapot'* son unha especie de alpargatas rusas.

—¡Herexe, nin penses levalo! Non intentes avergoñarme...

—Ai, espera, home, vai pasar algo malo, —previu ela nun ton serio.[457]

Aquí vese moi ben a "existencia" pagá deste rito e a súa reprobación cristiá.

O estudio de tales ritos e rituais amosa "qué demo en concreto" necesitaba un habitante analfabeto e supersticioso da Rusia rural nunha ou noutra situación. As variantes dialectais testemuñan que estas preguntas ó principio tiveron un carácter especializado:

Ко́ва еретика́?	*¿Que herexe?*
Ко́и жолви? Ко́и у́сови?	*¿Que espírito da enfermidade?*
Кой кляп?	*¿Que ídolo do demo?*
Кой кур?	*¿Que deus pagán?*
Кой нож, кой усов!	*¡Que espírito do perigo, que espírito da enfermidade!*
Ко́я облива!	*¡Que espírito do asolagamento!*
Кой прах!	*¡Que demo do remuíño!*
Кой родимец?	*¿Que parálise, que ataque de corazón?*
На кой нож?	*¿Para que espírito do perigo?*
На кой кляп?	*¿Que ídolo do demo?*

(СРНГ, XIV, 83)

(Riazan')

Какого паралика?	*¿Que espírito que causa a parálise?*
Како́е коло́тье?	*¿Que espírito causante da enfermidade que produce dores de barriga ou de costado?*
Како́го ви́хара?	*¿Que demo do remuíño?*

(Karelia)

Како́го пра́ха?	*¿Que demo do remuíño?*
По кой прах?	*¿A por que demo do remuíño?*

[457] "Дед снял две темные комнатки в подвале старого дома, в тупике под горкой. Когда переезжали на квартиру, бабушка взяла старый лапоть на длинном оборе, закинула его в подпечек и, присев на корточки, начала вызывать домового:
- Домовик-родовик, - вот тебе сани, поезжай-ко с нами на новое место, на иное счастье...
Дед заглянул в окно со двора и крикнул:
- Я-те повезу, еретица! Попробуй, осрами-ко меня...
- Ой, гляди, отец, худо будет, - серьезно предупредила она...".

(Arghánguelsk)

Кой лембой?	*¿Que demo do bosque e do pantano?*
Какого ёлса?	*¿Que espírito do bosque?*
etc.	

Moitos destes xiros combínanse con palabras modais do tipo *нужно* ‘é necesario’, *надо*, ‘fai falla’ e o seu significado xeral achégase ó literario *Какого черта? ¿De que demo?* ‘¿que, por que? Pero detrás de cada unha destas denominacións hai unha imaxe mitolóxica especializada que foi xeneralizada máis tarde.

A pregunta *Какого черта? ¿De que demo?* ‘¿que, por que? inquieta a imaxinación humana dende a infancia. Así Iliuxa Oblomov faille a súa primeira “entrevista demonolóxica” á súa nai:

> —Imos dar unha volta, mamá, —di Iliuxa.
> —¡Que va, por Deus! Dar unha volta agora —responde ela— hai humidade, vas coller frío ós peíños; e pon medo: no bosque agora anda o espírito do bosque (lexi), el leva os nenos pequenos.
> —¿A onde os leva? ¿Como é? ¿Onde vive? —pregunta o neno.
> E a nai dáballe renda solta á súa fantasía desbordante.[458]

Desta maneira a pregunta *Какого черта? ¿De que demo?* implica unha triple resposta: segundo o lugar de residencia (¿onde vive?), segundo as funcións e como actúa coa persoa (¿onde os leva?) e, por fin, segundo o aspecto exterior (¿como é?). A etimoloxía das múltiples denominacións populares dos demos, a etnografía rusa e a mitoloxía comparada de varios pobos axudan a dar resposta a esta pregunta. Está claro que, ó facer unha descrición dun ou doutro “personaxe” do nivel mitolóxico inferior, estas tres características a miúdo aparecen xuntas, aínda que unha delas se acentúe máis cás outras.

A agrupación máis precisa do léxico demonolóxico faise seguindo o criterio do lugar no que habitan (Толстой, 1974; Черепанова, 1983: 57-64). Na casa habitan o espírito da casa (Domovoi) e os seus colaboradores máis próximos (que non sempre forman parte do “persoal fixo” demonolóxico:

дворовой	‘espírito do patio’
подпольщик, подпольный	‘espírito do soto’
овинник	‘espírito do secador de gavelas’

[458] “- Пойдем, мама, гулять, - говорит Илюша.
- Что ты, бог с тобой! Теперь гулять, - отвечает она, - сыро, ножки простудишь; и страшно: в лесу теперь леший ходит, он уносит маленьких детей.
- Куда он уносит? Какой он бывает? Где живет? - спрашивает ребенок.
И мать давала волю своей необузданной фантазии.” (И. А. Гончаров, *Обломов*).

банник, банный	‘espírito do baño’
хлевник	‘esprírito da corte’
менный, гуменник	‘espírito da eira’
etc.	

No bosque reinan os espíritos do bosque (lexi ou lesovic) que poden ter nomes máis detallados:

боровик	‘espírito do bosque de coníferas’
моховик	‘espírito do bríon’
пушевик	‘espírito do bosque frondoso’
подкустовник	‘espírito do arbusto’
кладник	‘espírito do tesouro’

Nos pantanos están os *espíritos do pantano боло́тники, зы́бочники, оржа́венники* ou *па́мха*.

Nas fontes de auga está o *espírito da auga водяной, водяной хозяин* ou as súas variedades:

омутно́й	‘espírito do remuíño’
озерной	‘espírito do lago’
бу́чильный (de *бучило* ‘remuíño’)	‘espírito do remuíño’
виро́вник (de *вир* ‘lugar profundo’)	‘espírito das profundidades’

Nos campos predominan os *полевики* ‘espíritos do campo’ ou *полевые* ‘espíritos da cebada’ ou *житные жижы* ‘espíritos que aparecen no campo dunha pranta gramínea e que son coma chispas ou faíscas’. Pódese atopa-los demos máis estraños, e son raros, ou ben porque a paisaxe non é moi típica de Rusia, ou ben porque o lugar onde viven é variable:

горный ou *горний хозяин*	‘demo que vive nas montañas’
встречный	‘demo que vive nas estradas’

Cando o mesmo nome do rabudo non indica moi claramente o seu “enderezo”, entón empezan a actua-las combinacións de palabras que poden chegar a ser fontes

fraseolóxicas. Así apareceu o chamativo fraseoloxismo ruso:

у черта на куличках	*nas parcelas do demo* 'na casa do demo (máis vello)'

Кулички (ou *кули́жки, кули́ги*) son as parcelas de bosque que se queiman ou limpan para labra-la terra no sistema agrícola de rozas: queimábase o bosque cortado e despois arábase e sementábase no mesmo sitio durante dous ou tres anos. Estes campos cubríanse de bosque bastante rápido, encharcábanse e abandonábanos. Segundo as crenzas supersticiosas, os demos habitaban precisamente estas parcelas afastadas e cubertas de monte baixo. Polo tanto, sen dubidar moito, podemos incluí-lo poboador destas parcelas entre os espíritos do bosque e non da casa ou da auga. Por certo, precisamente o lugar onde habitaba, que é semellante ós descritos, deulle outro nome ó demo que forma parte do xuramento *На кой лял? ¿Que demo?* Pola súa procedencia está relacionado coas palabras *ляда́, ляди́на* 'terreos abandonados' (compárese a alemana *Land* e a inglesa *land* 'terra' que están emparentadas cos dialectalismos rusos).

En fin, cada unha das categorías do "clan diabólico" destaca por ter unhas denominacións amplas e moi detalladas. Por exemplo, só o espírito da casa ten máis de cen denominacións no Norte de Rusia (Черепанова, 1983: 58-59). E moitas delas indican directamente a relación coa casa[459]:

домовитой	'casa'
доможи́р	'casa+graxa'
домовитушко	'casa'
доможи́л	'casa+vivir'
де́душка-домове́юшко	'avó casa+soprar, abalear'
домови́к	'casa'
etc.	

Sen embargo, non todas estas denominacións indican con transparencia cal é a categoría do demo. Cando empregamos na fala moderna

бродит как полуночник	*anda como un trasnoitador* 'dise dunha persoa que anda pola súa casa moi tarde, sen durmir e sen facer nada útil, normalmente por culpa do insomnio'
смотрит букой	*mira coma un buca* 'está mouco'

ou

[459] *Дом* (dom) en ruso significa 'casa'.

сидит рохля рохлей	*está sentado coma un fláccido e zoupón* 'é preguiceiro, desorganizado'

non soemos sospeitar que temos diante un conxunto típico de espíritos da casa e de demos. Mentres tanto, é o espírito da casa o que ten como obriga principal percorre-la aldea á medianoite e, segundo a expresión de V. I. Dal, «alborotar detrás das casas».

Бука 'buca', así como *букан, буканай, буканайко, буканко, буканушко, букарица, букарка* e *букушка* é un ser mítico co que asustan os nenos:

> Bain, boin, bain, bai, e/
> Vaite, Buca, para debaixo do alpendre,
> Bótalles herba ós cabalos,
> Non nos asustes a Kolia.[460]

Aínda que *бука* 'buca' pode ser un demo do bosque (*бука лесовая*), os paralelismos etimolóxicos úneno precisamente coa casa: (inglés) *puck*, (irlandés) *phuka*, (antigo sueco) *puke* e (antigo noruego) *pukí* significan o mesmo 'espírito da casa', así como (letón) *pūķis* 'espírito da casa que trae sorte'. Por certo, o nome do heroe bondadoso e pícaro do conto inglés *Winnie the Poo* ten unha relación etimolóxica directa coa nosa *бука* 'buca' (Черепанова, 1983: 120), o cal é aínda máis lóxico porque nas culturas de moitos pobos o "dono" do bosque identifícase co oso: non é casual que nas falas de Vólogda a palabra *бука* 'buca' aínda teña o significado de 'oso'.

Рохля na nosa conciencia únese co adxectivo *рыхлый* 'frouxo, fláccido'. En realidade, agora chamamos así a unha persoa fláccida e zoupona. Pero nas crenzas mitolóxicas é 'algo que atemoriza nos sotos, un espantallo' e, a miúdo, unha serpe que, ás veces, se mete debaixo do forno da casa.

Algunhas funcións e "accións" dos demos están moi arraigadas na nosa lingua. A miúdo son tan transparentes que os nosos fillos as descifran con facilidade. Pero perciben estes xiros "funcionais" no sentido literal e "precisan" o seu significado de tal maneira que poden poñer nun apuro a un adulto. K. I. Chukovski relata un caso semellante no seu libro *De dous a cinco*[461]:

> —*Sabe o demo* [sabe Deus] o que pasa na nosa tenda —dixo a vendedora cando volveu á casa.
> —¿Que é o que pasa? —preguntei eu.
> O seu fillo duns cinco anos contestou sentenciosamente:
> —Xa lle dixeron que o demo o sabe, ¿e a nai é o demo? Ela non o sabe.[462]

Esta sentencia infantil encerra unha gran verdade mitolóxica porque os demos, segundo

[460] "Баю, бою, баю, бай, да /Поди, бука, под сарай, да /Коням сена надавай, да /У нас Колю не пугай."
[461] *От двух до пяти.*
[462] "- Черт знает, что творится у нас в магазине, сказала продавщица, вернувшись с работы.
- Что же там творится? - спросил я.
Ее сын, лет пяти, ответил наставительно:
-Вам же сказали, что черт знает, а мама разве черт? Она не знает.".

as crenzas supersticiosas, destacaban pola súa verdadeira omnisciencia, que non é sorprendente se temos en conta a súa extraordinaria capacidade para cubrir moi rapidamente grandes espacios, cambia-lo seu aspecto, facerse invisibles cando é necesario, en fin, "ser moi agudos".

É coma se o carácter "multidiabólico" do coñecemento se acentuase coa variada serie de xiros que descifrou o amigo de Chukovski, que ten cinco anos

бес (леший, шут, пес, шиш, хрен) его знает	*sábeo o demo (lexi, bufón, can, saramago, ravo silvestre)* 'o demo o sabe'

Nos dialectos esta serie é realmente infinita:

(Kursk) *вихор его знает*	*sábeo o demo do remuíño* 'sabe o demo'
(Irkutsk) *враг его знает*	*sábeo o inimigo* 'sabe Deus'
(Irkutsk) *грех его знает*	*sábeo o pecado* 'sabe Deus'
(Sredniaia Ob') *дур его знает*	*sábeo o bobo* 'sabe Deus'
(Sredniaia Ob') *дурак его знает*	*sábeo o bobo* 'sabe Deus'
(Sredniaia Ob') *пропасть их знат*	*sábeos o abismo* 'sabe Deus'
(Sredniaia Ob') *сап его знает*	*sábeo o demo que causa o mormo* 'sabe o demo'
(Riazan') *колóтье его знаеть*	*sábeo o demo que causa unha enfermidade que produce dores de barriga ou de costado* 'sabe o demo'
(Riazan') *паралúк знаеть*	*sábeo o espírito que causa a parálise* 'sabe Deus'
(Pskov) *пáмжа знает*	*sábeo o espírito da enfermidade, da morte* 'sabe Deus'
(Perm') *чёмор его знат*	*sábeo o demo que causa a dor de cabeza e de barriga* 'sabe Deus'
etc.	

Por outra parte, o coñecemento diabólico únese dun modo orgánico co divino na interpretación fraseolóxica: a expresión *бог (господь, аллах) знает* sabe Deus (o Señor, Alá)' 'sabe Deus' devólvenos outra vez a este pasado remoto en que tódolos seres míticos sen excepción se chamaban deuses ou, no peor dos casos, divindades inferiores.

Unha das ocupacións máis activas do demo é "secuestrar" persoas ou facerlles perde-lo

camiño, tanto no sentido recto como no figurado [463]. Por exemplo, o espírito do bosque é extremadamente enxeñoso á hora de buscar maneiras para desviar do camiño ós transeúntes que pasan pola súa diócese. Ofrécelles os seus servicios coma se fora un cocheiro que pasa casualmente polo camiño e, se o camiñante acepta, "lévao" ou "trasládao" a unha cidade afastada, méteo na copa dunha árbore ou no tellado dun muíño. Por exemplo, está recollido un conto no que se narra como unha vez o espírito do bosque, que levaba no seu carro un campesiño, o colgou patas arriba dunha árbore. O campesiño volveu en si colgado por un pé da trabe da súa propia casa (Ушаков, 1896: 158-159).

A miúdo, para atrae-la xente ó bosque cerrado, o espírito do bosque adopta o aspecto dalgún animal: leitón, carneiro, tenreiro, lebre, can, pato. E prefire aquelas aparencias que asombren o transeúnte para que este vaia tras del (Ушаков, 1896: 159). O espírito do bosque leva o gando da casa. Ó demo gústalle especialmente leva-los inocentes. No Norte de Rusia aínda se conservan lendas sobre os nenos que o demo ou, máis a miúdo, "a muller do espírito do bosque" cambiaba por outros. Ó leva-lo bebé, déixanlle á nai a súa cría, que medra sanguinaria e torpe e, á parte diso, cando aínda ben non chega ós quince anos, marcha para o bosque. Como vemos, a nai do pequeno Iliuxa non o atemorizaba en van.

A fantasía popular inventou moitos métodos para "contraatacar" as intrigas do espírito do bosque. Para atopa-lo bo camiño, a persoa perdida debe pó-la roupa ó revés, ou vesti-la camisa co de diante para atrás, ou calza-la bota do pé dereito no pé esquerdo, ou, en fin, mirar para atrás por entre as pernas. É dicir, cómpre facer cousas que non parezan humanas. Por certo, a expresión *не как у людей non como o teñen (fan) os seres humanos* 'díselle habitualmente como reproche a unha persoa que non quere seguir os costumes ou as regras da sociedade ou do círculo ó que pertence, tamén se di da persoa que non ten sorte na vida por non seguir estas regras e costumes' alude precisamente a estes costumes diabólicos, costumes "ó revés".

O recordo de que o demo secuestra ou desvía do bo camiño espellouse en moitas expresións rusas:

черт несет (принес)	*o demo o trae (trouxo)* 'dise dunha persoa que chega cando non se espera nin se quere recibir'
черт несет /носит	*o demo o está levando* 'dise dunha persoa que non aparece nun lugar no que debía estar presente e da que non se sabe

[463] En galego a crenza está implícita nas paremias *O que non fuma nin bebe viño o demo o leva por outro camiño* e *O traballo do domingo o demo o leva por outro camiño*. Tamén se di que *lle caga o demo no camiño* a quen por unha forza oculta e misteriosa se lle malogra un asunto que levaba tódalas trazas de rematar ben.

	exactamente onde se encontra' [464]
лететь (полететь, пойти) к черту ou *к чертям собачьим*	*voar (poñerse a voar) ó demo* ou *ós demos caninos* 'estragarse, avariarse'
хоть к черту, хоть к черту на рога	*ata ó demo, ata ós cornos do demo* 'ata un lugar moi afastado'
все к черту, все к чертям!	*¡que vaia todo ó demo! ¡que vaia todo ós demos!* 'exclamación que expresa enfado, carraxe, despeito'
черт попутал	*o demo o confundiu* 'dise dunha persoa que fixo unha cousa mala ou que se considera impropia dela'
etc.	

Esta idea consérvase dunha maneira máis expresiva nos xuramentos do tipo

Иди к черту!	*¡Vaite ó demo!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor'
Черт возьми (побери, дери, подери)!	*¡Que o demo o colla (fustrigue)* 'expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor'
Черт тебя возьми!	*¡Que o demo te colla!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor'
Черт тебя задави!	*¡Que o demo te esmague!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor'
Черт с ним!	*¡Que o demo quede con isto!* 'dá igual, non importa o que pasou'

[464] En galego dise que *está levado do demo* quen está moi incomodado e furioso; que *parece levado do demo* a persoa mala e perversa (tamén se pode dicir *Fulano ten unha letra levada do demo* 'moi difícil de ler'); *leva a un o demo*, cando un está desesperado e desacougado; *Leva o demo* o que se malogra.

Incluso no ámbito da lingua literaria estas expresións permiten a substitución da denominación xeral do demo polas especializadas:

леший несет	*tráeo o espírito do bosque* ‘dise dunha persoa que chega cando non se espera nin se quere recibir’ [465]
бес попутал	*o diaño confundiu* ‘dise dunha persoa que fixo unha cousa mala ou que se considera impropia dela’
шут с ним!	*¡que o bufón quede con isto!* ‘non importa o que pasou, dá igual’

ou

А ну тебя в болото!	*¡Vaite ó pantano!* ‘expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor’
А ну тебя к свиньям	*¡Vaite onda os porcos!* ‘expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor’
А ну тебя в баню!	*¡Vaite ó baño*[466] *(lugar onde vive o espírito do baño)!* ‘expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor’
А ну его на лысую гору к ведьмам!	*¡Que vaia para a Montaña calva*[467] *xunto ás bruxas!* ‘expresa desgusto, rabia ou enfado respecto á terceira persoa’

A fala popular está chea de variacións do tipo

(Gorki) *леший снес*	*o espírito do bosque derrubouno* ‘caeu’
леший унес	*o espírito do bosque levouno* ‘desapareceu’

[465] En galego existe a fórmula *¡Tróuxoo/a o demo!* co valor de lamento por unha visita que foi indesexada e prexudicial.
[466] Refírese ó baño ruso, que é unha especie de sauna pero con vapor húmido.
[467] A Montaña calva é onde se reúnen as bruxas para as súas festas, celebracións, etc.

(Sredniaia Ob') *леший забрал*	*o espírito do bosque colleuno* 'morreu'
(Mar Branco) *леший запе́тал*	*Agachouno o espírito do bosque* 'desapareceu, perdeuse'
его леший обошел	*o espírito do bosque adiantouno* 'perdeuse, perdeu o camiño'
Куда тебя некошно́й понес?	*¿Onde te levou o demo?* 'a onde fuches e para que? (díselle á persoa que se busca problemas para si mesma ou para o que fala por ir a un lugar ó que non tiña que ir)
(Smolensk) *Анчу́т вас возьми!*	*¡Que demo os colla!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado'
(Riazan') *Паралик возьми!*	*¡Que demo os colla!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado'
(Perm') *Подь ты к чо́мору!*	*¡Vaite ó demo!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor'
(Perm') *Эк тебя при́тка принесла!*	*¡Como te trouxo o espírito maligno que causa unha enfermidade grave ou que bota o mal de ollo!* 'dise cando chega unha persoa á que non se quere ver'
etc.	

O autor destas liñas en 1972 anotou na aldea do Mar Branco Sumskoi Posad o seguinte desenvolvemento poeticamente concreto de tal imaxe:

> *O espírito do bosque levou* as mozas *no ombro esquerdo*. Está claro que ir ó cine non é o mesmo que traballar.[468]

A mención do cine que fai a narradora e contos populares T. I. Maghiliova é un claro testemuño de que non está pensando en ningún dono do bosque cando di todo iso. Ó subliñar expresivamente a velocidade con que as mozas foron ó cine, ela desenvolve a fórmula *o demo levou* segundo tódolos canons da mitoloxía, porque o demo sempre se relaciona co lado esquerdo, "diabólico". E se o demo levou as mozas no ombro esquerdo, a súa velocidade era realmente infernal.

[468]"На левом плече ле́ший де́вок унёс. Конечно, в кине́ сидеть - это тебе́ не рабо́тать.".

Pode parecer que toda esta lexión diabólica, que entrou na súa totalidade na fraseoloxía dialectal, pertence a un pasado esquecido dende hai moito tempo que só pode interesar ós coleccionistas de rarezas mitolóxicas. Sen embargo, non é así, porque na literatura moderna, especialmente na literatura dos "escritores aldeáns" (*pisateli-derevenxiqui*)[469], de cando en vez, asómase un novo personaxe mitolóxico que non se constrúe seguindo en todo a norma aceptada. Por exemplo, non atoparemos practicamente ningunha expresión fixa co espírito da auga (vodianoi) na lingua literaria deste século e do século pasado. Pero na novela curta de V. Belov *Cousa habitual*[470] este entra con soltura na serie de xuramentos do tipo

Или ты к черту	*¡Vaite ó demo!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor'
Черт с тобой	*¡Que o demo quede contigo!* 'expresa desgusto, rabia ou enfado co interlocutor'

—¡Espírito do bosque, espírito do bosque, lévao, espírito do bosque, espírito da auga! Daxka empezou a botar xuramentos e mirou durante moito tempo como o caldeiro caía voando no abismo escuro e frío do pozo...
—¿Que che pasa, Daria? —preguntou o vello Kurov asomándose polas portas traseiras. —¿Soñaches con algo malo?
—¡Déixame en paz, vello, *vaite ó espírito do bosque* [vaite ó demo]! —volveu mirar no pozo.—¡Que bo caldeiro perdín! (páx. 18)

¡Por que sempre andas dun lado para outro! Non estás só, tes nenos pequenos. ¿Quen lles dará de comer? ¿Que che pasa? ¡*Que o espírito da auga quede contigo*!, ¿Que tes pensado? Vaite para a casa, oíches... (páx. 50).[471]

Como vemos, estas expresións entran organicamente na serie dada, ora concretizando o contexto, como, por exemplo, no primeiro caso, cando precisamente o caldeiro caído no pozo provocou a asociación co "dono" da fonte de auga, ora simplemente enriquecendo a serie "demonolóxica" de sinónimos fraseolóxicos rusos. Calquera ruso entende estas expresións sen necesidade de explicación ningunha, porque detrás delas hai un modelo de formación de fraseoloxismos moi productivo. Un modelo productivo e habitual dende a infancia.

Os múltiples fraseoloxismos coas palabras *черт, бес* 'demo', *леший* 'espírito do bosque', etc. son ilustracións peculiares da "actitude" inqueda dos espíritos do mal:

[469] *Писатели-деревенщики* (*pisateli-derevenxiqui*) é unha corrente literaria rusa da segunda metade do século XX.
[470] *Привычное дело.*
[471] "- Лешой, лешой, унеси, лешой, водяной! - заругалась Дашка и долго глядела, как ведро летело вниз, в темную холодную прорву сруба...
-Ты это чего, Дарья? - спросил выглянувший из задних ворот старичонко Куров. - Приснилось, что ли, чего неладно?
-Ой, отстань, дедко, к водяному! - она поглядела в колодец еще. - Экое ведро ухайдокала". (с. 18).
"Что ты бегаешь-то! Ведь не один, вот у тебя робята малые, кто их поить-кормить будет, что ты, водяной с тобой, чего задумал-то. Иди, говорю, домой...". (с.50).

Не было печали, так черти накачали	*Non había tristeza e os demos trouxérona* ‘o que faltaba’
вертится как черт	*dá voltas coma un demo* ‘dise de quen dá voltas moi rápidas’
вертится, как бес перед заутреней	*dá voltas coma un demo antes dos maitíns* ‘dise de quen dá voltas moi rápidas’
черт меня за язык дернул	*o demo tiroume da lingua* ‘dixen unha cousa que non tiña que dicir’
черт еще в ладоши не прохлопал	*o demo aínda non bateu as palmas* ‘moi cedo’

ou

еще черти на кулачках не дрались	*os demos aínda non loitaron cos puños* ‘moi cedo’
чем черт не шутит	*non hai cousa coa que o demo non enrede* ‘todo pode ser’

Detrás de moitas expresións parecidas hai unha historia particular que esixe un coñecemento detallado da natureza do demo.

O xiro *черт не дремлет o demo non dorme*, por exemplo, dunha maneira estraña une en si os elementos da demonoloxía eslava popular coa parábola evanxélica. Mentres os sementadores durmían, “o inimigo” veu sementar xoio polo medio do trigo, esperando que a xente, ó colle-lo xoio, destruíra a futura colleita (Mt, 13, 25-42). “O dono”, sen embargo, resultou ser concienciudo e mandou agarda-la sega para queima-los mollos de xoio e recolle-lo trigo na súa arca. Nesta parábola ten a súa orixe a expresión:

отделять плевелы от пшеницы	*separa-lo xoio do trigo* ‘saber separa-lo ben do mal’.

Conforme ós símbolos da parábola, *o xoio* son as forzas do mal, “os fillos do demo”, e “o inimigo” que o sementou é o demo que non dorme (na parábola evanxélica e nas antigas crenzas populares o demo non dorme nunca. Por iso, os espíritos do bosque (domovoi), os da auga (vodianoi) e os do pantano (bolotni) son tan activos pola noite; e os espíritos da casa, masculinos e femininos, lexi e quiquimora, alborotan e fan barullo con distintos trebellos para interromperen o sono da xente boa).

Na lingua rusa hai moitas expresións onde o nome do demo non se menciona directamente, pero, a pesar diso, este é o protagonista da historia fraseolóxica. Neste aspecto é típico o xiro *сам не свой non parece el* ‘perdeu o equilibrio anímico, angustiouse’, que ten correspondencia noutros idiomas: no bielorruso, ucraíno, polaco e checo. Está recollido nas máis antigas recompilacións de refráns e ditos rusos dos

séculos XVII-XVIII e é moi frecuente na fala popular.

Ó principio este estado caracterizaba a unha persoa enferma ou bébeda, como testemuñan os refráns:

Больной - и сам не свой	*Un enfermo non parece el*
Пьяная баба сама не своя	*Unha muller bébeda non parece ela*

Compárese coa expresión de amplo uso:

мне не по себе	*eu non estou por min mesmo* 'non me sinto ben, estou preocupado'

Na conciencia popular adoitaban relaciona-la enfermidade ou a embriaguez precisamente coas forzas do mal. Non é casual que consideraran "medias persoas" ós enfermos. Isto espellouse, por exemplo, no fraseoloxismo de Perm'

полменя нету (Подюков, 1982)	*falta a metade de min* 'dío un que está enfermo ou vello'

Outros estados "anormais" semellantes da persoa exprésanse na nosa lingua por medio dos pronomes posesivos ou reflexivos. Por exemplo, o arrebato expresámolo cos xiros:

выводить из себя	*sacar fóra de si mesmo* 'poñer fóra de si'

ou

выходить из себя	*sacar fóra de si ou saír fóra de si* 'poñelo fóra de si'

e a volta ó equilibrio espiritual a través de:

прийти в себя	*vir en si* 'tranquilizarse, recupera-lo control'

Por outro lado, nestes dialectos é coñecida a denominación eufemística das forzas do mal *другá половúна a outra metade*, é dicir, a segunda metade. *Не свой non seu* é en realidade un dos eufemismos do demo do tipo:

не наш	*non noso*
не наша сила	*a forza que non é a nosa*
другие	*outros*
не свой дух	*non o espírito propio*

ou

úхов	*o seu espírito.*

A oposición "seu - non seu" en xeral utilízase amplamente na mitoloxía inferior. V. I.

Dal informa de que nun conxuro bielorruso empréganse as palabras: «¡O propio espírito da casa Spiridón Daraghvéevich!»[472] para dirixirse ó espírito da casa (Даль, IV; 153). Baixo a palabra "seu" enténdense os parentes ou o consogro, o amigo íntimo da familia, o veciño, etc. (compárese *сосед* 'veciño', *соседушка* 'veciñiño' e outras denominacións semellantes do espírito da casa). Por certo, con estas ideas está relacionada a expresión rusa *ему сам черт не брат nin o mesmo demo é seu irmán* 'é o demo', que na fala viva (por exemplo, na rexión de Smolensk) ten unha continuación humorística *и свинья не сестра e a porca non é súa irmá*. Esta inclusión do espírito da casa entre "os seus" estaba condicionada pola crenza supersticiosa de que «o demo non leva ós seus» (ПП3, 184). De aí os múltiples métodos para aplaca-los espíritos da casa e do bosque, dos que xa falamos.

A expresión *сам не свой non se parece a si mesmo* 'perdeu o equilibrio anímico, angustiouse', polo tanto, significaba que a metade dunha persoa xa estaba posuída por algún trasno ou cornudo. E saír san e salvo dependía das relacións entre eles. O refrán polaco *Już sam nie swój, połowica dijabłowa Non parece el, unha metade del pertence ó demo*, do que o académico Iu. Krżyzanowski fai un comentario meticuloso (Krżyzanowski, 1975, II: 60-64), confirma esta interpretación. Detrás destes refráns e ditos están os horribles relatos sobre os pautos co demo, que non son menos dramaticos có *Fausto*. E sempre nestes pautos o inimigo do home queda máis seducido pola alma dos descendentes de Adán e Eva ca polo seu corpo. O significado figurado da expresión *сам не свой non se parece a si mesmo*, así como do seu sinónimo *не по себе* é 'perdeu o equilibrio anímico, angustiouse' e subliña esta "entrega parcial da alma" ó demo.

Xa demos resposta ás dúas preguntas que preocupaban o pequeno Iliuxa Oblomov: ónde viven os demos e qué fan. Queda imaxina-lo "aspecto diabólico" en toda a súa deformidade. A fraseoloxía fornece este material brillante e pintoresco.

Velaquí un dos epítetos fixos do demo ou do diaño

черта (беса) лысого	*demo (trasno) calvo* 'absolutamente nada'.

A primeira vista este epíteto non ten lóxica ningunha porque a imaxe habitual do demo é a dun ser peludo e espeluxado. Máis a miúdo parécese ós faunos e ós sátiros: teñen cornos, perilla, patas con pezuños e unha longa cola. Sen embargo, esta imaxe non é autenticamente pagá nin rusa, senón que está inspirada na tradición eclesiástica europea. Nas antigas miniaturas rusas podemos contempla-la súa imaxe máis temperá, aínda que esta tamén está corrixida segundo a tradición libresca. Habitualmente é un ser antropomorfo coa cabeza alongada en forma de piñón e, ou ben calvo, ou ben co pelo longo e encrespado, anda espido e ten unhas ás nas costas, o rabo cortado e os talóns de ganso. Con este aspecto están directamente relacionadas as denominacións populares do demo *шиш, шишóк, шúшко, шишига*[473], *шиш, лукáнко*[474] (cando a cabeza ten forma de 'cebola' *лук*), *беспятый* 'sen talóns', *кýцый* 'co rabo cortado', *куцáк* 'co rabo cortado',

[472] "Свой домовой Спиридон Дарахвеевич!"
[473] *Шишка* significa 'piña'. Compárase a cabeza puntiaguda do demo cunha piña.
[474] *Лук* significa 'cebola'. Compárase a cabeza do demo cunha cebola.

куцáн ‘co rabo cortado’, *корнахвостик* ‘co rabo cortado’, *голенький* ‘espido’, *лысóй* ‘calvo’, *лысый бес* ‘demo calvo’, etc. (Толстой, 1976: 304).

Nas antigas miniaturas rusas o demo representábase sen ás e sen rabo, coa lingua fóra e cun abrigo de pel posto ó revés con cabazas colgadas. Así se disfrazaban os participantes nas festas de Nadal nas aldeas rusas.

Naturalmente o pobo diferenciaba as distintas imaxes do demo. As diferencias en canto ó seu aspecto están condicionadas na súa maior parte polo lugar onde vive. Por iso, as imaxes antropomórficas dos espíritos do bosque, da casa e da auga presentan unhas diferencias considerables.

O espírito do bosque (Lexi) adoitaba representarse como un vello peludo, espido (ou cun *caftán*[475] luído), con guedellas brancas, barba longa e ollos verdes. A súa estatura é variable: tanto podía ser un vello alto coma unha árbore como un velliño fraco e mediocre. Nalgúns sitios o espírito do bosque (Lexi) parecíase ó *verlioka*[476] ou Ligho Odnoglazoe *A Desgracia dun ollo*: ou ben é birollo (compárese a expesión de Pskov *бес косой demo birollo* ‘dise dunha mala persoa’), ou ben carece de cellas e perfebas.

O espírito da casa (Domovoi) tamén parece un vello moi vello: non é casual que o espírito do bosque e da casa se denomine coas palabras *дедушка* ‘avoíño’ ou *дедок* ‘avoíño’. Está todo espeluxado e ten o corpo cuberto de longos pelos baios, negros, brancos ou trigueiros, viste un *zipún*[477] vello e calza os *lapti*[478]. Con máis frecuencia é un home de estatura media, encorvado, ancho de ombros e robusto, aínda que tamén se encontran espíritos da casa altos coma piñeiros (Ушаков, 1896: 151). Un rasgo característico do espírito da casa é a súa semellanza co dono da casa, o membro maior da familia, tanto vivo coma morto. Por iso, pode aparecer co aspecto do dono e coa súa roupa e ata presentarse diante do mesmo amo da casa coma se fora o seu dobre.

O espírito da auga e o demo do pantano adoitan ser uns vellos osudos, espidos, con canas e, ás veces, cubertos de limo e lama. En vez de pés poden ter cola coma as sereas.

Nos dialectos coñécense outros epítetos “individualizadores” do demo e do trasno que presentan moitas coincidencias cos arriba descritos. Así, nas falas provinciais de Pskov atopamos:

бес козлиный	*o demo das cabras*

e nas de Ostrog

черти вислоухие	*os demos orelludos*

En realidade, estas características malsoantes das persoas recordan outra faceta da existencia do demo, a zoomórfica, e a súa capacidade para se transformaren en diferentes animais. O espírito do bosque, por exemplo, podíase transformar en oso, en galo vermello, en lobo, en lebre ou en leitón. O espírito da casa aparecía con máis frecuencia

[475] *Caftán* é un tipo de roupa rusa tradicional.
[476] *Verlioka* é un ser fantástico que tiña un só ollo, os dentes saíntes e a barba toda espeluxada.
[477] *Zipún* é un traxe tradicional ruso feito de estameña.
[478] *Lapti* son unha especie de alpargatas rusas feitas de casca de bidueiro.

como un can ou un gato que tiña o pelo da mesma cor có do dono da casa.

Precisamente destas crenzas xurdiron moitas supersticións que aínda perviven nos nosos tempos. Por exemplo, que un gato negro que se cruza no camiño trae mala sorte remonta á crenza nas transformacións das forzas do mal en gatos, lebres e outros animais.

Esta superstición non é rusa nacional. Xa para os antigos gregos a aparición dunha lebre diante dun transeúnte anunciaba unha desgracia durante o camiño, igual que para nós a aparición do gato negro (Тимошенко, 1897: 145-146). Pero nas aldeas rusas a lebre tamén era sinal de mal agoiro. «Se se che cruza unha lebre no camiño, non terás bo camiño», prevén unha das crenzas recollidas por A. I. Bogdanov xa no ano 1741 (ППЗ, 81). No século pasado esta superstición tiña tanta vixencia coma a do gato negro. Testemúñao o caso relatado por A. S. Puxkin na carta á súa muller do 14 de setembro de 1833:

> De novo estou en Simbirsk. Hai dous días saín pola noite e fun para Orienburg. Acababa de saír e crúzaseme unha lebre no camiño. ¡Que o demo a leve! [479]Daría calquera cousa por matala. Na terceira estación, cando empezaron a poñe-lo tiro da carruaxe, vin que non había cocheiros: un era cego, outro estaba bébedo e escondeuse. Despois de berrear ata máis non poder, decidín volver e coller outro camiño. Nas estacións deste camiño hai seis cabalos e o correo circula catro veces á semana. Leváronme de volta e adormecín, esperto pola mañá e resulta que non fixera máis de cinco *verstás*[480]. *O demo sabe* [Quen sabe] como Deus me axudou, finalmente collemos o camiño correcto e volvín a Simbirsk. Daría calquera cousa por ser un galgo: atoparía esta lebre.[481]

Pode parecer a primeira vista que o poeta cre neste mal agoiro, despois do encontro coa maldita lebre todo empezou a andar ó revés. Pero esta pasaxe sarcástica e humorística "*o demo sabe* [Quen sabe] como Deus me axudou" revélanos que el é un ateo convencido que non cre nin en Deus, nin no demo, nin na transformación deste último en gatos ou lebres. O fragmento da carta de A. S. Puxkin á súa muller do 2 de outubro de 1833 dende Boldino testemuña o mesmo:

> Ó entrar nos límites de Boldino, encontreimme cos *popes* e enfadeime con eles, así como coa lebre de Simbirsk. Oíches, muller, temo que collas malos costumes sen min, que me esquezas e coquetees moito. Só teño esperanza en Deus e na tía...[482]

---

[479] Esta expresión existe tamén en galego, pero case nunca ten, como é lóxico, sentido recto, senón sentido figurado ('de ningunha maneira'); utilízase habitualmente como apódose dun período condicinal. O poeta Curros Enriquez utilizouna nun poema no que critica o mal que vai o mundo, presentando a Deus que dende o ceo mira en que lamentable estado está hoxe o que el creou e exclama: *¡Se eu fixen tal mundo,/ que eu fixen que o demo me leve!* O 22.6.1880 foi condenado polo bispo e procesado civilmente.

[480] Verstá e unha medida de lonxitude rusa equivalente a 1,06 km.

[481]"Опять я в Симбирске. Третьего дня, выехав ночью, отправился я к Оренбургу. Только выехал на большую дорогу, заяц перебежал мне ее. Черт побери, дорого бы дал я , чтоб его затравить. На третьей станции стали закладывать мне лошадей - гляжу, нет ямщиков - один слеп, другой пьян и спрятался. Пошумев изо всей мочи, решился я возвратиться и ехать другой дорогой; по этой на станциях везде по шесть лошадей, а почта ходит четыре раза в неделю. Повезли меня обратно - я заснул - просыпаюсь утром - что же? не отъехал я и пяти верст... Черт знает как бог помог - наконец взъехали мы, и я воротился в Симбирск. Дорого бы дал я, чтоб быть борзой собакой: уж этого зайца я бы отыскал.".

[482]"Въехав в границы болдинские, встретил я попов и так же озлился на них, как на симбирского зайца. Недаром все эти встречи. Смотри, женка. Того и гляди избалуешься без меня, забудешь меня - искокетничаешься. Одна надежда на бога и на тетку...".

Nesta recomendación, que fai de broma, de non coquetear, na que Deus se pon ó mesmo nivel cá tía, e no enfado cos *popes* (porque segundo os prognósticos populares o encontro con eles tampouco augura nada bo) non atopamos só un lamento polo mal agoiro, senón tamén unha alusión indirecta á ben coñecida actitude do poeta respecto ós *popes*. Basta con recorda-lo seu *Conto sobre o pope e o seu traballador Baldá*...

As supersticióńs sobre os gatos negros e as lebres podían deberse simplemente a que estes animais, como xa vimos, son manifestacións zoomórficas do demo.

Aínda agora, os dialectólogos e os folcloristas recollen nas aldeas pequenos contos fantásticos de contido mitolóxico sobre os encontros con demos "que parecían gatos" e as recomendacións de cómo escapar deles. En 1974, por exemplo, S. M. Tolstaia recolleu o seguinte relato no Polesie de Belorrusia na aldea Sporovo, a súa autora era María Grigórievna Liútich de 70 anos. Imos citalo na súa versión á lingua literaria:

> Unha vez ía eu pola noite para a casa. Saín (cóntase baseándose nas palabras dun veciño - **V.M.**) ó Mughovets e, de repente, un gatiño empezou a dar voltas ó redor dos meus pés. "¿Que é isto?", penso. E este seguía meténdoseme debaixo dos pés, debaixo dos pés. Entón deime conta do que era... Eu levaba un pao. Collino coa man esquerda e deille un golpe con tódalas miñas forzas... Púxose a facer ruído e a berrar "¡Ai, matoume! ¡Ai, matoume!", grita "¡Ai, matoume!". Chegei á casa e levei á miña muller fóra para que oíra. E durante moito tempo aínda se oía ó lonxe "¡Ai, matoume! ¡Ai, matoume![483] (Толстой, 1976: 315).

Actuaban igual cós réptiles raiados que se atopan nos camiños e que tamén lles anunciaban unha desgracia ós transeúntes. A exclamación de enfado e indignación *черти полосатые! ¡demos raxados!*, habitual para nós, vincúlase precisamente con esta manifestación sérpida do demo, neste caso adornado con raias. A expresión negativa *черта в ступе! ¡o demo no morteiro!* 'nada' fai alusión ó aspecto zoomórfico do peludo. O morteiro, así como o famoso de Baba Iagá, segundo as suposicións dalgúns mitólogos, é un pezuño transformado, "a perna de óso" dos faunos, sátiros e silenos rusos. Quizais no aspecto zoomórfico a nosa Baba Iagá superou ós cornudos foráneos, pois a súa casa tiña patas de galiña.

Cando falamos da fealdade do "aspecto diabólico" e de tódalas características ruíns do inimigo do xénero humano, cómpre recorda-las múltiples comparacións fixas co demo, co trasno, co espírito do bosque, etc. na lingua rusa. Estas palabras, ó pasaren a ser compoñentes das comparacións, en moitos casos perderon o antigo carácter concreto e chegaron a ser un símbolo fraseolóxico da expresividade ou de valoración da intensidade, da fealdade, da astucia e da perfidia:

как черт грязный	*sucio coma o demo*

[483] "Иду я раз ввечеру домой. Вышел я (рассказ ведется со слов соседа - В.М.) на Му́ховец, а у меня вдруг под ногами какой-то котик начал вертеться. " Что это?" - думаю. А он все - под ноги, а он все под ноги. Ну, тут я и догадался, что это такое... У меня палка была. Взял я ее в левую руку и со всего размаха - ка-ак ударил его... Как зашумит, как закричит, как полетело в сторону. "Ой, убил! Ой, убил!" - кричит, - " Ой, убил!" Я домой пришел, да еще и жену вывел из дому, чтобы послушала. И долго было еще слышно издалека: " Ой, убил! Ой, убил!""

как черт страшный	*feo coma o demo*
голоден как черт	*teño tanta fame coma o demo*
устал как черт	*cansado coma o demo*
вкалывает как черт	*mátase a traballar coma o demo*
несется как черт	*corre coma o demo*
бояться как самого черта	*ter medo de algo coma do mesmo demo*
черт чертом	*parece un verdadeiro demo*
чертом глядит	*mira coma o demo*
вертится, как черт перед заутреней	*dá voltas coma o demo antes dos maitíns*
бегает, как черт от ладана ou *боится, как черт ладана* etc.	*foxe del ou ten medo del coma o demo do incenso*

As expresións citadas pertencen á lingua rusa literaria. Pero no uso popular hai infinitas pegadas do "fillo do inimigo", son incontables:

(Don) *как черт в коробке затрещать*	*empezar a crepitar coma o demo na caixa* 'dise de alguén ou algo que produce ruídos fortes'
как черт в порошнях	*coma o demo nos zapatos do pastor* 'dise dunha persoa torpe'
словно их черт веревочкой связал	*coma se o demo os atara cunha corda* 'dise dunha gran amizade entre persoas unidas por un mal asunto ou por algúns proxectos malvados'
как черт на воздухе летать (носиться)	*voar (correr) coma o demo no aire* 'dise de alguén que se traslada moi rápido'
как черт за душой тянется	*coma se o demo se tendera pola alma* 'dise dunha persoa que porfía en posuír algo ou alguén'
словно черт из кузова насеял	*coma se o demo sementara do cesto* 'unha gran cantidade, moitísimo'

как черт с полóху (переполóху)	*coma o demo despois do tumulto* ‘facer algo moi rápido por temor a algo’
(Pskov) *как черт на воловьей коже пишет*	*como escribe o demo na pel do boi* ‘sen interrupción, continuamente’
(Voronej) *заохрюжился (запачкался) как черт*	*emporcouse (ensuciouse) coma o demo* ‘ensuciarse moito’
запьянеть, что черт	*emborracharse coma o demo* ‘estar moi bébedo’
засел как черт в бучале	*meteuse dentro do remuíño coma o demo* ‘dise dunha persoa que valora moito o seu posto e non quere cedelo’ ‘dise dunha persoa que se instalou nun lugar ou ocupou un posto durante moito tempo, adorando o poder que ten’.
кричит, будто черт с него лыки дерет	*berra coma se o demo lle quitara o líber* [484] ‘berrar moito, berrar a máis non poder’
(Perm’) *как черт поехал*	*marchou coma o demo* ‘os asuntos empezaron a andar mal’
(Sebej) *боится, как черт попа*	*ten medo coma o demo do pope* ‘ten moito medo’
бродит, што черт по болоту	*vaga como o demo polo pantano* ‘andar dun sitio para outro sen ter ningunha ocupación’
в погоню, как черт за душой	*perseguindo coma o demo a alma* ‘dise dunha persoa que porfía en posuír algo ou alguén’
вертит, как черт в пучине (в омуте)	*fai xirar coma o demo no abismo (no remuíño)* ‘dise dunha persoa que sempre anda con intrigas malicisosas’
вертит пером, что черт крючком (хвостом)	*fai xira-la pluma como o demo fai xira-lo seu gancho (rabo)*

[484] O *líber* é a casca do tileiro.

	'dise dun profesional (burócrata, periodista...) que ten moita experiencia en levantar calumnias e redactar informes ou artigos de maneira rápida e parcial, subxectiva.
ворочает, как черт в болоте	*remove coma o demo no pantano* 'dise da persoa que dirixe un colectivo de maneira cruel e autoritaria'
глядит, как черт на попа	*mira coma o demo para o pope* 'dise da persoa que mira a alguén de maneira hostil, pero ó mesmo tempo con certo medo'
(Omsk) *как черт из омута вышел*	*coma o demo que saíu do remuíño* 'moi sucio'
(Novosibirsk) *крутиться, как черт на бересте*	*dar voltas coma o demo encima da casca do bidueiro* 'andar feito un azacán'
(Kuban') *мил как черт*	*agradable coma o demo* 'dise dunha persoa desagradable e odiosa'
богатый, как черт рогатый	*rico coma o demo cornudo* 'dise dunha persoa moi rica'[485], 'dise dunha persoa moi pobre'[486]
хитер, как черт	*astuto coma o demo* 'moi astuto'
(Olonets) *на беду, как черт на болото*	*para unha desgracia coma o demo no pantano* 'dise dunha persoa que sofre constantemente todo tipo de adversidades', 'dise da persoa á que lle gusta facer cousas malas'
не стой надо мной, как черт над душой	*non andes encima miña coma o demo encima da alma* 'non sexas pesado coas túas insistentes esixencias'[487]

[485] Os demos coñecen moitos segredos relacionados cos tesouros e son capaces de encontrar ouro debaixo da terra.
[486] O demo o único que ten son os cornos e o rabo.
[487] O demo insiste obstinadamente e de maneira pesada en que o home lle venda a súa alma.

один, как черт в болоте	*só coma o demo no pantano*[488] 'moi só, insociable'
остробучился, ровно черт на попа смотрит	*mira fite a fite coma o demo que mira para o pope* 'mirar fixamente a alguén de maneira maliciosa'[489]
пестуется с нею, как черт с куклою	*coida dela coma o demo dunha boneca* 'dise dunha persoa que coida a alguén de maneira desmesurada'
пишет, как черт шестом по Неглинной	*escribe coma o demo coa pértega pola rúa Neglínnaia*[490] 'ten moi mala letra'
попал, как черт в вершу	*caeu coma o demo na nasa* 'encontrarse nunha situación difícil'
попал, как черт в рукомойник	*caeu coma o demo no lavamáns* 'encontrarse nunha situación difícil'
правит, как черт болотом	*goberna coma o demo no pantano remove coma o demo no pantano* 'dise da persoa que dirixe un colectivo de maneira cruel e autoritaria'
связался, как черт с младенцем	*trabou amizade coma o demo co bebé* 'dise de alguén con moita experiencia en facer maldades que se pon en contacto cunha persoa inocente e inxenua'
сидит, как черт на пеньке	*está sentado coma o demo no toco* 'dise dunha persoa sentada que parece taciturna e malvada'
упрям, как карамышевский черт	*terco coma o demo de Karamixev* 'moi terco'

[488] En cada pantano reina un só demo.
[489] Compárese *глядит, как черт на попа mira coma o demo para o pope* 'dise da persoa que mira a alguén de maneira hostil, pero ó mesmo tempo con certo medo'
[490] Neglínnaia é un afluente do río Moscova que pasa pola cidade que leva o mesmo nome.

(Ostrog) *хитрый, як панский черт*	*astuto coma o demo do pan*[491] 'moi astuto'
черен как черт	*negro coma o demo* 'moi negro'
(Smolensk) *величают, як черта на вилах*	*veneran coma o demo na forca* 'tratar a alguén de maneira moi hostil', 'castigar a alguén severa e cruelmente'
люблю, как черта в углу	*quéroo coma ó demo nun curruncho* 'non o quero nada'
привязчивее черта	*máis pesado có demo* 'moi pesado'
язык у роти, як черт у болоти	*a lingua dá voltas na boca coma o demo no pantano* 'dise dun charlatán'
сидит, как чертей слепит	*está sentado coma se cegara os demos* 'dise dunha persoa sentada que presenta un aspecto ameazador e parece enfurecida'
как будто черти его копытами толкут	*coma se os demos o machucaran cos pezuños* [no estómago] 'dise dunha dor aguda do estómago'
ряб, как будто черти на нем горох молотили	*picado das vexigas coma se os demos mallaran os chícharos encima del* 'que ten moitas vexigas'
ряб, будто черти у него на роже в свайку играли	*picado das vexigas coma se os demos xogaran ó pincho no fociño del* 'que ten moitas vexigas'
(Irkutsk) *грязный как чертёнок*	*sucio coma o trasno* 'moi sucio'
лохматый как чертёнок	*espeluxado coma o trasno* 'moi espeluxado'

Pódese aumentar considerablemente esta colección engadindo outros sinónimos xa coñecidos do demo. Entón a lexión dos nomes do demo volverase a lexión das lexións das comparacións diabólicas. E detrás de cada unha delas hai unha característica expresiva do demo ou das distintas facetas da súa axitada actividade.

[491] *Pan* é o señor polaco.

3.2.3. ¿En que se apoia o mundo?

Na antiga concepción do mundo os principios material e espiritual estaban tan entrelazados que non se podían separar un do outro máis que condicionalmente. Así, ó intentar penetrar no sistema de ideas dos nosos devanceiros sobre o Universo e o mundo en xeral, pódese ver que as supersticións e a experiencia materialista concreta se mesturaban nun todo, as imaxes mitolóxicas substituían a realidade, e os feitos reais interpretábanse mitoloxicamente.

Testemúñao, en particular, a historia da expresión rusa *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* que actualmente significa 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade (reprender, rifar, reprochar...)' e está moi afastada dos problemas relativos á concepción do mundo.

A pesar diso, esta expesión ten as súas raíces nas crenzas pagás dos nosos devanceiros, para os que o Universo tiña outras formas e substancias distintas das nosas. Conforme a estas crenzas, o Universo apoiábase realmente en algo. Máis frecuentemente esta base do mundo representábase como un animal, un poderoso heroe *bogatir* ou un deus do estilo dos Atlantes que sostén o Universo polos catro lados. Estas crenzas explicaban con moita "lóxica", por exemplo, os terremotos: pois cando o animal se movía ou os deuses cambiaban de posición, a terra empezaba a tremer (Funk and Wangall, I 334).

Os animais que máis a miúdo desempeñan a función de "apoio do mundo" son os bois, os touros, as serpes e os peixes. Os antigos exipcios situaban a terra entre os cornos dun touro. E nunha táboa de barro de Babilonia do ano 1180 a. C. a terra estaba encima dunha enorme serpe enroscada que simboliza o océano. Os eslavos setentrionais tamén sostiñan que «a terra estaba encima da auga, a auga encima do lume e o lume encima do lume "sérpido"».

Para os eslavos orientais, occidentais e setentrionais é característica a idea de que o mundo se apoia nun peixe[492]. A idea máis arraigada na mitoloxía eslava oriental era a de que «a terra está encima de tres baleas». Nun dos contos da novela de A. K. Tolstoi *O príncipe Serebrianii*[493] un "tsar moi sabio" valoraba o papel do Peixe-balea coas seguintes palabras:

> E ademais direivos, amigos, que entre nós o Peixe-balea é a nai de tódolos peixes: a terra está enriba de tres baleas.[494]

Os eslavos concretaban estas ideas en forma das baleas que sostiñan o mundo. A dici-la verdade, o número de baleas era diferente entre os distintos pobos eslavos. Os serbios teñen catro e non tres baleas, como testemuña un manuscrito do século XV estructurado a base de preguntas e respostas:

---

[492] Nota do orixinal: Este símbolo é moi antigo. O deus babilonio das profundidades representábase como un peixe. Segundo a mitoloxía dos habitantes, o deus Ulguen colocou a terra encima de tres peixes enormes. Na obra iraniana do século XII *Lingua dos paxaros* cóntase que «a terra está encima de tres peixes». Os musulmáns tamén cren que a terra se apoia nun «peixe radiante» que nada no mar.

[493] *Князь Серебряный.*

[494] "Я еще вам, братцы, про то скажу: у нас Кит-рыба всем рыбам мать: на трех китах земля стоит".

Dime: ¿Que sostén a terra?

Resposta: As augas profundas.

-¿Que sostén a auga?

-A pedra.

-¿Que sostén a pedra?

-Catro baleas de ouro sosteñen a pedra.

-¿Que sostén as baleas de ouro?

-O río de lume.

-¿Que sostén o lume?

-O carballo de ferro.

Por outra parte, nalgúns monumentos antigos rusos a pureza do sistema "de tres baleas" tamén se perde. Así, nun deles dise que Deus creou a terra «encima de tres baleas grandes e de trinta baleas pequenas» (Шахнович, 1971: 179). Pero o principio de que «a terra está enriba de tres baleas e o peixe-balea treme baixo a terra» segue sendo o básico.

Estas crenzas pagás conserváronse durante bastante tempo na conciencia popular. Xa a principios deste século, por exemplo, un dos recompiladores anotou, baseándose nas palabras da vella Oxana Stebchigha da aldea Solovievka do uiezd de Rodomisl da gubernia de Kiev, a seguinte imaxe do mundo:

> A Terra é un prato enorme que soportan dous grandes peixes que están colocados en forma de cruz un enriba do outro; dende logo, estes peixes están dentro da auga, así que arredor da terra está a auga. Cando estes peixes fan un movemento, entón a Terra móvese e prodúcese un terremoto. As montañas formáronse na Terra porque, cando Deus estaba creando a Terra, o Demo rouboulle unha pouca terra e escondeuna na boca. Entón Deus mandoulle ó arcanxo san Miguel que lle quitara ó demo esta terra. Miguel non podía saca-la terra da boca do demo, por iso empezou a pegarlle co puño nas costas e, como consecuencia, o demo empezou a golsa-la terra, alí onde golsaba formábase unha montaña. [495] (Савченко, 1906: 106).

¿Como se espellaron semellantes supersticións na expresión rusa *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade'?

Os autores do *Breve diccionario etimolóxico da fraseoloxía rusa*[496], N. M. Xanski, V. I. Zimin e A. V. Filipov, intentan dar unha resposta a esta pregunta. Ó faceren constar que a fonte da expresión *ругать(ся) на чем свет стоит xurar no que se apoia o mundo* 'xurar

[495] "Земля представляет огромных размеров тарелку, которую поддерживают две большие рыбы, лежашие крестообразно одна на другой; рыбы эти, конечно, лежат в воде, так что кругом земли находится вода. Когда эти рыбы совершают движение, тогда земля движется и происходит землетрясение. Горы на земле образовались оттого, что когда бог создавал землю, то дьявол украл у бога немножко земли и спрятал в рот, тогда бог приказал архангелу Михаилу, чтобы отнял от дьявола эту землю. Михаил не мог вынуть земли из рта у дьявола, поэтому начал бить его кулаком в спину, вследствие чего дьявол начал "блювать" [рвать] землею, еду "блюнет", там и образуется гора".

[496] *Краткий этимологический словарь русского языка.*

coma un carreteiro' non está clara, eles fan a seguinte suposición: «Está relacionada cos conxuros; o home cría que podía influír nas bases do mundo blasfemando contra elas» (КЭФ, 1979, Nº3: 69).

Parece que esta interpretación etimolóxica aclara moi pouco a imaxe inicial do fraseoloxismo. En primeiro lugar, contradí a lóxica semántica e gramatical da expresión, que non significa reprobar ou reprocha-los "fundamentos do mundo", senón rifarlle a alguén ou a algo con ímpeto e dureza. Polo tanto, non se trata de exercer influencia no mundo, no universo ou na creación, senón nun obxecto da vida cotiá e da realidade obxectiva.

En segundo lugar, entre as fórmulas de conxuro, que presentaban fragmentos que efectivamente podían chegar a converterse nos núcleos dos fraseoloxismos, non hai ningunha que exprese a idea de "influencia nas bases do mundo". O conxuro é un resto da medicina popular, un remedio máxico que, segundo as crenzas supersticiosas, ten unha finalidade práctica contra as enfermidades ou os espíritos do mal e os demos que as provocan, e non contra as bases do universo en xeral (compárese Познанский, 1917).

En fin, a hipótese citada está construída a partir da convicción de que a expresión *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' se combinou dende sempre só co verbo *ругать(ся)* 'rifar' e, por iso, o seu significado orixinal era 'rifar con dureza e con moi malas palabras, xurar coma un carreteiro', o cal está lonxe de ser un axioma.

Antes de asociar coa historia desta expresión os cadros do mundo arriba descritos, imos analizar todo o conxunto dos seus significados e posiblemente o xogo completo de verbos cos que pode ou podía combinarse.

En realidade, na lingua literaria moderna a expresión *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' utilízase exclusivamente cos verbos *ругать, ругаться* 'rifar' ou cos seus sinónimos *бранить* 'reprender', *браниться* 'insultarse', *поносить* 'difamar', *честить* 'inxuriar', *костерить* 'insultar gravemente', *лаяться* 'insultarse' , etc.:

> Despois de Tsuxima púxose de moda blasfemar contra a flota rusa *no que se apoia o mundo* [xurar coma un carreteiro], fíxose de bo gusto para tódolos liberais do estilo deste avogado (L. Sobolev, *Reparación total*).
>
> Os donos das hortas insultábanse uns ós outros *no que se apoia o mundo* [coma carreteiros] (V. Xukxin, *Parede*).
>
> Ó mete-la carta no peto da saia pregada, Niurka, con cara enfadada e ameazante, continuou o seu camiño e seguía insultando *no que se apoia o mundo* [coma un carreteiro] ó seu Foma Alekseevich (P. Proskurin, *O teu nome*).
>
> Serafima, cando a botaron fóra, non esperou e saíu disparada da habitación berrando *no que se apoia o mundo* [coma unha carreteira] coa súa rival (E. Maltsev, *Entra en cada casa*).[497]

[497] "После Цусимы вошло в моду ругать русский флот *на чем свет стоит*, это сделалось хорошим тоном для всех либеральных деятелей вроде этого адвоката". (Л. Соболев, *Капитальный ремонт*);

Este uso era típico da literatura clásica do século pasado:

> O solicitante insulta *no que se apoia o mundo* [coma un carreteiro] a nova orde das cousas (N. V. Gogol, *Almas mortas*).
>
> E agora Natalia Dmitrievna, á que vostede antes insultaba *no que se apoia o mundo* [coma un carreteiro] e pola que era insultado vostede mesmo, está de visita na súa casa. (F. M. Dostoevski, *O soño do tío*).
>
> Satanás tirou unha bóla de lodo contra el. O vixía empezou a xurar *no que se apoia o mundo* [coma un carreteiro]. (N. G. Ponialovski, *Ensaios de bursa*).[498]

sen embargo, na lingua do século pasado, A combinación cos verbos *ругать* 'rifar', *бранить* 'reprobar' e semellantes, non era obrigatoria para a nosa expresión, a diferencia dos nosos tempos. A. M. Babkin e A. I. Molotkov, que fixeron unha análise léxica completa deste fraseoloxismo (Бабкин, 1964: 57-58; Молотков, 1970: 108), rexistran algúns significados máis que están condicionados pola combinación cos verbos *превозносить* 'loar', *хвалить* 'gabar', *врать* 'mentir', *скучать* 'aburrirse', *божиться* 'xurar por Deus', *обрадоваться* 'alegrarse', *суетиться* 'afanarse, atafegarse, axitarse'. F. G. Guseinov engade a esta colección de combinacións verbais verbos como *избить* 'pegar', *расконфузить* 'deshonrar' (Гусейнов, 1974: 6-7):

> Enfureceuse *no que se apoia o mundo* [coma unha besta], malloulle á súa muller (M. E. Saltikov-Xedrín, *Ensaios de gubernia*).
>
> Ela avergoñoume *no que se apoia o mundo* [moitísimo] (A. F. Pisemski, *Piterschik*).[499]

De toda a variada paleta de antigas combinacións verbais do xiro *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' na lingua moderna conserváronse, ademais do fraseoloxismo co verbo *ругать* 'rifar', as combinacións co verbo *хвалить* 'gabar' e cos seus sinónimos, pero estas son moi raras, como subliña con toda a razón A. I. Molotkov.

Os datos do emprego literario, polo tanto, amosan que no século pasado a expresión *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' non ía acompañada dun verbo fixo e que se combinaba con verbos de semántica moi diferente. F. G. Guseinov a partir destes feitos chega a unha conclusión lingüística obxectiva sobre o desenvolvemento dos significados e da estructura

---

"Хозяева огородов ругались *на чем свет стоит*". (В. Шукшин, *Стенка*);
"Сунув письмо в карман сборчатой юбки, Нюрка с грозным и сердитым лицом отправилась дальше, продолжая *на чем свет* костерить своего Фому Алексеевича". (П. Проскурин, *Имя твое*);
"Серафима не стала дожидаться, когда ее выставят за дверь, и вылетела из комнаты, понося *на чем свет стоит* свою соперницу". (Е. Мальцев, *Войди в каждый дом*).

[498] "Проситель бранит *на чем свет стоит* новый порядок вещей". (Н. В. Гоголь, *Мертвые души*);
"А теперь вот и Наталья Дмитриевна, которую вы давеча *на чем свет* ругали, которая вас же ругала, у вас в гостях сидит". (Ф. М. Достоевский, *Дядюшкин сон*);
"В него Сатана пустил ком грязи. Сторож стал лаяться *на чем свет стоит*". (Н. Г. Помяловский, *Очерки бурсы*).

[499] "Остервенился зверь, жену избил на чем свет стоит". (М. Е. Салтыков-Щедрин);
"Расконфузила она меня на чем свет стоит". (А. Ф. Писемский, *Питерщик*).

semántica desta expresión: «Ó combinarse con verbos semanticamente heteroxéneos, o fraseoloxismo *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* tiña o significado '(facer algo) con moita forza, intensamente'. E esta heteroxeneidade semántica dos verbos provocou que estes empezaran a omitirse e o fraseoloxismo perdera o significado 'facer algo'» (Гусейнов, 1974: 6). Noutras palabras, a expresión moderna *ругаться на чем свет стоит rifar no que se apoia o mundo* 'rifar con dureza e malas palabras, xurar coma un carreteiro' é resultado da unión dun dos verbos co xiro *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' e da limitación absoluta desta combinación que levou a unha reducción máxima do seu significado.

Esta conclusión é moi importante para a revelación da imaxe primitiva do noso xiro. Está claro que ó buscar esta imaxe non debemos centrarnos só no significado de 'reprender, rifar'. Polo visto, neste caso o elemento inicial era un multiplicador semántico 'facer algo con moita intensidade, moita forza' que F. G. Guseinov deduciu da adición dos significados dos verbos acompañantes do noso xiro no século pasado. O significado 'con moita intensidade, moita forza' dedúcese obxectiva e loxicamente do sentido literal da combinación *на чем свет стоит no que se apoia o mundo*, é dicir, algo firme, "básico", estable. Polo tanto, o significado xeral primitivo deste xiro é 'ata a mesma terra', 'ata a mesma base', 'ata os mesmos principios do mundo'. Esta motivación inicial fai natural a súa relación con tódolos verbos arriba citados: *ругать* 'rifar', *хвалить* 'gabar', *врать* 'mentir', *божиться* 'xurar por Deus' e ata *избить* 'pegar' ou *расконфузиться* 'deshonrar'.

Pero con isto non se acaban as observacións sobre as combinacións e a imaxibilidade (*obraznost*) do fraseoloxismo *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade'. Non se pode deixar de ver que de entre toda a variedade semántica de verbos cos que se relaciona este fraseoloxismo son máis frecuentes os que están vinculados á fala e non a unha actividade en xeral. As correspondencias eslavas orientais indican a antigüidade desta relación. Nas linguas ucraína e belorrusa a nosa expresión emprégase precisamente con verbos dicendi:

(ucraíno) *на чім (на чому) світ стоїт лаяти*	*blasfemar, xurar no que se apoia o mundo* 'blasfemar, xurar con moita forza, ímpeto, intensidade'
(bielorruso) *на чом (чым) свет стаіць лаяць (клясці, прыбіраць)*	*blasfemar, xurar no que se apoia o mundo* 'blasfemar, xurar con moita forza, ímpeto, intensidade'.

A causa disto só se pode entender saíndo do marco da análise puramente lingüística e profundando na imaxibilidade (*obraznost*) inicial da expresión.

На чем свет стоит no que se apoia o mundo 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' é literalmente o que forma a base do mundo, algo firme, fundamental e estable. Por iso, a expresión *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' puido chegar a ser unha especie de amplificador

xeneralizado dos significados dos verbos cos que se unía. Quizais de aquí provén

избить на чем свет стоит	*mallar no que se apoia o mundo* 'darlle unha boa malleira a alguén'
хвалить на чем свет стоит	*loar no que se apoia o mundo* 'loar tódalas calidades de alguén sen excepción, da primeira á última'
божиться на чем свет стоит	*xurar no que se apoia o mundo* 'xurar polos mesmos fundamentos do mundo'

etc.

O san agnosticismo popular tamén influíu na cristalización da nosa expresión. Así, a combinación *врать на чем свет стойт mentir no que se apoia o mundo* 'mentir sen parar' é un testemuño claro e chamativo da actitude escéptica do pobo respecto ás invencións supersticiosas sobre as bases do mundo, as famosas tres baleas, os postes do universo, etc. Por un lado, aquí hai unha relación directa co significado central da expresión 'bases, fundamentos do universo', 'algo moi sólido e seguro', compárese neste sentido:

врет, что под ним ни одна лавка не устоит	*mente tanto que ningún banco resiste debaixo del* 'mentir moito'
лжет, что ино сани трещат	*mente tanto que ata as zorras renxen* 'mentir moito'

(Мих., 1912: 101).

Nestas últimas expresións é coma se a mentira se sometera "á proba da firmeza". Por outro lado, xa temos diante nosa un eufemismo que ten o significado recto de 'contar contos contradictorios sobre os principios do mundo'. Estas dúas ideas únense na tradición folclórica, onde o significado eufemístico se reforza con refráns coñecidos polos rusos e ucraínos:

свет спокон веку неправдою стоит	*o mundo mantense dende sempre coa mentira*
ложь стоит до правды	*a mentira está diante da verdade*
(ucraíno) *брехнею світ живе*	*o mundo vive pola mentira*

e ó mesmo tempo

не на брехні світ стоит.	*o mundo non se apoia na mentira*

Compárese tamén:

неправедными ад стоит	*o inferno mantense cos mentireiros*
неправдою суд стоит	*o xuízo baséase na mentira.*

Cómpre dicir que ós nosos devanceiros sobrábanlles razóns para seren escépticos ante os contos fantásticos sobre os principios do mundo. As contradiccións nas explicacións destes principios eran escandalosas e, dende hai moito tempo, facían críticas orais e escritas de tales mitos. Nos séculos XIV e mediados do XV, por exemplo, en Rusia difundiuse amplamente a traducción do tratado do médico romano do século II Claudio Galeno, que foi escrito en forma de comentario ó *Dictionem Hippocratis*. Este tratado ten un título moi expresivo *Sobre a organización do mundo*. Este tratado versa sobre os catro elementos que forman o mundo material, sobre o microcosmos, é dicir, o corpo humano, sobre a influencia de distintos factores na saúde da persoa, etc. Dunha maneira especialmente polémica o autor razoa precisamente sobre os principios do mundo, expoñendo con moita audacia a idea da redondez da Terra que remonta á antigüidade, a Aristarco de Samotracia, a Aristóteles, a Platón, a Parménides, a Pitágoras e contradí expresamente a explicación bíblica deste tema habitual para o lector medieval.

Citaremos algúns fragmentos desta curiosa fonte:

> A terra pola súa disposición non é cadrada nin triangular, nin ten forma de disco, senón de ovo, e está organizada coma un ovo: ten dentro a chamada xema e por fóra a clara e a casca, a xema está no medio, imaxina así a Terra. A Terra é a xema no medio do ovo, o ceo e o aire son a clara e a casca do ovo: así como a casca rodea o interior do ovo, o ceo e o aire rodean a Terra; a Terra está no medio...
> A Terra está colgada no aire no medio do baleiro celestial sen roza-lo corpo celestial por ningún lado, e está a certa distancia do ceo sen tocalo. A distancia entre nós e o ceo é a mesma que entre o ceo e a parte de abaixo da Terra por tódolos lados. A Terra non se apoia en nada, está colgada no aire.
> Algúns din que a Terra está encima de sete postes, pero isto non é correcto. ¿Se estivera colgada nos postes en que se apoiarían os postes?
> Outros din que a Terra flota na auga e citan dúas testemuñas que din: "Para o que asentou a Terra encima das augas". Resulta que tampouco teñen razón...
> Hai outros autores que din: "O que colgou a Terra nas augas"...
> A Terra non está colgada en nada, senón no aire... Asómbrome dos que din que a Terra se mantén na auga. Pois vemos cos nosos propios ollos que o po que cae na superficie da auga non se mantén durante moito tempo enriba, senón que baixa ata o mesmo fondo das augas. É máis probable que as augas estean no seo da Terra. (*Sobre a organización do mundo.* Véxase Lighachiov, 1982).[500]

[500] "Земля по устроению ни четырехугольна, ни треугольна, ни дискообразна, но устроена яйцевидной, и по образу яйца, у которого внутри так называемый желток, а снаружи белок и скорлупа, - желток же находится в середине яйца, а небо и воздух - белок и скорлупа яйца: как окружает скорлупа внутренность яйца, так окружают и Землю небо и воздух; Земля же находится в середине...
Земля висит в воздухе посреди небесной пустоты, не прикасаясь нигде к небесному телу, и отстоит отовсюду от небес неприкосновенна. Насколько отстоит небо от нас, настолько отстоит небо под Землей со всех сторон. Земля не опирается ни на что иное, только на воздухе висит.
Некоторые говорят, что на семи столпах стоит Земля, но это неверно. Если бы на семи столпах висела, на что опирались бы столпы?.
Другие говорят, что над водами носима Земля, приводя двух свидетелей, говорящих: "Утвердившему Землю на водах". Оказываются и они неправы...
Еще и другие авторы говорят: "На водах Землю повесивший"...
Земля же ни на чем висит, только на воздухе... Удивляюсь я говорящим, что Земля держится на водах. Ведь видим своими глазами, что упавший на поверхность воды какой-нибудь прах долго не держится наверху, но опускается вниз, на самое дно вод. Скорее воды держатся в недрах Земли". (*О земном*

Está claro que despois dunha argumentación tan convincente era difícil crer nesas extraordinarias necidades sobre o mundo e os seus "apoios". Polo visto, a dúbida nelas espellouna a combinación *ругать на чем свет стоит rifar (blasfemar) no que se apoia o mundo* 'rifar, blasfemar moito'. O máis probable é que sexa un eufemismo, así como o xiro *врать на чем свет стоит mentir no que se apoia o mundo* 'mentir sen parar'. Neste está presente o significado xeral intensificador da frase *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' típico doutras combinacións verbais. ¡Pero o verbo *ругать* 'rifar' emprégase aquí sobre todo porque esta expresión no uso folclórico pode servir de denominación atenuada ou eufemística dun... parvo! Como afirma un refrán humorístico e sarcástico, o mundo mantense precisamente gracias ós parvos:

дураками свет стоит	*o mundo mantense gracias ós parvos*
дураками свет красится	*o mundo faise máis bonito porque hai parvos*

A popularidade deste refrán confírmaa o seu emprego na película moderna *Vivir na felicidade*[501] (1979):

Земля на чудаках держится	*O Mundo mantense gracias ós parvos*

Polo tanto, o fraseoloxismo *ругать на чем свет стоит rifar no que se apoia o mundo* antes tiña outro significado: 'chamarlle parvo a alguén'. A. S. Puxkin espellou precisamente o carácter eufemístico desta expresión no *Conto sobre o pescador e o peixe*[502], onde, despois de empregalo eufemisticamente, descífrao: a vella chámalle parvo ó seu home:

> A vella está sentada debaixo da ventá.
> Rífalle ó seu home *no que se apoia o mundo* [coma un carreteiro]: "¡Es parvísimo, un simple!
> ¡Pediches, parvo, unha casa!..".[503]

Estas estrofas de Puxkin conteñen a primeira fixación do fraseoloxismo na literatura rusa. Non cabe dúbida de que a popularidade do conto de Puxkin condicionou en gran medida o emprego activo do xiro *на чем свет стоит no que se apoia o mundo* 'enerxicamente, con moita forza, ímpeto, intensidade' precisamente en combinación co verbo *ругать* 'rifar, blasfemar'. Este xiro xurdiu a partir das antigas ideas mitolóxicas dos eslavos orientais sobre o Universo e ó principio podía unirse con distintos verbos intensificando o seu significado. O san escepticismo do pobo, que levou á refutación dialéctica destas ideas, e a tradición folclórica condicionaron esta interpretación humorística, esta eufemización que agudizou a súa expresividade e levou á reducción

---

устроении. - См: Лихачев 1982).

[501] *Жить в радости.*

[502] *Сказка о рыбаке и рыбке.*

[503] "Старуха сидит под окошком. /На чем свет стоит мужа ругает: /"Дурачина ты, прямой простофиля! /Выпросил, простофиля, избу!..".

das súas posibilidades combinatorias (empezou a combinarse só con determinados verbos). Iluminada polo xenio de Puxkin, a expresión *ругать на чем свет стоит xurar, blasfemar no que se apoia o mundo* 'xurar, blasfemar moito' entrou na lingua literaria e alí pervive aínda nos nosos tempos.

A historia do xiro é moi ilustrativa para entende-las contradicciónsinteriores do mito ou das ideas supersticiosas sobre a realidade que nos rodea. O mito está destinado a explicar algún fenómeno, a natureza, o universo, sen caer en contradicciónsNel todo debe ser lóxico e harmonioso dende o punto de vista das relacións causa-efecto: o gato negro cruzou o camiño —agarda unha desgracia; cuspiches tres veces tralo ombro esquerdo — librácheste do rabudo e así previñécheste do mal; violaches unha prohibición —espera un castigo. Sen embargo, a ausencia de contradicciónsnestas explicacións esixe unha fe cega na premisa mitolóxica inicial. Así, a dependencia dos terremotos dos movementos dos animais marítimos no océano mundial parece moi lóxica só no caso de que creamos de boa fe, dende a primeira palabra, na "doutrina" de que o universo se apoia en tres baleas.

A mente humana dende hai moito tempo resístese á aparente lóxica dos mitos. De aí, o seu continuo cambio, a súa transformación, a súa variedade, así como a incoherencia e a confusión de moitos sinais, supersticións e crenzas. Sen embargo, non é posible non ver que agora os rudimentos das ideas mitolóxicas seguen vivindo na nosa lingua e na nosa conciencia.

Moitas veces parece que non hai máis que explica-lo absurdo de calquera superstición, demostrar con métodos científicos a súa inconsistencia, lanzar argumentos convincentes para que caia. O mito e as supersticións non desaparecen de seguida: transfórmanse, metamorfoséanse, disfrázanse coa moda moderna, e esperan a súa hora para subir á superficie ó ve-lo primeiro gato negro que por casualidade se cruce no camiño dun ateo dos nosos tempos.

O estudio científico das capas mitolóxicas da nosa cultura nacional e da nosa lingua é unha tarefa filolóxica importante. E moitas veces atopámonos coa opinión de que a lingua rusa "se fai contemporánea" moi rapidamente, librándose do tecido mitolóxico bordado polos nosos devanceiros durante séculos. Un dos maiores especialistas en mitoloxía eslava, N. I. Tolstoi, subliña:

> Unha equivocación seria e moi frecuente é a opinión de que os textos e o léxico mitolóxico se esqueceron dende hai moito tempo, despareceron e non os necesita ninguén (Толстой, 1978: 189).

Neste capítulo intentouse demostrar que esta idea é realmente unha equivocación: a nosa lingua segue conservando o recordo das imaxes mitolóxicas.

Dende logo, se a nosa lingua fora só unha lata na que se conservan todas aquelas ideas non científicas sobre o universo e as causas dos fenómenos da natureza, sería moi pouco probable que puidera gardalas durante séculos. Pero a lingua non é só a envoltura da información extralingüística, senón que é o seu "transformador". Na maioría dos casos, como xa vimos, a lingua transforma as crenzas supersticiosas para adaptalas ás súas necesidades e así estas empezan a servir para outros obxectivos totalmente materialistas

e ateos. Pois, segundo a acertada observación de A. A. Potebnia:

> a mitoloxía consérvabase non debido a súa estabilidade, senón porque se aplica ás circunstancias da vida e chega a se-la imaxe dun significado que se renova continuamente (Потебня, 1883: 77).

As expresións que analizamos son o testemuño desta "aplicación ás circunstancias da vida" e da renovación semántica. Como compoñentes dos xiros perderon o antigo carácter mitolóxico e, polo tanto, garantiron o seu dereito á existencia moderna.

Hai que recoñecer que algúns pedantes están dispostos a censurar calquera manifestación da "superstición" (dende o seu punto de vista) na nosa lingua. Na súa época, L. V. Uspenski recibiu unhas cartas de tales lectores que esixían a reprobación dos escritores e poetas que utilizaban palabras como *ангел* 'anxo', *бог* 'Deus', *черь побери* '¡demo!', etc. nas súas obras. A un non lle gustaron as estrofas do poema serodio de Mighail Svetlov porque lle facía propaganda "ós anxos":

> Como rapaces, pensando nas victorias,
> Marcharon rapidamente ás terras descoñecidas
> Dous anxos en dúas bicicletas -
> O meu amor e a miña xuventude...[504]

A outro indignoulle profundamente que Bulat Okudjava empregara a palabra sacramental *молиться* 'rezar':

> Rezo para que non haxa ningunha desgracia,
> Rézolle ó muíño e á xaboeira...[505]

¡Como non! ¡Pois unha persoa moderna non debe rezarlle a ninguén nin a nada, nin sequera á xaboeira, a non ser que haxa unha radio incrustada nela! ¿Que pasará se estes poemas se converten nun medio de propaganda relixiosa?

L. V. Uspenski contestou ás cartas destes lectores co artigo "¡Por Deus, claro que é posible!"[506] Nel explicáballes ós pedantes adultos ateos o principio de que a lingua evoluciona máis lentamente cás ideas supersticiosas fixadas nela. Pois «a lingua é unha gran preguiceira: de mala gana crea novas palabras cando pode contentarse coas vellas. Prefire claramente meter "o viño novo" "no odre vello", segundo un dito antigo, chamándolles ás cousas e ós fenómenos novos coas palabras que son habituais dende hai moito tempo e dándolles uns significados absolutamente novos (ás veces totalmente contrarios ó anterior). O máis importante é que isto non lle molesta a ninguén» (Успенский, 1965: 63). É máis, axúdalles ós falantes e ós mestres da palabra a xogar ó mesmo tempo con tódolos rexistros do instrumento máis perfecto de tódolos que lle foron dados ó home: a lingua.

Para o escritor e para o poeta todas aquelas palabras e expresións das que se evaporou o contido mitolóxico son verdadeiros tesouros. Neste caso non lle costa nada converte-lo

[504] "Как мальчики, мечтая о победах, /Умчались в неизвестные края /Два ангела на двух велосипедах - /Любовь моя и молодость моя...".
[505] "Молюсь, чтоб не было беды, /И мельнице молюсь, и мыльнице...".
[506] "Ей богу, можно!".

anxo nun ou nunha ciclista, facer un obxecto de adoración da xaboeira e branquea-las sucias forzas do mal. Desta maneira actúa o poeta de Perm' Boris Xirxov nun poema non moi perfecto, pero con obxectivos expresamente ateos "Nin arre nin xo"[507]:

De repente algo lle pasou ó rapaz,
E poida que non fora de repente.
Apareceu nel certa dignidade,
disolveuse o temor nos ollos...
Claro que os compañeiros comprenderon
moi ben este cambio.
Sabiamos que algunha forza
influía no rapaz dende fóra.
E esta forza era boa,
non podía ser mala...
Unha vez toda compunxida
botounos unha ollada radiante.[508]
(Boris Xixov, *Balada de outono,* Perm', 1973, páx 175).

Como vemos, aquí non se trata de ningún *lexi* ou *verlioka*, senón dunha moza cunha ollada radiante parecida ó anxo ciclista de Mighail Svetlov. E naqueles tempos os poetas, en loita contra a asexualidade "anxélica", utilizan sen excepción os conceptos mitolóxicos sen medo a converterse en lobishomes (¿ou en "lobismulleres"?):

¡Basta! vou deixar de ser unha besta asexuada:
para aquel son un irmán, e para este, unha irmá,
basta de ter inimizade ou de tratar con delicadeza o verbo
antes de converterme en herba ou en piñeiro.
¡Non quero te-la traducción literal
nin outros traballos feitos nunha máquina de escribir
alugada nun taller! Vólvome rica,
analfabeta, guapa e orgullosa.
Renunciando ó talento, escollo converterme nun lobishome cun paraugas rosado,
cun lazo de muselina e ir do brazo dun figurino,
e non quero saber que cousa é o iambo.[509]
(Bella Aghmadulina, *Despreocupada e bondadosa como nunca*).

No crisol da creación poética a base mitolóxica da palabra ou da expresión pode fundirse de tal maneira que ningún criticón puntilloso poida atopa-las pegadas dos anxos e dos demos nela. Velaquí un fragmento do poema de Novella Matveeva "Karavana"[510]:

[507] "Ни рыба ни мясо".

[508] "И с парнем вдруг что-то случилось, /А может быть, вовсе - не вдруг. /Достоинство в нем появилось, /В глазах растворился испуг... /Конечно, братва раскусила /Изменчивость эту вполне. /Мы знали, какая-то сила /На парня влияет извне. /И сила была эта - чистой, /Нечистою быть не могла... /Однажды нас взглядом лучистым /Смущенно она обвела." (Борис Ширшов, *Осенняя баллада.* Пермь, 1973, с. 175).

[509] "Довольно мне чудовищем бесполым /тому быть братом, этому - сестрой, /то враждовать, то нежничать с глаголом, /пред тем как стать травою и сосной. /Машинки, взятой в ателье проката, /подстрочников и прочего труда /я не хочу! Я делаюсь богата, /неграмотна, пригожа и горда. /Я выбираю, поступясь талантом, /стать оборотнем с розовым зонтом, /с кисейным бантом и под ручку с франтом, /а что есть ямб - знать не хочу о том." (Белла Ахмадулина, *Как никогда, беспечна и добра*...).

[510] "Караван".

> Estou triste: non me mandan cartas da casa...
> "*¡Cuspe en todo!* [¡Fai a risa de todo!]¡Aprende, amigo, do camelo!"
> Dirá un compañeiro dándome unha palmadiña no lombo.
> Eu nun acceso de furor mandareino ó camelo.
> Eu nun acceso de furor mandareino ó camelo:
> Non vou aprender de ti,
> Tampouco quero aprender do camelo.[511]

Neste fragmento atopamos algúns fenómenos típicos para N. Matveeva, é dicir, a "ruptura" do tecido verbal e o xogo coas asociacións nesta ruptura. Pero non é un xogo arbitrario e caótico, senón unha transformación creativa baseada nas ríxidas leis lingüísticas e extralingüísticas. Pois calquera lector adiviña na frase *послать к верблюду mandar ó camelo* outra frase ben coñecida *послать к черту mandar ó demo*. E, ó mesmo tempo, entende por qué está aquí o camelo. Unha pista dáa o xiro *Плюй на все! Cuspe en todo* 'rite de todo'. Pero tamén é unha pista asociativa dobre porque ela, ó levar á substitución de *черт* 'demo' por *верблюд* 'camelo', ó mesmo tempo, devolve o texto á demonoloxía, é dicir, ó supersticioso cuspido *Тьфу! Тьфу!* [512]. Así créase un calembur como resultado do contacto do tradicional e do non tradicional.

O elemento tradicional da fraseoloxía rusa unido ás ideas mitolóxicas é o que xurdiu outrora nas aldeas rusas, é dicir, as *bilinas* populares sobre as sereas, os lexii (espíritos do bosque) e os domovoi (espíritos da casa) ou os inventos sobre as bases do universo. O non tradicional é o que se crea pola transformación poética do tradicional. Aínda no século pasado os recompiladores de folclore notaban que nas aldeas rusas as mulleres teñen maior tendencia á conservación do tradicional:

> ...a portadora das crenzas antigas, dos vellos costumes, das lendas é con preferencia a poboación feminina: a miúdo os homes, con desprezo, mandan ó recompilador falar coas mulleres. Pero temos recollidos datos que proban que o escepticismo na esfera das antigas crenzas xa tocou o elemento máis conservador, as mulleres (Ушаков, 1896: 192).

Claro está que entre os contos da habitante da aldea de Gangozero e os poemas de Novella Matveeva non hai menos diferencia que entre o demo e o camelo. Pero é só unha diferencia dentro do xeral, porque unha e outra composición teñen a mesma fonte, a imaxinación poética, a creación artística.

[511] "Я загрустил: не шлют письма из дома... /"Плюй ты на все! Учись, брат, у верблюда!" - /Скажет товарищ, хлопнув по плечу. /Я же в сердцах пошлю его к верблюду. /Я же - в сердцах - пошлю его к верблюду: /И у тебя учиться, мол, не буду, /И у верблюда - тоже не хочу.".
[512] Ó ve-lo demo cuspían tres veces detrás do ombro esquerdo.

IV

UNHA BOA PALABRA E O CONTO DO BECERRO BRANCO

O folclore ruso e a fraseoloxía

4.1. Os lugares comúns e non comúns do folclore

O folclore... Detrás deste termo percíbese a imaxe de "Boián o Vidente", de Arina Rodionovna[513] e dos narradores de contos populares, os Riabinin. Non só a imaxe dun bo narrador de *bilinas* e contos, senón tamén a dunha persoa sabia e perspicaz, "vidente"; é dicir, coñecedora do máis esencial e importante: a Vida. O termo folclore, traducido do inglés, significa 'sabedoría popular', 'sabedoría do pobo' (*folk* 'pobo', *lore* 'sabedoría'). En efecto, o folclore é o reflexo da experiencia colectiva do pobo en forma de creación oral: lendas, *bilinas*, cancións, contos, refráns e ditos. Transmitida de boca en boca, esta experiencia adquiría a autoridade dunha lei, chegaba a ser un código moral e ético, convertíase, dende os primeiros contos infantís, nun criterio de moralidade.

Sen coñecer esta experiencia popular oral, é difícil entende-lo carácter, a arte e a literatura nacional. Moitos escritores rusos poetizaron non só o conto, a *bilina* ou a canción, senón tamén o mesmo proceso de "contar contos" e a súa percepción pola imaxinación infantil.

Despois Oblómov soñou con outra época: durante unha longa noite de inverno el

[513] Era a ama de cría de A. S. Puxkin.

apertábase timidamente contra a súa ama de cría e ela faláballe, en voz baixa, dun país descoñecido onde non hai noites nin frío e onde ocorren marabillas, onde flúen ríos de mel e de leite, onde ninguén fai nada durante todo o ano e os bos mozos, como Ilia Ilich, e as mozas belas, que van todas feitas unhas Berenguelas [514], non fan máis ca pasear o día enteiro.

Alí hai un encanto [515] que se nos aparece de cando en vez en forma de lucio. Ela escolle algún favorito, unha persoa tranquila, inofensiva, en outras palabras, algún preguiceiro a quen todos ofenden, e sen ningún motivo especial cólmao de riquezas. El come e viste con roupa feita e despois casa cunha moza incriblemente bela, Militrisa Kiribitievna.

O neno, agudizando o oído e a vista, absorbía apaixonadamente o relato.

A ama de cría ou a lenda evitaban con tanta mestría todo o que ten existencia real que a imaxinación e a mente, ó enchérense de fantasías, convertíanse nas súas escravas ata a vellez. A ama de cría narraba con bondade o conto do parvo de Emelia, esta sátira maligna e pérfida sobre os nosos bisavós e quizais sobre nós mesmos.

Aínda que xa de adulto Ilia Ilich saiba que non existen os ríos de mel nin os de leite, que non hai encantos e, aínda que se ría dos contos da ama de cría, a súa risa non é sincera, está acompañada dun secreto suspiro: el confundiu o conto e a vida e, ás veces, inconscientemente sente angustia porque a vida non é un conto e o conto non é a vida.

Inconscientemente soña con Militrisa Kiribitievna; atráeno os lugares onde non se fai máis que pasear, onde non hai ocupacións nin tristura; quédalle para sempre a predisposición a pasa-lo tempo encima do forno, vesti-la roupa que non gañou e comer á conta do encantiño.

O vello Oblómov e o avó escoitaron durante a súa infancia os mesmos contos, que pasaron a través dos séculos e das xeracións na antiga edición estereotipada e nas bocas de criadas e criados. (I. A. Goncharov, *Oblómov*).[516]

---

[514] Expresión santiaguesa que indica que pasa unha muller extraordinariamente airosa e atractiva, alusión á emperatriz Berenguela, esposa de Alfonso VII o Emperador, que morreu con sona de ser tan sumamente bela que, cando morreu, Deus tivo pena de que aquel corpo tan xeitoso se descompuxese e concedeulle saír do seu sartego na catedral na noite véspera do Apóstolo (24 ó 25 de xullo) para pasear polas rúas compostelás e comunicarlles maxicamente a beleza ás mulleres que vaia atopando polo camiño, de xeito que estas aparecen nesa noite máis belas ca nunca.

[515] En galego denomínanse *encantos, señoras, donas, doncelas* ou *mouras* os seres fantásticos que en castelán se denominan *hadas* e en asturiano *xanas.* Cómpre non confundir, neste caso, a palabra galega *moura* con 'muller árabe', de irrelevante presencia na historia de Galicia, e cómpre tamén andar con tino con identificalas coas *moiras* gregas (ou *parcas* latinas), porque tampouco son o mesmo. Os nosos *encantos* ou *mouras* son seres máxicos que ofrecen unha riqueza ou felicidade envolta en invisibles espiñas, aparentemente semellantes ás fadas rusas: por iso escollemos esta palabra para traduci-la correspondente palabra rusa. En galego non se lles chama *fadas*, porque a palabra *fada*, habitualmente en singular, significa algo inmaterial e incorpóreo, é o destino; e por iso a unha nai, que amosa o seu meniño acabado de nacer, díselle *¡Deus cho críe para boa fada!*

[516] "Потом Обломову приснилась другая пора: он в бесконечный зимний вечер робко жмется к няне, а она нашептывает ему о какой-то неведомой стране, где нет ни ночей, ни холода, где совершаются чудеса, где текут реки меду и молока, где никто ничего круглый год не делает, а день-деньской только и знают, что гуляют всё добрые молодцы, такие, как Илья Ильич, да красавицы, что ни в сказке сказать, ни пером описать.

Там есть и добрая волшебница, являющаяся у нас иногда в виде щуки, которая изберет себе какого-нибудь лентяя, которого все обижают, да и осыпает его, ни с того ни с сего, разным добром, а он знай кушает себе да наряжается в готовое платье, а потом женится на какой-нибудь неслыханной красавице, Милитрисе Кирибитьевне.

Ребенок, навострив уши и глаза, страстно впивался в рассказ.

Así, I. A. Goncharov describe o espertar de *oblómovxina*[517] no pequeno Iliuxa. O conto onde todo se consegue sen esforzo ningún, sen loitar nin traballar, convértese, a primeira vista, na pinga de veleno que mata a parte activa da natureza de Ilia Ilich.

Pero iso é así só a primeira vista. Sabemos ben que este escritor na súa novela amosou de maneira convincente que o señoritismo e a servidume, e non os contos da ama de cría, converteron a Iliuxa en Oblómov. É máis, precisamente estes contos e o principio moral que asimilou profundamente a través deles conservan a personalidade de Ilia Ilich mutilada por *oblómovxina*. É precisamente por iso polo que o queren Xtolts, Olga e Zaghar, a pesar da súa preguiza, falta de vontade e parasitismo. En realidade, "a enfermidade infantil" da proximidade ó pobo que lle pegou outrora a súa ama de cría, é a única *raison d'être* de Oblómov como persoa. Desta maneira, Nikita Mighalkov viu cos ollos do noso contemporáneo a imaxe de Oblómov na súa película, onde as escenas da infancia chegan a ser uns feixes de luz que iluminan o mellor e o máis bondadoso que hai no personaxe de Goncharov e que o elevan incluso algo sobre os outros personaxes, "activos" ata chegar a un grao de pragmatismo absoluto...

Por outra parte, ¿é realmente tan pasivo o heroe do conto ruso e do folclore en xeral?

Pois só a primeira vista parece que os heroes dos contos rusos non fan nada para consegui-la felicidade, a riqueza e unha moza de notable beleza. En realidade, Iván o Parvo, que ó principio do conto está deitado sobre o forno, ou o heroe das *bilinas* Ilia Muromets, ó principio prostrado na súa cama, teñen que realizar infinitas proezas e sufrir moitas privacións para ó final recibiren os bens fantásticos. Pero a proeza máis grande, a que lle dá a este final feliz unha xustificación moral e o fai sumamente ético, é a bondade do heroe folclórico, a súa actitude humana respecto a todo ser vivo, a súa sinceridade e honradez. A bondade, a verdade e a xenerosidade son os valores básicos da moral popular. O folclore canta precisamente estes valores.

A. N. Afanasiev, un dos máis entregados recompiladores do folclore ruso, descubriu con moita perspicacia este principio moral dos contos rusos. No prefacio da primeira edición

---

Нянька или предание так искусно избегали в рассказе всего, что существует на самом деле, что воображение и ум, проникшись вымыслом, оставались уже у него в рабстве до старости. Нянька с добродушием повествовала сказку о Емеле-дурачке, эту злую и коварную сатиру на наших прадедов, а может быть, еще и на нас самих.

Взрослый Илья Ильич хотя после и узнает, что нет медовых и молочных рек, нет добрых волшебниц, хотя и шутит он с улыбкой над сказаниями няни, но улыбка эта не искренняя, она сопровождается тайным вздохом: сказка у него смешалась с жизнью, и он бессознательно грустит подчас, зачем сказка не жизнь, а жизнь не сказка.

Он невольно мечтает о Милитрисе Кирибитьевне; его все тянет в ту сторону, где только и знают, что гуляют, где нет забот и печалей; у него навсегда остается расположение полежать на печи, походить в готовом незаработанном платье и поесть за счет доброй волшебницы.

И старик Обломов, и дед выслушивали в детстве те же сказки, прошедшие в стереотипном издании старины, в устах нянек и дядек, сквозь века и поколения". (И. А. Гончаров, *Обломов*).

[517] *Oblómovxina* é un substantivo derivado do apelido de Ilia Oblómov, o protagonista da novela *Обломов* do escritor clásico do século XIX I. A. Goncharov. O significado inicial desta palabra era 'o fenómeno Oblómov', pero despois, gracias á popularidade desta novela, a lingua foi adaptando a palabra *oblóvmaxina* chegando a telo significado de 'preguiza, falta de vontade, ausencia de actividade'. Esta palabra significa tamén a indiferencia respecto ós problemas sociais que esixen unha acción común; é o hábito de esperar que outros fagan todo e de non recoñecer ningunha obriga como propia.

da súa famosa colección de contos dá a seguinte explicación do "heroísmo" ou, en palabras máis exactas, da superioridade moral de Iván o Parvo sobre os seus irmáns:

> O conto popular... sempre se pon de parte da verdade moral e, por esta firme convicción, a inxenuidade, a bondade e a compaixón do irmán menor sempre teñen que saír vencedoras. É evidente que a poesía épica só recoñece como realmente razoable o ben; mentres que o mal, aínda que tamén teña a sona de selo, leva os seus seguidores a erros irreversibles e moitas veces arrástraos a unha morte inevitable. Polo tanto, o mal é o verdadeiramente insensato (Аф., III, 390-391).

Dende logo, o folclore non é un código de leis e estatutos que regule o comportamento da persoa. Antes todo é a arte da palabra. A palabra adquire no folclore forza de lei, porque reflicte a realidade dunha maneira fiel e palpable, viva e acertada e, ó mesmo tempo, debuxa os ideais populares. Todas estas calidades están relacionadas coa existencia oral do folclore. A lingua oral sempre é máis viva, máis solta e libre cá palabra que está dentro dos tenaces da lingua literaria escrita. Está claro que esta liberdade é relativa: está limitada polos convencionalismos do xénero, pola tradición local ou nacional e polas circunstancias históricas. Pero a pesar de todo, no folclore plásmanse xenerosamente tódolos medios expresivos da fala viva e, ó mesmo tempo, pode manifestarse vivamente a mestría individual do narrador.

Por certo, isto é un dos paradoxos do folclore. Por un lado, a existencia oral das obras de creación popular fainas espontáneas e quítalle-los convencionalismos estereotipados da lingua normativizada. Por outro, o folclore no fondo é moito máis tradicional e ten unha estructura máis estable ca calquera obra literaria. Por iso, a pesar da transmisión oral, nos contos, nas *bilinas*, nas cancións ou nos refráns consérvanse os marcados ritmos semánticos e lingüísticos, os constantes leitmotivs do argumento e as mesmas fórmulas e epítetos.

O tradicionalismo do folclore espéllase dun modo moi vivo na estabilidade dos chamados lugares comúns (*loci communi*), que a miúdo tenden a converterse en fraseoloxismos, e moitas veces, efectivamente, chegan a ser fraseoloxismos. Subliñábano moitos escritores e investigadores do folclore, como V. G. Belinski, V. V. Radlov, A. N. Veselovski, A. P. Evguénieva e A. T. Ghrolenko. Quizais as palabras máis expresivas sobre esta característica da creación popular pronunciounas N. A: Dobroliubov:

> Ó analizar atentamente as nosas cancións, contos, etc. non se pode deixar de notar que neles o pobo creou un modo particular de expresión que se mantén con máis ou menos vitalidade. Aquí atopamos xiros e frases que parecen convencionais e que neste contexto se empregan sempre da mesma maneira. En toda a vasta Rusia, as fórmulas fixas e herdadas transmítense de xeración en xeración, e os rusos seguen estrictamente o principio de que "non se pode quitar nin poñer" (Добролюбов, 1961: 81-81).

Estas "fórmulas herdadas" das que fala N. A. Dobroliubov fóronse creando e pulindo durante séculos e pasaron pola "edición estereotipada da antigüidade" en moitas

Oblómovkas[518] rusas antes de que apareceran nas recompilacións académicas de folclore ou nas obras artísticas.

A literatura oral popular está totalmente inzada de fórmulas fixas, xiros e combinacións estereotipadas. Parécense ás pedras multicolores coas que se compón o mosaico do folclore enteiro. Precisamente esta comparación utilizouna N. G. Chernixevski ó caracteriza-la canción popular como «un mosaico feito cos fragmentos que se repiten constantemente noutras cancións» (Чернышевский, 1949: 307). Estes fragmentos poden caracteriza-lo mosaico lingüístico dalgún xénero folclórico, se-lo seu claro trazo distintivo. Chega, coma tal, con pronuncia-la fórmula *жили-были vivían-eran* 'dunha vez era' para que calquera ruso se acorde dun conto; ou *гой еси se san* '¡saúde!' para que lle veña á idea unha *bilina*; ou *калина-малина lamagueiro-framboesa* ou *сад-огород xardín-horta* para que lembre unha cantiga, etc. Algúns xiros fixos empréganse en varios xéneros folclóricos aínda que tenden a usarse só nun deles:

хлеб-соль	*pan-sal* 'comida que se ofrece como agasallo ás visitas e hóspedes'
красная девица	*moza vermella* 'moza garrida'
кровь с молоком	*sangue e leite* 'san coma un buxo, forte coma un carballo'

As fórmulas fixas teñen distintas funcións, dependendo da súa posición na estructura da obra, do grao de estabilidade e de expresividade, da frecuencia de uso e da vixencia e brillantez da imaxe que lle serve de base.

Por exemplo, nos contos estas fórmulas funcionan como elementos estructurantes. Así, as fórmulas de inicio son unha especie de obertura do conto:

Жили-были дед да баба…	*Vivían-eran un avó e unha avoa...*
В некотором царстве, в некотором государстве…	*Nalgún reino, nalgún país...*

Ó escoitarmos ou lermos este inicio, involuntariamente sentímonos sosegados e invádenos a sensación de que a vida transcorre tranquilamente sen ningunha perturbación, "sen cataclismos nin tormentas". Precisamente sobre este fondo "sen acontecementos", de repente, sucede algo: un célebre e terrible tsar solteiro, de súpeto, matina en casar e manda que lle busquen unha noiva; un vello pai, que está morrendo, mándalles ós seus fillos facer garda durante tres noites ó lado da súa tumba; unha galiña pon un ovo, "pero non un ovo calquera, senón de ouro". A acción irrompe inesperadamente nesta situación de total inactividade, marcada por unha fórmula do conto. A contradicción entre "antes" e "despois" crea a reserva enerxética necesaria da narración.

[518] *Oblómovka* é unha aldea dos Oblómov, personaxes da xa citada novela de Goncharov (véxase nota 517). Aquí esta palabra utilízase co significado común de 'aldea'.

O narrador de contos necesita a fórmula inicial sobre todo para situa-lo oínte no tempo e no espacio. Esta función puramente pragmática orixina dous tipos básicos de fórmulas iniciais: «cronolóxicas» e «topográficas» (Рошияну, 1974: 18-53). Inclúense entre as típicas fórmulas de tempo rusas, por exemplo:

жили-были	*vivían-eran*
когда реки текли молочные, а берега были кисельные	*cando fluían ríos de leite entre beiras de kisel*

entre as de espacio [519]:

в некотором царстве, в некотором государстве	*nalgún reino, nalgún país*
за тридевять земель	*tras tres por nove terras*
в тридесятом царстве	*no reino tres por dez*

Dende logo, non todas chegan a formar parte do fondo fraseolóxico básico do ruso. Sen embargo, gracias á súa harmonía, estabilidade da súa estructura e forma, vinculación co xénero e fixación da súa posición no mesmo, frecuente repetición e coñecemento xeneralizado son, sen dúbida, «xiros estables dos contos» e, polo tanto, (fronte á opinión dalgúns investigadores – Хроленко, 1962: 7) inclúense entre as combinación fixas de palabras e non entre os xiros variables. Non é casual que xa nos antigos diccionarios eslavos orientais e nas recompilacións de refráns estas fórmulas se separaran como xiros especiais independentes. Así, o autor da recompilación de refráns e ditos ucraínos de finais do século XVII principios do XVIII, Climentii Zinovii, recolleu as seguintes:

Бувъ собѣ дедъ да баба	*Dunha vez eran un avó e unha avoa*
Ловися рыбко малая и велúкая	*Que se pesque o peixe grande e o pequeno*
И в казцѣ не сказати що он брѣдит	*Non se di en ningún conto que el estea mentindo*
Мерзни мерзни вовчии хвосте	*Conxélate, conxélate, rabo de lobo*[520]
По бородѣ текло в ротѣ ни бувало	*Fluía pola barba pero non estaba na boca*

etc.

(Скрипник, 1973: 181)

[519] En galego dise *Alá no cabo do mundo, Alá ó lonxe, En terras de lonxe /en longas terras, Para alá do sol posto, Alá onde o aire dá a volta, Na casa do demo máis vello, No quinto inferno, Nas quimbambas, Onde Cristo /demo deu as tres voces / Onde Cristo nunca puxo os pés, Alá onde Cristo perdeu os patucos.*

[520] Esta expresión procede dun conto popular: o raposo díxolle ó lobo que el pescara moito peixe metendo o rabo nunha fenda da capa de xeo que cubría o río. O lobo creuna e meteu alí o seu rabo que quedou conxelado. As palabras citadas son do raposo.

A carga expresiva destas combinacións e, polo tanto, a súa capacidade para se converteren en fraseoloxismos depende moito das propiedades lingüísticas concretas da fórmula, principalmente da súa imaxibilidade (*obraznost*). Á súa vez, a imaxibilidade (*obraznost*) está estreitamente relacionada coas peculiaridades do tipo de conto que "abre" a fórmula inicial.

4.2. *¿Dunha vez eran?*

A situación temporal nos distintos tipos de conto pode realizarse tanto por medio de distintos xiros metafóricos, como por medios non metafóricos. É de salientar que nos casos en que o narrador necesita darlle verosimilitude á narración evita as imaxes, a súa fala é estereotipada e material, concreta. Nos contos de moitos pobos a "introducción na acción" realízase mediante o emprego dos verbos *быть* 'ser' ou *жить* 'vivir', ou incluso, como no ruso *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran', mediante a súa combinación nun todo. O. B. Tkachenko, que dedicou a esta fórmula unha voluminosa monografía (Ткаченко, 1979), amosou dunha maneira convincente que esta fórmula simple ten unhas raíces moi profundas.

O xiro ruso *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' interpretábase na filoloxía rusa tradicional, ante todo, dende un punto de vista puramente gramatical. Esta interpretación propúxoa F. I. Buslaev no ano 1858. El deuse conta de que na lingua antiga rusa, ata o século XVIII, aínda se empregaban dúas fórmulas do chamado pasado descritivo: unha co verbo copulativo *быть* 'ser' en presente (*еси дал es dado* 'deches') e a outra co verbo copulativo en pasado (*был дал eras dado* 'deches'). O científico considera serodia a segunda fórmula porque aquí, polo visto, xa se reduciu a primitiva e máis extensa *дал был есми* 'dei', *дал был есть* 'deches', etc. Inclúe o inicio dos contos *жил был vivía-era* 'dunha vez era', *жили были vivían-eran* 'dunha vez eran' precisamente entre estas fórmulas (Буслаев, 1858: 148-149).

O significado gramatical deste "tempo pasado hai moito", segundo a opinión de moitos seguidores de F. I. Buslaev (A. A Potebnia, A. I. Sobolevski, E. F. Budde, V. I. Borkovski e P. S. Kuznetsov), é a indicación do pasado remoto. Polo tanto, *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' é semellante ó pluscuamperecto divulgado nas linguas europeas (compárese (inglés) *He had left when I arrived*, (francés) *Il avait pris congé quand je suis arrivée* - 'El marchara cando cheguei'), que designa unha acción que precede a outra acción ou a outro momento no pasado. Non é casual que os gramáticos modernos traduzan a frase dos contos *жили-были дед да баба* da lingua "de pluscuamperfecto" ó ruso moderno da seguinte maneira: «Nun tempo moi remoto, que agora non se pode precisar, eran un avó e unha avoa» (Колесов, 1976: 25).

Podía parecer que esta explicación gramatical do inicio dos contos concorda totalmente coa "realidade narrativa" deste xénero folclórico, xa que *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' se refire precisamente á existencia dos heroes naqueles tempos remotos en que a acción do conto aínda non empezara e reinaba "a paz, a quietude e a gracia divina",

segundo di outra fórmula folclórica.

Sen embargo, a famosa folclorista e lexicóloga rusa A. P. Evguénieva dubidou desta interpretación, presentando unha serie de argumentos:

> Hai restos da forma composta do pluscuamperfecto nos dialectos e no folclore, pero a combinación *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' no inicio do conto non ten nada que ver co pluscuamperfecto. Ó coincidir na súa forma coa hipotética formación do singular e do plural do pluscuamperfecto do verbo *жить* 'vivir', a combinación *жил-был vivía-era* 'dunha vez era' no inicio do conto formouse doutra maneira, é un homónimo da forma de pluscuamperfecto e non pode ser deducida da forma petrificada do pasado composto. Só facendo unha análise formal dos dous verbos que aparecen xuntos neste xiro, sen analiza-lo seu significado nin o seu papel sintáctico, podíase supoñer que neste caso estamos ante un pasado composto, mentres que a combinación *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' non se distingue en nada doutras combinacións sinónimas que se encontran a miúdo no folclore:
>
> | | |
> |---|---|
> | *глядели-смотрели* | *miraban-observaban* 'miraban' |
> | *выходила-выбегала* | *saía-corría* 'saía' |
> | *журят-бранят* | *reprenden-rifan* 'rifan' |
> | *опочивали-спали*[521] | *durmían-durmían* 'durmían' |
>
> etc.
>
> (Евгеньева, 1951: 174)

Como vemos, a causa destas dúbidas é a presencia nos textos folclóricos de formacións verbais dobres próximas funcionalmente.

Precisamente esta dúbida levou a que O. B. Tkachenko fixese unha minuciosa análise lingüística dos inicios dos contos en moitas linguas, especialmente nas ugro-finesas, dende Altai ata a Chaira do Danubio Medio, incluíndo linguas tan raras e pouco estudiadas como o voto, ingrio, livonio, meschero, saamo, murome ou meriano. Tivo que ler e estudia-la literatura de moitas linguas (case 90) indoeuropeas, ugro-finesas e caucásicas, estendidas polo territorio de Europa e Asia, nas que se conservaron algúns fragmentos ou análogos do xiro *жил-был vivía-era* 'dunha vez era'.

Resultou que este tipo de inicio non é característico da maioría das linguas eslavas, na maior parte das cales se conservou ata hai pouco o pluscuamperfecto. Case non se atopan contos con *жил-был vivía-era* 'dunha vez era' entre os bielorrusos e ucraínos, os "parentes" máis próximos dos rusos. É máis, en Rusia este inicio concéntrase sobre todo nunha zona especial que é o núcleo do estado ruso, nas rexións actuais de Moscova, Riazán, Iaroslavl e Tver (Kalinin). Para o historiador, o folclorista, o etnógrafo e o lingüista, esta localización exacta é moi significativa. En primeiro lugar, é a zona de formación da nación rusa. En segundo lugar, precisamente nestas rexións tivo lugar

[521] Os dous verbos teñen o mesmo significado, pero o primeiro é arcaico e o segundo utilízase na lingua contemporánea.

despois da invasión mongola unha mestura activa dos pobos ugro-fineses (meria, ves, mordva, etc.) cos eslavos orientais. Non cabe dúbida de que o bilingüismo masivo, característico de tal mestura, tiña que deixar unhas profundas pegadas na lingua rusa.

Segundo a hipótese de O. B. Tkachenko, unha destas pegadas é o inicio do conto *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran'. Nas linguas ugro-finesas está moi estendida unha construcción semellante común para todas elas **elä (-) - wole (-)*. Encóntrase non só no inicio, senón tamén noutras partes dos textos folclóricos e non folclóricos. É o chamado verbo bimembre que significa 'vivir-ser'. Realmente está próximo a combinacións folclóricas como ás que aludía A. P. Evguénieva: pois o verbo *жить* 'vivir' aquí é case sinónimo do verbo *быть* 'existir, ser'. Así:

глядели-смотрели	*miraban-observaban* 'miraban'
выходила-выбегала	*saía-corría* 'saía'
журят-бранят	*reprenden-rifan* 'rifan'

Segundo a hipótese de O. B. Tkachehko, a fórmula rusa *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' é un préstamo dunha lingua ugro-finesa, en concreto do meriano, que foi asimilado paulatinamente polo ruso pero divulgado outrora precisamente no territorio da Rusia central.

A hipótese de O. B. Tkachenko explica de maneira bastante convincente o carácter específico da forma "duplicada" do inicio ruso. En realidade, en moitos pobos (¡pero non nos ugro-fineses!) estas fórmulas compóñense, ou ben do verbo *быть* 'ser', ou ben do verbo *жить* 'vivir', que se unen moi raras veces. Así, os contos checos, serbios, polacos, eslavos occidentais e setentrionais a miúdo empezan coa fórmula: *Era un rei..., Era un tsar..., Eran un lobo e un can...*

Noutras linguas eslavas, por exemplo, no eslovaco, prefírese o inicio co verbo *жить* 'vivir':

Жили себе трое братьев...	*Vivían tres irmáns...*
В незапамятные времена жил один богатый и сильный король...	*En tempos inmemoriais vivía un rei rico e forte...*

No marco da mesma lingua a miúdo os verbos *жить* 'vivir' ou *быть* 'ser' poden intercambiarse sen formar normalmente unha construcción única. Así, no ucraíno son posibles os inicios:

Був собі дід да баба	*Éranse o avó e a avoa*
Був собі чоловік та жінка	*Éranse un home e unha muller*
Жив собі дід та баба	*Vivían un avó e unha avoa*
Жила вдова..	*Vivía unha viúva...*

Algunhas linguas non eslavas presentan unha situación análoga.

Os narradores de contos de Romanía empezan as súas narracións co verbo *быть* ‘ser’:

Было однажды…	*Dunha vez era...*
Было однажды два человека…	*Dunha vez eran dúas persoas...*

Pero, ó mesmo tempo, poden substituír este verbo pola palabra *жить* ‘vivir’ sen permitila unión dos verbos:

Жил человек…	*Vivía un home...*
Жила бедная вдова…	*Vivía unha viúva pobre...*

(Рошияну, 1974: 19).

Noutros pobos o emprego de verbos semellantes pode cristalizar en construccións peculiares do tipo (inglés) *Once upon a time there lived...* (literalmente: *Nun tempo vivía...*).

Pero calquera destas será traducida polo traductor ruso mediante a nosa *жили-были vivían-eran* ‘dunha vez eran’, que realmente lle dá á narración un aire de conto. A. Liubárskaia traduce o inicio dun conto noruegués sobre un pícaro da seguinte maneira:

> *Vivía-era* [dunha vez era] un pícaro. Non facía máis que raposear, ser un arteiro, enganar, facer astucias, *botarlles po ós ollos* [cegar con razóns falsas] a uns, *levar ó redor do dedo* [armárlle-la gaiola] a outros, *levar polo nariz* [tomárlle-lo pelo] a outros, é dicir, non deixaba en paz a ninguén. (Asbjörnsen P. C., *Ó oriente do sol, ó occidente da lúa: Contos e lendas norueguesas,* Petrozavodsk, 1972, páx. 126).[522]

E o relato noruegués sobre o estafador enxeñoso chega a ser case un conto popular ruso, polo menos, no tecido lingüístico en que está bordado o argumento do conto, gracias á fórmula:

жили-были	*vivían-eran* ‘dunha vez eran’

e ós fraseoloxismos

пускать пыль в глаза	*botar po ós ollos* ‘cegar con razóns falsas’
обводить вокруг пальца	*levar ó redor do dedo* ‘armarlle a gaiola a alguén’
водить за нос	*levar polo nariz* ‘tomarlle o pelo a alguén’

En fin, a enxebre *жили-были vivían-eran* ‘dunha vez eran’ formouse como resultado da interacción dos folclores ruso e meriano. Chegou a se-la fórmula predilecta de inicio dos nosos contos, porque é rítmica, melódica e, polo tanto, un pouco máis expresiva cá

[522] “Жил-был Плут. Он только и делал, что плутовал, хитрил, обманывал, лукавил, одним пускал пыль в глаза, других обводил вокруг пальца, третьих водил за нос, словом, никому не давал покоя”.(Асбьернсен П. К. *На восток от солнца, на запад от луны: Норвежские сказки и предания* Петрозаводск, 1972, С.126).

simple *жили vivían* ou *были eran*. E as obras folclóricas tenden especialmente a empregar palabras con estas propiedades.

Xunto coa diferencia lingüística dos simples *жили vivían* ou *были eran* dos contos doutros pobos, o xiro ruso conserva a función principal da fórmula inicial: fai consta-la existencia dos heroes, sitúa os heroes e os acontecementos fantásticos no tempo e, finalmente, subliña a autenticidade e a veracidade de todo o que se conte. Estaredes de acordo en que para unha expresión tan curtiña *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' é unha carga semántica grande.

4.3. O cangrexo que asubía, o bairam ruso e o galo que pon ovos

Hai contos nos que o mesmo narrador subliña o carácter dubidoso, fantástico e inventado da súa narración. Neste caso a fórmula inicial chega a ser un "acorde" cronolóxico aínda máis importante do conto: sitúa o oínte nun plano "máxico" e nega o que afirman outros elementos do narrado. A forza negativa desta marca créase, por regra xeral, a base de imaxes brillantes e irónicas en moitos aspectos.

Velaquí, por exemplo, a colección de inicios de contos deste tipo que N. Rosijanu recolleu nas recompilacións folclóricas (Рошияну, 1974: 23-25):

Когда блохи ходили на богомолье	*Cando as pulgas ían en peregrinación*
Когда мыши кошек ели	*Cando as ratos comían os gatos*
Когда яйца варили во льду	*Cando cocían os ovos no xeo*
Когда груши росли на тополях, а фиалки на ракитах	*Cando os álamos daban peras e os salgueiros violetas*
Когда ивы давали плоды	*Cando os salgueiros daban froitos*
Когда петух высиживал птенцов	*Cando o galo chocaba os ovos*
Когда реки были молочные, а берега из мамалыги	*Cando os ríos eran de leite e as beiras de mamaliga*[523]...

As imaxes e as situacións intencionadamente incribles trasladan o tempo da acción do conto a "nunca" ou a "hai moito tempo, tanto que tal cousa non puido pasar". O significado 'nunca' xorde precisamente da inversión das relacións reais características da vida cotiá: os peixes non viven na terra, os ratos non comen os gatos, o galo non choca os ovos. No inicio, onde se produce a inversión, todo está ó revés e, por iso, é expresivo, metafórico e insólito.

[523] Papas de millo.

Esta é a maneira predilecta de caracteriza-las relacións temporais en moitos xéneros folclóricos. O famoso folclorista soviético P. G. Bogatiriov denominouna "fórmula do imposible" e definiuna como "oxímoron en acción" (Богатырев, 1962: 362). Esta fórmula atópase nos refráns e ditos, nos contos e nas *bilinas*, na canción e no drama popular, nos conxuros e nas adiviñas. Evidentemente, en cada un destes xéneros ten unha función estética e un carácter artístico específico.

A dici-la verdade, a fórmula do imposible é un dito irónico e humorístico e, polo tanto, unha típica variedade da fraseoloxía popular: pois nela son características tanto a formación separada, como a unión semántica (neste caso reducida ó significado 'nunca') e a expresividade orixinada pola imaxe inverosímil. Por iso, no fondo fraseolóxico de moitos pobos abundan as expresións deste tipo. Así, só na fraseoloxía búlgara pódense atopar máis de 50 xiros deste tipo. A pesar do seu gran número, son moi compactos pola súa forma e polo seu contido e redúcense a cinco modelos semántico-estructurais básicos [524]:

1. 'Cando algo creza alí onde nunca crece':

когато ми поникнат на длана космИ	*cando medren os pelos na miña palma* 'nunca'
когато върбата роди грозде	*cando o salgueiro dea uvas* 'nunca'

etc.

2. 'Cando alguén que é totalmente inadecuado para unha actividade empece a dedicarse a ela ou se converta na persoa que se dedica a ela':

когато направят калугерка	*котката*	*cando a gata se volva monxa* 'nunca'

[524] En galego non se atopan exemplos do tipo 3 nin do 4 pero, en compensación atopamos outros dous conceptos distintos do búlgaro. Exemplos do primeiro tipo son *cando a ra críe/teña pelos; cando o amieiro der cortiza; cando o samieiro der baga; cando a sobreira e o loureiro deren cortiza; cando os carballos dean uvas; cando o trobisco dea uvas; cando os toxos boten uvas; cando as maceiras dean peras, e as pereiras, uvas; cando as galiñas teñan dentes.* Exemplos do segundo tipo son *cando eu diga misa; cando o coello sexa abade; cando o raposo sexa frade; cando os homes teñan fillos, cando estean os paxaros preñados; cando o raposo deixe de roubar galiñas; cando mexen as galiñas, cando as pitas mexen, cando a galiña queira mexar*. Exemplos do quinto tipo son *Para a semana dos nove días; para a semana dos dous xoves; a semana que non trae xoves; día de san Nunca á tarde; o trinta de febreiro*. Pero o galego dispón aínda doutros dous tipos. Un deles é cando algo inanimado faga algo imposible: *cando san Xoán baixe o dedo* (alusivo ás imaxes de san Xoán que lle indican a María onde vai o seu fillo Xesús)*; cando o río corra arriba; cando a auga vaia para riba; cando a cortiza vaia ó fondo; cando o mar non tiver auga; cando as pedras deren gritos; cando as formigas pisen forte; a noite en que a lúa apareza con dezasete cornos.* O outro grupo galego está formado por un pasado ou un futuro tan remoto que vén sendo un 'nunca'; así, do pasado, temos *Cando o diñeiro era de coiro* (curiosamente *pecunia* ´diñeiro' deriva de *pecus* 'gando' e na sociedade romana o primeiro patrón monetario debeu de se-lo gando e a primeira moeda romana foi un lingote de prata no que ía gravada a efixie dunha vaca); e do futuro moi lonxano temos: *cando o sol pare de andar; un día que amañeza despacio; o ano en que Xesucristo volva ó mundo, o día do Xuízo Final pola tarde (que pola mañá non dá tempo).* Para un pasado mítico temos *cando os lobos e as ovellas falaban; alá cando os animais falaban.* E, máis vagamente, *Alá non sei cando.*

когато влезе свинка в джамия	*cando o porco entre na mezquita* 'nunca'

etc.

3. 'Cando alguén resucite ou despois da morte da persoa de quen se fala':

когато се върне баща ми од гроба	*cando meu pai volva da tumba* 'nunca'
когато ми закука кукувица на гроба	*cando o cuco cante na miña tumba* 'nunca'

etc.

4. 'Cando alguén poida ve-la parte do seu corpo que non pode ver':

когато си видя ушите без огледало	*cando un poida ve-las súas orellas sen espello* 'nunca'
когато си видя тила	*cando un poida ve-la súa caluga* 'nunca'

etc.

5. 'O día que nunca poderá chegar ou que se celebra unha festa "pouco seria", "non sagrada":

на конския Великден	*para a pascua de cabalos* 'nunca'
когато дойде четвъртък подир петък	*cando o xoves veña despois do venres* 'nunca'

etc.

(Мокиенко, 1983)

Ó abri-lo diccionario de sinónimos da lingua rusa, pódese ver facilmente que as motivacións típicas das expresións populares búlgaras co significado 'nunca' relaciónanse perfectamente coa fraseoloxía rusa sobre este tema:

на турецкую пасху	*para a pascua turca* 'nunca'
на русский байрам	*para o bairam ruso* 'nunca'
на морковкино заговенье	*para a véspera da coresma da cenoria* 'nunca'
после дождичка в четверг	*o xoves despois da chuvia* 'nunca'
когда рак на горе свистнет, а рыба запоет	*cando o cangrexo asubíe na montaña e o peixe cante* 'nunca'

A dici-la verdade, nalgunhas destas expresións non se descifran en seguida o oxímoron e a "imposibilidade", senón que esixen un comentario etimolóxico especial.

Así, para entende-lo sentido da expresión humorística *на морковкино заговенье para a véspera da coresma da cenoria*, hai que saber que a véspera da coresma para os cristiáns é o último día antes do xexún en que se lles permite ós crentes comer carne e leite. É natural que calquera aproveitara ó máximo esta última posibilidade antes do xexún, o que converte a unión da véspera da coresma coa cenoria "de xexún" nunha fórmula do imposible no sentido literal deste termo folclórico.

Da mesma maneira, a imposibilidade da *турецкая пасха pascua turca* explícase polo feito xa coñecido de que a pascua é a festa cristiá máis importante, na que se celebra a resurrección milagrosa de Xesucristo e, por iso, esta festa é imposible entre os musulmáns.

Á súa vez, *русский байрам o bairam ruso* é inverosímil porque esta festa relixiosa (*уруз-байрам* 'festa da fin do xexún') é característica só do calendario musulmán.

Xa vimos que a expresión *после дождичка в четверг o día despois da chuvia* 'a semana que non trae xoves' oculta en si unha motivación mitolóxica moi antiga relacionada co culto a Perún, o deus do trono.

Naturalmente, estes xiros humorísticos que "irromperon" na lingua literaria son só anacos do mosaico multicolor do cadro sinonímico do significado 'nunca' que adorna a fala viva rusa. Velaquí unha pequena parte dos ditos recollidos nas recompilacións do folclore, nos diccionarios e nos ficheiros:

после праздника в четверг	*o xoves despois da festa* 'nunca'
в понедельник после середы	*o luns despois do mércores* 'nunca'
на калмышкий заговень	*para a véspera da coresma dos kalmikios*[525] 'nunca'
до пушкинского заговенья (Irkutsk)	*ata a véspera da coresma de Puxkin* 'nunca'
после русáлкиного (русáльского) загванья (falas provinciais rusas de Mordovia)	*despois da véspera da coresma da serea* 'nunca'
в марьтобре	*en martobria*[526] 'nunca'
на тот год об эту пору, не доходя две недели в сторону (Os Urais)	*o ano seguinte por esta época pero dúas semanas antes* 'nunca'
на то лето, не на это	*outro verán e non este* 'nunca'
на тот год, когда черт умрет	*o ano en que morra o demo* 'nunca'

Nestes xiros a característica "temporal" sublíñase co léxico correspondente, aínda que se

[525] É unha das nacións de relixión musulmana que vive no territorio ruso.
[526] Nome dun mes inventado e formado a partir das partes das palabra que significan 'marzo' e 'outubro'.

anula en seguida case sempre pola contradicción interior dos conceptos temporais e os modificadores que os acompañan. Así, é absurdo *русалкино заговенье a véspera da coresma da serea*, que é a imaxe que serviu de base do xiro dialectal recollido nas falas provinciais rusas de Mordovia: *заговенье* 'véspera da coresma', como vimos, é un elemento do calendario cristiá e *русалки* 'as sereas' así como outras forzas do mal, son un atributo evidente do paganismo. A mesma contradicción é a base da expresión recollida por V. I. Dal: *когда черт крестился cando o demo se bautizou* que tamén significa 'nunca'.

Os xiros nos que a fórmula do imposible está expresada metaforicamente con vivas imaxes pintorescas chegaron a ser unha páxina especialmente brillante da fraseoloxía popular rusa con este significado. Habitualmente son froito do pícaro humor popular que amasa a invención salgada coa eslamiada realidade cotiá:

когда лысые покудрявеют	*cando se lles rice o pelo ós calvos* 'nunca'
когда плешак покудрявеет	*cando o calvo teña rizos* 'nunca'
как курица запоет по-петушиному	*en canto a galiña cante coma o galo* 'nunca'
когда сорока побелеет	*cando a pega se volva branca* 'nunca'
когда свиньи будут с поля шагом идти	*cando os porcos marchen andando só con dous pés do campo* 'nunca'
когда мерин окобылеет	*cando o cabalo castrado se volva egua* 'nunca'
когда петух яйцо снесет	*cando o galo poña un ovo* 'nunca'
etc.	

Precisamente dentro destes xiros xurdiu unha broma fraseolóxica coñecida por todos *когда рак на горе свистнет, а рыба запоет cando o cangrexo asubíe na montaña e o peixe cante*, que despois pasou á lingua literaria. Ás veces, estes xiros ensártanse uns noutros, gracias ó cal a expresividade da fórmula do imposible chega a ser especialmente viva. O etnógrafo e recompilador do folclore de Smolensk, V. N. Dobrovolski, por exemplo, anotou a principios deste século na aldea Inkovo do uezd Porecheski a seguinte resposta a un xuramento:

> Ti matarasme cos teus conxuros, ti farasme mal cando cónte-las estrelas do ceo e as follas da árbore, cando bebas tres mares de auga, cando contes dúas montañas de area.[527] (Добр., 38).

[527]"Тады ты мине свиридуеш, тады ты мене счирядуиш - када пирищитаиш на неби звезды, на древи лист, выпьиш три моря воды, пирищитаиш две гары пяску".

É curioso que neste aspecto o folclore se relacione coa tradición escrita, onde se ensartan as fórmulas do imposible dende hai moito tempo.

No magnífico monumento da antiga lingua rusa dos séculos XII-XIII *Oración de Daniil Zatóchnik*[528] pódense atopar, por exemplo, moitas destas expresións. Daniil valora a posibilidade de ensinarlle algo ó "home sen razón", é dicir, ó parvo:

> "Cando o carboeiro voe coma a águia, as pedras aboien na auga, cando o porco lle ladre ó esquío, daquela o que non tiña razón terá razón".[529] (ЛФМ, 17, 88).

Tales fórmulas atópanse noutras fontes antigas:

егда камень начнет плавати, а хмель грязнуть	*cando a pedra empece a aboiar e o lúpulo a mergullar* 'nunca'
егда произничет рогоз без воды	*cando o xunco medre sen auga* 'nunca'

Nas formas orais do folclore e nos textos escritos estes xiros desempeñan o papel de miniaturas irónicas e humorísticas introducidas dentro do marco dun todo artístico. Estas miniaturas son completas tanto por si mesmas, como nas relacións co texto máis grande.

Esta peculiaridade da fórmula do imposible explica a súa presencia en case tódolos xéneros folclóricos, como observou P. G. Bogatiriov. "A evolución" máis natural dos ditos que significan 'nunca' é o refrán. Basta con terminar sintacticamente a imaxe na que se basea a fórmula do imposible, engadirlle unha "moralidade", algún matiz didáctico, e o refrán está feito. Así xorden os refráns rusos:

Не петь куре петухом, не владеть бабе мужиком	*A galiña non cantará coma o galo e a muller non dominará o home* [530]
Не бывать плешивому кудрявым, курице – петухом, а бабе – мужиком	*O calvo non terá rizos, a galiña non se volverá galo e a muller non se volverá home*
Пока черные пятнышки с ушей зайца не сойдут, бабам над мужиками не суживат	*Ata que desaparezan as manchas negras das orellas da lebre, as mulleres non poderán xulga-los homes*
Сорока еще не побелела; когда побелеет вся, тогда и бабий верх будет	*A pega aínda non está totalmente branca, en canto se volva toda branca entón as mulleres gañarán*

[528] *Моление Даниила Заточника.*

[529] "Коли пожреть синиця орла, коли камение в(ъ)сплавлет по водѣ, коли свиниа на бѣлку лаяти, тогда безумный уму научится".

[530] En galego hai varios deste tipo. Sirva de exemplo *A galiña que canta ó maitín e a muller que fala latín non teñen boa fin*. Lémbrese, sen embargo, que na Galicia tradicional que a galiña cantase coma o galo tíñase como agoiro de morte.

(Иллюстров, 1910: 119)

Como vemos, a afirmación do refrán (¡que nos nosos días é completamente arcaica!) do total e eterno dominio do home sobre a muller constrúese na súa totalidade cos mesmos xiros que acabamos de analizar como miniaturas fraseolóxicas independentes.

Bastantes fórmulas realmente "viaxan" dun xénero a outro creando o particular clima fraseolóxico da "imposibilidade".

Velaquí unha das expresións máis frecuentes da idea da imposibilidade no folclore ruso e eslavo: a area que brota coma a semente, pero non na terra senón na pedra. No diccionario de V. I. Dal esta expresión recóllese tres veces en forma de:

когда песок по камню взойдет	*cando a area agrome na pedra* 'nunca'
когда наш песок взойдет	*cando a nosa area agrome* 'nunca'

Neste diccionario encóntrase tamén a forma "positiva" desta imaxe *сей песок по камню sementa a area na pedra* que, polo visto, ten o significado figurado de 'fai algo que é inútil a ciencia certa' (Даль, II, 80; III, 103).

Esta mesma imaxe únese organicamente cos textos das cantigas populares. Naturalmente, neste caso tamén describe moi exactamente o tempo de realización (máis ben de non realización) da acción. Así, nunha das cantigas recollidas por P. V. Kireevski, as irmás pregúntanlle ó soldado cando volverá e el responde:

¡Miñas queridas irmás!
Ide ó mar azul,
collede a area amarela,
Sementádea no xardín do papá,
Cando a area agrome e medre [nunca]
Entón estarei de volta convosco, irmás.[531]
(Кир. Нов., II, N 1775).

Esta resposta, como pasa a miúdo no folclore, é un tipo de agoiro, de anticipación do que sucede ó final da obra: as irmás atopan o seu irmán morto. A area non agromou na pedra, pero da "semente" da fórmula do imposible medrou en realidade toda a narración.
Noutra cantiga, recollida tamén por P. V. Kireevski, esta fórmula emprégase nunha situación semellante como resposta á pregunta de cando volverá o soldado á casa paterna.

Cando a area agrome na pedra [nunca], /Daquela o teu fillo volverá do servicio militar.[532] (Кир. Нов., II, N 1657).

Vemos como a fórmula do imposible no xénero das cantigas vai variando, complicándose e engádenselle novos elementos. Pero o máis importante é que a imaxe

[531] "Уж вы, сестры мои, вы родимые! /Вы подите-тка на сине море, /Вы возьмите-тка песку желтого /Да посейте-тка в саду батюшки; /Да когда песок взойдет-вырастет, /Я тогда ж, сестры, к вам назад буду".
[532] "Да когда песок с камня сойдет, /Тогда твой сын с службы придет".

que encerra o dito vai medrando, creando un lenzo artístico completo. Non é unha simple area, senón a "amarela" collida de moi lonxe, da mesma costa do "azulado mar". Isto é tamén o cadro da sementeira con esta area no xardín do seu pai. En fin, aquí está presente o enriquecemento rítmico da estructura dos compoñentes da fórmula segundo os canons do xénero das cancións: a area non vai *agromar взойдет* simplemente, senón que vai *agromar e medrar взойдет-вырастет*.

Non se pode deixar de subliñar unha peculiaridade tan importante da fórmula como o humorismo que nace do absurdo da situación designada por ela. Non é casual que, incluso nun xénero folclórico tan "serio" como a *bilina* ou a canción histórica, a conexión da fórmula do imposible cree unha boa broma popular. Entón, a narración épica, elevada ata o nivel da traxedia, convértese nunha farsa enxeñosa. Velaquí unha das parodias da "verdadeira" *bilina* creada coa axuda da fórmula do imposible.

E aquela moza de xeo estivo sentada coma unha princesa
Ata o día de san Pedro e despois derreteuse.
E desapareceu o gobernador da cidade,
E as cuñadas pelexáronse,
E loitaron con armas femininas,
E as súas armas eran moi débiles:
As pas servíanlles de lanzas,
E as pancas para leva-los caldeiros de auga facían de arcos tensos,
E os fusos servíanlles de frechas candentes.
E capturaron aquelas papas desgraciadas,
E o *xi* acedo andou pola beira do río.
E pola noite vin unha marabilla aínda máis marabillosa:
Debaixo dun abeto a vaca ladráballe ó esquío...
Pero iso, amigos, non é unha marabilla asombrosa,
Que eu aínda vin outra máis marabillosa:
No mar azul aboian as moas...[533]

(Былины, 1957, С. 441-442).

Aquí, en realidade, todo é imposible empezando pola cronoloxía, pois o día de san Pedro (29 de xuño, segundo o calendario xuliano) non pode haber xeo, as moas non poden flotar no mar, nin a vaca ladrarlle ó esquío. Aínda que sexa posible a batalla entre as mulleres con "armas tan débiles" como pancas para leva-los caldeiros de auga, fusos e pas, sen embargo, a equiparación destas armas cos arcos, frechas e lanzas refuta totalmente esta posibilidade teórica. É dicir, temos diante algo parecido á famosa parodia da *Ilíada* do antigo grego, o poema *A guerra entre os ratos e as ras* (século V a. C.), onde as ras conseguen vence-los ratos coa axuda de Zeus, que manda cangrexos contra eles para que lles corten os rabos e as patas e así fanos fuxir.

[533] "И да сидела-то лединушка что княгинею, /До Петрова дни сидела да растаяла. /И не стало у нас в городе как управителя. /А невестки ти с золовушками в раздор пошли, /А они билися-дралися орудею женскою, /И орудия у них была очень слабая: /А дралися - у их корья были лопаточки, /А туги ти луки - коромысла всё, /А каленые стрелочки - веретёшечка. /И они кашу ту горюху обневолили, /И у их кислы ти шти да по заречью шли. /А я видел вечор чудышко чудней того: /И ведь под елью корова-то белку лаяла... /Еще это, братцы, чудышко-то не дивное, /Уж я видел как чудышко чудней того: /А по синему ту ведь морюшку жернова несет...".

O principio paródico da imposibilidade, polo tanto, non é menos antigo cá epopeia consagrada pola tradición. Non son menos antigas as fórmulas do imposible no folclore de tódolos pobos.

Esta fórmula, ademais de funcionar no folclore, pódese utilizar cunha finalidade práctica. Por exemplo, nos ritos rusos de cría do gando, para preserva-lo gando da epizootia, practicaban a "labranza arredor", ou a "expulsión da Morte das Vacas": daban unha volta arredor da aldea e abrían un rego cun arado do que tiraba a xente. Nalgunhas aldeas, ó mesmo tempo, sementaban area (Журавлев, 1982: 19). Polo visto, este ritual, así como moitos outros, medrou a partir da "maxia da palabra". Aquí a fórmula do imposible orixinou outra acción que debía, segundo a crenza, previ-la morte do gando. O significado 'nunca', propio desta fórmula, neste caso desenvólvese nunha cadea de asociacións máxicas: da mesma maneira que a area nunca agromará neste campo, que o noso gando n u n c a sexa víctima da Morte de Vaca.

Segundo as observacións de P. G. Bogaritiov, precisamente debido a súa capacidade de ser interpretada nun sentido máxico, a fórmula do imposible a miúdo pasa a formar parte dos conxuros. Así, nun conxuro ruso contra as balas, coa axuda desta fórmula suxírese que a bala será capaz de facerlle dano ó esconxurado só cando sexan violadas as leis da natureza:

Как от кочета нет яйца, так от ружья нет стрелянья	*Así como non hai ovo de galo, tampoco hai fogo de fusil*

(Майков, 1869: 145).

É curioso que a crenza na pecaminosidade excepcional da violación de semellantes leis, na súa época, costáballe a vida non só ó galo, senón tamén ó seu dono. En 1474 na cidade de Basilea tivo lugar un acontecemento incrible que encheu de pánico e terror a tódolos habitantes: un galo puxo un ovo na rúa. En seguida o mataron no mercado da cidade máis próximo e, ó mesmo tempo, queimaron o dono do galiñeiro por bruxo (Островский, 1969: 67). Só moito máis tarde, co desenvolvemento da bioloxía, viuse claramente que este fenómeno tiña unha explicación totalmente materialista: a culpa de todo tíñana as hormonas que se burlaron do galo. Quen sabe cántas traxedias semellantes trouxeron as fórmulas do imposible materializadas e interpretadas maxicamente, as fórmulas que agora percibimos simplemente como bromas inofensivas e divertidas sobre os galos que poñen ovos, sobre a area sementada no campo e sobre os calvos con rizos.

4.4. Os ríos de leite, as perdices asadas e o tsar Gorogh

Agora que xa nos convencemos do carácter internacional da fórmula do imposible, volvamos ó seu emprego nos contos. Xa vimos que esta fórmula presenta moitísimas formas de expresión e unha chea de variacións. Velaquí algúns dos inicios típicos deste tipo:

Cando as galiñas tiñan dentes (conto francés)

> *Cando os porcos bebían viño e os macacos mastigaban tabaco e as galiñas o picaban* (inglés)
>
> *Cando os galos eran oficiais* ou *Cando as galiñas eran intérpretes* (baxkiro)
>
> *Cando o trigo medraba no xeo* (tártaro)
>
> *Cando eu arrolaba a meu pai no berce* (turco)
>
> *Cando sementaban sandías nas costas do galo* (azerbaidjano), etc.
>
> (Рошияну, 1974: 28-31).

Ó atoparmos un material tan rico pero, ó mesmo tempo, tan uniforme, naturalmente un pregúntase: ¿como se explica esta uniformidade? ¿É unha consecuencia do intercambio folclórico dos distintos pobos, ten fontes xenéticas e espella un parentesco espiritual antigo ou non é máis ca un conxunto de coincidencias casuais?

Esta pregunta é unha das máis difíciles para a folclorística, etnografía e lingüística. A dificultade consiste precisamente en que as pegadas do universalismo dalgunhas fórmulas folclóricas ou imaxes pódense atopar en grandes espacios lingüísticos e, ás veces, un investigador experto "ten medo" de recoñece-lo seu parentesco. Aquí os detalles lingüísticos concretos en que se realiza un ou outro modelo folclórico teñen moita importancia.

Amosarémolo co exemplo dunha das famosas expresións rusas que forma parte da fórmula inicial do conto e doutras partes composicionais súas:

> *молочные реки и кисельные берега* — *ríos de leite e beiras de kisel* 'abundancia soñada por alguén, montes e moreas, o demo e a nai [534],

Agora esta expresión emprégase con máis frecuencia como símbolo fraseolóxico da vida libre e sen preocupacións e do benestar e prosperidade inagotable. Esta expresión habitualmente é de estilo baixo, sendo unha broma sobre a xente crédula que soña cunha vida sen traballo e tensión. Non é casual que precisamente *os ríos de mel e leite* sexan case o principal soño fantástico de Oblómov no fragmento citado no principio deste capítulo.

Este fraseoloxismo ten o mesmo matiz semántico "de Oblómov" na literatura e nos periódicos rusos e soviéticos:

> Disque alí se vive ben e con liberdade, que hai *ríos de leite*, oíches, *e as beiras son de kisel* [hai montes e moreas] e rouban sen pagar impostos nin dereitos. (M. E. Saltikov-Xedrín, *Os relatos inocentes*).
>
> O pequeno burgués alemán arruinado pola guerra e pola inflación estaba disposto a

[534] Non hai en galego fórmulas iniciais coma esa, pero si que se expresa a idea de abundancia tamén coa imaxe do río: *a ríos* 'en abundancia'; *gastar un río de ouro* 'gastar moito diñeiro'; *virlle algo a alguén polo río abaixo* 'chegarlle a alguén algo moi valioso inesperadamente e moi a xeito'.

> ir detrás de calquera que lle prometera *ríos de leite e beiras de kisel* [montes e moreas]. (A. N. Tolstoi, *¿Quen é Hitler e en que se empeña?*).
>
> En Dinamarca, segundo a nosa [dos criminais —**V.M.**] opinión, flúen *ríos de leite* [atan os cans con longanizas] e nas árbores medran barras de pan. (Ahto Levi, *Memorias do lobo gris*).[535]

Na canle da tradición literaria común emprega este xiro V. I. Lenin, que nas súas obras acentúa no aspecto social o matiz satírico da expresión:

> Seguide unha política que xa fora posta en práctica, confirmada pola experiencia, é dicir, a política de aproximación ó menchevismo *anti*liquidatorio[536], este é o noso lema. Velaquí a política que non promete *ríos de leite e beiras de kisel*, do que non se pode realizar nunha época de decadencia e descomposición da "paz universal", que en realidade leva adiante o proceso de aproximación das *correntes* durante o traballo, das correntes que representan *todo* o forte, san e viable que hai no movemento do *proletariado* (V. I. Lenin, *Sobre a nova fracción de conciliadores ou virtuosos*, Obras completas, t. 20, páx. 352).
>
> Pero cántas ideas se poden sacar de aquí para facer chistes e declarar: cando o voso partido non tiña poder, entón prometíalles ós obreiros *ríos de leite e beiras de kisel* [montes e moreas]; e cando esta xente chegou ó poder, entón sufriu a transformación habitual, empezaron a falar de estatística, de disciplina, de autodisciplina, de control, etc. (V. I. Lenin, *Informe sobre as tarefas vixentes do poder soviético*, Obras completas, t. 36, páx.263-264).
>
> Quen lles di ós campesiños que poden da-lo primeiro e o último paso ó mesmo tempo engana os *mujiks*. Esquece a gran loita entre os mesmos campesiños, a gran loita entre os pobres da aldea e os campesiños ricos. Por iso, os demócratas socialistas non lle prometen ó campesiño que vai ter en seguida *ríos de leite e beiras de kisel* [montes e moreas]. (V. I. Lenin, *Para os pobres da aldea*, Obras completas, t.7, páx. 189).
>
> ¡Campesiños! ¿Queredes acompañar unha vez máis á Duma os terratenentes "liberais"do estilo do cadete Lvov, que antes da Duma vos prometía *ríos de leite e beiras de kisel* [montes e moreas] e na Duma propuña unha valoración xusta das terras dos terratenentes a través dos funcionarios nomeados polo goberno dos terratenentes? (V. I Lenin, *Tarefas do partido obreiro e dos campesiños*, Obras completas, t. 14, páx. 212).[537]

---

[535]"Сказывают, как это там хорошо и привольно, реки-то, слышь, молочные, и берега-то кисельные, и воруют-то все безданно-беспошлинно". (М. Е. Салтыков-Щедрин, *Невинные рассказы*);
"Мелкий немецкий буржуа, разоренный войной и инфляцией, готов был идти за всяким, кто обещал ему молочные реки и кисельные берега". (А. Н. Толстой, *Кто такой Гитлер и чего он добивается?*);
"В Дании, по нашим [уголовников - В.М.] соображениям, текут молочные реки, а хлеб растет булками на деревьях". (Ахто Леви, *Записки Старого волка*).

[536] Unhas das fraccións do partido dos mencheviques.

[537] "Ведите испытанную на деле, подтвержденную опытом политику сближения с антиликвидаторским меньшевизмом, вот наш лозунг. Вот политика, которая не сулит молочных рек и кисельных берегов неосуществимого в эпоху распада и разложения "всеобщего мира", но которая двигает на деле вперед сближение на работе течений, представляющих все, что есть сильного, здорового, жизнеспособного в пролетарском движении" (В.И. Ленин. О новой фракции примиренцев или добродетельных. - Полн. собр. соч., т.20, с.352);
"Но как много из этого можно сделать материала для острот и заявить: когда ваша партия не была у

Como vemos, nas dúas últimas citas a expresión aparece nas obras de Lenin destinadas ós campesiños. Desta maneira o xiro volve ó seu propio ambiente, ó ambiente da fala popular. Nela coñécese amplamente moito antes da creación da lingua literaria rusa contemporánea. Nos contos rusos, bielorrusos e ucraínos os ríos de leite con beiras de *kisel* son símbolo dunha abundancia incrible. No conto *O tsar do mar e Basilisa Premudraia* (Moi sabia), por exemplo, Basilisa converte os cabalos do tsarevich que é perseguido polo tsar do mar nun río semellante. Este *бросился на кисель и сыту, ел-ел, пил-пил - до того, что лопнул* *caeu encima do kisel e hidromel e comía e bebía ata rebentar* (Аф., II, 176).

Noutro conto, unha nena vai busca-lo irmán que lle levaron os cisnes e chega ó río de leite con beiras de *kisel*. O río promete dicirlle onde está o seu irmán só coa condición de que ela «coma o seu *kisel* con leite».

A miúdo esta imaxe folclórica emprégase como símbolo de algo irrealizable e incrible. Non é casual que sirva de inicio no conto *O tsar Gorogh (Chícharo)* en que os ríos de leite con beiras de *kisel* se mencionan ó lado das perdices asadas que voan:

> Naqueles tempos remotos en que o mundo estaba cheo de *lexii*, bruxas e sereas, en que fluían os ríos de leite, as beiras eran de *kisel* e nos campos voaban as perdices asadas, naqueles tempos vivía o tsar que se chamaba Gorogh (Chícharo) coa súa tsarina Anastasia Prekrasnaia *a Bela*...[538] (Аф., I, 239).

Aínda máis significativo é o emprego deste xiro nun dos contos irreais:

> Nacín nin pequeno nin grande, mido tanto coma o burato dunha agulla ou coma o poste que se pon ó lado das portas. Fun ó monte para corta-la árbore máis forte: a ortiga. Deille unha vez e a árbore abaneou, deille outra vez e non se oíu nada, deille unha terceira vez e saíu un anaco que me bateu a min, ó bo mozo, na testa... Fun pola beira do río que non era nosa. O río era de leite e as beiras de *kisel*. Pois eu, o bo mozo, comín o *kisel* e engulín o leite ata fartarme... Fun pola beira do río que non era nosa. Había unha igrexa feita de empanadas, rematada con tortas e cuberta cunha filloa...[539] (Аф., III, 229).

власти, то она рабочим сулила молочные реки, кисельные берега, а когда оказались это люди у власти, тут обычное превращение, начинают говорить об учете, о дисциплине, о самодисциплине, о контроле и пр.". (В.И. Ленин. *Доклад об очередных задачах советской власти.* - Полн. собр. соч., т.36, с.263-264);

"Кто говорит крестьянам, что они сразу могут и первый и последний шаг сделать, тот обманывает мужика. Тот забывает о великой борьбе между самими крестьянами, о великой борьбе между деревенской беднотой и крестьянами-богатеями. Вот почему социал-демократы не сулят крестьянину сразу молочных рек и кисельных берегов". (В.И. Ленин. *К деревенской бедноте.* - Полн. собр. соч., т.7, с.189);

"Крестьяне! Хотите ли вы еще раз проводить в Думу "либеральных" помещиков, вроде кадета Львова, который перед Думой сулил вам молочные реки и кисельные берега, а в Думе предлагал справедливую оценку помещичьей земли через посредство назначенных помещичьим правительством чиновников?". (В. И. Ленин. *Задачи рабочей партии и крестьянство.* - Полн. собр. соч., т.14, с.212).

[538] "В то дальнее время, когда мир божий наполнен был лешими, ведьмами да русалками, когда реки текли молочными, берега были кисельными, а по полям летали жареные куропатки, в то время жил-был царь по имени Горох с царицею Анастасьей Прекрасною...".

[539] "Родился я ни мал, ни велик - всего-то с угольное ушко, не то с приворотную надолбу. Пошел я в лес, самое могучее дерево рубить - крапиву. Раз тяпнул - дерево качается, в другой тяпнул - ничего не слышно, в третий тяпнул - выскочил кусок мне, добру молодцу, в лобок... Побрел я по берегу, все не нашему. Стоит река вся из молока, берега из киселя. Вот я, добрый молодец, киселя наелся, молока

Habitualmente os historiadores da fraseoloxía rusa e eslava oriental remontan a expresión *молочные реки и кисельные берега ríos de leite e beiras de kisel* só á unha fonte concreta, ó conto sobre o tsar Goroch (Chícharo) (Аш., 405; Медведев, 1977: 143). Pero os contos rusos citados amosan, sen embargo, que este símbolo tiña un emprego moito máis amplo.

É característico a este respecto que xa no folclore ruso este símbolo admita variacións. Así, no mencionado conto sobre Basilisa Premudraia, o río en que se converteron os cabalos non é de leite, senón de mel; e o tsar do mar empezou a comer con avidez non só *kisel*, senón tamén hidromel. Por iso, non é casual a variante popular desta expresión que atopamos nas obras de A. N. Ostrovski:

> ¡No estranxeiro! ¡Que hai alí *ríos de hidromel, beiras de kisel* [atan os cans con longanizas]! (Abismo marítimo)[540].

Aínda máis amplo é o "surtido" de bebidas no conto *Danilo Sen Sorte*[541], no que o príncipe e maila súa muller atopan polo camiño catro ríos: un de cervexa, outro de mel, outro de viño e outro de vodka, e nas súas beiras pereceu case toda a *drujina*.

No folclore doutros pobos pódese atopar unha gran cantidade de imaxes fantásticas semellantes. Por exemplo, os romaneses coñecen os ríos de leite con beiras de *mamaliga*[542]. Este xiro, igual ca no conto ruso sobre o tsar Gorogh (Chícharo), é a fórmula de inicio do incrible e do inverosímil: *Cando os ríos eran de leite e as beiras de mamaliga*... (Рошияну, 1974: 25).

Sábese dende hai moito tempo que a expresión rusa sobre os *ríos de leite e as beiras de kisel* ten certa analoxía coa cita bíblica *deitar leite e mel* 'abundar en algo' (Мих., I, 310). Segundo a lenda bíblica, Deus prometeulle ó profeta Moisés saca-lo pobo de Israel de Exipto e levalo «a unha terra boa e largacía, terra que deita leite e mel» (Éxodo, 3, 8). Este motivo repítese máis tarde en moitas crónicas medievais de Europa. Así, nos anais do cronista Kozma de Praga, o pai Checo levou a súa tribo eslava precisamente a esta terra de promisión que queda nas beiras do Vltava.

¿Como se explica esta coincidencia tan evidente do símbolo fraseolóxico no folclore eslavo e na lenda bíblica? ¿Están relacionados xeneticamente ou é un universal metafórico?

F. P. Medvedev supón que a expresión *молочные реки и кисельные берега ríos de leite e beiras de kisel* 'montes e moreas, ata-los cans con longanizas' non é máis que «unha modificación, unha transformación de algo que había nas linguas dos pobos antigos do Leste» e, polo tanto, recoñece que se trata dun préstamo directo da Biblia (Медведев, 1977: 143).

Sen embargo, a ampla divulgación deste xiro na literatura popular rusa e no folclore

---

нахлебался... Пошел я по берегу, по берегу все не нашему, стоит церковь - из пирогов сложена, оладьми повершена, блином накрыта...".

[540] "За границей! Что же там, реки сытовые, берега кисельные!" (*Пучина*).

[541] *Данило Бессчастный*.

[542] Papas de millo.

doutros pobos fai recoñece-la súa autenticidade e a súa independencia da fonte bíblica. Polo visto, "o motivo fraseolóxico" dos ríos de leite (de mel) existe dende hai moito tempo na tradición oral de distintos pobos. Non é casual que este motivo teña o mesmo papel simbólico nas *Metamorfoses* de Ovidio: *Flumina jam lactis, jam flumina nectaris ibant* —'Fluían ríos de leite e de néctar'.

Un argumento a favor de que esta expresión ten a súa orixe no eslavo oriental é a súa particular imaxe (o río de leite, cervexa, hidromel e as beiras de *kisel*) na área rusa e, sobre todo, o seu acentuado carácter irónico ou humorístico no folclore, que é impensable no seu análogo bíblico, empregado nun estilo elevado e solemne.

O colorido popular, o matiz irónico e humorístico e unha imaxe chamativa constitúen as particularidades estilísticas da expresión rusa *молочные реки и кисельные берега ríos de leite e beiras de kisel* 'ter montes e moreas, ata-los cans con longanizas', que remontan a unha antiga tradición oral. Precisamente isto pode explica-lo feito de que siga tendo moita vitalidade na lingua literaria rusa moderna, mentres que a expresión bíblica *deitar leite e mel* xa hai tempo que foi desprazada á periferia lingüística.

O problema sobre o nacional e o internacional resólvese neste caso da seguinte maneira: a mesma imaxe do río de leite, mel, néctar, etc. é universal; para moitos pobos é o símbolo da abundancia material e da vida libre e sen preocupacións. A manifestación lingüística concreta desta imaxe entre os eslavos orientais, sen embargo, ten un vivo carácter nacional. Precisamente por iso, a expresión *молочные реки и кисельные берега ríos de leite e beiras de kisel* 'ter montes e moreas, ata-los cans con longanizas' pódese considerar un fraseoloxismo específico ruso, bielorruso e ucraíno.

4.5. *A moza rubia, a luz branca* e *a auga viva*

O material lingüístico ten unha importancia excepcional para o entendemento do colorido nacional do folclore. Precisamente na lingua, os universais folclóricos adquiren un carácter artístico individual e irrepetible que permite distinguir en seguida o folclore dun pobo do folclore doutro. Existen fórmulas especiais "estereotipadas" que axudan a facer esta distinción. Son característicos da fraseoloxía folclórica rusa dous estereotipos: as combinacións de substantivos con epítetos fixos:

красна девица	*moza rubia* [543] 'moza garrida'
ясный сокол	*falcón brillante,*
лютая змея	*serpe feroz*

e distintos tipos de repetición nominal:

[543] Advertímo-lo lector de que o primeiro valor de *rubio* en galego é sinónimo de vermello (así en *poñerse rubio coma un tomate* 'ruborizarse') e que, polo tanto non se debe confundir coa color dourada, que en galego se di *roxo* (*roxiño coma un ouro* 'dourado').

мед-пиво	*mel-cervexa* ‘bebida, sobre todo nunha festa’
хлеб-соль	*pan-sal* ‘comida que se ofrece como agasallo ós hóspedes e ás visitas’
гуси-лебеди	*gansos-cisnes* ‘bandada de aves migratorias’

N. A. Dobroliubov sinalou acertadamente o emprego fixo dos epítetos na literatura popular rusa:

> [o ruso] sabe por instinto que o mar debe ser azul, o campo limpo, o xardín verde e a terra nai húmida; nunca confunde os sinónimos e sempre dirá correctamente: o sol bonito, a media lúa clara, as estrelas brillantes... Son inseparables as expresións: o falcón claro, o cisne branco, o pato gris, a marta cibelina negra, o uro baio, o lobo gris, a serpe feroz. ¡Coma se sentira confusa a palabra sen epíteto nunha canción![544] (Добролюбов, 1961, I: 84).

Habitualmente os investigadores modernos non inclúen estas combinacións entre os fraseoloxismos, pero recoñecen a súa estabilidade e expresividade, relacionada co seu funcionamento nos textos folclóricos e co seu carácter “valorativo” de epítetos (Евгеньева, 1963: 337-338; Оссовецкий, 1958: 186; Брусинцова, 1975: 232-233). Aínda que valoremos estes xiros só dende un punto de vista estrictamente fraseolóxico, non deixaremos de ver neles unha fonte constante de enriquecemento do fondo fraseolóxico ruso.

Así, collamos dúas combinacións de palabras con epítetos “cromáticos” moi queridos no folclore ruso:

красная девица (ou *девка*)	*moza rubia* ‘moza garrida’
белый свет	*luz branca* ‘mundo/luz’[545].

Nos textos folclóricos, a pesar da fusión dos compoñentes, estes case teñen carácter de nomenclatura:

> Florecían as flores
> Pero murcharon;

[544] “Каким-то чутьем знает он (русский человек. - В. М.), что море должно быть синее, поле - чистое, сад зеленый, мать-земля - сырая; никогда не ошибается он в синонимах и неизменно верно скажет: красное солнышко, светел месяц, ярки звезды... Ясный сокол, белая лебедь, серая утка, черный соболь, гнедой тур, серый волк, лютая змея - эти выражения нераздельны. Как будто неловко слову в песне без своего постоянного эпитета!”.

[545] Pero cómpre dicir que a súa unión neste caso baseada nunha característica cromática é convencional e, aínda máis, é ficticia. Pois, como imos ver máis abaixo, os epítetos *красный* ‘vermello’ e *белый* ‘branco’ orixinariamente non designaban ningunha cor. Por iso, as intencións dalgúns investigadores de compara-las combinacións do tipo *красная девица moza rubia* ‘moza garrida’ e *белая рубашка* ‘camisa branca’ dende o punto de vista cromático e correlaciona-la súa estatística (Богословская 1971, 94-96) parecen pouco lexítimas.

O mozo quería a *moza rubia* [moza garrida]
Pero deixouna...[546]

cántase nunha antiga canción. E noutra, recollida por P.V. Kireevski, dáse este sabio consello:

Amigos, non se pode colle-lo estripo
Cando aínda non está maduro,
Non se pode casa-la *moza rubia* [moza garrida]
Sen coñecela.[547]
(Кир. Нов., II, Nº1941).

Está claro que neste caso, así como en moitos outros xiros do uso popular (*красный день día vermello* 'día fermoso, festivo', *красное солнышко sol vermello* 'sol fermoso', *красная заря amencer vermello* 'amencer fermoso', *красное лето verán vermello* 'verán fermoso', *весна-красна primavera vermella* 'primavera fermosa'), o epíteto *красный vermello* non designa a cor. Conserva o antigo significado eslavo de 'bonito, guapo'. *Красная девица* é simplemente unha moza garrida ou sexa *девица-красавица* 'moza fermosa'. Este epíteto antes tamén caracterizaba a un mozo guapo *красный молодец* e ós homes máis vellos. Nas crónicas de Nóvgorod e Ipátiev, por exemplo, podemos atopa-la seguinte descrición:

Rostislav era un home bo para as proezas militares, e tiña unha fermosa idade e un fermoso rostro e era piadoso cos pobres.....

Iziaslav tiña unha mirada fermosa, o corpo grande, o carácter bondadoso...[548]

Este significado primitivo do xiro *красная девица moza rubia* 'moza garrida', a dici-la verdade, non sempre é transparente para os que non coñecen moito o noso folclore, sobre todo para os estranxeiros que aprenden ruso. Pois eles perciben a palabra *красный* precisamente co significado que ten na lingua moderna ou dentro dunha combinación que se converteu nun nome propio *Красная площадь* 'Praza vermella', que ó principio significaba 'fermosa'. Non é casual que tódalas linguas modernas europeas e non europeas a traduzan transmitindo non o sentido histórico-etimolóxico, senón o "actual" relativo á cor:

(inglés) *The Red Square*
(francés) *La place Rouge*
(alemán) *Die rote Platz*

Da mesma maneira interpretaban (e, ás veces, seguen interpretando) algúns comentaristas estranxeiros a expresión *красная девица moza rubia* 'moza garrida' ou a palabra *красавица* 'muller bela'. Velaquí un fragmento do libro do historiador francés G. Le Clerc sobre a historia de Rusia, que V. O. Kliuchevski caracterizou como "lixeiro":

[546] "Цвели цветики, /Да поблекли; /Любил молодец красну девицу /Да покинул, -".
[547] "Не созревши черемушку /Нельзя, друзья, рвать, /Не узнавши красной девки, /Нельзя замуж взять".
[548] "Бе же Ростиславъ мужъ добръ на рате (т. е. на воинские подвиги. - В. М.), и възрастомъ же лепъ, и красенъ лицемъ, и милостивъ убогымъ";
"Изяславъ мужъ взоромъ красенъ, теломъ великомъ [велик], незлобливъ нравомъ...".

> A palabra *красавица* 'moza bela' provén da forma que designa a cor *rouge au féminin(a)*. Para indicar que unha muller é boa din que é *femme très rouge*, é dicir, pintada de vermello.[549]

I. G. Dobrodómov non hai moito tempo prestoulle atención a este lapso histórico que pode competir coa famosa *kliukva frondosa*[550]. El cita e explica o comentario de I. N. Boltin publicado no ano 1788 *Comentarios sobre a historia e a Rusia actual de G. Le Clerc compostos polo xeneral maior Iván Boltín*[551] (Добродомов, 1980: 5). Nestes comentarios faise un estudio bastante obxectivo sobre a historia do xiro en cuestión relacionándoo con outros falsos epítetos cromáticos:

> A palabra *красный, -ая, -ое* é eslava e significa 'guapo, bonito'. Os rusos relacionárona coa cor vermella que á vista lles parecía superior ás outras cores. Non sei se os rusos tiñan un nome especial para a cor vermella á parte de *алой*, co que agora designamos a cor rosa intensa; os eslavos chamábana *чермный, червленый* ou *румяный*. Nos libros eslavos a palabra *красный* consérvase ata agora co seu significado primitivo e no ruso designa a cor *чермный* 'vermella'. Pero no ruso moderno hai moitos discursos en que a palabra *красный* se emprega no sentido primitivo como *красное солнце* 'sol fermoso', *красный день* 'día fermoso', *прекрасное строение, местоположение* 'construcción ou situación fermosa', *красная девица* 'moza garrida', etc. Existe o refrán *Не красна изба углами, красна пирогами A casa non é bonita polos seus currunchos, senón polas súas empanadas* 'a casa non che resulta agradable polo seu aspecto, senón pola acollida que recibes nela'. En Moscova ata agora seguen chamando *красное крыльцо* 'portal vermello [fermoso]', *красная площадь* 'praza vermella [fermosa]' pola súa fermosura e beleza e non por estar pintados de cor vermella. A princesa Olga antes do seu casamento chamábase *Prekrasnaia* (*Moi vermella*) 'Moi bela' a causa da súa exquisita beleza. En tódolos discursos citados e en moitos outros a palabra *красный* significa *пригожий, благовидный* 'guapo, belo'. En fin, a palabra *красавица* 'moza garrida' provén da palabra *лепость* 'beleza', *пригожесть* 'fermosura' e non da palabra que designa a cor vermella; e *прекрасная баба* non é *femme trés rouge*, é dicir, pintada de cor vermella, senón guapa, bela, boa en grao superlativo. O autor colleu este comentario da Xeografía de Bishing e gábase inoportunamente del coma se fora propio. Bishing sen fala-la lingua eslava escribiu *девица пригожая* 'moza garrida' (p. 16). O autor seguiu o seu erro e, para que non se deran conta de que este comentario non era del, senón alleo, puxo *баба* 'muller' en vez de moza; pero niso non se trabucou porque as máis das que eran mozas nos tempos de Bishing fixéronse mulleres cando vivía o autor.[552]

---

[549] Слово красавица происходит от слова, означающего красной цвет rouge au féminin(a). Для выражения хорошей женщины говорят прекрасная баба, femme très rouge, то есть выкрашенная красною краскою.

[550] *Kliukva* (oxicoccus) é un arbusto pequeno e, polo tanto, non pode ser frondoso.

[551] *Примечания на историю и нынешния России Г. Леклерка, сочиненные генерал-майором Иваном Болтиным.*

[552] "Слово *красный, -ая, -ое* есть славянское, значит *леп, пригож*, а русские перенесли его к красному цвету по превосходству сего цвета пред прочими, каковым он на глаза их казался. Не знаю я, было ли у русских красному цвету собственное название, кроме слова *алой*, коим ныне густо-розовый цвет называем; славяне ж называли его *чермный*, *червленый* и *румяный*. В книгах славянских и доныне слово *красный* осталось в первобытном его смысле, а в языке русском означением *чермного* цвета. Однако ж и в нынешнем языке русском есть множество речей, в коих слово *красный* в первобытном приемлется, яко *красное солнце*, *красный день*, *прекрасное строение*, *местоположение*, *красная девица* и проч. Пословица:

Como vemos, a interpretación equívoca do xiro *красная девица moza rubia* ‘moza garrida’ levou a que se convertera nunha absurda e fea *красная баба muller vermella*, o que provocou a cólera totalmente xustificada do xeneral maior. Efectivamente, buscaremos en van nos dicionarios, nas recompilacións de refráns e cantigas a unión do epíteto *красный* ‘vermello’ coa palabra *баба* ‘muller’: esta última tende a ter unha connotación negativa condicionada non só pola idade da muller que se denominaba en Rusia coa palabra *баба*, senón tamén polo seu estado social. Isto está ben espellado na definición do diccionario de V. I. Dal:

> *Baba* é a muller casada das capas sociais baixas especialmente despois dos primeiros anos de casada ou a viúva.[553] (Даль, I, 32).

Botade de conta que usámo-lo epíteto *красный rubio/vermello* ‘fermoso’ nalgún refrán onde se emprega esta palabra:

Где черт не сладит, туда бабу пошлет	*Onde o demo non pode facer nada, manda a muller*
Курица не птица, баба не человек	*A galiña non é un paxaro, a muller non é unha persoa*
Баба с возу, кобыле легче	*Cando a muller baixa do carro, o cabalo tira mellor*

Despois dunha ardua búsqueda, dende logo, pódese atopar algún refrán como o dos Urais *Коло паски [пасхи] все старухи баски [красивы] Cerca da pascua tódalas vellas están guapas*, pero iso, en vez de refutar, só confirmará a imposibilidade de uni-lo adxectivo *красный* ‘rubio’ con calquera outra denominación do ser feminino á parte de *девица* ‘moza’. A dici-la verdade, temos que facer notar que a relación sintáctica dos compoñentes da combinación *красный молодец mozo rubio* ‘mozo garrido’ é análoga. Co tempo esta combinación acaba opoñéndose semanticamente ó xiro *старый хрыч porco vello* ‘vellouco’.

A estabilidade da unión do epíteto e do substantivo neste caso, polo tanto, é inalterable. A combinación entrou na lingua literaria rusa, ante todo, como unha denominación estable dunha moza garrida da vila. Nela emprégase, ou ben como unha cita algo

---

Не красна изба углами, красна пирогами. В Москве называется и поныне *красное крыльцо*, *красная площадь*, не потому чтоб были оне некогда красною краскою выкрашены; но по их пригожеству, благолепию. Княгиня Ольга до замужества своего, называлася Прекрасною, по поводу изящныя красоты ея. Во всех приведенных речах и подобных им премногих, слово красный значит *пригожий*, *благовидный*. Итак слово *красавица* происходит не от слова означающего красный цвет, но от слова *лепота*, *пригожество*; и *прекрасная баба* не есть *femme très rouge*, то есть *выкрашенная красною краскою*, но в превосходной степени *лепая*, *пригожая*, *хорошая*. Примечание сие подхватил автор из Бишинговой Географии и тщеславится им яко собственным: но не к стате. Бишинг, не зная славянского языка, написал: выражение *девица красная*, на языке русском значит *девица пригожая* (с.16). Автор последовал его ошибке, а чтоб не заметили, что примечание сие не его, а чужое, поставил вместо девицы, *баба*; в том он и не погрешил, ибо большая часть тех, кои при Бишинге были девками, в бытность авторову сделались уже бабами.”

[553] “Баба - замужняя женщина низших сословий, особенно после первых лет, когда она была молодкою, молоди́цею, или вдова”.

transformada dunha canción, ou ben como unha estilización do folclore:

> Ai, oxalá as flores florezan no inverno,
> Oxalá non deixemos de querer,
> Oxalá cheguemos ata o fondo do mar e o midamos,
> Oxalá poida, irmáns, crer ás *mozas rubias* [mozas garridas].[554]
>
> (A. K. Tolstoi, *Ai, se sexa*).

No poema de A. V. Koltsov:

> Suspirou e púxose a cantar
> Unha canción triste;
> Oíuse esta canción
> Lonxe no monte.
> No fondo da alma
> Dunha *moza rubia* [moza garrida]
> Resoou e
> Quedou nela.
>
> (*Unha segadora nova*).[555]

O significado do xiro *красная девица moza rubia* 'moza garrida' non cambia nada, aínda que os obxectivos estilísticos sexan algo diferentes e se caractericen "polo incremento da expresividade". Pero se dámo-lo seguinte paso, esta combinación desprovista dunha imaxe adquírea e, polo tanto, vólvese idiomática. No noso caso este paso non é léxico-semántico, senón gramatical: cámbiase o sexo da persoa que se designa. Se se di dalgún mozo que *покраснел (зарделся), как красная девица se puxo rubio coma unha moza* 'púxose rubio coma un tomate', será unha comparación fixa e, polo tanto, un fraseoloxismo.

Na lingua literaria a expresión *красная девица moza rubia* sen a conxunción comparativa converteuse nun fraseoloxismo que caracteriza un mozo tímido, modesto:

> Volodia e Dubkov chamábano [a Neghliudov] *moza rubia* [coitado]. (L. N. Tolstoi, *Adolescencia*).
>
> Invitoume a comer na súa casa un compañeiro meu da pensión que, cando era novo, tiña fama de *moza rubia* [coitado] e despois resultou ser unha persoa nada tímida. (I. S. Turguénev, *Iakov Pasinkov*).[556]

Desta maneira, a fronteira semántica entre a combinación fixa de palabras que non é idiomática e a expresión idiomática resulta facilmente transitable. Este "paso da fronteira" foi preparado sobre todo polo "carácter de fórmula", polo carácter tradicional e pola ríxida unión dos compoñentes da combinación *красная девица moza rubia* 'moza garrida/ coitado'.

---

[554] "Ой, кабы зимою цветы расцветали, /Кабы мы любили да не разлюбляли, /Кабы дно морское достать да измерить, /Кабы можно, братцы, красным девкам верить." (А. К. Толстой, *Ой, кабы*).

[555] "Он вздохнул, запел /Песню грустную; /Далеко в лесу /Раздалась та песнь. /Глубоко в душе /Красной девицы /Озвалась она /И запала в ней." (*Молодая жница*).

[556] "Володя и Дубков называли его [Нехлюдова] *красной девушкой*". (Л.Н. Толстой, *Отрочество*);
"Меня пригласил к себе обедать один мой пансионский товарищ, слывший в молодости за *красную девицу* и оказавшийся впоследствии человеком вовсе не застенчивым". (И. С. Тургенев, *Яков Пасынков*).

É aínda máis difícil percibi-la relación entre o significado fraseolóxico e o non fraseolóxico da combinación *белый свет luz branca* ‘mundo/luz’. Comparemos dous empregos deste xiro, un na canción popular e outro no poema do poeta popular A. V. Koltsov:

A orde deuse pola noite,
Dende a medianoite os fusís estaban limpos,
Para a *luz branca* [ó amencer] puxéronse en marcha.[557]
(Кир. Нов., I, n190)

Aflixiuse, angustiouse
A miña cabeza brava:
Os ollos claros coma os dun falcón
Non queren ve-la *luz branca* [o mundo].
(A. V. Koltsov, *Angustia pola liberdade*)[558]

O primeiro xiro parece unha combinación fixa que non ten ningunha imaxe: o epíteto *белый* ‘branco’ e a palabra *свет* ‘luz/mundo’ empréganse nos seus significados concretos. *Белый свет* significa aquí ‘a parte do día en que hai luz’, ‘o comezo do día’. Remonta á «serie asociativa da lírica popular rusa» (segundo a terminoloxía de A. T. Ghrolenko – Хроленко, 1981: 99), neste caso, á serie temporal: *вечер - полночь - утро* ‘noite-medianoite-mañá’. Por iso, *белый свет luz branca* ‘luz’é sinónimo de *белая заря amencer branco* nas cancións:

Pola noite doíalle a cabeza,
Á medianoite finou,
Ó *amencer branco* [amencer] van enterrala.[559]
(Кир. Нов., I, N 301).

No poema de A. V. Koltsov é difícil dicir con toda exactitude que é o que se ten en conta: ‘a enerxía radiante que se percibe polo ollo e que é capaz de produci-lo fenómeno da visión’ ou ‘o mundo, a terra, o universo’. O heroe que sofre na prisión, de feito, non quere ver nin a luz do sol nin o mundo. Aquí atopamos un peculiar sincretismo de distintos significados do adxectivo *белый* ‘branco’ e do substantivo *свет* ‘luz/mundo’.

A dici-la verdade, o poeta espellou dunha maneira moi sutil o antigo sincretismo inherente á nosa expresión. Ó principio *белый свет luz branca* ‘mundo/luz’ era unha especie de par semántico do tipo *масло масляное manteiga de manteiga* que reforzaba a expresividade da combinación. Os textos antigos amosan que *белый* ‘branco’ e *свет* ‘luz/mundo’ se unían nun todo. No Evanxeo de Ostromirov (1056), por exemplo, aparece a seguinte comparación: «As súas roupas eran tan brancas coma a luz»[560]. Trátase das roupas eclesiásticas de cor moi clara ou moi brancas, que vén se-lo mesmo.

O significado primitivo da combinación, ‘a luz do día intensa’, consérvase en certa medida nalgúns refráns (*Свет бел, да люди черны O mundo é branco pero a xente é*

[557] “Как со вечера приказ отдан был, /Со полуночи ружья чищены, /*Ко белу свету* в поход пошли”.
[558] “Загрустила, запечалилась /Моя буйная головушка: /Ясны очи - соколиные - /Не хотят смотреть на *белый свет*”. (А. В. Кольцов, *Тоска по воле*).
[559] “Со вечера голова болит, /Ко полуночи переставилась, /*Ко белой заре* хоронить несут”.
[560] “Ризы его быша бѣлы яко свѣт”.

negra), cancións semellantes á citada arriba e na expresión *света белого не видеть non ve-la luz branca* ‘non ter descanso nin sosego a causa dun traballo moi penoso’, ‘sufrir moito por unha dor insoportable, por unha enfermidade ou por unha desgracia’. Aínda no século XVII este xiro podía empregarse no seu significado directo. Nunha acta de Siberia (1673) lemos: «Chegou o frío e as enormes tebras, non viron a luz»[561]. O xiro, que xurdiu a base deste significado directo, ten unha bifurcación interior. Por un lado, a persoa non ve a luz branca, é dicir, a luz do día a causa dun traballo duro e intenso. Por outro, como se di no folclore ruso, non lle gusta o mundo por causa dunha dor forte, dunha enfermidade ou dos sufrimentos anímicos. Esta bifurcación tamén está espellada no uso moderno.

Na antiga lingua rusa esta expresión podía empregarse sen epíteto e sen negación. O primeiro caso deste emprego foi encontrado na recompilación contemporánea de cartas feitas en casca de bidueiro na antiga Nóvgorod nos séculos XIV-XV, esta carta leva o número 305: «Déixame ve-la luz/mundo»[562]. Era, segundo a opinión do académico V. I. Borkovski, que descifrou o manuscrito, unha especie de xuramento poético popular.

Esta fórmula, amplamente coñecida na fala viva dos habitantes de Novgorod, adoptouna a lingua administrativa de Moscova do século XVI. Nas solicitudes chegou a ser unha especie de petición de axuda e piedade, e significaba, máis ou menos, ‘faime o favor, bótame unha man’.

Así, por exemplo, o campesiño E. Klimentiev, que era servo da gleba, pídelle ó seu señor que o libre do canon:

> Teña piedade, señor, do pobre orfo, mire o desamparado, déixelle ve-la luz ó pobre, non deixe que morra de vez.[563] (1671 г.).

Pero esta fórmula fixa xa non entrou na lingua literaria moderna (Волков, 1974).

O significado “luminoso” do adxectivo *белый* ‘branco’ confírmao tamén a expresión:

средь бела дня	*durante o día branco* ‘de día, cando hai moita luz’

e as expresións anticuadas:

белый день	*día branco* ‘todo o día, o día enteiro’, ‘a parte do día en que hai luz’
до белого света	*ata a luz branca* ‘ata a mañá’

A palabra *свет* xa na antigüidade remota tiña entre os eslavos o significado espacial de ‘mundo, universo’. Precisamente neste sentido a combinación *белый свет* (que era inicialmente “luminosa” e significaba ‘luz branca’) foi interpretada por tódolos eslavos

[561] “Пришла стужа и обмороки великие, свету не видели”.
[562] “Дай ми света видеть”.
[563] “Помилуй, государь, бедного сироту, воззри на беспомощного, дай бѣдному свет видать, не дай бѣдному вконец погибнуть”.

orientais. Apoiaba esta interpretación a contraposición mitolóxica deste mundo (*этот свет*), é dicir, do claro e luminoso mundo dos vivos, ó outro mundo (*тот свет*), ó escuro mundo dos mortos:

Без правды жить - с бела света бежать	*Se vives sen verdade, é mellor fuxir do mundo*
Белый свет не клином сошелся на ком-либо	*O mundo non se concentra en ninguén*
Не мил и белый свет, коли милого нет	*Non me agrada o mundo, se non está o meu amado*

O simbolismo da cor branca na lingua rusa tamén tivo un importante papel na formación do xiro. Era un símbolo positivo. Dende o punto de vista da estética antiga rusa, a cara branca, as mans brancas e o corpo branco conformaban o canon da beleza humana. Nos séculos XIV-XV os grandes príncipes levaban a roupa branca. Na Rusia da época da servidume chamábanlles *xente branca* ós campesiños liberados das obrigas feudais. Este e outros exemplos son reflexos da antiga oposición *branco* (positivo) e *negro* (negativo). O xiro *белый свет luz branca* 'mundo/luz' 'a terra con todo o que existe encima dela, o mundo, o universo' e as súas variacións preposicionais e casuais *на (всем) белом свете en toda a luz branca* 'en (todo) o mundo'; *по (всему) белому свету (ходить, ездить, шататься) por (toda) a luz branca (andar, ir nun vehículo, vagar)* 'por (todo) o mundo (andar, ir nun vehículo, vagar), etc., teñen precisamente matices positivos.

Como amosa a historia dos xiros citados, o proceso de transformación das fórmulas folclóricas en fraseoloxismos está relacionado co longo e paulatino desenvolvemento desta fórmula no seo do folclore. Ó mesmo tempo —isto é sumamente importante— no texto folclórico estas fórmulas seguen sendo só construccións fixas con significado recto e case nunca se fraseoloxizan. Por iso, os investigadores sempre subliñan que «na fraseoloxía folclórica hai poucos fraseoloxismos pero hai moitas combinacións fraseolóxicas» (Ройзензон, 1968: 80).

A transformación dunha combinación libre do folclore nunha locución idiomática habitualmente prodúcese polo cambio do xénero do texto, é dicir, polo traslado dunha fórmula do texto folclórico ó texto literario. Así, as fórmulas *живая вода auga viva* e *мертвая вода auga morta* remontan ós contos que se narraban sobre a milagrosa resurrección da xente despois da morte, cando a carne cicatriza despois de asperxila coa *auga morta* e o morto revive despois de ser asperxido coa *auga viva*.

Conforme á tradición folclórica A. S. Puxkin utiliza estes xiros no poema "Ruslán e Liudmila"[564]:

> E asperxiuno coa *auga morta*,
> E as feridas brillaron en seguida,
> E o cadáver mostrou unha beleza marabillosa;
> Entón o vello asperxiu o heroe
> Coa *auga viva*,

[564] "Руслан и Людмила".

> E animoso, fresco, con novas forzas,
> Cheo de vida nova
> Levántase Ruslán...[565]

Sen embargo, na carta de A. S. Puxkin a N. M. Iazikov do 14.4.1836 esta mesma parella de combinacións emprégase con outro sentido:

> Que sexa o noso colaborador sen falta. Os seus poemas son *auga viva* e, os nosos, *morta*; botámoslla á revista *Sovremennik*, aspérxaa coas súas pingas vivas.[566]

Aquí aínda está viva a relación coa fonte folclórica, pero xa apareceu unha expresividade nova e quizais un sentido novo: trátase dos versos vivos, naturais e libres. Pode parecer que este significado aínda non adoptou a forma definitiva para converte-la combinación con sentido figurado nun xiro metafórico. Pero non é así, porque se pode encontrar un emprego semellante enriquecido semanticamente noutros contemporáneos de A. S. Puxkin:

> Na poesía, nas verbas da Providencia
> Totalmente fiel, buscaba consolo
> E atopei a fonte de *auga viva*.[567]
> (A. I. Odoevski, *Poesía*).

Os escritores modernos tamén tenden a emprega-lo xiro cun significado figurado. Así, Fiodor Abramov convérteo nunha comparación:

> Agora non podía aparta-los ollos de Evguenia. Ocorreu un milagre coma se a asperxiran con *auga viva* [coma se a revitalizaran]. (*O cabalo de madeira*).[568]

O debuxo semántico deste antigo folclorismo é aínda máis rico na lingua da prensa soviética, onde, segundo as observacións de K. M. Golumiants, se poden atopar significados como 'unha agua excepcionalmente pura e fresca', 'o líquido preparado polo home, o elixir da vida', 'a fonte da vida, forza e coraxe' (Голумянц, 1978: 21-24). Non é menos viva a policromía semántica de *мертвая вода auga morta*, antípoda de *живая вода auga viva*:

> Dende o tempo en que vivía e traballaba Dostoevski xa choveu moita *auga*, non aquela auga que vive e cría, senón aquela que a miúdo é unha forma particular de vanilocuencia e non deixa respira-lo pensamento. Sen embargo, esta *auga morta* da vanilocuencia non tocou moitos pensamentos de Dostoevski. Seguen sendo sumamente actuais.[569] (Лихачев, 1981: 65).

---

[565] "И вспрыснул мертвою водою, /И раны засияли вмиг, /И труп чудесной красотою /Процвел; тогда водой живою /Героя старец окропил, /И бодрый, полный новых сил, /Трепеща жизнью молодою, /Встает Руслан...".

[566] "Будьте моим сотрудником непременно. Ваши стихи - вода живая; наши - вода мертвая; мы ею окатили "Современника", опрысните его вашими кипучими каплями."

[567] "В поэзии, в глаголах провиденья, /Всепреданный, искал я утешенья - /Живой воды источник я нашел". (А. И. Одоевский, *Поэзия*).

[568] "Сейчас я глаз не мог отвести от Евгении. Просто чудо какое-то произошло, будто ее живой водой вспрыснули". (*Деревянные кони*).

[569] "Со времени, когда жил и работал Достоевский, утекло немало воды - не той воды, что живет и растит, а той "мертвой воды", которая часто являет собой форму пустословия и не дает дышать мысли. Однако эта мертвая вода пустословия не коснулась многих мыслей Достоевского. Они остались в высшей степени

Temos diante unha sonora expresión nacional con toda unha paleta de pinturas semánticas. Sen embargo, todas están feitas a base do folclore.

4.6. O pan, o sal e o lume olímpico

Como xa dixemos, a segunda particularidade lingüística significativa dos textos folclóricos rusos é que neles atópanse con frecuencia as chamadas palabras aparelladas, combinacións bimembres ou pares representativos do tipo

путь-дорога	*traxecto-camiño* 'camiño que fai un camiñante'
горы-долы	*montañas-chairas* 'terra montañosa'
злато-серебро	*ouro-prata* 'riquezas materiais'
гуси-лебеди	*gansos-cisnes* 'bandada de aves migratorias'

Construccións deste tipo, dende logo, son coñecidas tamén noutras linguas: nas indoeuropeas, turcas e ugro-finesas; pero, por iso, non deixan de ser específicas da lingua rusa. Pois neste caso, como en xeral cando se resolve o dilema "nacional:universal", a esencia consiste non só na presencia desta construcción nunha ou noutra lingua (en cada lingua "hai todo"), senón na súa carga léxica concreta, na interacción dentro da parella concreta de palabras e, finalmente, no seu funcionamento nos textos. Segundo estas características, as combinacións aparelladas rusas teñen o seu propio colorido nacional, que na súa maioría naceu dos "sentimentos folclóricos" comúns.

As combinacións aparelladas en realidade son un tipo de repetición: non é casual que algúns lingüistas as denominen **tautoloxías sinonímicas** (Евгеньева, 1963: 178), e outros, **tautoloxías con distintas raíces** (Коломіец, 1962: 58-59). Por iso, as expresións do tipo das mencionadas a continuación son expresivas incluso nos casos en que se empregan non en sentido figurado, senón recto.

ни роду ни племени	*nin clan nin tribo* 'non ter parentes'
судить да рядить	*xulgar e opinar* 'pensar, opinar, razoar'

En realidade, a mesma "idea da tautoloxía" é expresiva [570]: a repetición subliña «a

современны".

[570] En galego aparece algunha vez este fenómeno; lémbrense unidades fraseolóxicas coma *certo e recerto, anque botes e rebotes, raios e centellas, cadora e cando, en ditos e contos, no aire e no vento, a ferro e fouce, a máis e mellor, nin torta nin cega, nin mata nin tolle;* tamén noutras que conteñen palabras sen significado, coma *entre xecas e monecas / entre xecas e marecas* 'entre unhas cousas e outras', *nin fu nin fa, nin chus nin bus, nin tus nin mus.* Pero o papel intensificador de moitas parellas de substantivos, de verbos ou de adverbios

continuación dunha acción, a intensidade dunha calidade, dunha multitude de cousas» (Потебня, 1899: 562). É característico de tódalas combinacións aparelladas do folclore subliñar estes tres aspectos semánticos xerais.

O papel intensificador da construcción aparellada leva a que os seus compoñentes se separen do seu significado material concreto e a que este se xeneralice: *хлеб-соль pan-sal* xa non son os alimentos concretos, senón a comida en xeral; *злато-серебро ouro-prata* non son os metais preciosos ou os obxectos feitos deles, senón a riqueza material, os cartos; *горы-долы montañas-chairas* non é a paisaxe dun sitio concreto, senón unha extensión de terreo infinitamente afastada. Sen dúbida, o grao de xeneralización dos compoñentes da combinación aparellada non sempre é tan alto coma o dos xiros citados: *мать-отец nai-pai*, dende logo, seguen sendo os pais concretos do heroe, así como *гуси-лебеди gansos-cisnes* segue sendo a bandada de aves preferida das cancións folclóricas. Pero a posibilidade de transmiti-lo significado destas combinacións a través dunha palabra (*отец - мать* - 'os pais', *гуси-лебеди* - 'as aves') testemuña a súa tendencia á xeneralización semántica.

É extremadamente amplo o círculo temático que ofrecen estas combinacións aparelladas. A. T. Ghrolenko, que someteu parellas representativas deste tipo nas cantigas populares a unha análise minuciosa, estableceu a seguinte clasificación temática que pode ser facilmente aplicada ós xiros aparellados doutros xéneros (Хроленко, 1981: 61-69). Entre estes, son excepcionalmente activos os seguintes "microcampos" semánticos:

1. Persoa

'parentes'

мать-отец	*nai-pai* 'pais'
брат-сестра	*irmán-irmá* 'irmáns'

'termos de relacións sociais'

купцы-енералы	*comerciantes-xenerais* 'clases altas, tanto civís como militares'
цари-князья	*tsares-príncipes* 'aristocracia gobernante'
княгиня-боярыня	*princesa-boiarda* 'mulleres aristócratas'

'partes do corpo, da cara'

руки-ноги	*brazos-pernas* 'extremidades'
усы-кудри	*bigotes-rizos* 'bigotes e cabalos'

é innegable. Lémbrense *nin carne nin peixe, nin monte nin xebra, nin a sol nin a sombra, nin mel nin fel, sen pena nin gloria, a ciencia e paciencia, a ferro e fariña, a montes e a fontes, a pan e a coitelo, a trancas e barrancas.*

усы-борода	*bigotes-barba*

‘o interior da persoa’

грудь-голова	*peito-cabeza* ‘parte superior do corpo’
живот-сердце	*barriga-corazón* ‘entrañas’
грудь-сердце	*peito-corazón* ‘parte superior do corpo, no plano espiritual e fisiolóxico

‘nomes propios’

Сашка-Маша	*Saxa-Maxa*[571] ‘parella de namorados’
Сашенька-Машенька	*Sáxenka-Máxenka* ‘parella de namorados’
Маша-Дуняша	*Maxa-Duniaxa* ‘amiguiñas’

O núcleo deste campo é a designación das relacións de parentesco.

2. Prendas de roupa e de aseo

‘teas’

атлас-бархат	*satén-veludo* ‘teas máis caras ca outras’
кумач-китайка	*pano vermello-pano de seda* ‘roupa de festa da xente pobre’
плис-бархат	*peluche-veludo* ‘roupa de festa dos habitantes da cidade

‘peles’

куницы-лисицы	*martas-raposas*

‘prendas de roupa’

шубки-юбки	*abriguiños de pel-saias*

‘calzado’

чулочки-чеботочки	*mediñas-botinciños*
коты-лапти	*botíns-alpargatas*

[571] Tódolos nomes propios citados son diminutivos: Saxa (e a partir del o cariñoso Sáxenka) de Alexander; Maxa (e a partir del o cariñoso Máxenka) de María; Duniaxa é un nome cariñoso formado a partir de Dunia, diminutivo do nome Eudokía.

‘cosmética’

белила-румяна	*pos-coloretes*

3. Vivenda e bens da casa

двери-окна	*portas-ventás*
хата-баня	*casa-baño*

4. Comida, bebida

чай-кофе	*té-café*
чай-мед	*té-mel*
чай-сахар	*té-azucre*
пиво-вино	*cervexa-viño*
щи-каша	*xi-kaxa*
прянички-орешки	*melindres-noces*

5. Riqueza material

злато-серебро	*ouro-prata*

6. Fauna

гуси-лебеди	*gansos-cisnes* ‘aves’
крылья-перья	*ás-plumas* ‘ás e plumas’
зайка-горностайка	*lebre-armiño* ‘animais pequenos’
щуки-караси	*lucios-carasios* ‘peixe’

7. Flora

калина-малина	*lamagueiro-framboesa*
ельник-березник	*bosque de bidueiros-bosque de abetos*
ельничек-осинничек	*bosque de abetos-bosque de trémulos*
дуб-вяз	*carballo-olmo*
грибы-ягоды	*cogomelos-bagas*
лук-чеснок	*cebola-allo*
хрен-капуста	*saramago-repolo*
пшеница-рожь	*trigo-centeo*

8. O espacio xeográfico

луга-болота	*prados-lagoas*
мхи-болота	*brións-lagoas*
горы-долы	*montañas-chairas*
сад-огород	*xardín-horta*
море-озеро	*mar-lago*
река-прудочек	*río-estanquiño*

9. Tempo

часы-минуты	*horas-minutos*
вечер-ночь	*tarde-noite*

10. Distintos obxectos

скрипка-балалайка	*violín-balalaica*
нос-корма	*proa-popa*
коромысла-ведра	*pancas para leva-los caldeiros-caldeiros*
щетка-гребенка	*cepillo-peite*
свинец-порох	*chumbo-pólvora*

Como vemos, as combinacións bimembres espellan case tódolos conceptos vinculados á vida da persoa e ó mundo en que vive. E non se limitan a espellala, senón que introducen unha certa expresividade folclórica na designación destes conceptos prosaicos.

Aquí, coma noutros tipos de fórmulas folclóricas, non tódalas combinacións se incorporan á lingua rusa nacional e, aínda menos, á literaria. Pero as máis brillantes, que repiten moitas veces os narradores do pobo, entran nela e, ó entraren, reinterprétanse e brillan como grans de ouro do tesouro fraseolóxico ruso.

Velaquí só unha delas extraída do vasto campo das combinacións aparelladas relativas á comida: *хлеб-соль pan-sal*. Nela espellároнse as antigas ideas sobre o pan, que era o alimento máis importante dos eslavos e doutros pobos indoeuropeos; e, por iso, naturalmente, non podía deixar de converterse nun atributo ritual, nun símbolo mitolóxico e nun obxecto de canto do folclore. Durante moito tempo os etimólogos estiveron seguros de que a palabra eslava *хлеб* 'pan' era un préstamo da goda *hlaifs*, que remonta á reconstruída prexermánica **xlaibaz*. Aínda hai pouco tempo Iu. V. Otkupxikov demostrou de maneira convincente que esta palabra está relacionada cunha serie de denominacións bálticas do pan: (letono) *kláips* e (lituano) *kliepas* e coa raíz verbal **(s)kli-p-*/**(s)kloi-p*, **(s)kli-p* 'parte, segmento, anaco' (Откупщиков, 1973). Polo visto, este era o significado que inicialmente tiña a denominación do pan entre os eslavos e os baltos.

Hai algo profundamente simbólico neste significado primitivo. Só se pode encetar algo que está enteiro, completo. A rebanda cortada do molete de pan espella o reparto xusto dos bens materiais entre a comunidade ou a familia, o desexo de reparti-lo imprescindible cos máis próximos e, ó mesmo tempo, a pertenza ó grupo social que crea estes bens co seu traballo. Por iso, a veneración e o bo trato do pan transmitíase dende tempos remotos de xeración en xeración.

É imposible enumerar tódolos ritos e crenzas relacionados co pan. Dende logo, tiña unha importancia especial nos ritos agrícolas do ciclo estival e outonal relacionados coa colleita no campo, malla e conservación do gran. Así, entre os eslavos occidentais, as segadoras, cando empezaban a primeira sega, levaban consigo unha rebanda de pan e debaixo das dúas primeiras presas de espigas postas en forma de cruz puñan un cacho de pan. Considérase que este rito remonta a un antigo sacrificio e é un resto dun rito de fertilidade. Estas accións rituais tiñan un papel importante durante o Nadal. Entre os eslavos setentrionais, o pan ritual do Nadal, que tiña distintas formas e, ás veces, moi caprichosas, partíase coas mans e comíase durante o banquete festivo. Aquí este pan simbolizaba tamén a sementeira e a colleita do ano seguinte.

É coma se o "reparto" ritual e a inxestión deste pan enchera a cada participante no rito da forza máxica do "espírito do pan" e, ó mesmo tempo, era unha variedade particular de sacrificio ós deuses dos que dependía a fertilidade.

Os eslavos orientais teñen moitas accións rituais relacionadas precisamente co pan: por exemplo, para predici-lo porvir, deixaban aboia-lo pan na auga, púñanllo ó can na eira, metíano debaixo da almofada, deixábano entre as espigas no campo, deixábano na gallada dun camiño, no suposto sitio dunha futura casa, etc., ou cantaban cancións (primaverais, de sega, panxoliñas de Nadal[572],) onde se expresaba o desexo dunha boa colleita de pan:

> Dános, Deus, feixes de trigo nos campos, montóns de feixes na eira, moreas na eira, fariña no muíño, fai que medre o pan na artesa, que se coza no forno e que haxa moletes na mesa...[573]

Un alimento "non vexetal", o sal, non tiña menos importancia ritual nin simbólica. A súa producción esixía moito traballo, levábano dende lonxe a moitas partes de Rusia e, por iso, era moi caro. Na época de Iván o Terrible, por exemplo, un *pud* de sal costaba o mesmo ca unha boa casa compesiña. Pero, dende logo, nin o precio do sal, nin as dificultades da súa producción, nin o seu sabor serviron de base para a reinterpretación deste producto alimenticio no folclore e na mitoloxía. Coñécese dende hai moito tempo unha propiedade particular do sal: a de preserva-los alimentos (concretamente a carne) da putrefacción, a de conservalos. De aquí provén o seu valor simbólico básico de: constancia, eternidade, fidelidade, amizade e respecto (Гвоздарев, 1982: 126-127; Шахнович, 1984: 87-88). Con este simbolismo están relacionados moitos ritos, rituais e crenzas.

[572] Son os *koliadki* eslavos.

[573] "Уроди, боже, жито-пшеницу... на поле снопами, на гумне копами, в клуне - присыпно, а в млыне - примольно, а в деже - подходно, а в печи - печисто, а на столе - кроисто...".

Unha delas, que di que cando se derrama o sal vai haber unha rifa, chegou dende a antigüidade remota ata os nosos días: para os gregos, os romanos e os árabes, o saleiro posto boca abaixo significaba a ruptura dunha amizade. E, ó revés, servíanlle-lo mesmo sal ós invitados como sinal de amizade. No Leste aínda se conservan "os xuramentos polo sal", "as unións de sal" e "o dereito de sal", que son mostras de hospitalidade. Nos países árabes, por exemplo, prestan o "xuramento polo sal" da seguinte maneira: poñen un prato de sal diante dos que están acordando algo e cada un ten que meter algúns grans de sal na boca. O dito árabe *Sal entre nós* significa precisamente a confirmación dunha amizade eterna.

Os eslavos veneraban o sal igual có pan. Por iso, non é casual que para os rusos, bielorrusos e ucraínos, o simbolismo ritual do pan e do sal se uniran nun elemento fixo da etiqueta popular.

O xiro *Хлеб да соль! ¡Pan e sal!* '¡Bo proveito!' foi durante moito tempo un saúdo en Rusia: esta fórmula habitualmente pronunciábaa un invitado cando entraba nunha casa e a familia estaba comendo.

Este desexo de bo proveito non é máis que un de toda a serie de desexos que forman a etiqueta popular estrictamente regulamentada. O invitado que entraba na casa, habitualmente, facía tres reverencias ata o chan (unha para Deus, outra para o dono e a dona e a terceira para toda a boa xente). Despois desexáballes boa saúde a todos e preguntaba sen esixir unha resposta directa:

Здорово ли спали-ночевали?	*¿Durmiron ben?*
Спали-ночевали, весело вставали?	*¿Erguéronse contentos despois de durmir?*

Se o invitado sorprendía os donos traballando dicía:

Помогай бог!	*¡Que Deus vos axude!*
Благослови, господи!	*¡Que Deus vos bendiga!*

Se estaban descansando:

Беседуйте!	*¡Sigan falando!*
Сидеть бог по́мочь!	*¡Que Deus vos axude a sentar!*

Ademais da fórmula *Хлеб да соль! ¡Pan e sal!* '¡Bo proveito!', tamén tiña un carácter puramente "de mesa" o segundo saúdo *Чай да сахар! ¡Té e azucre!* '¡Bo proveito!', que se empregaba cando se tomaba té. O dono adoitaba responder *Милости просим! Rogamos á súa mercede* 'Benvido' ou *Добро пожаловать! Benvidos* '¡Benvidos!' ou *Садись - гостем будешь! ¡Séntate e estarás invitado!* 'Benvido' ou *Хлеба кушать! ¡Come pan!* 'Benvido', etc.

Desgraciadamente, agora o xiro *хлеб да соль ¡Pan e sal!* '¡Bo proveito!' como fórmula de etiqueta está sendo desprazado polo medio calco do francés *приятного аппетита* (*Bon appétit*!) '¡Bo proveito!'. Pero, por outro lado, tampouco se pode dicir que a expresión

rusa estea definitivamente arquivada e que se convertera completamente nun etnografismo e nun historismo.

Na literatura soviética emprégase con bastante frecuencia. Velaquí a situación da novela de L. I. Panteleev *Paquete*[574]: o protagonista ten que mastigar e tragar un paquete lacrado que contén un documento militar moi importante, para que os contrarrevolucionarios non o consigan:

> Dábame noxo envialo. Pero o peor era que non tiña sal, mastigaba a secas. O meu escolta deixou de sorrir e de xogar coa escopeta e púxose a observarme seriamente. De repente díxome... en voz moi baixa:
> —¡Oe!, dixo. *¡Pan e sal!* [¡Bo proveito!]
> Outro exemplo é: Vaniuxa Naidiónov, coma se non notara a expresión reservada e fría das caras dos donos, dixo cun sorriso:
> —*¡Pan e sal!* [¡Bo proveito!]
> A Akim non lle deu tempo nin a abri-la boca para dicir un simple "gracias" ou terminar co bruto e humorístico *¡Como,* pero *o meu, e ti queda ó lado!* mentres Naidiónov seguía dicindo:
> —¡Non se preocupen! Non fai falta. Pero, ben, pódese almorzar... A dici-la verdade, hoxe aínda non común. (M. A. Xologhov, *As rozas*).[575]

E nos nosos días poden responder ó saúdo *Хлеб да соль! ¡Pan e sal!* '¡Bo proveito!' con humor *Едим, да свой, а ты рядом постой! ¡Comemos, pero o noso, e ti queda de pé ó lado!* Estas ampliacións da fórmula testemuñan o seu coñecemento e "sanción" pola fala popular. Non é casual que os escritores a utilicen para aumentaren a expresividade do texto e para caracterizaren a fala dos protagonistas.

O sentido protocolario da fórmula *хлеб да соль ¡Pan e sal!* '¡Bo proveito!' tamén remonta a certos rituais, ritos:: e crenzas. Polo entroido os parentes regalábanlles ás familias novas pan, empanadas e melindres que simbolizaban a súa participación na mesa familiar. Con iso tamén está relacionado, en certa medida, o rito nupcial amplamente estendido de recibi-los acabados de casar con pan e sal, así como os invitados famosos e venerados e incluso o gando que se acaba de comprar (nos ritos gandeiros de compra-venda do gando).

O simbolismo material e espiritual de *хлеб-соль pan-sal* espellouse case en tódolos xéneros folclóricos rusos. Nas cancións rusas populares, como vimos, precisamente a fórmula folclórica *хлеб-соль pan-sal* é o núcleo do grupo temático 'alimentos, comida' e, segundo unha observación exacta de A. T. Ghrolenko, é o seu representante máis

---

[574] *Пакет*.

[575] "Глотать противно. А главное дело - без соли, без ничего, так, всухомятку жую. А мой конвоир, понимаете, улыбаться перестал и винтовкой играть перестал, и сурьезно за мной наблюдает. И вдруг он мне говорит... Тихо так говорит:
- Эй! - говорит. - Хлеб да соль".
"Ванюшка Найденов, будто не замечая холодноватой сдержанности в лицах хозяев, улыбаясь сказал:
- Хлеб-соль вам!
Не успел Аким рта раскрыть, чтобы, не приглашая к столу, проронить скупое "спасибо" или отделаться грубовато-шутливым: "Ем, да свой, а ты рядом постой", как Найденов торопливо продолжал:
- Да вы не беспокойтесь! Не надо! А впрочем, можно и подзавтракать... Я, признаться, сегодня еще не ел". (М. А. Шолохов, Поднятая целина).

xeneralizado.

> *Rogo ás súas mercedes* [Benvidos] á voda,
> Comede o meu *pan-sal* [comida],
> Bebede a miña *cervexa-viño* [viño].[576]

cántase nunha canción de voda (Соб., V, 626) e aquí entrelázanse o carácter ritual, "de etiqueta", co carácter folclórico da expresión.

O xiro é bastante frecuente nos contos. Pódese incluír entre as fórmulas mediais, que non inician nin rematan a narración, senón que están espalladas por todo o texto do conto: acompañan algún protagonista ou algunha acción súa, acentúan algún episodio do argumento, etc. É curiosa a contraposición desta fórmula fantástica nos contos romaneses e rusos (Рошияну, 1974: 115), nos que ten funcións diferentes. Os romaneses utilízana como fórmula de ameaza *non comerás máis pan nin sal comigo* e refírese a un conflicto familiar. É unha ameaza de ruptura das relacións familiares.

Velaquí un argumento típico dun conto romanés con esta fórmula. Morre a muller dun vello e el volve casar. A muller nova odia os fillos do primeiro matrimonio do seu home e intenta librarse deles coa axuda da fórmula sagrada dirixida ó vello:

> Leva os fillos ó bosque, *se non, non comerás pan nin sal comigo*.

Nos contos rusos a fórmula *хлеб-соль pan-sal* emprégase como símbolo folclórico de hospitalidade. Así, o fillo do tsar, *strelets-molodets*[577], o protagonista do conto *Fogo-paxaro e Basilisa tsarevna (filla do tsar)*[578] saúda a Basilisa coas seguintes palabras:

> ¡Bos días, Basilisa tsarevna! *Rogamos á súa mercede* [Benvida a] come-lo noso *pan-sal* [alimentos] e a proba-los viños ultramarinos.[579] (Аф., I, 425).

Noutro conto (*Os dous Iváns, os dous fillos do soldado*[580]) a irmá dos dragóns convértese nunha fermosa moza e invita con esta mesma fórmula a Iván, ó fillo de soldado, a comer na súa habitación:

> ¡*Pan-sal* [Que che aproveite], mozo! ¿Para que comes no patio?[581] (Аф., I, 355).

Coa mesma intención de bo desexo emprégase a fórmula *хлеб-соль pan-sal* tamén noutros xéneros folclóricos e incluso nun tan específico coma o conxuro. Así, nun conxuro bielorruso contra o *lexi* cómpre facerlle doce reverencias cara ós catro lados (sen persignarse porque o *lexi* non está bautizado) e, ó baixa-los brazos, facer un círculo andando e dicindo:

> Honrado monte, tsar da casa, gran dono, pídolle con pan e con sal, coa camisa branca, coa camisa vermella, cunha reverencia ata o chan que me perdoe e que me bendiga.[582] (Шейн, 1893: 522).

---

[576] "Прошу милости на свадьбу /Хлеба-соли моей кушать, /Пива-вина моего пити, -".
[577] "Tirador de arco-bo mozo".
[578] *Жар-птица и Василиса-царевна.*
[579] "Здравствуй, Василиса-царевна... Милости просим хлеба-соли откушать, заморских вин испробовать".
[580] *Два Ивана - солдатских сына.*
[581] "Хлеб-соль, добрый молодец! Зачем на дворе кушаешь?"
[582] "Лес цесно́й, царь домовой, хозяин большой, и прошу я вас с хлебом с солью, с белой рубашкой, с

Neste caso *хлеб-соль pan-sal* non é unha simple fórmula verbal, senón tamén, ó mesmo tempo, a súa encarnación "material". Cando esconxuraban ó *lexi* adoitaban levar pan envolto nun trapo limpo e púñano nun bosque moi afastado e frondoso encima dun tronco seco. Habitualmente pronuciaban o conxuro despois do solpor. Como vemos, temos diante un suborno a un funcionario, ó dono do bosque, precisamente no lugar onde exerce as súas funcións.

Quizais a fórmula *хлеб-соль pan-sal* chegue a ser especialmente activa nun xénero tan lapidario como o dos refráns. Velaquí os refráns recollidos nos séculos XVII-XVIII:

Хлеб-соль вместе, а рыбка в дел	*O pan e o sal xuntos, pero o peixe por separado*
Хлеб с солью бранится	*O pan rifa co sal*
Хлеб-соль за ворота - и колом не разворотишь	*Cando o pan e o sal saen fóra das portas non hai maneira de que volvan, nin a paos*
Велика твоя хлеб-соль, а все корочки (Сим., 148, 150, 213)	*Ofreces moito pan e sal, pero é todo codia*
Хлеб да соль - всему голова	*O pan e o sal son a cabeza de todo*
Хлеб да соль лихого не попустит (ПЗ, 113)	*O pan e o sal non permiten que pase nada malo*

E nas recompilacións paremiolóxicas posteriores hai moitos refráns con esta fórmula:

Сколько ни думай, а лучше хлеба да соли не придумаешь	*Por moito que un pense non se pode inventar nada mellor que o pan e o sal*
За хлебом-солью всякая шутка хороша	*Cando comes pan con sal toda broma é benvida*
Хлеб-соль ешь, а правду режь	*Aínda que comas o pan e o sal de alguén, di a verdade*
Соли нет - слова нет, а хлеба не стало и поговорка стала	*Se non hai sal, non atopas palabras; pero se non hai pan, xa non hai fala*
Спасибо тому, кто поит и кормит, а вдвое тому, кто хлеб-соль помнит	*Gracias a quen dá de comer e un dobre agradecemento a quen se acorda do pan e do sal*
Пошло было на хлебы, да соль своротила	*Xa a cousa empezaba a ir para o pan [ben] pero o sal desviouse*

красной рубахой, с низким поклоном - простите, благословите".

Хлеб-соль - заёмное дело...	*O pan e o sal son cousas que se emprestan*

En todos estes refráns a combinación *хлеб-соль pan-sal* ten o mesmo significado amplo ca nas fórmulas dos contos e das cancións que designan a comida, os alimentos en xeral. Este significado, 'comida, alimentación', a causa do seu carácter xeneralizado e o seu segundo valor semántico figurado, 'coidado, protección', converten o xiro *хлеб-соль pan-sal* nun fraseoloxismo. Ten tamén un aire folclórico a expresión *водить хлеб-соль с кем-нибудь ter pan-sal con alguén* 'ter amizade, trato con alguén' (compárese: *водить хороводы/круги levar as rodas/os círculos* 'bailar en roda/en círculos').

A simbiose do contido material, ritual e folclórico da fórmula *хлеб-соль pan-sal* contribuía á súa conservación na conciencia nacional rusa e na lingua literaria. Moitos costumes e ritos soviéticos, que enriqueceron e transformaron dunha maneira creativa o seu contido, conservan o antigo respecto ó pan que herdamos dos antepasados. Durante as vodas nos Palacios de Matrimonios[583], reciben os acabados de casar cun molete de pan e con sal para desexarlle prosperidade e abundancia á futura familia. Na *tselina*[584] ofrécenlles este molete ós choferes dos coches que levan a nova colleita de pan.

A ofrenda do pan e do sal foi o saúdo oficial dos invitados durante os Xogos Olímpicos do ano 1980. Na fronteira da URSS os representantes de tódalas repúblicas do país recibían a facha olímpica prendida nas terras da antiga Olimpia. Ós participantes da estafeta que representaban os países por onde pasou, Grecia, Bulgaria e Romanía, ofrecíanlles moletes de pan con sal como símbolo de hospitalidade a tódolos deportistas que se dirixían a Moscova.

Desta maneira, o antigo costume grego de traspaso do lume olímpico uniuse inesperadamente ó ritual eslavo antigo que simboliza benevolencia e amizade cos invitados.

4.7. *Гоясы* (Goiasi) e o conto do becerro branco

Xa vimos que as fórmulas poden ser universais e aplicables a tódolos xéneros folclóricos. Sen embargo, o acento pode poñerse nun ou noutro aspecto do seu contido, dependendo de cales sexan as peculiaridades da reproducción da realidade que son específicas para cada xénero. As *bilinas* ou as lendas, por exemplo, con máis frecuencia céntranse nos episodios máis relevantes da historia eslava ou rusa; as cancións dos ritos relacionados co calendario, nos ciclos agrícolas máis importantes; os refráns e os ditos, no código moral e ético do pobo. Por iso, algunhas fórmulas que cristalizaron nun xénero case non se encontran noutros xéneros. Neste caso a fórmula existe só no xénero folclórico. Son moi poucas as combinacións que sendo utilizadas nun único xénero

[583] Departamento do rexistro civil no que pode ser encargada a celebración solemne dunha voda.
[584] *Tselina* é o nome das terras virxes que se empezaron a labrar na época soviética principalmente no territorio de Kazaghstán e nas zonas limítrofes.

entran na fraseoloxía da lingua literaria. A maioría delas, incluso a pesar da súa gran popularidade, queda só nunha zona próxima a esta. Xa vímo-lo exemplo do inicio dos contos *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' que só é típico dun xénero e que non pasou a formar parte do fondo fraseolóxico, mentres que unha fórmula inicial pertencente a un abano de xéneros máis amplo como *молочные реки, кисельные берега ríos de leite, beiras de kisel* 'montes e moreas, o demo e a nai' converteuse nun fraseoloxismo da lingua rusa. A sorte de moitas fórmulas típicas doutros xéneros é análoga.

Velaquí un xiro habitual dende a infancia *гой еси! ¡se san!* '¡saúde!'[585]. Na conciencia dos rusos está estreitamente vinculado coa recitación de *bilinas*, coas proezas de Ilia Muromets, cos grandes banquetes, coas batallas cruentas e co príncipe de Kiev Vladímir Sol Fermoso.

O ciclo de *bilinas* sobre Ilia Muromets empeza dende o momento en que os peregrinos chegan á cidade de Murom, onde o "vello cosaco" levaba trinta anos sentado encima do forno:

> Chegaron entón dous peregrinos minusválidos,
> Entraron na súa casa, rezáronlle a Deus e
> Dixéronlle ó vello Ilia Muromets:
> Oh, vello Ilia Muromets,
> Levántate do forno esmaltado.[586]
> (*Curación de Ilia Muromets*)

Evidentemente, se o folclorista se empeña en buscar *гой еси se san* '¡saúde!' noutras variedades da literatura popular, atoparao. Así, nas cancións históricas dos séculos XVI-XVIII este saúdo tamén se atopa con frecuencia:

> ¡Oh, *se san* [¡saúde!], meu querido neniño!
> ¿Por que non viñeches como antes?
> ¿Ou non che gusta o banquete?[587]
> (*Cantigas históricas do pobo ruso dos séculos XVI-XVIII,* 1915, páx. 556).

Sen embargo, non deixamos de ver que esta canción, recollida na *gubernia* de Arghánguelsk, recorda polo seu ritmo e polo seu contido precisamente a unha *bilina*: non é casual que o famoso especialista no folclore e na literatura antiga rusa, V. P. Adrianov-Peretst, subliñe que o inicio da canción (o fragmento citado) «está estructurado a partir dun motivo habitual da *bilina*» (Адрианов-Перетц, 1974: 69).

Os conxuros nos que se atopa este xiro teñen unha certa dependencia (polo menos

---

[585] Na lingua rusa actual ningunha das palabras que compoñen a expresión *гой еси* ten significado fóra deste xiro. O mesmo xiro é percibido polo falantes contemporáneos como arcaico e o seu significado e bastante opaco para eles. Isto non impide que poidamos presentar o seu significado literal arcaico *se san*.

[586] "Как пришли ле тут две калеки нонь убогие, /Как зашли нонче к ему, богу помолилися, /Говорят они старому Илье Муромцу: /"Ой ты ой еси, старыя Илья Муромец! /Ты ставай-ко нонче с печеньки муравленой". (*Исцеление Ильи Муромца. - Былины* 1957, 64)".

[587] "Уж ты ой еси, мое дорого дитя! /Што же ты приехал не по старому? /Али пир-от тебе бывать не по юму не по уму?". (*Исторические песни русского народа XVI-XVIII вв.* Пг., 1915, с.556)".

xeográfica) da *bilina*:

> Oh, *se san* [¡saúde!], vento forte, axúdame e auxíliame. Oh, *se san* [¡saúde!], sol quente, non queimes e non ségue-lo meu pan, pero queima e abrasa o asente.[588] (Майков, 1869: 122).

Por iso, hai razóns suficientes para considera-la combinación *гой еси se san* '¡saúde!' unha fórmula fixa específica da *bilina*.

¿Que significa? Nos diccionarios recóllese dende o ano 1704. *Гой* interprétase xeralmente como unha chamada a alguén ou unha acentuación deste chamamento (БАС, III, 208). Efectivamente, os protagonistas das *bilinas* adoitan usar esta combinación como unha apelación para escoita-lo que vai ser contado e, quizais, con máis frecuencia como un saúdo ou un bo desexo. É imposible entende-lo propio significado concreto de *гой еси se san* '¡saúde!' sen facer unha digresión etimolóxica.

Os etimólogos e os folcloristas ata hai pouco tempo relacionaban unanimamente a palabra *гой еси se san* '¡saúde!' co antigo verbo *гоити* 'coidar, cebar', 'curar', etc. Se temos en conta que *еси еси* é a forma anticuada do verbo copulativo *быть* 'ser' na segunda persoa do singular, pódese establecer que *гой еси* significa literalmente *¡se san!* (Фасмер, I, 427). Aínda hai pouco, o folclorista e musicólogo M. A. Lobánov nunha ponencia súa estableceu outra hipótese sobre a orixe desta fórmula das *bilinas*. O que facía dubidar da interpretación tradicional era a zona de divulgación tan reducida desta fórmula, a pesar de que o verbo *гоити* 'coidar, cebar' está amplamente representado nas linguas eslavas e indoeuropeas. Presta atención tamén ás variantes formales de *гой еси se san* '¡saúde!' que son *ой еси, а и гой еси, ай да ты еси, гоясы*, etc., que non sempre se poden deducir da citada raíz verbal.

M. A. Lobánov propón relaciona-la fórmula das *bilinas гой еси se san* '¡saúde!' cos sinais de voz (melodías-gritos) que se emiten cando se leva a pasta-lo gando. Estes sinais, que se fan cunha voz moi baixa e moi tensa, recolléronse dos pastores adultos nunha área bastante reducida (na cunca do río Msta) no antigo *uiezd* de Petrozavodsk e na cunca de Mologa (así como outro grito con *¡iei!*). A mesma palabra *гойкать* 'emitir sinais de voz cando se apacenta o gando' recóllese só nas rexións de Novgorod e Vólogda. O autor cita tamén as analoxías ugro-finesas, por exemplo, as melodías dos pastores suecos chamadas *köka*, *kauka*, *hoja*. Dende este punto de vista, o significado primitivo da fórmula da *bilina* é unha denominación máxica: *гой еси se san* '¡saúde!', polo visto, «incluía o nome de quen chamaban», é dicir, desta forza máxica que invoca un ou outro heroe.

A suposición de M. A. Lobánov é interesante porque a versión tradicional non presenta probas irrefutables. Sobre todo son dubidosas: a desproporción da área eslava do verbo **gojiti*, o carácter fragmentario da fórmula da *bilina* (no Norte ruso) e a ausencia do formante do participio que debería aparecer xunto co morfema radical *гой-* que, segundo a analoxía con *жив* (participio de *жити* 'vivir'), aquí debería resultar algo parecido a *гойив*.

[588] "Гой еси, буйный ветер, пособи и помоги мне; Гой еси, солнце жаркое, не пали и не пожинай ты хлеб мой, а жги и пали полынь-траву".

A pesar diso, é moi difícil acepta-la hipótese "da interxección". O seu punto máis fraco é a semántica: calquera significado da interxección, incluso o "máxico", entra en oposición semántica co verbo copulativo en segunda persoa do presente. E o emprego da fórmula no conxuro ó que alude o autor quizais se pode interpretar con máis probabilidade como un desexo de curación e non como unha chamada.

O desexo de saúde está acentuado dunha maneira máis viva e precisa na *bilina* de Ilia Muromets: os peregrinos non só lle desexaron ó protagonista *Ох ты гой еси,* é dicir, que teña saúde, senón que eles mesmos o fixeron real[589].

Dende logo, a existencia de variantes da nosa fórmula leva a confusión. Efectivamente algunhas destas son modificacións formais de *гой еси se san* '¡saúde!' como nos indica a súa posición e a súa función no texto da *bilina*. Así, na *bilina Mighailo Danílovich* o narrador convértea en *вой еси*:

> Dicía Ignatii, o fillo de Danil:
> "¡*Se san* [saúde], príncipe Vladímir, Sol Fermoso!".[590]
>
> (*Былины*,1957: 163).

Nunha canción histórica do século XVIII a transformación vai máis adiante e chega á fusión do xiro nunha única palabra:

> Oh, dixo o señor Ignat,
> Díxolles ós seus cosaquiños:
> Os mozos de Don,
> Os cosaquiños de Don.[591]
>
> (*Cantigas históricas do século XVIII,* M. 1871, páx. 98).

Como vemos, a palabra гоясы creada artificialmente case é un sinónimo de *ко́зачки* (cosacos de Don).

Estes casos, sen embargo, non se poden confundir cos contextos das *bilinas* onde temos claras interxeccións como «¡Oh, meu amor, Dobrinia, fillo de Nikita!»[592] ou «Oh, ti, maldita serpe»[593], que M. A. Lobánov utiliza para confirma-la interpretación interxeccional. Ó analiza-lo texto, convencémonos facilmente de que teñen unha semántica e unha función diferente ás de *гой еси se san* '¡saúde!', como indica, entre outras cousas, a ausencia do verbo copulativo verbal.

O argumento da extensión, que se utiliza en contra da versión tradicional, podemos refutalo, en certa medida, coa axuda dalgúns paralelismos ós que antes non se lles prestaba atención. A este respecto, é moi significativo o saúdo checo *ahoj*! '¡ola!, ¡saúde!'. Como vemos, semanticamente achégase bastante á formula de bo desexo das *bilinas*. Pero os autores dos diccionarios etimolóxicos checos interprétano tamén como unha interxección. V. Machek remóntao á interxección do baixo alemán *ahoi*, que é o

[589] No argumento desta bilina Ilia Muromets cúrase cando chegan os peregrinos.
[590] "Говорил Игнатий сын Данилович: /"Уж ты вой еси, красно солнышко Владимир-князья!".
[591] "Ой да сказал-то, сказал Игнат-сударь, /А сказал он своим ко́зачкам: /Ой вы гоясы да ребятушки, а вы донски... /А вы донские ко́зачки!". (*Исторические песни XVIII века.* М., 1871, с. 98).
[592] "Ах ты душенька, Добрыня сын Никитич!".
[593] "Ой же ты, змея было проклятая".

chamamento que utilizan os mariñeiros, os turistas e os que practican deportes náuticos (Machek, 1971: 34).

Este chamamento marítimo é equiparable ó ruso *Эй!* ¡*Oe*! J. Holub e F. Kopěcný remontan a checa *ahoj* á inglesa *ahoy!* (Holub-Kopěcný, 59), que ten un carácter moi especializado: así berran nos portos ingleses, ou ben cando chaman unha lancha para que se achegue á costa, ou ben para expresar alegría cando, de repente, ven as lanchas dende a costa.

Se profundamos na semántica das chamadas do baixo alemán e, especialmente, do inglés, veremos que a súa relación etimolóxica directa é dubidosa. A inglesa *ahoy!* emprégase con máis frecuencia nas chamadas compostas de carácter profesional: *Ship ahoy!* '¡Barco á vista!' *All hands ahoy!* '¡Zafarrancho de combate!', etc. Non queda ningunha pegada do significado marítimo na checa *ahoj!* Nas inglesas, como vemos, non hai ningún desexo de saúde nin ningún saúdo, o cal é unha característica excepcional da palabra checa.

É moi importante neste caso a cronoloxía. Os etimólogos checos relacionan con toda seguridade *ahoj* cunha época bastante serodia e co movemento turístico dos anos trinta do século XX nos que, polo visto, se divulgou este saúdo. Sen embargo, os datos do antigo checo axudan a precisa-los seus límites cronolóxicos. O caso é que nesta lingua xa se recolleu a palabra orixinal eslava *hoj* co significado 'abundancia, riqueza, ben', que parece conserva-lo matiz de bo desexo en certos contextos:

Bud' pokoj v tvéj moci a hoj v tvých twirzech	literalmente: *que haxa paz no teu estado e abundancia nas túas fortalezas*
Hoy milujícím tebe	literalmente: *ben para os que te queren*

(Sl. Strčs., I, 450).

Pódense atopar exemplos semellantes na zona eslava setentrional (nas linguas serbio-croata e eslovena) onde a palabra *гој* significa 'paz, tranquilidade' e 'o estado dunha persoa ben nutrida, rechea' (compárese *гојан* 'ben nutrido, cebado'). O autor do diccionario en catro volumes da lingua serbio-croata, P. Skok, explica de maneira convincente a relación entre a formación dos verbos *gojiti* e o seu parente *žîti* con *goj*: é análoga á formación da eslava *loj* 'graxa' a partir do verbo *liti* 'verter, botar (líquidos)' (Skok, II, 586). A dici-la verdade, cando citamos estes feitos, non podemos ocultar que nalgunhas zonas eslavas hai berros semellantes ós que M. A. Lobánov mencionou na súa ponencia. Así, nas falas provinciais checas de Valaxia existe a interxección *a hoj* (*a hóóój*) 'grito para que as vacas ou os bois, cando aran ou van polo camiño, anden ou tiren máis a modo'. Ó mesmo tempo, o seu significado non se relaciona de ningunha maneira coa énfase "desiderativa" da checa *ahoj!* '¡ola!, ¡saúde!'

Como vemos, as correspondencias eslavas máis ben apoian a explicación etimolóxica tradicional da fórmula *гой еси se san* '¡saúde!'. Sen embargo, non se pode negar que se formou e fixou como un saúdo específico das *bilinas* formado a partir do verbo *гоити*

'coidar, cebar', 'curar' precisamente no Norte ruso. O esquecemento da relación orixinal podía levar á confusión de *гой еси se san* '¡saúde!' co grito ¡Eh, ti! Isto orixinou as variantes formais *ой еси, ай и ты еси, вой еси, гоясы,* actualizou esta expresión e proporcionoulle unha conservación e un período de vida máis longo ca noutras linguas eslavas.

Para nós, é extremadamente importante o feito de que este saúdo antigo, que orixinariamente significaba '¡se san! (é dicir, que comas ben, que esteas ben nutrido e, en consecuencia, forte)', se cristalizara no seo do xénero folclórico da *bilina*. Isto fíxoo máis resistente e, ó mesmo tempo, impediu que entrara no arsenal doutros xéneros folclóricos e se convertera nun membro activo da fraseoloxía literaria rusa.

Dende logo, a vinculación a un só xénero non era a única causa de que os xiros do tipo *жили-были vivían-eran* 'dunha vez eran' e *гой еси se san* '¡saúde!' non chegaran ós cumios fraseolóxicos. Impedíronllelo tamén a falta dunha imaxe na súa estructura e un certo carácter terminolóxico e estereotipado, que adoitan disminuí-la expresividade da combinación, tan necesaria para a fraseoloxización. Como vimos, as fórmulas folclóricas do tipo *молочные реки, кисельные берега ríos de leite, beiras de kisel* 'abundancia soñada por alguén, montes e moreas' se enchían de variantes, enriquecían as súas imaxes, se transformaban e cambiaban a súa posición no "tecido" do conto e noutras variedades folclóricas, mentres que o inicio *жили-были vivían eran* 'dunha vez eran' e a expresión da *bilina гой еси se san* '¡saúde!' seguen sendo fórmulas.

Polo tanto, baixo certas condicións, a fórmula folclórica pode entrar no fondo fraseolóxico sen ter que ser empregada antes en distintos xéneros. Quizais, un exemplo típico disto é o xiro humorístico *сказка про белого бычка conto do becerro branco* 'o que se repite moitas veces', porque xa a palabra que o inicia é unha especie de "pasaporte" folclórico que confirma que procede dun conto.

A dici-la verdade, nos últimos tempos algúns científicos empezaron a dubidar de que a palabra *сказка* significara precisamente 'conto'.

No brillante libro de divulgación de V. V. Kólesov *A historia da lingua en relatos*[594] exponse unha hipótese moi orixinal sobre a procedencia do xiro *сказка про белого бычка conto do becerro branco* 'algo que se repite moitas veces' (Колесов, 1982: 73-76). Esta parte do libro é especialmente importante para o autor porque nela explica como aparecen as locucións idiomáticas na lingua rusa. Segundo a opinión de V. V. Kólesov, para interpretar historicamente estes xiros, cómpre analiza-los seus compoñentes: a etimoloxía de cada unha das palabras que forma parte da combinación pode se-la clave do enigma da imaxe primitiva. O desciframento da expresión do *becerro branco* 'o que se repite moitas veces' parece servir de exemplo clásico deste método.

A palabra *сказка*, segundo a opinión de V. V. Kólesov, ten un carácter semántico específico, porque no século XVIII xa designaba non só este coñecido xénero folclórico, senón tamén un relato breve, curto, é dicir, un informe, unha conclusión dalgún asunto,

[594] *История русского языка в рассказах.*

dalgunha narración, etc.

Dende o punto de vista histórico, o emprego da preposición *про*[595] tampouco se corresponde co moderno. V. V. Kólesov pensa que a variante *сказка о белом бычке conto do becerro branco* é o resultado dunha confusión de preposicións. Na variante primitiva tiña o significado antigo de *про* 'para, por algo ou alguén'. Precisamente este feito dá orixe a unha interpretación totalmente diferente do significado primitivo do xiro. V. V. Kólesov escribe:

> En realidade non é un conto do becerro branco, senón para o becerro branco. Isto cámbiao todo. (Колесов 74).

Despois vén unha curiosa digresión sobre a etimoloxía profunda da palabra *бычок* 'becerro' e o seu contexto fraseolóxico.

Nesta digresión o autor leva ó lector dende o *бычок* 'becerro' do dito ata o seu "parente" etimolóxico (*бык* 'touro' - *бука* 'buca'[596] - *бучать* 'zoar' - *бъчела* 'abella') *пчела* 'abella' que, pola súa composición sonora parece próxima ó seu "parente". Os dous están «ben nutridos e bradan, máis exactamente, *бучат* 'zoan', é dicir, producen un son baixo denso, ininterrumpido e ameazante». A palabra *белый*, que, segundo a opinión de V. V. Kólesov, se emprega tamén co seu significado antigo de 'incoloro, invisible', «indica que o becerro do refrán en realidade non é o fillo da vaca», nin sequera é unha abella, senón que é «un ser pequeno que aínda que non se ve, óese perfectamente, zoa encima de nós, arredor de nós e dentro de nós mesmos e ó que temos que compoñerlle contos...».

Así, este método de interpretación dos compoñentes da expresión obriga ó autor a chegar á conclusión de que as catro palabras «cambiaron o seu sentido primitivo e isto levou a que cambiara totalmente a combinación». V. V. Kólesov escribe:

> Para vostede, por exemplo, ten un sentido diferente que para min, e os dous estamos moi lonxe do significado primitivo deste fraseoloxismo. Supostamente significaba o seguinte: 'explicar (algo) a un interlocutor invisible' (Колесов 74).

Imos ver se os feitos linguísticos confirman esta interpretación. Pero temos que resolver un problema esencial para a análise histórica da fraseoloxía: ¿pode un xiro primitivo cambiar totalmente de sentido? ¿As catro palabras que forman a expresión efectivamente perderon todo o seu significado primitivo?

A primeira palabra *сказка*, en efecto, tiña antes os significados mentados por V. V. Kólesov. Sen embargo, o significado ó que estamos afeitos 'narración poética popular sobre personaxes e acontecementos inventados, habitualmente coa participación de forzas fantásticas' tiña tamén un emprego amplo e activo. Desenvolveuse e existiu na fala popular "cos mesmos dereitos" có significado xeral da palabra *сказка* 'calquera enunciado, narración, inventada ou non'. Non é casual que S. I. Kotkov, ó titula-lo seu libro *Contos sobre a palabra rusa*[597], subliñara que así denominaban, «entre outras

[595] *Про* é unha das preposicións polisémicas, que, entre outros significados, ten o de 'de, sobre'.
[596] Pequeno personaxe mitolóxico co que asustan os nenos. Vive nas casas ou nos arredores das casas.
[597] *Сказки о русском слове*.

cousas, a calquera información fidedigna, oral ou escrita» (Котков, 1967: 4). Este «entre outras cousas» é unha nota moi oportuna porque a percepción tradicional do conto, do conto popular, con personaxes e argumentos inventados, competía con outros significados da palabra. A dici-la verdade, competía na fala viva, porque nas fontes escritas este significado recóllese só a partir do século XVII. Nembargantes, a existencia da ucraína e da bielorrusa *ка́зка* 'conto' confirma a súa enorme distancia temporal: polo visto, refírese ó período da unidade antiga dos nosos pobos. Desta competencia saíu victorioso o especial emprego "folclórico" que coñecemos agora.

Polo tanto, é imprudente considerar que o *conto* no noso refrán non é o 'conto', baseándose só en que antes esta palabra podía ter tamén (¡precisamente "tamén" e non "só"!) outros significados e, aínda máis, porque no folclore ruso hai un conto popular sobre o condenado becerro branco. Pertence ós chamados contos cíclicos nos que o principio se converte no final cerrando o círculo vicioso:

> —¿Queres que che conte o conto do becerro branco? —Cóntamo. —Ti conta e eu conto. ¿Queres que che conte o conto do becerro branco? . Cóntamo. —Ti conta e eu conto, que sairá de aquí e ata cando. ¿Queres que che conte o conto do becerro branco?[598] (Аф., III, 305).

Como vemos pola combinación *сказать сказку conta-lo conto* e pola citada "narración" sobre o becerro branco, aquí non se trata dun arcaico «relato sobre acontecementos reais» como considera V. V. Kólesov. Un argumento complementario de moita importancia a este respecto son as correspondencias ucraína (*казка при білого бичка conto do becerro branco*) e bielorrusa (*казка пра белага бычка conto do becerro branco*) do noso xiro, nas que a palabra *казка* designa precisamente un conto popular. Isto confirma de maneira convincente o refrán ucraíno:

В пісні правда, а в казці брехня	*Na canción hai verdade, no conto hai mentira*.

Polo tanto, a primeira palabra do noso xiro non cambiou o seu significado dende a orixe do mesmo.

Pódese dici-lo mesmo da preposición *про* 'de, sobre'. Efectivamente o seu significado antigo era 'para, por'. Sen embargo, o significado 'de, sobre' da narración, habitual para nós, non se pode considerar recente: encóntrase non só nas linguas eslavas orientais, senón tamén no checo (por exemplo, *být nadšen pro koho* 'estar entusiasmado con alguén') ou no serbio-croata (*знати про то* 'sabelo'), onde se recolle xa no século XVI pero raras veces. Non é casual que o autor do diccionario etimolóxico especializado de palabras auxiliares, F. Kopečný, ó reconstruí-lo significado antigo do preeslavo *pro* como 'a través de, tras', considere que a función de finalidade está moi próxima á de obxecto (Kopečný, 1973: 216-220). Noutras palabras, 'para, por' e 'de, sobre' están relacionadas por un vínculo semántico antigo. En calquera caso, a existencia do último significado no ruso, ucraíno e bielorruso (compárese (ucraíno) *размовляти про що* 'falar

[598]"- Сказать ли тебе сказку про белого бычка? - Скажи. - Ты скажи, да я скажи, да сказать ли тебе сказку про белого бычка? - Скажи. - Ты скажи, да я скажи, да чего у нас будет, да докуль это будет! Сказать ли тебе сказку про белого бычка?"

de algo', (bielorruso) *гаварыць пра каго-нибудь* 'falar de alguén', etc.) confirman a súa antigüidade.

Polo tanto, xorde o problema de se é posible a interpretación tradicional desta preposición na expresión sobre o becerro branco. Se volvemos a recorrer ó texto do conto cíclico, veremos que o seu inicio contradí claramente a explicación ofrecida por V. V. Kólesov: -*Сказать ли тебе сказку про белого бычка... ¿Queres que che conte o conto do becerro branco... Сказать тебе* anula a posibilidade de interpreta-la preposición como de finalidade. *Тебе* significa 'a ti', entón non pode ser ó mesmo tempo 'para o becerro', independentemente do ser que entendamos baixo a palabra *бычок* 'becerro'. A única traducción posible deste inicio do conto é 'queres que che conte o conto do becerro branco'.

¿É posible que se dúas palabras se empregan nesta expresión co significado habitual da lingua moderna, as outras dúas conserven a súa semántica primitiva?

Para demostralo temos que recorrer ó material dialectal folclórico. ¿Hai alí algunhas variantes que designen algún ser semellante ó "invisible" e pequeno bicho-interlocutor que zoa na néboa reconstruído por V. V. Kólesov?

Resulta que non. Pero pódense atopar xiros semellantes relacionados con animais concretos e tanxibles. Trátase antes que nada da *белая коза cabra branca* que é o sinónimo fraseolóxico do *becerro branco*:

(ucraíno) *ка́зка про бі́лого бичка - ка́зка про бі́лу козу*	*conto do becerro branco - conto da cabra branca*

Esta mesma *cabra branca* entrou no proverbio ruso *Ты ближе к делу, а не про козу белу Fala do asunto e non da cabra branca*, que se di de alguén que non quere ou non pode entender algo ou cando non se pode chegar a un acordo con alguén. Este proverbio pode presentar modificacións. Así, por exemplo en *Despedida de Matioraia*[599] de V. Rasputin emprégase baixo a forma:

Я ей про дело, она - про козу белу.	*Eu fálolle do asunto, ela da cabra branca*.

É curioso que na literatura sexa posible a substitución da *белая коза cabra branca* polo *белая собака can branco*:

> —¡Son mentiras!—exclamou Zaghar. —¡Veña, mirade o parvo! —blasfemou con malicia o avó Alexei. —Fálanche en serio e ti do *can branco* [sempre do mesmo]. ¡Dígoche eu que non son mentiras. (S. Semionov, *Briughani.* Citado por Жуков 1966).[600]

É fácil ver que o ucraíno *ка́зка про бі́лу козу conto da cabra branca* e o proverbio ruso sobre a mesma cabra están estreitamente relacionados polo argumento dalgún conto

[599] *Прощание с Матёрой.*

[600] "- Это враки! - воскликнул Захар. - Ну, вот и возьмите дурака! - злобно выругался дед Алексей. - Ему говорят дело, а он - собака бела. Коли тебе говорят, так, стало быть, не враки!". (С. Семенов, *Брюханы.* - Цит. по: Жуков 1966)

cíclico, aínda que os seus empregos figurados son distintos.

Pódese atopar tal motivo na fraseoloxía arraigada no argumento dos contos doutros pobos. Por exemplo, a expresión kaxuba *gắdac o čarńim buli* (literalmente: *falar do touro negro*) significa 'repiti-lo mesmo, dici-lo mesmo', a letona *pasaka par balto vistiņu* (literalmente: *conto da galiña branca*), a moldava *повестя ку кукошул рошу* e a romanesa *povestea cu cocoşul roşu* (literalmente: *conto do galo vermello*) é o mesmo que a rusa *сказка про белого бычка conto do becerro branco* 'algo que ser repite moitas veces'.

Nos contos cíclicos rusos atópanse outros animais e aves. Así, hai moi pouco tempo, o famoso recompilador do folclore V. S. Baghtín recolleu na comarca de Leningrado os contos cíclicos do oso e do corvo:

> ¡O oso púxose encima dun tronco cortado e
> Tirouse á auga!
> E cómo se estivo mollando, mollando
> E cómo se estivo empapando, empapando,
> Mollouse, empapouse,
> Saíu, secouse.
> O oso púxose encima dun tronco cortado...
> Seguimos indo, vemos unha ponte,
> Na ponte está secándose o corvo.
> Collémolo pola cola,
> Tirámolo debaixo da ponte.
> ¡Que se molle!
> Seguimos indo, vemos unha ponte,
> Debaixo da ponte móllase un corvo,
> Collémolo pola cola,
> Tirámolo encima da ponte.
> ¡Que se seque!
> Seguimos indo...[601]
>
> (Бахтин, 1982: 511-512).

Coñécese dende hai moito tempo un conto semellante sobre o grou e a grúa:

> Érase unha vez un grou e unha grúa, fixeron unha meda de feo, ¿queredes que volo conte dende o final?[602]

Leskov utilízao nunha forma un pouco modificada e "explica" este conto coa famosa frase sobre a pega e Iakov:

> Sempre a mesma fábula cíclica: érase unha vez un envurullo e un grou, segaron unha meda de feo, puxérona no medio do campo, ¿queredes que vos conte dende o final? Así empezou a pega con Iakov e así con todos (*Marxinados*).[603]

---

[601] "Встал медведь на колоду - /Бултых в воду! /Уж он в воде мок, мок, /Уж он в воде кис, кис /Вымок, выкис, /Вылез, высох. /Встал медведь на колоду.../Едем дальше, видим - мост, /На мосту ворона сохнет. /Хвать ее за хвост, /Шасть ее под мост - /Пусть она помокнет! /Едем дальше, видим - мост, /Под мостом ворона мокнет. /Хвать ее за хвост, /Шасть ее на мост - /Пусть она обсохнет! /Едем дальше...".

[602] "Жил-был журавль с журавлихой, поставили они стожок сенца - не сказать ли опять с конца?".

[603] "Все одна докучная басня: жили-были кутыль да журавль, накосили они себе стожок сенца, поставили

Ás veces nestes contos os protagonistas son persoas ou personaxes míticos como a baba Iagá do Norte ruso, Xakxa:

> Érase unha vez un vello, tiña un pozo, no pozo vivía un peixe, aquí termina o conto. Érase unha vez un tsar, tiña un patio, no patio estaba cravada unha estaca, na estaca había líber de tilo; ¿queredes que volo conte dende o principio?[604] (Аф., III, 305);
>
> Érase unha vez unha avoa nos límites da aldea. O avó fixo unha meda de feo para a avoa. ¿Conto o conto dende o final?[605] (Бахтин, 1982: 511);
>
> "—¡Conta o conto! —¿Sobre Xakxa de ollos brancos? —¡Conta outro! —¿Sobre Xakxa de la? —¡Conta un terceiro! —¿Sobre Xakxa cunha despensa?, etc.".[606] *и т. д.* (Черепанова, 1983: 88).

Contos semellantes atópanse entre outros pobos eslavos orientais, por exemplo, entre os bielorrusos:

> Ía *Bai* pola parede, fixo unhas alpargatas para el e para a súa muller, e unhas alpargatiñas para o neniño, ben, ¿sigo contando ou non?[607] (Ляцкий, 1897: 14).

Бай (bai) é un personaxe mítico que conta contos.

¿Dános todo este material resposta á pregunta sobre o significado primitivo das palabras *белый бычок*?

Parece que si. A partir dos variados epítetos cromáticos dos nomes dos personaxes dos contos cíclicos queda claro que o becerro do dito non podía ser orixinariamente "incoloro". Podemos aceptar *a priori* que o becerro zoante era 'invisible, que non tiña cor nin contornos', pero a *cabra branca* ou o *can branco* rusos e ucraínos, a *galiña branca* letona ou o *galo vermello* moldavo e romanés non se poden considerar invisibles ou desprovistos de contornos de ningunha maneira. O epíteto antónimo *negro* no xiro kaxubo *gȯdac o čarnîm buli falar do touro negro*, que, como vimos, non cambia o seu significado fraseolóxico a pesar desta antonimia, indica o carácter cromático do adxectivo *белый* 'branco' nestas expresións.

En fin, os datos folclóricos testemuñan claramente que *бычок* é, a pesar de todo, o "fillo da vaca" no noso dito. Confírmano tamén os paralelismos zoolóxicos do *becerro branco*: *cabra*, *can*, *oso*, *galiña*, *galo*, *grou*, *corvo*, *peixe* que atopamos nos contos cíclicos. Incluso seres míticos como Xakxa ou Bai bielorruso non se parecen en absoluto ó "zoante" becerro efémero sen contornos que reconstrúe V. V. Kólesov. Que iso é só

посеред польца, не сказать ли вам опять с конца? Зарядила сорока Якова и с тем до всякого". (*Обойденные*).

[604] "Жил-был старик, у старика был колодец, а в колодце-то елец, тут и сказке конец; Жил-был царь, у царя был двор, на дворе был кол, на колу мочало; не сказать ли с начала?".

[605] "Жила-была бабушка на краю сельца. Поставил дедушка бабушке стожочек сенца. Не рассказать ли сказочку с конца?".

[606] "Скажи сказку! - Про Шакшу-белоглазку? - Скажи вторую! - Про Шакшу шарсную? - Скажи третью! - Про Шакшу с клетью?".

[607] "Ішоў бай по сцяне́, паплеў ла́пци сабе́ и жане́, и дзяцёнку на лапцёнку, а ци ба́ишь, ци не?".

unha reconstrucción hipotética confírmao o *Diccionario das falas populares rusas*[608] que non recolle ningún significado da palabra *бычок* que recorde a algún parente da abella. Iso enténdese: *бык* 'touro' e *бъчела* 'abella', que efectivamente remontan a unha raíz común indoeuropea, deixaron de ser parentes directos xa na época preeslava (compárese as diferencias entre estas palabras non só en ruso e ucraíno, senón tamén en checo e búlgaro). O dito do becerro branco é relativamente serodio, como nos indica a ausencia de xiros análogos nas linguas eslavas setentrionais e na maioría das linguas eslavas occidentais.

Así pois, a análise lingüística baseada no estudio do modelo fraseolóxico caracterizado por un significado e por unha forma sintáctico-estructural común, fainos volver á explicación tradicional do xiro do *becerro branco*, que xa se coñecía no século pasado (Мих., 1912: 80; Макс.: 294) e pasou ás recompilacións máis modernas de apotegmas e de refráns (Аш., 611.-612; Фелицина, Прохоров, 1979: 89). Esta interpretación está baseada na intuición obxectiva dos rusofalantes, que perciben a relación do xiro do *becerro branco* co conto cíclico.

A "sensación" intuitiva de conto transmitiuna Puxkin, quen non só foi un dos primeiros en empregar este xiro folclórico na lingua escrita, senón que amosou co seu emprego (*бык* 'touro', en vez de *бычок* 'becerro') que aquí se oculta a imaxe dun touro:

> Meu Delvig, recibín tódalas túas cartas e contestei a case todas. Acordeime da vida do Liceo, ¡que Deus vos bendiga por iso a ti e ó meu Puxin! Estades aburridos, estamos aburridos: ¿cóntovos o *conto do becerro branco*? (Carta a Delvig, 16 de novembro de 1823).[609]

Os escritores contemporáneos espellan tamén o carácter humorístico do xiro:

> Timofei tomou outra copa. Agora parece que entendeu todo: dábase pena el mesmo, dáballe pena a súa vida. A verdade é que non viviu.
> —O noso parece o *conto do becerro branco* [sempre o mesmo], Polia... (V. Xukxin, *Entrada para a segunda sesión*).[610]

A expresión *сказка про белого бычка conto do becerro branco* 'algo que se repite moitas veces', polo tanto, xurdiu no seo dun xénero folclórico moi popular, do conto cíclico, e é o seu resto fraseolóxico directo. Ó separarse do seu prototipo, segue conservando o seu humor e o seu significado xeneralizado: 'unha conversa sen fin sobre o mesmo tema'. Esta conservación débese na súa maior parte ó feito de que as palabras que compoñen esta expresión son sinxelas coma a mesma fala popular, que non soporta idiotismos pero na que abundan os fraseoloxismos.

---

[608] *Словарь русских народных говоров.*

[609] "Мой Дельвиг, я получил все твои письма и отвечал почти на все. Вчера повеяло мне жизнию лицейскою, слава и благодарение за то тебе и моему Пущину! Вам скучно, нам скучно: сказать ли вам сказку про белого быка?" (*Письмо Дельвигу, 16 ноября 1823 г.*).

[610] "Тимофей еще выпил. Вот теперь он, кажется, все понял: жалко себя, жалко свою прожитую жизнь. Не вышло жизни.
- Сказка про белого бычка у нас получается, Поля...". (В. Шукшин, *Билетик на второй сеанс*).

4.8. A herba silenciosa, a incorrección correcta

Neste capítulo analizámo-la historia das expresións que teñen un marcado carácter folclórico: calquera ruso adiviña nelas as imaxes e o ritmo dun ou doutro xénero da literatura popular oral, coa que está familiarizado dende a infancia. Mais na nosa lingua hai moitas que «están relacionadas co folclore pero que saíron deste ámbito» (Бабкин, 1970: 181).

Entre elas inclúense as «locucións expresivas e emocionais» do tipo

знай наших!	*¡coñece os nosos!* '¡veredes do que somos capaces!
знаем мы вас!	*¡coñecémosvos!* 'sabemos do que sodes capaces!'
знаем, где раки зимуют!	*¡sabemos onde invernan os cangrexos!* 'sabemos a qué medio recorrer'
ходить гоголем	*andar coma un mergullón* 'fachendear, presumir'
трын-трава	*herba do esquecemento* 'tanto ten, a min que me importa, impórtame un chivo'

Sen embargo, non eran os "átomos marcados" da literatura oral, senón que esta os asimilou cos mesmos dereitos có léxico ruso común. Cómpre dicir que o límite entre as expresións propiamente folclóricas e as comúns na fala popular é moi difuso: as obras folclóricas nútrense só co zume da lingua viva que se somete a unha certa modificación estética.

Practicamente pasa o mesmo no proceso de asimilación dos xiros folclóricos pola literatura. Habitualmente os escritores utilízanos para estilizaren e, aínda máis a miúdo, para crearen un especial colorido popular ou para aumentaren a tensión expresiva común do texto. Os escritores non só empregan os fraseoloxismos que entraron na lingua da literatura popular oral, senón que ás veces codifican unha ou outra variante e fan a mesma pregunta de sempre: ¿Falamos correctamente?

A dici-la verdade, a resposta a esta pregunta non sempre é convincente.

Velaquí os exemplos de como os escritores contemporáneos empregan o xiro folclórico *тише воды, ниже травы máis silandeiro cá auga, máis baixo cá herba* 'tímido, mediocre, submiso, modesto':

> Durante varios días Daria parecía *máis silandeira cá auga e máis baixa cá herba* [submisa], polas noites deitábase antes ca ninguén (M. Xologhov *O Don Tranquilo*).
>
> ¿Sabes como se comportaría outro no seu lugar despois desta historia? ¡Máis

> silandeiro *cá auga, máis baixo cá herba* [submiso]! (F. Abramov, *Cabalos de madeira*).
>
> Se Daria se vira na situación en que estaba Sima, que vivía nunha aldea allea, sen parentes nin protección, cun neto pequeno, tamén estaría *máis silandeira cá auga e máis baixa cá herba* [submisa] (V. Rasputin, *Despedida de Matioraia*).[611]

O carácter coloquial e proverbial desta expresión leva a algúns puristas a pensar que precisamente o ambiente coloquial a deformou e escureceu o seu sentido primitivo. O escritor de San-Petersburgo B. N. Timofeev inclúe categoricamente a expresión *тише воды, ниже травы máis silandeiro cá auga, máis baixo cá herba* 'tímido, mediocre, submiso, modesto' entre os enunciados "incorrectos":

> Así é como todos pronuncian este dito. Nesta forma aparece a miúdo na literatura... Mentres tanto, o dito orixinal soa algo diferente: *тише травы ниже воды Máis silandeiro cá herba, máis baixo cá auga* 'tímido, mediocre, submiso, modesto'. Parece que "a orde dos factores non altera o producto". ¡Pero non é así! Repito, a lingua non é matemáticas...
>
> ¿Que é o que pasa? Imos velo...
>
> A herba non é baixa necesariamente. Hai algunha herba que chega te-la altura dunha persoa, así que é moi fácil ser "máis baixo" cá herba. Pero incluso a herba alta, cando sopra un vento forte, produce un leve murmurio e, por iso, é difícil ser "máis silencioso" cá herba. (O dito *Слы́шно, как трава́ растёт Óese como medra a herba* 'haber moito silencio' indícanos que a herba está relacionada co concepto do silencio).
>
> Pasemos á auga. A auga non sempre é silenciosa. Ás veces, unha corrente grande e impetuosa produce moito ruído. Por iso, é fácil ser "máis silencioso" cá auga, pero é imposible ser "máis baixo cá auga" (¡sen corre-lo risco de afogar!).
>
> Diso fala un sabio dito popular*: Máis silandeiro cá herba, máis baixo cá auga* 'tímido, mediocre, submiso, modesto' que case todos pronuncian mal (Тимофеев, 1963: 276).

¿Quizais os escritores contemporáneos, incluso mestres da palabra como M. Xologhov, F. Abramov e V. Rasputin, efectivamente empregan incorrectamente esta expresión folclórica seguindo a millóns de lectores seus? A lóxica de B. N. Timofeev, a primeira vista, parece convincente.

Pero precisamente a primeira vista, porque se pensamos con atención nela e, o que é o máis importante, se recorremos ós datos lingüísticos, as palabras "incorrectas" volven ser correctas.

Antes que nada cómpre averiguar se se atopa nalgunha obra a forma do dito que B. N.

---

[611] "Несколько дней Дарья ходила тише воды, ниже травы, по вечерам раньше всех ложилась спать". (М. Шолохов, *Тихий Дон*);
"Другой бы на его месте после такой истории, знаешь, как повел себя? Тише воды, ниже травы. А этот такая поперечина - за все взыск". (Ф. Абрамов, *Деревянные кони*);
"И стань она, Дарья, в положение Симы, живущей в чужой деревне, без родни и защиты, с малолетним внучонком на руках - тоже была бы тише воды, ниже травы". (В. Распутин, *Прощание с Матерой*).

Timofeev considera orixinal. En realidade, este problema non é simplemente "formal", senón tamén cronolóxico.

Este xiro xa se emprega na literatura do século XVIII na forma que é habitual para nós e co mesmo significado 'moi submiso, tímido, modesto, mediocre':

> [Filip:] A moza ten que ser *máis silandeira cá auga, máis baixa cá herba* [submisa] e se di algo diante miña, dareille na sen. [Matvei:] Non, Filip, por Deus, non; non a toques (Plavilxikov, *O muiñeiro e o vendedor de sbiten*).

> [Don Pedro:] ¿Temos que ser orgullosos nós, os pícaros? Temos que estar *máis silandeiros cá auga, máis baixos cá herba* [modestos, tímidos] (*Don Pedro Prokodurante*).[612]

A dici-la verdade, é posible algunha transposición sintáctica dos compoñentes que, sen embargo, non cambia o significado recto nin figurado do xiro:

> [Paramón]: É unha vergoña louva-la propia filla, pero é un pecado non dicir que será contigo *máis baixa cá herba e máis silandeira cá auga* [modesta] (Kniajnin, *Festa*).[613]

Precisamente baixo a forma *тише воды, ниже травы máis silencioso cá auga, máis baixo cá* herba 'moi submiso, modesto, tímido, mediocre' a nosa expresión ten moita vitalidade na literatura do século XIX:

> Se comparte o meu amor, quedarei aquí, serei *máis silandeiro cá auga, máis baixo cá herba* [modesto] (A. I. Goncharov, *Precipicio*).

> Noutra época os traballadores de Mark Danilich eran todos alborotadores e agora todos, dende o primeiro ata o último, son *máis silandeiros cá auga, máis baixos cá herba* [submisos], están moi tranquilos (A. Pecherski, *Nas montañas*).[614]

Conservábase neste período a variante sintáctica *тише воды, ниже травы*:

> Se escoitámo-lo que di el, Dal é *máis baixo cá herba, máis silandeiro cá auga* [modesto]. Pero nos seus relatos atopamos algunhas cousas que nos asombran (I. S. Turguénev, *Novelas e etc. de Kazak Luganski*).[615]

V. I. Lenin emprega este xiro no mesmo sentido:

> A burguesía goberna e controla a economía sen ceder nada do seu poder, mantendo

---

[612] "[Филипп:] Девке надо быть тише воды, ниже травы; а есть ли она хоть пикнет передо мною, так я ей виски отстучу. [Матвей:] Нет, нет, Филипп! ради бога не трогай ее". (Плавильщиков, *Мельник и сбитенщик...);*
"[Дон Педро:] Нам ли, плутам, гордиться? Нам должно быть тише воды, ниже травы". (*Дон Педро Прокодуранте*)*;* (Палевская 1980, 332).

[613] "[Парамон:] Стыдно свою дочь хвалить, а грешно не сказать, что она будет у тебя ниже травы, тише воды". (Княжнин, *Посиделки*).

[614] "Если вы разделите мою любовь, я останусь здесь, буду тише воды, ниже травы". (А. И. Гончаров, *Обрыв*);
"В иное время у Марка Данилыча работники - буян на буяне, а теперь от первого до последнего тише воды, ниже травы, ходят, как линь по дну, воды не замутят". (А. Печерский, *На горах*).

[615] "Послушать его Даля - он ниже травы, тише воды. Но в его рассказах то и дело попадаются вещицы, от которых так и хочется подпрыгнуть". (И. С. Тургенев, *Повести и пр. Казака Луганского*).

> o obreiro *máis silandeiro cá auga, máis baixo cá herba* [submiso]. (V. I. Lenin, *Quen son os "amigos do pobo" e como loitan contra os social-demócratas*, Obras completas, t. 1, páx. 267).
>
> Durante esta reunión falou, antes que ninguén, Brak, o socialista que durante toda a guerra apoiou o punto de vista dos nosos mencheviques e dos partidarios da defensa da dereita. Agora estaba *máis silandeiro cá auga, máis baixo cá herba* [tímido]. ¡Non dixo nin unha palabra sobre ningún problema espiñento! (V. I. Lenin, *Sobre a fundación da Internacional Comunista*, Obras completas, t. 37, páx. 516).[616]

Os diccionarios da lingua rusa xa dende hai tempo recollen o xiro sobre a auga e a herba na forma habitual para nós, e teñen en conta a variación sintáctica espellada na literatura. Así, no diccionario de V. I. Dal atopamos *тише воды, ниже травы máis silandeiro cá auga, máis baixo cá herba* 'moi submiso, modesto, tímido, mediocre' (Даль IV, 424) e *будь ниже травы, тише воды ser máis baixo cá herba, máis silencioso cá auga* 'moi submiso, modesto, tímido, mediocre' (I, 219). A súa presencia nas linguas bielorrusa e ucraína indica, probablemente, que este xiro existe baixo esta forma dende hai moito tempo.

Como vemos, ningunha fonte confirma esta primitiva forma "correcta" do noso xiro, *тише травы ниже воды máis silandeiro cá herba, mais baixo cá auga* 'moi submiso, modesto, tímido, mediocre'. Polo visto, é só unha atrevida reconstrucción do escritor de San-Petersburgo baseada no chamado sentido común. A alusión ó folclore amosa a falta de lóxica deste "sentido común". B. N. Timofeev fixo demasiado contemporánea a motivación e a forma do xiro sen prestarlle atención ó simbolismo da auga e da herba formado na literatura popular dende hai moito tempo.

No folclore ruso a auga e a herba a miúdo aparecen xuntas. Velaquí algúns refráns nos que non se poden separar:

Зелена трава - не далече (не глубоко) вода	*Se a herba é verde, a auga non está lonxe (profunda)*
Пока травка подрастет, воды много утечет	*Mentres medre a herba, correrá moita auga*
Быль - трава, небыль - вода	*O conto do que foi real é herba, o conto que non foi real é auga*
Быль, что трава, небыль, что вода	*O conto do que foi real é coma a herba, o conto que non foi real é coma a agua*

[616] "В экономической области буржуазия царит и правит безраздельно, держа рабочего "тише воды, ниже травы". (В. И. Ленин *Что такое друзья народа и как они воюют против социал-демократов.* - Полн. собр. соч., т. 1, с7 267);
"На этом собрании выступил прежде всего Брак - социалист, который в течение всей войны стоял на точке зрения наших меньшевиков и правых оборонцев. Он держался теперь тише воды, ниже травы. Ни слова ни об одном больном вопросе!". (В. И. Ленин. *Об основании Коммунистического Интернационала.* - Полн. собр. соч., т. 37, с. 516).

Dende logo, a unión destas palabras vén dada por causas puramente eufónicas: crean un debuxo rítmico e, segundo os canons da poesía popular, unha certa rima. Non obstante, o elo principal aquí é a semántica. A relación da auga e da herba no primeiro refrán ten un carácter claramente materialista: a intensidade do verde da herba depende da proximidade da auga. Por iso, non é casual que o dito *с воды да с травы da auga e da herba* adquirira o carácter de "fórmula xurídica" na zona de Don, sen deixar de ser un elemento da literatura popular oral. V. P. Adrianova-Peretst escribe:

> Os cosacos, para subliñaren que servían desinteresadamente ó tsar de Moscova, opoñíanse ós boiardos e ós terratenentes nobres: aqueles serven «*a cambio de terras e de facendas*» e os cosacos «*non a cambio de terras nin de facendas, senón de auga e de terra*», é dicir, que pescan nos territorios da estepa deshabitados e apacentan o gando na "herba" que non pertence a ninguén. Ás veces esta fórmula redúcese ó suprimirlle a primeira parte, que soa coma un reproche: «*servimos a cambio de herba e de auga*» ou «*de terra e de auga*». (Адрианова-Перетц, 1974: 81).

Nos refráns onde a *herba* (*трава*) se compara co *conto que foi real* (*быль*) e a *auga* (*вода*) co *conto que non foi real* (*небыль*) destaca a separación metafórica do significado "xeográfico" concreto. Detrás desta comparación está a "refundición" secular da palabra no crisol da literatura popular. Aquí vémo-lo pasado cuberto da herba do esquecemento (*Было, да быльем поросло Era, pero xa se cubriu coa herba* 'Hai moito tempo e xa está esquecido'), as herbas que crecen sempre no mesmo sitio opostas á auga que sempre corre e vai a algún lado (por iso, non é real). V. I. Dal descifra este simbolismo moi brevemente pero de maneira moi exacta:

быль, что трава (ноги оплетает), небыль, что вода (сбегает) (Даль I: 219).	*o conto do que foi real é coma a herba (cobre as pernas), o conto do que non foi real é coma a auga (corre cara abaixo)*

Neste comentario atopámo-la calidade da herba que confundiu a B. N. Timofeev: cobre as pernas e, por iso, é "máis baixa". Por regra xeral está máis abaixo pero, dende logo, hai herbas que alcanzan a altura dunha persoa. Non se trata da herba en xeral, senón do simbolismo e da altura da herba no folclore. Neste está precisamente máis abaixo porque cobre as pernas, porque a esmagan os pezuños do cabalo, porque se estende pola terra cando o protagonista do conto se deita a carón do chan. Non é casual que no conto sobre *Sivka-burka, vexaia kaurka* a folla se levante diante da herba cando se pronuncia a frase sacramental *Стань передо мной, как лист перед травой! ¡Ponte diante miña coma a folla diante da herba!* Compárese a expresión de Siberia:

как лист с травой живут	*coma a folla e a herba* 'viven en harmonía, en amizade'.

Aquí, aínda que a herba parece ser "a dona" da folla, esta resulta ser máis alta. "A posición baixa" da herba explícase tamén polo feito de que o vento a inclina e a esmaga con facilidade contra a terra, a diferencia das árbores no bosque. Recórdanos iso a comparación fixa ucraína *гнеться як трава від вітру dóbrase coma a herba baixo o*

vento, que caracteriza a persoa que sofre reveses da fortuna. O antigo refrán ruso *Солдатская голова, как под дождичком трава A cabeza do soldado é igual cá herba baixo a chuvia* recorda a mesma "humildade" da herba diante do mal tempo.

Polo tanto, cómpre entende-la lóxica simbólica da herba como medida de algo baixo, non en xeral, senón en comparación co seu contrapunto "vexetal": o bosque e as árbores do bosque. Isto está moi ben expresado na comparación *как травинка перед лесом coma unha herba diante do monte* (ДШ, 713), que se di dunha persoa tranquila, compracente, apracible, e que está formada a partir desta oposición. O bosque, a diferencia da herba, representa nos contos a medida de algo alto. A palabra *лес* 'bosque' co epíteto *стоячий* 'o que está de pé' (é dicir, que non se inclina nin se arrastra pola terra coma a herba) entra noutro xiro folclórico que se corresponde pola súa estructura co dito sobre a auga e a herba *выше лесу стоячего, ниже облака ходячего máis alto có bosque dereito, máis baixo cá nube que anda* 'emprégase nos contos para designa-la altura á que voa, por exemplo, a alfombra voante'.

Velaquí un dos contos típicos de Iván-*bogatir*[617], fillo de campesiño, onde esta comparación é unha especie de medida agrimensora:

> Entón Iván, fillo de campesiño, monta o seu bo cabalo e dálle polas cadeiras fortes, e o cabalo enfádase, levántase da terra *máis alto có bosque, máis baixo cá nube que anda*, deixa pasa-las montañas e as chairas entre as pernas, cobre coa cola os ríos grandes, bota fume espeso polas orellas, bota un lume grande polas ventas[618] (Аф., III, 362).

Na literatura rusa do século pasado, este xiro, que tiña unha clara marca folclórica, adquiriu un significado figurado: considerarse *превыше облака ходячего, выше леса стоячего máis alto cá nube que anda, máis alto có monte erguido* significaba 'ser altivo e soberbio, valorarse en exceso' (Мих. II, 113).

Entón está claro por qué precisamente a herba chegou a se-la medida da "baixura" na nosa expresión. Agora quédanos por aclarar se ten lóxica a relación da auga co carácter tranquilo e dócil. Dende logo, B. N. Timofeev ten razón cando afirma que «a auga non é tranquila necesariamente». Pero os datos folclóricos refutan este principio de maneira convincente nos casos en que se trata da característica dunha persoa aparentemente tranquila. Velaquí dúas comparacións eslavas orientais:

(bielorruso) *ціхі як вада* (Янк., 1973: 189)	*tranquilo coma a auga* 'dise dunha persoa tranquila en aparencia'
(ucraíno) *тихий, як глубока вода* (Фр., I, 249)	*tranquilo coma a auga profunda* 'dise dunha persoa tranquila en aparencia'

[617] *Bogatir* é un personaxe do folclore ruso, un home forte.

[618] "Тогда Иван крестьянский сын садится на доброго коня и бьет его по крутым бедрам, и тот конь осержается, от земли подымается, выше леса стоячего, что пониже облака ходячего, долы и горы между ног пускает, великие реки хвостом устилает, из ушей своих выпускает густой дым, а из ноздрей кидает пламя великое".

Relaciónanse coa:

ucraína *тиха вода* (Фр., I, 248)	*auga mansa* ‘persoa que finxe ser tranquila e dócil pero que en realidade pode facer algo malo’.
búlgara *тиха вода* (ФРБ, II, 398)	*auga mansa* ‘persoa que finxe ser tranquila e dócil pero que en realidade pode facer algo malo’.
a serbio-croata *тиха (мирна) вода*	*auga mansa* ‘persoa que finxe ser tranquila e dócil pero que en realidade pode facer algo malo’.

Toda esta serie de expresións eslavas son restos do antigo refrán divulgado entre tódolos eslavos:

Тихая вода берега подмывает	*A auga mansa socava as beiras*
Тихие воды глубоки	*As augas mansas son profundas*
(ucraíno) *Тиха вода береги ломить, а бистра тамуе*	*A auga mansa rompe as beiras e a rápida contenas*
Тиха вода береги лупае, а бистра йде та перейде	*A auga mansa golpea as beiras e a rápida vai e sobrepásaas*
Тихая вода греблю (плотину) рве	*A auga mansa destrúe a presa*
(polaco) *Cicha woda brzegi podriwa (rwie)*	*A auga mansa socava a beira (rompe)*
(checo) *Tichá voda břehy podrývá (ryje, podmílá), prudká před běží*	*A auga mansa rompe (socava) a beira e a rápida corre adiante*
(búlgaro) *Тихата вода бряг рони*	*A auga mansa socava a beira*
Тихата вода по-дълдоко копае	*A auga mansa cava máis profundo*
(serbio-croata) *Тихая вода брег подjеда*	*A auga mansa come a beira*

Este refrán ten unha correspondencia case exacta en moitos pobos europeos [619]:

(alemán) *Stille Wasser sind tief*	*As augas mansas son profundas*
(inglés) *Still waters have deep bottoms*	*As augas mansas teñen un fondo profundo*

[619] En galego dise *Da auga mansa líbreme Deus, que da auga brava librareime eu. ¡Gárdate da auga mansa que non corre!*

(danés) *Stille Vande have dybe Grunde*	*As augas mansas teñen un fondo profundo*
(francés) *Il n'est pire eau que l'eau qui dort*	*Non hai peor auga cá que dorme*

etc.

Tales refráns espellan ben o simbolismo dialéctico da auga na literatura popular: é un espello tranquilo, apracible e liso, pero, ó mesmo tempo, profunda, unha forza perigosa e destructiva.

O proverbio *тише воды, ниже травы máis silencioso cá auga, máis baixo cá herba* 'moi submiso, modesto, tímido, mediocre' espella só a primeira forma simbólica desta dialéctica. Sen embargo, vemos que este simbolismo non só ten unha xustificación lóxica, senón que está consagrado pola antiga tradición folclórica que uniu estreitamente *вода* 'a auga' co epíteto *тихий* 'manso' e *трава* 'a herba' co epíteto *низший* 'inferior'. Non fai falta poñer en dúbida a corrección desta relación, porque non a rompen nin os clásicos nin os artistas da palabra contemporáneos, senón que a manteñen coidadosamente.

Os escritores rusos sempre foron admiradores apaixonados e "divulgadores" coidadosos do folclore, que en tódolos tempos serve de fonte inesgotable de inspiración creativa, de código moral e ético do noso pobo e de tesouro interminable da nosa lingua. Puxkin escríbelle en novembro de 1824 a seu irmán Lev Sergueevich dende Mighailovskoie:

> Polas noites escoito contos e así compenso as carencias da miña maldita educación. ¡Estes contos son unha marabilla! ¡Cada un é un poema!".[620]

Tiña a mesma opinión entusiasta das cancións, lendas e refráns populares. Toda a obra do poeta ruso está chea de amor ó folclore. Por iso precisamente, Puxkin é o creador da lingua moderna rusa, porque, coñecendo ben e querendo a lingua popular, tivo a audacia de elevala ata o nivel da lingua literaria.

Gracias a Puxkin, mergullámonos nesta *auga viva* cando de nenos escoitámo-lo *Conto do pescador e do peixe*[621], cando lemos *A filla do capitán*[622] que inclúe a canción prefirida de Pugachiov "Non fagas ruído, a carballeira verde"[623] ou cando escoitámo-la canción de xogo da ópera "Evgueni Oneguin":

> Mozas guapas,
> Miñas almas, amiguiñas,
> Xogade, mozas,
> Divertídevos, mozas
> Cando atraiamos ó mozo,
> Cando o vexamos de lonxe,

[620] "Вечером слушаю сказки - и вознаграждаю тем недостатки проклятого своего воспитания. Что за прелесть эти сказки! Каждая есть поэма!".
[621] *Сказка о рыбаке и рыбке.*
[622] *Капитанская дочка.*
[623] "Не шуми, мати зеленая дубравушка".

Corramos a tódolos lados,
Botarémoslle guindas,
Guindas, framboesas,
Sorbeira vermella.[624]

Gracias a Puxkin, así como a moitos outros escritores, asimilamos todos aqueles símbolos, fórmulas e ritmos folclóricos que crean o colorido nacional da lingua rusa. En realidade, a canción popular no mundo enteiro, pero que segue sendo rusa, "Lamagueiro-framboesa miña"[625], a canción de xogo de Puxkin e o símbolo poético de Xukxin da súa película *Lamagueiro vermello*[626] son repeticións artísticas do antigo tema das cancións rusas, da "fórmula folclórica" que une *калина* 'lamagueiro' con *малина* 'framboesa' e con *смородина* 'sorbeira'. Nas cantigas populares pódense atopar dentro da mesma estrofa:

Non nacía nada en ti, miña chaira,
Nin cogomelos, nin froitos, nin sorbeira negra,
Nin lamagueiro amargo, nin framboesa doce.[627]
(Соб., IV, 5).

Para un estranxeiro que non sexa experto no noso folclore a *framboesa* e a *sorbeira* e, aínda máis, o descoñecido e nunca probado *lamagueiro* non son máis que os froitos do bosque. Así é como se perciben estas palabras de Puxkin e Xukxin. Para un ruso son símbolos poéticos nacionais, algo propio, habitual, familiar. O sentido figurado, ritual e folclórico destes símbolos, a dici-la verdade, non é coñecido por tódolos rusos.

Mentres tanto, é difícil entende-lo dramatismo do título da película _ *Lamagueiro vermello*[628] sen saber que *lamagueiro amargo* era unha fórmula folclórica rusa e, ó mesmo tempo, un elemeto ritual. O historiador e o folclorista do século pasado, N. I. Kostomarov, escribía:

> O lamagueiro [na poesía popular] é o símbolo da feminidade nun sentido moi amplo. Toda a vida espiritual da muller, a súa mocidade, virxindade, amor, a vida de casada, felicidades, desgracias, amor ós parentes, todo se espella no lamagueiro. (СРНГ, XII, 356).

Por iso, este símbolo ten moita vitalidade nos ritos nupciais rusos. Na *gubernia* de Kursk, por exemplo, chamábanlle *калина* 'lamagueiro' á camisa manchada de sangue que confirmaba a virxindade da acabada de casar. Na *gubernia* de Orenburg *калинка* 'lamagueiro' é o banquete que se fai o segundo día da voda, cando lles amosaban esta camisa ós invitados e agasallaban os pais da acabada de casar con licor de lamagueiro. Na *gubernia* de Voronej co xiro beber *распивать калинку bebe-lo licor de lamagueiro* denominaban un rito especial que se facía durante o terceiro día de voda: os invitados

[624] "Девицы, красавицы, /Душеньки, подруженьки, /Разыграйтесь, девицы, /Разгуляйтесь, милые... /Как заманим молодца, /Как завидим издали, /Разбежимтесь, милые, /Закидаем вишеньем, /Вишеньем, малиною, /Красною смородиной."
[625] "Калинка-малинка моя".
[626] *Калина красная.*
[627] "На тебе, долинушка, ничего не родилось, /Ни гриба, ни ягодки, ни черной смородинки, /Ни горькой калинушки, ни сладкой малинушки".
[628] *Калина красная.*

achegábanse un por un ós acabados de casar e metían algúns froitos de lamagueiro na copa da noiva; o noivo, mentres tanto, escanciaba vodka na copa e ofrecíallelo xunto cos froitos de lamagueiro ós invitados.

Como vemos, o simbolismo folclórico-ritual do lamagueiro únese aquí máis estreitamente coa súa encarnación material. En realidade, está claro por qué chegou a ser precisamente o símbolo do difícil destino da muller casada: a beleza do lamagueiro é enganosa, porque o seu froito ten un sabor amargo, así como amarga era outrora a vida da muller despois de casar. Fala directamente diso unha canción popular rusa (de Smolensk) sobre o froito de lamagueiro, *кали́ница*:

> Picaba a pega o froito de lamagueiro.
> O froito de lamagueiro éme moi amargo, éme moi amargo para comelo -
> Aínda máis amarga é a vida dunha nora co seu sogro. [629]
>
> (СРНГ, XII, 356).

Se se coñece o seu simbolismo, entonces enténdense dunha maneira diferente as cantigas populares contemporáneas do tipo "Oh, florece o lamagueiro"...[630] ou "O lamagueiro vermello, o lamagueiro madurou"...[631] Nestas cancións repítense os antigos motivos rusos, os motivos da mocidade triste, da amarga madurez feminina e daquela desigualdade de dereitos entre o home e a muller que se formula nunha estrofa amarga:

> Colliámo-las bagas doces xuntos, /E a baga amarga cólloa eu soa...[632]

O froito doce, é dicir, a *framboesa* nas cancións nupciais e noutros xéneros folclóricos oponse diametralmente ó *lamagueiro* con todo o que implica a súa dozura. Velaquí algunhas comparacións populares onde a *framboesa* ten asociacións totalmente positivas:

(Smolensk) *капуста як малина - хуть губами ешь* (Добр., 79)	*a col é coma a framboesa, podes comela cos beizos*
квас, что малина: десятью наливан! (Даль, II, 292)	*o kvas é coma a framboesa*[633]*: por iso repetiu dez veces*
(Nijni Novgorod) *не жена, а малина* (ПЗ, 143)	*non é unha muller, senón unha framboesa*
(Pskov) *девочка как мали́нинка*	*unha nena coma unha framboesa*
(Os Urais) *Промолчишься - как в малине насидишься* (Бир., 65)	*Se calas, é coma se quedaras entre os framboeseiros*
По беду - не в лес по малину	*Cando vas a pola desgracia, non*

[629] "Клевала сорока ягоду калину. /Горько мне, горько калиницу кушать - /Горчей того невестке со свекром жить".
[630] "Ой, цветет калина"...
[631] "Калина красная, калина вызрела"...
[632] "Сладку ягоду рвали вместе, /Горьку ягоду - я одна...".
[633] A framboesa é moi doce.

(Даль, II, 292) *é coma se foras ó bosque a pola framboesa*

Pódese atopar unha certa oposición ó *lamagueiro* no simbolismo ritual da *малина* 'framboesa': non é casual que nalgunhas rexións (por exemplo, na de Riazán) *мали́ночка* 'framboesiña' aínda sexa o epíteto do noivo nas cancións nupciais laudatorias.

O ton optimista do simbolismo da framboesa transmítese mellor a través dunha expresión que entrou na lingua literaria:

не жизнь, а малина! *a vida é unha framboesa*.

Foi recollida dos mananciais folclóricos onde se coñecen os seus irmáns fraseolóxicos:

(Tambov, San-Petersburgo) *малиновая жизнь* — *vida de framboesa* 'a boa vida'

(Gorki) *жизнь, как малина: никогда не наешься* (БС, 1975: 35) — *a vida é coma a framboesa: nunca te fartas*

etc.

A primeira vista esta expresión é o equivalente directo da italiana *dolce vita* 'vida doce'. En realidade, os rusos baixo esta vida doce coma a framboesa entenden un concepto diferente. Expresouno exactamente no seu diccionario V. I. Dal que traduciu a frase *Да это просто малина!* ¡*É unha framboesa!* como 'liberdade, soltura' (Даль, II, 292).

Efectivamente, a diferencia da amarga vida "de lamagueiro" cos sogros, a vida "de framboesa" é, ante todo, a liberdade e a independencia coa que soñan dende sempre os mozos. Dende logo, *non vida, senón framboesa* significa unha comida rica e abundante, unha vivenda e outros bens materiais. Pero sen esta liberdade, sen independencia e sen liberdade de decisión xa non é unha *vida de framboesa*, senón a odiosa *dolce vita* que moitas veces se converte na escravitude do espírito e na impotencia do corpo.

Esta interpretación do simbolismo da framboesa pode parecer só un matiz semántico de pouca importancia para o entendemento da fraseoloxía folclórica rusa e da literatura oral en xeral. Pero non é así. O concepto da boa vida, da verdadeira vida, está relacionado inseparablemente para os rusos precisamente coa independencia, coa liberdade e co espacio ilimitado, extenso e libre. Transmitiuno moi ben o académico D. S. Lighachov no libro *Notas sobre o ruso*[634] cando explicaba o sentido nacional profundo das fórmulas folclóricas *полюшко-поле* 'campiño-campo' e *воля вольная* 'liberdade, independencia':

> O espacio extenso sempre era dono dos corazóns dos rusos...
> O traballo implica a ausencia de liberdade, e a natureza circundante é libre. A xente necesitaba unha natureza grande, aberta e cun horizonte enorme. Por iso, a canción gusta tanto do *полюшко-поле* 'campiño-campo'. A liberdade son os espacios extensos onde se pode andar e andar, camiñar, facer un longo percorrido

[634] *Заметки о русском.*

> polas augas dos grandes ríos, aspira-lo aire libre, o aire dos espacios abertos, aspira-lo vento a pleno pulmón, senti-lo ceo encima da cabeza, te-la posibilidade de moverse en tódalas direccións como un queira.
> A *вольная воля* 'liberdade, independencia' está moi ben determinada nas cancións líricas rusas... (Лихачев, 1981: 8-9).

Precisamente estas "definicións", formadas dentro da canción, da *bilina* e do refrán, chegan a se-lo núcleo da ideosincrasia nacional, materialízanse na lingua e reprodúcense na literatura. Ó chegaren a ser habituais, transfórmanse no canon dos valores espirituais do pobo. Transfórmanse, pero nunca deixan de medrar igual cá forte árbore da lingua e da conciencia popular.

ÍNDICE DE FRASEOLOXISMOS CITADOS

I. Linguas eslavas

Bielorruso

адклад (адкладание, дакладыванне) у доўгій яшчык, 62
адкладаць у доўгій яшчык, 62
даваць (даць) перуноу, 221; 238
датла (сгарэць), 129
даць чертей, 238
замарыць чарвяка (чарвячка), 43
Каб цебя пярун треснув!, 221
казка пра белага бычка, 331
каб ты прапаў с тваим родам и плодам, 213
кішма кішэць, 159
на бакір, 101
на карачкі, 144
на чом (чым) свет стаіць лаяць (клясці, прыбіраць), 272
Няхай мяне пярун заб'е!, 221
перуном несціся, 223
пта́шша млако, 40
пярун яго ведае, 223
скрывіща як середа на пятніцу, 218, 227
ціхі як вада, 341

Búlgaro

запо́чвам от азбуки, 29
идвам (доходжам, дойда) на себе си, 124
когато влезе свинка в джамия, 293
когато върбата роди грозде, 292
когато дойде четвъртък подир петък, 226; 293
когато ми закука кукувица на гроба, 293
когато ми поникнат на длanта косми, 292
когато направят котката калугерка, 292
когато се върне баща ми од гроба, 293
когато си видя тила, 293
когато си видя ушите без огледало, 298
на конския Великден, 293
нося къ́ркач, 142
птиче мляко, 40
рода ни порода, 213-214
стомаха ми свирят рамазан, 48
тиха вода, 342
Тихата вода бряг рони, 342
Тихата вода по-дълдоко копае, 342
червата ми свирят рамазан, 48

Checo

Ahoj!, 327- 328
Bud' pokoj v tvéj moci a hoj v tvých twirzech, 328
Být na čekačce, 134
Být na čekané, 134
Chodit na čekanou, 134
Co hrdla stačí, 77
do dlouhé truhličě zamíkati, 65
do dlouhé truhly (něco) založiti, 63, 65, 66
do dluhé truhličě klásti, 65
do dlúhé truhly založiti, 65, 66
do tla shorět (vyhorět), 129
Hoy milujícím tebe, 328
Jdi si po svých, 124
křičet co hrdla měl, 77
Mít pod klobouken nekono, 180
Otrávit (utopit, zapít, umo´rit, zabít, připálit) červa, 44
Otrávit chrobáka, 44
Tichá voda břehy podrývá (ryje, podmílá), prudká před běží, 342
V dlouhé truhle zůstat, 65
Z plna hrdla, 77
žaludek mi vrčí polku, 48

E s l o v a c o

do Paroma odeslat', 224
Otrávit', (zápit', utopit') červa (červika), 44
Parom do tebe!, 223
Parom ti do duše!, 224
Zhoriet' (spalit') do tla, 129

E s l o v e n o

Na krkoč, 142

K a s h u b a

Gddac o čarńim buli, 333-334

P o l a c o

Ani bogu świeczki, ni diabłu ożoga, 165
Cicha woda brzegi podriwa (rwie), 342
Ej, do Pioruna!, 223
Juz sam nie swój, połowica dijabłowa, 259
Moczyć robaka, 44
na bakier, 101
Na kirkak nieść, 142
Na kirki wziąć, 142
ptasie mleko, 40
W czepku się urodził, 95
Zalać (zakropić) robaca, 44
Zalać krzeczka, 44, 46
Zalać robaka, 44-45

R u s o

a) Fraseoloxismos usados na lingua literaria:

А ну тебя в баню!, 254
А ну тебя в болото!, 254
А ну тебя к свиньям, 254
ад кромешный, 91
атлас-бархат, 316
Баба с возу, кобыле легче, 308
бабушка на́двое сказала, 91
бегает, как черт от ладана, 263
бе́з году неделя, 87
Без правды жить - с бела света бежать, 312
без роду, без племени, 212
без роду и племени, 212
без роду-племени, 210, 212
без сучка без задоринки, 90
бездна (кладезь) премудрости, 91
белены объелся, 85
белила-румяна, 317
белый день, 311
белый свет, 305; 310-312
Белый свет не клином сошелся на ком-либо, 312
беречь как зеницу ока, 118; 120
беречь как свой правый глаз, 118
бес (леший, шут, пес, хрен) его знает, 251
бес попутал, 91; 254
бесом рассыпался, 240

бить баклуши, 87
бить челом, 56; 89
биться головой об стенку, 51
биться об заклад, 88
Благослови, господи!, 320
бог весть, 191
бог дал - бог взял, 193
бог (господь, аллах) знает, 251
бог знает что, 191
Бог мой!, 196
Бог не без милости, казак не без счастья, 58
бог помог, 261
бог послал, 190; 193; 195-196; 232
Боже мой!, 196
божиться на чем свет стоит, 273
боится, как черт ладана, 263
Больной - и сам не свой, 258
бояться как самого черта, 263
брат-сестра, 315
братец-сестрица, 210
братцы-товарищи, 211
брать на карандаш, 92
брать на пушку, 56
брать под колпак, 177
бродит как полуночник, 249
бросать камешки в чей-нибудь огород, 51
буква в букву, 92; 149
Было, да быльем поросло, 340
быть в своей тарелке, 183
быть набекрень, 103
быть настороже, 132
быть начеку, 131; 134
быть не в своей тарелке, 181-184
быть под колпаком (у кого-нибудь), 175; 180-181; 184
В ажуре, 99; 186-187
В бегах, 88
В дальний ящик, 64
В длинный ящик, 61; 64
В долгие ящики, 64
В долгий ящик положить, 59; 61; 64
в мгновение ока, 118
В некотором царстве, в некотором государстве, 285-286
в нéтях, 88
в полную силу, 74
в самый раз, 150
в тридесятом царстве, 286
вбивать осиновый кол, 91
вверх тормашками, 93
Велик русский бог, 198
вертится как черт, 257
весна-красна, 306
вечер-ночь, 318
взять быка за рога, 39; 48
взять в оборот, 170
взять (кого-нибудь) в переплет, 167; 170
висьмя висеть, 156
витать в облаках, 51
вкалывает как черт, 263
во весь голос, 74
во весь дух, 73-74
во весь опор, 73
во весь рот, 74
во все горло, 74; 76
во все корки, 74; 139
во все лопатки, 74; 76
во все ноги (бежать), 76
во всю глотку, 74
во всю губý (кричать), 75
Во всю девичью мочь, 78
во всю Ивановскую, 56; 68-74; 77; 79-82; 94
во всю ивановскую мочь (силу), 77; 79; 81
Во всю коневью мочь, 78
во всю лошадиную мочь, 78
во всю мочь, 73-74; 77-78
во всю мощь, 73; 78
Во всю мужичью мочь, 79
во всю прыть, 73
во всю силу, 73-74
во всю ýлицу (кричать), 75
вогнать в гроб, 51
вода живая, 313
вода мертвая, 313
водить за нос, 85; 290

водить хлеб-соль с кем-нибудь, 324
водить хороводы/круги, 324
водяной с тобой, 256
возводить кого-либо в кумир, 199
воздать сторицей, 92
войти в раж, 99
волос в волос, 148
вольная воля, 347
вольный казак, 55*;* 57-58
воля вольная, 346
воочию, 131
ворóн считать, 94
(возвратиться) восвояси, 123; 131
врать на чем свет стоúт, 273; 275
все к черту, все к чертям!, 253
всевидящее око, 120
Всем богам по сапогам, 197
встать с левой ноги, 204
вывести на орбúту, 90
выводить из себя, 258
выйти на орбúту, 90
выйти сухим из воды, 85
выпить на брудершафт, 99-100
высасывать из пальца, 85
высуня язык, 156
выходить из себя, 258
выше лесу стоячего, ниже облака ходячего, 341
Где жить, тем богам и молиться, 197
где раки зимуют, 85
глазом мигнуть (моргнуть) не успел, 118
глокая куздра, 106-107
глядели-смотрели, 288-289
грибы-ягоды, 317
грудь-голова, 316
грудь-сердце, 316
гнать (прогнать) с очей, 117
говорить на ветер, 50
год в год, 148
гой еси, 285; 325-329
гол как сокол, 89
голоден как черт, 263
голос в голос, 148
горы-долы, 314-315; 318
гуси-лебеди, 305; 314-315; 317
дай бог, 193
дать берёзовой каши, 94
дать зеленую улицу, 56
дать (поднести) раза, 150
двери-окна, 317
девица-красавица, 306
день в день, 148
диво дивное, 209
для галочки, 92
до белого света, 311
до тла, 128-129
до черта, 234
добра наживать, 99
Добро пожаловать!, 320
довести до белого каления, 56
дотла (сгореть, выгореть), 126-127
дрожмя дрожать, 158
друзья-братья, 210
дуб-вяз, 317
дураками свет красится, 275
дураками свет стоит, 275
дым коромыслом, 86
Едим, да свой, а ты рядом постой!, 321
ей-богу, 192; 270
еле можаху, 91
ельник-березник, 317
ельничек-осинничек, 317
ему сам черт не брат, 259
еще черти на кулачках не дрались, 257
жив курилка, 88
живая вода, 313
живот-сердце, 316
жил-был, 287-288
жили-были, 285-291; 325; 329
жить в ладу, 205
жить как кошка с собакой, 50
жить (как) под стеклянным колпаком, 178*;* 180-181
журят-бранят, 288-289
за семь верст кисель хлебать, 87
за тридевять земель, 93; 286
За хлебом-солью всякая шутка

хороша, 323
забить козла, 164-165
заварить кашу, 88
задать баню кому, 86
зайка-горностайка, 317
закладывать (заливать) за галстук, 49
закручивать гайки, 90
закусывать удила, 86
заморить (замаривать) червячка, 41-43; 45-48
зарубить себе на носу, 59
звонить во все колокола, 90
Зелена трава - не далече (не глубоко) вода, 339
зеленая улица, 90
Земля на чудаках держится, 275
земля обетованная, 91
зеница ока, 119
злато-серебро, 314-315; 317
знаем, где раки зимуют!, 336
знаем мы вас!, 336
знай наших!, 336
и печки и лавочки, 30-32
и печки и лаўки, 30
и род и племя, 212
Иван, не помнящий родства, 89
играть в бирюльки, 87
играть в жмурки, 88
Иди (ты) к черту, 253; 256
идол - истукан, 200
идолище поганое, 229
идти (пойти) насмарку, 136
из кулька в рогожку, 86
избить на чем свет стоит, 273
изо всей дурацкой мочи, 79
иметь голову на плечах, 186
имя им легион, 234
йота в йоту, 149
к чертовой бабушке, 91
к чертям собачьим, 253
Казаки на порогах, что ини (иные) при дорогах: зацепят всякого, кто поедет мимо, 58
Казанская сирота, 56-58; 89
как аршин проглотил, 87
как в воду смотрел, 91
как зеницу ока, 92; 118
как идол, 199
как истукан, 199
как кикимора, 241
как курица лапой, 85
как Мамай прошел, 56-57; 88
как на духу́, 91
как под колпаком, 184
как раз, 150
как с гуся вода, 85
как сыр в масле кататься, 195
как травинка перед лесом, 341
как у Христа за пазухой, 92
как черт грязный, 262
как черт страшный, 263
Каков бог, такова ему и свеча, 197
Какого черта?, 245; 247
Какого черта тебе нужно?, 245
калачом не заманишь кого, 88
калина-малина, 285; 317
капелька в капельку, 148
капля в каплю, 148
Карманный бог поилует, 197
кикимора болотная, 242
кисейная барышня, 93
*кишмя кишит, ...*153-156; 158;160-161; 163-165
кликнуть клич, 56
княгиня-боярыня, 315
когда песок по камню взойдет, 297
когда рак на горе свистнет, 94
когда реки текли молочные, а берега были кисельные, 286
коломенская верста, 59; 89
колосс на глиняных ногах, 203
копейка в копейку, 149
коромысла-ведра, 318
кофе по-московски, 52
красная (красна) девица, 93; 285; 304-309
красная девка, 305-306; 309
красная лавка, 36
Красная площадь, 306-307
красное крыльцо, 307-308

красное лето, 306
красное солнце, 307
красное солнышко, 306
красная девушка, 309
красный день, 306-307
красный молодец, 306-308
красный петух, 225
кричать на всю Ивановскую, 59
кровь с молоком, 93; 285
крылья-перья, 317
Кто в пятницу дело начинает, у того оно будет пятиться, 215
кумач-китайка, 316
куницы-лисицы, 316
купцы-енералы, 315
Курица не птица, баба не человек, 308
лебединая песня, 93
лежмя лежат, 157
лететь (полететь, пойти) к черту, 253
лететь к чертям собачьим, 253
леший несет, 254
леший унес, 254-255
ливмя лить, 156; 164
ложь стоит до правды, 273
ломаного гроша не стоит, 87
ломать шапку перед кем, 89
луга-болота, 318
лук-чеснок, 317
лютая змея, 304-305
мало каши ел кто, 88
Мамаево побоище, 56-58; 89
масло масляное, 310
мать-земля - сырая, 305
мать-отец, 315
Маша-Дуняша, 316
мед-пиво, 305
медведь на ухо наступил кому, 85
медовый месяц, 93
между небом и землей, 49
мерить на свой аршин, 87
мертвая вода, 313
метать громы и молнии, 220
метать перуны, 220-221
милости просим, 89; 320
милости просим под колпак, 177
минута в минуту, 148
мозги набекрень, 101-102; 187
Мой бог!, 196
Молока не хлебнет в пятницу, а молочнице и в великую субботу не спустит, 217
молочные реки, 301
молочные реки (и) кисельные берега, 88; 300-304; 325; 329
молочные реки с кисельными берегами, 39
море-озеро, 318
мхи-болота, 318
на авось, 93
на бекрене, 101
на большой палец, 86
на всех парах, 56
на вы, 100
на глазах, 85
на закорках, 140
на закорки, 140
На карауле, 132
на карачках, 137; 144
на карачки, 137
на корточках, 144
на корточки, 145
На кой ляд! (?), 244; 249
На кой черт!, 244
на мази, 54
на морковкино заговенье, 293-294
на посту, 133
на́ руку, 85
на русский байрам, 293
на свой лад, 205
на смарку, 135
на турецкую пасху, 293
на ты, 100
на часах, 133
на чеку, 131; 133-134
на чем свет стоит, 84; 268-272; 275
набекрень, 99-100; 102
навострить уши, 49
наговорить сорок бочек арестантов, 165

наклеивать ярлык, 90
накрыть колпаком, 178; 181
нарядить в колпак, 177-178
насмарку , 131; 135-136
начеку, 136
начинать с азбуки, 28
начинать с азов, 28
начинать с яиц Леды, 27
наш брат, 89
не ахти какой, 93
Не было печали, так черти накачали, 257
не в своей тарелке, 182-187
Не гони бога в лес, коли в избу влез, 197
не дай бог, 191; 193
не жизнь, а малина, 346
не как у людей, 252
не ко двору, 85
Не красна изба углами, красна пирогами, 307-308
Не мил и белый свет, коли милого нет, 312
не мытьем, так катаньем, 86
не наш, 258
не наша сила, 258
Не петь куре петухом, не владеть бабе мужиком, 296
не по дням а по часам, 86
не по себе, 258-259
не поминай лихом, 89
Не свой, 258
не свой дух, 258
не солоно хлебавши, 90
Не тому богу попы наши молятся, 197
недрема́нное око, 117; 120
неправдою суд стоит, 273
неправедными ад стоит, 273
несется как черт, 263
ни бельмеса не смыслить, 88
ни в сказке сказать, ни пером описать, 282
ни аза, 92
ни ни алтына за душой, 87
ни богу свечка, ни черту кочерга, 165
ни боже мой, 191
ни дна ни покрышки, 91
ни к селу, ни к городу, 89
ни роду ни племени, 210; 212; 314
ни рыба ни мясо, 48; 278
ни свет ни заря, 87
ни слуху ни духу, 93
ни черта, 235
ниже травы, тише воды, 338-339
нога в ногу, 148
нос-корма, 318
носить на закорках, 136
носить шапку на бекрень, 101
обводить вокруг пальца, 290
ободрать как липку, 85
один как перст, 92
Око за око, зуб за зуб, 117
он с вывихом, 103
он со сдвигом, 103
опочивали-спали, 288
остаться в одной рубашке, 94
от аза до ижицы, 92
от горшка два вершка, 87
от доски до доски, 92
от печки, 27-29, 31
от яиц Леды, 27
отделять плевелы от пшеницы, 257
отец-матушка, 210-211
отец-мать, 210-211; 315
откладывать в долгий (длинный, дальний) ящик, 64
откладывать дело в долгий ящик, 64
отложить в долгий ящик, 56; 59-60; 62; 65-67
оторопь берет, 126
отправиться восвояси, 125
пальцем не пошевелить, 186
перемывать косточки, 54; 91
Песни пели, на пятницу глядели, 217
печки-лавочки, 30-33; 37; 94; 96
печь как блины, 88
Пива-вина, 322
пиво-вино, 317
плести словес, 92

плетение словес, 56
плис-бархат, 316
Плохого бога (идола) и телята лижут, 197
По беду - не в лес по малину, 345
по градам и весям, 122
по щучьему велению, 93
под колпаком, 176-177; 180-181; 183-184; 187
под мухой, 54
под стеклянный колпак, 179
под стеклянным колпаком, 179
под сурдинку, 90
подъехавши мелким бесом, 240
поедом есть, 153
пойти на лад, 205
пойти насмарку, 135
пока суд да дело, 90
ползать на четвереньках, 139
положить в долгий ящик, 59-60; 82
положить под сукно, 56; 60
получить добро, 90
полюшко-поле, 346
Помогай бог!, 320
попасть в капкан, 174
попасть в ловушку, 174
попасть в переплет, 166-167; 169-170; 172-174
попасть в сети, 171; 174
попасть впросак, 86
попасться на удочку, 172
послать к верблюду, 279
послать к черту, 279
после дождичка в четверг, 217; 225-227; 293-294
поставить под стеклянный колпак, 179
Пошло было на хлебы, да соль своротила, 323
при царе Горохе, 94
прижать к стене, 51
прийти в себя, 258
прийти к шапочному разбору, 89
притча во языцех, 92
Приходи в пятницу, похлебать кашицы, 217
приятного аппетита, 320
Промолчишься - как в малине насидишься, 345
промочить горло, 50
прописать ижицу, 92
проще (дешевле) пареной репы, 82
прянички-орешки, 317
птичье молоко, 39-41
пуд соли съесть с кем-либо, 50
пускать пыль в глаза, 290
пускаться во все тяжкие, 81
пустить красного петуха, 224
путевка в жизнь, 93
путь-дорога, 314
пуще ока (как зеницу ока) хранить (беречь, etc.), 117
пшеница-рожь, 317
Пьяная баба сама не своя, 258
ради бога, 191
раз в раз, 148; 150
разводить турусы на колесах, 56
рассыпаться мелким бесом, 240
растекаться мыслию по древу, 112; 114
река-прудочек, 318
реки сытовые, берега кисельные!, 303
род и племя, 212-213
Род-племя, 210-214
род да племя, 212
родиться в сорочке, 54; 94; 96
рожки да ножки, 93
ругать(ся) на чем свет стоит, 269; 272; 275-276
руки-ноги, 315
русалкино заговенье, 295
русский байрам, 294
русский бог, 198-199
Русский бог - авось, небось да как-нибудь, 198
Русский бог велик, 198
с азов, 92
с богом, 191
с красной строки, 92
с легким паром, 89

с легкой руки, 91
с открытым забралом, 93
с пары яиц, 26
с первого абцуга, 99-100; 187
с три короба, 87
с яиц Леды, 27
сад-огород, 318
Садись - гостем будешь!, 320
сам не свой, 257; 259
Сашенька-Машенька, 316
Сашка-Маша, 316
сбрасывать со счёта, 84
сбрасывать со счётов, 83; 90
Свет бел, да люди черны, 310
свет клином сошелся на ком, 84
свет спокон веку неправдою стоит, 273
света белого не видеть, 311
свинец-порох, 318
свой брат, 89
сгореть дотла, 129-130
седьмая вода на киселе, 88
секунда в секунду, 148
семь пятниц на неделе, 215-217; 225; 227
сесть в лужу, 172
сжечь дотла, 129
сидеть истуканом, 199
сидеть на корточках, 136
сидеть сложа руки, 186
сидит рохля рохлей, 250
сиднем сидеть, 153
сказка про белого бычка, 329; 331; 333; 335
Сколько ни думай, а лучше хлеба да соли не придумаешь, 323
скрипка-балалайка, 318
слава богу, 190
след в след, 148
слово в слово, 149
сложа руки (сидеть), 85; 156
сломя голову, 85
Слы́шно, как трава́ растёт, 337
смотрит букой, 249
снять с себя последнюю рубашку, 51
сору из избы не выносить, 34
сотворить себе кумира, 199
Спаси бог!, 191
Спасибо тому, кто поит и кормит, а вдвое тому, кто хлеб-соль помнит, 323
средь бела дня, 311
Стань передо мной, как лист перед травой!, 340
старый хрыч, 308
стоять болван болваном, 230
стоять идолом, 199
судить да рядить, 90; 314
Счастлив твой бог!, 196
танцевать от печки, 27-29
тертый калач, 88
типун тебе на язык, 91
Тихая вода берега подмывает, 342
Тихие воды глубоки, 342
тише воды, ниже травы, 93; 336-339; 343
тише травы ниже воды, 337; 339
точка в точку, 149
точь-в-точь, 149-150
трын-трава, 336
турецкая пасха, 294
тютелька в тютельку, 147-149; 151-153; 156
тянуть канитель, 90
тянуть лямку, 90
тятенька-маменька, 210
у него сдвиг по фазе, 103
у черта на куличках, 249
убить бобра, 85
узнать всю подноготную, 89
улепетывать во все лопатки, 139
умственное (мысленное, духовное) око, 117
устал как черт, 263
усы-борода, 316
усы-кудри, 315
филькина грамота, 92
хата-баня, 317
хвалить на чем свет стоит, 273
хлеб да соль, 320-321

Хлеб да соль - всему голова, 323
Хлеб да соль лихого не попустит, 323
хлеб-соль, 285; 305; 315; 318; 321-324
Хлеб-соль вместе, а рыбка в дел, 323
Хлеб-соль ешь, а правду режь, 323
Хлеб-соль за ворота - и колом не разворотишь, 323
Хлеб-соль - заёмное дело..., 324
хлеб с солью, 322
Хлеб с солью бранится, 323
Хлеба кушать!, 325
ходить гоголем, 336
ходить кикиморой, 241
ходить фортом, 92
ходить ходуном, 165
ходуном ходить, 153
Хоть видит око, да зуб неймёт, 117
хоть глаз выколи, 85
хоть к черту, 253
хоть к черту на рога, 253
хоть пруд пруди, 86
хрен-капуста, 317
цари-князья, 315
царь и бог, 191
Чай да сахар!, 320
чай-кофе, 317
чай-мед, 317
чай-сахар, 317
час в час, 148
часы-минуты, 318
чем бог послал, 193
чем черт не шутит, 257
червячка заморить, 42; 43
через пень колоду, 86
Черт возьми!, 253
Черт дери, 253
черт еще в ладоши не прохлопал, 257
Черт знает, 250; 261
черт меня за язык дернул, 257
черт не дремлет, 257
черт несет (носит), 252
Черт побери!, 253; 261; 277
Черт подери!, 253
черт попутал, 253
черт принес, 252
Черт с ведьмой венчается или женится, 237
Черт с ним!, 253
Черт с тобой, 256
Черт тебя возьми!, 253
Черт тебя задави!, 253
Черт тебя подери!, 238
черт чертом, 273
черта в ступе!, 262
черта (беса) лысого, 259
черта с два!, 236
черти полосатые!, 262
чертом глядит, 263
Что богу молиться, который не милует, 197
чувство локтя, 85
чулочки-чеботочки, 316
шаг в шаг, 148-149
шубки-юбки, 316
шут с ним!, 254
щетка-гребенка, 318
щи-каша, 317
щуки-караси, 317
ясный сокол, 305

b) Unidades fraseolóxicas dialectais:

А ну его на лысую гору к ведьмам!, 254
Анчу́т вас возьми!, 255
бежать во все ноги, 75
бежать во всю пору, 74
бежма́ бежать, 156
Без печки холодно, без хлеба голодно, 34
бес козлиный, 260
бить козны, 165
богатый, как черт рогатый, 265
боится, как черт попа, 264
бродит, што черт по болоту, 264
Буйлу воевал, 59
Быль - трава, небыль - вода, 339
быль, что трава (ноги оплетает), небыль, что вода (сбегает), 340
Быль, что трава, небыль, что вода,

339
быть на слуху, 134
быть на стерёжке, 132
быть на сторонней лавке, 37
В вёршу влезть, 171
в известную голову (кричать), 75
в известный голос (кричать), 75
в марьтобре, 294
В Москве все найдешь, кроме птичьего молока, 39
в погоню, как черт за душой, 264
в понедельник после середы, 294
В самый тук, 150
варить варом, 162
ва́рма (ва́рьма) варит, 161-162
варом кипеть, 162
ва́рью варит, 161
ввалился, как мышь в закром, 171
Велика твоя хлеб-соль, а все корочки, 323
величают, як черта на вилах, 267
вертит, как черт в пучине (в омуте), 264
вертит пером, что черт крючком (хвостом), 264
вертится, как бес перед заутреней, 257
вертится, как черт перед заутреней, 263
винный червяк сосет за сердце, 42
вихор его знает, 251
влететь в кадушку, 172
в кишках марш играет, 48
во весь гвалт (кричать, плакать, петь), 75
во весь кады́к (кричать), 75
во весь крик (закричать), 75
во все оха́пки (бежать, ехать, мчаться), 74
во все прузы (бежать), 74; 77
во все хайло, 75
во всю голову (кричать), 75- 76
во всю головушку (кричать), 75
во всю меть (бежать), 74; 76
во всю мя́лку, 77
во всю пасть (кричать), 75-76
во всю подселенную кричать, 77
во всю силушку, 74
во всю челюсть (кричать), 75
во злу головушку кричать, 75
водо́й (дождём) не смочить, 164
Волос те седь!, 223
Волос тя выточи!, 223
Волосатик бы тя взял (изнырял)!, 223
Волосень те избей!, 223
Волосни́ бы тебя били!, 223
*Волости тя возьми*1*,* 223
вольный как казак, 57
воро́та в воро́та, 149
ворочает, как черт в болоте, 265
враг его знает, 251
врет, что под ним ни одна лавка не устоит, 273
Все есть у богатого, опричь птичьего молока, 39
вытаращить (выпялить) зенки, 119
Где черт не сладит, туда бабу пошлет, 308
глаз в глаз, 148
глядеть (смотреть, беречь) как глаз во лбу, 118
глядит, как черт на попа, 265
грех его знает, 251
Громострел бы тебя расшиб!, 222
грязный как чертёнок, 267
гудеть гудьма́ (гудма́), 157
делать Леля, Полеля, Хвиста, Похвиста, 207
до беса, 235
до ви́хора, 235
до ви́хря, 235
до ги́бели, 235
до ду́ры, 235
до лесного, 235
до ле́шего, 235
до паралича, 235
до пра́ха, 235
до про́пасти, 235
до пушкинского заговенья, 294
До 30 *лет греет жена, после* 30 -

рюмка вина, а после и печь не греет, 35
до чёмора, 235
дрож (дрожа, дрожма, дрожми, дрожни) дрожать, 158
другá́ полови́на, 258
дур его знает, 251
дурак его знает, 251
его леший обошел, 255
ему только птичьего молока не хватает, 40
Жена мужа колпаком накрыла, 177
жизнь, как малина: никогда не наешься, 346
жирьмя́ жить, 156
жить на чику, 131
за корчёжками нести, 141
за кро́шками, 141
За тебя только три пятницы молока не есть, 217
зама́нивать голод, 47
заморить выть, 47
заморить комара, 47
заохрюжился (запачкался) как черт, 264
запьянеть, что черт, 264
засел как черт в бучале, 264
здесь как будто Мамай воевал, 58
зе́ники налить, 119
зено́чки скатились, 119
зе́ны вы́таращить, 119
Знать и по роже, что был на сторо́же, 132
идти, ходить на кура́нках, 137
Иж яго пироном носиць!, 223
изо всех рысей (ехать, бежать), 74
как будто после Мамаева побоища, 58
как будто черти его копытами толкут, 267
как в клин колонул, 150
как водо́й на́лито, 164
как воды, 164
как курица запоет по-петушиному, 295
как лист с травой живут, 340
как ляп, 150
как на опаре киснуть, 161
Как от кочета нет яйца, так от ружья нет стрелянья, 299
как черт в коробке затрещать, 263
как черт в порошнях, 263
как черт за душой тянется, 263
как черт из омута вышел, 265
ка+к черт на воздухе летать (носиться), 263
как черт на воловьей коже пишет, 264
как черт поехал, 264
как черт с поло́ху (переполо́ху), 264
Како́го ви́хара?, 246
Какого ёлса?, 247
Какого паралика?, 246
Како́го пра́ха?, 246
Како́е коло́тье?, 246
Капуста да репа брюху не крепа, 83
кара́кушки (кара́кушком) ползать (ходить), 137
кара́чки уйти, 137
кипеть кипнём, 163-164
кипо́м кипит, 163
кипь кипела, 163
ки́с ки́сом, 161
киса́ кисо́й, 161
киш кишат, 156
киш кишел, 155; 161
кишинем кишит, 155
кишки́ затрави́ть, 47
кишки марш играют, 48
кишма кишат, 155
кишмя кишуется, 155
кишом кишат, 155
клясться родом и плодом, 213
Ко́ва еретика́?, 246
Когда блохи ходили на богомолье, 291
Когда груши росли на тополях, а фиалки на ракитах, 291
Когда ивы давали плоды, 291
когда лысые покудрявеют, 295
когда мерин окобылеет, 295

Когда мыши кошек ели, 291
когда наш песок взойдет, 297
Когда петух высиживал птенцов, 291
когда петух яйцо снесет, 295
когда плешак покудрявеет, 295
когда рак на горе свистнет, а рыба запоет, 293; 295
Когда реки были молочные, а берега из мамалыги, 291
когда свиньи будут с поля шагом идти, 295
когда сорока побелеет, 295
когда черт крестился, 295
Когда яйца варили во льду, 291
Ко́и жолви?, 246
Ко́и у́сови?, 246
Кой кляп?, 246
Кой кур?, 246
Кой лембой?, 247
Кой нож, кой усов!, 246
Кой прах! (?), 246
Кой родимец?, 246
Коло паски [пасхи] все старухи баски [красивы], 308
коло́тье его знаеть, 251
Кому-либо и печки и лавочки, 32
коты-лапти, 316
Ко́я облива!, 246
Красненький кочеток по жердочке бегает, 225
Красный кочеток (петушок) по жердочке бежит, 225
кричит, будто черт с него лыки дерет, 264
кричма кричать, 157
крутиться, как черт на бересте, 265
Куда тебя некошно́й понес?, 255
Купленой холоп, а не купленой волной казак, 57
кыш кышать, 161
Лакома овца к соли, а казак (коза) к воли, 58
леж лежать, 157
лежать на смертной лавке, 37
лежачью лежать, 157
лежма (лежмя) лежит, 156-157
лежни лежать, 157
летьмя́ лететь, 156
леший забрал, 255
леший запе́тал, 255
леший снес, 254
лжет, что ино сани трещат, 273
ливной лить, 164
Лисица лжет, а на свой ся хвост шлет, а оба изверилися, 124
литко́м лить, 164
лохматый как чертёнок, 267
люблю, как черта в углу, 267
Мала печка, да тепленька, 35
малиновая жизнь, 346
мил как черт, 265
на беду, как черт на болото, 265
на ва́рте, 132
на ва́сape, 133
на весь гай, 76-77
на весь изгал, 76
на весь рот (кричать, плакать, петь), 76
на винта́х, 133
на все банда́лы (раскричаться), 76
на всю блаженную (кричать), 76
на всю блажь, 76
на всю ве́слину, 76-77
на всю глотку (кричать, плакать, петь), 76
на всю голову (кричать, плакать, петь), 76
на дверя́х, 133
на закара́чках ползать, ходить, 137
на зако́рточках, 141
на зако́ртыши, 141
на зако́ртышки, 141
на закро́шках, 141
на закро́шки, 141
на закукорках, 140; 143
на калмыцкий заговень, 294
на кара́ченьках, 137
На кой кляп?, 246
На кой нож?, 246
на коко́ртачках, 145

на́ корач, 137
на корачу, 137
На ко́рках, 139; 143
на корта́шках (нести,тащить), 141; 146
на корта́шки взять, 146
на ко́рточки взять, 141
на кортушки взять, 141
на кресу, 133
на кро́шках, 142
на кукара́шках сидеть, 144
на кукорках, 143-144
на ку́корочках, 145
на маху́ (по маху́) стоять, 133
На своей печи - сам себе голова, 35
на се́ке, 133
на стрёме, 133
на то лето, не на это, 294
на тот год, когда черт умрет, 294
на тот год об эту пору, 294
на ты́рлах, 133
на чеке, 131
на четве́рнях, 139
на четырех костя́х, 139
на четырех стропи́лах, 139
на четы́рках, 139
на чику, 131
на шу́хере, 133
надеть на мужа колпак, 178
наопасе быть, 132
начику, 134
Не бывать плешивому кудрявым, курице - петухом, а бабе - мужиком, 296
не доходя две недели в сторону, 294
не стой надо мной, как черт над душой, 265
не суйся не в свои тарелки, 183
Не суйся пятница наперед четверга, 226
нести на заку́крах, 141
нести на кукорках, 140; 142
ни беса, 235
ни богу свечка, ни черту ога́рыш, 165
ни ви́хора, 235
ни духа, 235
ни кляпа, 236
ни лесного, 236
ни лешего, 236
ни у́тельки не дам, 152
ни чёмора, 236
но́ймя ныть, 157
носить на заку́корках, 136
один, как черт в болоте, 266
оказаться в дава́лках (дала́вках), 171
остробучился, ровно черт на попа смотрит, 266
Отошли ему печки-лавочки, 32
па́мжа знает, 251
Паралик возьми!, 255
паралик знаеть, 251
Пареная репа из избы выживет, 83
перенести кого-л. на коку́рочках, 144
перенести на ку́крах, 141
пестуется с нею, как черт с куклою, 266
петь во всю голо́вушку, 75
Печь нам мать родная, 35
пишет, как черт шестом по Неглинной, 266
плясать во все жилки, 75
Пляши печь, пляши лавочки!, 35
по ду́ру, 235
По кой прах?, 246
по моей (твоей, вашей) тарелке, 183
погореть с по́пелом, 129
подкатила (подкатилась) середа под четверг, 226
Подь ты к чо́мору!, 255
Пока травка подрастет, воды много утечет, 339
Пока черные пятнышки с ушей зайца не сойдут, бабам над мужиками не суживат, 296
ползти на карачках, 136
полменя нету, 258
положить кого-либо на ко́рточки, 146
попал в заманиху (замани́шку), 173
попа́л, как медведь в капка́н, 171
попал, как сом в вёршу, 171

попал, как черт в вершу, 266
попал, как черт в рукомойник, 266
попался, как мышь в короб, 171
попасть(ся) в вёршу, 171
попасть в зажóм, 171
попасть в захлобушку, 172
попасть в мерёжу, 171
попасть в омут, 172
попасть в пропасть, 172
попасть в проруху, 172
попасть в рюху, 172
попасть в сеть (в сетку), 171
попасть в тук, 150-151
попасть в тюк, 150
попасть в яму, 172
попасть головой в мешок, 172
попасть как медведь в берлог, 172
попасть на остряки, 172
попáсться в тиски, 171
попасться, как мышь в мышеловку, 171
попасться на кукан, 172
посадить на закýкорки, 141-142
посадить на закýкры, 141
посадить на кокорéшки, 144
посадить за кокóрки, 144
посадить на кýкорки, 140; 142
посадить на кукурешки, 144
После дождичка в четверг на сухую пятницу, 226
после праздника в четверг, 294
после пятницы в четверг, 226
после русáлкиного (русáльского) загванья, 294
правит, как черт болотом, 266
привязчивее черта, 267
присесть на карачки, 144
присядь на кокýрки, 140
провел, как сома в вёршу, 171
прóпасть их знат, 251
прыгмá прыгать, 157
Птичьего молока хоть в сказке найдешь, а другого отца-матери и в сказке не найдешь, 39
пускаться в долгие ящики, 64
пустить во весь мах, 74
Пярун на ускидки тебя подмахни!, 221
растянуться подоль лавки, 36
ревма (ревмя) ревет, 156
Репой да брюквой люди не хвалятся, 83
ряб, будто черти у него на роже в свайку играли, 267
ряб, как будто черти на нем горох молотили, 267
с лавки стащить (снесть), 37
с три лешего, 236
садиться на коркýшки, 140; 146
садиться на кýкры, 141
сап его знает, 251
Сбей тебя перун!, 221
связался, как черт с младенцем, 266
сгореть на пéпел, 129
сей песок по камню, 297
Середа да пятница в чужом дому не указчица, 218
середа ниже пятницы, 218
сесть в калужу, 172
сесть на кокурки, 144
сесть на кóртки, 146
сесть óкарачь, 139
сидеть на кокýрках (на кокýре), 144
сидеть на слуху, 134
сидит, как черт на пеньке, 266
сидит, как чертей слепит, 267
словно их черт веревочкой связал, 263
Словно у печки погрелся, 35
словно черт из кузова насеял, 263
словно шел Мамай с войной, 58
Служил семь лет, выслужил семь реп [, да и тех нет], 83
Солдатская голова как под дождичком трава, 342
Соли нет - слова нет, а хлеба не стало и поговорка стала, 323
Соль табе в очи, маланья́ у зубы, громам по животу, тряскучая палена у калену!, 222

Сорока еще не побелела, когда побелеет вся, тогда и бабий верх будет, 296
спих нашел, 184
Стрела б тебя убила!, 222
Стрела бы на вас пришла!, 222
Схваци цебя пируном!, 223
съесть съедма́, 157
точно Мамай со своей силой прошел, 58
тык в тык, 150-151
тю́тинка в тю́тинку, 151; 153
тютя в тютю, 152-153
угодил в тютельку, 151
умереть не на своей лавочке, 37
упрям, как карамышевский черт, 265
утекать во все ко́рки, 139
хитер, как черт, 265
хитрый, як панский черт, 267
Хлебом не корми, только с печи не гони!, 35
ходенём ходить, 165
ходит как вольный казак, 57
ходить на кукоре́шках, 137; 144
ходить хо́дором, 165
ходом ходить, 165
хо́дырем ходить, 165
ходьма́ ходить, 165
храпеть на всю насосную завертку, 76
целая течка кого, 164
черен как черт, 267
черти вислоухие, 260
чёмор его знат, 251
чик в чик, 150-151
что водо́й нали́вши, 164
Чтоб тя пристрело!, 222
шиш его знает, 251
Эк тебя при́тка принесла!, 255
язык у роти, як черт у болоти, 267

Ruso antigo

Бувъ собѣ дедь да баба, 286
егда камень начнет плавати, а хмель грязнути, 296
егда произничет рогоз без воды, 296
и в казцѣ не сказати, 286
Ловися рыбко малая и вели́кая, 286
Мерзни мерзни вовчии хвосте, 286
на корачни падоша, 138
ни племя, ни хлѣбоеди, 214
По бородѣ текло в ротѣ ни бувало, 286
погибоша аки обре, 59
поминати их род племя, 213
сѣдя на санех, 115

Serbio/Croata

без рода и имена, 213-214
на кркаче (накркач) носити, 142
на̀ кркe но́сити, 142
на кркице узе́ти, 142
носити дјете на кркаче, 143
тиха (мирна) вода, 342
Тихая вода брег подjеда, 342

Ucraíno

А перун би ті ясний тріснув!, 221
Бодай тебе перун забив темненької ночи!, 221
Бодай тя перун встриліў!, 221
брехнею світ живе, 273
В довгий ящик, 63
В пісні правда, а в казці брехня, 331
відкладати (відкласти) у довгу шухляду, 62-63; 65
відкладати (відкласти) в довгий ящик, 62-63; 65
гнеться як трава від вітру, 340
Диво на тебе зайшло!, 209
заморити черв'яка (черв'ячка), 44
казка при білого бичка, 331-332
ка́зка про білу козу, 332
Коби не перун, многі би не хрестилися, 223
метати перуни, 221
на бакір, 101
на чім (на чому) світ стоїт лаяти, 272
не на брехні світ стоит., 273
Няй в тебе перун стріліт!, 221
откладовать в довгий ящик, 62

Пастаў богу свечку, а чорту две, 236
Перун би ті збив з ясного сонцьи!, 221
Перун би тя розтаскав!, 224
пташиное молоко, 40
сердит, як Рарашек, 207
тиха вода, 342
Тиха вода береги ломить, а бистра тамуе, 342
Тиха вода береги лупае, а бистра йде та перейде, 342
Тихая вода греблю (плотину) рве, 342
тихий, як глубока вода, 341
Щоб на тебе Див прийшов!, 208-209
Щоб на тебе диво прийшло, 209
Щоб тебе перун забіў!, 221
Якій там перун ляскáе!, 223

I. Linguas non-eslavas

Alemán

alle unter einem Hut haben, 180
auf den Hut sein, 133
Back kehr!, 101
Bruderschaft trinken, 100
den Ochsen beim Horn fassen, 39
den roten Hahn aufs Dach setzen, 224
den Stier an den Hörnern packen, 10
die Ohren spitzen, 49
Die rote Platz, 306
einen hinter die Binde giessen, 49
etwas auf die lange Bank schieben, 65, 66, 67
etwas durch die lange Bank schellen,66
etwas in die lange Truhe legen, 67
etwas unter einen Hut bringen, 180
in den Wind reden, 50
in die lange Truhe legen, 65, 66, 67
in die lange Truhe spielen,(schiessen, bringen), 65
jemanden unter seine Hut haben, 181
jemanden unter seine Hut nehmen, 181
jemanden, etwas unter(in) seine Hut nehmen (haben), 180
nicht Fisch nicht Fleish, 48
sich die Kehle anfuchten (ölen), 50-51
steine in den Garten werfen, 51
Stille Wasser sind tief, 342
unter jemandes Hut sein, 180-181
unter jemandes Hut stehen, 180
wie Hund und Katze, 50
zwischen Himmel und Erde, 49

Arameo

Eloí Eloi, lama sabachtaní, 196

Baixo alemán

Ahoi, 327

Danés

Stille Vande have dybe Grunde, 343

Español

aguzar los oídos, 50
coger al toro por los cuernos, 39
coger el toro por los cuernos, 10
como perros y gatos, 50
entre el cielo y la tierra, 49
matar el gusanillo, 46
matar el gusano, 46
matar el pirgüín, 46
ni carne ni pescado, 49
remojar la garganta, 51
¡Zafarrancho de combate!, 328

Francés

à jour, 99
Bon appétit!, 320
comme chien et chat, 50
entre ciel et terre, 49
estre en agait, 133
être aux aguets, 133
être né coiffé, 95
être sur le qui vive, 133
il n'est pire eau que l'eau qui dort, 343
jeter des pierres dans le jardin de qn, 51
La place Rouge, 306
N'être pas dans son assiette, 181-183
ni chair ni poisson, 49
perdre ⌈son⌋ assiette, 182
pointer les oreilles, 50
prendre la bête par les cornes, 39
prendre le taureau par les cornes, 10, 39
S'en jeter un coup (un verre) derrière la cravate, 49
se lever du pied gauche, 204
se rincer la sifflet, 51
tuer le colimaçon, 46
tuer le ver, 46

G a l e g o

¡A babor!, 101
a boa vida, 346
a cabalo, 139
a ciencia e paciencia, 315
á espera, 134
á espreita, 131, 136
a estilo de maricón, 102
a estilo de mariñeiro, 102
a ferro e fariña, 315
a ferro e fouce, 314
A galiña que canta ó maitín e a muller que fala latín non teñen boa fin, 296
a gatas, 136
a gatiñas, 137
a máis e mellor, 314
a máis non poder, 77
¡A min que me importa!, 336
a montes e a fontes, 315
a noite en que a lúa apareza con dezasete cornos, 292
a pan e a coitelo, 315
¡Á porta dez cans te traben!, 236
a ríos, 300
a semana que non trae xoves, 225-226, 292, 294
a seu, 125
a tempo, 99
a tódalas mans, 73, 76
a todas partes, 76
a todo correr, 73, 76
a todo dar, 76
a todo escape, 73, 76
a todo gas, 56, 76
a todo paso, 76
a trancas e barrancas, 315
a uso de militar, 102
abrir ben os oídos, 49
afoga-las penas, 44-45
agarda-los sete agardares, 153
alá cando os animais falaban, 292
alá no cabo do mundo, 286
alá non sei cando, 292
alá ó lonxe, 286
alá onde Cristo perdeu os patucos, 286
alá onde o aire dá a volta, 286
anda que anda, 153
andar a gatas, 139, 144
andar coa boca aberta, 134
andar coa orella posta, 49
andar cos oídos abertos, 49
andar ó seu, 125
andar ós biosbardos, 94, 134
anque botes e rebotes, 314
armar un lío, 88
armar unha bataiola de tódolos demos, 234
armarlle a gaiola a alguén, 290
armarse unha barafunda de trinta mil demos, 234
ás caladas, 90
ás catro patas, 137
Ás trece, trece raios de sol./ ¡Que estoupe o Demo Maior / e todos cantos van ó redor, 236
ata-los cans con longanizas, 303-304
bailar en roda, 324
baixo coma un pote, 87
¡Barco á vista!, 328
bate que bate, (estar), 154
berrar os sete berrares, 156
berrar a pleno pulmón, 77
berrar a todo berrar, 77
berrar de demo, 234
¡Bo proveito!, 320-321
cadora e cando, 314
caer na trampa, 172
cagarlle o demo no camiño, 252
cando a auga vaia para riba, 292
cando a cortiza vaia ó fondo, 292
cando a galiña queira mexar, 292
cando a ra críe/teña pelos, 292
cando a sobreira e o loureiro deren cortiza, 292
cando as formigas pisen forte, 292
cando as galiñas teñan dentes, 292
cando as maceiras dean peras, e as pereiras, uvas, 292
cando as pedras deren gritos, 292
cando as pitas mexen, 292

cando estean os paxaros preñados, 292
cando eu diga misa, 292
cando mexen as galiñas, 292
cando o amieiro der cortiza, 292
cando o coello sexa abade, 292
cando o diñeiro era de coiro, 292
cando o mar non tiver auga, 292
cando o raposo deixe de roubar galiñas, 292
cando o raposo sexa frade, 292
cando o río corra arriba, 292
cando o samieiro der baga, 292
cando o sol pare de andar, 292
cando o trobisco dea uvas, 292
cando os carballos dean uvas, 292
cando os homes teñan fillos, 292
cando os lobos e as ovellas falaban, 292
cando os toxos boten uvas, 292
cando san Xoán baixe o dedo, 292
canta que canta, 153
Catro andadores (‘patas’), *dous miradores* (‘ollos’), *dous mirasoles* (‘cornos’) *e un dálle-dálle* (‘rabo’), 106
catro damas nun curral, 106
catro fontes, 106
certo e recerto, 314
cichafontes, 106
coa lingua fóra, 156
coidar coma a meniña do ollo, 118
colle-lo touro polos cornos, 39, 48
coller ó lombo, 142, 146
coma a meniña dos ollos (gardar), 91, 118
coma se almorzase unha escoba, 87
come-lo demo polos pés, 234
come-los sete comeres, 153
comer no mesmo prato, 13, 31
comer unha tega de sal con alguén, 50
como di o outro, 103
con toda a alma, 77
con toda a idea, 77
con tódalas da lei, 77
con tódalas forzas, 71, 73-74, 77, 79, 81
con tódalas ganas, 77
con tódalas súas forzas, 77
con tódalas veras, 77
con tódolos cinco sentidos, 77
con tódolos mandamentos, 77
corremontes, 106
cos seus propios ollos, 115, 121, 125, 131, 239
coxean do mesmo pé, 31
crava-la mirada, 119
Cregos, frades, pegas e choias, dou ó demo estas catro xoias, 236
chora-los sete chorares, 153
chove-los sete choveres, 153, 156
Da auga mansa líbreme Deus, que da auga brava librareime eu, 342
dá igual, 254
dálle que dálle, 154
dálle un pasmo, 126
dálle-dálle, 106
dar no branco, 150
dar paso libre a algo, 90
dar vía libre, 56
darlle ó badal, 90
darlle ó chocallo, 90
de crequenas, 136
de demo, 234
de día, 311
de garda, 133
de gatas, 136
de ningunha maneira, 191, 236, 261
de ti (tratar), 100
de vez, 125-127
de vostede (tratar), 100
debaixo do ollo, 184
deitar leite e mel, 303
¡Demo!, 224, 277
demo de, 234
dereito coma un pao, 87
¡Deus cho críe para boa fada!, 282
¡Deus nos libre!, 193
¡Deus nos libre de que...!, 191
¡Deus queira que...!, 193
día de san Nunca á tarde, 292

doulle a vea a alguén, 184
dunha vez era, 287 -290
dunha vez eran, 286-291; 325; 329
é o demo, 259
en balde, 135-136
en crequenas, 144; 146
en ditos e contos, 314
en garda, 132-133
en rolda, 133
en seguida, 187
en terras de lonxe /en longas terras, 286
en van, 131, 135-136
en voz alta, 68, 73, 75, 77
enganar coma un parvo, 178
enganar como un parvo, 178
entre o ceo e a terra, 49
entre xecas e marecas, 314
entre xecas e monecas, 314
erguerse co pé esquerdo, 204
espera que espera (estar), 154
está atoleirado, 103
está encamado, 156
está levado do demo, 253
estar á espreita, 132, 134
estar a gusto, 183
estar alerta, 133, 180
estar coma Deus, 191
estar de mal humor, 204
estar de mala uva, 204
estar de pé atrás, 133,180
estar debaixo do ollo, 184
estar en garda, 132-133
estar na verza, 134
estar ó axexo, 131-134
face-lo parvo, 79
facer algo en balde, 135
facerlle a vida imposible a alguén, 153
facerlle mal a alguén, 51
fala-los sete falares, 153
falar de máis, 90
fame negra, 48
fan boa masa, 31
ferver sete ferveres, 153
forte coma un buxo, 93
forte coma un carballo, 285
Fulano ten unha letra levada do demo, 253
fuxir a catro pés, 139
fuxir coma un foguete, 139
gardar como a menina dos ollos, 120
¡Gárdate da auga mansa que non corre!, 342
gastar un río de ouro, 300
Gracias a Deus, 190
Iavé deu, Iavé quitou, 193
impórtame un chivo, 336
ir polo seu camiño, 124
ir un ó seu (avío), 125
ládralle a un a roupa, 48
ladran os pes co frío, 48
ladrarlle a un o estómago, 48
leite callado, 159-160
letra por letra, 92, 149
leva a un o demo, 253
leva o demo, 253
levar ás costas, 142
levar ó lombo, 140-142, 146
lúa de mel, 93
lúas na testa, 106
mandar ó demo, 224
maquina-los sete maquinares, 153
marchar ben, 205
mata-la fame, 42, 47
mata-lo bicho, 44-46
mata-lo verme, 43-44, 46
matar de fame, 41, 47
meniña do ollo, 119-120
mentres tanto, 90
¡Meu Deus!, 196
mexafontes, 106
miraproceo, 106
molla-la boca, 50
molla-la gorxa, 50
molla-la lingua, 50
molla-la palabra, 50
molla-la palleta, 50
montar en cólera, 220-221
montes e moreas, 39, 88, 300, 303-304, 325, 329

morde-lo anzol, 172
na casa do demo (máis vello), 249, 286
nacer co pan debaixo do brazo, 95
nacer con sorte, 96
**nacer de pé*, 54, 82, 94
nacer vestido e cinguido, 95
nas quimbambas, 286
nin a sol nin a sombra, 315
nin arre nin xo, 278
nin carne nin peixe, 315
nin chus nin bus, 314
nin fu nin fa, 314
nin mata nin tolle, 314
nin mel nin fel, 315
nin monte nin xebra, 315
nin torta nin cega, 314
nin tus nin mus, 314
no aire e no vento, 314
no quinto inferno, 286
non estar a gusto, 181-184
non te metas en camisas de once varas, 183
non vale unha cadela, 87
non vale un can, 87
non vale un pataco, 87
non valer dous cartos, 87
non valer dúas motas, 87
non valer un chavo, 87
nos tempos de Matusalén, 94
nun chiscar de ollos, 118
nun pestañexo dos ollos, 118
o ano en que Xesucristo volva ó mundo, 292
ó axexo, 134
ó cabalete, 136, 139
o demo de, 234
o demo e a nai, 39, 88, 234, 300, 325
o demo o sabe, 251
o día do Xuízo Final pola tarde (que pola mañá non dá tempo), 292
ó lombo, 139-143
o que faltaba, 257
O que non fuma nin bebe viño o demo o leva por outro camiño, 252
O traballo do domingo o demo o leva por outro camiño, 252
o trinta de febreiro, 292
¡Ola!, 327-328
Ollo por ollo, dente por dente, 117
onde Cristo /demo deu as tres voces, 286
onde Cristo nunca puxo os pés, 286
para a semana dos dous xoves, 292
para a semana dos nove días, 292
para alá do sol posto, 286
¡para que!, 244-245
parece levado do demo, 253
pasamontes, 106
patas arriba, 93
perde-los estribos, 182
pilla-pilla, 106
poñe-la orella, 49
poñer fóra de si, 56, 258
poñer ó lombo, 144
poñerlle un croio (a un asunto), 56, 59-67, 82
poñerlle un croio ós papeis, 12
poñerse en crequenas, 144
poñerse rubio coma un tomate, 304
Por Deus, 191
por todas partes, 122
porfia-los sete porfiares, 153
porlle unha vela a Deus e outra ó demo, 236
porlle unha vela a san Miguel e outra ó demo, 236
porta con porta, 149
Praza vermella, 306
prende-lo lume, 224
preparar un lío de mil demos, 234
punto por punto, 151
Que Deus te axude, 191
¡Que Deus vos axude!, 320
¡Que Deus vos bendiga!, 320
¡Que te leve o demo!, 209, 234
quita-la fame, 43, 47
raios e centellas, 314
ras con ras, 147-148
reducir (se) a cinzas, 129
revolve-los sete revolveres, 153

roldamontes, 106
roxiño coma un ouro, 304
rozamontes, 106
sabe Deus, 191, 250-251
sabe o demo, 251
saltamontes, 106
san coma un buxo, 285
¡Saúde!, 285, 325-329
sen pena nin gloria, 315
sentar (a alguén) ó lombo, 142
sentar ó lombo, 146
son tal para cal, 31
sua-los sete suares, 153
tanto ten, 336
ter montes e moreas, 304
ter trato con alguén, 33, 324
terlle lei a alguén, 32
terra de promisión, 91
tirar pedras ó faiado de alguén, 51
tirosliros, 106
titiritís, 106
todo o día, 311
toma-la parva, 42-44
tomarlle o pelo a alguén, 85, 290
tornamoscas, 106
torres altas, 106
trae-lo sombreiro baixo, 102
traer / poñer o sombreiro á teima, 102
traer / poñer o sombreiro de (medio) lado, 102
traer / poñer o sombreiro ó lado, 102
traer / poñer o sombreiro ó torto, 102
traer /poñer o sombreiro de banda, 102
traer debaixo do ollo a alguén, 175
trizamontes, 106
¡Tróuxoo/a o demo!, 254
tus-tus-tus, 106
tuturulús, 106
un demo de, 234-235
un día que amañeza despacio, 292
un pozo de sabedoría, 91
unha chea de, 234-235
Vaite ó demo, 91
¡Vállanche dous mil demos!, 206
varrecamiños, 106
virlle algo a alguén polo río abaixo, 300
vivir en harmonía, 340
volver a seu unha cousa, 125
volver en si, 124
xurar coma un carreteiro, 269-270, 272
xurar polos mesmos fundamentos do mundo, 273

H ú n g a r o

Bubokban született, 95

I n g l é s

Ahoy!, 328
All hands ahoy!, 328
between heaven and earth, 49
eat a peck of salt with smb, 50
get out of bed with left leg, 204
neither fish nor flesh, 49
Once upon a time (there lived)..., 290
prick up one's ears, 49
red cock, 224
Ship ahoy!, 328
speak to the wind, 50
Still waters have deep bottoms, 342
The Red Square, 306
to be born with a silver spoon in a mouth, 96
to be on the watch, 133
to take the bull by the horns, 10, 39
wet one's whistle, 50

I t a l i a n o

come cani e gatti, 50
dolce vita, 346
mangiare un moggio di sale insieme, 50
né carne né pesce, 49
né in cielo né in terra, 49
prendere il toro per la corna, 39
prendere il toro per le corna, 10
rinfrescar il gorgazzule, 51
tendere l'orecchio, 50

L a t í n

ab ovo, 25-28; 31
ab ovo Ledae incipere, 27
ab ovo usque ad mala, 25
dies Lunae, 227
dies Martis, 227
dies Saturni, 227
Flumina...lactis/ nectaris, 304
Jovis dies, 225
Latrans stomachus, 48

L e t ó n

čumēt čum, 158
ielaist jumtā sarkano gaili, 224
Mudžēt mudž, 158
ņudzēt ņudz, 158
Pasaka par balto vistiņu, 333

L i t u a n o

raudónas gaidȳs patupdyti, 224

M o l d a v o

повестя ку кукошул рошу, 333

M o n g o l

ecĕge-in degel-tü töre, 95

P o r t u g u é s

matar o bicho, 46

R o m a n é s

Povestea cu cocoșul roșu, 333

S u e c o

fukta strupen, 51
Prata i vädret, 50
som hund och katt, 50
spetsa öronen, 49

BIBLIOGRAFÍA

Ленин В. И. Полное собрание сочинений. 5-е изд. Т. 1-55. М., 1958-1965.

Маркс К., Энгельс Ф. Сочинения. 2-е изд. Т. 1-46. М., 1954-1969.

Адрианова-Перетц 1974 - Адрианова-Перетц В. П. Древнерусская литература и фольклор. Л., 1974. 171 с.

Аксамітаў 1978 - Аксамітаў А. С. Беларуская фразеалогія. Мінск, 1978. 223 с.

Альп - Альперин А. И. Почему мы так говорим. Барнаул, 1956. 42 с.

Аничков 1914 - Аничков Е. В. Язычество и древняя Русь. Спб., 1914. 390 с.

АОС I - Архангельский областной словарь, вып. I/ Под ред. О. Г. Гецовой М., 1980. 168 с.

Аф. - Афанасьев А. Н. Народные русские сказки. Т. I-III. М., 1957. Т. I - 515 с.; т. II ‘ 510 с.; т. III ‘ 572 с.

Аш. - Ашукин Н. С. Ашукина Г. А. Крылатые слова. 3-е изд. М., 1966. 824 с.

Бабкин 1964 - Бабкин А. М. Лексикографическая разработка русской фразеологии. М.; Л., 1964. 76 с.

Бабкин 1970 - Бабкин А. М. Русская фразеология, ее развитие и источники. Л., 1970. 263 с.

Балли 1961 - Балли Ш. Французская стилистика. М., 1961. 262 с.

Бал. Сок. - Балясников А. В., Соколова О. И. Материалы к словарю диалектной фразеологии деревни Горки Варнавинского района Горьковской области. - В кн.: Вопросы фразеологии, вып. VIII. Самарканд, 1975, с. 21-57.

БАС - Словарь современного русского литературного языка. Т. 1-17. М.; Л., 1948-1965.

Бахтин 1982 - Сказки, песни, частушки, присловья Ленинградской области, записанные Владимиром Бахтиным. Л., 1982. 528 с.

БГ - Български етмологичен речник. Т. I. София, 1971. 680 с.; т.II. София, 1979. 740 с.

Бир. - Бирюков С. П. Крылатые слова на Урале / Собрал и составил В. П. Бирюков. Свердловск, 1960. 117 с.

Богатырев 1962 - Богатырев П.Г. Формула невозможного в славянском фольклоре. - В кн.: Славянский филологический сборник. Уфа, 1962, с. 347-363.

Богословская 1971 - Богословская О. И. К лингвистическим основаниям постоянства эпитета фольклора. - В кн.: Исследования по стилистике, вып. 3. Пермь, 1971, с. 93-98.

Бондалетов 1974 - Бондалетов В. Д. Условные языки русских ремесленников и торговцев. Рязань, 1974. 111 с.

Боровский 1982 - Боровский Я. Е. Мифологический мир древних киевлян. Киев, 1982. 104 с.

Брусинцова 1975 - Брусинцова Г. В. К изучению устойчивых словесных комплексов типа краткое прилагательное + существительное в русской фольклорной речи (на материале произведений различных жанров). - В кн.: Вопросы фразеологии, вып. IX. Самарканд, 1975, с., 229-236.

БС - Ботина Л. Г., Санжарова В. П. Материалы для диалектного фразеологического словаря (село Будки Курской обл.). - В кн.: Вопросы фразеологии, вып. VIII. Самарканд, 1975, с. 82-119.

Булаховский 1953 - Булаховский Л. А. Введение в языкознание, ч. II. М., 1953. 178 с.

Бусл. 1854 - Буслаев Ф. Русские половицы и поговорки. - В кн.: Архив историко-юридических сведений, относящихся до России, кн. 2. М., 1854, с. 1-176.

Буслаев 1858 - Буслаев Ф. Опыт исторической грамматики русского языка: Учебное пособие для преподавателей. Ч. 2. Синтаксис. М., 1858. I-X + 428 с.

Былины 1957 - Былины. Л., 1957. 485 с.

Былины 1977 - Véxase: Слово о полку Игореве.

Варт. - Вартаньян Э. А. Из жизни слов. М., 1960. 240 с.

Васильев 1970 - Васильев Хр. Към славянската фразеология: от птиче мляко. - Български език, 1970, № 4, с. 348.

Верещагин, Костомаров 1980 - Верещагин Е.М., Костомаров В.Г. Лингвострановедческая теория слова. М., 1980, 320 с.

Верещагин, Костомаров 1981 - Верещагин Е.М., Костомаров В. Г. Русский язык как феномен национальной культуры. - В кн.: Русский язык: Предмет изучения и средство воспитания. Киев; Лейпциг, 1981, с. 37-50.

Верещагин, Костомаров 1982 - Верещагин Е.М., Костомаров В. Г. Национально-культурная семантика русских фразеологизмов. - В кн.: Словари и лингвострановедение. М., 1982, с. 89-98.

Виноградов 1938 - Виноградов В. В. Очерки по истории русского литературного языка XVII-XVIII вв. М., 1938. 448 с.

Виноградов 1940 - Виноградов В. В. Из истории русских слов и выражений. - Русский язык в школе, 1940, № 2, с. 31-37.

Виноградов 1948 - Виноградов В. В. Из истории русской литературной лексики. - Учен. зап. Москов. пед. ин-та, 1948, и. 56, вып. 2, с. 3-18.

Виноградов 1954 - Виноградов В. В. Из истории русской лексики и фразеологии. - Доклады и сообщения Ин-та языкознания АН СССР, 1954, № 6, с. 3-22.

Виноградов 1959 - Виноградов В. В. Состояние и перспективы развития советского славяноведения. - Вопросы языкознания, 1959, № 6, с. 3-17.

Виноградов 1971 - Виноградов В. В. Историко-этимологические заметки. V. - В кн.: Этимология 1968. М., 1971, с. 164-167.

Волков 1974 - Волков С. С. Фразеологизм “дай (ми) свет видеть” в новгородской берестяной грамоте XIV в. - В кн.: Вопросы исторической лексикологии и лексикографии восточнославянских языков. М., 1974, ч. 277 - 284.

Гвоздарев 1982 - Гвоздарев Ю. А. Пусть связь речений далека... Очерки по русской фразеологии. Ростов-на-Дону, 1982. 206 с.

ГГ - Гълъбова Ж. Н., Гълъбов К. Немско-български фразеологичен речник. София, 1958. 932 с.

Горький 1937 - Горький М. О литературе. М., 1937 482 с.

Горяев - Горяев Н. В. Сравнительный этимологический словарь русского языка. Тифлис, 1896. 451 с. + LII с.

Гр. - Грінченко Б. Д. Словарь української мови. Т. I-IV. Київ, 1909.

Гужанов 1978 - Гужанов С. И. Порядок слов в адъективно-субстантивных фраземах современного русского литературного языка Канд. дис. Ростов-на-Дону. 1979. 187 с.

Гусейнов 1974 - Гусейнов Ф. Г. Изменения в структуре фразеологических единиц. - В кн.: Учен. зап. Азербайджан. пед. ин-та русского языка и литературы им. М. Ф. Ахундова, 1974. Сер. XII, № 3, с. 3-8.

Гусейнов 1977 - Гусейнов Ф. Г. Русская фразеология. Баку, 1977. 119 с.

Гюлумянц 1978 - Гюлумянц К. М. Фольклорные элементы во фразеологии современных славянских языков. Миснк, 1978. 27 с.

Даль - Даль В. И. Толковый словарь живого великорусского языка. Т. I-IV. М., 1955.

Добр. - Добровольский В. Н. Смоленский этнографический сборник: Пословицы, ч. 3. СПб., 1894. 168 с.

Добродомов 1980 - Добродомов И. Г. К историческому изучению русских цветовых прилагательных (проблемы источников и методики). - В кн.: Проблемы теории и методики языка. Ярославль, 1980, с. 3-12.

Добролюбов 1961 - Добролюбов Н. А. О поэтических особенностях великорусской народной поэзии в выражениях и оборотах. - Собр. соч., т. I. М.; Л., 1961, с. 81-84.

Дорожкин 1983 - Дорожкин Н. Див. - Техника - молодежи, 1983, № 3, с. 58-59.

ДП - Даль В. И. Пословицы русского народа. М., 1957. 992 с.

ДС - Словарь современного русского народного говора (д. Деулино Рязанского района Рязанской области) / Под ред. И. А. Оссовецкого. М., 1969. 612 с.

Дубровин 1980 - Дубровин М. И., Коштял А. Русские фразеологизмы в картинках / Художник В. И. Тильман. М., 1980. 342 с.

Дьерке 1982 - Дьерке З. Особенности раскрытия струстурно-семанитических сходств и различий в составе русских и венгерских паремий при комментировании культурного фона русских пословиц и поговорок. - В кн.: V Международный конгресс преподавателей русского языка и литературы: Тезисы докл. и сообщ. Прага, 1982, с. 287.

Евгеньева 1951 - Евгеньева А. П. Сочетание “жили-были” в сказочном зачине. - В кн.: Памяти академика Льва Владимировича Щербы (1880 - 1944). Л., 1951, с. 165-174.

Евгеньева 1963 - Евгеньева А. П. Очерки русской устной поэзии в записях XVII - XX вв. М.; Л., 1963. 342 с.

Ермаков 1894 - Ермаков Н. Я. Пословицы русского народа. СПб., 1894. 42 с.

Жуков 1966 - Словарь руских пословиц и поговорок / Сост. В. П. Жуков. М., 1966.

535 с.
Журавлев 1982 - Журавлев А. Ф. Восточнославянская обрядовая скотоводческая лексика и фразеология в этнолингвистическом аспекте: Автореф. канд. дис. М., 1982. 24 с.
Захаров 1976 - Захаров Б. Ф. О слове *мога и некоторых диалектных фразеологизмах. - In Aktuelle Probleme der Phraseologie. Leipzig, 1976, S. 174-177.
Зечевић 1981 - Зечевић С. Митска бић српских преданьа. Београд, 1981. 226 с.
Зубов 1981 - Зубов Н. И. О теониме Мокошь. - В кн.: Этимологические исследования. Свердловск, 1981, с. 149-160.
Иванов, Топоров 1965 - Иванов В. В., Топоров В. Н. Славянские языковые моделирующие системы (древний период). М., 1965. 246 с.
Иванов, Топоров 1974 - Иванов В. В., Топоров В. Н. Исследования области славянских древностей. М., 1974. 342 с.
Иванов, Топоров 1982 - Иванов В. В., Топоров В. Н. Славянская мифология. - В кн.: Мифы народов мира: Энциклопедия / Гл. ред. С. А. Токарев. Т. II. М., 1982, с. 450-456.
Иванова 1966 - Иванова А. Ф. Фразеологизмы в московских говорах.- В кн.: Вопросы русской фразеологии. М., 1966, с. 345-352.
Ивашко 1975 - Ивашко Л. А. К вопросу об ареальном изучении фразеологии. - Вестн. Ленингр. ун-та, 1975, № 20, с. 110-115.
Ивашко 1981 - Ивашко Л.А. Очерки русской диалектной фразеологии. Л., 1981. 111 с.
Иллюстров 1910 - Иллюстров И. И. Жизнь русского народа в его пословицах и поговорках. СПб., 1910. 480 с.
Караджич 1898 - Караћић В. С. Српски рјечник истумаченнье мачкијем и латинскијем ријечима. Београд, 1896. 880 с.
Календарные обычаи 1978 - Календарные обычаи и обряды в странах зарубежной Европы: Осенние праздники. М., 1978. 295 с.
Кармен 1982 - Кармен Н. Лингвострановедческий план афористики и его использование в учебном процессе - В кн.: V Международный конгресс преподавателей русского языка и литературы: Тезисы докл. и сообщ. Прага, 1982, с. 290.
КБАС - Картотека БАС. Ин-т русского языка АН СССР, Ленинград.
КДРС - Картотека Древнерусского словаря. Ин-т русского языка АН СССР. Москва.
Кир. Нов. - Песни, собранные П. В. Киреевским. Нов. Сер., вып. I-II. М., 1911-1918.
ККС - Картотека словаря русских говоров Карелии. Ленинградский университет, кафедра русского языка.
Ковтун 1969 - Ковтун Л. С. К истории русской идиоматики (геркулесовы столпы, колосс родосский). - В кн.: Вопросы теории и истории языка: Сб. статей, посвящ. памяти Б. А. Ларина. Л., 1969, с. 179-188.
Ковтун 1976 - Ковтун Л. С. Древние словари как источник русской исторической лексикологии. Л., 1977. 111 с.
Колесов 1976 - Колесов В. В. История русского языка в рассказах. М., 1976. 176 с.

Колесов 1976 - Колесов В. В. История русского языка в рассказах. 2-е изд. М., 1976. 192 с.

Коломієць 1962 - Коломієць Л. І. Уваги до історичної фразеології н рукописній спадщині О. О. Потебні. - В кн.: О. О. Потебня і деякі питания сучастної сласістики. Харьків, 1962, с. 55-65.

Кондратьева 1983 - Кондратьева Т. Н. Метаморфозы собственного имени. Казань, 1983. 110 с.

Корнилов 1972 - Корнилов Г. Е. О некоторых топонимах на территории Украины и Поволжья, связанных в названием камня. - Советское финно-угроведение. 1972, № 1, с. 54-57.

Костючук 1975 - Костючук Л. Я. Роль лексического наполнения в создании значения устойчивых словосочетаний. - В кн.: Семантика языковых единиц. Л., 1975, с. 64-67.

Котков 1967 - Котков С. И. Сказки о русском слове. М., 1967. 88 с.

КПОС - Картотека ПОС. Ленинградский университет, Межкафедральный словарный кабинет им. проф. Б. А. Ларина.

КСА - Карманный словарь атеиста. 2-е изд. М., 1979. 279 с.

КСКНГ - Картотека Словаря кубанских народных говоров. Кубанский университет, филологический факультет, кафедра русского языка.

КСРНГ - Картотека СРНГ. Ин-т русского языка АН СССР, Ленинград.

КЭФ - Шанский Н. М., Зимин В. И., Филиппов А. В. Краткий этимологический словарь русской фразеологии. - Русский язык в школе, 1979, № 1, с. 44-51; № 2, с. 2-59; № 3, с. 67-77; № 4, с. 76-86; № 5, с. 84-94; № 6, с. 57-69; 1980, № 1, с. 67-77; № 2, с. 63-71.

КЭФ - Доп. - Шанский Н. М., Зимин В. И., Филиппов А. В. Краткий этимологический словарь русской фразеологии (Дополнение). - Русский язык в школе, 1981, № 4, с. 61-72.

Ларин 1940 - Ларин Б. А. Очерки по истории слов в русском языке: Вводная заметка. - Русский язык в школе, 1940, № 4, с. 19-20.

Ларин 1951 - Ларин Б. А. Из истории слов (*лютый зверь*, *семья*, *кавардак*). - В кн.: Памяти акад. Л. В. Щербы. Л., 1951, с. 190-200.

Ларин 1956 - Ларин Б. А. Очерки по фразеологии. - В кн.: Учен. зап. Ленингр. ун-та, 1956, № 198. Сер. филол. наук, вып. 24, с, 200-224.

Ларин 1959 - Ларин Б. А. Про народну фразеологію. - Українська мова в школі, 1959, № 5, с. 30-36.

Ларин 1975 - Ларин Б. А. Лекции по истории русского литературного языка (X - середина XVIII в.). М., 1975. 325 с.

Ларин 1977 - Ларин Б. А. История русского языка и общее языкознание: Избранные работы. М., 1977. 224 с.

Лихачев 1962 - Лихачев Д. С. “Воззни стрикусы” в “Слове о полку Игореве”. - Труды Отдела древнерусской литературы, т. XVIII. М.; Л., 1962, с. 585-588.

Лихачев 1978 - Лихачев Д. С. “Слово о полку Игореве” и культура его времени. Л., 1978. 359 с.

Лихачев 1981 - Лихачев Д. С. Заметки о русском; М., 1981. 72 с.

Лихачев 1982 - Заметки о земном устроении / Подготовка текста, перевод и

комментарий Г. М. Прохорова - В кн.: Памятники литературы Древней Руси: Вторая половина XV века / Сост. и общая ред. К. А. Дмитриева и Д. С. Лихачева. М., 1982, с. 201-205.

ЛФМ - Лексика и фразеология "Моления" Даниила Заточника. Л., 1981. 232 с.

Львов 1965 - Львов А. С. Из лексикологических наблюдений. - В кн.: Этимология 1965. М., 1967, с. 189-195.

Львов 1965 - Львов А. С. Об учете вспомогательных приемов при этимологизировании. - В кн.: Этимология 1967. М., 1969, с. 180-191.

Львов 1971 - Львов А. С. Старославянское *вь своѣ сі.* - В кн.: Проблемы истории и диалектологии славянских языков: Сб. статей к 70-летию чл.-кор. АН СССР В. И. Борковского. М., 1971, с. 181-188.

Львов 1975 - Львов А. С. Тюркизм ли старославянское *тьло*? - Этимология 1973. М., 1975, с. 61-64.

Люстрова, Скворцов 1972 - Люстрова З. Н., Скворцов Л. И. Мир родной речи. М., 1972. 156 с.

Ляцкий 1897 - Ляцкий Е. А. Несколько замечаний к вопросу о пословицах и поговорках. - Изв. Отд. русского языка и словесности Академии наук, т. 2, кн. 3. СПб., 1897, с. 746-782.

Майков 1869 - Майков Л. Великорусские заклинания. СПб., 1869. 164 с.

Макс. - Максимов С. В. Крылатые слова. М., 1955. 447 с.

Маслов 1975 - Маслов Ю. С. Введение в языкознание. М., 1975. 327 с.

Медведев 1977 - Медведев Ф. П. Українська фразеологія: Чому ми так говоримо. Харьків, 1977. 232 с.

Мих. 1912 - Михельсон М. И. Русская мысль и речь. Свое и чужое: Опыт русской фразеологии. СПб., 1912. 1046 с.

Мих. I, II - Михельсон М. И. Русская мысль и речь. Свое и чужое: Опыт русской фразеологии. Т. I. СПб., 1901. 778 с., т. II, СПб., 1902, 580 + 250 с.

Младленов - Младленов С. Етимологически и правописен речникъ на българския книжовенъ език. София, 1941. 704 с.

МНМ - Мифы народов мира: Энциклопедия / Гл. ред. С. А. Токарев. М., т. I, 1980, 671 с., т. II, 1982, 718 с.

Мокиенко 1980 - Мокиенко В. М. Славянская фразеология. М., 1980. 207 с.

Мокиенко 1982 - Мокиенко В. М. Русская фразеология в сопоставлении с чешской. - В кн.: Современное состояние и основные проблемы изучения и преподавания русского языка и литературы. М., 1982, с. 233-239.

Мокиенко 1982а - Мокиенко В. М. О тематико-идеографической классификации фразеологизмов. - В кн.: Словари и лингвострановедение. М., 1982, с. 108-121.

Мокиенко 1983 - Мокиенко В. М. За фразеологичната синонимия в българския език. - В кн.: България 1300: Статии и изследвания на ленинградските българисти. София, 1983, с. 290-309.

Мокшин 1976 - Мокшин Н. Ф. О теониму Мокошь, гидрониме и этнониме Мокша. - В кн.: Ономастика Повольжья, вып. 4. Саранск, 1976, с. 325-333.

Молотков 1970 - Молотков А. И. От фразеологизма к фразеологизму. - Русский язык за рубежом, 1970, № 3, с. 108.

Молочко 1974 - Молочко Г. А. Лексика и фразеология русского языка. Минск, 1974. с. 127.

Муравьев 1971 - Муравьев В. Б. Московские литературные предания и были. М., 1981. 351 с.

Мурзаев 1984 - Мурзаев Э. М. Словарь народных географических терминов. М., 1984. 653 с.

МФС - Прокошева К. Н. Материалы для фразеологического словаря говоров северного Прикамья. Пермь, 1972. 114 с.

Назарян 1968 - Назарян А. Г. Почему так говорят по-французски. М., 1968. 349 с.

Обуховский 1972 - Обуховский К. Психология влечений человека. М., 1972. 247 с.

Опыт 1852 - Опыт областного великорусского словаря. СПб., 1852.

Орел 1972 - Орел М. В. Диалектная фразеология среднеобских старожильческих говоров (материалы для словаря). - В кн.: Вопросы фразеологии, вып. VI. Самарканд. 1972. с. 205-260.

Оссовецкий 1957 - Оссовецкий И. А. Язык фольклора и диалект. - В кн.: Основные проблемы эпоса восточных славян. М., 1958, с. 172-190.

Островский 1969 - Островский В. Тьфу, тьфу, чтоб не сглазить! М., 1969. 126 с.

Откупщиков 1973 - Откупщиков Ю. В. О древнем названии хлеба в балтийском, славянском и германском. - Изв. АН Латвийской ССР, 1973, № 2 (307), с. 84-89.

Палевская 1980 - Палевская М. Ф. Материалы для фразеологического словаря русского языка XVIII века. Кишинев, 1980. 366 с.

Пахотина 1973 - Пахотина Н. К. Опыт исследования фразеологический деривации (на материале ошинских говоров Омской области): Автореф. канд. дис. М., 1973. 22 с.

Пилинский 1975 - Пилинский Н. Н. Проблемы нормализации современного украинского языка. Автореф. докт. дис. Киев, 1975. 80 с.

Burchardt, Wustmann, Schoppe - Borchardt W., Wustmann G., Schoppe G. Die sprichwörtlichen Redensarten em deutschen Volksmund, 7 Aufl. Leipzig, 1954.

Brückner 1918 – Brückner A. Mitologja słowianska. Kraków, 1918. 152 s.

Brückner 1924 – Brückner A. Mitologja polska: Studium porównawcze. Warszawa, 1924. 145 s.

Čel. – Čelakovský F. L. Mudroslovi národu slovenského ve příslovích. Praha, 1949. 922 s.

Flajšhans – Flajšhans V. Česká prísloví. T. I-II. Praha, 1911-1912.

Funk and Wagnall – Funk and Wagnall's standard dictionary of folklore, mytology and legend. Vol. 1-2. New-York, 1949-1950.

García 1943 – García M. J. Diccionario de refranes de la lengua epañola. Buenos Aires, 1943.

Georgiev 1972 – Georgiev V. Slavisches Wortschatz und Mytologie. – In: Anzeiger für Slavishe Philologie Bd VI. Wiesbaden, 1972, S. 20-26.

Gerhardt 1975 – Gerhardt D. “Volgelmilch” – Metapher oder Motiv? – In: Semantishe Hefte. II. Hamburg, 1975, S. 1-79.
Görner – Görner H. Redensarten: Kleine Idiomatik der deutschen Sprache. Leipzig, 1979. 262 S.
Grimm – Grimm J. und Grimm W. Deutsches Wörterbuch. Bd. I-XVI. Leipzig, 1854-1954.
Hannig 1978 – Hannig D. Nemecko-slovenský fraseologický slovník. Bratislava, 1978. 333 s.
Holub-Kopečný – Holub J., Kopečný F. Etymologicky slovník jazyka českého. Praha, 1953. 575 s.
Ilevski 1971 – Ilevski Hr. Balkan Slav. *свои си себе/? си* and Latin “suus sibi, se sibi”. – Ziva antika. Skoplje, 1971, g.21, br.2, p.370.
Kopečný 1973 - Kopečný Fr. Etimologický slovník slovanských jazyků. Sv. I. Praha, 1973. 344 s.
Kopečný 1981 - Kopečný Fr. Základní všeslovanská slovní zásoba. Praha, 1981.481 s.
Krzyżanowski 1975 – Krzyżanowski J. Mądrej głowie dość dwie słowie. T. I-III. Warszawa, 1975.
Küpper – Küpper H. Wörterbuch der deutschen Umgangsspreche. Bd. I-III. 3-te Aufl. Hamburg, 1963-1964.
Kurzowa 1973 – Kurzowa Z. Podhalańskie na kirkak nieść, na kikrki wziąć. Język polski, 1973, N 5, s. 369-371.
Machek 1971 – Machek V. Etymologický slovník jazyka českého a slovenckého. Praha, 1971. 866 s.
Pachalery 1897 – Pachalery A. Dictionnaire phraséologique de la langue francaise. Odessa, 1897. 176p.
Pietraszek 1975 – Pietraszek E. Na kirki nie tylko podhalańskie. – Język polski, 1975, N 1, s. 47-48.
Pospiszyłowa 1975 – Pospiszyłowa A. Na kirkak – na kierkusach. – Ibid., s. 48.
Seiler 1922 – Seiler F. Deutsche Sprichwörterkunde. München, 1922. 449 S.
Skok – Skok P. Etimologijski rječnik hrvatskoga ili srpskoga jezika. Kn. I-II. Zagreb, 1971-1973.
Sławski – Sławski Fr. Słownik etymologiczny języka polskiego. T. I-V. Kraków, 1952-1980.
Sl. Strčs. – Slovník staročeský. Jan Gebauer. Díl. I. Praha, 1970. 674 s.
Stipuła – Stipuła R. Słownik przysłów rosyjsko-polski i polsko-rosyjski. Warszawa, 1977. 554 s.
Sychta B. – Sychta B. Słownik gwar kaszubskich. I-V. Wrocław; Warszawa; Kraków; Gdańsk, 1972. 455 s.
Z. – Zaorálek J. Lidová rčeni. Vyd. 2-é. Praha, 1963. 779 s.

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

1. Bases de datos en liña (accesibles en http://www.cirp.es)

BILEGA: Bibliografía informatizada da lingua galega
MedDB: Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa

2. Publicacións

Tipo	Título	Número de publicación
Lingüística	Euromosaïc. Producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE (edición en lingua galega)	22
	Repertorio bibliográfico da lingüística galega	11
Fraseoloxía	Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía	30
	Refraneiro galego da vaca	6
	As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía	50
	Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas	51
	Cadernos de fraseoloxía galega 1. O mar na fala da Mariña luguesa	52
	Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego de Xesús Taboada Chivite	53
Terminoloxía	Formulario notarial (TERMIGAL da Real Academia Galega) (tamén en disquete)	39
	Regulamentos municipais I (TERMIGAL da Real Academia Galega) (tamén en disquete)	40
Literatura	Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa	38
	Cantigas do mar de Vigo	34
	Diccionario de termos literarios	37
	Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani	4
	Informe de literatura 1995	14
	Informe de literatura 1996	25
	Informe de literatura 1997 (tamén en CD-ROM, contendo este e os dous informes anteriores)	36
	Informe de literatura 1998 (tamén CD-ROM, contendo este e mailos tres informes anteriores)	46
	Lírica profana galego-portuguesa	19
	Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico	18
	Terra, mar e lume	15
Facsímiles	A gaita gallega (A Habana 1885-1889)	49
	Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 - Vigo 1956)	8
	Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol 1952-1960)	2
	Cristal (Pontevedra 1932-1933)	29
	Cultura Gallega (A Habana 1936-1940). (Edición dos anos 1936-1937)	43
	Galiza. (Mondoñedo 1930-1933)	41
	Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela 1945-1946)	12
	La Alborada (A Habana 1912)	42
	La Noche. *Suplemento del Sábado* (Santiago de Compostela 1949-1950)	20
	La Tierra Gallega (A Habana 1915)	42
	Plumas e Letras en *La Noche* (1946-1949)	13

	Posío (Ourense 1945-1946)	9
	Posío, Arte y Letras (Ourense 1951-1954)	17
	Resol (Galicia 1932-1936)	28
Narrativa e poesía recuperada	A cruz do salgueiro de Xesús Rodríguez López	23
	Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos de Manuel Lois Vázquez	26
	Baixo do alpendre e outros relatos de M. P. Amor Meilán	27
	Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer	33
	Paja brava de El Viejo Pancho	31
	Salayos e outros poemas de Manuel Núñez González	35
Filosofía e Ensaio	A filosofía krausista en Galicia	3
	Castelao humorista	16
	Ética xeral	47
	Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao	44
	Hamlet e a realidade cunqueirana	10
	Historia do pensamento antropolóxico de Galicia	48
	O Padre Feixoo, escolástico	7
	O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André. Do europeísmo ó galeguismo	21
	Suma da lóxica	45
Varia		
Biografía	Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos.	1
	Ramón Piñeiro (video-libro)	24
Cine	Filmografía galega. Longametraxes de ficción	32
Outros	Guía de alimentación	5

ISBN 84-453-2738-0

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística